

serie informes anuais/20

A Economía Galega

Informe 2005



A Economía Galega

Informe 2005

Este informe realizouse coa colaboración do Instituto
Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia
(IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela

Fundación Caixa Galicia, 2006

Deseño gráfico: uqui IIIII cebra
Xestión editorial: Mazaira Grafismo, S.L.
Imprime: Valladares, S.L.

ISBN: 84-96494-66-7
Depósito legal: C-1635-2006

Equipo realizador

Dirección

Alberto Meixide Vecino

CIEF. Fundación Caixa Galicia ■ Universidade de Santiago

Membros

Juan J. Ares Fernández ■ Universidade de Santiago/IDEGA

Roberto Bande Ramudo ■ Universidade de Santiago

Ángel Calvo Santos ■ Universidade de Vigo

Cristina Calvo Santos ■ Universidade de Vigo

Manuel Fernández Grela ■ Universidade de Santiago/IDEGA

Uxío Labarta Fernández ■ CSIC. Instituto de Investigacións Mariñas

Xan López Facal ■ Economista

Dolores Martínez Martínez ■ CIEF. Fundación Caixa Galicia

Fidel Martínez Roget ■ Universidade de Santiago

Carlos Nárdiz Ortiz ■ Universidade da Coruña

Luis Otero González ■ Universidade de Santiago

Xulio X. Pardellas de Blas ■ Universidade de Vigo

Marcos I. Pérez Pérez ■ Universidade de Vigo

Miguel Pousa Hernández ■ Universidade de Santiago/IDEGA

Francisco Sineiro García ■ Universidade de Santiago/IDEGA

Miguel Anxo Vázquez Taín ■ Universidade de Santiago

Manuel Vilas Fernández ■ Universidade de Santiago

Colaboradores

Manuel López Sande

Versión galega

Boquela Traductores



Índice

13	<i>Presentación</i>
15	Introdución
33	I. Mercado de traballo
35	Introdución
35	Evolución do mercado de traballo galego durante 2005
40	Actividade
42	Ocupación
51	Desemprego
54	Salarios, prezos e custos laborais
57	II. Agricultura
59	Algúns acontecementos relevantes en 2005
63	As tendencias a medio prazo do sector: produción agraria e complexo agroalimentario
74	A conxuntura do sector en 2005: unha visión global
77	Produción
83	Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
86	Poboación ocupada
89	Consumos intermedios
93	Capital produtivo
106	Prezos da terra

111	III. Pesca, acuicultura e marisqueo
113	III.1. Pesca
113	Introdución
115	Frota e produción pesqueira
121	Xestión e conxuntura das pesqueiras de interese para a frota galega
126	Frota de grande altura
130	Frota de altura
132	Frota do caladoiro nacional
135	III.2. Acuicultura
136	Dous feitos relevantes en 2005
141	Situación actual e tendencias na produción de peixes
144	O mexillón e os moluscos. Produción e crise
149	III.3. Marisqueo
149	A campaña marisqueira do ano 2004. Normativa
150	Resultados da actividade
159	IV. Industria
161	IV.1. A industria galega
161	O comportamento da industria galega en 2004 e 2005
182	Crónica sectorial
224	O investimento estranxeiro declarado no <i>Rexistro de Investimentos</i> en Galicia
232	O investimento galego no exterior declarado no <i>Rexistro de Investimentos</i>
241	IV.2. A política industrial
241	A política rexional comunitaria en 2005
248	A política rexional comunitaria a partir de 2007 e a súa incidencia en Galicia
250	A política da Administración central aplicada en Galicia
260	A política industrial da Administración autonómica

279	V. Construción
281	Introdución
286	Vivenda
298	Demanda pública de obras
303	VI. Servizos
305	Os servizos en Galicia en 2005
308	Mercado de traballo no sector servizos
310	O turismo
318	Os transportes
323	O comercio
333	VII. Sector financeiro
335	O contexto exterior do sector bancario galego en 2005
338	A evolución do sector bancario galego en 2005
344	O comportamento dos grupos bancarios galegos no ano 2005
347	Os intermediarios financeiros non-bancarios
363	VIII. Sector público
365	Introdución
365	O sector público autonómico galego
394	O sector público local galego
407	O sector público estatal en Galicia
409	IX. Infraestruturas
411	Introdución
413	Os novos escenarios económicos da planificación das infraestruturas
416	As novas esixencias funcionais, territoriais e sociais
418	Os investimentos en infraestruturas de transporte en Galicia
437	Os investimentos en infraestruturas hidráulicas e ambientais en Galicia

Presentación

En 1986 Caixa Galicia publicaba *A Economía Galega. Informe Cero*, o primeiro dos informes anuais que integran a serie da que hoxe celebramos o seu vixésimo aniversario. Poñíase en marcha naquel momento unha iniciativa que foi pioneira no ámbito dos estudos que se realizaban en España sobre a economía das comunidades autónomas. Para a súa realización contamos coa colaboración inestimábel dun amplo grupo de investigadores das tres universidades galegas e doutros profesionais da economía que, verbo deste proxecto, iniciaron unha frutífera relación coa nosa Fundación.

Cando asumimos este reto, eramos plenamente conscientes de que o interese e o valor dunha publicación destas características, ademais do rigor dos seus contidos e a independencia de criterio, radicaba na súa continuidade no tempo. Con estas premisas, acudimos puntualmente á cita anual coa sociedade galega para ofrecerlle unha análise polo miúdo do comportamento da nosa economía e dos seus sectores básicos.

As dúas décadas transcorridas foron moi intensas, con fortes transformacións económicas, políticas e sociais que permitiron elevar de forma considerábel o nivel de benestar dos cidadáns. Este período ábrese coa incorporación de España ao que entón se denominaba Comunidade Europea, un feito decisivo que imprimiu un gran pulo de cambio, tanto no ámbito macroeconómico coma no da mellora do funcionamento das nosas empresas e dos nosos mercados. Aínda que o proceso de adhesión impuxo custos, asociados en boa medida á reestruturación dalgúns sectores básicos, durante estes anos fomos capaces de construír unha economía máis aberta e competitiva. Neste contexto, as políticas estruturais e de cohesión xogaron un papel decisivo e contribuíron, entre outras cousas, a vertebrar territorialmente España con importantes investimentos en infraestruturas.

Pero, sen lugar a dúbidas, o principal activo que conseguimos nos vinte anos que levamos nas institucións europeas é a estabilidade económica, que nos permitiu pechar unha etapa da nosa historia caracterizada por sucesivas desvalorizacións da peseta, fortes tensións inflacionistas e elevados tipos de xuro. Os beneficios que se derivaron para a nosa economía foron múltiples e víronse reflectidos nun notábel proceso de converxencia da nosa renda per capita coa media comunitaria.

Aínda que partía dunha situación lastrada por importantes déficits estruturais, a economía galega participou plenamente do proceso que acabamos de describir. Se cadra o mellor expoñente das transformacións experimentadas foi o cambio sufrido pola súa estrutura produtiva. En 1986, unha porcentaxe moi elevada dos galegos (43%) traballaba no sector primario; vinte anos despois, soamente o fai o 10%. Daquela, elimináronse nestas dúas décadas algo máis de 300.000 empregos na agricul-

tura e na pesca. En contraposición, os restantes sectores gañaron peso, especialmente o de servizos que duplicou o número de ocupados ata acadar o 61% do emprego total. Estes e outros cambios acontecidos ao longo dos anos homologaron paulatinamente a nosa estrutura produtiva coa española dando lugar a unha crecente sincronía cíclica entre as dúas economías. Neste escenario, aínda que se avanzou de maneira notábel no proceso de converxencia rexional, tanto a nivel do Estado coma da Unión Europea, aínda nos queda camiño por percorrer no futuro inmediato.

Este sucinto balance do acontecer económico e dos logros acadados nas dúas últimas décadas non está exento de problemas e de desafíos. A nosa economía está atravesando un dos seus ciclos expansivos máis prolongados pero necesitará, se queremos manter un crecemento elevado nos próximos anos, dunha mellora substancial da súa produtividade. Este reto deberá acometerse nun contexto caracterizado por unha crecente globalización dos mercados e unha intensificación da competencia, e no mesmo deberemos abordar de forma simultánea outros desafíos como o avellentamento da poboación, a xestión dos fluxos migratorios, as esixencias ambientais ou os cambios asociados á sociedade da información.

Se este *Informe* nacia nun momento apaixonante da nosa historia, non menos estimulantes serán os anos vindeiros. Coa mesma ilusión e co mesmo rigor con que abordamos a análise da economía galega ao longo destas dúas décadas agardamos seguirilles ofrecendo aos nosos lectores esta obra, froito dun traballo colectivo realizado por un grupo de estudosos que, coa súa valiosa colaboración e coa súa complicidade, fixeron posíbel este proxecto. A todos eles desexo manifestarlles, no nome da Fundación Caixa Galicia, o noso agradecemento e o noso recoñecemento máis sinceros.

José Luis Méndez López
Director xeral de Caixa Galicia



Introducción

En 2005, a economía mundial moderou o seu ritmo de crecemento con respecto aos niveis acadados o ano anterior. Contra o que puidese pensarse a primeira vista, non foi o forte aumento dos prezos dos combustíbeis a causa da ralentización, ou, polo menos, a causa principal. En realidade, o proceso xa comezou a percibirse a partir do segundo trimestre de 2004. É máis, en certos ámbitos, no segundo semestre de 2005 notouse unha certa melloría nos datos macroeconómicos con relación á primeira parte do ano.

Se collemos as cifras da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE), que agrupa a 30 dos países máis industrializados do mundo, observamos que a actividade económica pasou dun crecemento do 3,3% en 2004 a 2,8% en 2005. Esta traxectoria percibiuse nas principais economías do planeta. Houbo unha baixada de 4 décimas no conxunto dos países da zona euro e de 7 décimas na potencia norteamericana. Tan só Xapón se separou desta evolución e, por cuarto ano consecutivo, manteivo a solidez da súa recuperación, incrementando a súa taxa de variación do Produto Interior Bruto (PIB) ata situalo nun 2,7%, unha boa noticia para a economía nipona tras os longos anos de case estancamento.

Se complementamos esta visión xeral cun exame máis polo miúdo das cifras que proporciona o Fondo Monetario Internacional (FMI), confirmamos o anteriormente comentado. Segundo as estimacións publicadas na primavera de 2006, o conxunto da economía mundial reduciu a súa taxa de variación real do PIB do 5,3 ao 4,8%, nos dous anos pasados. E foron as economías avanzadas as que sufriron con máis intensidade esta moderación no seu crecemento, ao baixaren do 3,3 a 2,7%, mentres as economías emerxentes de mercado e os países subdesenvolvidos amosaban un crecemento máis elevado pero co mesmo proceso de redución. Así pasan dun 7,6 a un 7,2%.

Como información adicional, convén subliñar que as dúas novas potencias emerxentes, China e India, amosaron unha traxectoria envexábel. Deste xeito, móvense en taxas de crecemento elevadas, practicamente semellantes ás do ano anterior, dun 9,9% e dun 8,3%, respectivamente. Coa precaución que esixe comparar magnitudes non totalmente homoxéneas, todo parece indicar que China, que acabou o ano 2004 convertida na sexta potencia económica do mundo, acadou o pasado ano o cuarto posto desa clasificación, sen esquecer por outro lado certos problemas no seu modelo de crecemento.


Neste contexto internacional, a economía española comportouse de forma satisfactoria no apartado xeral da evolución económica. O incremento do PIB foi superior en 2 puntos ao da media dos países da zona euro, 6 décimas por enriba da media da OCDE e case o mesmo có dos Estados Unidos. E iso a pesar da maior vulnerabilidade da nosa economía ás incidencias negativas do ámbito internacional. Se botamos unha ollada a un horizonte temporal máis dilatado, para non caer excesivamente na tiranía do curto prazo, e calculamos o crecemento medio dos cinco primeiros anos desta década, confirmamos a afirmación. A taxa media anual de España nese período superou o 3%, cifra que non foi acadada nin pola OCDE (2,2%), nin pola Unión Económica e Monetaria (1,7%), nin polos Estados Unidos (2,6%). E, se facemos a comparación con países do noso medio xeográfico, tamén superamos a Alemaña (0,7%), Francia (1,5%) e Gran Bretaña (2,3%).

Iso non significa unha traxectoria totalmente positiva da nosa economía, pois unha serie de sombras, en forma de importantes desequilibrios (inflación, déficit exterior, modelo de crecemento), perturban estas conclusións.

Se volvemos a 2005, temos que destacar o importante aumento do prezo do petróleo e, xa que logo, do conxunto dos combustíbeis, tras a escalada rexistrada en 2004, que introduciu unha fonda perturbación no favorábel transcorrer da economía internacional. Ademais, no espazo económico que máis directamente nos afecta, a diferenza do sucedido en 2004, as subidas do prezo do cru non foron compensadas, ou polo menos paliadas, pola apreciación do euro en relación co dólar (non esquezamos que o prezo do petróleo se fixa en dólares), empeorando as expectativas sobre a evo-

Gráfico 1.

PIB. Taxa media anual 2000-2005 (en %)



lución futura da economía internacional. De feito, no transcurso de 2005 o euro depreciouse un 13,39% con relación a moeda norteamericana.

Neste contexto, a economía galega tivo un comportamento razoabelmente satisfactorio. Precisamente, en abril do presente ano, o Instituto Galego de Estatística (IGE) publicou a nova Contabilidade Trimestral e adaptouse aos cambios introducidos previamente na equivalente española do Instituto Nacional de Estatística. Iso levou consigo unha modificación dos datos anteriormente publicados, mais permitiu unha mellora na comparabilidade entre os dous tipos de cifras que se perdera no *Informe 2004*.


O PIB galego medrou unha décima menos có correspondente ao conxunto de España, pero esta aparente igualdade encobre diferenzas bastante significativas. Por unha banda, iso significou que a actividade económica galega se ralentizou unha décima con respecto a 2004 mentres que a española se acelerou 3 décimas no mesmo período. Por outra banda, o crecemento español apoiouse máis có galego no consumo e no investimento, que aumentaron 1,1 e 1,2 puntos por enriba, respectivamente, das taxas da nosa Comunidade, o que, loxicamente, foi en parte contrarrestado polo peor comportamento do sector exterior, que influíu máis negativamente en España ca en Galicia.

Tamén convén salientar que tanto o consumo coma a formación de capital melloraron en Galicia os incrementos de 2004, en tanto que no conxunto do Estado iso só ocorreu co investimento.

Gráfico 2.

PIB. Taxa media de variación anual (en %)

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario



Se acudimos ao lado da produción, tamén nos atopamos con diferenzas destacábeis. Se ben nos dous casos foi a construción o sector que amosou un mellor comportamento en 2005, cousa que vén ocorrendo nos anos da actual década tanto en Galicia coma en España, e os servizos seguiron de cerca esa traxectoria, nos outros macrosectores as cousas foron moi distintas (ver cadro 1). Houbo un ámbito de actividade que rexistrou unha caída en termos reais pero non foi o mesmo. No conxunto de España esa evolución correspondeulle ao sector primario mentres que en Galicia foron as ramas enerxéticas. Resulta curioso constatar ese comportamento asimétrico do sector da enerxía que, a primeira vista, parece que non debería comportarse dunha forma diferente dada a súa concreción e a influencia de factores semellantes. Tamén no caso da industria, aínda que aquí as dúas taxas de variación acadaron valores positivos, os resultados foron bastante diverxentes, pois mentres no conxunto do Estado as ramas que a configuran exhibiron unha situación de práctico estancamento, na nosa Comunidade rexistraron un crecemento moderado.

O cadro 2 amosa as estruturas económicas respectivas, tanto desde o lado da demanda coma desde o punto de vista da oferta, que as dúas economías tiñan o pasado ano. Os datos non necesitan explicación adicional. As diferenzas, non moi acusadas en xeral, radican na lóxica importancia relativa do sector exterior no caso da demanda e do sector servizos no caso da actividade produtiva.

Cadro núm. 1

PIB e os seus compoñentes de produción. Volume encadeado referencia 2000

Taxas de variación interanual (en %). Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

							2004				2005			
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	I	II	III	IV	I	II	III	IV
GALICIA														
Agricultura e pesca	-2,2	6,4	4,9	0,0	2,4	1,9	2,2	-3,8	3,2	8,7	-2,4	2,2	3,0	4,8
Enerxía	1,4	-6,3	2,6	3,0	1,1	-0,2	3,8	2,7	0,3	-2,3	-3,3	-2,6	-0,6	5,9
Industria	8,9	5,0	3,0	0,6	2,3	2,0	3,6	2,6	2,9	0,1	-0,7	2,0	3,0	3,6
Construción	7,5	6,2	4,2	3,6	4,5	4,1	4,8	4,4	4,5	4,4	3,2	4,4	4,6	4,1
Servizos de mercado	4,7	3,2	1,8	2,3	3,9	3,7	3,4	3,6	4,3	4,0	3,6	3,7	3,5	3,8
Servizos non de mercado	2,5	2,1	0,4	2,3	3,2	3,7	3,7	2,6	3,6	2,6	2,6	4,9	3,6	3,8
PIBpm	4,6	3,5	2,1	2,6	3,4	3,3	3,5	2,9	3,9	3,4	2,5	3,5	3,5	3,6
ESPAÑA														
Agricultura e pesca	7,3	-1,3	0,4	-0,1	-1,1	-0,7	0,9	-1,0	-1,8	-2,3	-1,9	-1,3	0,3	0,1
Enerxía	3,0	3,8	2,3	1,3	2,0	4,4	1,8	2,6	1,8	1,8	4,2	4,0	4,5	5,0
Industria	4,4	2,5	0,7	1,0	0,3	0,6	0,2	0,6	0,3	0,3	0,3	0,0	0,9	1,1
Construción	5,9	8,5	6,3	5,0	5,1	5,5	5,6	5,2	4,9	4,8	5,4	5,4	5,8	5,4
Servizos de mercado	5,5	3,8	2,6	2,6	3,6	4,0	3,2	3,5	3,5	4,1	3,8	3,9	4,0	4,1
Servizos non de mercado	3,7	3,1	2,7	4,2	3,6	3,5	3,3	3,3	3,7	4,1	3,8	3,0	3,5	3,8
PIBpm	5,0	3,5	2,7	3,0	3,1	3,4	3,0	3,0	3,1	3,2	3,3	3,4	3,5	3,5

Cadro núm. 2

Composición do PIB a prezos correntes. 2005

	Millóns de euros		Estrutura do PIB (en %)	
	Galicia	España	Galicia	España
Gasto en consumo final	36.738	683.122	76,8	75,5
Formación bruta de capital	17.114	268.446	35,8	29,7
Exportación de bens e servizos	29.049	229.655	60,7	25,4
Importación de bens e servizos	35.050	276.900	73,3	30,6
PIB a prezos de mercado	47.850	904.323	100,0	100,0
Ramas agraria e pesqueira	2.163	26.830	4,5	3,0
Ramas enerxéticas	1.605	19.676	3,4	2,2
Ramas industriais	6.422	125.196	13,4	13,8
Construción	5.866	93.898	12,3	10,4
Ramas dos servizos	26.541	544.577	55,5	60,2
■ <i>Servizos de mercado</i>	20.656	428.216	43,2	47,4
■ <i>Servizos non de mercado</i>	5.885	116.361	12,3	12,9
Impostos netos sobre os produtos	5.253	94.146	11,0	10,4

Fonte: INE, IGE.

Os cambios introducidos na *Encuesta de Población Activa* (EPA), no mes de maio de 2005, impiden observar con coherencia a evolución das diversas magnitudes do mercado de traballo en comparación co ano precedente. Isto trátase polo miúdo no capítulo correspondente deste mesmo *Informe*, de modo que, nesta introdución, nos limitaremos a salientar as diferenzas de estrutura que ten o emprego nos dous conxuntos territoriais.

Se tomamos os datos medios do ano 2005 (ver cadro 3), comprobamos, un ano máis, o distinto peso que ten o sector da agricultura e da pesca. Galicia duplica a porcentaxe do poboación ocupada nese ámbito con relación á total de España, e iso

está fortemente vinculado ao colectivo das mulleres. Por aquí veñen algunhas das explicacións máis relevantes á hora de explicar as disimilitudes dos dous mercados de traballo. Consecuentemente, esa proporción máis elevada orixina unha ponderación máis reducida nos outros tres macrosectores. Se prescindíssemos do sector primario, as porcentaxes serían moi parecidas, sen diferenzas relevantes.

A evolución trimestral da actividade económica, que se resumiu como vimos nunha subida anual moi parecida, non rexistrou un comportamento paralelo entre ambos os territorios. A economía española sostivo unha

Cadro núm. 3

Mercado de traballo. 2005. Galicia-España

Cifras medias anuais (en miles de persoas)

	España	Galicia
Ocupados	18.973,2	1.130,1
<i>Agricultura e pesca</i>	1.000,7	121,0
<i>Industria</i>	3.280,0	217,4
<i>Construción</i>	2.357,2	125,1
<i>Servizos</i>	12.335,4	666,7
Parados	1.912,5	124,8
Poboación activa	20.885,7	1.254,8
Taxa de paro (%)	9,16	9,95

Fonte: EPA-2005.

lenta pero constante aceleración (que xa comezara no segundo trimestre de 2004) que a levou a acadar no cuarto trimestre de 2005 unha taxa do 3,5% de aumento do seu PIB. Galicia, pola contra, iniciou o ano culminando un proceso de desaceleración que viña do terceiro trimestre de 2004 e que reduciu o seu ritmo desde o 3,9 ao 2,5%. Pero no segundo trimestre produciuse unha reacción notábel que situou a taxa no 3,5% e mantívola neses termos no resto do ano. Así concluirá incluso unha décima por enriba da amosada pola economía española.

Cadro núm. 4

España. PIB e os seus compoñentes da demanda. Volume encadeado referencia 2000

Taxas de variación interanual (en %). Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

		PIBpm	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital fixo	Demanda interna*	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
2004	I	3,0	3,8	4,4	4,1	4,0	7,4
	II	3,0	5,1	4,1	4,9	3,0	9,6
	III	3,1	5,1	5,1	5,2	3,7	10,5
	IV	3,2	5,0	5,7	5,3	2,7	9,7
2005	I	3,3	4,7	6,8	5,5	-1,4	6,2
	II	3,4	4,4	7,2	5,4	1,3	7,9
	III	3,5	4,3	7,2	5,3	2,1	7,8
	IV	3,5	4,2	6,5	5,0	1,9	6,6
	2000	5,0	5,0	6,0		10,3	10,8
	2001	3,5	3,4	4,3		4,1	4,2
	2002	2,7	3,2	3,5		1,7	3,9
	2003	3,0	3,1	5,4		3,6	6,0
	2004	3,1	4,8	4,8		3,3	9,3
	2005	3,4	4,4	6,9		1,0	7,1

* Achega ao crecemento do PIBpm.

Fonte: INE.

En todos os trimestres foi a construción o sector que actuou como pilar da actividade económica, ben secundado polos servizos. A faciana negativa proveu, como xa se comentou ao falar dos datos anuais, das ramas enerxéticas que experimentaron descensos a medida que transcorría o ano, iso si, descensos cada vez menores, ata culminar, dun xeito algo sorprendente, no cuarto trimestre no que non só se obteñen taxas positivas senón as taxas máis elevadas dese período de todos os sectores. A pesar diso, un trimestre non foi dabondo para maquillar os resultados medios do ano.

O cadro 6 amosa algúns indicadores representativos da evolución da actividade e da demanda galegas. Con relación a 2004, na parte da demanda destaca a caída sufrida pola licitación de obra pública que, logo de obter as maiores taxas de crecemento nos dous anos anteriores, pasou a rexistrar a taxa negativa máis elevada. Tamén

Cadro núm. 5

Galicia. PIB e os seus compoñentes da demanda. Volume encadeado referencia 2000
 Taxas de variación interanual (en %). Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

		PIBpm	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital	Demanda interna*	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
2004	I	3,5	3,2	2,9	3,4	11,5	6,4
	II	2,9	2,7	4,1	3,4	2,8	6,2
	III	3,9	3,1	5,2	4,1	8,3	6,8
	IV	3,4	2,8	4,7	3,7	5,2	5,0
2005	I	2,5	2,8	6,0	4,1	-1,0	3,4
	II	3,5	3,4	5,8	4,5	6,1	4,4
	III	3,5	3,2	4,5	3,9	2,5	4,4
	IV	3,6	3,7	6,7	5,1	7,4	6,9
	2000	4,6	3,8	3,8		12,8	10,0
	2001	3,5	1,3	6,5		5,3	3,7
	2002	2,1	3,1	6,2		5,5	7,8
	2003	2,6	2,7	4,7		6,3	6,9
	2004	3,4	2,9	4,2		6,9	6,1
	2005	3,3	3,3	5,7		3,7	4,8

* Achega ao crecemento do PIBpm.

Fonte: IGE.

resalta a forte ralentización na matriculación de automóbiles, tras a que, sen dúbida, ademais doutros factores, está o encarecemento do prezo dos combustíbeis. Na parte positiva temos a aceleración das exportacións, da que falaremos un pouco máis abaixo.

No que atinxe aos indicadores de actividade, constatamos cambios de tendencia (xa sexa por alteración do signo ou por acentuación das cifras) en case todos eles, o que pon de relevo o feito de que 2005 rexistrou cambios relevantes no comportamento de moitos compoñentes económicos.

A dependencia da construción para o mantemento da actividade económica, que se vén producindo non só nos trimestres do ano 2005 senón tamén dos anos anteriores, suscitou algúns temores por parte de moitos analistas, no sentido de que unha posíbel redución da expansiva demanda de vivendas tivera efectos negativos sobre a produción do sector e, en consecuencia, ralentizara a actividade económica xeral.

Un dos elementos que se manexan para xustificar os temores dunha desaceleración da demanda de vivendas, ademais do prolongado período de forte crecemento, é a elevación dos tipos de xuro e o progresivo aumento da inflación. En relación co primeiro deles, a partir de xuño de 2005, o euribor, que se mantivera relativamente estábel durante un ano ata ese momento, comezou unha escalada que o elevou desde 2,103% ata rematar a ano situado no 2,783, sen que se detera no que levamos de 2006. Con respecto ao segundo, os notábeis incrementos dos prezos do pe-

Cadro núm. 6**Indicadores de actividade e demanda. Galicia**

Taxa de variación anual (%)

	2003	2004	2005
Actividade			
Importación de bens de equipo	23,6	-4,8	365,0
Vivendas visadas	22,2	1,7	13,8
Consumo de cemento	5,7	-4,3	-1,1
Tránsito portuario*	-2,9	7,3	3,5
Tránsito aéreo de viaxeiros	8,3	11,2	23,7
Noites en estada	-1,8	28,2	-4,1
Demanda			
Consumo de gasolina	-4,0	-1,7	-5,3
Consumo de gasóleo A	6,7	5,6	2,2
Consumo doméstico de enerxía eléctrica	5,3	6,2	3,3
Matriculación de automóbiles	8,2	9,0	0,7
Matriculación de vehículos de carga	3,0	6,6	7,3
Importación de bens de consumo	11,8	6,7	21,8
Importacións de bens intermedios	11,1	8,7	4,5
Licitación de obra pública	25,7	55,6	-12,7
Exportacións	4,4	5,5	15,4

* Último dato dispoñible novembro de 2005.

Fonte: *Informe de conjuntura da economía galega*. Fundación Caixa Galicia (varios números). Elaboración propia.

tróleo non incidiron tan directamente nos prezos en xeral, tal e como se temía. É certo que a inflación se acelerou. Tras dous anos de redución, os prezos de consumo incrementaron a súa velocidade de crecemento de forma que, medido en datos medios, a taxa de 2005 (3,4%) superou en catro décimas as cifras do ano anterior, tanto en Galicia coma en España.


Isto, ademais, afectoulle á relación dos prezos españois cos europeos, coa súa incidencia negativa sobre a competitividade. Se tomamos a referencia do Índice Harmonizado de Prezos de Consumo, para poder efectuar unha comparación homoxénea, confirmamos un aumento do diferencial de prezos tanto coa Unión Europea en xeral coma cos países da zona euro en particular. É certo que ese incremento é tan só dunha décima, pero non esquezamos que se produce nun contexto de aumento da inflación en Europa, que levou o Banco Central Europeo a subir en decembro de 2005 o tipo de xuro de referencia da Unión Económica e Monetaria en 25 puntos básicos, despois de mantelo inalterado durante dous anos e medio.

O punto máis baixo rexistrado durante o ano acadouse no mes de maio (2,9% en Galicia e 3,1% en España), pero a partir dese momento, cunha certa freada en outubro e novembro, a escalada da inflación foi continua ata acadar o 3,7% en ambos os territorios. A nosa Comunidade culminou o ano ocupando o oitavo posto (compartido) entre as distintas comunidades autónomas por este concepto.

Gráfico 3.

PIB. Taxa de variación interanual (en %)

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario



Novamente foron as provincias atlánticas as que experimentaron unha subida máis intensa dos prezos, se ben as diferenzas coas do interior foron escasas. Así non se chegaron a superar as dúas décimas no caso extremo.

Como en todos estes últimos anos, foi o grupo das comunicacións o único que rexistrou taxas de variación negativas nos seus prezos, e os de ocio e cultura e medicina mantiveron un práctico estancamento. Os «culpábeis» da maior subida foron, como era de esperar, os transportes, no que incidíu especialmente o encarecemento dos combustíbeis, e en menor medida a vivenda e as bebidas alcohólicas e o tabaco. Nisto España e Galicia apenas se diferenciaron. Precisemos, pola relevancia da súa evolución, que o grupo dos carburantes e combustíbeis, en media anual, subiu un 13% en Galicia (un 12,4% en España), cun pico máximo de taxa de variación interanual do 21,1% no mes de setembro.


O lado positivo correspondeulle á inflación subxacente (a que exclúe os prezos dos alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos) que mantivo a súa taxa de variación anual nos mesmos 2,6% ca en 2004; revélase así que foron os dous grupos excluídos os responsábeis da aceleración amsada polos prezos.

Examinemos brevemente os elementos máis salientábeis dos principais sectores da nosa economía.

No que respecta á agricultura, no conxunto da Unión Europea de 25 membros a renda por ocupado diminuíu un 5,6% no ano 2005. Debido ás condicións adversas

Gráfico 4.

IPC. Taxa de variación interanual (en %)



Cadro núm. 7

IPC. Grupos de gasto

Taxas medias de variación anual (en %)


	Galicia				España			
	2002	2003	2004	2005	2002	2003	2004	2005
Alimentación e bebidas non alcohólicas	4,9	4,0	3,1	3,2	4,7	4,1	3,9	3,2
Bebidas alcohólicas e tabaco	5,5	3,0	3,5	4,6	5,7	3,4	4,3	5,1
Vestido e calzado	5,9	4,5	1,5	1,3	5,1	3,8	1,8	1,4
Vivenda	2,3	3,1	3,9	5,6	2,3	2,9	3,5	5,3
Enxoval	2,5	2,2	2,0	3,0	2,0	2,0	1,6	2,1
Medicina	4,4	1,6	1,0	0,9	2,6	2,1	0,4	0,9
Transporte	2,0	1,9	5,1	6,1	2,0	2,1	4,4	6,3
Comunicacións	-3,0	-2,7	-1,2	-1,7	-2,9	-2,6	-1,0	-1,6
Ocio e cultura	2,8	0,8	0,3	0,0	2,4	0,6	0,1	-0,2
Ensino	4,4	4,8	3,9	4,2	3,8	4,9	4,0	4,2
Hoteis, cafés e restaurantes	5,8	4,0	4,2	4,1	5,5	4,3	4,0	4,2
Outros	4,1	2,7	2,8	2,6	4,1	3,3	3,0	3,1
IPC	3,8	3,1	3,0	3,4	3,5	3,0	3,0	3,4

Fonte: INE.

Gráfico 5.

Evolución do IPC e da inflación subxacente. Ano 2005

Taxas de variación interanual (en %)



dun ano seco, os maiores descenso localizáronse nos países do sur. A baixada foi máis acusada no valor das producións, sobre todo nas vexetais, e máis atenuada nas rendas.

A evolución da renda en España foi máis negativa. A renda agraria sufriu un descenso do 12,6%. O impacto na renda por ocupado foi menor, co -10,3%, debido ao descenso do número de ocupados (-2,6%). Este resultado foi o efecto conxunto dunha forte redución no valor das producións vexetais (-12%) e máis reducida nas animais (-1,7%), xunto cun descenso nos consumos intermedios (-3,2%) que foi acompañado dunha estabilización das amortizacións.

En Galicia non contamos con ningunha estimación das contas económicas do sector agrario en 2005, polo que só se adianta unha primeira estimación, que apunta a unha dinámica similar á dos espazos do

noso medio. Houbo unha redución significativa da produción vexetal, debido a unha baixa nas colleitas da maioría dos cultivos, incluídos os forraxeiros, afectados pola seca, mentres que as producións animais conseguían valores próximos aos de 2004. Os prezos percibidos tiveron unha redución do 3,6% e os pagados rexistraron un lixeiro incremento do 0,7% (polo impacto sobre todo da enerxía). Estímase que houbo un descenso do 2,5% na renda, que resulta nun moi lixeiro avance do 0,1% na renda por ocupado, debido ao descenso do 2,8% rexistrado no número de traballadores.

Continúa a tendencia observada desde mediados dos oitenta dunha intensa redución desta man de obra, que é superior á rexistrada no conxunto do Estado. En canto ao seu número, anda polos 95.000 e, ademais, compromete o necesario relevo xeracional.

Durante 2005, Galicia mantívose como a rexión pesqueira máis importante na Unión Europea, ao representar o 10% da capacidade pesqueira do conxunto da UE-25. Galicia tiña en 2005 un tamaño de frota similar a Dinamarca, primeiro país comunitario en capturas. Se consideramos conxuntamente a pesca, a acuicultura e o sector transformador, Galicia empregaba a máis de 40.000 persoas en 2005, o que supón o 40% e o 9% do emprego pesqueiro en España e na UE-25, respectivamente.

Esta concentración da actividade pesqueira no litoral galego fai que o peso relativo deste sector no conxunto do PIB sexa moi elevado en comparación coas economías do noso medio (dez veces máis ca no caso español e unhas 20 veces máis ca na media europea). Galicia permanece como unha das rexións europeas máis dependentes da

pesca no marco das perspectivas financeiras da Comunidade no período 2007-2013. Polo tanto, a proposta do Fondo Europeo da Pesca (FEP) é un dos aspectos máis transcendentales en 2005 para a pesca galega.

O FEP establece as novas liñas financeiras de apoio para a pesca europea. Este instrumento é de vital importancia para asegurar que o sector pesqueiro galego se instale nun viro de explotación sostíbel, e probabelmente a súa última grande oportunidade para asegurar a súa competencia e modernización estrutural, nun escenario no que a suba do combustíbel en 2005 condicionou notabelmente a rendibilidade da frota.

Un escenario que implica adaptarse ás novas orientacións da política exterior pesqueira que integran aspectos vinculados á cooperación e ao medio. Esta lóxica manifestouse en 2005, coa sinatura do novo acordo de asociación pesqueira con Marrocos e coa consolidación do enfoque de ecosistema na xestión pesqueira de NAFO e ICCAT.

Cambios institucionais que tamén emerxen nas augas comunitarias. En 2005 constituíronse todos os Consellos Consultivos Rexionais e, deste xeito, abriuse unha vía á rexionalización da xestión pesqueira comunitaria. Unha xestión na que, desde 2005, as pesqueiras de interese para a frota galega están sometidas a plans de recuperación plurianual. Estes plans procuran facilitar a recuperación dos *stocks* pesqueiros nun marco de xestión que permita unha planificación máis flexíbel da actividade empresarial.

Polo tanto, 2005 caracterizouse pola adopción de diversas medidas polas administracións pesqueiras, destinadas a equilibrar o esforzo cos recursos pesqueiros e a mellorar a rendibilidade da frota. Estes aspectos tamén se trasladaron á xestión da frota de baixura galega, de aí que a Administración autonómica deseñase un plan de recuperación do polbo en estreito diálogo co sector.

En todo caso, na xestión e na ordenación da actividade pesqueira en Galicia en 2005, debúxanse novos elementos como un estudo para a creación dun seguro de mal tempo ou a ampliación do seguro colectivo para todos os traballadores enrolados en buques con porto base en Galicia, que anticipan unha maior dimensión social da política pesqueira galega.

No ano 2005 a construción continuou desempeñando o papel de gran locomotora da economía española. A vivenda foi de novo a grande impulsora do sector e acadáronse cifras marca de produción residencial. A demanda de obras públicas experimentou tamén unha importante expansión. Os dous compoñentes levaron o crecemento da construción española deica o 5,5% en 2005. En Galicia a construción amosou un lixeiro retroceso respecto a 2004, se ben a súa taxa de crecemento acadou o 4,1%. Esta taxa, aínda que supera a do PIB galego, supón un descenso de medio punto respecto do ano anterior e sitúase claramente por debaixo da española. A causa do menor crecemento galego parece radicar en que a demanda de obras públicas non seguiu a tendencia estatal e produciuse un significativo descenso respecto do ano 2004 no importe das obras licitadas polas administracións públicas.

O mercado da vivenda en 2005 volveu presentar cifras nunca antes acadadas polo sector inmobiliario. A presión da oferta e a deterioración da accesibilidade á vivenda frearon lixeiramente a elevación de prezos no conxunto de España. Non obstante, o

prezo da vivenda en Galicia medrou a un ritmo superior ao de 2004 e amosou tendencias máis inflacionistas cás estatais, pero, malia isto, en 2005 a vivenda galega continúa contándose entre as máis accesíbeis de España. A pesar da escalada de prezos, a demanda de vivenda continuou medrando a un ritmo moi elevado. A finais do ano 2005, as condicións de financiamento endurecéronse, nun medio de expectativas crecentes sobre os tipos hipotecarios; iso, unido ao aumento de prezos e á conseguinte deterioración da accesibilidade, suscita serias interrogantes sobre o ritmo de absorción do elevado volume de vivendas ofertadas, así coma que a expansión inmobiliaria poida manter o seu ritmo nos anos vindeiros.

En 2005 prodúcese unha forte deterioración da accesibilidade á vivenda tanto en España coma en Galicia. Esta deterioración debeuse ao crecemento de prezos e a que as condicións financeiras, sen empeorar, non melloraron como en anos precedentes. En 2005 unha familia media necesitou traballar case un ano máis ca en 2004 para a compra dunha vivenda de 100 m² no caso galego o custo desta vivenda equivale a 7,6 anos de traballo, mentres que en España supón 9,4 anos de salario. Unha familia española destina o 44,6% dos seus ingresos a pagar as cotas para a compra deste piso, mentres que para unha familia galega supón o 36% dos seus ingresos.

A demanda pública de obras en España experimentou un aumento real do 14% no ano 2005. Pola contra, o importe das obras licitadas en Galicia sufriu un importante descenso do 22%. Esta baixada fixo que a licitación por cada galego se sitúe 100 euros por debaixo da media española, despois de que en 2004 Galicia superase a media estatal por vez primeira en moito tempo. O acusado descenso na licitación da Administración central colocouna no segundo lugar no volume de gasto, desprazada pola Administración autonómica, mentres que a Administración local galega aumentou fortemente a súa contratación.

Os vinte anos nos que se vén publicando este *Informe* coincidiron cunha profunda renovación do sector industrial e coa súa apertura á competencia internacional. Durante todo este tempo, que practicamente se inicia coa incorporación de España á Unión Europea, houbo desafíos non resoltos, fracasos, pero, aínda así, o balance xeral pode cualificarse como positivo. A disciplina económica que se impuxo tras a integración no colectivo de países europeos máis desenvolvidos e, consecuentemente, a evolución das principais variábeis macroeconómicas, creou un medio favorábel ao desenvolvemento da actividade industrial.

Non obstante, na industria galega seguen sendo preocupantes cuestións que xa mencionabamos no *Informe 2004*, tales como o posíbel impacto da última ampliación, a maior competencia externa, as dificultades en innovar e en acadar unha maior produtividade, o pequeno tamaño dos establecementos, etc. O actual desafío é a superación destes e doutros obstáculos, ao que ten que colaborar unha política industrial máis orientada cara a unha programación en actividades de innovación, investigación e desenvolvemento.

En canto á particular evolución observada en 2005 temos que subliñar que a industria non foi unha das actividades máis dinámicas da economía galega. Mentres o Valor Engadido Bruto (VEB) da enerxía non foi quen de medrar, o resto do sector industrial

fixoo verbo do 2%. Lembremos que o conxunto da economía superou o 3%. Este incremento relativamente baixo na actividade débese, en parte, ao elevado grao de utilización da capacidade produtiva rexistrado nos últimos anos. Aínda así, os indicadores dispoñíbeis amosan unha variación negativa nos segmentos de fabricación de bens de equipo e intermedios, o que contrarrestou a expansión positiva do sector de bens destinados ao consumo tanto duradeiros coma non duradeiros.

A pesar destes resultados en 2005 consolidouse a base exportadora galega. O comercio exterior acadou as cifras máis elevadas na súa historia e, en concreto, as exportacións medraron en termos monetarios un 14,9%. Este incremento logrouse grazas a un aumento xeralizado nos sectores máis relevantes agás automoción. Aínda así, o maior crecemento das importacións acelerou o déficit da balanza comercial co estranxeiro.


Unha cuestión en permanente debate é o apoio do investimento estranxeiro ao desenvolvemento da industria galega. Historicamente foi un factor importante. En 2003 as empresas de capital estranxeiro absorbían o 6,6% do emprego total galego. Agora ben, os resultados anuais sempre estiveron condicionados a se se producía ou non un investimento singular. Certamente, en 2005, houbo un que destacou sobre os outros, pero non lle correspondeu ao sector industrial senón ao bancario. Aínda así, a contía do fluxo de capital recibido en 2005 diminuíu con respecto a 2004 debido aos investimentos de Corporación Noroeste naquel ano. Por outra banda, e como é tradicional, os investimentos galegos directos no exterior superaron sobradamente o capital recibido. En 2005 foi máis do triplo, o que situou a Galicia como a cuarta autonomía cun maior fluxo de investimento no exterior.

As actuacións das administracións públicas no sector industrial galego seguiron un deseño moi similar ao dos exercicios precedentes, non en van nos atopamos na parte final do período de planificación 2000-2006 da política rexional comunitaria, que ten unha elevada incidencia en Galicia. Non obstante, e sobre todo na Administración autonómica, o cambio de goberno xerou un conxunto de novidades que se comentan no capítulo correspondente deste *Informe*. En canto ao futuro cómpre subliñar a aprobación en decembro de 2005 das perspectivas financeiras da Unión Europea para o período 2007-2013. No referente á política rexional, Galicia permanecerá no grupo de rexións máis desfavorecidas. A súa economía será apoiada desde a Unión Europea cunha contía de fondos que lle axudarán a converxer coas rexións europeas máis avanzadas. Non obstante, este fluxo financeiro será inferior ao do período 2000-2006, xa que coa ampliación é maior o número de rexións con problemas ás que se ten que atender.

Os servizos, pola súa banda, mantiveron unha gran vitalidade aínda a pesar de celebrarse o Xacobeo en 2004. Ao contrario do que sucedeu cos eventos anteriores, a actividade turística non caeu bruscamente e, mesmo, grazas á progresiva implantación de liñas aéreas de baixo custo, o número de turistas non-residentes en España aumentou un 13,4%. Aínda que o turismo é un sector básico no terciario galego, o feito de que os servizos absorban o 62,5% do VEB galego é a consecuencia de que se agrupan neste apartado un conxunto moi amplo e heteroxéneo de actividades. Daquelas das que dispoñemos de información máis pormenorizada cómpre indicar o incremento experimen-

tado nos principais portos galegos do transporte marítimo de mercancías. Pero son as futuras infraestruturas de Ferrol e da Coruña as que acapararon boa parte das noticias en 2005. Por outra banda, se se considera o volume de facturación, o comercio polo miúdo tamén experimentou unha evolución positiva. Este sector tivo profundas transformacións nos últimos anos. No capítulo correspondente efectuamos unha crónica sobre a evolución dos diferentes formatos, en especial sobre os centros comerciais, as grandes superficies de vendas e as grandes superficies especializadas. Estes novos formatos adquiriron un gran protagonismo en Galicia e a súa implantación está modificando a distribución polo miúdo non só nas grandes cidades senón nos municipios galegos cabeceira de comarca.





I. Mercado de trabajo

Introdución

A análise da evolución do mercado de traballo durante o ano 2005 vese necesariamente condicionada polos diferentes cambios metodolóxicos que se produciron ultimamente nas estatísticas destinadas para este efecto. Tanto a *Encuesta de Población Activa* (EPA) elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), coma as estatísticas de contratación e paro rexistrado, elaboradas polo Instituto Nacional de Emprego (INEM), sufriron modificacións que, se ben achegan os datos estatísticos á realidade existente, provocan unha ruptura temporal nas series, o que lle afecta á comparanza respecto aos datos anteriores a 2005. Así, a EPA renovou a proxección demográfica coa que se estima a base poboacional, co fin de recoller a nova estrutura da poboación reflectida polo Censo de 2001. Ademais, modificáronse algunhas das preguntas do cuestionario (e a orde na que se fan), ampliando e actualizando tamén a mostra. Pola súa parte, o Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) é un dos novos instrumentos dos que se dota o Servizo Nacional de Emprego para garantir a coordinación e a cooperación dos diferentes entes relacionados coas políticas de emprego. O SISPE entrou en funcionamento o 3 de maio de 2005 e integra toda a información relativa á xestión de políticas activas de emprego, transferidas aos servizos autonómicos de emprego, coa correspondente ás prestacións por desemprego, que era competencia do INEM. Este feito provocou un cambio metodolóxico na medición do paro rexistrado. Ademais, introducíronse novos colectivos dentro do grupo de desempregados, asemade que se aplicaron variacións na orde de cálculo destes colectivos. Por este motivo, a nova estatística non é directamente comparábel coa existente con anterioridade ao SISPE, aínda que o propio Servizo realizou un esforzo de estimación das series antigas coa nova metodoloxía e proporcionou unha serie homoxénea de 2001 a 2005.

Evolución do mercado de traballo galego durante 2005


Os indicadores indirectos da evolución do emprego derivados das fontes administrativas (rexistro de afiliados ao sistema de Seguridade Social ou o rexistro de contratos do INEM) apuntan cara a un aumento da ocupación en Galicia durante 2005. O número total de traballadores en alta laboral incrementouse un 2,8% respecto ao ano

anterior no total de réximes. Ademais, o crecemento da afiliación intensificouse ao longo do ano, xa que as taxas de variación interanuais das medias trimestrais aumentan desde o 2,5% do primeiro trimestre ao 3,2% do último. De feito, en xullo superouse o teito do millón de afiliados por primeira vez, sen que nos meses posteriores a afiliación se situase por debaixo desta cifra. Desde unha perspectiva temporal, os datos da Seguridade Social amosan que o proceso de afiliación (que de forma indirecta mide a evolución da ocupación), a pesar de estar suxeito a unha forte estacionalidade, presentou unha clara evolución ascendente nos últimos anos. Porén, o comportamento dos diferentes réximes non foi homoxéneo. Mentres o réxime xeral experimentou un crecemento respecto a 2004 do 3,5%, os réximes especial agrario e especial de traballadores do mar sofren unha redución do 5,8% e do 2,4% respectivamente.

Gráfico 1.

Traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral.

Total de réximes. Galicia. 2002-2005



Pola súa parte, o rexistro de contratos asinados realizado polo INEM amosa un crecemento destes dun 3,2%, superior ao rexistrado no ano anterior, que fora dun 2,5%.

En todo caso, estes datos deben tomarse como orientadores da evolución xeral do emprego no mercado de traballo galego, por canto, como comentamos, os cambios metodolóxicos impiden analizar a evolución temporal nos últimos anos da ocupación a través da EPA. Coa información do último trimestre de 2005 o INE publicou información sobre a variación interanual das principais variábeis recollidas na enquisa. Segundo estes datos, Galicia experimentou entre os últimos trimestres de 2004 e de 2005 unha

Cadro núm. 1

Balance do mercado de traballo segundo sexo. 2005
 (miles de persoas)

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	Media
Galicia					
Homes					
Activos	707,7	704,7	718,1	695,9	706,6
Ocupados	650,8	648,9	673,1	650,8	655,9
Parados	56,9	55,8	44,9	45,2	50,7
Inactivos	419,2	423,2	410,9	434,2	421,9
Mulleres					
Activos	540,6	547,9	548,7	555,8	548,3
Ocupados	461,5	464,4	484,0	486,7	474,2
Parados	79,1	83,4	64,7	69,1	74,1
Inactivos	695,3	689,1	689,2	683,0	689,2
Total					
Activos	1.248,3	1.252,6	1.266,7	1.251,7	1.254,8
Ocupados	1.112,3	1.113,4	1.157,1	1.137,4	1.130,1
Parados	136,1	139,2	109,6	114,3	124,8
Inactivos	1.114,5	1.112,3	1.100,1	1.117,2	1.111,0
España					
Homes					
Activos	12.103,8	12.207,9	12.324,1	12.370,7	12.251,6
Ocupados	11.162,9	11.317,8	11.524,9	11.549,6	11.388,8
Parados	940,9	890,1	799,2	821,2	862,9
Inactivos	5.586,0	5.559,3	5.527,1	5.570,8	5.560,8
Mulleres					
Activos	8.487,8	8.631,7	8.632,0	8.784,8	8.634,1
Ocupados	7.329,8	7.577,1	7.666,2	7.764,7	7.584,5
Parados	1.158,1	1.054,6	965,8	1.020,1	1.049,7
Inactivos	10.009,9	9.935,6	10.006,4	9.925,7	9.969,4
Total					
Activos	20.591,7	20.839,6	20.956,1	21.155,5	20.885,7
Ocupados	18.492,7	18.894,9	19.191,1	19.314,3	18.973,3
Parados	2.099,0	1.944,7	1.765,0	1.841,3	1.912,5
Inactivos	15.595,9	15.494,9	15.533,5	15.496,6	15.530,2

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa.

diminución de 1.700 activos (un 0,1%), mentres que o número de ocupados aumentaba en 16.500 (un 1,5%). Ambas as variacións implicaron unha redución do desemprego de 18.200 traballadores (un 11,5% de descenso). Estas tendencias, malia que fan referencia tan só á variación interanual nun único trimestre, parecen confirmar o apuntado polas fontes administrativas respecto do aumento do emprego.


Outro dos trazos do mercado de traballo galego en 2005 foi ter unha taxa de actividade inferior á media nacional (53% fronte a 57,4%) aínda que con certas diferenzas ao desagregar por sexos. A taxa de actividade masculina sitúase 6,2 puntos por debaixo da media nacional (62,6% fronte a 68,8%) mentres que no caso da feminina a distancia é inferior (44,3% fronte ao 46,4% nacional). As mulleres, xa que logo, presentan un comportamento máis próximo á media nacional, explicado en boa parte pola elevada participación no sector primario. Os datos da EPA tamén amosan diferenzas nas taxas de emprego e de desemprego. Respecto á primeira destas variábeis, a media galega sitúase por debaixo da nacional (47,8% fronte a 52,1%), mentres que a taxa de desemprego se sitúa, na media do ano, 7 décimas por enriba da española (9,9% fronte ao 9,2%). Por sexos, os homes presentan maiores taxas de emprego (a taxa masculina é do 58,1%, mentres que a feminina é do 38,3%) e menores taxas de paro (7,2% fronte a 13,5%).

Respecto á evolución do desemprego, os datos de paro rexistrado no SISPE amosan unha redución deste respecto a 2004 do 2,7%. Esta redución produciuse ao longo de todo o ano (aínda que con diferentes intensidades) agás en marzo, único mes no que se rexistrou unha taxa de variación interanual positiva, aínda que reducida (0,2%). Así, para o conxunto do ano 2005 a media presenta 4.798 desempregados menos cá correspondente a 2004.

Dentro do contexto nacional Galicia sitúase no grupo de comunidades autónomas con menores taxas de actividade. En concreto, a comunidade galega só supera a Asturias, Extremadura e Castela e León respecto a esta variábel. O dato medio correspondente a 2005 (53%) está lonxe do que presentan Baleares (comunidade autónoma con maior taxa, 62,7%), Madrid (62,4%) ou Cataluña (61,3%). Esta posición relativa, porén, vese matizada ao desagregar por sexos. Así, a taxa masculina é a segunda

Gráfico 2.

Taxas de actividade relativas por comunidade autónoma (en %). Ano 2005




Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade

máis reducida de todo o conxunto nacional (62,6%) superando tan só a Asturias, mentres a feminina presenta un comportamento relativo máis favorábel e sitúase na posición 11 da distribución nacional (44,3%). Ao mesmo tempo, Galicia ocupa o quinto lugar na clasificación de comunidades autónomas por taxa de desemprego, aínda que cunha taxa global similar á media nacional, lonxe dos valores que presentan as comunidades que encabezan esta clasificación, Extremadura (15,8%) e Andalucía (13,8%). En canto á posición relativa da taxa de emprego, Galicia ocupa o posto 14 nesta distribución rexional (superando tan só a Asturias, Extremadura e Andalucía). Por sexos, a taxa masculina é a terceira pola cola, mentres que a taxa feminina ocupa o posto 12.

Gráfico 3.

Taxas de paro relativas por comunidades autónomas (en %) Anos 2005



Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade

En resumo, o mercado de traballo galego caracterizouse durante o ano 2005, en termos agregados, por un suave crecemento do emprego (medido de forma indirecta a través da evolución do número de traballadores en alta laboral e do número de contratos rexistrado). O desemprego reduciuse, tanto respecto ao ano anterior coma ao longo do ano, aínda que as taxas de actividade e ocupación son inferiores á media nacional; existen diferenzas apreciábeis por sexos. Por último, a taxa de paro galega está próxima á media nacional, tan só sete décimas por enriba, dato que rompe coa evolución trazada pola antiga EPA, que sistematicamente situaba a economía galega dentro do grupo de comunidades autónomas con maior taxa de desempregados.


Os datos da EPA correspondentes ao primeiro trimestre de 2006 confirman o proceso de expansión da ocupación que se produce en 2005, cun rumbo no crecemento do emprego a prol das mulleres. A ocupación total medra respecto ao primeiro trimestre do ano precedente por enriba da poboación activa (2,7% e 1,7% respectivamente). Iso permite unha redución relativamente importante no número de desempregados (6,8%), aínda que inferior á rexistrada para o conxunto nacional (7,8%). Con esta evolución, a taxa de paro en Galicia aumenta con respecto ao trimestre anterior en nove décimas e sitúase no 10% (fronte ao 9,1% nacional) pero diminúe en nove décimas con relación a un ano antes. Pola súa parte, aínda que a taxa de actividade aumenta deica o 53,5%, segue estando lonxe da que presenta o conxunto da economía española (58%). A desagregación por sexos permite identificar que o avance na actividade e na ocupación se debe exclusivamente ás mulleres. Así, respecto á actividade, este colectivo amosa unha

do emprego a prol das mulleres. A ocupación total medra respecto ao primeiro trimestre do ano precedente por enriba da poboación activa (2,7% e 1,7% respectivamente). Iso permite unha redución relativamente importante no número de desempregados (6,8%), aínda que inferior á rexistrada para o conxunto nacional (7,8%). Con esta evolución, a taxa de paro en Galicia aumenta con respecto ao trimestre anterior en nove décimas e sitúase no 10% (fronte ao 9,1% nacional) pero diminúe en nove décimas con relación a un ano antes. Pola súa parte, aínda que a taxa de actividade aumenta deica o 53,5%, segue estando lonxe da que presenta o conxunto da economía española (58%). A desagregación por sexos permite identificar que o avance na actividade e na ocupación se debe exclusivamente ás mulleres. Así, respecto á actividade, este colectivo amosa unha

taxa de crecemento interanual do 4,9%, porcentaxe similar á correspondente nacional, 5%. Iso sitúa a taxa de actividade feminina galega 2,1 puntos por enriba da do primeiro trimestre de 2005 (45,8%). Pola súa parte, a ocupación feminina galega medra un 6,6% (de novo, a taxa de crecemento é similar á media nacional, 6,7%). O grupo dos homes galegos amosa un comportamento moito menos dinámico en Galicia. A actividade cae en termos interanuais un 0,8% (aumenta un 2,6% no caso español) e a ocupación non sofre ningunha variación (mentres que no conxunto nacional aumenta un 3,7%). A pesar desta evolución favorábel das mulleres, estas seguen sendo as que aturan maiores taxas de paro (13,3% fronte ao 7,3% dos homes).

Gráfico 4.

Taxas de ocupación relativas por comunidades autónomas
(en %) Ano 2005



Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade

Actividade

A estrutura da poboación activa por tramos de idade non sufriu modificacións importantes respecto á reflectida polos datos da antiga EPA; loxicamente o groso da actividade concéntrase no tramo central de 25 a 54 anos (76,2% do total de activos). A poboación máis nova (de 16 a 24) representa un 10,7%, mentres que a poboación de 55 anos ou máis representa o 13,2% do total. En canto á desagregación por sexos non existen diferenzas importantes.

Por sectores económicos, Galicia amosa diverxencias relevantes con respecto ao conxunto da economía española. Así, é destacábel a importancia do sector primario, xa que a súa porcentaxe de activos nel practicamente dobra a media nacional (9,9% e 5,3% respectivamente). Nos servizos, pola contra, a porcentaxe de activos é inferior á media nacional (56,5% fronte a 62,3%).

A análise por sexos presenta dous feitos destacábeis. Por un lado, a porcentaxe de mulleres activas no sector primario galego é moi superior á media nacional (9,8% fronte ao 3,7%). Esta situación de alta actividade feminina no sector primario condiciona o comportamento das taxas de actividade por sexos. Así, mentres as masculinas (en calquera tramo de idade) son inferiores á media nacional, as mulleres de 25 a 54 anos presentan en Galicia unha taxa de actividade 1,4 puntos por enriba da media española e as maiores de 55 anos unha taxa 1,8 puntos máis elevada. Esta característica, ademais, está moi relacionada coa estrutura da ocupación por sexos e por situación profesional, cun peso moi importante no sector primario das mulleres tanto á

Cadro núm. 2

Poboación activa por sexo e grupos de idade en Galicia. 2005
 (miles de persoas)

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	Media
Homes					
De 16 a 24 anos	75,2	74,2	79,2	68,7	74,3
De 25 a 54 anos	531,5	531,4	540,3	530,4	533,4
De 55 e máis anos	101,0	99,1	98,7	96,8	98,9
Total	707,7	704,7	718,1	695,9	706,6
Mulleres					
De 16 a 24 anos	62,1	59,3	61,8	56,0	59,8
De 25 a 54 anos	410,1	422,1	424,1	432,4	422,2
De 55 e máis anos	68,5	66,5	62,7	67,4	66,3
Total	540,6	547,9	548,7	555,8	548,3
Total					
De 16 a 24 anos	137,3	133,5	140,9	124,6	134,1
De 25 a 54 anos	941,6	953,5	964,4	962,8	955,6
De 55 e máis anos	169,5	165,6	161,4	164,2	165,2
Total	1.248,3	1.252,6	1.266,7	1.251,7	1.254,8

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa.

fronte da explotación coma en calidade de axudas familiares (o 32% do emprego total no sector primario galego correspóndese con mulleres empresarias ou membro de cooperativas, e o 9% con mulleres que desempeñan actividades de axuda familiar). O segundo feito destacábel é que a actividade feminina (tanto a nivel nacional coma a nivel galego) se concentra de forma maioritaria no sector de servizos (en España o 78,7% das mulleres activas sono neste sector, mentres que en Galicia esta porcentaxe se reduce ao 68,5%). Estes dous trazos amosan que a incorporación da muller á actividade laboral en Galicia se canaliza a través destes dous sectores, ben a través da incorporación ás actividades das explotacións agrícolas familiares, ben a través de empregos no sector de servizos, sector no que a temporalidade é máis elevada ca no sector primario.

Por provincias, A Coruña e Pontevedra presentan taxas de actividade superiores á media galega (53,7% e 55,9%), mentres que Lugo e Ourense, especialmente esta última, presentan taxas máis reducidas (49,7% e 46,8% respectivamente). Ao desagregar por sexos, os homes presentan taxas de actividade superiores en todas as provincias, malia que con valores inferiores á media nacional. As mulleres amosan unha taxa de actividade do 46,2% e do 46% na Coruña e Pontevedra respectivamente; esta taxa redúcese ao 40% en Lugo e ao 38,1% en Ourense, é dicir, 6,2 puntos menos cá media feminina galega e 8,3 puntos menos cá correspondente media nacional. En boa medida, este resultado está relacionado co peso do emprego por provincias. Como se amosa na sección seguinte, máis do 76% da ocupación total concéntrase nas provin-

cias atlánticas. As provincias de interior, pola contra, representan porcentaxes moito máis reducidas do emprego total galego. O feito de que a participación estea positivamente relacionada coa evolución do emprego, fai que sexa precisamente nas provincias nas que existen maiores perspectivas de atopar un traballo onde a participación feminina sexa máis alta. O reducido nivel de actividade feminina (en comparación coas provincias atlánticas) de Lugo e Ourense vese matizado (especialmente no caso de Lugo) pola importancia relativa do sector primario que, como se sinalou, concentra unha proporción relativamente elevada de mulleres en situación de actividade económica.

Cadro núm. 3

Taxas de actividade por sexo e grupos de idade (en %). 2005

	Homes	Mulleres	Total
Galicia			
De 16 a 24 anos	50,9	42,6	46,8
De 25 a 54 anos	89,8	70,4	80,0
De 55 e máis anos	25,5	13,3	18,7
Total	62,6	44,3	53,0
España			
De 16 a 24 anos	57,2	46,8	52,1
De 25 a 54 anos	92,4	69,0	80,9
De 55 e máis anos	28,4	11,5	19,1
Total	68,8	46,4	57,4


Fonte: INE, Encuesta de Población Activa.

Ocupación

A ocupación en Galicia durante 2005 mantivo unha estrutura sectorial similar á que describían os datos da antiga EPA e amosaba aínda un peso relativo importante das actividades do sector primario sobre o conxunto do emprego (10,7% do total), porcentaxe que é máis do dobre da media nacional (5,3%). O sector de servizos é o que concentra a maior parte da ocupación (59% fronte ao 65% do conxunto nacional), é o peso da industria (19,2%) e da construción (11,1%) similar á media española. Gali-

Gráfico 5.

Distribución sectorial do emprego. Ano 2005




cia representa tan só o 6% da ocupación total nacional e existen diferenzas ao desagregar por sectores económicos. A agricultura galega representa o 12,1% do emprego total nacional do sector, evidénciase a importancia de nosa actividade primaria. A industria representa un 6,6% do emprego industrial español, mentres que construción e servizos se sitúan no 5,3% e 5,4% respectivamente. Porén, esta descrición xeral da estrutura sectorial do emprego non é homoxénea no conxunto da economía galega, senón que se ve matizada pola situación existente nas diferentes provincias.

Así, en primeiro lugar, o peso da agricultura é moi alto na provincia de Lugo, cun 22% do emprego total da provincia, mentres que, no resto, a porcentaxe sitúase entre o 8% na Coruña e o 10% en Ourense e Pontevedra. Lugo, xa que logo, presenta aínda un peso do emprego primario moi elevado mesmo con relación á media galega, e moito máis respecto á media nacional. A tendencia secular de modernización dos procesos agrarios e o abandono das actividades primarias a prol das actividades industriais e de servizos fai intuír que nesta provincia se poden producir aínda certos axustes sectoriais no emprego. Unha posíbel vía para que este reaxuste se produza sen efectos negativos importantes sobre o mercado de traballo (especialmente sobre o desemprego) consiste

Gráfico 6.

Distribución sectorial do emprego por provincias. Ano 2005



Cadro núm. 4

Ocupación por sectores económicos e provincias. 2005

(miles de persoas)

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	Media
A Coruña					
Agricultura e pesca	38,2	32,2	36,6	37,8	36,2
Industria	88,2	88,1	94,7	87,2	89,6
Construción	52,3	53,9	54,8	52,9	53,5
Servizos	282,8	285,7	291,9	298,7	289,8
Total	461,5	459,9	478,0	476,6	469,0
Lugo					
Agricultura e pesca	33,6	36,5	29,8	24,4	31,1
Industria	22,8	20,6	20,1	18,7	20,6
Construción	12,1	12,9	17,2	16,2	14,6
Servizos	76,8	76,2	79,6	80,6	78,3
Total	145,3	146,2	146,7	139,9	144,5
Ourense					
Agricultura e pesca	15,5	13,5	12,9	9,3	12,8
Industria	21,3	22,0	22,5	22,4	22,1
Construción	13,4	14,2	15,4	13,7	14,2
Servizos	71,4	75,2	74,2	78,1	74,7
Total	121,6	124,9	125,0	123,5	123,8
Pontevedra					
Agricultura e pesca	41,9	41,1	41,8	38,7	40,9
Industria	86,0	85,9	86,5	82,7	85,3
Construción	38,0	40,1	45,5	47,7	42,8
Servizos	218,1	215,3	233,5	228,4	223,8
Total	384,0	382,4	407,3	397,5	392,8
Galicia					
Agricultura e pesca	129,2	123,3	121,1	110,2	121,0
Industria	218,3	216,6	223,8	211,0	217,4
Construción	115,8	121,1	132,9	130,5	125,1
Servizos	649,1	652,4	679,2	685,8	666,6
Total	1.112,4	1.113,4	1.157,0	1.137,5	1.130,1

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa.

en que a redución da ocupación agraria se realice a través da xubilación (e polo tanto mediante o abandono da actividade) dunha parte da poboación ocupada no sector.

O peso da industria tamén é diferente na provincia de Lugo respecto ao conxunto galego, cunha porcentaxe do 14% dos ocupados totais. No resto de provincias, o sector representa unha maior proporción do emprego e é Pontevedra a que presenta un peso do sector máis elevado (22%). A importancia da construción (motor da econo-

mía nos últimos anos) é semellante nas 4 provincias galegas (entre o 10% e o 11%) o que amosa que o efecto da actividade construtora sobre o emprego foi similar en todo o territorio galego.

Outra das características destacábeis que presenta a ocupación galega é a desigual distribución por provincias. As provincias atlánticas configúranse como as de maior peso no emprego total, mentres que o interior representa unha porcentaxe moito máis reducida, algo que xa apuntaban os datos da antiga EPA. Se sumamos o emprego da Coruña e de Pontevedra, atopamos que o 76,3% da ocupación total corresponde a estas dúas provincias. Por sectores económicos, o 63,7% do emprego do sector primario, o 80,4% da ocupación industrial, o 77% do emprego da construción e o 77% do emprego do sector servizos concéntrase na franxa atlántica. Este dato, posto en relación coa información que proporciona a antiga EPA para anos anteriores, confirma a existencia dun proceso de polarización da actividade económica no eixe atlántico, que concentra a maior parte do emprego en todas as ramas de actividade.

A estrutura da ocupación por situación profesional sitúa a Galicia por debaixo da media nacional en canto á taxa de asalariado. Así, no conxunto da economía española o 81,7% dos ocupados son asalariados, mentres que esta porcentaxe en Galicia se reduce ao 74,4%. Esta taxa é inferior tanto para o caso dos homes (79,2% fronte ao 74,2% galego) coma para o das mulleres (85,3% fronte ao 74,7%). Esta diferenza vai acompañada dun distinto peso relativo do autoemprego, consecuencia da importancia do sector primario na ocupación galega. Galicia sitúase por enriba da media en canto á porcentaxe de autoempregados (traballadores por conta propia ou de cooperativas, empregador ou empresario sen asalariados). Para a media de 2005, o porcentaxe de traballadores por conta propia en Galicia era 7,3 puntos superior á media nacional (25,5% fronte a 18,2%); isto amosa na desagregación por sexos unha diferenza moi ampla no caso das mulleres xa que o 25,1% das ocupadas galegas sono por conta propia e esta porcentaxe redúcese ao 14,5% no conxunto español. A importancia da actividade e a ocupación feminina no sector primario proporciona a explicación a este feito: o 72,5% das mulleres ocupadas no sector primario son empresarias ou membros de cooperativas. Tamén é importante a diferenza existente na subcategoría de empresarios sen asalariados xa que a distancia entre a economía española e a galega (4,7 puntos a prol de Galicia) se debe fundamentalmente ao maior peso das mulleres (cunha porcentaxe do 16,3% do total de ocupadas, practicamente dobrando a media nacional, 8,6%).

Outra das diferenzas entre Galicia e o conxunto de España respecto á estrutura do emprego por situación profesional é o distinto peso de cada colectivo por sectores económicos. Así, o número de autoempregados no sector primario é superior no caso galego (o 62,4% do total de ocupados do sector son empresarios ou membros de cooperativas), cun peso moito máis reducido dos asalariados (19,7% do total). No conxunto de España a situación está máis equilibrada, cunha importancia lixeiramente superior dos asalariados sobre o total do emprego (49%) cós autoempregados (41,4%). No resto de sectores, a estrutura é similar, se ben con pequenas diferenzas en canto aos sectores de construción e de servizos, onde a porcentaxe de autoempregados é

Cadro núm. 5

Ocupación por situación profesional. 2005

	Galicia		España	
	Miles de persoas	% sobre o total	Miles de persoas	% sobre o total
Homes				
Por conta propia	168,8	25,7	2.348,0	20,6
Empregador	53,3	8,1	742,9	6,5
Empresario sen asalariados ou traballador independente	99,1	15,1	1.420,2	12,5
Membro de cooperativa	2,3	0,4	57,4	0,5
Axuda familiar	14,0	2,1	127,6	1,1
Asalariados	486,7	74,2	9.025,5	79,2
Do sector público	87,5	13,3	1.401,1	12,3
Do sector privado	399,1	60,8	7.624,4	66,9
Outra situación profesional	0,6	0,1	15,2	0,1
Total	655,9	100,0	11.388,8	100,0
Mulleres				
Por conta propia	118,9	25,1	1.097,4	14,5
Empregador	18,8	4,0	237,2	3,1
Empresario sen asalariados ou traballador independente	77,2	16,3	655,5	8,6
Membro de cooperativa	1,7	0,4	25,6	0,3
Axuda familiar	21,2	4,5	179,2	2,4
Asalariados	354,3	74,7	6.476,5	85,4
Do sector público	95,2	20,1	1.463,1	19,3
Do sector privado	259,0	54,6	5.013,5	66,1
Outra situación profesional	1,1	0,2	10,6	0,1
Total	474,2	100,0	7.584,5	100,0
Total				
Por conta propia	287,6	25,5	3.445,4	18,2
Empregador	72,2	6,4	980,1	5,2
Empresario sen asalariados ou traballador independente	176,3	15,6	2.075,7	10,9
Membro de cooperativa	4,1	0,4	82,9	0,4
Axuda familiar	35,2	3,1	306,8	1,6
Asalariados	840,9	74,4	15.502,1	81,7
Do sector público	182,8	16,2	2.864,2	15,1
Do sector privado	658,1	58,2	12.637,9	66,6
Outra situación profesional	1,6	0,1	25,8	0,1
Total	1.130,1	100,0	18.973,3	100,0

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa.

superior á media española. A desagregación da ocupación en cada sector por situación profesional complementa esta descrición. Así, a porcentaxe de autoempregados totais concéntrase nos sectores primarios e de servizos (o 29,9% e o 48,4% do total de empresarios correspondían a estes sectores, respectivamente). Esta estrutura amosa as diferenzas tradicionais que existen no sector primario entre Galicia e o resto de España. A estrutura minifundista e unha actividade económica baseada nas pequenas explotacións seguen supoñendo unha importancia relativamente alta da agricultura no emprego total galego, o que se traduce en menores taxas de asalariados do sector, moito máis elevadas no conxunto de España, onde a estrutura produtiva está baseada en maior medida en explotacións de maior tamaño, cun número relativamente importante de asalariados.

Os datos de afiliación á Seguridade Social complementan esta visión por provincias. Así, se o total de réximes experimentaba un incremento para o conxunto de Galicia do 2,8% respecto a 2004, a distribución provincial é desigual. A Coruña e Pontevedra son as dúas provincias onde máis medra a afiliación, 3% e 3,2% respectivamente.



Cadro núm. 6

Afiliación á Seguridade Social por réximes e provincias

Taxa de variación media anual (en %)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Réxime xeral					
2003	3,4	3,8	2,2	3,4	3,3
2004	3,3	2,0	1,7	3,0	2,9
2005	3,5	4,0	2,4	3,8	3,5
Réxime especial agrario					
2003	-3,1	-3,1	-6,8	-3,3	-3,6
2004	-3,3	-3,3	-6,9	-4,8	-3,9
2005	-4,9	-5,3	-8,6	-6,7	-5,8
Réxime especial de autónomos					
2003	2,5	0,9	0,9	3,2	2,3
2004	3,8	3,7	2,2	4,1	3,7
2005	2,9	3,0	1,8	3,4	3,0
Réxime especial do mar					
2003	0,0	-0,9	-	-0,8	-0,6
2004	-0,8	0,0	-	-2,4	-1,8
2005	-1,4	0,0	-	-3,1	-2,4
Total réximes					
2003	2,8	1,8	1,3	2,9	2,5
2004	3,0	1,3	1,3	2,6	2,4
2005	3,0	2,2	1,8	3,2	2,8

Gráfico 7.
Afiliados á Seguridade Social en alta laboral. 2002-2005



En Lugo, e especialmente en Ourense, a dinámica é máis débil, con taxas respectivas do 2,2% e do 1,8%. A caída no réxime especial agrario, que é xeral en toda Galicia e que mesmo se acelera respecto a anos anteriores, é moi intensa en todas as provincias, especialmente en Ourense, onde cae un 8,6%, seguida de Pontevedra, cunha redución do 6,7%, Lugo, cunha redución do 5,3% e A Coruña, onde a redución acada o 4,9%. Este dato confirma as tendencias observadas verbo da evolución decrecente no tempo do sector agrícola. Ademais, os datos de afiliación amosan que o outro sector primario con réxime especial (o réxime especial do mar) tamén experimentou unha redución no número de traballadores en alta laboral, cunha desigual incidencia por provincias: se no conxunto de Galicia a afiliación se reduce un 2,4%, esta é moito máis acentuada en Pontevedra (3,1%) e na Coruña (1,4%), e Lugo presenta unha taxa de variación anual nula.

Ademais, estes datos amosan que a evolución do número de autónomos foi positiva respecto a 2004. Así, o número de traballadores en alta laboral baixo este réxime especial aumenta para o conxunto de Galicia nun 3%; Ourense é a menos dinámica das catro provincias neste sentido xa que presenta unha taxa de variación do 1,8%. A importancia deste grupo é crecente no tempo xa que desde 2002 o número de traballadores autónomos medrou en termos relativos un 9,2%.

Unha das características do mercado de traballo español nos últimos anos é o importante peso do emprego temporal sobre o total da ocupación, de forma que España presenta unha das maiores taxas de temporalidade de toda a Unión Europea.¹ Este feito vese confirmado polos datos da EPA correspondentes a 2005 xa que esta taxa (porcentaxe de ocupados con contrato temporal sobre o total de asalariados) se sitúa no 33,4%. Ademais, os datos amosan unha incidencia por sexos lixeiramente maior no caso das mulleres, que cunha taxa do 35,7% superan a do 31,7% dos homes.

Esta imaxe xeral de alta temporalidade confirmase para o caso galego. A taxa global de temporalidade elévase ao 34,9%. En canto ás taxas por sexos son tamén máis elevadas cá nacional. Os homes presentan unha taxa do 33,5%, mentres que no caso das mulleres a cifra elévase ata o 36,7%. Polo tanto, a pesar de non dispoñer de datos anteriores respecto aos que poder comparar a evolución, si podemos indicar que o grao de precariedade do emprego na economía galega é elevado. Esta imaxe complementase cos datos proporcionados polo INEM relativos a contratación. Como se comentou, a contratación medra durante 2005 máis ca en 2004, con 756.758 contratos asinados, un 3,2% máis ca no ano precedente. Destes, tan só o 4,7% foron contratos indefinidos, en calquera das súas modalidades. A contratación temporal supuxo o 91,5% dos contratos totais. Estes datos confirman, pois, a imaxe de precariedade que apun-

¹ En maio de 2006 o Goberno de España e as principais organizacións empresariais e sindicatos de traballadores asinaron un acordo social que ten por obxectivo reducir a temporalidade e mellorar a calidade no emprego. Respecto á temporalidade, o acordo contempla a transformación automática dos contratos temporais encadeados (dous ou máis contratos para un mesmo posto durante máis de dous anos nun prazo de 30 meses) á modalidade de indefinido.

tan os datos da EPA. Como matización, cómpre destacar que durante 2005 a contratación indefinida medrou a unha taxa (13,3%) máis elevada cá contratación temporal (3,1%). Dentro dos contratos temporais, o contrato de obra e o contrato eventual son as figuras máis empregadas, xa que entre ambos suman máis do 85% do total (41,9% para o contrato de obra e 45,1% para o contrato eventual). Pola súa parte, os contratos a mozos en etapa de prácticas e formación supoñen tan só o 3% do total, cun incremento interanual da primeira figura do 6,9% e cunha redución na segunda do 6,7%. A distribución por sexos é máis equilibrada, cun peso do grupo das mulleres do 46,1% do total de contratos.

Cadro núm. 7

Contratos rexistrados segundo tipo. Galicia

	Núm. de contratos			% variación	
	2003	2004	2005	2003-2004	2004-2005
Indefinidos					
Ordinarios	17.273	17.393	20.907	0,7	20,2
Fomento do emprego	13.710	13.295	13.881	-3,0	4,4
Minusválidos	465	545	602	17,2	10,5
Total indefinidos	31.448	31.233	35.390	-0,7	13,3
Temporais					
Obra	273.109	278.444	289.911	2,0	4,1
Eventual	274.962	294.076	312.072	7,0	6,1
Interinidade	68.898	68.620	65.492	-0,4	-4,6
Minusválidos	503	548	699	8,9	27,6
Inserción	11.717	7.090	787	-39,5	-88,9
Relevo	667	869	1.290	30,3	48,4
Xubilación parcial	647	888	1.265	37,2	42,5
Substitución	29	60	58	106,9	-3,3
Temporais formativos					
■ Prácticas	6.565	6.735	7.197	2,6	6,9
■ Formación	15.298	14.255	13.303	-6,8	-6,7
Total temporais	652.395	671.585	692.074	2,9	3,1
Outros	31.038	30.193	29.294	-2,7	-3,0
Total contratos	714.881	733.011	756.758	2,5	3,2

Fonte: INEM, *Estadística de Empleo*.

Por provincias, A Coruña é a que rexistra a maioría dos contratos totais (42,9% do total) seguida por Pontevedra (39,2%), reflectindo de novo o superior dinamismo e a maior importancia do emprego no eixe atlántico. As provincias do interior representan unha porcentaxe moito menor da contratación, especialmente Ourense, onde esta representa tan só o 7,8% do total galego.

Dos máis de 750.000 novos contratos, a maioría (un 73,6%) foron asinados no sector de servizos, en liña coa importancia do sector dentro da ocupación total. A construción subministra o 12,4% do total e o peso da industria redúcese ata o 11,2%. O sector primario (que inclúe a pesca) supón o 2,8% restante.

Desagregando os contratos totais por tipo de xornada, cómpre destacar o uso maioritario do contrato a xornada completa (77,2% do total). Esta porcentaxe é moito maior no caso dos homes ca no das mulleres, grupo no que a porcentaxe de contratos a tempo parcial é do 31,4%. Este feito apunta a que a conciliación da vida laboral coa familiar no caso das mulleres se pode estar producindo a través dun maior recurso ao contrato a tempo parcial, xa que a porcentaxe deste grupo é o dobre da correspondente á dos homes. Por último, a importancia dos fixos discontinuos é simbólica, con 0,3% do total, cunha incidencia similar por sexos.

Desemprego

O desemprego, igual cá actividade e cá ocupación, tamén presenta unha desigual incidencia por tramos de idade. A media de persoas desempregadas durante o ano 2005 concéntrase no tramo de 25 a 54 anos, cun 69,2% do total. O tramo de poboación máis nova representa o 22,5% dos desempregados, mentres que a poboación maior de 54 anos representa tan só o 8,3% restante. A diferente incidencia do desemprego por tramos de idade, unido ás diferenzas existentes en canto á actividade, supón que os diferentes tramos de poboación activa presenten taxas de paro moi desiguais. A poboación en idade máis nova (entre 16 e 25 anos) amosa a taxa máis elevada de todos os grupos (21%), mentres que a do grupo entre 25 e 55 se sitúa lixeiramente por

debaixo da media galega para 2005 (9%). Ao tramo superior de idade (55 e máis anos) correspóndelle a taxa máis reducida de todos os grupos (6,3%). Esta desigual incidencia do desemprego por grupos de idade non é unha característica definitoria do mercado de traballo galego xa que as correspondentes taxas nacionais para cada grupo de idade presentan unha estrutura similar.

Por sexos, os datos da EPA amosan unha diferente incidencia para cada tramo de idade. De feito, as taxas correspondentes aos homes son moi similares ás medias nacionais por grupo. Polo tanto, o comportamento do desemprego en Galicia durante 2005 diferénciase do nacional debido ao maior paro no grupo das mulleres, especial-

Cadro núm. 8

Taxas de paro por sexo e grupos de idade (en %). 2005

	Homes	Mulleres	Total
Galicia			
De 16 a 24 anos	16,4	26,6	21,0
De 25 a 54 anos	6,3	12,5	9,0
De 55 e máis anos	5,0	8,0	6,2
Total	7,2	13,5	9,9
España			
De 16 a 24 anos	16,7	23,5	19,7
De 25 a 54 anos	5,9	10,9	8,0
De 55 e máis anos	5,2	7,3	5,9
Total	7,0	12,2	9,2

mente no das menores de 25 anos, cunha taxa do 26,6%, superior en 3,1 puntos á media nacional do grupo.

Por provincias, a incidencia do paro é moi diferente. Pontevedra presenta a taxa de desemprego máis elevada de toda a Comunidade (11%), seguida de Ourense (10,5%) e da Coruña (9,9%). Lugo é a única provincia que presenta unha taxa inferior á media galega (e inferior á media nacional), cun 6,7%. As diferenzas por sexos son aínda máis notábeis. Os homes presentan unha taxa arredor do 7,5% en todas as provincias (agás Lugo, que se sitúa practicamente no pleno emprego dos homes, cunha taxa do 4,6%). As mulleres, en cambio, presentan taxas moi superiores, especialmente en Pontevedra (15,8%) e en Ourense (13,9%). Lugo, de novo, é a excepción, cunha taxa de paro feminina do 9,5%.

A porcentaxe de parados de longa duración (é dicir, que leva nesa situación máis dun ano) elévase ao 36,3% do total de desempregados, cifra moi superior á correspondente para o conxunto nacional (28,9%). Ademais, a incidencia por sexos é moi desigual, de forma que o fenómeno do desemprego de longo prazo lles afecta especialmente ás mulleres. Do total de parados no conxunto da economía galega, o 12,8% eran homes desempregados de longa duración, mentres que o 23,4% eran mulleres en idéntica situación. Se analizamos a composición específica do grupo de desempregados de longa duración atopamos que dos 45.225 traballadores nesta situación na media de 2005, o 64,9% eran mulleres (a porcentaxe correspondente ao conxunto nacional é do 61,8%). Dentro de cada grupo (homes e mulleres) a incidencia é tamén diferente. Do total de homes desempregados, o 31,4% sono de longa duración, mentres que dentro do grupo das mulleres esta porcentaxe se eleva ao 39,6%. Estes datos indican que na economía galega existe unha maior dificultade ca no resto de España para incorporar á ocupación este tipo de desempregado, especialmente no caso das mulleres. Unha vez perdido o emprego, a posibilidade de permanecer durante un longo período de tempo nesta situación é moi alta no caso deste grupo. Iso pode xerar fenómenos de perda de cualificacións (o que á súa vez reduce aínda máis as probabilidades de atopar un novo traballo) ou a retirada definitiva do desempregado da actividade, debido ao efecto desánimo que unha longa estancia no paro xera.

A incidencia do desemprego tamén é distinta en función do nivel educativo do traballador. Os datos da EPA amosan que en 2005 os traballadores parados con nivel educativo ata Educación Secundaria (todos os niveis) representaban o 54,4% do total, porcentaxe similar á da media nacional (56,7%). Si existe unha diferenza máis apreciable entre Galicia e o conxunto nacional en canto á porcentaxe de parados con educación superior (incluíndo doutoramento): na nosa Comunidade este grupo representa o 33,4% do total de parados, mentres que en España esta porcentaxe ascende ao 23,1%. Ademais, non existen diferenzas entre Galicia e o conxunto nacional no peso deste grupo de traballadores sobre o total dos activos. Nos dous casos, os traballadores con estudos superiores representan o 31,3% da poboación activa. Este dato pon de relevo as maiores dificultades que existen en Galicia para que este grupo de activos acceda a un posto de traballo axeitado ao seu nivel formativo, coa posibilidade de que

estes traballadores, que presentan un alto nivel de cualificación, acaben por buscar emprego no resto do territorio nacional ou por aceptar empregos que se desaxustan ao seu perfil profesional.

Os datos de desemprego rexistrado polo SISPE permiten analizar a evolución temporal deste, así coma a súa composición sectorial. Como se comentou, o desemprego rexistrado cae ao longo de todo o ano, especialmente a partir da segunda metade, co que respecto a 2004 a taxa de variación é do $-2,7\%$. Esta redución concéntrase fundamentalmente nos sectores de construción e industria, con taxas de variación de -3% e $-2,8\%$ respectivamente. Os servizos (que segundo os datos de anos anteriores era un dos sectores máis dinámicos en canto a emprego) presentan unha redución modesta

Cadro núm. 9

Paro rexistrado por sectores económicos e sexo. Nova metodoloxía SISPE
(medias anuais en miles de persoas)

	2002	2003	2004	2005
Agricultura e pesca	4.564,2	4.431,8	4.895,3	4.937,7
Construción	17.548,6	18.718,8	19.474,9	18.895,9
Industria	29.008,0	29.232,3	28.401,6	27.601,6
Servizos	87.127,4	91.425,7	95.642,2	95.293,3
Sen emprego anterior	30.132,7	30.861,8	28.454,0	25.341,8
Homes	102.748,7	106.894,9	108.306,0	106.854,7
Mulleres	65.632,2	67.775,5	68.561,9	65.215,7
Total	168.380,8	174.670,3	176.868,0	172.070,3

Fonte: INEM, *Estadística de Empleo*.

no desemprego rexistrado ($-0,4\%$). O sector primario (que engloba a agricultura e a pesca) é o único que experimenta un lixeiro aumento ($0,9\%$). Por último, o colectivo de desempregados sen emprego anterior experimenta unha forte redución ($10,9\%$), e é o grupo que máis subministra á redución total do desemprego rexistrado (dos 4.798 desempregados menos en 2005, 3.112 eran parados sen emprego anterior). Esta evolución supón que para o conxunto do ano a distribución dos desempregados en Galicia estea moi concentrada no sector de servizos ($55,4\%$ do total de parados), seguido da industria (16%), o colectivo de traballadores sen emprego anterior ($14,7\%$) e a construción (11%). O desemprego rexistrado no sector primario supón tan só o $2,9\%$ do total de parados, unha cifra idéntica á media española. Polo tanto, non se pode culpar a este sector da evolución do paro en Galicia. As bolsas de desempregados concéntranse nos sectores non-agrarios, o que confirma a tendencia apuntada anteriormente de que o abandono das actividades produtivas se está producindo a través das xubilacións dos titulares das explotacións (redúcese o número de afiliados ao réxime agrario da Seguridade Social sen que se incremente significativamente o número de desempregados rexistrados no sector).

Salarios, prezos e custos laborais


A *Estadística de Convenios Colectivos* publicada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais amosa que para o conxunto de convenios, o incremento salarial pactado tendeu a situarse por enriba da taxa de inflación, agás nos dous últimos meses do ano. Este incremento amosou un comportamento estábel ao longo do ano, arredor do 3,5%, e reduciuse suavemente ata o 3,4% en novembro e decembro. Pola súa parte, a habitual diferenza en canto ao incremento salarial pactado entre os convenios negociados a nivel de empresa e os de ámbito superior, confirmábase cos datos de 2005. Así, os primeiros fixaron un crecemento salarial dentro dunha estreita banda entre o 2,6% e o 2,9%. Os convenios de ámbito superior, pola súa parte, son os que establecen crecementsos salariais máis elevados, moi afastados da taxa de inflación, especialmente nos meses centrais do ano, onde o diferencial entre ambas as variábeis acadou as 8 décimas. Estes datos poñen de manifesto que a negociación realizada a nivel microeconómico é máis favorábel á contención salarial.

Iso débese a que neste tipo de negociacións se adoitan pactar máis condicións cás estritamente salariais, como son a existencia de cláusulas relativas ás condicións de traballo, aos permisos, á duración da xornada, aos comedores de empresa, etc. Obviamente estas cláusulas son de máis doada implementación baixo este nivel de negociación que en ámbitos superiores, onde a heteroxeneidade das empresas pode impedir as negociacións sobre cuestións diferentes ás estritamente salariais. En todo caso, e a xeito de reflexión, avanzar neste tipo de negociación microeconómica pode axudar a axustar as condicións salariais da empresa á súa realidade económica e a evitar así excesivas cargas en canto a custos salariais. Porén, os datos da *Estadística de Convenios Colectivos* amosan que o número de traballadores cubertos por este tipo de negociación é decrecente no tempo. Ademais, a reforma do mercado de traballo pactada en 2006 non contempla ningunha modificación dos sistemas de negociación colectiva, co que as tendencias observadas dunha importancia crecente no tempo da negociación sectorial se manterán ou se reforzarán.

A *Encuesta Trimestral de Costes Laborales* publicada polo INE ofrécenos unha visión complementaria da evolución dos custos reais do emprego nos sectores non-primarios respecto a anos anteriores. Así, para o conxunto de actividades non-agrícolas, o custo

Gráfico 8.

Taxa de variación interanual do IPC e do incremento salarial revisado por tipo de convenio (en %). Galicia



Cadro núm. 10

Custo laboral por traballador, sector de actividade e compoñentes do custo

	Medias anuais (en euros)				Taxa de variación anual (%)		
	2002	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Industria							
Custo total	1.838,7	1.903,0	1.947,2	2.034,6	3,5	2,3	4,5
Custo salarial total	1.366,1	1.397,6	1.434,2	1.470,3	2,3	2,6	2,5
Custo salarial ordinario	1.199,4	1.215,1	1.226,2	1.243,1	1,3	0,9	1,4
Outros custos	472,5	505,4	513,0	564,3	7,0	1,5	10,0
Custo por percepción non-salariais	34,3	51,4	52,1	94,1	49,9	1,3	80,7
Custo por cotización obrigatorias	451,0	467,6	477,5	488,7	3,7	2,1	2,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,8	13,6	16,6	18,6	6,9	21,6	12,2
Construción							
Custo total	1.573,1	1.739,2	1.698,9	1.802,5	10,6	-2,3	6,1
Custo salarial total	1.123,8	1.220,7	1.190,4	1.247,4	8,6	-2,5	4,8
Custo salarial ordinario	1.020,1	1.099,3	1.078,4	1.125,4	7,8	-1,9	4,4
Outros custos	449,3	518,5	508,6	555,1	15,4	-1,9	9,1
Custo por percepción non-salariais	57,4	93,3	83,9	111,9	62,4	-10,1	33,5
Custo por cotización obrigatorias	399,1	432,4	433,2	455,8	8,3	0,2	5,2
Subvencións e bonificacións da S. Social	7,2	7,2	8,4	12,6	-0,2	17,1	49,7
Servizos							
Custo total	1.626,1	1.660,1	1.700,2	1.733,6	2,1	2,4	2,0
Custo salarial total	1.218,1	1.230,7	1.255,1	1.276,1	1,0	2,0	1,7
Custo salarial ordinario	1.062,8	1.072,3	1.093,5	1.104,9	0,9	2,0	1,0
Outros custos	408,0	429,3	445,2	457,5	5,2	3,7	2,8
Custo por percepción non-salariais	40,5	59,1	65,3	68,6	45,9	10,5	5,0
Custo por cotización obrigatorias	379,0	384,6	393,9	404,5	1,5	2,4	2,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,5	14,4	14,0	15,6	24,6	-2,4	10,9
Total							
Custo total	1.673,7	1.734,2	1.761,4	1.815,6	3,6	1,6	3,1
Custo salarial total	1.242,1	1.271,5	1.290,1	1.318,1	2,4	1,5	2,2
Custo salarial ordinario	1.092,1	1.112,8	1.124,3	1.141,0	1,9	1,0	1,5
Outros custos	431,6	462,7	471,3	497,5	7,2	1,9	5,6
Custo por percepción non-salariais	41,6	62,5	64,8	81,0	50,2	3,6	25,1
Custo por cotización obrigatorias	401,2	413,2	420,4	432,2	3,0	1,7	2,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,2	13,1	13,8	15,8	16,9	5,9	14,5

Fonte: INE, Encuesta Trimestral de Costes Laborales.

total medio situouse en 2005 en 1.815,6 euros por traballador, por debaixo da media nacional (2.110,1 euros). Esta cifra supón que esta variábel medrou respecto ao ano precedente un 3,1%, incremento superior ao rexistrado en 2004, que fora do 1,6%. Se desagregamos os seus compoñentes, atopamos que o custo salarial ordinario aumenta un 1,5%, mentres que a partida «doutros custos» medra un 5,6%. Son destacábeis os incrementos tanto nos custos por percepcións non-salariais (un 25,1%, aínda que este epígrafe supón unha porcentaxe pequena do custo total) coma nas subvencións e bonificacións da Seguridade Social (14,5%). Estes datos reflicten as políticas de fomento do emprego e de integración de determinados colectivos no mercado de traballo. Por sectores económicos, os datos amosan que a diferenza do acontecido en 2004, o sector da construción é o que presenta un maior incremento do custo total. Durante 2004, pola contra, este sector fora o único que amosara unha redución nos custos laborais. O incremento rexistrado en 2005 débese fundamentalmente ao incremento no compoñente salarial ordinario e noutros custos (4,4% e 9,1% respectivamente), aínda que as subvencións e as bonificacións experimentan un incremento acusado, do 49,7%. O resto de sectores presenta unha evolución á alza desta variábel, se ben non de forma tan dinámica coma a construción. Así, na industria medra un 4,5% e nos servizos un 2%. Precisamente este sector é o que amosa un comportamento máis moderado, cun aumento do custo salarial ordinario de tan só o 1%, o máis reducido dos sectores contemplados pola enquisa. Ademais este sector é o único no que os custos medran menos cá media nacional, xa que tanto para o conxunto coma para a industria e construción, as taxas de variación interanuais son superiores en Galicia.

An aerial photograph of agricultural fields, showing a grid of roads and various colored plots. A semi-transparent blue overlay covers the bottom half of the image. The text "II. Agricultura" is centered in the white area of the overlay.

II. Agricultura

Algúns acontecementos relevantes en 2005

Con relación aos feitos máis relevantes para a agricultura galega ocorridos en 2005 hai que destacar, desde os asuntos máis xerais aos máis concretos:

- A continuación da Rolda de Doha, das negociacións multilaterais de comercio no seo da Organización Mundial de Comercio (OMC).
- A aprobación das perspectivas financeiras da Unión Europea para o período de 2007-2013, así coma o novo Regulamento sobre os fondos estruturais e de desenvolvemento rural.
- A aplicación da reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC) e das medidas preparatorias do dereito de pago único.
- O Plan de reestruturación do sector produtor lácteo do Ministerio de Agricultura.

As negociacións da Organización Mundial de Comercio

As negociacións para acadar un novo acordo multilateral de comercio no seo da OMC aínda continúan case cinco anos despois de comezar. A Conferencia Ministerial de Hong Kong en decembro de 2005 foi incapaz de chegar a uns acordos finais para concluír a actual Rolda de negociacións. Esta Conferencia Ministerial foi a terceira celebrada desde a de Doha no ano 2001, que establecera o mandato de negociacións en varias materias relativas ao comercio, entre elas a agricultura.

Ao non poder concluír cuns acordos finais, o cumio de Hong Kong estableceu unha prórroga para seguir as negociacións e invitou a chegar a un acordo final no ano 2006. No primeiro trimestre deste ano están previstas unhas xuntanzas específicas entre os seis principais grupos ou países negociadores: a Unión Europea, Estados Unidos, Xapón, India, Australia e Brasil.

As negociacións, en materia de agricultura, están centradas en tres aspectos:

- A mellora do acceso aos mercados, con propostas de reducións do 40 ao 60% sobre os niveis arancelarios existentes.
- A redución das subvencións ás exportacións con vistas á súa total eliminación para o ano 2013.
- A redución do nivel de apoio á produción interna; os obxectivos son unha redución do 60% na medida global de apoio, a eliminación das axudas ligadas á produción e a revisión das que se aceptan como parcialmente desconectadas.

Hai un tratamento diferencial para os países desenvolvidos e para os que están aínda en vías de chegaren a selo, para os que se establecen certas excepcións e medidas especiais; os niveis de redución indicados anteriormente son os que lles afectan aos países desenvolvidos. As negociacións en materia de agricultura son complexas, ao teren que tomar tamén en conta outros aspectos non comerciais como son a protección ambiental, a seguridade alimentaria, o axuste estrutural e o desenvolvemento rural, así coma por ter que incluír o control de diferentes instrumentos existentes en cada un deses tres piares da negociación agraria, como son, por exemplo, no caso das subvencións ás exportacións outras medidas relacionadas, como a axuda alimentaria, os créditos de exportación e as empresas estatais ou corporacións de exportación.

O comercio dos produtos agrarios segue sendo unha cuestión clave para acadar un acordo final. Os asuntos pendentes son a redución de aranceis e o acceso aos mercados. A postura da Unión Europea é non facer máis concesións senón hai outras recíprocas en produtos industriais e nos servizos.

As perspectivas financeiras e os novos Fondos Agrarios

O Consello Europeo de decembro de 2005 aprobou as perspectivas financeiras para o período 2007-2013 cun teito do 1,045% da Renda Nacional Bruta da Unión Europea. O acordo inclúe un compromiso de revisión para 2008-09 das principais partidas de gasto e de recursos, incluíndo a Política Agraria Común e o cheque británico.

O acordo reduce de modo substancial o presuposto con respecto ao existente, tendo en conta a ampliación da Unión Europea cos dez novos países que se integraron en 2004 máis Bulgaria e Romanía que, previsibelmente, o serán a partir de 2007, aínda que non tanto como pretendía a proposta da presidencia británica.

Con relación á agricultura, cómpre destacar que non se altera o acordo orzamentario da reforma de 2003, no referente ás medidas de mercado e das axudas directas. Assignáronse un total de 43.120 millóns de euros para o ano 2007 que descenderán nun 5,7% (en valores constantes do ano 2004) ata uns 40.645 millóns no final do período, no 2013. Pola contra, os recursos para o desenvolvemento rural quedan reducidos ata uns 69.750 millóns de euros para todo o período (antes de incorporar os que proveñan da modulación das axudas directas), dos que 33.010 millóns quedan reservados para os novos 10 Estados membros máis Romanía e Bulgaria. Debido a este recorte o Acordo contempla a posibilidade de que os Estados membros poidan dedicarlle máis fondos ao desenvolvemento rural ao aplicarlles unha modulación adicional de ata un 20% ás axudas que lles foron asignadas pola reforma de 2003.

Por todo isto este Acordo pode avaliarse como preocupante para a agricultura, tanto pola revisión que precisa a curto prazo, que puidera desembocar nunha nova reforma intermedia no ano 2008-09, coma polo recorte que se lles practicou aos fondos de desenvolvemento rural.

No ano 2005 aprobáronse, ademais, mediante os correspondentes regulamentos, un novo organismo financeiro e as bases da política de desenvolvemento rural para este período.

O Regulamento (CE)1290/2005 do Consello converte en Fondos Europeos Agrícolas ás dúas seccións actuais do FEOGA a partir de 2007. A sección Garantía pasará a ser o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), que financiará as axudas directas e as medidas de regulación dos mercados. A sección Orientación converterase no Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), que financiará as accións de mellora do medio rural.

Ademais, o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello estableceu as normas xerais que regulan a axuda comunitaria ao desenvolvemento rural financiada polo FEADER e definíronse os obxectivos aos que debe contribuír, o método de fixación das directrices estratéxicas comunitarias que se aplicarán nos plans nacionais e as medidas de desenvolvemento rural. Contempla tres eixes básicos: a mellora da competitividade das producións agroalimentarias, do medio e da calidade de vida e a diversificación da economía rural, aos que se engade un cuarto derivado da experiencia dos anteriores plans Leader. Os Estados membros teñen que establecer as súas estratexias nacionais na primeira metade do ano 2006.

A aplicación da reforma intermedia da PAC e das medidas preparatorias do dereito de pago único

Hai unha considerábel variabilidade na aplicación da reforma intermedia da PAC entre os Estados membros debido ás posibilidades contempladas no seu Regulamento de poder escoller o ano de comezo, a modalidade de aplicación, a vinculación parcial dalgunhas axudas á produción, a creación dunha reserva nacional de dereitos e a retención de ata un 10% do importe da axuda en beneficio das explotacións que cumpran determinadas pautas dentro das sinaladas no seu Regulamento. Ademais, os novos dez Estados membros teñen un réxime especial de aplicación.

Todas estas variantes aféctanlle ao importe das axudas percibidas e ás condicións de competitividade entre produtores dedicados á mesma actividade, ademais de poder influenciar tamén os volumes globais de produción, tal como xa sinalaron algúns estudos de prospectiva.¹

Nove países aplicaron xa o pago único no ano 2005, e quedan outros seis, entre eles España, pendentes de aplicala en 2006. Algúns dos países que escolleron a opción rexional de aplicación (que establece un pago uniforme por unidade de superficie fronte ao variábel, baseado nos dereitos individuais) estableceron ademais unha nova modalidade de tipo híbrido entre as dúas establecidas, por comezar coa modalidade de pagos baseada nos dereitos históricos para ir cambiando gradualmente á modalidade rexional cun pago uniforme por hectárea. Este é o caso de Dinamarca, algúns länder alemáns e de Inglaterra e Irlanda do Norte.

¹ Binfield J., Donnellan, T., Hanrahan K., Westhoff P., 2003. *The Luxembourg CAP Reform Agreement: Implications for EU and Irish Agriculture*. FAPRI-Ireland Hennessy T., 2004. *An Analysis of the Impact of Decoupling in Ireland*. FAPRI-Ireland.

A aplicación do pago único en España vai comezar no ano 2006, e está baseado na referencia histórica de cada agricultor (media das axudas cobradas nos anos 2000-2002 ás que se engaden as establecidas posteriormente como a prima do leite a partir do ano 2004). Como é coñecido, en España adoptáronse as opcións de vincular parte das axudas á produción nos cultivos herbáceos, ovino e vacún de carne, así coma o establecemento dunha reserva nacional e dun desconto adicional no vacún de carne e no leite para establecer axudas vinculadas á mellora do medio ou da comercialización.

No transcurso do ano 2005 foise desenvolvendo o proceso para establecer unha base de datos definitiva para este pago único, que levou primeiro á identificación dos agricultores titulares destes dereitos, á comunicación individual do seu importe, superficie e número de gando, á recepción das alegacións e por fin ao establecemento dos dereitos de pago individuais. Ao mesmo tempo foise establecendo a correspondente normativa de desenvolvemento do Regulamento 1782/2003 do Consello relativa a aplicación do pago único en España e de aplicación da condicionalidade.

O Plan de reestruturación do sector produtor lácteo do Ministerio de Agricultura

Pola súa repercusión nun importante incremento da cota das explotacións de leite hai que salientar este plan de reestruturación establecido en 2005 polo Ministerio de Agricultura.

Mediante este plan modificouse o sistema vixente de xestión das cotas, que era de tipo mixto, funcionando á vez uns plans de abandono e a compravenda e cesións de cota entre particulares.

Na experiencia das últimas campañas, máis de tres cuartas partes da cota transferida era mediante compravenda no mercado polo baixo volume dos plans de abandono. O impacto destes plans foi moi reducido en Galicia polas limitadas cantidades que se ían distribuír, xa que o 80% da cantidade abandonada era asignada dentro de cada comunidade autónoma de orixe. Nas tres anteriores campañas os gandeiros galegos obtiveran unhas transferencias dunhas de 83.000 toneladas anuais, das que só o 15% procedían de plans de abandono; o outro 42% adquiríase a outros gandeiros galegos, mentres que o 43% restante era mercado fora de Galicia.²

A forte demanda de cotas, impulsada tanto por un maior grao de esixencia no seu cumprimento coma pola nova prima láctea, elevou considerabelmente o seu prezo desde menos de 0,40 euros por quilo ata superar 0,70 euros en 2004, que limitaba a súa adquisición polas explotacións de menor tamaño e gravaba a súa situación financeira.

² Sineiro García F., 2005. *Problématique de la production laitière et de l'utilisation du territoire à La Galice*. 2èmes Journées Centre Européen de Recherche et d'Enseignement sur le Lait (CEREL). Rennes juillet 2005.

O Plan de reestruturación tiña como obxectivo facilitar a adquisición de cota a uns prezos limitados o que freaba a forte suba dos últimos anos e lles daba preferencia ás explotacións que polo seu menor tamaño e recursos tiveran maiores dificultades para adquirirla nas anteriores condicións do mercado. O Plan comezou por pechar a compravenda de cotas polo mercado, deixando como único modo de transferencia a súa adquisición por medio dos plans de abandono. A cantidade que se distribuíu acadou as 288.000 toneladas. A repartición efectuouse cos mesmos criterios no conxunto do Estado, sen as limitacións anteriores ligadas á comunidade de procedencia do abandono. Estabelecéronse tres niveis de asignación, segundo que a cota por ocupado fose inferior á media española (177.000 kg), estivera entre 177 e 250.000 kg ou fose superior. As explotacións dos dous primeiros grupos recibiron parte da súa cota de modo gratuíto e pagaron pola cantidade restante 0,50 euros/kg. Dentro de cada un deses niveis as cantidades que se asignaron dependían da puntuación obtida nun baremo establecido con base nas características socioeconómicas das explotacións.

De modo similar a como ocorrera nos anteriores plans, a cota abandonada en Galicia foi baixa con só 22.000 toneladas. Pola contra, as cantidades demandadas foron moi superiores e obtivéronse unhas 7.873 explotacións, un total de 177.000 toneladas de cota, que permitiu ampliar considerabelmente a cota existente desde 1.978.000 toneladas do final da campaña 2004-05 ata as 2.157.000 actuais.

A cota adquirida con este plan polas explotacións galegas tivo un custo duns 38,2 millóns de euros, pois pagaron 76.400 toneladas e recibiron outras 101.000 adicionais de modo gratuíto.

As tendencias a medio prazo do sector: producción agraria e complexo agroalimentario

Como en anteriores *Informes* trátase de achegar unha visión das tendencias a medio prazo e de utilizar as series homoxéneas de información dispoñíbel. Os últimos datos corresponden ao ano 2002, por seguir a haber un considerábel atraso na súa publicación.

Este ano, ademais de analizar as tendencias que lle afectan á produción agraria, incorporamos tamén as relativas ao complexo agroalimentario, isto é, do conxunto das actividades encadeadas de produción e transformación dos produtos agrícolas e gandeiros.

Segundo indicamos no *Informe 2004*, para o ano 1990 en adiante dispoñemos das Contas Económicas da Agricultura 1997 (CEA97), que supoñen a aplicación a este sector do Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas (SEC-95). Para o conxunto do complexo agroalimentario contamos coa serie dos anos 1995-2002, tamén do SEC-95.

Tendencias globais da produción agraria no período 1990-2002

A análise das tendencias rexistradas neste período está baseada nos datos recollidos nos cadros 1 e 2. O primeiro deles contén os resultados en prezos correntes das macromagnitudes do sector agrario galego (todas elas en metodoloxía CEA97 ou SEC-95): a serie do MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) para o decenio 1990-2000 e, para o trienio 2000-2002, as estimacións da Consellaría de Agricultura³ e as das Contas Económicas do Instituto Galego de Estatística (IGE). No segundo cadro inclúense as variábeis máis importantes en termos reais,⁴ así coma a produtividade do traballo e a renda por ocupado.

Estas dúas series contan cun ano común, o 2000, que amosa as considerábeis discrepancias existentes entre ambas, sobre todo nos valores estimados para a produción, consumos intermedios, amortizacións e subvencións e, como consecuencia, o valor engadido e sobre todo a renda agraria (cadro 1). Aínda que existen esas discrepancias nos valores absolutos, podemos facer unha aproximación á evolución en valores relativos do período 1990-2002, con base nas dúas series, enlazadas con base ao ano común de 2000.

En termos reais o valor da produción agraria no ano 2002 supera nun 3,6% o que tiña en 1990, posto que a caída de case un 9% rexistrada nos anos noventa apenas foi compensada pola recuperación dos primeiros anos desta década. As causas estiveron nas fortes reducións nos prezos, que non foron compensadas nin polos insuficientes incrementos rexistrados nos volumes de produción, nin polo reducido importe das subvencións percibidas da PAC⁵ (gráfico 1).

O valor engadido é inferior nun 13% ao do comezo do período, debido á forte redución dun 23% na década dos noventa, como resultado conxunto da evolución da produción e do aumento dos consumos intermedios, que orixinou un descenso moito maior no Valor Engadido Bruto (VEB).

A renda agraria de 2002 equivale ao 52% do valor que tiña en 1990; a orixe desta maior caída está na renda que no valor engadido no incremento das amortizacións e na diferenza acumulada duns 25 puntos porcentuais entre a evolución do índice xeral de prezos e os percibidos polos agricultores.⁶

³ Por simplificación utilízase a referencia á Consellaría de Agricultura, para non ter que ir indicando en cada caso a denominación exacta de Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (anos 2001 a agosto de 2005) e Consellaría do Medio Rural a partir desta data.

⁴ A forma exacta de obtención destes valores aparece especificada no cadro 2.

⁵ Convén lembrar que todos os resultados están referidos á rama «Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionadas» (queda pois excluída a silvicultura), e que o valor da produción está expresado en prezos básicos (que son a suma da produción a prezos ao produtor e as subvencións ligadas directamente aos produtos, «subvencións aos produtos»).

⁶ A renda agraria está deflactada polo IPC galego, mentres que o valor engadido resulta da diferenza do valor da produción deflactada polo índice de prezos percibidos e dos consumos intermedios polo índice de prezos pagados.

Cadro núm. 1

Evolución das macromagnitudes agrarias en Galicia (metodoloxía SEC-95) 1990-2002*

Valores correntes a prezos básicos, en millóns de euros

	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) Valor engadido bruto	(D) Amortizacións	(E) Outras subvencións	(F) Outros impostos	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)
1. Datos publicados polo MAPA							
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8
1991	1.601,5	511,9	1.089,6	173,4	22,2	1,6	936,8
1992	1.436,1	489,3	946,8	181,0	7,4	3,1	770,1
1993	1.478,8	485,7	993,1	192,8	19,1	2,5	816,9
1994	1.856,8	512,2	1.344,6	213,9	13,1	2,1	1.141,7
1995	2.006,2	531,3	1.475,0	227,7	14,0	1,1	1.260,2
1996	1.946,0	554,2	1.391,8	249,2	16,6	2,0	1.157,1
1997	1.787,4	624,8	1.162,6	273,7	16,0	0,0	904,9
1998	1.852,0	591,0	1.261,0	267,6	16,3	0,0	1.009,7
1999	1.707,7	700,4	1.007,3	272,0	18,4	0,0	753,6
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1
2. Estimacións da Consellaría de Política Agroalimentaria							
2000	1.820,3	668,7	1.151,6	226,0	76,9	2,8	999,7
2001	1.998,2	715,5	1.282,8	273,0	92,9	10,5	1.092,2
2002	2.048,2	801,4	1.246,7	285,5	92,0	3,6	1.049,7
3. Contas Económicas de Galicia do IGE							
2000	1.676,2	819,3	856,9		22,0	0,0	
2001	1.858,8	886,4	972,4		87,7	0,0	
2002	1.813,6	839,0	974,6		80,6	0,0	
Variación (en %)							
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4
1990-2002	39,3	58,7	29,1	57,5	413,9	129,3	31,1

* Rama «Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados».

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.■ Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001*.■ IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002*.

Esta evolución tan negativa da renda agregada provocou que a renda por ocupado se incrementase só nun 39%, a pesar do fortísimo axuste demográfico na poboación ocupada agraria, que se reduciu en case un terzo (-63%).

O balance sumamente desfavorábel que se deriva deses datos acentúase ao efectuar unha análise comparada, situando a evolución galega no contexto español (cadro 2):

Cadro núm. 2

Evolución das principais macromagnitudes en termos reais, a produtividade do traballo e a renda por ocupado no sector agrario galego. Datos referidos á metodoloxía SEC-95; valores a prezos básicos

	Macromagnitudes agrarias (millóns de euros de 1995)*			Poboación ocupada agraria (miles)	Produtividade do traballo e renda unitaria (miles de euros de 1995)	
	Producción agraria	VEB prezos básicos	Renda agraria		Produtividade do traballo ¹	Renda por ocupado ²
1990	1.767,6	1.185,5	1.030,8	292,4	4,1	3,5
1991	1.941,4	1.362,2	1.138,7	260,2	5,2	4,4
1992	1.906,6	1.362,9	887,3	239,2	5,7	3,7
1993	1.842,2	1.321,8	898,9	240,5	5,5	3,7
1994	1.937,8	1.399,8	1.195,4	221,1	6,3	5,4
1995	2.006,2	1.475,0	1.260,2	223,9	6,6	5,6
1996	2.038,8	1.504,6	1.118,0	203,2	7,4	5,5
1997	1.848,3	1.265,2	858,0	168,3	7,5	5,1
1998	1.868,1	1.311,3	939,0	152,7	8,6	6,2
1999	1.746,4	1.085,2	683,8	139,3	7,8	4,9
2000	1.613,7	913,2	545,6	141,1	6,5	3,9
2000 ³	1.776,3	1.182,1	878,1	141,1	8,4	6,2
2001 ³	1.862,9	1.238,8	926,9	122,5	10,1	7,6
2002 ³	2.015,5	1.335,7	858,2	108,9	12,3	7,9
Variación 1990/2000 (en %)						
Galicia	-8,7	-23,0	-47,1	-51,7	59,6	9,7
España	21,1	16,2	6,4	-33,4	74,3	59,7
Variación 2000/2002 (en %)						
Galicia	13,5	13,0	-2,3	-22,8	46,4	26,7
España	-3,1	-5,5	-2,7	-2,3	-3,3	-0,4
Variación 1990/2002 (en %)						
Galicia	3,6	-13,0	-48,3	-62,7	233,6	39,0
España	17,4	9,8	3,5	-34,9	68,5	59,1

* A produción agraria está deflactada polo *Índice de Prezos Percibidos*. O VEB en termos reais constitúe o saldo entre o volume da produción agraria (deflactada polo *Índice de Prezos Percibidos*) e o dos consumos intermedios (deflactados polo *Índice de Prezos Pagados*). Finalmente, a renda agraria está deflactada polo IPC galego.

¹ VEB (real)/ ocupado.

² Renda agraria (en euros constantes)/ ocupado.

³ Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001. Consellaría de Medio Rural, Macromagnitudes agrarias 2002.*

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000.*


■ Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural: *Anuario de estadística agraria 2002, 2003.*

■ INE, *Encuesta de Población Activa*; IGE, *Enquisa de Poboación Activa en Galicia.*

Gráfico 1.

Evolución da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego

(evolución en termos reais; índices base 1990 = 100)



■ A fortísima contracción que sufriu a renda agraria galega (-48%) contrasta co seu lixeiro incremento no conxunto do Estado (+4%).

■ Iso provocou que, a pesar da maior intensidade que alcanzou o descenso da poboación ocupada agraria en Galicia (-63% fronte a -35%), a renda por ocupado vira notabelmente deteriorado o seu nivel relativo e alóxase aínda máis da media estatal. Concretamente, a renda media por traballador rexistrou no agro galego un incremento que equivale ao 65% do rexistrado na agricultura española; de tal modo que se en 1990 se limitaba ao 27,7% da media do Estado, en 2002 baixou ao 23%.

O resultado é que na actualidade a agricultura galega só ten un peso importante no total español en termos demográficos (concentra o 12% do emprego agrario do Estado), mentres que do punto de vista produtivo e económico o seu papel é secundario: segundo a fonte que tomemos, a participación de Galicia na produción e na renda agraria de España oscila entre o 3% e o 4,5%, unha porcentaxe inferior ao noso peso na poboación e no Produto Interior Bruto (PIB).⁷

Ese panorama pode conter algunhas inexactitudes, como sucede sempre coas informacións estatísticas. Pero hai que resaltar que, nos seus trazos xerais, é coherente

Esas discrepancias tan fortes son máis rechamantes se temos en conta que a serie do MAPA está elaborada a partir das estimacións subministradas polas comunidades autónomas, se ben cun axuste posterior. E tamén resulta rechamante que o IGE, nas súas Contas Económicas, ofrezca en cambio unhas cifras para a rama agraria moi similares ás do MAPA (cadro 1).

En calquera caso, cómpre sinalar que tomando os datos da Consellaría a imaxe sobre a situación actual da agricultura galega mellora pero non se altera no fundamental: en 2001 o sector subministraba só o 4,5% da renda agraria española, e a renda por ocupado limitábase a 1/3 da media estatal (cadro 3).

Para obviar estas diferenzas o gráfico 1 está elaborado cos resultados relativos asignándolle como valor de partida para a nova serie da Consellaría 2000-2002 o valor relativo correspondente ao ano 2000 da serie do MAPA.

⁷ Sentadas as conclusións fundamentais, non podemos deixar de mencionar a enorme diferenza que se observa entre as macromagnitudes ofrecidas polo MAPA e as publicadas pola Consellaría: estas últimas estiman para 2000 unha renda agraria que multiplica por 1,6 a sinalada polo MAPA; isto correspóndese cunha maior produción, cun menor volume de consumos intermedios e de amortizacións e cunha maior contía das subvencións (cadro 1).

Para obviar estas diferenzas o gráfico 1 está elaborado cos resultados relativos asignándolle como valor de partida para a nova serie da Consellaría 2000-2002 o valor relativo correspondente ao ano 2000 da serie do MAPA.

co que se desprende das restantes fontes dispoñíbeis: os *Censos Agrarios* e as *Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrarias*, así coma cos resultados económicos das explotacións incluídas na Rede Integrada de Contabilidade Agraria (RICA). Todas estas fontes coinciden en dúas conclusións básicas: na década dos 90 o sector agrario galego viu notabelmente reducido o seu peso produtivo e económico no conxunto de España; iso fixo que, a pesar do intenso axuste da man de obra, a produtividade do traballo e a renda por ocupado aumentaran pouco e visen incrementado o seu diferencial coa media estatal.

En efecto, se comparamos o *Censo Agrario* de 1989⁸ e a Enquisa de estrutura das explotacións agrarias de 2003 observamos unha redución do 32% na marxe bruta das explotacións en termos reais,⁹ que estivo acompañada

Cadro núm. 3

Marxe bruta e ocupados a tempo completo (UTA) nas explotacións profesionais

	1989	2003	% variación
Marxe bruta (en millóns de euros de 1999 deflactado polo PIB)	931,5	630,2	-32,3
Miles de persoas a tempo completo (UTA)	199,6	122,0	-38,9

Inclúe só as explotacións profesionais do Censo Agrario de 1989.

Fonte: INE, *Censo Agrario. 1989 e Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrarias. 2003*. Elaboración propia.

Cadro núm. 4

Compoñentes da renda bruta por explotación en explotacións de leite e carne

	1990	2003	Taxa variación acumulativa anual
Explotacións de vacún de leite			
Renda bruta / explotación (euros)	9.765	24.346	7,3
Vacas / explotación	9,0	23,9	7,8
Leite / vaca (litros)	3.628	4.981	2,5
Renda bruta / litro leite (euros por 100 litros)	29,8	20,4	-2,9
% subvencións sobre renda bruta de explotación	1,1	7,5	15,7
Explotacións de vacún de carne			
Renda bruta / explotación (euros)	4.964	14.135	8,4
UGM / explotación	9,3	20,1	6,1
Renda bruta / UGM (euros)	534	703	2,1
% subvencións sobre renda bruta explotación	0,2	30,9	47,0

Valores constantes en euros de 1995.

UGM: unidade de gando maior.

Fonte: Eurostat, *Resultados da Rede Integrada de Contabilidade Agraria, 1990-2003*.

⁸ Do censo agrario están excluídas as explotacións non-profesionais (unhas 188.000), que por non superar certos niveis de dimensión mínimos están dedicadas ao autoconsumo, utilizando para isto os mesmos criterios ca na Enquisa de estrutura das explotacións agrarias co fin de poder facer a súa comparación directa.

⁹ A marxe bruta é a diferenza entre a produción bruta e certos custos directos (sementes, fertilizantes, pensos e gastos sanitarios); non se contabilizan outros gastos directos como a maquinaria, as instalacións e o traballo nin, por suposto, as amortizacións. Está calculado por un coeficiente normalizado (marxe bruta estándar) para cada actividade.

tamén dunha redución aínda superior do número de ocupados equivalentes a tempo completo (cadro 3).

Os resultados das explotacións de vacún de leite e carne incluídas na RICA permiten seguir a evolución das explotacións máis profesionais e dinámicas durante este período. Estas explotacións tiveron un elevado incremento da súa dimensión produtiva, que lles posibilitou obter un forte crecemento na súa Renda Bruta,¹⁰ pero as súas marxes unitarias rexistraron un descenso debido sobre todo á redución dos prezos percibidos (cadro 4).


As explotacións de leite multiplicaron a súa produción por 3,6 veces ata acadar os 120.000 litros anuais, grazas ao aumento do rabaño e do rendemento, pero a marxe unitaria tivo un descenso do 2,9% anual.

As explotacións de carne tamén incrementaron o seu tamaño e multiplicaron por 2,2 o seu rabaño ata acadaren as 20 cabezas. O incremento da renda bruta destas explotacións estivo baseado nese aumento do tamaño e nas subvencións que no ano 2003 subministran o 30,9% da renda, posto que as marxes unitarias tiveron unha caída do 0,7% anual, cando lle descontamos o efecto das subvencións.

As distintas etapas da produción agraria dentro do período 1990-2002

Gráfico 2.

Evolución do peso de Galicia na renda agraria española e do nivel relativo da renda por ocupado
(datos referidos á metodoloxía SEC-95)



¹ Para Galicia estimacións elaboradas pola Consellaría de Política Agroalimentaria

A visión global dos 12 anos esconde importantes oscilacións conxunturais que poden resumirse na existencia de tres etapas claramente diferenciadas (gráficos 1 e 2):

- A primeira metade dos 90 (1991-1995) caracterizouse —con tan só o paréntese de 1992— por unha significativa alza da renda do sector (+22,3% nos 5 anos) que, dada a diminución da man de obra, se traduciu nun aumento moito maior da renda por ocupado (+59,7%). Ademais, esa dinámica foi máis favorábel cá rexistrada en España, de tal modo que nestes anos o sector agrario galego viu aumentar o seu peso na renda agraria española (do 5,8% ao 7,3%), e experimentou unha moderada converxencia da renda por ocupado (do 27,7% ao 33,8% da media estatal).

- A evolución modificouse por completo na segunda metade do decenio, etapa na

¹⁰ Renda Bruta de explotación é a diferenza entre a produción (ingresos por venda de produtos e gando máis as subvencións correntes) e os consumos intermedios, nos que non están incluídos os custos dos factores externos (xuros, arrendamentos e salarios) nin as amortizacións.

que, segundo estes datos, asistimos a unha verdadeira caída dos ingresos do sector. Concretamente, neste quinquenio (1996-2000) a renda agraria sufriu unha forte e continua diminución, ata acumular unha caída do 56,3% (noutras palabras: baixou a menos da metade). E isto provocou que, a pesar de continuar a intensa redución da man de obra, a renda por ocupado experimentara un descenso do 30,4%, así retorna practicamente ao nivel de 1990. En termos comparativos, produciuse unha caída do peso de Galicia na renda agraria española (do 7,3% ao 2,9%), ao mesmo tempo que se deteriorou de forma acusada o nivel relativo da renda por ocupado (do 33,8% ao 19% da media estatal).

■ Finalmente, despois desa fonda recesión, no período 2000-2002 constátase unha moderada recuperación: a renda agraria experimenta un crecemento modesto (+4,5%) que, unido ao descenso da poboación ocupada, posibilitou un incremento máis nítido da renda por traballador (ao redor do 30%).

As tendencias do complexo agroalimentario no período 1995-2002

A análise está baseada nas Contas Económicas do IGE para os anos 1995 a 2002.¹¹ Os correspondentes datos comparativos para España tómanse da contabilidade nacional para os anos 1995-2001.¹² Na industria agroalimentaria aparecen por separado as ramas das industrias cárnicas, lácteas, alimentación animal e bebidas. Inclúense o resto das industrias alimentarias, agás as do peixe, baixo o apartado doutras industrias alimentarias.

No ano 2002 o complexo agroalimentario xerou uns 1.534 millóns de euros, que equivalen ao 4,3% do valor engadido bruto da economía galega. O 64% dese valor é subministrado pola produción agraria e queda reducido o valor xerado pola industria agroalimentaria a uns 559 millóns de euros. É de salientar o reducido valor achegado polas industrias ligadas á gandaría, pois as cárnicas, lácteas e as de alimentación animal subministran en conxunto un 17,4% do VEB do complexo agroalimentario, fronte ao 11,2% doutras industrias alimentarias e o 7,8% das de bebidas (cadro 5a, 5b, e 5c).

O reducido valor subministrado pola industria agroalimentaria tradúcese nun peso relativo do 3,9% no complexo agroalimentario español (para o ano 2001), que é inferior en 1,2 puntos ao da produción agraria. As nosas industrias lácteas e cárnicas teñen unha posición moi secundaria no contexto estatal, en especial as primeiras con só un 6,6% do VEB xerado polas industrias lácteas españolas, que é unha quinta parte do peso relativo de Galicia na produción de leite.

As contas do IGE rexistran unhas tendencias no VEB agrario similares ás estimadas polas contas agrarias, aínda que con diferente intensidade: unhas menores perdas na segunda metade dos noventa (-10%, a metade da rexistrada polo MAPA) e unha maior

¹¹ IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2002*.

¹² INE, *Contabilidad Nacional de España. Base 1995. Serie Contable 1995-2001*.

Cadro núm. 5

Evolución do valor engadido do complexo agroalimentario en Galicia
(metodoloxía SEC-95). Contas económicas. Base 2000. IGE

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002 ¹	Taxa variación anual 1995-2002 (%)
a) Prezos correntes									
Millóns de euros									
Agricultura, gandería e caza	892,3	976,8	985,0	994,6	926,9	856,9	972,4	974,6	
Industria agroalimentaria	428,4	462,9	477,5	475,1	506,9	532,7	585,1	559,1	
Industria cárnica	66,6	78,0	74,5	76,1	80,2	91,9	92,1	85,3	
Industria láctea	78,8	83,5	94,8	76,0	80,8	75,7	94,2	112,4	
Industria alimentaria animal	65,4	63,7	51,2	54,0	61,2	65,8	77,9	69,5	
Outras industrias alimentarias	145,2	157,1	172,7	171,9	182,2	186,0	171,5	172,1	
Industria de bebidas	72,5	80,6	84,4	97,1	102,4	113,3	149,3	119,7	
Total	1.320,8	1.439,7	1.462,5	1.469,7	1.433,7	1.389,5	1.557,4	1.533,7	
% sobre o total									
Agricultura, gandería e caza	67,6	67,8	67,3	67,7	64,6	61,7	62,4	63,5	
Industria agroalimentaria	32,4	32,2	32,7	32,3	35,4	38,3	37,6	36,5	
Industria cárnica	5,0	5,4	5,1	5,2	5,6	6,6	5,9	5,6	
Industria láctea	6,0	5,8	6,5	5,2	5,6	5,4	6,1	7,3	
Industria alimentaria animal	4,9	4,4	3,5	3,7	4,3	4,7	5,0	4,5	
Outras industrias alimentarias	11,0	10,9	11,8	11,7	12,7	13,4	11,0	11,2	
Industria de bebidas	5,5	5,6	5,8	6,6	7,1	8,2	9,6	7,8	
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	
b) Prezos constantes de 1995									
Millóns de euros									
Agricultura, gandería e caza	892,3	903,6	905,1	956,5	860,3	812,0	947,3	1.001,3	1,7
Industria agroalimentaria	428,4	438,2	456,3	457,6	480,7	499,3	530,9	494,8	2,1
Industria cárnica	66,6	74,2	70,4	75,2	80,6	81,9	79,8	75,5	1,8
Industria láctea	78,8	81,8	91,2	72,3	78,9	74,3	88,2	99,5	3,4
Industria alimentaria animal	65,4	59,7	49,0	51,6	55,9	60,8	69,4	61,5	-0,9
Outras industrias alimentarias	145,2	147,3	165,1	164,4	166,4	171,9	152,7	152,3	0,7
Industria de bebidas	72,5	75,3	80,7	94,0	98,9	110,4	140,7	106,0	5,6
Total	1.320,8	1.341,8	1.361,4	1.414,1	1.341,0	1.311,3	1.478,2	1.496,1	1,8

¹ Datos provisionais.

O VEB agrario está deflactado como se indicou no cadro 2, o VEB das industrias agroalimentarias, polos valores aplicados na contabilidade nacional do INE para as ramas de actividade correspondentes.

Fonte: elaboración propia a partir de:

■ IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002.*

■ INE, *Contabilidad Nacional de España. Base 1995.*

Cadro núm. 6

Evolución do emprego e da produtividade por ocupado do complexo agroalimentario en Galicia (metodoloxía SEC-95)

Contas económicas. Base 2000. IGE (en miles de ocupados)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002 ¹	Taxa variación anual 1995-2002 (%)
Ocupados									
Agricultura, gandería e caza	182,4	170,0	160,8	150,2	141,2	133,3	118,4	103,4	-7,8
Industria agroalimentaria	16,3	16,4	16,8	17,7	18,1	18,6	18,4	19,0	2,3
Industria cárnica	2,5	2,7	2,5	2,7	2,8	2,9	3,0	3,4	4,7
Industria láctea	1,8	1,6	1,7	1,6	1,6	1,7	1,8	1,8	0,5
Industria alimentaria animal	1,3	1,4	1,2	1,3	1,2	1,2	1,1	1,0	-4,2
Outras industrias alimentarias	9,1	9,0	9,4	10,4	10,6	10,9	10,4	10,8	2,4
Industria de bebidas	1,6	1,8	1,9	1,8	1,9	1,9	2,1	2,0	3,6
Total	198,6	186,4	177,6	167,9	159,3	151,9	136,8	122,4	-6,7
Produtividade (VEB real/ocupado) (en miles de euros a prezos constantes de 1995)									
Agricultura, gandería e caza	4,9	5,3	5,6	6,4	6,1	6,1	8,0	9,7	10,3
Industria agroalimentaria	26,3	26,7	27,2	25,8	26,6	26,9	28,9	26,0	-0,2
Industria cárnica	27,0	27,6	27,9	27,7	29,1	28,6	26,2	22,2	-2,8
Industria láctea	44,2	49,8	52,5	46,5	49,6	44,5	47,8	54,0	2,9
Industria alimentaria animal	48,8	43,0	40,3	39,6	46,3	49,9	65,2	62,3	3,5
Outras industrias alimentarias	16,0	16,4	17,6	15,9	15,6	15,7	14,7	14,2	-1,7
Industria de bebidas	45,9	42,8	42,8	52,8	53,2	57,9	68,1	52,4	1,9
Total	6,6	7,2	7,7	8,4	8,4	8,6	10,8	12,2	9,1

¹ Datos provisionais.

Fonte: elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002.*
- INE, *Contabilidad Nacional de España. Base 1995.*

recuperación nos primeiros anos desta década (23%) cuns 10 puntos por riba das estimacións da serie da Consellaría (cadros 2, 5, 6 e 7).

A industria agroalimentaria creceu entre os anos 1995 e 2002 a unha taxa algo superior á da produción agraria (2,1% fronte a 1,8% anual), aínda que cunha traxectoria diferente: ten o crecemento concentrado na segunda metade dos noventa; a produción queda estabilizada nos últimos anos. Non obstante, hai diferenzas entre as distintas ramas produtivas e cómpre destacar os maiores crecementos das industrias de bebidas co 5,6% anual, debido á súa forte expansión a finais da pasada década, e das lácteas cun 3,4% anual e un maior crecemento nos últimos anos.

Os 19.000 ocupados na industria agroalimentaria equivalen a só un 16% do conxunto do complexo agroalimentario, dos que uns 1.800 están ocupados nas industrias lácteas. No conxunto do período a ocupación na industria agroalimentaria creceu a unha taxa do 2,3% anual, que é moi similar á rexistrada polo VEB.

Cadro núm. 7

Peso relativo do VEB do complexo agroalimentario galego en España (metodoloxía SEC-95)

Contas económicas. Base 2000. IGE. % Galicia/España (prezos correntes)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Agricultura, gandería e caza	5,3	5,0	5,1	5,2	5,2	4,7	5,1
Industria agroalimentaria	3,4	3,6	3,6	3,6	3,6	3,8	3,9
Industria cárnica	4,4	4,7	4,7	4,7	5,0	5,5	4,8
Industria láctea	6,8	7,1	7,7	6,3	6,3	5,9	6,6
Outras industrias alimentarias*	3,2	3,3	3,2	3,2	3,3	3,5	3,3
Industria de bebidas	2,2	2,5	2,5	2,7	2,7	3,1	3,7
Total	4,5	4,5	4,5	4,5	4,5	4,3	4,6

* para a comparación con España as industrias de alimentación animal están incluídas noutras industrias alimentarias por non estar desagregada esa rama na contabilidade nacional do INE

Fonte: elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002.*
- INE, *Contabilidad Nacional de España. Base 1995.*

Cadro núm. 8

Evolución global do comercio exterior agroalimentario de Galicia (en millóns de euros)

	1998	2001
Intercambios co resto de España (comercio interrexional)		
Exportacións (X)	1.267,9	1.363,8
Importacións (I)	1.482,6	1.325,2
Saldo (X-M)	-214,6	38,6
Taxa de cobertura (X/M) (%)	85,5	102,9
Intercambios co estranxeiro (comercio internacional)		
Exportacións (X)	330,6	437,8
Importacións (I)	315,4	386,0
Saldo (X-M)	15,2	51,8
Taxa de cobertura (X/M) (%)	104,8	113,4
Total comercio externo (interrexional e internacional)		
Exportacións (X)	1.598,5	1.801,6
Importacións (I)	1.798,0	1.711,2
Saldo (X-M)	-199,4	90,4
Taxa de cobertura (X/M) (%)	88,9	105,3
Comercio internacional / Total comercio externo (%)		
Exportacións	20,7	24,3
Importacións	17,5	22,6

* Inclúe os produtos das ramas: produción agrícola, produción gandeira e as diversas industrias alimentarias, agás a de peixe.

Fonte: IGE, *Táboas Input-Output de Galicia. 1998 e Estructura Industrial de Galicia. Complexo Agroalimentario. Ano 2001.* Datos provisionais. Elaboración propia.

A produtividade por ocupado da industria agroalimentaria, cuns 26.000 euros, multiplica por 2,6 veces á dos ocupados agrarios, aínda que, a contrario ca esta, permanece estancada, debido a que o crecemento do VEB é contrarrestado por un incremento similar no emprego.

Completamos esta visión de conxunto do complexo agroalimentario coa información relativa aos intercambios comerciais co exterior.

O comercio externo agroalimentario de Galicia, estimado segundo as táboas *input-output* de 1998 ten un saldo negativo duns 199 millóns de euros, cunha taxa de cobertura do 90%. Hai unha estimación provisional para o ano 2001 cun saldo lixeiramente positivo e cunha taxa de cobertura do 105%, que precisa de confirmación.¹³

Este saldo comercial é o resultado neto de dúas situacións opostas: é negativo no

¹³ IGE, *Marco Input-Output de Galicia, 1998 e Estructura Industrial de Galicia. Complexo Agroalimentario. Ano 2001.* Datos provisionais

comercio interrexional co resto de España cunha taxa de cobertura do 86% e lixeiramente positivo no comercio internacional co 105%. (cadro 8).

A maior parte do fluxo comercial está dirixido ao resto de España, que rexistra o 79% das exportacións e o 83% das importacións galegas, polo que os intercambios co estranxeiro se moven entre o restante 17-20% destes intercambios comerciais.

O saldo é moi positivo nos produtos gandeiros sen transformar (gando vivo e leite cru) con 247 millóns de euros e nos lácteos con 500 millóns pero é moito máis reducido nos produtos cárnicos (60 millóns) (cadro 9).

Os déficits comerciais están concentrados nos produtos agrícolas sen transformar, debido tanto ás importacións de materias primas para a elaboración de pensos coma doutros produtos para o consumo humano con 288 millóns de euros, así coma noutros produtos elaborados de orixe vexetal, cuns 443 millóns. As dúas cantidades son un reflexo dunhas producións agrícolas propias moi insuficientes para abastecer o noso consumo interno.

Cadro núm. 9

Comercio exterior agroalimentario de Galicia en 2001 por principais ramas produtivas (en millóns de euros)

	Exportacións (X)	Importacións (M)	Saldo (X-M)	Taxa de cobertura (X/M)
Produtos agrícolas	130,8	418,9	-288,1	31,2
Produtos gandeiros	296,4	49,8	246,7	595,5
Produtos cárnicos	293,0	232,8	60,2	125,9
Produtos lácteos	686,9	187,2	499,7	366,9
Outros produtos agroalimentarios	252,9	696,2	-443,3	36,3
Bebidas	141,5	126,3	15,3	112,1
Total	1.801,6	1.711,2	90,4	105,3

Fonte: IGE, *Estructura Industrial de Galicia. Complexo Agroalimentario*. Ano 2001. Datos provisionais. Elaboración propia.

A conxuntura do sector en 2005: unha visión global

Evolución na Unión Europea e en España

Segundo as estimacións iniciais de Eurostat, baseadas na información dispoñíbel en xaneiro de 2006¹⁴ para o conxunto da Unión Europea de 25 membros, no ano 2005 a renda por ocupado descendeu un 5,6%, despois de medrar un 6,3% no ano 2004. A evolución foi bastante variábel entre países, cos maiores descensos localizados sobre todo nos países do sur, que estiveron máis afectados polas condicións de seca. As baixas foron iguais ou superiores ao 10% en España, Italia, Francia e Portugal, mentres que os crecementos superaban un 15% en varios países do Leste (agás Polonia e Hungría). Non obstante, a nosa análise vai estar referida aos anteriores países membros (UE-15), co obxecto de facilitar a comparación cos anos anteriores (cadro 10).

¹⁴ EUROSTAT, *Statistiques en bref. Agriculture et pêche*, núm. 05/2006. Agriculture. P. Szabó, A. Milella; marzo de 2006.

Cadro núm. 10

Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario nos anos recentes

Cifras referidas á metodoloxía SEC-95; taxas de variación anual en %

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Galicia							
Renda agraria ¹	-27,2	-20,2	5,6	-7,4	2,2*	0,5*	-2,5*
Man de obra (ocupados)	-8,8	1,3	-13,2	-10,3	1,7	-10,7	-2,8
Renda/ocupado	-20,2	-21,3	21,7	1,0	0,5*	12,5*	0,1*
España - Datos de Eurostat							
Renda agraria ¹	-10,1	5,0	7,7	-7,3	2,5	0,0	-12,6
Man de obra (UTA)	-4,1	-4,8	-0,4	-4,8	-4,6	-1,8	-2,6
Renda/UTA	-6,3	10,0	8,2	-2,6	7,2	1,8	-10,3
España - Macromagnitudes agrarias do MAPA							
Renda agraria ¹	-9,9	4,8	8,5	-6,7	8,2	4,2	-8,2
Man de obra (ocupados)	-4,7	-3,3	-0,4	-1,9	-1,4	-1,8	-2,6
Renda/ocupado	-5,5	8,3	9,0	-4,9	9,8	6,1	-5,7
Unión Europea (15)							
Renda agraria ¹	-3,9	0,5	4,8	-9,2	0,0	2,7	-8,3
Man de obra (UTA)	-3,7	-3,3	-1,6	-2,9	-2,3	-1,7	-2,0
Renda/UTA	-0,2	3,8	6,4	-6,3	2,3	4,5	-6,4

¹ VENCf en moeda constante.

* Estimacións propias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Eurostat, *Statistiques en bref. Agriculture e pêche*. Varios números.
- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias 1990-2005*.
- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.
- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001*.
- IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002*.
- INE, *Encuesta de Población Activa*; IGE, *Enquisa de Poboación Activa en Galicia*.

Os principais factores explicativos da redución da renda agraria na UE-15 son:

- Unha caída do 8,6% na produción agraria, en especial das producións vexetais cunha redución do 12,3%, que é máis pequena nas animais (-4,3%), e unha baixa lixeira nos consumos intermedios (-1,8%).
- Como resultado do anterior o VEB descendeu un 15,1%, mentres que a caída na renda foi máis atenuada cun -8,3%, debido a unha lixeira redución nas amortizacións e un incremento doutras subvencións.¹⁵
- A translación á renda agraria por ocupado resulta nunha baixa algo menor (-6,4%), debido ao descenso dun 2% nos ocupados.


¹⁵ Segundo reconece Eurostat existen diferenzas no cómputo das subvencións nalgúns países, que levan a uns volumes máis importantes no apartado doutras subvencións, que deberían estar incluídas no valor da produción.

Para a agricultura española as estimacións do Eurostat, elaboradas a partir dos datos subministrados polo MAPA, levan a unhas tendencias similares ás constatadas a nivel comunitario, aínda que sexa máis acusada a perda de renda por ocupado (-10,3%).

Como consecuencia dunhas condicións climáticas desfavorábeis houbo unha forte redución no valor das producións vexetais (-12%), aínda que a perda no valor da produción agraria foi máis atenuada polo mellor comportamento das producións animais (-1,7%). Pola súa banda, os consumos intermedios baixaron un -3,2%, mentres que as amortizacións permaneceron case estábeis (+0,8%). Como resultado, a renda descendeu un 12,6%. O seu impacto na renda por ocupado quedou reducido ao -10,3%, debido ao descenso do número de ocupados (-2,6%).

Gráfico 3.

Taxa de variación anual da renda agraria por ocupado na UE, España e Galicia (en %)



A dinámica do sector agrario galego en 2005

En Galicia non contamos con ningunha estimación das contas económicas do sector agrario en 2005, polo que non é posíbel coñecer o balance do exercicio, aínda que se poden adiantar algúns datos e facer unha primeira estimación.¹⁶

Os limitados datos dispoñíbeis apuntan a que o sector pechou o ano cunha dinámica similar á dos espazos do noso medio. Houbo unha redución significativa da produción, debido a unha baixa nas colleitas da maioría dos cultivos, incluídos os forraxeiros, afectados pola seca, mentres que as producións animais conseguían valores próximos aos de 2004. Os prezos percibidos tiveron unha redución do 3,6% e os pagados rexistraron un lixeiro incremento do 0,7%. Pódese adiantar unha primeira estimación dun descenso do 2,5% na renda, coa estabilización do 0,1% na renda por ocupado, debido ao descenso do 2,8% rexistrado nos ocupados.

¹⁶ A información do IGE de Contabilidade Trimestral non é directamente utilizábel por estar referida ao conxunto dun sector primario, no que a pesca achega arredor do 35% do valor engadido.

Produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 11 figura a estrutura da Produción Agraria en Galicia e a súa evolución no período 1990-2002, de acordo cos novos datos en metodoloxía SEC-95. Cómpre ter en conta que presentan importantes diferenzas coas que viñamos utilizando nos *Informes* anteriores a 2004, referidas á Produción Final Agraria (PFA) e á metodoloxía FAO.¹⁷

O sector agrario galego caracterízase por unha marcada especialización gandeira: en 2002 as ramas animais subministraban cerca dos 2/3 (61%) da produción agraria, fronte a pouco máis de 1/3 (34,7%) que lles correspondía aos cultivos (produción vexetal). O restante 4,3% procedía dos servizos e das actividades secundarias non-agrarias. Neste sentido, na medida en que sexan fiábeis, esas estimacións mostran que, a pesar do apoio público recibido nos últimos 15 anos, a diversificación das explotacións cara a actividades non-agrarias avanzou pouco, como se reflicte neste peso moi pequeno das «actividades secundarias non-agrarias non-separábeis» no *output* do sector.

Descendendo a unha análise máis desagregada, por produtos, hai que apuntar varias notas adicionais:

- A especialización gandeira do agro galego tende a concentrarse no leite (este subministra hoxe o 28,7% do valor da produción agraria, case 5 puntos máis que en 1990); mentres que a outra rama bovina (carne e gando) parece recuperar parte do peso perdido acadando o 14,3%, pois diminuíra do 16,3% en 1990 ata o 9,4% en 2001 coincidindo coa crise da EEB (Encefalopatía Esponxiforme Bovina). Ao lado diso, os outros dous feitos que cómpre sinalar son: a estabilidade global das ramas da gandería sen terras, aínda que con tendencias contrapostas no porcino e nas aves, cunha recuperación do primeiro nos últimos anos e perda nas aves; e o mantemento en cifras insignificantes, mesmo cunha tendencia descendente, das especies gandeiras máis extensivas (ovino e caprino). Deste modo, o reforzamento da especialización láctea acompañouse en

¹⁷ Entre esas diferenzas metodolóxicas cabe destacar as seguintes:

- Os datos sobre as Contas Económicas da Agricultura en metodoloxía SEC-95 non inclúen o subsector forestal (que é obxecto dunhas contas separadas).

- En cambio, compútanse *outputs* non incluídos na antiga PFA. Principalmente: os produtos vexetais reempregados na alimentación do gando, e as actividades secundarias non-agrarias realizadas nas explotacións que non son separábeis da actividade agraria principal (transformación de produtos agrarios, agroturismo, caza...).

- Por outro lado, para o viño (igual que para o aceite de oliva) só se contabiliza agora (dentro da produción agraria) o producido polos agricultores, que explica que o valor asignado a esta produción sexa, nas novas cifras, moi inferior.

- Finalmente, nos datos en SEC-95 a produción agraria aparece valorada a prezos básicos, que resultan de sumarlles aos prezos percibidos polos produtores as subvencións aos produtos netas de impostos. Isto tende a elevar, en comparación coas cifras anteriores, o peso económico daquelas ramas nas que as subvencións ou os pagos directos xogan un papel importante (caso dos cereais, por exemplo).

conxunto dunha perda de peso das producións cárnicas: as partidas de carne e gando das diversas especies pasaron de subministrar o 32,3% do valor do *output* agrario en 1990 ao 29,3% en 2002 (cadro 11).

■ No que se refire á produción vexetal, a lixeira diminución do seu peso global na década dos 90 estivo acompañada dunha significativa recomposición interna: acusada redución da importancia económica da pataca e en menor medida das plantas forraxeiras; expansión, en cambio, das froitas, hortalizas, viño e tamén dos cereais (feito este en principio rechamante, dada a regresión deste cultivo nos decenios precedentes, pero que cómpre atribuírlles aos pagos directos que se introduciron na Unión Europea a partir da reforma da PAC de 1992).

Cadro núm. 11

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia (metodoloxía SEC-95)
(valores correntes a prezos básicos)

a) Millóns de euros					
	1990	1995	2000	2001	2002
Produción vexetal	517,55	721,97	546,79	640,66	710,12
Cereais	17,78	33,84	49,94	53,72	55,34
Plantas industriais ¹	14,12	26,81	3,58	5,02	5,08
Plantas forraxeiras	124,96	162,89	114,97	113,45	101,68
Hortalizas ²	106,24	157,70	141,07	137,35	175,17
Pataca	154,90	205,19	65,57	74,09	86,64
Froitas ³	53,37	75,16	96,76	144,31	208,97
Viño e mosto	41,30	48,37	64,48	108,37	73,88
Outros	4,88	12,00	10,42	4,34	3,35
Produción animal	908,24	1.235,65	1.095,11	1.271,52	1.249,46
Carne e gando	475,51	709,57	474,77	525,35	599,83
Bovino	239,08	347,29	189,81	188,22	293,78
Porcino	102,43	184,99	88,26	165,38	173,59
Equino	2,09	1,69	0,09	1,56	1,27
Ovino e cabrún	15,47	6,35	8,53	5,17	8,00
Aves	102,11	132,63	155,35	145,59	104,04
Outros	14,32	36,61	32,73	19,41	19,14
Produtos animais	432,73	526,07	620,34	746,17	649,63
Leite	353,80	464,21	533,09	661,30	587,94
Ovos	74,69	57,40	49,73	60,26	55,70
Outros	4,25	4,46	37,52	24,60	5,99
Produción de servizos	4,16	3,77	7,50	1,47	
Actividades secundarias non-agrarias non-separábeis	40,81	44,83	4,26	84,59	88,66
Produción rama agraria	1.470,76	2.006,21	1.653,66	1.998,23	2.048,25

[Continúa] ►

Cadro núm. 11 (continuación)

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia (metodoloxía SEC-95)
(valores correntes a prezos básicos)

B) Estrutura en %						
	1990	1995	2000	2001	2002	España 2002
Producción vexetal	35,2	36,0	33,1	32,1	34,7	59,9
Cereais	1,2	1,7	3,0	2,7	2,7	11,6
Plantas industriais ¹	1,0	1,3	0,2	0,3	0,2	4,1
Plantas forraxeiras	8,5	8,1	7,0	5,7	5,0	1,5
Hortalizas ²	7,2	7,9	8,5	6,9	8,6	16,3
Pataca	10,5	10,2	4,0	3,7	4,2	1,2
Froitas ³	3,6	3,7	5,9	7,2	10,2	13,6
Viño e mosto	2,8	2,4	3,9	5,4	3,6	2,5
Aceite de oliva	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	7,3
Outros	0,3	0,6	0,6	0,2	0,2	1,9
Producción animal	61,8	61,6	66,2	63,6	61,0	35,8
Carne e gando	32,3	35,4	28,7	26,3	29,3	27,1
Bovino	16,3	17,3	11,5	9,4	14,3	6,5
Porcino	7,0	9,2	5,3	8,3	8,5	10,9
Equino	0,1	0,1	0,0	0,1	0,1	0,1
Ovino e cabrún	1,1	0,3	0,5	0,3	0,4	4,8
Aves	6,9	6,6	9,4	7,3	5,1	3,8
Outros	1,0	1,8	2,0	1,0	0,9	0,9
Produtos animais	29,4	26,2	37,5	37,3	31,7	8,7
Leite	24,1	23,1	32,2	33,1	28,7	6,0
Ovos	5,1	2,9	3,0	3,0	2,7	2,3
Outros	0,3	0,2	2,3	1,2	0,3	0,5
Producción de servizos	0,3	0,2	0,5	0,1	0,0	1,2
Actividades secundarias non-agrarias non-separábeis	2,8	2,2	0,3	4,2	4,3	3,0
Producción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

¹ Inclúe: remolacha, tabaco, algodón, xirasol e tamén as leguminosas gran.² Inclúe as flores e plantas de viveiro.³ Inclúe: froitas frescas, cítricos e uvas.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias 1990-2003*.■ MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.■ Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001*.

Finalmente, no cadro 11 podemos comprobar a notábel especificidade que presenta a especialización do sector agrario galego no contexto español:

- Fronte á nidia orientación gandeira do noso agro, o sector en España caracterízase por un acusado predominio agrícola: a produción vexetal subministra (con cifras de 2002) o 59,9% do *output* agrario.

- Iso correspóndese cun menor peso económico en Galicia da maioría dos cultivos, coa única excepción das plantas forraxeiras, do viño e das patacas. Cómpre destacar as diferenzas nos cereais, nas froitas e nas hortalizas.

- No que respecta ás producións animais, o seu peso moito maior na nosa Comunidade débese esencialmente ao leite (28,7% da produción agraria, fronte ao 6% en España). As ramas cárnicas teñen, en cambio, unha contribución global similar en ambos os espazos, se ben isto esconde situacións moi diversas por especies: maior peso en Galicia do bovino de carne e as aves, e desespecialización relativa pola contra no porcino e no ovino-caprino (cadro 9).

Partindo desa estrutura da produción agraria, é dicir, do peso económico das diversas ramas, imos examinar –ata onde o permite a información dispoñíbel– a evolución rexistrada en 2005 polas principais producións.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Como xa indicamos anteriormente o ano 2005 tivo unha climatoloxía desfavorábel para a maioría dos cultivos, cunha seca prolongada no verán. Estas condicións foron extensivas a gran parte de Europa o que provocou nunha redución nas producións vexetais que acadou valores similares do –12%, tanto en España coma na UE-15, segundo as primeiras estimacións.¹⁸

Para Galicia os avances do MAPA¹⁹ rexistran reducións lixeiras na produción dos cereais e das patacas, variábeis nas hortalizas e moi acusadas no viño, cun 22% de descenso (cadro 12).

¹⁸ EUROSTAT, *Statistiques en bref. Agriculture et pêche*, núm. 05/2006. Agriculture. P. Szabó, A. Milella; marzo de 2006.

¹⁹ MAPA, *Resumen de los Avances de Superficies y Producciones Agrícolas. Cuadernos mensuales*. Véx: <http://www.mapa.es/es/estadistica/pags/superficie/superficie.htm>

Cadro núm. 12

Evolución das principais producións agrícolas en termos físicos. Galicia*

	Produción (en miles de toneladas)					Variación (en %)			
	2001	2002	2003	2004	2005	2001/02	2002/03	2003/04	2004/05
Cereais gran	165,6	178,2	180,2	193,4	189,2	7,6	1,1	7,3	-2,2
■ Trigo	47,7	69,4	62,9	55,5	63,6	45,5	-9,4	-11,8	14,6
■ Centeo	15,8	12,6	10,7	11,1	10,5	-20,3	-15,1	3,7	-5,4
■ Millo	102,1	96,2	106,6	126,8	115,1	-5,8	10,8	18,9	-9,2
Leguminosas gran	2,3	4,9	2,5	6,6	6,6	112,6	-49,0	164,0	0,0
Patacas	462,8	514,3	506,0	496,3	490,8	11,1	-1,6	-1,9	-1,1
Cultivos forraxeiros	11.342,2	13.848,7	12.833,6			22,1	-7,3		
■ Millo forraxeiro	1.548,7	1.821,5	1.998,4	1.943,5	1.999,9	17,6	9,7	-2,7	2,9
■ Pradarías polifitas	9.793,5	12.027,2	10.835,2			22,8	-9,9		
Hortalizas	148,9	142,4	166,0	280,6	222,9	-4,4	16,6	69,0	-20,6
■ Col e repolo	72,9	67,9	45,5	121,9	66,2	-6,9	-33,0	167,9	-45,7
■ Leituga	15,7	15,9	18,8	19,3	17,1	1,0	18,2	2,7	-11,4
■ Tomate	14,9	13,8	16,5	30,5	36,7	-7,7	19,6	84,8	20,3
■ Pemento	11,5	11,5	13,1	23,9	25,2	0,0	13,9	82,4	5,4
■ Cebola	18,8	17,9	46,3	55,6	44,1	-5,0	158,7	20,1	-20,7
■ Feixón verde	14,9	15,4	25,8	29,4	33,6	3,1	67,5	14,0	14,3
Froitas	36,1	65,2	103,3	106,4	127,1	80,6	58,4	3,0	19,5
■ Mazá	30,0	54,8	82,8	83,1	103,4	82,7	51,1	0,4	24,4
■ Pera	6,1	10,4	20,5	23,3	23,7	70,5	97,1	13,7	1,7
Víño (en miles de hl)	1.442,3	1.177,9	1.393,4	1.828,2	1.417,3	-18,3	18,3	31,2	-22,5

* Os datos de 2003 e 2004 son provisionais, e os de 2005 constitúen avances.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Anuario de Estadística Agroalimentaria* e *Boletín Mensual de Estadística*.
- MAPA, *Avances de Superficies y Producciones Agrícolas*.
- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

O atraso existente nos datos das producións gandeiras leva a carecer de datos referidos a Galicia para o ano 2005 e a que incorporem a este *Informe* os do ano 2004, que non estaban dispoñíbeis cando se elaborou o anterior.

En 2004 a produción de leite mantívose ao nivel do ano anterior nuns 2.300 millóns de litros subministrando o 35% do leite en España. A produción de carne descendeu un 1,8% ata as 364.000 toneladas que equivale ao 6,6% da produción española. As carnes de vacún e porcino tiveron baixas no medio do 5%, mentres que rexistraban subas as aves (2,6%) e os coellos (cadro 13).

A mencionada carencia de datos referidos a Galicia para o ano 2005 leva a que só poidamos facer unha aproximación indirecta baseada esencialmente nas tendencias observadas no ámbito español, polo que o diagnóstico debe tomarse con precaución.

Cadro núm. 13

Evolución das principais producións gandeiras en termos físicos. Galicia

	Volume de produción en cada ano						Taxas de variación acumulativa anual				% variación	Galicia/España (%)	
	1985	1995	2001	2002	2003	2004	1985/1995	1995/2002	2002/2003	2003/2004	1985/2004	1985	2003
Leite de vaca ¹	1.644,5	2.110,7	2.314,4	2.314,1	2.288,2	2.293,4	2,5	1,3	-3,0	0,2	39,5	26,9	34,6
Carne de vacún ²	52,5	65,6	79,1	90,6	97,5	92,5	2,3	4,7	7,6	-5,1	76,1	13,1	13,2
Carne de porcino ²	85,6	75,6	101,1	105,3	109,0	103,0	-1,2	4,8	3,6	-5,5	20,3	7,4	3,2
Carne de ave ²	92,6	111,0	145,6	152,5	157,7	161,7	1,8	4,6	3,4	2,6	74,6	11,4	12,4
Carne de ovino ²	0,9	0,4	0,6	0,5	0,7	0,6	-7,8	4,7	34,1	-15,5	-30,9	0,7	0,3
Carne de caprino ²	0,3	0,3	0,1	0,2	0,1	0,1	-1,6	-7,2	-34,4	18,1	-61,0	3,7	0,9
Carne de coello ²	10,1	4,7	5,3	5,8	5,9	6,4	-7,3	3,0	1,9	8,3	-36,6	12,9	8,9
Ovos ³	122,5	74,3	66,1	59,7	60,6		-4,9	-3,1	1,5			13,9	

¹ Millóns de litros.

² Miles de Tm.

³ Millóns de dúcias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAPA, *Anuario de Estadística Agroalimentaria e Boletín Mensual de Estadística*.

■ MAPA, *Encuesta láctea*.

■ Conselleira de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.

A produción de carne en España quedou estábel con relación a 2004 arredor dos 5,5 millóns de toneladas, pero a produción de vacún tivo un incremento próximo ao 3%, mentres que houbo unha lixeira recesión no porcino e estabilidade nas aves,²⁰ polo que no caso de cumprirse esta tendencia para Galicia a produción total de carne podería incrementarse nun 0,5%.

As entregas de leite segundo as enquisas mensuais do MAPA²¹ rexistraron unha redución do 1,1% con relación ao ano 2004, cunha certa contradición cos datos do FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria), que rexistraba un incremento próximo ao 1,5% na primeira parte da campaña 2005/2006.

²⁰ MAPA, *Encuesta mensual de sacrificio de ganado. Resultados mensuales y acumulados anuales*. Anos 2003, 2004, 2005. <http://www.mapa.es/es/estadistica/pags/sacrificio/encuesta.asp>

²¹ MAPA: *Estadística mensual de recogida de leche de vaca*.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores


O ano 2005 caracterízase por un comportamento desfavorábel dos prezos, cunha caída dos prezos percibidos e cunha lixeira alza no custo dos *inputs* (gráfico 4). Concretamente, os prezos percibidos polos agricultores galegos tiveron unha baixa do 3,6% en termos nominais, o que implicou case duplicar esa caída en euros constantes. A esta deterioración contribuíron algúns prezos dos produtos agrícolas, sobre todo as patacas, froitas e uvas, mentres que nos gandeiros houbo unha forte baixa nos ovos (-19,5%) e no leite (-2%), que ten un forte peso no índice xeral, contrarrestando as subas nas carnes de vacún, porcino e aves (cadro 14).

A esta forte caída nos prezos percibidos en termos reais (-7%) hai que unir unha lixeira suba nos prezos pagados (0,7% en valor nominal) que, aínda sendo máis reducida ca en 2004, rompe co seu comportamento moderado nos anos precedentes. A súa orixe estivo sobre todo no encarecemento da enerxía (17,8%), que arrastrou a doutras rúbricas como a dos fertilizantes (8,9%), mentres que os alimentos para o gando tiveron unha redución do 4,7%, que permitiu moderar a suba no prezo nominal dos *inputs*.

O resultado foi unha dinámica dos prezos netamente desfavorábel para os nosos agricultores: estes sufriron un descenso dos prezos reais percibidos (-7%) e unha deterioración da relación real de intercambio, a *ratio* prezos percibidos/prezos pagados (-4,3%) (cadro 15 e gráfico 4). Se ben cómpre sinalar que, como sempre sucede, iso agacha unha evolución moi desigual para as explotacións das distintas ramas ou

orientacións produtivas. Nese sentido, cómpre salientar este ano a favorábel conxuntura para as explotacións de carne, fronte á situación oposta pola que atravesaron as especializadas en leite e ovos.

Gráfico 4.
Evolución das relacións de prezos dos agricultores galegos.
Índices base 1985 = 100



Cadro núm. 14

Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores

	1999/ 2000	2000/ 2001	2001/ 2002	2002/ 2003	2003/ 2004	2004/ 2005
A. Prezos percibidos*						
Produtos agrícolas	0,8	-2,0	-4,5	15,9	3,1	2,7
Cereais	-3,8	8,5	-6,7	3,6	-0,3	-0,6
Leguminosas	-16,4	0,5	-6,0	-3,8	-3,7	6,6
Patacas	12,1	20,7	-20,7	29,9	16,5	-21,4
Cítricos	-8,9	16,8	-6,7	-2,0	-3,9	5,3
Froitas non-cítricas	-9,3	16,9	4,8	15,4	1,1	-11,3
Hortalizas	13,4	-7,3	5,0	13,1	-6,9	14,5
Viño e subprodutos	-7,9	-29,3	2,6	8,3	-13,4	-7,2
Flores e plantas ornamentais	-8,7	31,9	4,0	17,9	18,4	-22,9
Sementes sel. e plantóns	-10,7	6,1	-9,1	4,7	5,5	6,8
Produtos animais	6,3	6,9	-5,2	2,2	2,6	0,0
Leite	-0,7	10,9	-5,9	0,0	5,6	-2,0
Carne e gando bovino	-1,1	-12,7	17,7	-2,0	-4,0	4,8
Carne e gando porcino	23,4	19,2	-18,3	-3,7	8,4	2,7
Carne e gando aviar	29,4	10,0	-20,8	12,4	1,8	4,0
Carne e gando ovino	1,3	18,5	-3,8	-3,0	1,7	6,0
Carne e gando caprino	-0,7	11,2	-2,9	9,9	-2,7	8,1
Carne e gando coellos	4,8	9,2	-20,1	31,0	-6,2	0,9
Ovos	22,5	-1,4	6,1	18,0	-7,0	-19,5
Produtos forestais	7,5	8,1	-6,7	2,8	-6,7	-4,7
Índice xeral de prezos percibidos	4,8	4,7	-5,3	5,7	1,5	-3,6
B. Prezos pagados**						
Sementes e plantóns	4,1	0,6	5,7	0,6	5,8	1,9
Alimentos para o gando	2,5	2,8	-0,5	-0,4	3,5	-4,3
Fertilizantes	11,1	7,5	-0,4	-0,7	5,0	8,9
Enerxía e lubricantes	20,6	-2,2	-4,7	3,8	8,6	17,8
Protección fitopatolóxica	-0,3	1,8	5,4	1,8	1,0	-0,1
Tratamentos zoonosanitarios	4,5	0,6	0,3	0,4	2,9	3,5
Conservación e reparación de maquinaria	3,9	1,0	9,3	6,2	7,4	-1,6
Conservación e reparación de edificios	6,4	5,6	2,9	2,9	3,3	4,6
Índice xeral de prezos pagados	6,2	1,9	2,8	2,5	5,4	0,7

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España, e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia aplicándolle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos inputs correntes no conxunto de España, e variación do Índice Xeral de Prezos Pagados que resulta para Galicia aplicándolle á evolución anterior a estrutura dos Consumos Intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAPA. *Boletín Mensual de Estadística*.

■ Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.

Cadro núm. 15

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/ prezos pagados	Prezos percibidos/ IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1986	110,5	102,7	109,1	107,5	101,2
1987	113,1	103,2	115,2	109,5	98,1
1988	119,2	104,4	121,2	114,2	98,4
1989	132,6	105,8	130,0	125,4	102,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1991	127,2	110,4	146,7	115,2	86,7
1992	116,2	112,5	154,7	103,3	75,1
1993	123,8	116,6	162,0	106,1	76,4
1994	147,8	118,9	170,3	124,2	86,8
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
1996	147,2	129,6	184,5	113,5	79,8
1997	149,1	133,9	188,0	111,4	79,3
1998	152,9	132,6	191,7	115,3	79,8
1999	150,8	132,4	196,5	113,9	76,7
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2001	165,4	143,3	210,1	115,5	78,7
2002	156,7	147,3	218,0	106,4	71,9
2003	165,6	151,0	224,7	109,7	73,7
2004	168,1	159,1	231,5	105,6	72,6
2005	162,0	160,3	239,3	101,1	67,7
% variación					
2000/2001	4,7	1,9	3,5	2,7	1,1
2001/2002	-5,3	2,8	3,8	-7,9	-8,7
2002/2003	5,7	2,5	3,1	3,1	2,6
2003/2004	1,5	5,4	3,0	-3,7	-1,5
2004/2005	-3,6	0,7	3,4	-4,3	-6,8

¹ Para os anos 1985-1987 tomamos os índices correspondentes a Galicia, tal como foron elaborados no Informe 1988. Para os anos posteriores os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IDEGA, *A Economía Galega. Informe 1988 e Informe 1991-1992*.
- MAPA, *Boletín Mensual de Estadística*.
- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.
- INE.

Poboación ocupada

Hai que comezar lembrando que desde principios de 2003 o IGE deixou de publicar información sobre a poboación ocupada no sector agrario, e só ofrece datos referidos ao conxunto da agricultura e da pesca. Por este motivo as cifras relativas á poboación ocupada agraria que figuran no cadro 16 para os anos 2003 a 2005 son estimacións nosas, realizadas segundo especificamos no mesmo cadro.

A cifra de ocupados no sector agrario en 2005 indica que continúa a tendencia observada desde mediados dos oitenta, caracterizada pola intensa redución desta man de obra. Concretamente, o número de ocupados na agricultura está nos 95.000, cando en 1985 era de 415.000.

Esta vertixinosa caída do emprego agrario non se corresponde, ademais, cunha redución da mesma magnitude no conxunto do Estado, especialmente no último decenio. En concreto, desde mediados dos noventa o número de ocupados na agricultura galega diminúe a unha taxa anual que case multiplica por cinco o ritmo do descenso no Estado (cadro 16).


A baixa dun 2,8% nos ocupados agrarios en 2005 situouse ben por debaixo da media dos últimos dez anos (-8,2%), no que se rexistraron tamén considerábeis variacións interanuais.

A estimación do número de ocupados agrarios pola EPA (*Encuesta de Población Activa*) é algo inferior á rexistrada na última *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* do propio INE (Instituto Nacional de Estadística). A EPA valorou os ocupados no ano 2003 en 111.000, mentres que a *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* estimaba unhas 122.000 UTA (equivalente de persoas a tempo completo) para ese mesmo ano, que eran subministradas por un total de 241.000 persoas, aínda que o 56% delas teñan unha contribución reducida, por ter outra ocupación fóra da explotación ou por superar os 65 anos (cadro 17).

A forte redución dos últimos quince anos no número de ocupados agrarios supera a rexistrada nos afiliados ao réxime especial agrario da Seguridade Social. En canto ás taxas anuais de descenso son para o conxunto do período do -7,6 e -4,8%, respectivamente, polo que a diferenza entre ambos os colectivos, que acadaba as 150.000 persoas en 1990 (estaban dados de alta na Seguridade Social tan só o 49% dos ocu-

Gráfico 5.

Evolución da poboación ocupada no sector agrario.
Índices base 1985 = 100



Cadro núm. 16

Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1986	373,1	89,9	1.638,4	89,5
1987	354,2	85,3	1.612,3	88,1
1988	355,4	85,6	1.591,3	87,0
1989	330,2	79,5	1.496,2	81,8
1990	292,4	70,4	1.391,2	76,0
1991	260,2	62,7	1.251,7	68,4
1992	239,2	57,6	1.167,1	63,8
1993	240,5	57,9	1.107,8	60,5
1994	221,1	53,3	1.072,2	58,6
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
1996	203,2	48,9	1.015,8	55,5
1997	168,3	40,5	1.011,1	55,3
1998	152,7	36,8	1.005,4	55,0
1999	139,3	33,5	958,5	52,4
2000	141,1	34,0	927,1	50,7
2001	122,5	29,5	923,0	50,4
2001*	121,4	29,2	954,5	52,2
2002*	108,9	26,2	905,6	49,5
2003**	110,8	26,7	892,8	48,8
2004**	97,6	23,5	868,1	47,4
2005**	94,8	22,8	877,9	48,0
Taxas de variación media acumulativa anual (en %)				
1985/1992	-7,6		-6,2	
1992/1995	-2,2		-3,8	
1995/2005	-8,2		-1,7	
% de variación anual na etapa máis recente				
2001/2002	-10,3		-5,1	
2002/2003	1,7		-1,4	
2003/2004	-11,9		-2,8	
2004/2005	-2,8		1,1	

* Estimacións referidas á nova metodoloxía aplicada desde o primeiro trimestre de 2002.

** Desde principios de 2003 o IGE tan só publica datos da poboación ocupada no conxunto da agricultura e pesca, polo que a cifra que ofrecemos sobre a poboación ocupada no sector agrario en Galicia constitúe unha estimación. Concretamente, esta baséase no suposto de que a poboación ocupada na pesca rexistrou aquí unha taxa de variación igual á española (hipótese plausible se temos presente que en 2002 a nosa Comunidade subministraba máis da metade do emprego pesqueiro do Estado).

Fonte:

- INE, Encuesta de Población Activa e EPA, *Población ocupada por CC.AA. y sectores económicos. Series revisadas*, Madrid, 1988.
- IGE, Mercado de traballo en Galicia. *Estadísticas do mercado de traballo e Enquisa de poboación activa en Galicia*.

pados na agricultura), reduciuse a unhas 30.000 en 2005, co 69% deles afiliados á Seguridade Social. A visión polo miúdo desta evolución aparece reflectida no gráfico 6, que inclúe tamén para os últimos anos o número de traballadores dados de alta na Seguridade Social na rama agraria, pois parte deles están no réxime de autónomos, cara ao que se reconducirá no futuro o colectivo de novos agricultores, despois da reforma realizada no ano 2003.

Por outro lado, un dos aspectos máis negativos da evolución do emprego agrario é, sen dúbida, o envellecemento. Os ocupados na agricultura e na pesca con menos de 25 anos pasaron de 15.500 en 1995 a 5.700 en 2005, isto é, nunha década o segmento de traballadores máis novos ficou reducido a apenas unha terceira parte do volume inicial (cadro 18). Trátase da franxa de idade que sofre un maior descenso en termos relativos, de forma que na actualidade o seu peso no conxunto do emprego agrario queda nos 3/4 do que tiña a mediados da década de noventa. Tamén experimentou unha redución o número de ocupados con 55 ou máis anos, pero o seu peso relativo segue a ser moi importante: máis de 36.000 persoas, un 30% do total (cadro 18). Estes datos sobre o baixo nivel de relevo xeracional e o elevado nivel de envellecemento coinciden cos obtidos da *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas* referidos ás persoas que traballan nas explotacións, das que só un 5,4% teñen menos de 25 anos, aínda que o seu número sexa máis elevado por incluír a persoas que poden ter algunha actividade económica fóra da explotación, o mesmo que ocorre coas de máis de 55 anos, das que o 60% superan os 65 anos (cadro 17). Todo isto indícanos que nos próximos anos vai continuar a forte ritmo a caída do emprego no sector.

Cadro núm. 17


Persoas que traballan nas explotacións agrarias

	Miles de persoas	%
Con outra actividade	61,0	25,3
Con máis de 65 anos	75,0	31,1
UTA	122,0	50,7
Total	240,8	100,0
< 25 anos	13,0	5,4
25 a 54 anos	101,9	42,3
>= 55 anos	125,9	52,3
Total	240,8	100,0
Titular	60,8	49,8
Cónxuxe	30,7	25,1
Outros familiares	23,6	19,3
Asalariado	7,0	5,7
Total	122,0	100,0

Fonte: INE, *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrarias. 2003*.
Elaboración propia.

Gráfico 6.

Evolución dos ocupados e afiliados á Seguridade Social no sector agrario. En miles



Cadro núm. 18

Distribución por idades da poboación ocupada no sector agricultura e pesca. Galicia
Medias anuais

	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	55 e máis anos	Total
Miles de persoas					
1995	5,4	10,1	143,9	94,2	253,7
2004	0,4	3,6	86,7	35,3	126,0
2005	1,9	3,8	79,0	36,2	120,9
Taxa de variación acumulativa anual (%)					
1995/2004	-25,1	-10,8	-5,5	-10,3	-7,5
2004/2005	375,0	5,6	-8,9	2,5	-4,0
Distribución porcentual					
1995	2,1	4,0	56,7	37,1	100,0
2004	0,3	2,9	68,8	28,0	100,0
2005	1,6	3,1	65,3	29,9	100,0

Fonte: IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*. Elaboración propia.

Estes datos permiten considerar que se reduciu de xeito considerábel o subemprego na agricultura e que o ritmo de descenso podería ir flexionando á baixa nos próximos anos, pois o colectivo máis débil xa abandonou a agricultura nos últimos anos. Non obstante, pode continuar o forte ritmo de caída no emprego no sector porque, por unha parte, o número de agricultores de idade avanzada, que abandonarán a actividade por xubilación ou morte no vindeiro decenio, segue sendo moi elevado. E, ademais, as cifras recentes indican que a actividade agraria segue sen resultar atractiva para os máis novos. En consecuencia, nun plan normativo un dos grandes retos do futuro é lograr fixar poboación nova na agricultura, co fin de posibilitar o relevo xeracional neste sector e contribuír a atenuar o despoboamento das áreas rurais.

Consumos intermedios

Nos cadros 19 e 20 obsérvase a evolución dos consumos intermedios da agricultura galega desde 1990 ata a actualidade. A progresiva asunción por parte das distintas administracións da metodoloxía SEC-95 fixo que deixemos de ter as cifras de *Gastos de fóra de sector*, correspondentes á metodoloxía FAO, que viñamos empregando nos *Informes* anteriores a 2004.

Pois ben, os datos do MAPA para o decenio 1990-2000 indican un notábel incremento dos consumos intermedios en euros correntes, especialmente no trienio 1998-2000. Incremento que, segundo as estimacións máis recentes da Consellaría, continúa

Cadro núm. 19

Evolución dos consumos intermedios da agricultura galega e da «ratio»
«Consumos intermedios/Producción agraria». Metodoloxía SEC-95

	Consumos intermedios (en millóns de euros)		Consumos intermedios/ Producción agraria (%)	
	A prezos correntes	A prezos constantes de 1995 ¹	A prezos correntes	A prezos constantes de 1995 ¹
1. Datos publicados polo MAPA				
1990	505,0	582,1	34,3	32,9
1991	511,9	579,2	32,0	29,8
1992	489,3	543,7	34,1	28,5
1993	485,7	520,4	32,8	28,2
1994	512,2	538,1	27,6	27,8
1995	531,3	531,3	26,5	26,5
1996	554,2	534,2	28,5	26,2
1997	624,8	583,1	35,0	31,5
1998	591,0	556,8	31,9	29,8
1999	700,4	661,2	41,0	37,9
2000	788,3	700,5	47,7	43,4
2. Estimacións da Consellaría de Política Agroalimentaria				
2000	668,7	594,3	36,7	33,5
2001	715,5	624,1	35,8	33,5
2002	801,4	679,8	39,1	33,7
3. Contas Económicas de Galicia do IGE				
2000	819,3	728,1	48,9	44,5
2001	886,4	773,2	47,7	44,6
2002	839,0	711,7	46,3	39,9
España				
1990	8.834,6	9.635,8	36,3	28,7
2001	13.486,0	12.737,2	35,0	31,3
2002	14.261,4	12.097,5	36,5	31,5

¹ Consumos intermedios deflactados polo Índice de prezos pagados polos agricultores, e a produción agraria polo Índice de prezos percibidos.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.
- Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001 e 2002*.
- IGE, *Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002*.

en 2002. A evolución en termos constantes tamén mostra un importante crecemento no trienio 1998-2000 segundo o MAPA, que se atenuaría nos últimos anos de acordo coa Consellaría. Isto indícanos que o crecemento do diñeiro destinado á compra destes factores de produción non se debeu unicamente ao aumento dos prezos, senón tamén a unha elevación da cantidade utilizada destes *inputs* (cadro 19).

A evolución anterior, unida á forte contracción sufrida neses anos pola produción agraria, fixo que no trienio 1998-2000 tivera lugar un incremento espectacular da *ratio* consumos intermedios/produción agraria: o valor desta *ratio* a prezos constantes elevouse en 13,6 puntos, o que evidencia unha deterioración da produtividade dos insumos correntes utilizados pola agricultura galega, ao incrementarse o volume de *inputs* necesarios para obter unha unidade de *output*; e iso, unido á lixeira deterioración da relación de intercambio (prezos percibidos/prezos pagados), provocou un aumento maior da citada *ratio* a prezos correntes (esta pasou do 31,9% ao 47,7%; elevouse, xa que logo, en case 16 puntos).

En conxunto, no período 1990-2001 ese índice —a prezos correntes— elevouse en Galicia do 34,3% ao 46,3%, mentres que en España se mantivo estábel arredor do 35% ou 36%. De tal modo que a nosa agricultura pasou de rexistrar un valor próximo á media estatal a superar esta amplamente na actualidade. A orixe disto está esencialmente na diverxente evolución da produción, e o que nos está indicando é que, mentres que a produtividade dos *inputs* intermedios se mantivo na agricultura española aproximadamente estábel, no agro galego sufriu unha acusada deterioración (cadro 19).

No que respecta á composición dos consumos intermedios, o máis salientábel é o peso dos alimentos para o gando: os pensos representaban en 2002 máis da metade do total (54,2%). A evolución ao longo da década de 1990 mostra mesmo un lixeiro incremento da porcentaxe que absorbe este capítulo. Outro aspecto que hai que sinalar refírese ao cambio de tendencia que se produce na evolución da partida de mantemento de material: tras o incremento de 1990 a 1999, os últimos anos da serie amosan unha caída tanto en termos absolutos coma no peso deste capítulo sobre o total (cadro 20).

Entre os pensos e os dous capítulos directamente relacionados coa maquinaria (enerxía e lubricantes e mantemento de material) absorben as tres cuartas partes do valor dos consumos intermedios. En calquera caso, o crecemento destes apartados entre 1990 e 2002 foi menor có da partida de gastos veterinarios —o que indica a crecente relevancia da sanidade animal—, que se incrementou nun 31%. Noutras partidas, como as dos fitosanitarios e servizos agrarios, non é doado seguir a súa evolución polas notábeis discrepancias existentes entre as series do MAPA e da Consellaría, na que incluso non aparece separada esta partida de servizos en 2002, cando nestes últimos anos se está a dar un incremento na externalización por parte das explotacións de determinadas tarefas dos procesos produtivos, en especial na colleita de forraxes, sobre todo do millo.

A composición dos consumos intermedios do noso sector agrario é significativamente distinta da que se constata na agricultura española e na europea. As diferenzas céntranse nun aspecto: os tres capítulos cun maior peso no caso galego, que absorben en conxunto os 3/4 do total (pensos, enerxía e lubricantes e mantemento de material), representan unha porcentaxe moito menor nos espazos do medio. Como sinalamos en anteriores *Informes*, o elevado peso que teñen aquí as partidas relacionadas coa maquinaria está vinculado co intenso proceso de mecanización e coa notábel subutilización de boa parte das máquinas. No que respecta aos pensos, é ata certo punto

Cadro núm. 20

Evolución da composición dos consumos intermedios da agricultura galega

Datos referidos á metodoloxía SEC-95

A. Millóns de euros correntes							% variación	
	1990	1995	1999	2000	2001	2002	1990/2000	2000/2002
Sementes e plantóns	27,5	30,6	24,7	24,1	19,5	29,2	-12,1	20,9
Enerxía e lubricantes	61,6	71,9	86,3	104,8	106,2	100,8	70,1	-3,8
Fertilizantes e emendas	27,9	22,9	29,5	47,7	33,0	38,6	71,1	-19,1
Produtos fitosanitarios	11,8	10,2	18,1	22,7	5,9	8,8	91,4	-61,3
Gastos veterinarios	24,2	34,5	50,9	47,5	45,5	50,3	96,5	5,8
Pensos	249,5	231,8	335,7	404,6	377,6	434,3	62,2	7,3
Mantemento de material	57,4	80,7	105,6	88,4	79,0	86,2	53,9	-2,5
Mantemento de edificios	31,9	35,8	38,5	36,4	31,5	33,7	13,9	-7,3
Servizos agrarios	4,3	6,6	5,9	9,6	1,5		125,0	
Outros bens e servizos	8,9	6,4	5,1	2,4	15,8	19,7	-72,6	
Total consumos intermedios	505,0	531,3	700,4	788,3	715,5	801,5	56,1	1,7

B. Estrutura en %								
	1990	1995	1999	2000	2001	2002	España 2002	UE (15) 2003
Sementes e plantóns	5,4	5,8	3,5	3,1	2,7	3,6	6,7	4,9
Enerxía e lubricantes	12,2	13,5	12,3	13,3	14,8	12,6	7,8	9,7
Fertilizantes e emendas	5,5	4,3	4,2	6,1	4,6	4,8	7,8	6,7
Produtos fitosanitarios	2,3	1,9	2,6	2,9	0,8	1,1	6,7	5,5
Gastos veterinarios	4,8	6,5	7,3	6,0	6,4	6,3	3,4	2,6
Pensos	49,4	43,6	47,9	51,3	52,8	54,2	46,6	39,5
Mantemento de material	11,4	15,2	15,1	11,2	11,0	10,8	7,8	6,8
Mantemento de edificios	6,3	6,7	5,5	4,6	4,4	4,2	2,4	2,0
Servizos agrarios	0,8	1,2	0,8	1,2	0,2	0,0	4,1	6,7
Outros bens e servizos	1,8	1,2	0,7	0,3	2,2	2,5	6,7	15,5
Total consumos intermedios	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.
- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001 e 2002*.
- EU-DG Agriculture, *Agriculture in the European Union-Statistical and economic information 2004*.

lóxica a súa maior relevancia se o comparamos co conxunto do Estado, dado o maior peso das orientacións gandeiras no noso agro. No entanto, non resulta tan lóxica a diferenza de máis de dez puntos que existe entre Galicia e a Unión Europea, un espazo este no que as producións gandeiras supoñen unha porcentaxe similar da produción agraria.

En conxunto, a estrutura dos consumos intermedios pon de relevo dous dos retos de futuro da agricultura galega, máis aínda se temos en conta o contexto derivado das reformas da Política Agraria Común e a evolución dos prezos dos *inputs* enerxéticos:

- A necesidade de mellorar a base territorial das explotacións, en particular as de bovino, co fin de reducir a súa dependencia da compra de alimentos para o gando.
- A conveniencia tamén, desde o punto de vista económico, de aplicar medidas que permitan racionalizar o uso da maquinaria, co fin de mellorar a eficiencia destes bens de capital.

Capital produtivo

A dinámica dos investimentos nas explotacións bovinas 1992-2003

Os datos do IGE que recolleemos nos cadros 21 e 22 e no gráfico 7 permiten coñecer a dinámica investidora no período 1992-2003 das explotacións de bovino, o sector máis relevante do agro galego. Da análise desas cifras despréndense as seguintes conclusións:

1. No conxunto deste período o sector realizou un importante esforzo investidor, que se reflicte na porcentaxe de explotacións que efectuaron investimentos cada ano e tamén na proporción que supoñen eses investimentos sobre o valor da produción. A intensa reestruturación experimentada polo sector bovino, e especialmente o lácteo,


coa aparición dun segmento de medianas e grandes explotacións que concentran a maioría da produción, non sería posíbel sen ese esforzo investidor.

2. Non obstante, nos últimos anos constatábase unha caída do volume total de investimentos e da porcentaxe de explotacións que invisten, que en parte se recuperou no ano 2003, así coma tamén da parte da produción que representan os investimentos, que en certa medida é consecuencia do incremento do valor da produción do vacún e do leite dos últimos anos. Esta evolución, sen dúbida, hai que relacionala coas circunstancias polas que atravesaron ou seguen atravesando esas explotacións: incerteza derivada das últimas reformas da PAC, crise do vacún de carne ou a aplicación máis estrita do réxime de cotas lácteas.

3. No que se refire á composición dos investimentos os aspectos máis destacábeis son (cadro 21, gráfico 7):

Gráfico 7.

Composición dos investimentos realizados polas explotacións bovinas en Galicia (en %)



Cadro núm. 21

Evolución dos investimentos realizados polas explotacións bovinas. Galicia

	1992	1994	1996	1999	2000	2001	2002	2003
A. Total de investimentos (en bens de capital fixo, incluída a terra)								
Explotacións con investimentos no ano	26.665	21.038	20.856	31.705	16.452	13.150	9.891	11.031
% do total de explotacións bovinas	24,9	21,9	23,9	39,3	21,7	21,3	16,8	18,6
Volume dos investimentos (en miles de euros)	118.982	161.704	182.260	189.794	208.359	171.364	127.584	183.397
Investimentos/Produción (%) ¹	18,9	19,2	23,4	26,3	28,8	20,2	14,5	
B. Volume dos investimentos por capítulos (en miles de euros)								
Maquinaria	49.189	65.970	82.452	93.776	90.230	69.900	53.434	71.684
Tractores	22.598	26.130	38.897	48.357	41.596	28.584	19.745	38.243
Outra maquinaria	20.702	32.479	35.734	28.819	35.544	25.478	25.179	24.917
Equipos de muxidura	3.510	4.325	4.395	10.884	10.728	8.314	5.655	6.205
Sistemas de refrixeración do leite	2.379	3.037	3.426	5.716	2.362	7.524	2.855	2.319
Construcións	22.310	53.526	26.149	58.442	56.748	56.008	32.767	34.130
Compra de terras	13.381	11.384	19.475	7.429	17.513	14.501	7.154	11.218
Compra de gando	34.102	30.824	39.640	17.718	14.635	16.413	11.551	sd ²
Compra de cota láctea			14.198	12.429	29.233	12.764	20.845	63.478
Outros investimentos						1.777	1.833	2.888
C. Distribución porcentual								
Maquinaria	41,3	40,8	45,2	49,4	43,3	40,8	41,9	39,1
Tractores	19,0	16,2	21,3	25,5	20,0	16,7	15,5	20,9
Outra maquinaria	17,4	20,1	19,6	15,2	17,1	14,9	19,7	13,6
Equipos de muxidura	2,9	2,7	2,4	5,7	5,1	4,9	4,4	3,4
Sistemas de refrixeración do leite	2,0	1,9	1,9	3,0	1,1	4,4	2,2	1,3
Construcións	18,8	33,1	14,3	30,8	27,2	32,7	25,7	18,6
Compra de terras	11,2	7,0	10,7	3,9	8,4	8,5	5,6	6,1
Compra de gando	28,7	19,1	21,7	9,3	7,0	9,6	9,1	s.d. ²
Compra de cota láctea			7,8	6,5	14,0	7,4	16,3	34,6
Outros investimentos						1,0	1,4	1,6

¹ Porcentaxe que supoñen os investimentos sobre o valor da produción de leite, carne e gando bovino (como unha aproximación ao *output* final das explotacións bovinas).

² No ano 2003 non están rexistrados os datos das compras de gando.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Enquisa de explotacións de vacún en Galicia*.
- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.
- Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001*.

■ A compra de maquinaria segue representando a partida máis importante xa que absorbe o 42% do total. Dentro da maquinaria, nos últimos anos reduciuse notablemente o volume de fondos destinados a equipos de muxidura e sistemas de refrixeración de leite. Tendo en conta a caída no número de explotacións de pequena dimensión e o esforzo dedicado a estas partidas en anos anteriores, seguramente a citada redución se deba a que a maior parte das explotacións de leite contan xa coa maquinaria relacionada coa muxidura e refrixeración.

■ Talvez o elemento máis sobresaínte da evolución recente é o incremento da porcentaxe dos investimentos destinada á compra de cota láctea, o que seguramente responde ao aumento dos controis e ás perspectivas dunha aplicación máis estrita do sistema de cotas. Porén, non pode deixar de sinalarse que este fenómeno se está constituíndo nun freo ao desenvolvemento das explotacións, ao desviar cara á compra de dereitos de produción un volume moi elevado de recursos financeiros (188 millóns de euros entre 1995 e 2003, dos que a terceira parte foron empregados en 2003), que poderían ser investidos en activos reais (terra, gando...) e axudar así a mellorar a estrutura produtiva.

■ A pesar da súa importante contracción nos últimos anos, os investimentos en construcións seguen ocupando un lugar destacado, o que con toda probabilidade responde á necesidade de adecuar as instalacións ao crecemento do rabaño por explotación.

■ A porcentaxe dos investimentos dedicada á adquisición de gando²² semella estabilizada lixeiramente por baixo do 10%, o que indica, tal e como afirmabamos en anteriores *Informes*, que, tras unha etapa na que as compras de gando ocuparon un papel fundamental no proceso de crecemento e mellora xenética das explotacións, estas foron perdendo protagonismo en beneficio da propia recría.

■ Os investimentos destinados á compra de terras, tradicionalmente un dos capítulos máis pequenos, e que rexistraron o seu valor máximo a mediados dos noventa, experimentaron nos anos recentes unha diminución case continua. Isto suxire que o papel do mercado de terras na ampliación da base territorial das explotacións, se xa viña sendo moi limitado, tende a reducirse aínda máis.

4. Finalmente, no cadro 22 podemos observar as importantes diferenzas existentes no perfil investidor das explotacións en función do seu tamaño. Son as explotacións de maior dimensión as que invisten en maior proporción, e, como cabería esperar, tamén as que realizan un maior investimento medio. Eses dous elementos dan lugar a que as explotacións de 20 ou máis vacas, un 16% do total, efectúen case o 74% dos investimentos. Evidénciase así o carácter selectivo do proceso de modernización: son as unidades de maior dimensión as que teñen unha maior capacidade financeira e, polo tanto, as que poden facerlles fronte a maiores investimentos para proseguir a carreira modernizadora, mentres as pequenas van quedando relegadas.

Tamén se constatan significativas diverxencias no destino dos investimentos. As explotacións con menos de 10 vacas parecen darlle prioridade ao incremento do seu tamaño e capacidade de traballo, investindo en maior proporción na compra de maquinaria e terras. Aquelas con máis de 19 vacas, en cambio, teñen prioridades moi distintas: os seus investimentos en terras e gando están moi por baixo da súa cota global no conxunto dos investimentos, e adquiren unha maior relevancia os dedicados a construcións

²² Esta partida xa non aparece reflectida nos investimentos do ano 2003.

Cadro núm. 22

Investimentos realizados polas explotacións bovinas. 2003

Datos por estratos de tamaño

	Dimensión das explotacións (núm. de vacas)			
	1-9	10-19	> = 20	Total
A. Núm. total de explotacións	38.801,0	11.120,0	9.417,0	59.338,0
Distribución porcentual	65,4	18,7	15,9	100,0
B. Explotacións que realizaron investimentos	3.340,0	3.015,0	4.676,0	11.031,0
B/A (%)	8,6	27,1	49,7	18,6
Investimentos/explotación (en euros)	4.180,8	11.125,7	29.060,9	16.625,6
Investimentos totais (en miles de euros)	13.964,0	33.544,0	135.889,0	183.397,0
Investimentos totais (distribución en %)	7,6	18,3	74,1	100,0
Distribución por estratos dos diversos tipos de investimento (%)				
Tractores	13,4	32,5	54,0	100,0
Equipos de muxidura	2,7	17,8	79,5	100,0
Tanque de frío	1,4	8,7	89,9	100,0
Outra maquinaria	14,4	23,2	62,4	100,0
Construcións	3,1	12,4	84,5	100,0
Compra de terras	21,7	51,8	26,6	100,0
Compra de cota láctea	0,8	5,9	93,3	100,0

Fonte: IGE, *Enquisa de explotacións de vacún en Galicia 2003*. Elaboración propia.

e a compra de cota. Semella, pois, que este segmento —o máis dinámico— dirixe as súas prioridades á mellora das condicións de traballo e á legalización da produción láctea mediante a compra de cota (cadro 22).

As amortizacións do capital fixo

No cadro 23 recolleemos a evolución das amortizacións do capital fixo do sector agrario galego no período 1990-2000, segundo a serie de macromagnitudes do MAPA. Tras o incremento experimentado ata 1997, as cifras dos seguintes catro anos amosan un estancamento do valor das amortizacións. Agora ben, dada a intensa caída que sufriu na segunda metade dos 90 o VEB do sector, o resultado foi un forte aumento da carga relativa que supoñen esas amortizacións: entre 1995 e 2000 a *ratio* Amortizacións/VEB, a parte da renda bruta que os agricultores teñen que destinar a cubrir o desgaste do capital fixo, duplicouse, pasando do 15,4% ao 30,8%.

As cifras estimadas pola Consellaría de Política Agroalimentaria para os anos 2000 a 2002 amosan unha situación máis favorábel: debido ao valor moito maior que segundo estes datos acadada a produción e o VEB do sector, a citada *ratio* limitábase no último ano ao 22,9%. En calquera caso, cómpre destacar que este índice supera amplamente a media española (12,6%), mentres que en relación coa agricultura

Cadro núm. 23

Evolución das amortizacións no sector agrario galego (metodoloxía SEC-95)

	Amortizacións (en millóns de euros correntes)	Amortizacións/ VEB a prezos básicos (%)
1. Datos publicados polo MAPA		
1990	181,2	18,8
1991	173,4	15,9
1992	181,0	19,1
1993	192,8	19,4
1994	213,9	15,9
1995	227,7	15,4
1996	249,2	17,9
1997	273,7	23,5
1998	267,6	21,2
1999	272,0	27,0
2000	266,1	30,8
2. Estimacións da Consellaría de Política Agroalimentaria		
2000	226,0	19,6
2001	273,0	21,4
2002	285,5	22,9
España 2001	3.140,5	13,3
Unión Europea (15) 2003	39.393,0	26,5

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Evolución de las Macromagnitudes Agrarias Regionales 1990-2000*.
- Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2001 e 2002*.
- EU-DG Agriculture, *Agriculture in the European Union-Statistical and economic information 2004*.

Cadro núm. 24

Composición das amortizacións no sector agrario galego. 2002. En miles de euros

Bens de capital fixo. Amortización maquinaria	Cotas de amortización
Tractores de rodas	152.154
Tractores de cadeas	38
Motocultores	25.825
Colleitadoras de cereais	4.247
Colleitadoras de forraxe	3.193
Outras colleitadoras	136
Equipos de carga	24.386
Tractocarros	135
Outras automotrices	4.462
Outras máquinas	40.005
Total	254.580
Amortización de construcións	
Adegas	4.562
Construcións gandeiras	13.893
Silos e almacéns	8.240
Outros	4.240
Total	30.935
Total de amortizacións	285.514

Fonte: Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Macromagnitudes agrarias 2002*. Elaboración propia.

comunitaria sitúase moderadamente por baixo ou por enriba, segundo os datos que tomemos (cadro 23).

Ese peso crecente das amortizacións, como sinalamos en *Informes* anteriores, hai que relacionalo co elevado esforzo investidor realizado nas últimas décadas polas explotacións galegas, e tamén coa baixa eficiencia no uso destes bens de capital. De feito, a relación VEB/Amortizacións (a inversa da *ratio* que estivemos comentando) constitúe un indicador groseiro da produtividade dos bens de capital fixo;²³ e, como se desprende do cadro 23, sufriu unha acusada deterioración no último decenio.

As observacións precedentes son precisadas dalgún xeito polos datos que figuran no cadro 24, onde se especifica para 2002 a composición das amortizacións. Dous son

²³ Máis exactamente daqueles bens de capital fixo que se inclúen no cálculo das amortizacións (ver cadro 22).

os feitos que cómpre salientar: nos cálculos só se consideran dous tipos de bens de capital, a maquinaria e as construcións, e, no caso galego, case o 90% das amortizacións correspóndelle á maquinaria. Daquela, é no uso pouco eficiente da maquinaria onde hai que procurar a orixe esencial da elevada carga relativa que supoñen para os nosos agricultores as amortizacións.

Censos gandeiros

Gando bovino: evolución do censo e do número de explotacións

Os datos máis recentes sobre a evolución da cabana bovina, correspondentes a 2003 na *Enquisa de explotacións de vacún* do IGE (cadro 25) e a 2004 nas *Encuestas ganaderas* do MAPA (cadro 25 e gráfico 8), amosan unha interrupción da tendencia crecente que se observaba desde mediados dos noventa no número de vacas. A redución é especialmente abrupta nos datos publicados polo IGE: de acordo con esta fonte o número de vacas retrocedeu ata os niveis inferiores do comezo dos noventa.

No que se refire á orientación produtiva, confírmase o sinalado nos últimos dous *Informes*. O incremento do número de vacas de carne que se producira ao longo da pasada década freouse nos inicios da presente e deixou paso a unha estabilización ou a un descenso, segundo a fonte. Simultaneamente, as cifras de 2003 do IGE e de 2004 do MAPA confirman o cambio de tendencia indicado no último *Informe* para as vacas de leite de maneira que se produce unha redución do seu número. Esta dinámica descendente resulta máis coherente co proceso de mellora xenética e de incremento

Cadro núm. 25

Evolución do número de explotacións bovinas e o censo de gando vacún por tipos. Galicia

							Taxas de variación acumulativa anual	
	1993	1997	2000	2001	2002	2003	1993/2003	2000/2003
A. Total de explotacións*								
Núm. de explotacións	101.890	83.954	75.910	61.703	58.839	59.337	-5,3	-7,9
Núm. total de vacas	637.189	687.206	709.492	754.514	633.365	590.450	-0,8	-5,9
<i>Vacas de muxidura</i>	501.621	505.143	446.257	508.186	419.060	380.174	-2,7	-5,2
<i>Vacas que non se moxen</i>	135.567	182.063	263.235	246.328	214.305	210.276	4,5	-7,2
Núm. de vacas/explotación	6,3	8,2	9,3	12,2	10,8	10,0	4,8	2,1
B. Explotacións con vacas de muxidura								
Núm. de explotacións	75.405	53.847	33.041	32.429	27.266	26.578	-9,9	-7,0
C. Explotacións con vacas que non se moxen								
Núm. de explotacións	34.694	37.028	50.957	46.363	35.887	37.296	0,7	-9,9

* Explotacións con polo menos unha vaca. As explotacións con vacas de muxidura e non-muxidura superan o total de explotacións por seren parte delas de carácter mixto.

Fonte: IGE, *Enquisa de explotacións de vacún en Galicia*. Elaboración propia.

Cadro núm. 26

Evolución do censo de gando bovino. Galicia

	1987	1991	1995	2000	2001	2002	2003	2004
A. Número (miles de cabezas)								
Total bovinos	980,1	868,3	953,9	1.016,4	1.075,3	1.125,2	1.077,2	1.038,5
Vacas	704,5	598,8	624,8	666,5	696,5	737,0	700,0	644,4
Vacas que nunca se moxen	101,9	118,4	178,8	234,1	260,8	264,3	249,6	223,6
Vacas de muxidura	602,6	480,4	446,0	432,3	435,7	472,6	450,4	420,8
Frisonas	388,3	351,4	383,5	417,7	415,4	450,8	434,7	-
Principais ratios (%)								
Vacas/Total bovinos	71,9	69,0	65,5	65,6	64,8	65,5	65,0	62,1
Vacas de muxidura/Total vacas	85,5	80,2	71,4	64,9	62,6	64,1	64,3	65,3
Frisonas/Vacas de muxidura	64,4	73,1	86,0	96,6	95,3	95,4	96,5	-
Frisonas/Total vacas	55,1	58,7	61,4	62,7	59,6	61,2	62,1	-
B. Índices (base 1987 = 100)								
	1991	1995	1999	2000	2001	2002	2003	
Total bovinos	88,6	97,3	103,7	109,7	114,8	109,9	106,0	
Vacas	85,0	88,7	94,6	98,9	104,6	99,4	91,5	
Vacas que nunca se moxen	116,2	175,4	229,7	255,8	259,3	244,9	219,4	
Vacas de muxidura	79,7	74,0	71,7	72,3	78,4	74,7	69,8	
Frisonas	90,5	98,8	107,6	107,0	116,1	111,9	-	
C. Participación de Galicia no total español (%)								
	1987	1991	1995	1999	2000	2001	2002	2003
Total bovinos	19,2	17,2	17,3	16,5	16,8	17,4	16,5	15,6
Vacas	25,1	21,9	22,1	22,1	22,6	23,6	22,3	21,1
Vacas que nunca se moxen	10,0	9,8	11,7	12,5	13,8	13,4	12,4	11,2
Vacas de muxidura	33,6	31,5	34,5	37,9	36,9	40,9	40,3	39,9
Frisonas	28,6	27,7	33,3	38,4	37,3	41,0	40,9	-

Fonte: MAPA, Anuario de Estadística Agroalimentaria e Boletín Mensual de Estadística. Elaboración propia.

dos rendementos por vaca que experimenta o sector. Nese sentido cómpre mencionar un ano máis que a frisonización do rabaño leiteiro está practicamente finalizada, con porcentaxes de frisonas sobre o total de vacas de muxidura que nos últimos anos sempre superan o 95% (gráfico 8).

Outro dos elementos que hai que sinalar é que continúa a desaparición de explotacións a un ritmo elevado, acompañada dun incremento paralelo do seu rabaño medio. As explotacións con vacas de leite rexistran un descenso acusado desde finais dos oitenta, mentres que as de vacas de carne que tiveron unha recuperación no seu número a mediados dos noventa, nos últimos anos redúceno a un ritmo elevado, similar ao das vacas de leite.

No cadro 27 vemos como o intenso proceso de desaparición de explotacións con vacas de leite se está acompañando dunha crecente concentración do rabaño nas

unidades de maior dimensión. Así, no período 1993-2003 o número de explotacións lácteas con menos de 20 vacas caeu de forma importante, o das situadas entre 20 e 29 vacas incrementouse lixeiramente, e só aquelas con 30 ou máis aumentaron a un ritmo elevado. Ademais, esas pautas tenden a evolucionar co paso do tempo, de tal modo que se nos centramos nos anos máis recentes (1997-2003) a desaparición aféctalles a todos os segmentos por baixo de 30 vacas, incrementándose tan só os que superan este limiar (gráfico 9). O resultado é que en 2003 as explotacións lácteas con 20 ou máis vacas son só o 27% do total pero contan co 64% das cabezas; e, en concreto, as situadas por enriba de 30 vacas, representando unicamente o 14%, concentran o 42% das vacas de leite. Dese modo, é este último

Gráfico 8.

Evolución do censo do gando bovino en Galicia. Miles de cabezas





Gráfico 9.

Evolución do número de explotacións con vacas de leite por grupos de tamaño en Galicia



Cadro núm. 27

Evolución da estrutura dimensional das explotacións con vacas de leite en Galicia

A. Evolución						
Tamaño (vacas de leite)	Número de explotacións			Número de vacas de leite		
	1993	2003	% variación	1993	2003	% variación
1-4	40.893	8.102	-80,2	82.800	13.797	-83,3
5-9	17.230	4.822	-72,0	114.009	33.805	-70,3
10-19	12.383	6.529	-47,3	163.791	88.844	-45,8
20-29	3.204	3.493	9,0	74.527	82.663	10,9
30-49	1.502	2.753	83,3	51.142	99.987	95,5
>=50	193	880	356,0	15.352	61.078	297,9
< 20	70.506	19.453	-72,4	360.600	136.446	-62,2
>= 20	4.899	7.126	45,5	141.021	243.728	72,8
Total	75.405	26.578	-64,8	501.621	380.174	-24,2

B. Distribución porcentual				
Tamaño (vacas de leite)	Explotacións		Vacas de leite	
	1993	2003	1993	2003
1-4	54,2	30,5	16,5	3,6
5-9	22,8	18,1	22,7	8,9
10-19	16,4	24,6	32,7	23,4
20-29	4,2	13,1	14,9	21,7
30-49	2,0	10,4	10,2	26,3
>=50	0,3	3,3	3,1	16,1
< 20	93,5	73,2	71,9	35,9
>= 20	6,5	26,8	28,1	64,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE, Enquisa de explotacións de vacún en Galicia. Elaboración propia.

conxunto o que se está configurando cada vez máis como o núcleo do sector en termos produtivos: as 7.100 explotacións maiores de 20 vacas e, sobre todo, as 3.600 que superan as 30 (cadro 27).

O proceso de reestruturación foi moito menos intenso nas explotacións con vacas de carne (que non se moxen). No cadro 28 vemos como entre 1993 e 2003 o seu número aumentou lixeiramente, e unicamente sofre unha leve caída a cifra de unidades con menos de 10 vacas. Sinálamos en anteriores *Informes* como esta evolución das explotacións de carne ten que ver co papel de *refuxio* que está xogando esta orientación para as pequenas explotacións de bovino. Porén, iso non debe ocultar a existencia tamén neste sector dun certo proceso de concentración en favor dos estratos de maior dimensión, o que suxire un certo dinamismo que podería permitir consolidar un seg-

Cadro núm. 28

Evolución da estrutura dimensional das explotacións con vacas de carne en Galicia

A. Evolución						
Tamaño* (vacas de leite)	Número de explotacións			Número de vacas de carne		
	1993	2003	% variación	1993	2003	% variación
1-4	22.207	21.779	-1,9	43.343	43.165	-0,4
5-9	7.469	7.102	-4,9	40.922	43.072	5,3
10-19	4.046	5.660	39,9	32.746	62.797	91,8
20-29	659	1.801	173,3	7.794	31.707	306,8
30-49	234	731	212,4	4.431	18.591	319,6
>=50	79	223	182,3	6.331	10.946	72,9
< 20	33.722	34.541	2,4	117.011	149.034	27,4
>= 20	972	2.755	183,4	18.556	61.244	230,0
Total	34.694	37.296	7,5	135.567	210.278	55,1

B. Distribución porcentual				
Tamaño* (vacas de leite)	Explotacións		Vacas de carne	
	1993	2003	1993	2003
1-4	64,0	58,4	32,0	20,5
5-9	21,5	19,0	30,2	20,5
10-19	11,7	15,2	24,2	29,9
20-29	1,9	4,8	5,7	15,1
30-49	0,7	2,0	3,3	8,8
>=50	0,2	0,6	4,7	5,2
< 20	97,2	92,6	86,3	70,9
>= 20	2,8	7,4	13,7	29,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0

* Número total de vacas (de carne e de leite) coas que contan estas explotacións.


Fonte: IGE, *Enquisa de explotacións de vacún en Galicia*. Elaboración propia.

mento de explotacións medianas, viábeis a medio prazo. Concretamente, no período 1993-2003 a cifra de explotacións maiores de 20 vacas multiplicouse por 1,8 e o seu censo fíxoo por 2,3; de tal forma que este grupo de explotacións, que non chega ao 8% do total, posúe hoxe o 29% do rabaño cárnico (cadro 28).

Os datos sobre a distribución da cota láctea confirman a intensa reestruturación que está a experimentar este sector. No gráfico 10 observamos como nas sete últimas campañas o número de explotacións con cota diminuíu a un ritmo superior ao 10% anual, ata situarse na campaña 2005-06 nunhas 16.700. No conxunto do período 1998-99/2005-06 descendeu o número de explotacións con menos de 75 toneladas de cota e aumentou por riba desa cantidade; pero nas últimas dúas campañas só aumentaron as unidades por enriba das 200 toneladas de cota. Estamos aquí

Gráfico 10.

Taxa anual de variación do número de explotacións lácteas por estratos de cota en Galicia (en %)




ante outro indicador máis do que antes sinalamos: o *limiar de supervivencia* no sector lácteo vai incrementándose co paso do tempo.

Igual que acontece co rabaño, a intensa desaparición acompáñase dunha concentración crecente da cota nas unidades de maior tamaño. Así, actualmente as explotacións que teñen 200 toneladas ou máis de cota —que son o 18% do total— concentran o 52% dos dereitos de produción. Son unhas 3.100 explotacións, que absorben o 52% dunha cota que xa serve tamén para calcular o volume de fondos recibidos pola nova prima da OCM (Organización Común de Mercado) de leite e produtos lácteos. No extremo contrario sitúanse as explotacións cunha cantidade de referencia inferior a 75 toneladas: estas son algo menos da metade, unhas 7.700 explotacións, pero só suman o 12% da cota (gráfico 11). Estamos ante un conxunto cun papel xa moi limitado no plano produtivo, pero que cumpre en cambio unha importante función do punto de vista social, ambiental e do equilibrio territorial, ao contribuír a fixar poboación e manter a actividade agraria en moitas áreas rurais.

Gráfico 11.

Distribución do número de explotacións lácteas e a cota por estratos en Galicia (en %). Campaña 2005/2006



Gando ovino e caprino

As dúas fontes das *Encuestas ganaderas* do MAPA e das campañas de saneamento gandeiro publicadas pola Consellaría coinciden en sinalar un crecemento no número de animais ovino e caprino; un incremento que foi moito maior no caso dos datos do MAPA. Así, segundo estes datos, o censo de ovino e caprino acadou a partir de 2003 uns niveis descoñecidos nos últimos quince anos; mentres que as cifras das campañas de saneamento non ofrecen unha evolución tan optimista: de acordo con elas o número actual de cabezas está por baixo do acadado a finais dos 90. En calquera caso, os datos de 2003 rompen a tendencia descendente que se producira entre 1999 e 2002, e fan que a cabana de ovino e caprino galega gañe tamén peso no total do Estado, aínda que se mantén en porcentaxes case irrelevantes (cadro 29).

Finalmente, os datos das campañas de saneamento permiten comprobar que na maioría dos casos a produción ovina-caprina é unha fonte de ingresos complementaria, ou simplemente está destinada ao autoconsumo. Isto é o que se deduce da dimensión media tan reducida que continúan tendo en Galicia as explotacións destas ramas: 11,3 cabezas as de ovino e 7,3 as de caprino (cadro 29).

Cadro núm. 29

Evolución do censo de gando ovino e caprino en Galicia

A. Datos das campañas de saneamento gandeiro							
	1993	1997	1999	2000	2001-2002	2003	2004
Ovino							
Núm. de explotacións	18.288	25.770	34.311	27.551	24.216	24.927	
Núm. de cabezas	244.511	299.648	358.292	286.084	242.432	281.008	
Cabezas/explotación	13,4	11,6	10,4	10,4	10,0	11,3	
Caprino							
Núm. de explotacións	5.930	6.257	8.025	6.285	5.478	5.661	
Núm. de cabezas	51.384	48.703	53.713	44.000	37.634	41.513	
Cabezas/explotación	8,7	7,8	6,7	7,0	6,9	7,3	
B. Datos das enquisas gandeiras do MAPA (decembro de cada ano)							
	1987	1992	2000	2001	2002	2003	2003
Ovino							
Núm. de cabezas	150.865	206.232	313.367	324.897	242.432	329.627	329.628
% do censo español	0,7	0,8	1,3	1,3	1,0	1,4	1,4
Caprino							
Núm. de cabezas	73.823	54.854	46.170	47.579	37.634	75.808	75.807
% do censo español	2,6	1,9	1,6	1,5	1,2	2,4	2,7

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.
- MAPA, *Boletín Mensual de Estadística*.

Gando porcino

No cadro 30 presentamos os datos do censo porcino, que tivo un incremento do 35%, aproximándose aos valores de finais dos noventa, debido sobre todo ao incremento dos animais mais novos, pois o número de porcos en ceba (máis de 50 k de peso vivo) e das porcas reprodutoras increméntase a un ritmo inferior (15%); no entanto, esta forte suba pode estar algo sobreestimada, como parecen indicar as posteriores reducións en porcas reprodutoras nos seguintes censos de agosto e decembro de 2005.

Con todo, as cifras actuais do porcino sitúanse ao redor do 60% do existente no ano 1987. Contrasta esta redución co forte incremento rexistrado no conxunto de España, onde se multiplicaron por 1,4 durante este mesmo período (desde uns 17,3 ata uns 25,1 millóns de animais), de tal modo que o peso do porcino galego no total español reduciuse a un 40% do que acadaba en 1987.

Cadro núm. 30

Evolución do censo de gando porcino. Galicia (abril de cada ano)

	1987	1990	1997	1999	2001	2002	2003	2003
Miles de cabezas								
Porcos da ceba	436,0	255,3	239,6	228,5	235,2	229,3	233,8	268,3
Porcas reprodutoras	182,8	114,0	121,8	123,3	85,7	104,1	91,8	105,3
Total	1.589,9	1.192,6	1.013,7	1.019,7	778,5	789,5	729,5	981,3
Índices (1987=100)								
Porcos da ceba	58,6	55,0	52,4	53,9	52,6	53,6	61,5	
Porcas reprodutoras	62,4	66,6	67,5	46,9	56,9	50,2	57,6	
Total	75,0	63,8	64,1	49,0	49,7	45,9	61,7	
Galicia/España (%)								
Porcos en ceba	8,5	5,2	3,7	3,4	2,9	2,7	2,7	4,4
Porcas reprodutoras	9,2	6,0	5,7	5,1	3,6	4,0	3,6	4,1
Total	9,8	7,5	5,4	5,0	3,6	3,4	3,1	3,9


Fonte: MAPA, *Boletín Mensual de Estadística*. Elaboración propia.

Prezos da terra

Os datos da *Encuesta de precios de la tierra* do MAPA amosan a existencia de dúas grandes etapas na evolución destes prezos en Galicia desde 1983: a de 1983-1990 (aproximadamente a década dos 80), que se caracterizou por unha revalorización continua das terras en termos reais, ata acumular un aumento do 14,3%; e a de 1991-2000 (anos 90), na que o prezo da terra seguiu aumentando en termos nominais pero a un ritmo moi reducido o que orixinou unha notábel redución en moeda constante (-26,1% nos 10 anos). Ademais, nos anos 1994-2000 isto coincidiu cunha dinámica totalmente oposta a nivel estatal, unha forte e permanente alza, o que fixo que se fora acurtando a distancia entre o prezo medio galego e o español (cadro 31).

O ano 2000 parece que marcou un final dun período de case estancamento no prezo da terra en Galicia; nos últimos anos houbo unha certa recuperación no seu prezo co-

Gráfico 12.

Evolución do prezo da terra en Galicia
Prezo medio por hectárea de SAU en euros

Cadro núm. 31

Evolución do prezo da terra en Galicia e España; prezo medio por hectárea de SAU (en euros) (Nova metodoloxía base 1997)

	Prezos correntes (euros/ hectárea)			Prezos en euros constantes de 1983 ¹			
	Galicia	España	Galicia/ España (%)	Euros/ hectárea		Índices 1983 = 100	
				Galicia	España	Galicia	España
1983	5.656	2.564	220,6	5.656	2.564	100,0	100,0
1984	6.313	2.799	225,5	5.693	2.524	100,6	98,4
1985	7.194	3.116	230,9	5.975	2.588	105,6	100,9
1986	7.768	3.492	222,5	5.819	2.616	102,9	102,0
1987	8.639	3.957	218,3	6.109	2.798	108,0	109,1
1988	8.806	4.436	198,5	5.878	2.961	103,9	115,5
1989	9.947	4.719	210,8	6.210	2.946	109,8	114,9
1990	11.112	4.586	242,3	6.465	2.668	114,3	104,1
1991	11.308	4.343	260,4	6.153	2.363	108,8	92,2
1992	10.893	3.816	285,5	5.555	1.946	98,2	75,9
1993	11.057	3.806	290,5	5.392	1.856	95,3	72,4
1994	11.128	4.058	274,2	5.224	1.905	92,4	74,3
1995	11.489	4.284	268,2	5.141	1.917	90,9	74,8
1996	11.666	4.616	252,7	5.042	1.995	89,1	77,8
1997	11.789	5.272	223,6	4.987	2.227	88,2	86,9
1998	12.408	6.125	202,6	5.129	2.526	90,7	98,5
1999	12.469	6.823	182,7	5.009	2.739	88,6	106,8
2000	12.304	7.292	168,7	4.779	2.828	84,5	110,3
2001	13.473	7.553	178,4	5.023	2.812	88,8	109,7
2002	14.191	8.026	176,8	5.061	2.862	89,5	111,6
2003	15.473	8.553	180,9	5.295	2.927	93,6	114,2
2004	15.326	9.024	169,8	5.054	2.976	89,4	116,1
Variación 1983-2004		171,0	252,0		-10,6	16,1	
Taxas de variación media acumulativa anual (en %)							
1983/1989	9,9	10,7		1,6	2,3		
1989/1993	2,7	-5,2		-3,5	-10,9		
1993/2000	1,5	9,7		-1,7	6,2		
2000/2004	5,6	5,5		1,4	1,3		

¹ Seguindo as recomendacións de Eurostat, o deflactor utilizado é o deflactor implícito do PIB (referido ao conxunto de España).

Fonte: MAPA, Encuesta de precios de la tierra 2004 (Base 1997), Madrid, xuño de 2005. Elaboración propia.

rente, que é moi reducida en valores reais, aínda que en 2004 tivo unha lixeira baixa mesmo en termos nominais co ano anterior. Deste xeito, pode darse por concluído o ciclo de 1994-2000, definido pola caída en Galicia en contraste cunha acusada alza a nivel estatal. Daquela, aparece unha nova fase cos prezos practicamente estabilizados en valores reais (cadro 31, gráficos 12 e 13).


Ao examinar polo miúdo a evolución no último ano (2004), pódese sinalar que os prezos apenas variaron en valores nominais con relación ao ano anterior para os distintos tipos de aproveitamentos, agás nos pasteiros de secaño que rexistraron un descenso, feito que contrasta co comportamento do ano pasado, cando as terras de pastos tiveran os maiores incrementos nos prezos. Pola contra, en España houbo uns incrementos moderados nas terras de labor e viño (cadro 32).

Á hora de interpretar ou explicar a evolución exposta, debemos ter presentes as dúas conclusións que se derivaban da análise estatística realizada no *Informe 2003*:²⁴

■ O comportamento anual dos prezos da terra presenta en Galicia unha estreita correlación coa dinámica do sector agrario, e concretamente dos seus ingresos.

Gráfico 13.

Evolución dos prezos da terra en euros constantes en Galicia e España. Índices base 1983 = 100



Cadro núm. 32

Variación dos prezos da terra por tipos de aproveitamentos en 2002

Tipo de superficie	Galicia			España			Índices Galicia (España = 100)	
	Prezo/ha (euros) 2003	Prezo/ha (euros) 2004	% variación	Prezo/ha (euros) 2003	Prezo/ha (euros) 2004	% variación	2003	2004
Terras de labor secaño	15.218,0	15.075,0	-0,9	5.425,0	5.675,0	4,6	280,5	265,6
Terras de labor regadío	26.119,0	26.571,0	1,7	15.624,0	16.369,0	4,8	167,2	162,3
Viño transf. secaño	48.365,0	48.298,0	-0,1	12.664,0	13.246,0	4,6	381,9	364,6
Prados naturais secaño	14.255,0	14.264,0	0,1	8.690,0	8.714,0	0,3	164,0	163,7
Pasteiros secaño	7.854,0	7.192,0	-8,4	2.352,0	2.542,0	8,1	333,9	282,9
Índice xeral	15.473,0	15.326,0	-1,0	8.553,0	9.024,0	5,5	180,9	169,8

Fonte: *Encuesta de precios de la tierra 2004 (Base 1997)*, Madrid, xuño de 2005. Elaboración propia.


■ Non obstante, partindo desa correlación, estes prezos caracterízanse por unha flexibilidade moito maior á alza ca á baixa. Noutras palabras: as etapas de aumento da renda agraria acompañanse dun incremento igual ou superior do prezo da terra; men-

²⁴ *Informe 2003*, pp. 98-101.

tres que nas fases de recesión este prezo mostra unha resistencia á baixa, diminuindo menos cá renda do sector.

Pois ben, a dinámica que se constata no trienio 2001-2004 encaixa nesas pautas xerais. A recuperación dos prezos da terra nestes tres anos coincide, como vimos anteriormente, cunha certa recuperación da renda do sector agrario galego, pero a alza deses prezos acadou un ritmo superior ao crecemento da renda agraria.

Isto último implica que nos anos máis recentes as terras non só se encareceron en termos absolutos (euros constantes/hectárea), senón que o fixeron tamén en relación co seu valor agrario: a *ratio* «prezo da terra/renda agraria por hectárea», tradicionalmente moi alta en Galicia, elevouse aínda máis. Noutras palabras: as terras non só mantiveron senón que agravaron a súa sobrevaloración do punto de vista agrario, desde a perspectiva dos agricultores que desexan adquirir leiras como medio de produción. Todo apunta pois a que a rixidez da oferta e a influencia de factores externos á agricultura (expectativas de conversión a usos urbanos, funcionamento da terra como activo...) continúan lastrando aquí o mercado de terras rústicas e dificultan cada vez máis a ampliación a través desta vía da base territorial das explotacións.



**III. Pesca, acuicultura
e marisqueo**

III.1. Pesca

Introdución

Tras a incorporación no ano 2004 dos dez novos Estados membros, durante 2005 Galicia mantívose como a rexión pesqueira máis importante na Unión Europea (UE-25). De acordo cos datos amosados no cadro 1, algo máis da terceira parte das embarcacións pesqueiras españolas teñen o seu porto base en Galicia, o que representa arredor do 10% da capacidade pesqueira do conxunto da UE-25.

Cadro núm. 1

Dimensión do sector pesqueiro galego. 2005¹

	Galicia	España	Unión Europea (25)	% Galicia/España	% Galicia UE (25)
Frota²					
Núm. de barcos	5.382	13.821	90.242	38,94	5,96
Capacidade (miles de GT)	184	486	2.043	37,86	9,01
Potencia motor (miles de kW)	344	1.134	7.347	30,34	4,68
Emprego (miles de persoas)³					
Pesca de captura	19,6	68,3	271,9	28,70	7,21
Acuicultura	10,1	14,8	68,4	68,24	14,77
Transformación da pesca	10,8	16,8	124,1	64,29	8,70
Total sector	40,5	99,9	464,4	40,54	8,72
Produción⁴					
Desembarques anuais (miles tm)	465	963	4.462	48,29	10,42
Valor dos desembarques (millóns de euros)	967	1.813	6.219	53,34	15,55
Produción anual acuícola (miles tm)	137	313	1.374	43,77	9,97
Valor da produción acuícola (millóns de euros)	227	444	3.173	51,13	7,15
Fondos estruturais de pesca					
Período 2000/2006 (millóns de euros)	770	1.712	3.701	44,98	20,81
Consumo⁵					
Quilogramos por persoa e ano	57,6	44,4	21,7		
Renda⁶					
Valor engadido pesca e acuicultura / PIB	2,2	0,2	0,1		

¹ Dada a dispersión e a pouca homoxeneidade da información pesqueira en Europa, neste cadro recompílanse os datos correspondentes a diferentes anos, aínda que na súa maioría se refiren ao ano 2005.

² Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.

³ Non se inclúe o emprego en sectores auxiliares (comercialización, reparación de buques, etc.).

⁴ Na produción e no emprego acuícola de Galicia considérase tamén o marisqueo a pé.

⁵ Consumo per cápita = subministración dispoñíbel de produtos pesqueiros por persoa e ano.

⁶ No peso relativo do sector respecto ao PIB considéranse conxuntamente pesca e acuicultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de Comisión Europea, INE, IGE e Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos.

Co fin de ter unha referencia comparativa tras a ampliación da Unión Europea, digamos que Galicia dispón dunha frota cunha capacidade tres veces superior á do conxunto dos dez novos Estados membros. Comparando o sector pesqueiro galego cos principais países pesqueiros comunitarios —en termos de unidades de frota, capacidade medida en tonelaxe bruta (GT) e potencia de motores (en quilowatts, kw)— Galicia ten un tamaño semellante a Dinamarca, primeiro país comunitario en volume de descargas. Ademais, a frota galega duplica en capacidade de pesca a Irlanda e acumula unha tonelaxe comparábel á da frota de Francia, Reino Unido ou Italia.

Se consideramos conxuntamente a pesca de captura, a acuicultura e o sector transformador (conservas e conxelados de produtos do mar), Galicia emprega a máis de 40.000 persoas, o que supón aproximadamente o 40% e o 9% do emprego pesqueiro en España e no conxunto da UE-25, respectivamente.

Esta capacidade produtiva galega tradúcese nuns desembarques anuais que, en termos de valor, supoñen o 15% da UE-25, e que superan a produción extractiva conxunta de Alemaña, Bélxica, Finlandia, Grecia, Irlanda e Suecia. Ademais, o valor da produción acuícola galega representa o 51% da española e arredor do 7% da comunitaria.

Como consecuencia de todo isto, a subministración de produtos pesqueiros en Galicia duplica a media da UE-25 e supera amplamente a media española, pois dispoñemos de 57,6 quilogramos de produtos do mar por persoa e ano fronte aos 21,7 de Europa e os 44,4 en España.

Esta concentración da actividade pesqueira no litoral galego fai que o peso relativo deste sector no conxunto do Produto Interior Bruto (PIB) sexa moi elevado en comparación coas economías do noso medio (dez veces máis ca no caso español e unhas 20 veces máis ca na media europea).

Neste escenario, Galicia recibiu 770 millóns de euros en fondos estruturais para o sector pesqueiro durante o período 2000-2006. Esta transferencia a Galicia, representa o 46% dos fondos estruturais da pesca que recibiu España e o 21% do total destinado á Unión Europea, cofinanciando actuacións na frota galega (despezamentos, nova construción e/ou modernización), acuicultura, instalacións portuarias, accións de comercialización e medidas socioeconómicas.

A dimensión económica xunto ás implicacións sociais desta actividade en Galicia, xustifican de seu un tratamento diferenciado para a actividade pesqueira. Neste *Informe* pretendemos abordar, en primeiro lugar, a evolución recente dos datos de maior relevancia referidos á frota e á produción pesqueira de Galicia nos últimos dous anos, para, posteriormente, tratar sinteticamente a conxuntura e os acontecementos máis destacábeis vividos polos distintos segmentos representativos de frota ao longo do ano 2005.

Frota e produción pesqueira

A frota pesqueira galega ten como características máis destacábeis unha gran diversificación en canto a artes de pesca e especies obxectivo, e un enorme raio de acción, que acada case que todos os caladoiros importantes do mundo, de tal xeito que gran parte da pesca desembarcada procede de caladoiros afastados.

De acordo cos datos oficiais do Rexistro de Buques Pesqueiros de decembro de 2005, a frota pesqueira de Galicia está composta por 5.382 buques, cun arqueo total de 184.200 GT, e cunha potencia total de 343.700 kw (ver cadro 2). A actualización e a depuración do censo galego da frota pesqueira operativa iniciada pola Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia continuou ao longo do ano 2005. A frota operativa diminuíu en número (unhas 2.000 embarcacións) e en arqueo (preto

Cadro núm. 2

Frota pesqueira en Galicia (datos actualizados a decembro de 2005)

	Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Cantábrico Noroeste					
Arrastre	112	15.782	22.522	51.137	37.606
Artes menores	4.686	11.171	9.664	104.990	77.209
Cerco	175	4.960	6.267	36.370	26.746
Palangre de fondo	32	1.173	1.730	6.527	4.800
Palangre de superficie	69	8.966	15.726	31.255	22.985
Rasco	3	53	108	440	324
Volantas	33	976	1.687	5.815	4.276
Total	5.110	43.081	57.704	236.533	173.947
Altura					
NEAFC < 100 TRBs	11	10.955	15.202	36.917	27.149
NEAFC arrastre	68	791	1.463	3.610	2.655
NEAFC palangre de fondo	56	13.277	21.244	40.496	29.781
Portugal	8	1.173	1.626	3.449	2.537
Total	143	26.197	39.534	84.472	62.121
Grande altura					
Bacallaeiros	7	4.962	7.572	17.324	12.740
Cerco	3	15.223	23.768	39.193	28.822
Conxeladores	24	14.794	25.243	34.250	25.187
NAFO conxeladores	22	5.565	8.002	13.525	9.946
Palangre de superficie	73	12.654	22.382	42.127	30.980
Total	129	53.198	86.967	146.419	107.676
Total xeral	5.382	122.476	184.205	467.424	343.744
Acuicultura/auxiliar bateas	1.032				

de 87.000 Toneladas de Rexistro Bruto, TRB) en relación co censo de frota pesqueira do ano 2000. Esta tendencia descendente é consecuencia tanto da limitación do acceso aos caladoiros de pesca, coma das políticas de axuste levadas a cabo polas diferentes administracións co fin de equilibrar as capacidades pesqueiras cos recursos naturais efectivamente dispoñíbeis de forma sostíbel no tempo.

A importante dimensión do sector pesqueiro galego tradúcese nunha gran diversidade de frota, que se reflicte no cadro 2. Diferéncianse tres grandes grupos de embarcacións en función do tipo de caladoiro no que desenvolven a súa actividade, segundo sexa este máis ou menos próximo aos portos de orixe. Deste xeito, distinguimos en primeiro lugar a frota do caladoiro nacional, que pesca habitualmente en augas próximas do Cantábrico e do Atlántico. É o grupo máis numeroso, co 95% das embarcacións censadas. A continuación temos os buques de altura, que habitualmente pescan en augas doutros países da Unión Europea e que constitúen un 2,6% do total de buques censados. Por último, está a frota de grande altura, que opera en augas internacionais e de terceiros países, e que supón o 2,4% dos buques rexistrados.

O grupo de frota da zona denominada Cantábrico-Noroeste pesca nas augas marítimas próximas ás costas de Galicia. Trátase da frota máis numerosa, con algo máis de 5.100 embarcacións de pesca e marisqueo, aínda que de pequeno porte. A embarcación media ten unha capacidade de 11 GT e motores con potencia de 34 kw. Por tipo de actividade, a maioría (o 92%) encádrase dentro do grupo de artes menores, que operan principalmente en augas interiores das rías (sobre todo, nas de Arousa e de Vigo) ou en zonas moi próximas á costa con artes de nasas, liñas ou mallado, principalmente.

Os arrastreiros de litoral teñen os seus portos base principalmente na costa de Lugo e na ría de Arousa. Os cerqueiros distribúense por toda a costa e dedícanse maioritariamente á sardiña e ao xurelo. Os palangreiros de fondo e os volanteiros teñen os seus portos base na costa cantábrica e na zona da Costa da Morte. Os palangreiros de superficie concéntranse nos da Guarda e Vigo.

A frota de altura opera na súa maior parte en augas do Atlántico Noroeste (área NEAFC), zona coñecida como o Gran Sol, aínda que tamén están operativas 8 unidades que traballan en augas de xurisdición portuguesa (con base no porto de Marín). O buque estándar da pesca de altura ten unha capacidade duns 276 GT e unha potencia media de motores de 434 kw. Os arrastreiros de altura dedícanse, principalmente, á captura de pescada, peixe sapo, rapante e cigala, que desembarcan maioritariamente nos portos de Vigo, da Coruña e de Marín. Pola súa parte, os palangreiros de fondo teñen por especies obxectivo a pescada e o peixe sapo, que trasladan fundamentalmente aos portos lucenses de Celeiro e Burela.

A frota de grande altura está composta polos buques de maiores dimensións, capacidade pesqueira e incorporación tecnolóxica. A súa actividade depende da existencia de acordos pesqueiros de terceiros países e de organizacións internacionais pesqueiras nas que participa a Unión Europea (a través da Comisión Europea, que instrumentaliza a aplicación da política exterior pesqueira en todos os países comunitarios, incluída España desde a súa adhesión á Unión Europea).

Esta frota está composta por un total de 129 unidades cunha capacidade media de 674 GT e cunha potencia instalada nos seus motores de 835 kw por buque. Os barcos de maior porte son os cerqueiros conxeladores dedicados principalmente á captura de túnidos. Os arrasteiros conxeladores operan principalmente nas zonas do Atlántico Noroeste (NAFO), Atlántico Suroeste (incluíndo as Malvinas), Senegal e Mauritania; capturan fletán negro, raias, camarón, pescadas, luras, etc.; e concentran significativamente os seus desembarques no porto de Vigo.

En 2005, só quedan en activo tres parellas especializadas na captura de bacallau con porto base na Coruña e en Vigo, cando chegaron a superar as 40 unidades na década dos 80.

Por último, dentro da frota de grande altura debemos mencionar o numeroso segmento de palangre de superficie, 73 embarcacións cunha capacidade media de 307 GT e cunha potencia de 424 kw, especializada en especies como o peixe espada, túnidos e escualos, e tamén moi concentrada no porto de Vigo. Tal e como veremos no apartado de xestión e conxuntura, é o segmento da frota de grande altura que desenvolveu a súa actividade no escenario de maior estabilidade empresarial durante 2005. Nos últimos 5 anos, esta frota operou baixo condicións de incremento e/ou estabilidade nas posibilidades de pesca, e é a única frota galega de grande altura que medrou en número e en capacidade de pesca no último lustro.

A produción total do sector pesqueiro extractivo galego é sumamente difícil de determinar con exactitude, debido á diversidade de procesos e á gran cantidade de puntos de descarga e venda, non sempre baixo a mesma xurisdición. Existen máis de 60 lonxas nas que se efectúa a primeira venda de peixe e marisco fresco procedente das augas marítimas máis próximas, ao que debemos sumar as capturas procedentes das frots de altura (unha parte significativa destas tamén son peixe fresco ou refrixerado) e as de grande altura (conxelados maioritariamente). Á diversidade de frots existente engádeselle a complicación de dispoñer de portos que son competencia de diferentes administracións. Se ben a maioría están baixo a competencia e o control da Administración autonómica galega, existen importantes portos con actividade pesqueira baixo a xurisdición do Ministerio de Fomento (os Portos do Estado: Vigo, Marín-Pontevedra,

Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao) e tamén algunhas concesións a empresas e organizacións de carácter privado.

O peixe conxelado é desembarcado principalmente nos portos de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa e Ribeira, ben pola frota pesqueira conxeladora (galega, de empresas pesqueiras mixtas ou de embarcacións abandonadas noutros países), ben por buques mercantes e portacontedores. As descargas de peixe conxelado nos portos galegos en 2005 superaron as 850.000 toneladas (ver cadro 3). Mentres Ribeira e Vilagarcía

Cadro núm. 3

Pesca conxelada desembarcada en Galicia (en toneladas)

Portos	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Vigo (pesqueiros)	75.371	121.990	90.361	95.232	86.786	92.893
Vigo (mercantes)	123.563	357.108	386.000	484.165	444.647	538.886
Marín	65.317	116.449	124.366	98.255	118.643	139.000
Vilagarcía	52.866	57.240	53.976	49.129	39.838	25.500
Ribeira	89.724	n.d.	n.d.	92.000	n.d.	66.600

n. d.: Información non dispoñíbel.

Fonte: Autoridades Portuarias, *Memorias anuais dos portos*.

están case que especializadas en túnidos para a subministración da industria conserveira, en Marín e Vigo comercialízanse unha maior variedade de especies.

O porto de Vigo é o máis representativo de Galicia en volume de peixe conxelado comercializado e constitúe un dos puntos de referencia a nivel mundial. O ano 2005 supuxo unha nova marca na cantidade de pesca conxelada neste porto, con 538.886 toneladas, é dicir un 21% máis cás de 2004, cuaduplicando os desembarques rexistrados en 2000.

Esta produción provén na súa maioría das empresas mixtas galegas que operan en terceiros países. Constátase que a actividade desas empresas é a base principal sobre a que está medrando a actividade comercial no porto de Vigo asociada á pesca conxelada, un piar que tal como se discute no apartado de xestión e conxuntura, deberá adaptarse ao novo escenario definido tras a reforma da Política Pesqueira Comunitaria.

A produción de pesca e marisco fresco, así como o seu importe en primeira venda analizáronse grazas a unha base de datos xestionada pola Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia,¹ que detalla esta información por lonxas e especies. Segundo esta fonte, a pesca fresca (peixe e marisco) subhastada nos últimos anos (período 1998-2005) nas lonxas galegas situouse, en termo medio, arredor das 148.000 toneladas anuais (ver cadro 4). En termos de monetarios, os desembarques en 2005 acadaron unha cotización media de 2,54 euros por quilogramo, o que supuxo un valor anual total superior a 400 millóns de euros. Cómpre destacar que os prezos medios da pesca fresca se reduciron levemente en 2005, continuando coa tendencia iniciada en 2003.

Ao longo dos últimos anos houbo unha tendencia decrecente no volume total de produción pesqueira fresca subhastada nas lonxas galegas. Esta produción acadou os seus valores mínimos no ano 2003, tras o desastre do petroleiro *Prestige*. No ano 2004 a situación comezou a recompoñerse e rompeuse a tendencia decrecente, cun forte crecemento do 20% anual (ver gráfico 1), que supuxo acadar uns resultados lixeiramente por enriba dos obtidos nos anos 2000 e 2001. Este crecemento continuou en 2005,

Cadro núm. 4

Evolución da pesca fresca vendida nos portos galegos

	Toneladas	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
1998	178.106	359.956	2,02
1999	156.282	368.593	2,36
2000	145.302	350.969	2,42
2001	142.871	354.862	2,48
2002	128.029	329.124	2,57
2003	124.680	335.071	2,69
2004	149.733	383.441	2,56
2005	158.625	403.151	2,54


Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos: Estadísticas de Producción Pesqueira.
- Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

¹ Estamos falando da base facilitada a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com. A pesar dalgúns problemas (existe algunha discrepancia cos datos de pesca fresca desembarcada subministrados polas Autoridades Portuarias dos Portos dependentes do Estado), trátase, sen dúbida, da fonte coa información máis variada, de maior calidade e accesibilidade.

Gráfico 1.

Evolución recente da taxa anual de variación dos desembarques en peso de produtos pesqueiros frescos en Galicia. 2000-2005



máis suave, cunha taxa de variación próxima ao 6%, de forma que se superaron os resultados de 1999.

Cómpre destacar que a produción pesqueira galega en fresco está concentrada en relativamente poucas especies (ver cadro 5), de tal maneira que en 2005, practicamente a metade do valor en primeira venda (uns 201 millóns de euros) acadouse coa comercialización das sete primeiras especies: pescada, rapante de manchas, peixe sapo, ameixa fina, ameixa babosa, xurelo e percebe. Obsérvase que, xa que logo, o valor da produción pesqueira galega en fresco, se concentra nun conxunto reducido de especies.

O incremento total de capturas de pesca fresca en 2005, débese ao incremento de capturas en pescada, cigala, ameixa xaponesa, sanmartiño, congro e foi particularmente importante para o percebe, a xarda, a pota pequena, a xuliana e sobre todo o bonito do norte (case que un 75% de aumento).

Entre as 10 especies máis importantes de 2005 en valor, incrementaron os seus desembarcos cinco especies. Os casos máis significativos de reducións foron os do rapante, do xurelo, do peixe espada, da ameixa fina, da bertorella, e sobre todo do polbo (un 38% de diminución en valor).

Estes datos reflicten, xa que logo, unha evolución dispar en 2005, positiva para a frota de altura, que aumenta ou mantén as capturas dalgunhas das súas principais especies (pescada, peixe sapo, cigala e lirio palmeta) e empeoramento relativo para a frota galega de baixura, debido principalmente á redución de capturas do polbo. Esta observación será obxecto de discusión no apartado de conxuntura e xestión.

Cadro núm. 5

Desembarques de peixe fresco en Galicia por especies

Especies	Toneladas		Taxa de variación	Miles de euros	
	2004	2005		2004	2005
Pescada	16.759	19.118	14,1	74.313	84.309
Rapante de catro manchas	8.384	7.003	-16,5	34.413	34.042
Peixe sapo	3.755	3.733	-0,6	19.207	21.146
Ameixa fina	730	551	-24,4	18.860	16.362
Ameixa babosa	1.166	1.097	-6,0	15.120	15.247
Polbo	3.231	1.904	-41,1	16.410	10.150
Berberecho	4.095	3.553	-13,2	15.327	14.709
Lirio palmeta	14.517	15.951	9,9	11.707	11.501
Xurelo	22.905	19.504	-14,8	17.094	15.846
Percebe	407	509	25,0	11.690	14.537
Sardiña	19.612	21.521	9,7	12.286	11.112
Cigala	1.107	1.232	11,3	10.615	13.800
Coreano	2.203	1.849	-16,1	6.171	5.516
Peixe espada	1.052	813	-22,7	6.080	5.506
Coreano limón	2.100	2.133	1,6	5.061	6.077
Bonito do norte	2.068	3.613	74,7	6.657	10.547
Ameixa xaponesa	734	848	15,6	5.989	6.363
Raia	3.878	3.324	-14,3	5.757	5.727
Xarda	9.458	14.032	48,4	4.681	6.919
Maruca	1.284	1.164	-9,4	2.445	2.066
Sanmartiño	1.064	1.254	17,9	4.154	5.267
Bertorella de lama	1.287	955	-25,8	3.363	2.360
Congro	2.039	2.397	17,6	3.373	4.672
Pota pequena	3.035	3.788	24,8	3.988	4.516
Xuliana	1.151	1.505	30,8	5.192	7.287
Resto	21.713	25.274	16,4	63.490	72.237
Total	149.733	158.625	5,9	383.441	403.151

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos: *Estadísticas de Producción Pesqueira*.
- Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

A evolución temporal das vendas de peixes e mariscos frescos nas lonxas galegas durante os anos 2004 e 2005 amósase no cadro 6. A produción media no primeiro semestre de 2004 situouse nunhas 11.900 toneladas mensuais, fronte ás preto de 13.500 toneladas no mesmo período do ano 2005. No segundo semestre, as producións practicamente se igualan arredor das 13.000 toneladas.

Cómpre subliñar a redución de capturas desembarcadas, (arredor das 2.100 toneladas menos) no último trimestre de 2005, en relación con 2004. Na baixura, esta redución é debida aos temporais e á caída de capturas de polbo, e na frota de altura ao esgotamento de cota dalgunhas especies antes de rematar o ano.

Cadro núm. 6**Peixe fresco comercializado en primeira venda en Galicia**

	Cantidad (tm)	Prezos (euros/kg)	Valor (miles de euros)
2004			
Xaneiro	9.497,0	2,81	26.687
Febreiro	11.631,1	2,26	26.286
Marzo	14.418,3	2,18	31.432
Abril	11.454,6	2,48	28.407
Maio	11.179,3	2,52	28.172
Xuño	13.215,4	2,25	29.735
Xullo	13.564,6	2,45	33.233
Agosto	13.339,5	2,60	34.683
Setembro	15.472,4	2,20	34.039
Outubro	11.699,9	2,75	32.175
Novembro	13.044,7	2,84	37.047
Decembro	11.215,6	3,72	41.722
2005			
Xaneiro	9.147,1	3,16	28.905
Febreiro	13.356,4	2,20	29.384
Marzo	16.895,2	1,91	32.270
Abril	13.138,7	2,28	29.956
Maio	13.829,8	2,34	32.362
Xuño	14.464,8	2,33	33.703
Xullo	14.992,8	2,25	33.734
Agosto	16.719,8	2,45	40.964
Setembro	16.468,1	2,19	36.065
Outubro	9.582,7	3,05	29.227
Novembro	11.146,6	3,00	33.440
Decembro	8.883,5	4,87	43.263

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos: *Estadísticas de Producción Pesqueira*.
- Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Esta caída na oferta coincide co período no que se obtén un maior prezo nas lonxas galegas. Supón, xa que logo, un custo de oportunidade significativo para a facturación anual das empresas pesqueiras galegas.

Tal como se expón no apartado de xestión e conxuntura, as administracións pesqueiras trataron de resolver estes problemas durante 2005 e no que levamos de 2006. Na baixura, entre outras medidas, elaborouse un plan de recuperación para o polbo, mentres que na frota de altura, se respondeu a esta situación, deseñando un mecanismo de asignación individual de cota entre os buques da frota no Gran Sol, que lles permita ás empresas planificar a súa actividade pesqueira ao longo de todo o ano. Baixo un esquema de asignación individual de cota, as empresas que planifiquen convenientemente a súa actividade non terán que abandonar o caladoiro polo esgotamento de cota nos últimos meses do ano, precisamente nos que os prezos medios e a demanda son maiores.

Xestión e conxuntura das pesqueiras de interese para a frota galega

O ano 2005 foi un período difícil para a rendibilidade da frota galega debido ao efecto combinado da alza dos custos de combustíbel e á redución das posibilidades de pesca nalgúns segmentos. Esa rendibilidade está determinada polos custos de explotación e polos ingresos obtidos, e estes á súa vez polas posibilidades de pesca e prezos medios obtidos en 2005. Ambos os aspectos son obxecto de análise neste apartado.

O pasado ano estivo caracterizado polo incremento do prezo do combustíbel para a frota nun 27%. O progresivo incremento que experimentou nos últimos meses o custo do petróleo tivo unha importante incidencia directa nos custos de produción da frota pesqueira. Neste escenario, as distintas administracións competentes vehicularon durante 2005, diversas medidas para paliar a perda de rendibilidade.

O pasado ano estivo caracterizado polo incremento do prezo do combustíbel para a frota nun 27%. O progresivo incremento que experimentou nos últimos meses o custo do petróleo tivo unha importante incidencia directa nos custos de produción da frota pesqueira. Neste escenario, as distintas administracións competentes vehicularon durante 2005, diversas medidas para paliar a perda de rendibilidade.

O Ministerio de Agricultura e Pesca articulou un paquete de axudas *de minimis*, de tal forma que a frota de pesca de arrastre de litoral pode percibir unha axuda de ata 0,095 euros por litro de combustíbel, se ben para poder acceder a estas axudas cómpre cumprir unhas condicións de aforro enerxético. Estes requisitos pretenden que a frota pesqueira aforre combustíbel ou que empregue enerxías alternativas (motores de fuel, gas ou os combinados de enerxías eléctricas e carburantes de combustión), ou mesmo acurte as horas de navegación das embarcacións desde os seus portos base ata os caladoiros, o que podería implicar o cambio das bases dalgunhas embarcacións.

Pola súa parte, a Comisión Europea, a través da Dirección Xeral de Pesca, fixo pública, a principios de 2006, unha comunicación que preconiza as liñas da política pesqueira comunitaria para asegurar a viabilidade económica deste ámbito. As actuacións sobre o sector pesqueiro comunitario e, polo tanto, sobre o galego, deberán estar baseadas en medidas a curto prazo, capaces de recuperar a rendibilidade das empresas pesqueiras. Estas medidas integraranse nun marco de actuación estrutural a longo prazo capaz de asegurar a competitividade do sector pesqueiro, dentro dos Plans Nacionais de xestión de frota.

Estes Plans Nacionais, que substitúen os anteriores Plans de Orientación Plurianual (POP), constitúen ferramentas de xestión de frota máis flexíbeis, xa que son elaboradas polos Estados membros baixo as liñas xerais definidas pola Comisión Europea. Polo tanto, Galicia terá, *a priori*, unha maior implicación no deseño dun plan que permita axustar a súa frota ás posibilidades de pesca a partir de 2007.

Estes Plans Nacionais, así como as medidas de diversificación económica nas rexións dependentes da pesca, financiaranse no Fondo Europeo da Pesca, (FEP). Este fondo é o marco xurídico destinado a xestionar os fondos estruturais da pesca no período 2007-2013.

O FEP establece as novas liñas de apoio ao sector pesqueiro no marco das futuras perspectivas financeiras da Comunidade no período 2007-2013. Ademais, regulará as condicións de concesión de axudas, as normas de procedemento e control financeiro e as medidas de xestión de axudas nos Estados membros. Este fondo substituirá o Instrumento Financeiro de Orientación para a Pesca (IFOP) a partir de 2007.

A definición da proposta do FEP foi con moito, un dos aspectos máis trascendentes de 2005 para a pesca galega, polo que será obxecto de especial consideración neste *Informe*. O FEP será aprobado en 2006, e fixará o rumbo da pesca galega na próxima década.

Concibido desde unha óptica similar ao tamén novo Fondo de Desenvolvemento Rural, o principal obxectivo do FEP é o de protexer as rexións máis desfavorecidas do litoral, no marco do respecto polo medio e polos recursos naturais. O FEP nacerá cunha dotación económica de 4.900 millóns de euros de euros para o período 2007-2013, e aínda que o escenario cambiou (dunha Europa de 15 a unha de 25) probabelmente o sector español recibirá unha subministración financeira semellante á que recibía ata agora, que implicaría arredor de 520 millóns de euros para Galicia.

O FEP é de vital importancia para asegurar que o sector pesqueiro galego se instale nunha senda de explotación sostíbel e eficiente de forma permanente, e probabel-

mente a súa última grande oportunidade financeira para asegurar a súa competitividade e modernización estrutural. Este instrumento establece 4 prioridades de actuación estrutural na política pesqueira comunitaria:

- Adaptación da frota aos recursos pesqueiros dispoñíbeis.
- Apoio á transformación e á comercialización.
- Medidas de interese colectivo.
- Desenvolvemento sostíbel das zonas pesqueiras costeiras.

Estes 4 eixes prioritarios, plasmados na proposta inicial da Comisión, non están exentos de notábeis carencias para o sector pesqueiro galego.

No primeiro ámbito de actuación, adaptación da frota aos recursos, non está incluída a frota de altura e grande altura, que en Galicia representa o 50% da potencia pesqueira do total da frota.

A actual proposta do FEP tampouco recolle a figura de sociedade mixta pesqueira, que só no período 1991-1996 amparou a constitución de 99 empresas e 165 buques recolocados, a maioría de armadores galegos.

No segundo eixe, o de apoio á transformación e á comercialización pesqueira, dáse-lles prioridade ás Peme na recepción de subvencións do FEP. Un significativo grupo de empresas de comercialización e transformación pesqueira en Galicia non responden ao perfil de Peme e, polo tanto, non percibirían axudas estruturais.

En todo caso, unha das maiores insuficiencias desta proposta detéctase na definición de área costeira dependente da pesca, que exclúe núcleos de poboación de máis de 100.000 habitantes. Iso deixaría áreas como Vigo e A Coruña, fóra da percepción de subvencións para a pesca neste fondo estrutural. De manterse este criterio no regulamento que finalmente se aprobe durante 2006, o 42% da capacidade pesqueira da frota galega podería quedar excluído da obtención de subvencións.

Neste escenario, non só os custos de explotación e axudas ao sector marcaron a conxuntura das empresas pesqueiras galegas en 2005. Os ingresos, determinados polas posibilidades de pesca e polos prezos, foron aspectos importantes na rendibilidade da frota galega nese ano.

En relación coas posibilidades de pesca en augas comunitarias, tras o Consello de Ministros de Pesca de decembro, no que participou a conselleira de Pesca da Xunta de Galicia en representación das comunidades autónomas, conseguiuase asegurar a actividade da frota galega para 2006. En termos xerais, España aumenta as súas cotas en 1.878 toneladas en pesqueiras de grande interese comercial. Aprobouse un incremento do 12% da cota de pescada no caladoiro nacional así como o aumento nun 3% desta mesma especie en augas occidentais e no golfo de Bizkaia. Estes *stocks*, de grande importancia para a frota gallega, encóntranse sometidos a plans de recuperación que están dando bos resultados, en particular o que se está levando a cabo no caladoiro nacional.

O Regulamento sobre as posibilidades de pesca para 2006, adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, tamén contempla un incremento dos diferentes *stocks* de peixe sapo debido a unha mellora biolóxica destes. Iso aumentará a rendibilidade desta pesqueira para a frota galega que, en ocasións, esgota a súa cota

antes de final de ano, coincidindo co período de maior demanda do mercado e mellores prezos desta especie.

En relación coa rede de acordos pesqueiros, o *Informe 2004* destacaba como o fortalecemento das relacións pesqueiras bilaterais entre España e Marrocos podería favorecer a continuación do acordo pesqueiro Unión Europea-Marrocos. Finalmente en xuño de 2005, asinouse o novo Acordo de Partenariado entre a Comunidade Europea e o reino de Marrocos, cunha duración de 4 anos que poderá ser renovábel por tácita recondución.

Este acordo beneficiará a varios segmentos da frota galega que tradicionalmente operaron nese caladoiro e, en especial, a frota artesanal que non fora especialmente favorecida polos plans de reconversión aprobados como consecuencia da finalización do anterior acordo. As posibilidades de pesca fixadas no novo protocolo e dispoñíbeis para a frota comunitaria concréntanse nun máximo de 119 licenzas —maioritariamente de frota artesanal— que se repartirán entre as 5 modalidades tradicionais máis o arrastre peláxico industrial. España recibirá 100 licenzas de pesca.

En 2006, preséntase outro desafío importante para os intereses da frota conxeladora galega, o mantemento do acordo pesqueiro con Mauritania, o máis importante da chamada «rede de acordos pesqueiros do sur». A Administración pesqueira comunitaria xa comezou o proceso de negociación en 2005, co apoio tácito das Administracións nacional e autonómica.

Con independencia do resultado final desas negociacións con Mauritania, moitas das opcións de futuro da frota galega de grande altura pasan por concibir as relacións pesqueiras baixo formas de asociación e cooperación empresarial mutua entre a frota galega e países terceiros.

Esta lóxica, presente nos novos Acordos de Partenariado, emerxe tras a Reforma da Política Pesqueira Comunitaria (PPC). Unha Reforma que se manifestou en novas medidas de política pesqueira en 2005 e que o seguirá facendo nos próximos anos. Baixo o paraugas desta Reforma, en 2005 e principios de 2006, constituíronse todos os Consellos Consultivos Rexionais (CCR). Os CCR poden elaborar para a Comisión e para as autoridades nacionais competentes, recomendacións e propostas relativas a todos os aspectos da xestión da pesca na zona ou no ámbito da súa competencia (tamén o poden facer por solicitude de terceiros ou por iniciativa propia). A Comisión consultaralles durante a preparación de medidas de xestión, como, por exemplo, as dirixidas ao establecemento de plans de recuperación. Ademais, informarán os Estados membros e a Comisión verbo de todos os problemas derivados da aplicación da PPC nas súas zonas; ademais poden propoñer solucións mediante recomendacións.

O ano 2005 foi, xa que logo, o primeiro ano no que varios destes CCR comezaron a funcionar plenamente e a incógnita da verdadeira función que desempeñarían na PPC está sendo despexada. Un deles, o CCR de Augas Occidentais do Norte terá unha función clave en levantar ou non a prohibición de utilización de artes fixas de mallado que pesa desde o 1 de febreiro de 2006. Esta medida aféctalle a un colectivo singular, conformado por barcos con bandeiras doutros países comunitarios e participados por armadores galegos. Obsérvase, xa que logo, que os CCR se configuran como piares dunha xestión dos recursos comunitarios cada vez máis rexionalizada.

Seguindo a marca da Reforma da PPC, a Comisión lanzou en 2005 a idea de discutir posíbeis métodos para evitar que se adopten demasiadas decisións durante os tradicionais Consellos de decembro e sobre os TAC (Totais Admisíbeis de Captura), tendo en conta a escasa marxe de tempo entre a dispoñibilidade dos informes científicos e a necesidade de adopción do regulamento. Preséntanse dúas posíbeis opcións: o atraso da adopción anual dos TAC, cambiando o «ano pesqueiro», ou a adopción de dous regulamentos anuais, seguindo a dispoñibilidade temporal dos informes científicos.

É un debate interesante, que deixará moi pouca marxe para as decisións políticas. A proposta é positiva pois outórgalles un maior peso aos ditames científicos, sempre e cando os aspectos económicos se integren axeitadamente nas regras de decisión. Foi ata agora unha debilidade da política pesqueira comunitaria o feito de non valorar os aspectos socioeconómicos, ao mesmo nivel cós estritamente conservacionistas, nas medidas de regulación pesqueira comunitaria. Aplicar unha xestión dos recursos baseada tanto en aspectos biolóxicos coma en socioeconómicos é fundamental para unha rexión como Galicia, na que o peso da pesca no seu PIB, é 20 veces maior á media comunitaria.

En todo caso, a xestión dos recursos pesqueiros comunitarios concíbese xa no novo marco dos plans de recuperación. O ano 2006 será o segundo de aplicación destes plans en pesqueiras de interese para a frota galega, e espérase que permitan a recuperación dos *stocks* sobreexplotados, á vez que deben favorecer unha mellor planificación empresarial para as empresas pesqueiras, xa que estas poderán tomar as súas decisións nun horizonte temporal máis amplo e con maior grao de certeza sobre as posibilidades de pesca futuras.

Por outra banda, Galicia definitivamente incrementa a súa presenza institucional na xestión e no control pesqueiro da Unión Europea a través da Axencia Europea da Pesca en Vigo, que entrará en funcionamento en 2006, cunha maior dotación de competencias cás inicialmente previstas.

Pero non só as posibilidades de pesca influíron na conxuntura económica da frota galega, senón que se produciron importantes novidades ao longo de 2005 nos mecanismos de fixación dos prezos pesqueiros e na esfera da comercialización. De feito, a comercialización pesqueira configúrase como unha política de atención preferente por parte das Administracións comunitaria, nacional e autonómica nos últimos anos.

No ámbito comunitario, durante 2005 comezouse a preparar a futura revisión da Organización Común de Mercados (OCM). Sucedéronse numerosas reunións do sector coas administracións pesqueiras, como a II Conferencia Internacional do Atún en Vigo en 2006, destinadas a definir unha posición común de cara ás negociacións no marco da OCM. Unha posición común que non está sendo doada de consensuar. A industria extractiva demanda unha política de mercados máis restritiva, que limite as importacións de países terceiros que non están sometidas ao mesmo grao de esixencias sanitarias e ambientais, mentres que a industria transformadora solicita asegurar o seu abastecemento de materia prima a prezos competitivos, que non son sempre os dos produtores nacionais. Un dos produtos estrela nesta revisión e discusión no seo da OCM será o atún, de grande importancia para o complexo pesqueiro-industrial en Galicia.

Seguindo a liña iniciada en 2004, as iniciativas na esfera da comercialización foron numerosas en 2005. Destaca a «Guía para a Aplicación de Trazabilidade» en establecementos de venda polo miúdo de produtos da pesca e da acuicultura. Esta guía pretende ser unha ferramenta de xestión interna do sector de venda polo miúdo na pesca. Paralelamente, o Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM) desenvolveu diversas campañas para favorecer o cumprimento das regulamentacións nacional e comunitaria que establecen un réxime de etiquetado encamiñado a ofrecer unha maior confianza do consumidor cara aos produtos pesqueiros frescos, refrixerados ou cocidos.

Finalmente, un elemento que ata 2005 era pouco frecuente na política pesqueira galega, é a vertebración de medidas sociolaborais do sector pesqueiro que melloren as condicións neste sector e que fagan máis atractiva a profesión. Apenas o 11% dos traballadores galegos afiliados ao réxime especial do mar en 2005 son menores de 30 anos, mentres que 11.712 mariñeiros ou mariscadores (un 35% dos afiliados a este réxime especial) superan os 50 anos. Unha das medidas innovadoras encamiñadas nesta dirección é o estudo dun seguro de mal tempo para a baixura galega, que permitirá valorar primas de seguro, en funcionamento análogo aos agroseguros, e que axudará a reducir o impacto económico de períodos de inactividade da frota de baixura por condicións meteorolóxicas adversas.

Como xa comentamos anteriormente, o sector pesqueiro galego conta cun amplo e variado conxunto de segmentos de frota, con buques de distintas características técnicas, que explotan recursos naturais diversos e que están sometidos a diferentes circunstancias institucionais e variados problemas. Para observar os acontecementos conxunturais de maior relevancia no ano 2005, podemos considerar, en principio, os tres grandes segmentos de frota (grande altura, altura e litoral), procedendo a realizar algunha distinción relevante de subsegmentos dentro de cada un deles.

Frota de grande altura

A conxuntura que ofrece o sector pesqueiro galego de grande altura é moi diferente segundo se trate de buques baixo empresas mixtas ou buques galegos con pavillón español. Tras a reforma da PPC, en 2002, abriuse un novo escenario para a pesca de grande altura galega. Un escenario que implica adaptarse ás novas orientacións da política exterior pesqueira que integran aspectos vinculados á cooperación e ao medio.

Neste escenario de cambio, a incerteza é maior para as empresas mixtas ca para os buques con pavillón español. O termo de empresas mixtas defínese no acervo comunitario como sociedades de dereito privado, constituídas por un ou varios armadores comunitarios e un ou máis socios dun terceiro país co que a Comunidade manteña relacións, vehiculadas por un contrato de sociedade mixta, co fin de explotar e, no seu caso, aproveitar os recursos mariños situados nas augas baixo xurisdición destes terceiros países.

A reforma da PPC en 2002 pechou a posibilidade de constituír novas empresas mixtas. Ante esta situación, diversos axentes privados e públicos trataron de reverter esta decisión. O *informe* do ano pasado facíase eco da constitución do *cluster* de empresas mixtas. Probabelmente un dos principais logros deste *cluster* en 2005 foi favorecer o recente ditame do Consello Económico e Social sobre empresas mixtas.

A pesar do ditame favorábel deste órgano consultivo, a Comisión Europea non rectificou, e ratificouse na súa política de excluír as empresas mixtas dos fondos estruturais, xa que na proposta do Fondo Europeo da Pesca non figura este tipo de sociedades, nin sequera como instrumento válido para o axuste da capacidade da frota comunitaria.

En canto aos buques galegos de grande altura con pavillón español destacan, por un lado, o segmento de arrastreiros conxeladores e, polo outro, o de palangreiros de superficie conxeladores.

Os *arrastreiros conxeladores* galegos pescan baixo os acordos pesqueiros da Unión Europea, principalmente con países da costa atlántica africana, ou en augas internacionais baixo a regulación de organismos multinacionais como NAFO e NEAFC. Durante 2005, descolgouse da rede de acordos pesqueiros comunitarios o tradicional establecido con Angola. Cómpre destacar que o impacto socioeconómico da non renovación foi reducido na frota galega, xa que o grao de utilización das posibilidades de pesca nese acordo por barcos galegos era escaso.

No entanto, a frota galega arrastreira conxeladora depende fortemente dos actuais acordos con Mauritania e Senegal, que conclúen ao longo de 2006. As negociacións da Comisión Europea xa comezaron en 2005, co apoio bilateral de España reforzando o proceso negociador que, en todo caso, lle compete ao organismo comunitario. É unha esixencia lexítima dos Estados terceiros, o desenvolver os seus sectores pesqueiros nacionais, polo que os novos protocolos de acordos con Mauritania e Senegal, de concluírense, atenderán estas necesidades. Este escenario de cambio na orde pesqueira internacional, non é tanto unha ameaza, senón unha oportunidade de negocio para o sector pesqueiro galego, sempre e cando saiba adaptarse ás novas orientacións da política exterior pesqueira, e interpretar a lóxica dos novos acordos pesqueiros de asociación.

Un exemplo que se debe seguir nesta necesaria adaptación ás rápidas mutacións nas relacións pesqueiras internacionais é o proxecto de armadores galegos iniciado en 2006, para instalar un centro loxístico frigorífico en Cabo Verde, financiábel con fondos de cooperación pesqueira.

Pola súa parte, a *frota atuneira de cerco* e a *frota de palangre de superficie*, con bandeira española, operan baixo a maioría dos acordos da Unión Europea con Terceiros Países, principalmente: Cabo Verde, Senegal e Madagascar. Esta frota captura grandes migradores como peixe espada, túnidos e quenllas. Tamén operan en augas internacionais baixo o cumprimento da regulamentación das diferentes organizacións de pesca internacionais, como ICCAT, IATTC, IOTC. Teñen, xa que logo, un maior rango operativo, e a diferenza dos arrastreiros, son menos dependentes dos resultados negociadores dos acordos pesqueiros do sur.

En todo caso, cómpre destacar que ao longo de 2005, a frota pesqueira galega de grande altura que pesca en terceiros países viuse sometida, cada vez máis, aos condicionantes impostos pola coherencia de obxectivos entre as políticas de cooperación, medio e política exterior pesqueira. Algúns dos novos acordos renovados en 2004 e 2005 destinan ata un 50% do custo do acordo con accións de desenvolvemento da actividade pesqueira local, dentro das chamadas cláusulas sociais e de cooperación pesqueira. O sector pesqueiro galego debe estar moi atento ás posibilidades que poden ofrecer os novos acordos de asociación pesqueira, que son moito máis amplos nos seus fins cós tradicionais, xa que teñen un compoñente importante de cooperación e de axuda ao desenvolvemento pesqueiro do país co que se asine. Estes novos acordos de asociación poderían ofrecer, ademais, a posibilidade de constituír novas formas de sociedades, aínda que en formas empresariais distintas ao modelo tradicional de sociedades mixtas.

Durante o ano 2005, a *frota de NAFO*, integrada por 31 buques arrasteiros conxeladores galegos, continuou a súa actividade baixo o plan de recuperación do fletán negro, que supuxo unha redución das cotas de 11.512 toneladas en 2003 a 5.482 en 2004, e 5.208 para 2005. A principal especie obxectivo da frota española, o fletán negro, atópase sometida a un plan de recuperación de quince anos que persegue acadar a súa reconstitución aos niveis medios de biomasa considerados sostíbeis, arredor de 30.000 toneladas de capturas. Na reunión que fixou as cotas para 2006, na que participou unha representación da Consellaría de Pesca dentro da delegación comunitaria, constatouse o mantemento en termos xerais da perspectiva de recuperación, e polo tanto, non se modificou o plan de recuperación previsto en 2004. Tamén se acordou iniciar no 2006, os traballos de investigación científica sobre zonas sensíbeis, como as montañas mariñas e os arrecifes de coral localizados da súa Área de Regulación. Así mesmo, iniciáranse os traballos para modernizar e adaptar o seu funcionamento a novos desafíos na xestión das pesqueiras, en particular, a incorporación do enfoque precautorio e a xestión integrada dos ecosistemas mariños. Enfoque precautorio e xestión de pesqueira conforme ao ecosistema, dous elementos moi patentes ao longo de 2005 nos foros internacionais de xestión pesqueira, e que en anos vindeiros se consolidarán na maioría das pesqueiras de interese para a frota industrial galega, esixindo a adaptación dalgunhas prácticas habituais no sector pesqueiro.

Outra das especies importantes para a frota conxeladora galega en NAFO, é a cabra lexítima, cuxa cota en 2006 experimentou un aumento considerábel. Ademais, as negociacións bilaterais con outros Estados comunitarios permitiron conseguir unha cantidade adicional de 1.300 toneladas de cabra lexítima nas zonas V e XVI das augas de Groenlandia. Esta cantidade súmase ás 4.000 toneladas que xa posuía desde principios do presente ano, o que supón un total de 5.300 toneladas, polo que se incrementan substancialmente as posibilidades de pesca da frota galega desta especie para 2006.

A pesar do aumento de cota en recursos complementarios como cabra lexítima e raia, trátase de especies de baixo valor comercial con relación ao fletán, polo que a frota galega en NAFO tivo que diminuír significativamente a súa actividade en 2005 para cumprir co plan de axuste previsto; estímase así un recorte adicional da súa actividade en 2006.

Cadro núm. 7**Cotas de pesca española para a frota de grande altura**

Especie	Zona	Toneladas		
		2004	2005	2006
Bacallau	I, IIb	8.313	8.055	7.814
	I, II (augas de Noruega)	2.712	2.628	2.550
Fletán negro	IIa, IV, VI			8
	NAFO 3LMNO	5.482	5.208	5.072
Cabra lexítima	I, II (augas de Noruega)	63	95	95
	V, XII, XIV	1.963	1.227	1.014
	NAFO 3 M	233	233	233
	NAFO 3 O			1.771
Raia	NAFO 3LN0			6.561
Arenque	I, II (augas internacionais)	82	89	70

Fonte: Diario Oficial da Unión Europea.

En 2005 a Administración central remitiulle á Comisión Europea un plan de xestión da frota conxeladora, consensuado co sector, co fin de adaptar a súa actividade ás posibilidades de pesca dispoñíbeis para os próximos anos.

Este plan de viabilidade contempla varias actuacións nun período de tempo de catro anos. Unha delas é o desenvolvemento dun réxime de axuste de frota que o propio sector xa determinou e outra a realización de paradas temporais trimestrais. Os armadores galegos reciben unha compensación financeira por tres meses nos que os barcos deberán estar parados no porto. Por outra banda, parte do esforzo pesqueiro de excedentes en NAFO está sendo situado no

marco de acordos pesqueiros internacionais, o que abre posibilidades de futuro nesta zona para a nosa frota. Continúan ademais, as campañas experimentais para identificar e facer rendíbeis novos recursos e novos mercados, de especies non tradicionais ou non sometidas a cota.

Por último, dentro do segmento pesqueiro galego de grande altura, podemos sinalar que da *frota espadeira* estaban activos 66 barcos en 2005, a maioría con base en Vigo e na Guarda. Estes buques operan no Atlántico norte, no sur, no Índico e no Pacífico.

De forma análoga á NAFO, as posibilidades de pesca dos grandes migradores no Atlántico fíxanse na reunión plenaria anual da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT). Na reunión do ICCAT en 2005, en Sevilla, tal como prevía o *Informe 2004*, non se modificou a actividade da frota palangreira galega. Os TAC mantéñense estábeis ata 2007, tanto no Atlántico sur coma no Atlántico norte. As empresas pesqueiras galegas culminarán un período de catro anos de estabilidade

Cadro núm. 8**Cotas de pesca españolas para a frota espadeira**

Especie	Zona	Toneladas		
		2004	2005	2006
Peixe espada	Océano Atlántico, ao norte do paralelo 5° N	5.682,0	6.541,5	5.565,0
	Océano Atlántico, ao sur do paralelo 5° N	5.489,0	6.595,6	5.422,8
Atún vermello	Océano Atlántico ao leste do meridiano 45° O e mar Mediterráneo	6.317,0	6.276,7	6.266,0

Fonte: Diario Oficial da Unión Europea.

nas cotas, no que puideron facer unha planificación da súa actividade empresarial. Os TAC de 2006 para o peixe espada no Atlántico (*stock* norte e sur) mantéñense en niveis próximos aos de 2004 e experimentan unha redución próxima ao 15% se os comparamos co ano 2005 e consideramos conxuntamente os dous *stocks* (ver cadro 8).

No entanto, a reunión plenaria de ICCAT do próximo ano, será un evento clave, na que o esquema de repartición entre as distintas nacións pode ser revisado e a frota galega podería perder posibilidades de cota ante a esixencia das novas nacións pesqueiras de desenvolver a súa frota nacional de grandes migradores. Cómpre destacar que Galicia e España están representadas pola Comisión Europea, e esta institución, malia representar a 25 países só ten un voto en ICCAT.

Polo tanto, aínda que as perspectivas a curto prazo para a frota espadeira galega podemos cualificalas de optimistas, o sector pesqueiro anticipa dificultades para o mantemento da súa actividade actual no Atlántico. Iso é debido tanto á emerxencia de novas nacións pesqueiras que reclaman maior participación no esquema de repartición de cotas, coma ao estado sobreexplotado dos *stocks* pesqueiros, polo que se está observando un transvasamento de esforzo da frota galega do Atlántico cara a outros océanos de menos continxentes.

En 2006 iniciáronse conversas da Comisión Europea con Perú destinadas a formalizar un acordo de pesca. No caso de consolidárense, será un balón de osíxeno para a frota galega que captura túnidos e peixe espada, tras as dificultades operativas con Chile e a probábel redución de posibilidades de pesca no Atlántico no próximo ano. Por outra parte, desenvolvéronse unha serie de accións piloto de pesca experimental de palangreiros galegos en augas do Atlántico sur (en augas internacionais circundantes a Cabo Verde e Brasil) que, de confirmárense as boas expectativas de capturas por unidade de esforzo, poden abrir novas posibilidades para a frota palangreira galega do peixe espada.

Frota de altura

Dos 192 buques españois que desenvolveron a súa actividade nos caladoiros da Unión Europea durante 2005, 143 teñen a súa base en portos galegos. Esta *frota do Gran Sol* captura principalmente peixe sapo, meiga, pescada e cigala, que se comercializan en fresco, polo que as mareas teñen unha duración media de 15 días.

Ao longo do tempo este segmento sufriu grandes cambios no seu marco de regulación. Tras a entrada de España na Comunidade Económica Europea (CEE), en 1986, autorizouse o acceso de 300 buques españois nas augas comunitarias que, en cumprimento dos Plans de Orientación Plurianuais, se reduciron aos 192 barcos actuais.

No cadro 9 podemos observar a evolución recente das cotas dispoñíbeis por parte de España dentro das augas de xurisdición comunitaria, por especies e zonas. Desta información cómpre destacar unha certa estabilidade xeral nas cotas dispoñíbeis no período 2004-2006, xunto co incremento de cotas dalgunhas especies de grande

importancia para esta frota como a pescada. Outra das especies importantes para a frota galega é a meiga cunha redución de cota dun 5%, cifra sensibelmente por debaixo do 15% inicialmente prevista pola Comisión.

Desde o ano 2004, a regulación á que se ve sometida este segmento da frota galega orientouse cara á definición e cara á posta en práctica de plans plurianuais de recuperación de *stocks*. Estes plans teñen a finalidade básica de facilitar unha recuperación dos *stocks* pesqueiros, nun marco de xestión que permita unha planificación máis flexíbel da actividade empresarial. Ambos os obxectivos están sendo acadados razoabelmente nos últimos dous anos.

Cadro núm. 9

Cotas de pesca españolas por especie en augas da Unión Europea

Especie	Zona	Toneladas		
		2004	2005	2006
Abadexo	Vb,VI, XII, XIV	10	8	6
	VII	32	32	29
	VIIIabde	286	286	286
Merlán	VIII	1.800	1.440	1.440
Pescada	Vb, VI, VII, XII, XIV	6.463	7.042	7.257
	VIIIabde	4.499	4.902	5.052
Linguado	VIIIab	8	9	9
	VIIIcde, IX, X, CPACO 34.1.1	572	458	458
Peixe sapo	Vb, VI, XII, XIV	122	180	180
	VII	768	921	971
	VIIIabde	883	932	1.137
Rapante de catro manchas	Vb, VI, XII, XIV	409	327	327
	VII	5.430	5.779	5.490
	VIIIabde	1.163	1.238	1.176
Cigala	Vb, VI	23	26	36
	VII	1.047	1.173	1.290
	VIIIabde	189	186	242
Xarda	Ila, Vb, VI, VII, VIIIabce, XII, XIV	20	20	20
	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	26.625	20.500	21.574
Xurelo	Vb, VI, VII, VIIIabde, XII, XIV	13.062	13.195	13.396
Arenque	I, II	82	89	70
Lirio palmeta	I, II, III, IV			
	V, VI, VII, XII, XIV	27.954	63.244	44.533
	VIIIabde	10.787	24.404	
	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	47.462	107.382	46.795
Granadeiro de rocha	Vb, VI, VII	86	85	85
	VIII, IX, X, XII, XIV			5.165
Maruca	VI, VII, VIII, IX, X, XII, XIV	4.124	4.124	4.124
Maruca azul	VI, VII	122	104	104
Brosme	V, VI, VII	35	29	29

Fonte: Diario Oficial da Unión Europea.

Por outra banda, como instrumento para mellorar a calidade e o valor das capturas desta frota destaca a implantación dunha etiqueta identificativa para a pescada, que axudará a diferenciar o produto e fomentar a calidade da pesca fresca galega dentro da estratexia do sector pesqueiro para dotar de maior valor engadido os seus produtos.

Como acontecementos valorados negativamente para este segmento en 2005, podemos salientar a suba nos prezos do gasóleo, que reduciu as marxes de rendibilidade dunha frota na que o consumo de combustíbel é un dos principais custos de explotación (arredor dun 20% dos ingresos totais na modalidade de arrastre).

Frota do caladoiro nacional

Esta foi unha das frotas con maiores dificultades de rendibilidade en 2005. A alza do combustíbel combinouse coa redución de posibilidades de pesca no marco dun plan de recuperación. É, por outra banda, un dos segmentos de arrastre máis numerosos e variados da frota galega.

Entre as novidades ocorridas en 2005 destaca o establecemento dunha veda en Galicia de tres meses que se alongará desde o 1 de xuño ata o 31 de agosto do presente ano e que lles afectará a 40 barcos do arrastre galegos. Durante o tempo no que se aplica esa veda non se poderán empregar artes de pesca de arrastre en contacto co fondo e tampouco nasas para a captura da cigala.

Sobre a principal especie deste segmento, a pescada, o plan de recuperación supón unha redución do esforzo pesqueiro dun 10% anual, representando unha secuencia de redución no número de días de pesca: 22 días en 2005 e 20 días en 2006. Trátase dun plan de recuperación negociado co sector implicado, co que se pretende equilibrar o esforzo pesqueiro coa dispoñibilidade de recursos naturais. Os instrumentos de xestión previstos neste plan están dirixidos a limitar o esforzo sobre os recursos sobreexplotados e a establecer medidas de paralización definitiva do esforzo pesqueiro de excedentes para o ano 2007, dentro dunha «folla de ruta» que establecerán conxuntamente este sector e a Administración.

Como podemos ver no cadro 10, no ano 2006 aprobouse un incremento substancial de cotas para o *stock* sur de pescada e meigas en caladoiro nacional, especies principais para a frota de arrastre. En contraste, constátase unha redución de máis do 50%, da cota de lirio palmeta. Esta redución de cota de lirio palmeta é unha medida positiva desde a óptica do mercado xa que durante 2005 se detectaron fortes caídas na cotización desta especie en lonxas galegas como a de Ribeira, por saturación do mercado. O volume de descargas en portos galegos incrementouse notabelmente en 2005 pero o valor global destas descargas reduciuse, tal como aparecía no cadro 5.

Desde o ano 2005, un dos obxectivos básicos que se está tratando de acometer nas pesqueiras do caladoiro nacional é a avaliación, ordenación e rexeneración do caladoiro mediante o deseño e a posta en marcha dun plan integral de recuperación dos recursos na península Ibérica. Neste plan terase en conta o esforzo real de cada arte

Cadro núm. 10

Cotas de pesca españolas no «Caladoiro Ibérico»
para especies de interese da frota de arrastre

Especie	Zona	Toneladas		
		2004	2005	2006
Abadexo	VIIIc	369	295	236
	IX, X, CPACO 34.1.1	348	278	278
Pescada	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	3.807	3.819	4.263
Linguado	VIIIcde, IX, X, CPACO 34.1.1	572	458	458
Peixe sapo	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	1.917	1.629	1.629
Rapante de catro manchas	VIIIc, IX, X CPACO 34.1.1	1.233	327	1.171
Solla	VIII, IX, X, CPACO 34.1.1	75	75	75
Cigala	VIIIc	173	156	140
	IX, X, CPACO 34.1.1	150	135	122
Lirio palmeta	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	47.462	107.382	46.795

Fonte: Diario Oficial da Unión Europea.

ou aparello de pesca sobre os diferentes *stock* de peixes e áreas da plataforma pesqueira española, compatibilizando as iniciativas e as medidas adoptadas neste plan coas que se propoñen desde a Comisión da Unión Europea para a pescada e para a cigala do Cantábrico e do oeste da Península.

O segmento de *cercos* costeiro está constituído por 186 unidades operativas con porto base en Galicia. Capturan especies peláxicas como sardiña, anchoa, xarda e xurelo. Tal e como se reflicte no cadro 11, as posibilidades de pesca reducíronse nalgunhas especies desde 2004 ata 2006 (sobre todo na cota dispoñíbel de anchoa para o 2006). En relación coa anchoa do golfo de Bizkaia, mantívose pechada a pesqueira ata o 1 de marzo de 2006, data na que se abriu cun TAC preventivo de 5.000 toneladas, revisábel á luz dos informes científicos da campaña da primavera.

De acordo co principio de estabilidade relativa, España será beneficiaria do 90% do citado TAC e Francia do 10% restante. Ademais, a nivel bilateral acordouse que durante os meses de abril e maio o acceso a esta pesqueira será exclusivo da frota española, na que participan numerosos barcos cerqueiros galegos. Pola súa parte, Francia aceptou unha reivindicación histórica do sector español da anchoa para capturar cebo vivo no banco da Coubre. Son, polo tanto, mellores condicións para a frota cerqueira galega cás do ano pasado, dentro dun escenario caracterizado pola mala situación dalgúns dos seus principais *stocks* e polas dificultades económicas que arrastra este segmento desde os últimos anos.

Por último, o sector de *artes menores* é un dos segmentos que está vivindo maiores transformacións e dificultades. No último lustro, o número de embarcacións reduciuse nun 25% e, probablemente, esta tendencia continuará no futuro. Ao longo do ano 2005 este segmento amosou a súa preocupación tanto pola xa mencionada alza

Cadro núm. 11

Cotas de pesca españolas no «Caladoiro Ibérico» para especies de interese da frota de cerco

Especie	Zona	Toneladas		
		2004	2005	2006
Bocarte	VIII	29.700	27.000	4.500
	IX, X, CPACO 34.1.1	3.826	3.826	3.826
Xarda	IIa(2), Vb(1), VI, VII, VIIIabce, XII, XIV	20	20	20
	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	26.625	20.500	21.574
Xurelo	VIIIc, IX	29.587	29.587	29.587

Fonte: Diario Oficial da Unión Europea.

nos prezos do gasóleo coma pola caída nos prezos dalgúns especies claves na composición de capturas desta frota.

Esta debilidade dos prezos resulta difícil de conter dada a forte competencia procedente da crecente importación de produtos pesqueiros frescos con destino ao mercado interior español. A todo o anterior únese a incerteza sobre o estado e a futura evolución dos recursos naturais tras o desastre do *Prestige* (con repercusións a medio prazo difíciles de avaliar e medir) e unha fragilidade estrutural da parte produtora no mercado, sen apenas capacidade de poder influír de forma significativa nos prezos de primeira venda (que lles imposibilita poder repercutir as subas dos custos de explotación no prezo final do peixe).

A nova Administración autonómica está estudando un paquete de medidas destinadas a mellorar os sistemas de comercialización da frota de baixura, así como accións orientadas a favorecer a recuperación dalgúns recursos sobreexplotados.

Nesta liña, elaborouse o Plan de Repoboación de Especies Mariñas, cunha primeira liberación experimental de 10.000 crías de rodaballo en 2005.

A conxuntura deste segmento en 2005 caracterizouse pola forte caída nas capturas de polbo, unha das principais especies no segmento de artes menores. Os rendementos do recurso eran cada vez máis reducidos desde 2001 e, tras a catástrofe do *Prestige* e posterior renovación da actividade, as capturas acadaron mínimos históricos en 2005.

A nova Administración deseñou un plan, en estreito diálogo co sector galego, para recuperar esta pesqueira. Tamén se fixeron esforzos por unificar vedas, topes de capturas e número de artes, de tal xeito que en parte da franxa norte galega se implantarán normas semellantes ás vixentes en Asturias. Iso favorecerá a necesaria harmonización das medidas de xestión sobre pesqueiras costeiras comúns.

En todo caso, debúxanse novos elementos na xestión e na ordenación da actividade pesqueira artesanal en Galicia, como o mencionado estudo para a creación dun seguro de mal tempo ou a ampliación do seguro colectivo para todos os traballadores enrolados en buques con porto base en Galicia, que anticipan unha maior dimensión social da política pesqueira galega.

III.2. Acuicultura

A tendencia sinalada en *Informes* anteriores séguese mantendo: os produtos da acuicultura gañan terreo na súa contribución total e relativa á produción de produtos do mar. Desde 1992 a produción da acuicultura mundial multiplicouse por tres e acadou xa os 42 millóns de toneladas no ano 2003. Este crecemento produciuse en termos relativos sobre todo nos peixes cultivados, que multiplicaron en termos absolutos a súa produción por un factor de 2,5, e nos moluscos bivalvos que o fixeron por un factor similar.

Polo que respecta a España, a produción total da acuicultura mariña entre os anos 2000 e 2004 incrementouse en case que un 20%, cunha taxa media de crecemento anual do 4,5% para o conxunto da acuicultura, que se eleva a un 5,2% na mariña, e descende nun 1,3% na continental.

A relación entre produción de acuicultura e capturas de pesca, que no conxunto de España se aproxima a un 9%, é un bo indicador da importancia da acuicultura na subministración de produtos do mar. No caso de Galicia cómpre salientar que esta relación acada un 200% e, sen dúbida, iso é debido á gran produción de mexillón, pois se a relación se circunscribe a peixes esta relación baixa drasticamente ata un 3%, moi afastada da de Murcia (260%), Canarias (32%), Valencia (15%) ou Cataluña e Andalucía cun 12% cada unha. Obviamente isto indícanos dificultades de tipo ecolóxico e bioxeográfico para o desenvolvemento do cultivo de peixes, que Galicia comparte con Asturias, Cantabria e Euskadi.

No cadro 12 pódense observar estes crecementos e tamén a evolución en Galicia. Cómpre destacar que a variación total durante o período 2000-2004 acadou un 19,2%

Cadro núm. 12

Evolución da produción acuícola (en miles de toneladas)

	2000	2001	2002	2003	2004	% variación 2004/2000	% variación anual
Produción total España	305,0	310,0	328,0	312,0	364,0	19,4	4,5
Produción mar Galicia	253,2	251,6	267,5	254,2	301,8	19,2	4,3
<i>Moluscos Galicia</i>	250,0	248,0	264,0	251,0	298,0	19,2	4,5
<i>Peixes mar Galicia</i>	3,2	3,6	3,5	3,2	3,8	18,9	4,5
Peixes continental Galicia	8,7	8,7	9,2	8,3	8,5	-2,8	-0,7
Produción total Galicia	261,9	260,3	276,7	262,5	310,3	18,4	4,3

Fonte: Elaboración propia.

en moluscos e un 19% en peixes, con taxas anuais do 4,5% para o conxunto da acuicultura mariña. A contribución de Galicia en acuicultura mariña ao conxunto de España representou unha media do 91%, porcentaxe que se eleva ao 98,5% da produción española de moluscos, e representa un 12,4% da de peixes mariños. Neste apartado sitúanse por diante Murcia cun 28,5%, Andalucía co 21% e a Comunidade Valenciana cun 19,6%.

Polo que respecta á acuicultura continental, Galicia tamén é a comunidade con maiores producións, representando un 25% da produción española, seguida por Castela e León cun 20%. En calquera caso, entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha taxa de variación negativa dun 5% para o conxunto de España, taxa que en Galicia, aínda sendo negativa, se reduce a un 3%. En 2005 a situación tende a normalizarse en consonancia coa recuperación dos mercados alemáns de troita, e tamén con estratexias de novos produtos desenvolvidos por piscifactorías galegas (menor tamaño e produto ecolóxico).

Analizadas estas situacións, e tras a observación do cadro 12, pódese establecer que non só Galicia é o maior produtor de acuicultura de España e, polo tanto, da Unión Europea (25), senón que esa predominancia se debe, como aconteceu historicamente, á produción de moluscos —principalmente ao mexillón— e que as taxas de crecemento tan elevadas obedecen tamén ao crecemento en valores absolutos da produción deste produto.

Dous feitos relevantes en 2005

A situación da acuicultura en Galicia durante o ano 2005 presenta dous aspectos destacados: a incidencia moi elevada dos peches da explotación de mexillón por mareas vermellas e o plan de parques de tecnoloxía alimentaria.

O mexillón e as mareas vermellas

O pasado ano o peche, inusualmente prolongado no conxunto das rías, da explotación do cultivo de mexillón afectoulles ás épocas de maior concentración da colleita e das vendas. Estendeuse durante todo o inverno, impediu a campaña do Nadal e chegou ata os primeiros meses de 2006.

Este nivel de incidencia das toxinas na produción foi equivalente ao acadado no ano 1995, que provocou unha grave crise no sector mexilloeiro, tivo consecuencias institucionais coa dimisión do entón director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, e provocou unha manifestación. A marea vermella de 2005 coroouse como aquela de 1995 cunha manifestación.

A produción de peixes mariños, o «cluster» e a planificación da produción

Desde que no ano 2003 se constituíse o *cluster* de acuicultura, ademais do Centro tecnolóxico de Couso, pretendeuse desenvolver un instrumento que lles permitise resolver as dificultades administrativas derivadas das Leis de costas, de medio natural, de ordenación do territorio e as licenzas municipais. Na inauguración do Centro Tecnolóxico se establecía un horizonte de produción arredor das 25.000 toneladas de peixes mariños en 2010. E tamén se asinaba un convenio para desenvolver un plan de parques de tecnoloxía alimentaria, co fin de permitir resolver os problemas anteriores.

Durante o ano 2005 o goberno en funcións de Manuel Fraga aprobou, o 30 de xullo, o Plan Sectorial de Tecnoloxías Alimentarias. Este plan baséase nun modelo conceptual para o desenvolvemento da acuicultura cuxas primeiras formulacións se fan en 1996. Buscábase unha alternativa ao desenvolvemento de plantas de acuicultura en terra, enormemente dificultada pola Lei de costas de 1988 e pola Lei do solo. O principal problema que estes parques pretendían resolver estribaba nas dificultades administrativas que se derivaban para este tipo de industrias. Con este obxectivo as organizacións empresariais e a Administración galega desenvolveron un plan de parques ao longo da costa galega nos cales as zonas seleccionadas a través dos cambios introducidos na Lei do solo de Galicia, quedaban habilitadas para o desenvolvemento de industrias de cultivos mariños. Desde a súa aprobación aínda non se deron os pasos para a súa implementación agás no caso dunha piscifactoría en Rinlo.

O Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na Costa Galega, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia redactouse no marco da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Esta Lei recolle os plans sectoriais como instrumentos de ordenación do territorio que inciden na necesidade de articular instrumentos de planificación de alcance territorial para a coordinación dos organismos con competencias sobre as materias obxecto do plan ou proxecto sectorial.

As intencións pretendidas para o conxunto das actuacións con relación á vertebración territorial e o pulo á creación do soporte físico de solo para estimular a localización empresarial danlle ao Plan Sectorial as características propias dunha acción de gran relevancia rexional e de evidente transcendencia *supramunicipal*.

Enténdese por Parque de Tecnoloxía Alimentaria toda instalación de acuicultura situada en terra, dedicada á reprodución, á investigación, á cría e ao engorde de peixes ou doutras especies mariñas en catividade, cos seus correspondentes labores de venda, primeira transformación e auxiliares.

Seleccionáronse vinte e catro localizacións para asentar novos Parques de Tecnoloxía Alimentaria. Destas, doce son novas instalacións e as outras doce son ampliación de instalacións ou asentamentos á beira de instalacións existentes.

O Plan Sectorial abrangue toda a costa galega, desde Santa María de Oia ao sur, case no límite con Portugal, deica Ribadeo no nordeste próximo ás costas asturianas. A distribución xeográfica por provincias é a seguinte: Sete sitúanse na provincia de

Cadro núm. 13

Características máis significativas das localidades para os novos parques de tecnoloxía alimentaria

Denominación	Municipio	Superficie total (m ²)	Tipo	Protección ambiental
Pontevedra				
As Orelludas	Oia	75.000	N	NON
Mougás	Oia	57.000	A	NON
Punta dos Patos	Cangas	30.000	A	NON
Agueira	O Grove	160.000	N	SI
Punta Moreiras	O Grove	9.800	A	NON
Ardía	O Grove	26.500	A	SI
Bico da Ran	Cambados	100.000	A	SI
A Coruña				
Couso-Aguiño	Ribeira	55.000	A	NON
Punta Corvos	Ribeira	325.000	N	NON
Lira	Carnota	60.000	A	SI
Quilmas	Carnota	90.000	A	Parcial
Cabo Cee	Corcubión	78.000	N	NON
Touriñán	Muxía	357.000	N	SI
Moreiras	Muxía	72.000	N	Parcial
Merexo	Muxía	119.000	A	NON
Punta do Corno	Camariñas	310.000	N	SI
Camelle	Camariñas	170.000	N	SI
San Felipe	Ferrol	6.850	A	NON
Cabo Prior	Ferrol	171.000	N	SI
Meirás	Valdoviño	95.000	A	SI
Lugo				
Regodola	Xove	160.000	N	NON
Morás	Xove	155.000	N	NON
Lago	Xove	190.000	A	NON
Hoyo Longo	Ribadeo	295.000	N	SI
Total		3.167.150		

A: Ampliación N: Nova localización

Fonte: Memoria do Plan sectorial de ordenamento territorial de parques de tecnoloxía alimentaria na costa galega. 2005.

Pontevedra, trece na da Coruña e catro na de Lugo. Por municipios, empezando polo sur, os parques distribúense da seguinte maneira:

- Provincia de Pontevedra:

Santa María de Oia: dúas localizacións, unha nova e a outra ampliación.

Cangas: unha nova localización ampliación doutra existente.

Grove: tres localizacións, unha nova e dúas ampliacións.

Cambados: unha nova localización, ampliación doutra existente.

■ Provincia da Coruña:

Ribeira: dúas localizacións, unha nova e a outra ampliación.

Carnota: dúas localizacións, as dúas ampliacións.

Corcubión: unha nova localización.

Muxía: tres localizacións, dúas novas e unha ampliación.

Camariñas: dúas localizacións, as dúas novas.

Ferrol: dúas localizacións, unha nova e a outra ampliación.

Valdoviño: unha nova localización, ampliación doutra existente.

■ Provincia de Lugo:

Xove: tres localizacións, dúas novas e unha ampliación.

Ribadeo: unha nova localización.

Protección ambiental: dos vinte e catro parques hai doce non afectados, dez en zonas protexidas ambientalmente e dúas parcialmente protexidas, isto é, en parte si e en parte non, por atopárense en límites de delimitacións.

Os doce non afectados son seis novas localizacións e seis ampliacións de instalacións existentes. Os dez si afectados corresponden a seis novos parques e catro ampliacións e, finalmente, os dous parcialmente protexidos son un ampliación e o outro, unha nova localización.

En definitiva, coa tramitación do presente Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na Costa Galega, actúase sobre solo de vinte e catro zonas costeiras, das tres provincias costeiras galegas, que corresponden a trece termos municipais, sobre un total aproximado de 317 hectáreas.

O Consello da Xunta por proposta do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, impulsor do procedemento, e despois do informe preceptivo do conselleiro de Política Territorial, aprobará definitivamente o plan sectorial e, de ser o caso, acordará a declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiatorios.

Estimacións da capacidade de produción máxima do Plan

Se se parte dunha produción de 35 kg de peixes por metro cadrado de piscina e ano, valor medio, por cada 100 m² de parcela bruta produciranse 815 kg ao ano de peixes, aproximadamente. Ou sexa, para obter anualmente 500 toneladas farían falta arredor de 61.000 m² totais e o dobre, 122.000, para 1.000 toneladas.

Cos criterios explicados nos apartados anteriores realizouse o cadro 14 no que se xustifican e resumen as posíbeis máximas producións de cada un dos Parques e do total. Cómpre insistir nas salvidades expostas anteriormente para tomar con todas as reservas os datos que se expoñen.

En definitiva, a grandes trazos o presente Plan Sectorial, actúa sobre 317 hectáreas, cun posíbel aumento da produción de peixes en terra da orde das 25.000 toneladas ao ano, para o cal é necesario un investimento de 391,2 millóns de euros e implica un consumo de enerxía eléctrica de 63.000 kW.

Este plan está actualmente en revisión, sobre todo naquilo que lles afecta aos parques alimentarios situados en zonas de protección ambiental.

Cadro núm. 14

Estimacións das posibles producións máximas do plan de parques

Denominación	Municipio	Superficie total (m ²)	Superficie ocupada (2/3)	Superficie agua (m ²)	Toneladas por ano
Pontevedra					
As Orelludas	Oia	75.000	50.000	17.500	613
Mougás	Oia	57.000	38.000	13.300	466
Punta dos Patos	Cangas	30.000	20.000	7.000	245
Aguieira	O Grove	160.000	106.667	37.333	1.307
Punta Moreiras	O Grove	9.800	6.533	2.287	80
Ardía	O Grove	26.500	17.667	6.183	216
Bico da Ran	Cambados	100.000	66.667	23.333	817
A Coruña					
Couso-Aguiño	Ribeira	55.000	36.667	12.833	449
Punta Corvos	Ribeira	325.000	216.667	75.833	2.654
Lira	Carnota	60.000	40.000	14.000	490
Quilmas	Carnota	90.000	60.000	21.000	735
Cabo Cee	Corcubión	78.000	52.000	18.200	637
Touriñán	Muxía	357.000	238.000	83.300	2.916
Moreiras	Muxía	72.000	48.000	16.800	588
Merexo	Muxía	119.000	79.333	27.767	972
Punta do Corno	Camariñas	310.000	206.667	72.333	2.532
Camelle	Camariñas	170.000	113.333	39.667	1.388
San Felipe	Ferrol	6.850	4.567	1.598	56
Cabo Prior	Ferrol	171.000	114.000	39.900	1.397
Meirás	Valdoviño	95.000	63.333	22.167	776
Lugo					
Regodola	Xove	160.000	106.667	37.333	1.307
Morás	Xove	155.000	103.333	36.167	1.266
Lago	Xove	190.000	126.667	44.333	1.552
Hoyo Longo	Ribadeo	295.000	196.667	68.833	2.409
Total		3.167.150			25.868

Fonte: Memoria do Plan sectorial de ordenamento territorial de parques de tecnoloxía alimentaria na costa galega, 2005.

Situación actual e tendencias na produción de peixes

Para o conxunto de España o crecemento das producións de peixes mariños, no período analizado (2000-2004), acadou un 72%, se ben a súa participación no total da acuicultura mariña apenas representa o 10%. Do conxunto de peixes mariños, o 50% da produción corresponde á dourada, o 20% ao atún, un 14% para a robaliza, e outro 14% para o rodaballo, practicamente única produción de peixes mariños en Galicia.

Polo que respecta á produción de rodaballo máis do 85% do total de España prodúcese en Galicia e, deixando á parte a acuicultura continental, leva camiño de converterse nun monocultivo que se desenvolve principalmente con instalacións en terra, malia que actualmente existen dúas empresas con gaiolas mariñas, Loitamar na ría de Vigo cunha produción dunhas 250 toneladas e as tentativas aínda sen éxito de gaiola de fondo do grupo Pescanova na ría de Aldán. Á súa vez Galicia, grazas á tecnoloxía do grupo France Turbot, lidera a produción de crías coa empresa Alrogal recentemente adquirida ao grupo Adrien pola empresa Acuidouro, que conta con plantas en Ferrol e Cervo (Lugo), e que acada unha produción de 4 millóns de crías.

Polo que respecta ao cultivo doutros peixes mariños en Galicia unicamente tres especies, ollomol, abadexo e linguado, teñen neste momento producións no mercado. As dúas primeiras especies están sendo desenvolvidas polo grupo Isidro de la Cal tanto nas súas instalacións en terra en Valdoviño (Ferrol), coma en gaiolas. Porén, o ollomol, con producións dunhas 200 toneladas nos dous últimos anos, e malia unha tecnoloxía de produción de crías e mesmo de engorde en gaiolas desenvolvida dabondo, presenta desde o punto de vista empresarial unha perspectiva de desenvolvemento bastante limitada. Esta situación débese ao seu excesivo ciclo de cultivo, que pode chegar aos tres anos para acadar o tamaño comercial, o que debilita as súas posibilidades industriais e leva aparelado un cuantioso investimento inmovilizado.

Polo que respecta ao abadexo, especie que tamén atopa en Galicia o seu único e principal desenvolvemento por parte dunha empresa do grupo Isidro de la Cal, ten desde un punto de vista zootécnico mellores expectativas de cultivo, dado o seu rápido crecemento e adaptación ao cultivo, porén, cómpre contextualizar a viabilidade do cultivo desta especie no conxunto do actual desenvolvemento do cultivo de gádidos no mundo, particularmente bacallau, pero tamén pescada, de grande importancia na demanda dos mercados españois. Precisamente, este incremento do cultivo de gádidos (pescada, bacallau, abadexo) merece unha mención especial. O esforzo polo seu desenvolvemento vén determinado pola paulatina caída das capturas deste grupo de especies, especialmente acusada para o bacallau, onde diminuíron desde os 3,1 millóns de toneladas de 1970, ás escasas 900.000 toneladas de 2002.

Esta importante caída, xunto coas máis recentes de especies como a pescada nos grandes caladoiros de África, Atlántico sur americano e Pacífico americano (zonas provedoras dos altos consumos en España e Europa), levaron a que, impulsados polo desenvolvemento do cultivo de salmónidos e, xa que logo, polo dominio dunha tecnoloxía de cultivo, se iniciase un amplo desenvolvemento do cultivo de gádidos. Este está

tendo lugar nos países con gran tradición en cultivo de salmón como son Noruega, Reino Unido e costa leste dos Estados Unidos e de Canadá. Acompañano con operacións a pequena escala países como Islandia, Chile e España.

No cadro 15 pódese observar a produción para estas especies por países para o ano 2003, tanto en xuvenís coma en peixes comerciais segundo Roselund & Skretting¹.

Cadro núm. 15

Principais grupos empresariais galegos na piscicultura mariña e continental

Grupo empresarial	Núm. de empresas	Núm. de plantas en produción	Produtos	Produción (en toneladas)	Cadro de persoal
Isidro de la Cal	4	11	Ollomol, rodaballo e troita	3.202	77
Pescanova	3	7 (3 en Andalucía 4 en Galicia)	Lagostino, robaliza, dourada e rodaballo	Insuiña, S.L. 170 rodaballo, resto non dispoñíbel	123
Stolt Sea Farm	1	4	Rodaballo	2.200	175
Tres Mares	1	2	Troita	2.800	68

Fonte: Instituto de Estudios Cajamar (2005).

O número de criadeiras de gádidos nos Estados Unidos e en Canadá é de tres, fronte aos 16 de Noruega e aos 2 do Reino Unido. A produción de xuvenís en América acadou os 500.000, pero a tendencia esperada é a un incremento no futuro, aínda que a produción foi ata agora de tan só 1.000 toneladas. En Noruega acada os 4 millóns e unhas 1.500 toneladas de peixes comerciais, se ben a capacidade instalada de xuvenís chega aos 80 millóns de xuvenís. Concedéronse máis de 500 licenzas de instalacións e están actualmente en uso a metade.

No ano 2010 a produción total esperada de gádidos é dunhas 140.000 toneladas no mundo, das que a metade ou algo máis as producirá Noruega, e un terzo América do Norte. Estas cifras parecen pecar de exceso de optimismo pero, sen dúbida, o desenvolvemento do seu cultivo, sobre todo do bacallau, pode seguir pautas semellantes ao cultivo do salmón.

Polo que respecta a outras especies de gádidos e a outros países, é significativo o desenvolvemento acadado en Chile co cultivo de pescada austral, onde se di que se producen uns 400.000 xuvenís, se ben non se coñece a contía da produción de peixes comerciais. As previsións establecen que en 2010 Chile pode acadar unha produción entre 3.000 e 5.000 toneladas. Neste desenvolvemento participa, xunto coa Fundación Chile, unha empresa do grupo Pescanova, e recentemente chegouse a un acordo coa Fundación Genoma España para participar na I+D desta especie.

¹ G. Roselund & M. Skretting (2006): *ICES Journal of Marine Sciences*, 63:194-197.

A situación de Galicia queda reducida a esforzos meramente testemuñais e, unha vez máis, ponse de manifesto que a opción do cultivo de peixes, exceptuando o rodaballo, ten limitacións obvias, tanto polas características bioxeográficas do noso hábitat coma polos desenvolvementos tecnolóxicos. Neste sentido, a perda de peso relativo da piscicultura mariña galega con respecto ao conxunto de España debe de enmarcarse nestas limitacións e nas esixencias de instalacións en terra do cultivo de peixes planos (rodaballo e linguado), cos seus elevados custos de instalación e mantemento, tanto como de ocupación espacial en zonas costeiras axeitadas, fronte ao cultivo de peixes que se desenvolve no Mediterráneo e en Canarias, realizado en gaiolas. Este feito ponse de manifesto tamén respecto ao desenvolvemento da piscicultura mariña en Andalucía, comunidade que aínda manténdose á fronte destas producións, ve como a acadan en produción Murcia, Comunidade Valenciana e mesmo Canarias, e iso debido ao desenvolvemento da piscicultura en gaiolas, fronte á acuicultura de esteiros e salinas transformadas da rexión sur Atlántico de menor eficiencia.

Non obstante, cómpre recoñecer os esforzos no desenvolvemento e a innovación de grupos de I+D galegos e españois, e de empresas españolas. Tal foi o caso do rodaballo, con desenvolvementos en Galicia, pero con substanciais contribucións tecnolóxicas na produción de crías do grupo francés France Turbot, ou do grupo Stolt Sea Farm. Ou os casos do ollomol, abadexo e linguado, nos cales os desenvolvementos se fixeron con tecnoloxías de empresas e/ou grupos de I+D de Galicia.

Outro dos aspectos máis prometedores para o cultivo de peixes mariños reside nas especies de linguado, tanto o común coma o senegalés. O desenvolvemento acadado polo cultivo desta especie permitiulle á empresa pioneira en Galicia, Stolt Sea Farm, dedicar unha das súas plantas en Couso (Ribeira) ao cultivo desta especie, ter nas súas previsións outra de nova construción e subministrarlle crías a outras empresas galegas para o seu engorde, igual ca aqueles que son subministrados pola empresa pioneira no seu cultivo, Cupimar de Cádiz. A produción actual no mercado pode atoparse arredor das 20 toneladas, aínda que esperando un rápido crecemento.

Cadro núm. 16

Resumo da situación actual da produción de gádidos

	Especie	Número de criadeiros	Produción (núm. de xuvenís)	Produción comercial (en toneladas)	Produción estimada en 2010 (en toneladas)
Canadá e Estados Unidos	Bacallau	3	500.000	< 1.000	40 - 50.000
Chile	Pescada austral	1	400.000	Descoñecida	3 - 5.000
España	Abadexo	1	200.000	< 200	< 1.000
Islandia	Bacallau	1	250.000	Descoñecida	10.000
Reino Unido	Bacallau	2	400.000	< 100	10 - 15.000
Noruega	Bacallau	16	4.000.000	1.500	80 - 100.000

Fonte: G. Roselund & M. Skretting (2006).

De acordo co Informe elaborado por Cajamar, ao peche do exercicio de 2004, e sen incluír os autónomos da industria mexilloeira, operaban na acuicultura en España un total de 272 empresas, das que un 63% lle correspondían á acuicultura mariña e un 37% á continental. Das 181 unidades de produción ou empresas de cultivos mariños, 32 rexistrábanse en Galicia, mentres que unhas 140 se situan no Mediterráneo, sur Atlántico e Canarias. O emprego xerado por todas elas acadou os 2.200 traballadores. polo que respecta ao ano 2004 a acuicultura continental estaba constituída por 104 empresas que dispoñían de 123 centros de produción no conxunto de España, e xeraban uns 720 postos de traballo. Galicia, cunha produción que representa o 25% do total, ten 33 plantas de produción e 210 postos de traballo. No cadro 16 recóllense os datos do Informe do Instituto de Estudios de Cajamar² relativos ás 4 grandes empresas de piscicultura de Galicia.

O mexillón e os moluscos. Produción e crise

A situación da industria mexilloeira viuse, unha vez máis, sometida ás convulsións derivadas dun ano de excepcionais peches por presenza de mareas vermellas.

Estes peches, como vén sendo habitual nos últimos trinta anos en Galicia, producen enormes desaxustes nos ciclos de explotación do cultivo, en rendementos da industria, nos mercados e, tamén, nas propias organizacións mexilloeiras, cuxa principal razón de ser se dirixe á organización da comercialización e fixación de prezos. En anos excepcionais, como foi 1995 ou este 2005, destas crises derívanse enfrontamentos e tensións políticas.

A finais do ano 2005, a organización empresarial mexilloeira estaba estruturada en catro organizacións principais: a Organización de Productores de Mejillón de Galicia (Opmega), que descendera na súa representación ata o 50% do sector; a Asociación Gallega de Mejilloneiros (Agame), que superaba xa o 20%; a Federación Arousa Norte de Mejillón, con algo menos do 15%; e, por último, a Asociación de Mejilloneiros do Grove, penúltima segregada de Opmega, cunha representación menor do 10%.

A facturación agregada de todo o *cluster* mexilloeiro (produción, comercialización e transformación) estímase nuns 340 millóns de euros. O destino da produción comercializada nos anos 2004-2005 repártese da seguinte forma: un 41% vai destinado aos mercados de fresco e, desafortunadamente, o 70% destínase a mercados nacionais e un 30% á exportación. O 59% da produción mexilloeira dedícase ao mexillón transformado (cocido, conxelado en carne, conxelado en media cuncha, ou en conserva). Polo que respecta a esta produción de transformado, tamén coñecido como industria, sete empresas concentran o 75% da demanda.

² Instituto de Estudios Cajamar (2005): *La acuicultura en España, situación y retos para el futuro*.

Como sinalamos en anteriores *Informes*, a gran transformación mexilloeira de mediados dos anos oitenta-noventa produciuse no que respecta ás súas posicións na comercialización en fresco, ademais das garantías de venda, pero o sector produtor non se atreveu a dar o salto á industria de transformación, que incrementa de ano en ano a súa capacidade de produción e comercialización, que atende a un mercado en expansión, con maior valor engadido e con capacidade para reducir o risco de episodios como as mareas vermellas.

Unha análise global respecto das tendencias nos mercados internacionais de mexillóns quizais permita ver con mellor perspectiva algúns dos retos e tamén posibles estratexias para a industria mexilloeira galega.

Galicia aínda é o principal exportador de mexillóns conxelados e frescos. Polo menos deica o ano 2002 no que as importacións mundiais de mexillóns acadaron as 175.000 toneladas cun valor duns 250 millóns de euros. Neste volume de importacións (datos FAO) o 25% correspondeulles a produtos conxelados, e un 75% a produtos frescos refrixerados. Porén, no valor de cada tipo de presentación de mexillón importado, os conxelados supuxeron o 42% do valor mentres que os frescos refrixerados un 58%. A diferente participación de cada tipo de produto en valor e cantidade é consecuencia dos prezos: medias de 2.700 dólares por tonelada para os conxelados, e de menos da metade (1.250) para os frescos refrixerados. O incremento das importacións mundiais entre 1990 e 2002 foi superior ao 225%, e o do prezo medio por tonelada dun 158%.

O mercado principal de importacións é o europeo, que concentra o 65% do total (Francia: 22%, Italia: 16%, Alemaña: 12% e Bélxica: 11%). Estados Unidos é o principal importador de mexillón conxelado, a prezos máis elevados cós prezos medios, o que o leva a ser o segundo importador por valor de mexillón. En calquera caso, España é tamén un importante importador.

Aínda que as exportacións gardan obvia relación coas importacións a nivel mundial, é interesante salientar os comportamentos entre 1990 e 2002 para cada un dos tipos de exportacións de mexillón (conxelados, frescos-refrixerados, e produtos transformados). As exportacións para conxelado no período indicado multiplicáronse por cinco, cun prezo por tonelada bastante estábel e o máis elevado dos dous tipos de produto, duplicando o do mexillón fresco. As exportacións para o fresco incrementáronse moito menos e con grandes oscilacións ao longo dos anos, pero tomando os extremos entre 1990 e 2002 o incremento das exportacións en toneladas foi dun 40%.

Analizando conxuntamente os dous tipos de produtos exportados obsérvanse dúas fases: unha entre 1990 e 1997, cunha exportación media de 143.000 toneladas, e outra entre 1997 e 2002, onde a media anual foi de 200.000 toneladas, o que supón que entre os dous períodos se incrementaron as exportacións de produtos de mexillón nun 40%. Cómpre sinalar que no segundo período a taxa de crecemento máis elevada segue correspondendo ao conxelado, en tanto que as exportacións de fresco refrixerado se estabilizan arredor das 150.000 toneladas anuais.

España é o maior exportador no último ano analizado, se ben con moi pouca diferenza respecto a Holanda, Dinamarca e Nova Zelandia, países que a seguen en volumes de exportación. Aínda que cómpre sinalar que en termos de prezo por tone-

lada España exporta a un 38% do valor do que percibe Holanda, ou a un 32% do de Nova Zelandia, e tan só supera o prezo medio danés, nun 42%. Esta comparación, aínda sendo xeneralista, ten a importancia derivada do feito de que Holanda é o primeiro exportador de fresco, España é o segundo, e, porén, Nova Zelandia é o principal exportador de conxelado (España o terceiro, por detrás tamén de Dinamarca). Os prezos de Dinamarca están condicionados polo feito de que a maior parte do seu mexillón é da modalidade de pesca, non de cultivo e, polo tanto, as súas calidades son moi variábeis.

Esta visión de conxunto dos mercados e produtos, así coma dos principais países produtores e importadores/exportadores, debuxa un panorama de forte competencia, e tamén amosa as debilidades que a industria mexilloeira, e mesmo o *cluster* mexilloeiro, galego presenta. Os esforzos organizativos e, parellos a eles, comerciais desenvolvidos polo sector produtor non parecen suficientes para manter os niveis de renda acadados nos últimos vinte anos se non se procede a unha rápida evolución. A integración vertical iniciada nestes anos, sobre todo coa comercialización do fresco, necesita de forma urxente unha evolución cara aos sectores de procesado e transformación, pois parece plausíbel que unicamente con melloras no produto, para o que aínda hai ampla marxe, non se poderá manter unha posición sólida nos mercados. Os prezos en fresco do mexillón galego sinalan nesta dirección e, ou se fortalecen tamén as estruturas comerciais, con estratexias axeitadas para a venda tanto en calidades coma en presentacións, o que implica melloras tecnolóxicas, ou todo apunta a que o mexillón fresco-refrixerado galego se converterá en liña branca de comercializadores doutros países como Holanda, Irlanda ou Francia.

Polo que respecta ao conxelado e/ou cocido, a situación de dependencia xa se reflicte claramente na concentración de empresas compradoras sinaladas anteriormente (7 empresas industriais que concentran o 75% das compras). E a iso cómpre engadir-lle non só a competencia distante de países, como Nova Zelandia, que, ademais de estar presentes no noso mercado, dominan o maior mercado de conxelado —Estados Unidos—, senón a aparición cunha forza inusitada de Chile, tanto no noso mercado coma nos mercados tradicionais do mexillón galego. A expansión do cultivo e, sobre todo, a presenza de empresas de capital estranxeiro, principalmente galego (Mascato, BagaMar, Leiro, Iberlam, Paquito), o interese de empresas da industria extractiva (Camanchaca, San José, El Golfo, Agrosuper) e empresas de transformación e procesado (Messamar, Consorcio e Robinson Crusoe), de acordo cos datos de Fishing Partners Ltda.³ reforzan esa percepción dun forte competidor.

As 75.000 toneladas de produción de Chile en 2005 está previsto que se poidan situar entre 175.000 e 300.000 en 2010, en función da optimización da produción nas instalacións actuais, dos rendementos económicos e do ritmo de posta en marcha duns novos 500 proxectos de cultivo previstos.

³ Fishing Partners Ltda (2005): *Estado de situación y perspectivas de la industria de chorito*. Chile.

En calquera caso, a taxa de crecemento de cultivo de mexillón chileno nos últimos doce anos pasou de apenas 10.000 toneladas ás case 75.000 actuais. Desta produción só un 14% se comercializa en fresco, mentres que o 86% vai transformado. Deste, case un 90% se destina a produto conxelado e unicamente un 10% a conservas. A colleita concéntrase entre novembro e xuño, cun 78% do total, e amosou o seu pico máis intenso entre marzo e maio. Nas súas distintas comercializacións, o 90% do produto destínase a mercados exteriores e apenas un 10% aos nacionais. Eses mercados exteriores son os europeos que concentran máis do 90% das exportacións; destaca entre eles Italia cun 23%, Portugal cun 21% e España cun 11%. A tendencia parece imparábel e en tanto que competidores dos mercados de mexillón galego, tan só se poderá limitar en termos de capacidade e eficiencia por parte dos produtores galegos. E as tendencias dos mercados mundiais e europeos como vimos insistindo *Informe tras Informe*, continúan sendo expansivas, polo que é unha inescusábel prioridade atender o enorme potencial existente. Fronte diso, o sector produtor mexilloeiro ou desenvolve estratexias propias ou as estratexias alleas farán que o produto galego perda posicións e rendibilidade.

As mareas vermellas, estratexias e produción de mexillón

As mareas vermellas forman parte natural do noso mar e, desde hai trinta anos, do ciclo de explotación do mexillón, condicionando o seu cultivo e tamén a comercialización. Porén, e contrariamente ao que se pensa, non inciden na cantidade producida, polo menos no primeiro ano dun ciclo, senón que teñen efectos no mexillón comercializado e tamén nas calidades do produto. Polo tanto, as producións no ano 2005, a pesar da forte incidencia das mareas vermellas no ciclo de cultivo, non se viron alteradas. Porén, esta marea vermella afectoulles seriamente ao produto comercializado e aos ocos deixados durante gran parte do ano nos mercados. E afectaralles sen dúbida ás rendibilidades da explotación e, tamén, previsibelmente ao ciclo do ano 2006, con independencia da repercusión que na produción deste ano se produza pois debido á prohibición de extracción, a capacidade de cultivo no ciclo anual se viu profundamente alterada, sobre todo na fase de desdobre. Para paliar este feito, en moitos casos procedeuse ao *reparqueo* dunha gran parte de mexillón comercial, permitindo con iso liberar espazo de cultivo para darlle paso á colleita do próximo ano. Pero este proceso de *reparqueo*, concibido como preparación do produto para saír ao mercado, poñéndoo en bolsas de 12 kg comerciais e deixándoo uns días suspendido na propia batea, ten efectos perniciosos para a calidade do mexillón cando así se estabula durante varias semanas, ou mesmo meses, coa conseguinte perda de rendementos en carne e calidade.

Temos, pois, tres elementos que se derivan da presenza de mareas vermellas: interrupción da colleita e ciclo de venda; alteración do ciclo de cultivo; e, por último, un manexo do produto que altera a súa calidade e o seu rendemento, e que se pretende colocar no mercado, unha vez lograda a apertura, ten efectos de rebote na aceptación polos mercados.

A incidencia das mareas vermellas en termos cuantitativos recolleuna M. Franco.⁴ As estimacións sobre a incidencia na produción comercializada no ano 2005 cífranse nunha diminución do 40% con respecto ás vendas do ano 2004.

O impacto da toxina, utilizando un índice relativo e global para o conxunto de Galicia (número de días de peche da extracción por subzona de cultivo acumulado ao longo do ano), e tomando como base 2001, que tivo un valor do 11% da capacidade teórica estimada de produción, pasou a un 24% en 2002, a un 26% en 2003 e acadou en 2005 un 47%. Debendo engadirlle a iso unha singularidade nos peches de extracción no ano 2005 respecto ao ano 2003: En 2005 os peches máximos producíronse desde o mes de marzo, cunha lixeira redución entre agosto e setembro, para volver a novos máximos de outubro a decembro, mentres que en 2003 os peches de extracción máximos tan só se produciron a partir de outubro a decembro. A secuencia e temporalidade dos peches mitiga os efectos na comercialización e tamén nos ciclos de cultivo, permitindo estratexias de xestión de maior amplitude.

O estudo e control das mareas vermellas en Galicia veuse desenvolvendo, desde un punto de vista ecolóxico desde os anos 20 do pasado século. Non é, entón, por falta de esforzos dedicados, e mesmo medios humanos ou materiais, polo que seguen existindo interrogantes sobre estes fenómenos e a súa incidencia cada vez maior nas producións de organismos mariños, bivalvos en xeral, e moi particularmente mexillón. Debería, pois, pensarse que este fenómeno biolóxico natural debe de abordarse con estratexias ben diferenciadas na súa complementariedade ás ata agora utilizadas.

Máis alá das responsabilidades administrativas e mesmo científicas, non é posíbel obviar aquelas que o propio sector mexilloeiro ten con relación a este problema.

Parece evidente que o problema das mareas vermellas continúa, e malia que existen diagnósticos sobre algunhas necesidades para abordar o seu estudo e a súa xestión, tampouco a crise de 2005 parece que servise para iniciar eses camiños. E trinta anos parece que son excesivos para persistir no mesmo.

⁴ M. Franco (2005): *La acuicultura de mejillón de Galicia*. Aquasur 2006. Chile.

III.3. Marisqueo

A campaña marisqueira do ano 2004. Normativa

O Plan Xeral de Explotación Marisqueira do 2004 foi sancionado na Orde do 30 de decembro de 2003, publicada no DOG o 12 de xaneiro de 2004.

Como é habitual, as normas básicas de xestión están recollidas para este ano en dez artigos, cinco disposicións adicionais e outras dúas derradeiras, que agrupan os plans e os regulamentos de solicitudes e autorizacións dun xeito temático:

- Autorizacións marisqueiras (artigo 1): con 42 plans para a xestión das zonas marítimo-terrestres nesta situación legal.
- Zonas de libre marisqueo (artigo 2); autoriza como norma xeral as extraccións nas zonas non suxeitas a plans específicos.
- Plans específicos en zonas de libre marisqueo (artigo 3): describe 43 plans para zonas de libre marisqueo promovidos por unha ou varias entidades profesionais para unha ou varias especies.
- Bous (artigo 4): normas básicas para a utilización das artes denominadas bou de man e bou de vara.
- Percebe (artigo 5): reúne 31 plans para regular a captura do percebe.
- Outros crustáceos (artigo 6): determina os períodos de extracción para as outras especies de crustáceos.
- Equinodermos (artigo 7): con 21 plans de recollida de ourizos, onde un elevado número está referido a agrupacións de confrarías.
- Navalla e longueirón (artigo 8): admite 28 plans de extracción.
- Peneira (artigo 9): con 5 plans aprobados.
- Algas (artigo 10): autoriza 15 plans de recollida, dos que cinco corresponden a empresas, o que indica o crecente interese económico deste recurso, ao que moi logo lle comezaremos a prestar unha maior atención estatística.

A secuencia da publicación do Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2004 é moi semellante á dos anos precedentes polo que non incidiremos nunha análise especialmente fonda. Cómpre ter en conta que probabelmente se produzan modificacións nos anos vindeiros por causa do cambio no Goberno da Xunta.

Resultados da actividade

Semella claro por todos os indicios que os meses de parada biolóxica do ano 2003 –despois do accidente do petroleiro *Prestige*– tiveron un efecto positivo nas capturas do ano 2004, o que garda tamén relación co habitual incremento do número de mariscadores que venden nas lonxas oficiais logo dunha catástrofe para a que se crean axudas económicas desde a Administración.

Se comparamos a produción total pesqueira de Galicia vendida nas lonxas en 2004 (ver cadro 17) cos datos do 2003, todos os grupos de especies mostran notábeis incrementos nas cantidades extraídas, que van desde o 41,5% no caso dos crustáceos, ao 15,9% no caso dos moluscos e gasterópodos, obxecto da nosa análise nos seguintes parágrafos.

Os informes biolóxicos consultados apuntan a unha moi probábel causa-efecto entre os meses de veda de 2003 e o crecemento das capturas do 2004. En todo caso, e tal como xa foi apuntado no *Informe 2004*, cómpre lembrar que despois de introducida a xestión dos recursos na Lei de 1993, os resultados máis elevados para as principais especies onde se aplicaron os plans de xestión apareceron en 1999 (cadro 18), e nin sequera agora –coas citadas condicións favorábeis para a extracción–, foron superados.

Teremos que agardar como mínimo aos resultados da campaña 2006 para observar e comentar os efectos das medidas que está a tomar o novo executivo galego, e tamén como se revisa a normativa anual dos plans de explotación, tendo en conta a súa evolución desde 1999.

Porén, avanzamos coa cautela habitual e consideramos que polo menos unha parte do crecemento das capturas en 2004 puido ser consecuencia das melloras organizativas levadas a cabo dentro do sector; estas non só terían efecto sobre o marisqueo en concreto, senón tamén na captura de crustáceos, como mostra a taxa máis elevada de aumento con respecto a 2003 e que semella responder a unha seria tentativa de xestión elemental sobre este recurso.

Xa no que se refire á análise concreta das capturas de moluscos e gasterópodos vendidos nas lonxas en 2004, debemos subliñar unha aparente recuperación das tendencias sinaladas en anteriores *Informes*, e especificamente no *Informe 2004*. Iniciamos aí un estudo por rangos homoxéneos para o conxunto das capturas e observamos os máximos e os mínimos desde 1989, que serviron para establecermos os intervalos totais de produción en cada grupo de especies e os que corresponden ao instrumento estatístico habitual de 10 clases, de forma que os segmentos de análise eran de 500 tone-

Cadro núm. 17

Produción total pesqueira de Galicia en primeira venda no ano 2004

Grupo biolóxico	Quilogramos	Euros
Cefalópodos	8.981.276	26.488.898
Crustáceos	1.997.486	31.213.530
Bivalvos e gasterópodos	9.593.161	66.505.785
Outros invertebrados	52	6.058
Peixes	129.758.865	263.611.113
Total	150.330.840	387.825.384

Fonte: Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos. [Http://www.siggalicia.org/](http://www.siggalicia.org/).

ladas para as especies recurso principais (ERP), de 500 toneladas igualmente, para as especies acompañantes (EA), por superaren o intervalo establecido en 2003; e pasamos agora a 50 toneladas nas especies recurso secundarias (ERS), que tamén o superaron.

Cadro núm. 18

Evolución da produción marisqueira en Galicia por especies-recurso

	Especie-recurso principal	Especie-recurso secundaria	Especie-recurso acompañante	Total
Toneladas				
1989	4.086,6	234,9	318,6	4.640,0
1990	2.869,9	259,1	337,5	3.466,5
1991	5.616,5	327,5	348,9	6.292,9
1992	4.637,3	343,9	667,7	5.648,9
1993	6.049,6	266,0	473,0	6.788,6
1994	5.739,9	383,1	1.121,2	7.244,2
1995	6.821,1	109,2	1.418,4	8.348,7
1996	5.883,8	235,0	1.269,1	7.387,9
1997	6.208,2	265,3	1.880,5	8.354,0
1998	6.428,6	204,8	2.373,6	9.007,0
1999	6.901,6	274,7	2.341,0	9.517,3
2000	6.045,4	266,8	2.154,3	8.466,6
2001	3.903,1	237,1	2.335,1	6.475,3
2002	6.166,0	239,4	2.491,6	8.897,0
2003	5.585,0	202,4	2.492,4	8.279,8
2004	6.484,0	430,0	2.682,0	9.596,0
Miles de euros				
1989	12.207,4	734,4	233,8	13.175,6
1990	11.261,2	819,7	284,4	12.365,3
1991	18.862,8	1.154,1	353,5	20.370,4
1992	17.107,7	1.429,2	615,9	19.152,8
1993	18.046,1	1.134,0	670,3	19.850,4
1994	23.537,6	1.547,6	1.420,6	26.505,8
1995	24.547,5	581,3	1.888,0	27.016,8
1996	27.780,8	1.311,2	2.206,0	31.298,0
1997	29.755,2	1.914,4	2.935,8	34.605,4
1998	34.894,4	1.911,4	5.034,7	41.840,5
1999	39.302,2	1.974,6	6.004,6	47.281,4
2000	39.452,0	2.140,8	6.384,0	47.976,8
2001	38.774,8	1.939,9	6.538,6	47.253,3
2002	44.008,2	2.322,2	9.580,5	55.910,9
2003	47.849,1	2.188,4	9.098,1	59.135,6
2004	53.251,0	3.448,0	9.804,0	66.503,0

Seguindo esa metodoloxía e de acordo cos datos do cadro 18 e cos gráficos 2, 3 e 4, observamos que as ERP (gráfico 2) concentran a tendencia esperada de capturas na banda de intervalos de 5.500 a 6.500 toneladas, cunha frecuencia histórica do 68,7% para os resultados dentro desa banda desde 1989. Se ignoramos os datos de 2001 (resultado de causas puntuais, como xa foi explicado no *Informe 2002*), é moi gráfica e visíbel a estabilidade da tendencia desde 1993, que obviamente, pode dar lugar a dúas lecturas: a positiva é que grazas á xestión por plans anuais pode manterse aquela estabilidade nas capturas; a negativa é que non se xerou neses anos unha tendencia crecente. Queda, xa que logo, a dúbida razoábel verbo de que sexan necesarios cambios na xestión ou acerca de que os recursos impoñen unha limitación insuperábel.

Pola contra, o caso das ERS (gráfico 3) amosa unha elevada irregularidade, derivada das estratexias de traballo dos mariscadores na explotación do conxunto de recursos das rías. Se temos en conta a destacada importancia económica destas especies (en concreto, da navalla e da vieira, cadro 22), pode explicarse que ante unhas boas capturas no inicio da campaña, moitos mariscadores optasen por dedicar un maior tempo e esforzo a estas especies, que acadaron en 2004 o máximo de vendas desde 1989.

Pola súa parte, a tendencia das EA mantén o seu continuado crecemento, máis acusado desde a campaña do 2001 pola relevancia económica da ameixa xaponesa (da que falaremos devagar despois), que supera xa extensamente os resultados da ameixa rubia, sobre todo, pola cantidade de lonxas nas que se oferta. Obviaremos, xa que logo, a análise da tendencia esperada de capturas para este grupo de especies, dado que en rigor estaría na banda das 2.000-2.500 toneladas, pero agora mesmo, na campaña

Gráfico 2.

Producción marisqueira galega de especies-recurso principais (en toneladas)




Gráfico 3.

Producción marisqueira galega de especies-recurso secundarias (en toneladas)





Gráfico 4.

Producción marisqueira galega de especies-recurso acompañantes (en toneladas)



2004, xa excedería esa banda, con expectativas de continuar o crecemento nos vindeiros anos.

Na análise habitual sobre a evolución máis detallada das ERP (cadro 19), debemos destacar dentro da modalidade de capturas a pé, o máximo absoluto acadado este ano nas vendas de berberecho, que rompe o comportamento cíclico propio desta especie (se temos en conta as tamén elevadas extraccións nos pasados anos 2002 e 2003). Na opinión dos técnicos da Consellaría consultados, as causas son sempre complexas dadas as características da súa reprodución, e a mesma veda establecida despois do *Prestige* podería incidir positivamente neste crecemento continuado.

Vemos tamén que os prezos correntes de venda recuperan puntos (3,71 €/kg)

cara ao máximo do 2001 (3,77 €/kg) o que provoca, á súa vez, o máximo absoluto nos ingresos correntes; isto consolida a extracción desta especie como unha das máis rendíbeis para a actividade marisqueira, ao que debemos unir o elevado número de lonxas nas que se vende, ou o que é o mesmo, a extensa distribución das capturas por todo o litoral.

No entanto, a ameixa fina apenas supera as cifras de 2003; isto expresa unha aparente limitación biolóxica na xestión deste recurso que é practicamente estábel desde 2001. Este feito suxeríanos xa no *Informe 2004* a dúbida respecto do debate acerca de cal sería a cifra de capturas óptima para o seu comportamento de renovación, que debería en todo caso complementarse coa optimización paralela da calidade, e onde cumpriría concentrar os esforzos da xestión cos datos existentes sobre a orientación do seu mercado. De feito, e despois dun forte estancamento entre 1995 e 1998, o prezo da ameixa fina comezou un ascenso que a sitúa agora en máis do dobre deses anos, e que apunta a unha consolidación da positiva resposta dos mercados á súa calidade.

No outro canto, apenas nada mudou no que respecta ás especies capturadas na modalidade con embarcación. A ameixa babosa volve aos resultados de 2002, e o noso comentario mantén o mesmo esquema ca no *Informe 2004*, onde faciamos referencia a un probábel esforzo pesqueiro excesivo sobre esta especie, que mostra unha tendencia descendente xa desde 1998. A pesar diso non se elaborou —que nós saibamos— ningún estudo concreto por parte da Consellaría que permita aplicar cambios nos plans de explotación anuais, ben reorientando a xestión con traslados de crías a zonas menos produtivas, ben admitindo esta seria restrición biolóxica e establecendo limitacións

Cadro núm. 19

Evolución da produción das especies principais de marisco en Galicia

	Berberecho (<i>C. edule</i>)	Ameixa fina (<i>V. decussata</i>)	Ameixa babosa (<i>V. pullastra</i>)	Ameixa rubia (<i>V. rhomboideus</i>)
Toneladas				
1989	2.326	231	671	855
1990	1.007	378	597	888
1991	3.263	513	889	952
1992	2.075	706	1.004	853
1993	3.589	585	1.263	612
1994	2.072	682	2.103	875
1995	3.393	520	2.194	700
1996	2.591	721	1.992	563
1997	2.957	794	2.114	326
1998	2.456	947	2.708	315
1999	3.089	890	2.553	359
2000	2.947	830	1.795	465
2001	1.172	734	1.476	515
2002	3.844	681	1.239	393
2003	3.420	732	1.163	270
2004	4.220	739	1.250	275
Miles de euros				
1989	2.466,4	2.837,3	4.332,6	2.556,1
1990	856,8	3.973,9	3.933,9	2.496,5
1991	5.296,7	5.451,1	5.272,7	2.842,2
1992	2.331,2	6.289,1	5.836,8	2.650,5
1993	3.615,1	5.878,8	6.589,3	1.962,9
1994	2.951,2	6.918,6	11.149,6	2.489,2
1995	4.635,2	6.100,2	11.617,2	2.150,7
1996	4.181,9	8.473,8	12.722,2	2.307,8
1997	5.266,5	9.085,2	13.564,4	1.754,4
1998	5.291,3	11.288,5	16.677,4	1.625,3
1999	6.322,7	12.313,4	18.851,3	1.762,8
2000	7.777,2	12.892,2	16.311,0	2.396,6
2001	4.421,7	14.209,1	16.477,4	3.601,2
2002	11.142,9	13.253,5	15.915,5	3.598,5
2003	12.717,8	16.959,3	15.609,0	2.562,9
2004	15.638,0	19.092,4	16.078,1	2.442,6

[Continúa] ►

Cadro núm. 19 (continuación)

Evolución da produción das especies principais de marisco en Galicia

	Berberecho (<i>C. edule</i>)	Ameixa fina (<i>V. decussata</i>)	Ameixa babosa (<i>V. pullastra</i>)	Ameixa rubia (<i>V. rhomboideus</i>)
Euros/kg				
1989	1,06	12,31	6,46	2,99
1990	0,85	10,51	6,59	2,81
1991	1,62	10,63	5,93	2,99
1992	1,12	8,91	5,82	3,11
1993	1,01	10,04	5,22	3,21
1994	1,42	10,15	5,30	2,85
1995	1,37	11,74	5,30	3,07
1996	1,61	11,76	6,39	4,10
1997	1,78	11,44	6,42	5,39
1998	2,15	11,92	6,16	5,16
1999	2,05	13,84	7,38	4,91
2000	2,64	15,54	9,09	5,15
2001	3,77	19,35	11,16	6,99
2002	1,82	19,34	14,30	8,31
2003	3,72	23,18	13,42	9,51
2004	3,71	25,84	12,86	8,89

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. [Http://www.sipgalicia.org/](http://www.sipgalicia.org/).

rotativas de captura. A isto debemos agregar tamén un continuo descenso dos prezos correntes desde 2002, o que podería entenderse como un aviso do mercado para que a redución das capturas non leve a descoidar a calidade.

Algo semellante, salvando as distancias, pode dicirse da ameixa rubia, que repite case a cifra de capturas de 2003, continuando a súa tendencia descendente, neste caso xa desde antes da Lei de 1993. Esta situación demandaría en rigor unha fonda reflexión sobre os plans de explotación da especie, que se elaboraron a principios dos 90 de forma experimental e que non contemplaban ningunha actuación concreta de xestión. Se cadra, habería que analizar con máis vagar e detalle a estrutura das estratexias de traballo dos mariscadores nas rías, tendo en conta a existencia doutras especies máis abundantes en zonas próximas e de menos profundidade, que favorecerían un desvío da actividade cara a elas.

Concretamente e en termos comparativos, podemos observar un paralelismo case regular entre o descenso das capturas de ameixa rubia e o incremento das de ameixa xaponesa (cadro 20). Non se pode afirmar e dar por válida en lóxica —sen o estudo específico antes proposto—, a hipótese do traslado mecánico do esforzo pesqueiro dunha a outra especie pola simple observación das estatísticas, entre outras razóns polas diferenzas entre as áreas xeográficas e polo tipo de actividades que requiren as extraccións en cada caso, pero si podemos apuntar que o crecemento dos prezos da ameixa xaponesa —neste momento no nivel dos da rubia— marcan unha tendencia

que supón un novo dato para o contraste do desvío de actividades citado; debe considerarse ademais que as capturas da xaponesa triplican xa as da rubia e que aquela se vende en máis lonxas.

O cadro 21 expresa a visión xeográfica da actividade marisqueira en Galicia en función dos ingresos derivados das vendas en lonxa nas nove áreas nas que foi dividida a costa para facilitar unha panorámica de conxunto sobre os resultados das extraccións. Como dato relevante debe destacarse a consolidación da ría de Muros-Noia como segunda área en importancia económica para esta ocupación laboral, o que está sucedendo nos últimos tres anos; así en 2004 acadou un valor total superior á suma das rías de Pontevedra e Vigo xuntas. Con este dato, o grao de concentración xeográfica da actividade nas Rías Baixas é un dos máis elevados da serie desde 1989, cunha taxa de case o 89% para o agregado de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.

Finalmente, o cadro 22 amosa o resumo habitual dos datos completos da campaña 2004 por especies. Para non repetirmos algúns comentarios anteriores, só subliñaremos en primeiro lugar as cifras das especies secundarias (ERS), que duplican ás dos anos 2002 e 2003, moi semellantes. E, en segundo lugar, destacaremos o relativo estancamento das capturas das especies acompañantes (EA) —loxicamente, eliminamos o

Cadro núm. 20

Evolución das capturas e ingresos de ameixa xaponesa en Galicia

Ano	Toneladas	Ingresos (miles de euros)	Prezo (euros/kg)
1996	213	913,9	4,29
1997	285	1.352,7	4,74
1998	647	3.106,7	4,80
1999	692	3.945,6	5,70
2000	722	4.378,3	6,07
2001	420	3.784,4	9,02
2002	523	5.722,5	10,94
2003	633	5.434,7	8,60
2004	740	6.034,3	8,15

Fonte: Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos. [Http://www.sipgalicia.org/](http://www.sipgalicia.org/).

Cadro núm. 21

Produción marisqueira en Galicia en 2004. Moluscos e gasterópodos.

Valor da produción por especies-recurso e por zonas (en euros)

Zonas da costa	Especie-recurso principal	Especie-recurso secundaria	Especie-recurso acompañante	Total
Costa lucense	53.950	58.089	8.237	120.276
A Coruña norte	96.014	295.167	70.857	462.037
Ría de Ferrol	3.516.663	–	262.866	3.779.529
Arco Ártabro	1.942.486	–	49.920	1.992.405
Costa noroeste	876.488	69.465	610.402	1.556.354
Ría de Muros e Noia	14.147.102	19.544	190.009	14.356.654
Ría de Arousa	22.964.239	1.310.769	6.448.922	30.723.930
Ría de Pontevedra	5.563.434	480.863	528.916	6.573.213
Ría de Vigo	4.090.894	1.213.987	1.634.043	6.938.925
Total	53.251.269	3.447.884	9.804.172	66.503.325

Fonte: Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos. [Http://www.sipgalicia.org/](http://www.sipgalicia.org/).

efecto da ameixa xaponesa—, o que entendemos en positivo como unha estabilidade do valor social que lles presta a estas capturas a estratexia global do traballo nas rías que, aínda concentrando o esforzo nas especies de maior prezo, apenas altera a dedicación complementaria ás especies que medran nas mesmas zonas cás principais.

Cadro núm. 22

Produción pesqueira en primeira venda en Galicia. Bivalvos e gasterópodos. 2004

Especie	Lonxas	Cantidade (kg)	Importe (euros)	Euros/kg
Ameixa babosa (<i>V. Pullastra</i>)	38	1.250.201	16.078.115	12,9
Ameixa fina (<i>R. decussata</i>)	42	738.959	19.092.481	25,8
Ameixa rubia (<i>V. rhomboideus</i>)	23	274.825	2.442.607	8,9
Berberecho (<i>C. Edule</i>)	37	4.219.628	15.638.066	3,7
Especies-recurso principais		6.483.612	53.251.269	
Cadelucha (<i>Donax trunculus</i>)	4	13.612	353.655	26,0
Navalla (<i>E. ensis</i>)	18	125.686	1.834.981	14,6
Vieira (<i>P. maximus</i>)	2	183.561	887.093	4,8
Voadora (<i>Chlamys opercularis</i>)	9	107.412	372.156	3,5
Especies-recurso secundarias		430.270	3.447.884	
Ameixa bicuda (<i>V. aureus</i>)	9	14.363	87.517	6,1
Ameixa xaponesa (<i>R. philippinarum</i>)	30	740.316	6.034.366	8,2
Caramuxo (<i>Littorina littorea</i>)	10	2.000	4.862	2,4
Carneiro (<i>Venus verrucosa</i>)	21	57.734	354.683	6,1
Cornecha (<i>Spisula solida</i>)	7	16.119	77.841	4,8
Cornecho (<i>Charonia rubicunda</i>)	3	3.662	4.899	1,3
Lapa (<i>Patella spp</i>)	3	431	715	1,7
Longueirón (<i>S. marginatus</i>)	12	25.063	303.050	12,1
Longueiron vello (<i>S. marginatus</i>)	5	3.927	17.816	4,5
Mexillón (<i>M. galloprovincialis</i>)	6	187.376	174.253	0,9
Ostra (<i>O. edulis</i>)	9	26.235	97.239	3,7
Rabioso (<i>Glycymeris glycymeris</i>)	1	12.804	10.156	0,8
Reloxo (<i>Dosinia exoleta</i>)	27	1.592.103	2.636.775	1,7
Especies-recurso acompañantes		2.682.133	9.804.173	
Total bivalvos e gasterópodos		9.596.016	66.503.326	

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. [Http://www.sipgalicia.org/](http://www.sipgalicia.org/).



IV. Industria

IV.1. A industria galega

O comportamento da industria galega en 2004 e 2005

A industria galega en 2005 foi, xunto co sector primario, a actividade cuxo Valor Engadido Bruto (VEB) experimentou un crecemento inferior ao Produto Interior Bruto (PIB), medido a prezos de mercado. Tanto as primeiras estimacións do Instituto Nacional de Estatística (INE)¹ coma as do Instituto Galego de Estatística (IGE) coinciden ao indicaren que a rama enerxética tivo un lixeiro retroceso en termos reais. Por outro banda, a industria medrou a unha taxa que se aproximou ao 2% (1,8% segundo a estimación do INE e o 2% segundo a do IGE), porcentaxe que queda lonxe da acadada por actividades agora máis dinámicas na economía galega como a construción (4,1%) ou os servizos (3,7%).

Cadro núm. 1

Macromagnitudes básicas do sector industrial. Galicia

	Prezos correntes			Índices de volume	
	Miles de euros		Taxa de variación interanual (%)	Taxas de variación anual (%)	
	2004	2005		2004	2005
VEB Enerxía	1.580.556	1.604.539	1,5	1,1	-0,2
VEB Industria	6.108.040	6.422.424	5,1	2,3	2,0
PIBpm	44.493.826	47.849.716	7,5	3,4	3,3
% Industria	13,7	13,4			
% Enerxía e industria	17,3	16,8			

Fonte: IGE. *Contabilidade Trimestral de Galicia. Avance.*

Nesta relativa atonía da produción industrial galega en 2005 incidiron tanto factores internos ás empresas coma factores do medio que frearon a produción. Aínda así, temos que indicar que a actividade da industria galega medrou pouco nunha atmosfera económica relativamente favorábel e que estimulou a adopción de comportamentos positivos no mundo empresarial galego. Variábeis relacionadas coa actividade

¹ INE, *Contabilidad Regional de España, serie 2000-2005.*

industrial e que lle afectan ao comportamento futuro do sector tiveron unha dinámica expansiva; por exemplo, desde o lado da demanda, a formación bruta de capital, ou sexa, a contía do investimento en capital produtivo, medrou un 5,7%. Tamén o valor das exportacións, na súa gran maioría bens industriais, medrou en termos monetarios un 14,9% (un 3,7% en termos reais), que, porén, non evitou que a contribución da balanza comercial ao PIB fose negativa debido ao maior incremento das importacións (o que en certo modo tamén está vinculado a un futuro industrial máis optimista).

Entre as respostas que con periodicidade trimestral dan unha mostra de empresarios industriais galegos na *Encuesta de Coyuntura Industrial*, figuran un conxunto de factores que, segundo eles, está limitando a súa produción. Dependendo do trimestre, entre o 43% e o 39% dos empresarios enquisados indicaron que non existe ningún factor, xa sexa esóxeno xa endóxeno, que limitase a súa produción en 2005, o que non deixa de ser unha porcentaxe significativa. Das súas contestacións dedúcese que nin a situación do mercado laboral nin a necesidade de financiamento por conta allea condicionaron os resultados deste ano. Así, pódese entender que existe man de obra suficiente, que cobre a demanda laboral do sector industrial e, por outra banda, os posibles problemas financeiros ou de tesouraría, de existiren, non minguaron a contía da produción. Tiveron unha certa incidencia na limitación da produción, malia que non significativa, a falta de equipo capital ou a insuficiencia, en momentos moi concretos do ano, de materias primas. Dos posibles factores limitativos, as dúas restricións máis importantes foron, igual ca nos exercicios precedentes, a falta de demanda e un conxunto de factores denominados na citada enquisa como Outros e que recollen elementos do medio tales como a imposibilidade de expansión da actividade na súa actual localización, a carencia de solo urbanizado, etc.

Entre o 24% e o 33% dos empresarios galegos enquisados sinalaron o decaemento dos mercados tradicionais e a dificultade de acceder a uns novos como os principais factores que lle afectaron negativamente á súa produción. Se ben a demanda interna, ou sexa a española, foi o principal motivo de limitación da produción, tamén se subliñou o papel da demanda estranxeira, o que non deixa de ser curioso nun contexto actual de sensíbel incremento do valor do exportado. A demanda estranxeira foi aumentando en importancia como factor limitativo da produción ao longo de 2005.

Como adoita ser habitual, o comportamento da industria non foi homoxéneo ao longo de 2005. As primeiras estimacións trimestrais do IGE, corrixidos os efectos de estacionalidade e de calendario, amosan unha progresiva aceleración na actividade tanto nas ramas enerxéticas coma nas industriais. No primeiro caso, partiuse no primeiro trimestre dunha taxa de variación interanual do -3,3%, para ir mellorando paulatinamente e, experimentar finalmente no cuarto trimestre unha forte recuperación que acadou taxas positivas do 5,9%. Pola súa parte, a industria manufactureira seguiu un veyro similar de recuperación ao longo do ano, coa diferenza de que as taxas de crecemento non experimentaron variacións tan bruscas e xa foron positivas desde o segundo trimestre de 2005.

Tras a evolución antes sinalada, os resultados anuais recollidos no cadro 1 reflicten, como xa indicamos, unha variación negativa da enerxía e un crecemento mode-

rado da industria manufactureira. Non obstante, a repunta observada no último trimestre do ano presaxiou unha aceleración da actividade industrial en 2006 que xa se corroborou cos resultados dos indicadores coñecidos actualmente e referidos ao primeiro trimestre.

Na caracterización do comportamento do sector industrial galego en 2005, a existencia de expectativas empresariais optimistas, que se expresa nun crecemento do investimento en termos reais nun 5,7%, mellora a potencialidade de crecemento en 2006, xa que en 2005 o grao de utilización da capacidade produtiva en Galicia foi, como en exercicios anteriores, moi elevado. A utilización media das plantas industriais mantívose por enriba do 82% durante os catro trimestres, o que pon de manifesto a necesidade de expandir a actividade industrial, para o cal a vontade de novos e importantes investimentos ten que complementarse coa mellora do medio, de tal xeito que o territorio se dote definitivamente das infraestruturas e dos equipamentos necesarios para lograr vantaxes de localización ante un mercado mundial cada vez máis esixente.

Cadro núm. 2

Índice de Producción Industrial. Galicia. Base 2000

		Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Media	TVA (%)*
Xeral	2004	100,6	104,7	114,5	105,4	108,6	114,7	112,4	84,3	112,2	106,4	110,0	96,8	105,9	
	2005	99,5	100,1	105,1	101,7	106,2	109,9	106,3	86,0	112,9	107,2	112,6	100,8	104,0	-1,8
Consumo duradeiro	2004	71,1	102,4	125,7	110,6	133,2	106,9	145,9	61,6	112,5	120,3	132,9	100,0	110,3	
	2005	85,0	120,9	110,4	115,8	129,7	139,3	122,5	81,8	124,4	120,5	128,8	135,2	117,9	6,9
Consumo non-duradeiro	2004	77,6	90,3	101,1	86,2	90,2	97,2	107,5	99,9	101,1	92,9	95,2	85,3	93,7	
	2005	80,6	89,3	100,6	89,7	97,9	104,8	110,4	103,6	118,5	101,9	103,3	86,9	99,0	5,6
Bens equipo	2004	89,8	96,3	109,0	98,1	97,2	114,7	101,5	41,8	114,5	97,3	102,5	84,0	95,6	
	2005	83,8	87,3	94,0	98,3	98,9	111,9	96,7	55,0	104,7	100,7	106,2	80,0	93,1	-2,5
Bens intermedios	2004	103,8	108,5	127,2	121,6	124,4	129,6	123,6	92,0	123,7	119,1	121,8	103,7	116,6	
	2005	107,5	110,6	121,1	125,9	121,7	127,4	117,6	98,0	125,1	112,4	121,9	107,4	116,4	-0,2
Energía	2004	133,9	123,3	114,6	108,8	114,7	111,0	110,6	108,5	103,4	110,3	114,1	112,6	113,8	
	2005	126,2	108,8	98,6	80,9	98,3	84,4	95,6	87,1	97,9	111,3	114,4	126,4	102,5	-10,0

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

O Índice de Producción Industrial (IPI) que se presenta no cadro 2, e que elabora o INE con periodicidade mensual, corrobora o xa sinalado. A súa taxa media de variación interanual foi negativa en 2005 debido, sobre todo, á caída que experimentou nos nove primeiros meses do ano a produción de enerxía, descenso que non puido ser contrarrestado polo incremento observado no último trimestre, especialmente, no mes de decembro. Non obstante, o comportamento da produción industrial manufactureira non foi homoxéneo. Se se desagrega segundo o destino económico dos bens, apréciase como o IPI tamén presentou taxas de crecemento negativas nos segmentos da fabricación de bens de equipo e intermedios, polo que o único subsector que tivo unha expan-

sión positiva foi o de bens de consumo nas súas dúas vertentes, duradeiros e non duradeiros. Isto suxire que, no seu conxunto, sectores como Alimentos, bebidas e tabaco, Material de transporte privado, Confección, Farmacia, Bens domésticos de usos duradeiros, todos eles integrantes do grupo bens de consumo amosaron unha dinámica positiva en 2005 e fronte a eles, actividades básicas na industria de Galicia pertencentes ao segmento de bens de capital como Estruturas metálicas e caldeiraría, Material de transporte (agás turismos), Maquinaria e outros bens de equipo, ou actividades xeradoras de bens intermedios como Materiais para a construción, Extracción e transformación de minerais non-enerxéticos e Produtos químicos, mantiveron uns niveis de produción semellantes aos de 2004 e, mesmo, inferiores.

Cadro núm. 3

Índice de Prezos Industriais. Galicia. Base 2000

		Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Media	TVA (%)*
Xeral	2004	104,0	104,4	104,8	105,1	105,5	106,3	106,2	106,5	106,8	107,2	107,5	107,0	105,9	4,2
	2005	107,7	108,4	109,2	110,0	109,9	110,0	110,9	111,2	111,8	111,8	111,9	111,8	110,4	
Consumo duradeiro	2004	108,4	109,2	109,1	109,0	109,1	109,2	109,1	109,1	109,2	109,5	109,5	109,6	109,2	2,9
	2005	110,0	110,4	111,3	112,7	112,8	112,8	113,0	113,0	113,2	113,0	112,7	113,0	112,3	
Consumo non-duradeiro	2004	109,3	109,2	110,5	110,5	110,4	110,4	110,3	110,2	110,2	110,1	110,3	110,4	110,2	1,7
	2005	110,9	111,7	112,1	112,1	112,0	112,1	112,2	112,4	112,1	112,0	112,1	112,1	112,0	
Bens equipo	2004	105,7	105,8	105,9	105,9	106,1	106,6	106,6	106,6	106,9	107,1	107,1	107,1	106,5	3,3
	2005	108,4	108,7	109,2	109,7	109,7	109,9	110,1	110,0	110,0	110,8	111,1	111,6	109,9	
Bens intermedios	2004	102,7	103,7	103,5	104,3	105,2	106,5	106,8	107,0	107,2	107,1	107,7	107,1	105,7	4,2
	2005	108,4	108,6	109,1	110,1	109,8	110,0	110,9	110,5	111,4	110,2	111,6	112,1	110,2	
Enerxía	2004	97,3	97,4	97,7	98,3	99,0	100,3	100,0	101,2	101,9	103,8	104,2	102,5	100,3	8,7
	2005	101,9	103,5	105,5	107,6	107,5	107,5	110,3	111,8	114,0	114,8	113,0	111,3	109,1	

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

O descenso da produción de enerxía e o leve crecemento da actividade na industria manufactureira veu acompañada por unha sensíbel aceleración nos prezos. Así, o Índice de Prezos Industriais (IPRI) que medrara un 2,5% en 2004, aumentou en 2005 un 4,2%. Esta aceleración, que superou sobradamente a variación do Índice de Prezos de Consumo (IPC) e que supuxo un factor de competitividade negativo para as empresas industriais galegas, debeuse, sobre todo, ao espectacular incremento no prezo dos bens enerxéticos (8,7%), que se foi acelerando ao longo dos nove primeiros meses do ano para ralentizarse lixeiramente no último trimestre. Descontando o prezo destes bens, os resultados agregados dos outros segmentos son semellantes aos de 2004, malia que se produciron variacións dispares. Desaceleráronse os prezos nos segmentos dos bens de consumo non duradeiros e nos de bens intermedios. Malia isto, estes últimos rexistraron nos dous últimos anos unhas taxas de variación superiores ao 4%, o que non deixa de ser preocupante se se ten en conta que este sector representa unha

porcentaxe elevada na facturación total galega. En sentido contrario, acelerouse levemente a taxa de variación dos prezos de bens de consumo duradeiro, mentres que o grupo de bens de equipo pasou do 0,8% en 2004 ao 3,3% en 2005, sendo polo tanto o sector, xunto co da enerxía, que experimentou unha maior aceleración dos prezos.

A *Encuesta Industrial Anual de Empresas* que elabora o INE proporciónanos información agregada sobre os estados contábeis da empresa galega. Non se pode dispoñer da información relativa a 2005 xa que, segundo o calendario establecido polo Instituto, esta publicarase no próximo mes de novembro polo que, igual que fixemos nos *Informes* precedentes, comentaremos a situación do ano anterior. Os resultados da citada enquisa recóllense no cadro 4, que en certo sentido é unha síntese da estrutura industrial existente en Galicia nese exercicio.

No cadro 1 obsérvase que o crecemento da industria galega en 2004 foi dun 1,1% en enerxía e dun 2,3% nos restantes sectores. Este crecemento relativamente baixo contrasta coa situación económica-financieira das empresas que foi, polo xeral, mode-

Cadro núm. 4

Evolución recente das magnitudes económicas na industria galega. 2004 (en miles de euros)

	Ingresos de explotación	Gastos de explotación	Beneficios explotación	Total consumos	Gastos de persoal	Variación de existencias
Industrias extractivas e do petróleo, enerxía e auga	4.722.710	3.940.189	782.521	2.795.161	323.260	21.914
Alimentación, bebidas e tabaco	5.651.996	5.407.212	244.784	3.993.026	532.173	18.511
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.697.985	1.563.259	134.726	1.060.900	298.093	19.354
Madeira	1.713.852	1.654.251	59.601	1.157.388	218.962	1.506
Papel e edición	830.077	764.939	65.138	364.256	172.182	884
Industria química	1.089.647	976.770	112.877	655.264	94.477	1.359
Caucho e materias plásticas	666.107	648.711	17.396	414.411	107.100	3.555
Produtos minerais non-metálicos	1.501.300	1.416.679	84.621	813.161	285.992	6.340
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	3.605.025	3.285.549	319.476	2.149.034	558.382	27.286
Maquinaria e equipo mecánico	868.066	831.028	37.038	544.171	193.538	5.156
Equipo eléctrico, electrónico e óptico	541.806	502.670	39.136	324.351	95.706	8.672
Material de transporte	6.437.404	6.448.627	-11.223	4.963.635	804.772	-18.003
Industrias manufactureiras diversas	564.280	533.019	31.261	354.872	108.262	3.752
Total da industria galega en 2004	29.890.256	27.972.902	1.917.354	19.589.629	3.792.898	100.287
%2004/2003	5,2	4,9	10,0	5,9	1,1	62,9
%2003/2002	1,4	2,3	-10,1	1,1	3,4	-60,3
Total da industria española en 2004	504.288.859	469.365.708	34.923.151	304.845.136	74.190.225	1.887.349
%2004/2003	7,7	7,6	8,3	9,6	2,4	107,4
%2003/2002	2,9	3,1	-0,1	2,2	4,5	-32,8
% Galicia/España 2004	5,9	6,0	5,5	6,4	5,1	5,3

radamente favorábel. Así, os beneficios de explotación aumentaron con respecto ao ano anterior un 10%, o que representou unha porcentaxe sobre os ingresos obtidos no período do 6,8%. Obviamente, os ingresos de explotación aumentaron nunha taxa superior á dos gastos, os cales medraron a un ritmo máis moderado debido á contención observada nos de persoal, que tan só se incrementaron nun 1,1%. Esta contención contrarrestou o superior incremento nos restantes compoñentes do gasto.

Probabelmente, a recoñecida insuficiencia na demanda motivou que unha pequena parte da produción non fose vendida e incrementase así a contía de existencias, polo que a finais de 2004 o seu valor foi un 62,9% máis elevado ca en 2003. En calquera caso, e cos datos dispoñíbeis, a variación positiva das existencias non supuxo un freo á produción de 2005. Por outra banda, comparando a totalidade dos resultados galegos cos do conxunto de España obsérvase unha evolución relativamente similar, coa diferenza de que as taxas de variación españolas foron en todos os conceptos, salvo nos beneficios da explotación, máis elevadas.

A desagregación sectorial permite matizar, en parte, os resultados anteriores. En canto a ingresos, a estrutura industrial galega en 2004 segue sustentándose en catro grandes sectores: Material de transporte; Alimentación; Enerxía e industrias extractivas; e Metalurxia e fabricación de produtos metálicos. Eles absorben o 68,3% da facturación total. Estes sectores, determinantes da industria galega, tiveron en 2004 un comportamento moi desigual. Os datos do sector cuantitativamente máis relevante, Material de transporte, no que se engloba a automoción e a construción naval, empeoraron de maneira moi significativa con relación a 2003. As taxas de variación de todas as variábeis foron negativas coa única excepción da variación de existencias que se incrementou un 121,4%. Significativas foron as súas perdas, 11,2 millóns de euros, como consecuencia da sensíbel caída dos ingresos que non se contrarrestou pola redución observada nos gastos.

Nunha posición contraria a Material de Transporte situouse, como se observa no cadro 4, Metalurxia e fabricación de produtos metálicos. Esta actividade, moi tradicional na industria galega, conseguiu de todas as ramas, agás a de industrias manufactureiras diversas, o maior incremento nos ingresos. Ademais, se ben se aceleraron os gastos en consumos intermedios, os de persoal apenas se modificaron, o que permitiu que os gastos totais medrasen a unha taxa inferior á dos ingresos e, consecuentemente, a contía dos beneficios se incrementase un 43,1%, o que representou o 10,3% do total facturado.

A industria de alimentación e a da enerxía movéronse en posicións intermedias ás dos anteriores. Subliñaremos a estabilización nos estados contábeis da industria de alimentación, actividade na que o subsector de conservas de peixe ten un peso determinante, xa que, segundo o INE, representaba neste período o 34,6% da cifra de negocios do sector. En suma, o ano 2004 ten que caracterizarse como de atonía na produción alimentaria, nun contexto dun incremento relevante no custo da man de obra contrarrestado por unha estabilización no resto dos gastos.

Á marxe dos resultados dos catro sectores máis significativos, nos restantes sobresaen o incremento do peso relativo da rama Téxtil, confección, coiro e calzado que, a teor

do publicado polo INE, incrementou os seus beneficios un 24,9% grazas á contención do gasto de persoal e á repunta nos ingresos do 14,7%. A facturación deste sector da industria galega, 1.698 millóns de euros, contrasta coa cifra de negocio acadada por Inditex, 5.700 millóns en 2004 ou, alternativamente, coa contía do valor do importado do estranxeiro por Galicia, 1.249,7 millóns, datos todos eles que reflicten a asimetría existente entre a produción e a comercialización en Galicia. Os principais ingresos proveñen das empresas comercializadoras mentres que a industria da confección galega se enfrenta a unha dura competencia ante a irrupción de países como Marrocos, China, Turquía, Bangladesh ou India con significativas vantaxes de localización.

Nos restantes sectores, medraron a unha taxa superior á media da industria galega os ingresos de explotación de Papel e artes gráficas, Produtos minerais non-metálicos diversos, Maquinaria e equipo mecánico, Material e equipo eléctrico e Manufacturas diversas. En sentido contrario, o comportamento máis negativo foi o do sector de Caucho e materias plásticas, cuxos ingresos de explotación se mantiveron estábeis polo que, ante o incremento nos gastos, os beneficios caeron nun 69%.

Cadro núm. 5

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. 2004

	CNAE	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización	% 2004/2003
Alimentación	15-16	4.422.645	19,1	6,8	103,2	2,9
Téxtil e confección	17-18	1.133.847	4,9	9,2	140,9	11,1
Coiro e calzado	19	35.823	0,2	1,0	16,0	116,5
Madeira	20	1.006.908	4,3	16,1	245,5	2,1
Papel e edición	21-22	569.687	2,5	2,8	42,6	2,9
Química e petróleo	23-24	2.065.187	8,9	4,3	66,1	17,2
Caucho e plástico	25	710.880	3,1	4,9	74,8	4,3
Produtos minerais non-metálicos	26	1.062.548	4,6	4,8	74,0	7,6
Metalurxia e primeira transformación	27	1.620.321	7,0	7,3	112,1	25,3
Produtos metálicos	28	1.437.643	6,2	5,5	83,9	11,7
Maquinaria e equipo mecánico	29-30-33	608.053	2,6	2,4	36,1	12,5
Equipo eléctrico e óptica	31-32	900.641	3,9	5,8	89,2	17,5
Material de transporte	34-35	6.269.270	27,1	12,0	182,6	0,8
Industrias manufactureiras diversas	36	307.125	1,3	2,8	43,2	-9,5
Enerxía eléctrica, gas e vapor	40	1.006.547	4,3	11,2	170,9	-8,4
Total		23.157.125	100,0	6,5		6,0

Fonte: INE, *Encuesta industrial anual de productos*. Elaboración propia.

Complementariamente á enquisa dirixida a coñecer os estados contábeis das empresas, o INE elabora a *Encuesta Industrial Anual de Productos* na que se analizan en España a produción (cantidade e valor) de arredor de 5.000 produtos dos que se publica toda a información para España e por comunidades autónomas e resúmese en 15 ramas de actividade, seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93). Como na enquisa as empresas, os últimos datos dispoñíbeis corresponden a 2004. Está prevista a publicación de 2005 a finais do mes de xuño de 2006, momento no que a redacción deste *Informe* xa concluíría. Sobre o valor dos produtos industriais, os resultados relativos a Galicia e a súa comparación con España recóllense no cadro 5. Obviamente, os resultados non discrepan excesivamente dos que figuran nos ingresos de explotación do cadro 4, malia que as clasificacións sectoriais nas que se resumen ambas as enquisas non sexan homoxéneas. En calquera caso, na composición da oferta industrial galega case que a metade dos produtos, exactamente o 46,2% corresponden aos sectores de Alimentación e Material de Transporte. Aínda que a concentración é moi elevada, lóxicamente e dado que nos estamos referindo a unha economía cunha certa dimensión, en maior ou menor medida a ese nivel de desagregación, están representadas todas as actividades, malia que en dúas, Coiro e calzado e Industrias manufactureiras diversas, o seu peso non supera o 2% do total.

No citado cadro 5 tamén se presenta o peso que a oferta sectorial industrial galega ten no conxunto de España. Ademais, elabórase un sinxelo coeficiente de especialización, que consiste nun cociente (multiplicado por cen) no que o numerador é o peso de cada actividade en Galicia con relación a España e no que o denominador é ese mesmo peso pero para o total da industria galega. Finalmente, tamén se reflicte a evolución, en termos monetarios, do valor da oferta industrial de 2004 en Galicia con respecto a 2003. Ademais do xa indicado, as conclusións máis relevantes que xorden deste conxunto de indicadores son as seguintes:

- Dos quince sectores, o coeficiente de especialización é superior a 100 en seis. Estes son, xa que logo, os sectores nos que está especializada a industria galega con respecto á española. Estas actividades volven ser as mesmas cás reflectidas para 2002 e 2003 nos *Informes* precedentes, o que suxire que non se detecta a presenza de sectores emerxentes que modifiquen a especialización tradicional da industria galega.

- Os seis sectores anteriores obtiveron un valor do coeficiente de especialización inferior ao de 2003 coa única excepción do téxtil e da confección, feito que apunta a que a crise actual existente no sector tivo menos efectos en Galicia ca noutras comunidades autónomas.

- A madeira segue sendo a actividade na que Galicia presenta o maior grao de especialización con respecto ao resto de España. O valor da oferta industrial galega representa o 16,1% da española, peso ao que só se aproximan Material de transporte (12%) e Enerxía eléctrica (11,2%). Nótese que a especialización galega da madeira concéntrase en subsectores determinados como os contrachapados e os taboleiros de fibra, pero non na industria do móbel.

- Tras Coiro e calzado, o sector cun menor coeficiente de especialización foi Maquinaria e equipo mecánico con tan só un 36,1%. O seu escaso peso na oferta industrial

galega, 2,6% en 2004, reflicte unha carencia nun dos sectores industriais que requiren esforzo tecnolóxico e é á vez xerador de valor engadido.

■ Finalmente, obsérvase, con respecto a 2003, un aumento moi moderado nos dous sectores máis representativos, o que minguou o crecemento total da industria neste período. Pola contra, ramas con pouco peso na oferta industrial medraron a taxas superiores á media o que reduciu levemente o alto grao de concentración existente.

Cadro núm. 6

Evolución da demografía empresarial galega: subscricións de capital (capital en miles de euros)

	2003		2004		2005	
	Número de sociedades	Capital suscrito	Número de sociedades	Capital suscrito	Número de sociedades	Capital suscrito
Sociedades mercantís creadas	5.485	268.426	6.040	307.361	6.343	394.390
Sociedades anónimas	90	35.034	66	12.502	91	52.913
Resto	5.395	233.392	5.974	294.859	6.252	341.477
Sociedades mercantís que ampliaron capital	1.629	880.460	1.551	1.787.981	1.642	1.083.731
Sociedades anónimas	219	223.887	211	419.206	166	273.670
Resto	1.410	656.573	1.340	1.368.775	1.476	810.061
Sociedades mercantís disoltas	558		651		726	

Datos de 2003 e 2004 definitivos e 2005 provisionais.

Fonte: INE, *Estadística de sociedades mercantiles*. Elaboración propia.

Ademais das estatísticas procedentes das diversas enquisas elaboradas polo INE ou polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a evolución da demografía empresarial, tamén publicada polo INE, permítenos abordar, desde outro ángulo, a dinámica da actividade económica en 2005 e a súa comparación cos exercicios precedentes. Non obstante, como xa indicamos nos *Informes* anteriores, o INE non publica información desagregada por sectores económicos polo que os resultados que figuran no cadro 6 refírense á totalidade da economía galega e non exclusivamente ao sector industrial. En calquera caso, en 2005 e con respecto a 2004 observouse unha dinámica contraposta entre as sociedades mercantís creadas e as xa existentes que decidiron ampliar o seu capital. Se ben as primeiras aumentaron tanto no seu número coma na contía do capital suscrito, nas segundas, o aumento do capital suscrito foi sensibelmente inferior ao efectuado en 2004. Isto suxire que se ben existe unha evolución positiva no proceso de novas iniciativas empresariais, pódese supoñer que as xa existentes, ao non incrementaren significativamente o seu capital propio nese período, ou non preñeron aumentar o seu financiamento ou, se o fixeron, recorreron a fontes de financiamento externo, o que supuxo un incremento no seu endebedamento. A evolución dos tipos de xuro seguramente favorece esta segunda opción.

Cadro núm. 7

Afiados en alta laboral na Seguridade Social nas diferentes ramas industriais
(medias anuais)

CNAE 93	Ramas	2003	2004	2005	2005 (%)	Taxa de variación 2004/2005
10 / 12	Minaría enerxética	192	176	132		-25,0
13 / 14	Minaría non-enerxética	6.455	6.386	6.469		1,3
15 / 16	Alimentación	25.934	26.055	26.411	16,7	1,4
17 / 19	Téxtil, confección e coiro	20.463	19.941	19.129	12,1	-4,1
20	Madeira	13.575	13.629	13.579	8,6	-0,4
21 / 22	Papel e edición	7.409	7.717	7.889	5,0	2,2
23	Refinado do petróleo	592	642	669	0,4	4,2
24	Química	3.795	3.848	3.831	2,4	-0,4
25	Caucho e plástico	3.738	3.729	3.679	2,3	-1,3
26	Produtos minerais non-metálicos	12.036	12.110	12.156	7,7	0,4
27 / 28	Metalurxia e produtos metálicos	20.471	20.947	21.959	13,9	4,8
29	Maquinaria	5.505	5.501	5.546	3,5	0,8
30 / 33	Material eléctrico e óptico	6.146	6.215	6.136	3,9	-1,3
34 / 35	Material de transporte	26.454	25.768	24.683	15,6	-4,2
36	Fabricación de móbiles	6.795	7.042	7.286	4,6	3,5
37	Reciclaxe	475	554	576	0,4	4,0
40 / 41	Electricidade, gas, auga	4.610	4.425	4.275	2,7	-3,4
Industria sen enerxía e minerais		157.998	158.123	157.804	100,0	-0,2

Fonte: IGE. Elaboración propia.

A estatística sobre os afiliados á Seguridade Social en todos os seus réximes permite observar a evolución desta actividade desde a perspectiva do mercado de traballo da industria. Nótese que a *Encuesta de Población Activa* (EPA), ademais dos problemas metodolóxicos debidos aos cambios efectuados no primeiro trimestre de 2005 que imposibilitan a comparación con períodos precedentes, non proporciona información tan detallada das diversas ramas industriais. Polo tanto, as afiliacións á Seguridade Social, a *Contabilidad Regional de España* (CRE) e a *Encuesta industrial anual de empresas*, son as que nos informan sobre o nivel de emprego sectorial existente. Non obstante, o último dato dispoñíbel da CRE refírese a 2003 e a *Encuesta de empresas*, como xa indicamos nos comentarios sobre os estados contábeis, refírese a 2004.

Ante un crecemento do VEB dos sectores industriais non-enerxéticos arredor do 2% en 2005 e un estancamento na enerxía, xa que o seu VEB foi similar ao de 2004, cómpre agardar un comportamento de moderación no mercado de traballo e a evolución do número de afiliados á Seguridade Social nestes dous sectores así nolo confirma xa que a taxa de variación interanual descendeu un 0,2%. As dúas ramas máis determinantes deste estancamento foron Téxtil e confección e Material de transporte. En 2004 xa experimentaran os máis elevados descensos e novamente a súa evolución negativa

no número de afiliados contrarrestou as variacións positivas na ocupación doutras. Nos dous casos as caídas no número de afiliacións en 2005 superaron o 4%. A forte competencia externa e a consecuente perda das vantaxes de localización explican o descenso observado no sector téxtil-confección no que pequenas empresas se viron abocadas ao peche ou á redución do cadro de persoal debido á irrupción das economías emerxentes que xa sinalamos anteriormente. En canto a material de transporte, a caída na produción de vehículos automóbiles produciu un reaxuste no emprego que non só se ten que explicar pola contracción na demanda senón tamén pola introdución de novos modelos na factoría de Citroën en Vigo.

De entre os sectores máis relevantes, esta caída no emprego foi contrarrestada, en parte, polo incremento na afiliación observado no sector da Metalurxia e produtos metálicos, actividade que se consolidou en terceiro lugar no sector industrial galego en canto á contía total de afiliados. O sector de Alimentación mantivo a súa posición de liderado. Por outro lado, ningunha actividade, nin aínda aquelas con escasa presenza, logrou en 2005 un incremento significativo nas afiliacións. Así, desacelerouse ata o 4% o incremento en Reciclaxe, que en 2004 fora do 16,6%. O mesmo ocorreu co Refino de petróleo que, se ben tivo un comportamento positivo no emprego, medrou á metade da taxa obtida no ano precedente.

Cadro núm. 8

Evolución recente da actividade laboral no sector industrial galego

	Ocupados				Horas traballadas			
	2004 Núm.	%	% 2003/ 2002	% 2004/ 2003	2004 Miles	%	% 2003/ 2002	% 2004/ 2003
Industrias extractivas, enerxía e auga	9.232	5,7	7,1	-7,1	16.327	5,7	7,6	-4,9
Alimentación	27.602	17,1	-1,3	2,0	49.170	17,3	-3,7	3,3
Téxtil, coiro e calzado	20.474	12,7	-4,3	-3,4	36.468	12,8	-4,4	-3,9
Madeira	11.719	7,2	-1,2	-1,7	20.958	7,4	-2,1	-1,2
Papel e edición	6.564	4,1	7,1	-4,0	11.336	4,0	3,0	-2,7
Química	2.543	1,6	2,3	-5,0	4.442	1,6	0,8	-4,7
Caucho e plástico	4.376	2,7	-5,4	-3,6	7.892	2,8	-4,1	-2,9
Produtos minerais non-metálicos	13.499	8,3	-6,4	2,9	23.942	8,4	-6,8	3,3
Metalurxia e produtos metálicos	22.894	14,1	4,0	-1,8	40.521	14,2	4,1	-2,4
Maquinaria e equipo mecánico	7.032	4,3	-3,8	-0,3	12.370	4,4	-3,5	-1,7
Equipo eléctrico e óptica	3.831	2,4	-15,5	-0,6	6.749	2,4	-16,3	-1,6
Material de transporte	25.991	16,1	-1,9	-3,8	43.598	15,3	-5,9	-3,0
Industrias manufactureiras diversas	6.040	3,7	17,4	-6,0	10.593	3,7	15,2	-6,7
Total industria galega	161.797	100,0	-0,7	-1,9	284.366	100,0	-2,0	-1,5
Industria española	2.619.937		-0,3	-1,3	4.579.342		0,8	-1,2
% Galicia/España 2004	6,2				6,2			

Finalmente, como xa sinalamos, a *Encuesta industrial anual de empresas* ofrece información para 2004 sobre o número de ocupados e as horas traballadas. Non se observa unha gran discrepancia entre esta estatística e a do cadro 7 que contén os afiliados en alta á Seguridade Social, aínda que a desagregación sectorial é diferente. Segundo esta nova fonte, a ocupación caeu en 2004 un 1,9%, seis décimas máis có descenso observado na economía española. Nunha porcentaxe similar tamén caeu o número de horas traballadas, no que nun contexto de taxas de variación negativas en case que todos os sectores, tan só a Alimentación e os Produtos minerais non-metálicos, medraron a un ritmo moderado. Se, como indicabamos no *Informe 2004*, en 2002 un ocupado industrial galego traballaba unha media de 47 horas máis cá media da industria española, e esta diferenza se reducira en 2003 a 4 horas, en 2004 as horas anuais traballadas por un ocupado galego superaban a media española en 10. Apréciase un cambio moi rápido nas diferenzas no tempo de traballo por ocupado en España e Galicia, pero na práctica, pódese admitir que existe unha certa homoxeneización, xa que o peso relativo de Galicia no conxunto de España considerando o número de ocupados e as horas traballadas é o mesmo, o 6,2%.

En Galicia, as diferenzas sectoriais na contía de horas traballadas en 2004 por ocupado foron elevadas. Oscilan entre as 1.803 horas da actividade Caucho e Plástico e as 1.677 horas de Material de Transporte. Curiosamente, no primeiro dos sectores o tempo anual de traballo incrementouse en 14 horas nun contexto de estancamento da produción e de caída dos beneficios. No sector de Material de Transporte aumentou o tempo de traballo por ocupado en 15 horas, tamén nun contexto de redución de emprego e de caída de beneficios, polo que se pode supoñer que esta redución se efectuou no segmento de traballadores con maior rotación laboral e cun contrato a tempo parcial.

Un factor de competitividade relevante na industria galega é a evolución dos seus custos laborais. Os resultados de 2005 da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, tomando a media mensual, reflicten unha aceleración dos custos totais galegos do 3,1% debido á forte repunta experimentada en construción (6,1%) e na industria (4,5%). Este incremento nos custos industriais, tres décimas máis altos cá taxa de crecemento do Índice de Prezos Industriais galegos (cadro 3), foi superior á media española e suxire que dificilmente se poderán soste a medio prazo estratexias competitivas fundamentadas nos baixos custos salariais, os cales malia que inferiores en Galicia á media española, se van aproximando. Esta disparidade con respecto á industria española non só se debe á diferente situación económica xeral ou ao distinto poder de compra existente en ambas as economías, senón tamén ás diferenzas nas cualificacións e na especialización sectorial da industria galega. Predominan as actividades de intensidade tecnolóxica media-baixa que precisan, en media, dunha menor cualificación laboral, o que implica unha menor produtividade e, consecuentemente, uns custos laborais máis baixos ca noutras comunidades autónomas nos que teñen un maior peso outro tipo de sectores.

Comercio exterior


O comercio exterior galego experimentou un sensíbel crecemento en 2005 tanto nas exportacións coma nas importacións de bens. A taxa de variación, con respecto a 2004, do valor monetario destas últimas foi do 23,4%, porcentaxe superior á taxa acadada polas exportacións, 14,9%. Estes incrementos tan elevados, ademais de constatar o maior grao de apertura da economía galega, veñen motivados por cambios relevantes nas pautas de comercio con respecto aos exercicios precedentes. Nótese, por outro lado, que a caracterización do comercio exterior explica o comportamento seguido polos segmentos máis dinámicos da industria galega. En canto ao comercio, o 90% do valor do exportado en 2005 foron bens procedentes do sector industrial mentres que o 72% do importado correspondeu a bens de capital e intermedios.

O maior crecemento das importacións que das exportacións supuxo que o saldo da balanza comercial seguise sendo negativo e sensíbelmente superior, en valor absoluto, ao de 2004. Lembremos que, agás en 2002, a economía galega mantivo sistematicamente un déficit comercial. Cómpre engadir que o déficit acadado en 2005 foi o máis elevado dos últimos dez anos. A contía deste déficit, 1.520 millóns de euros, representou un 3,3% do PIB galego. Esta porcentaxe, aínda que importante, está lonxe do déficit español, un 8,6% do seu PIB (77.813 millóns de euros). Este elevado déficit xunto co incremento nos prezos foron as dúas cuestións macroeconómicas máis negativas que lle afectaron á economía española en 2005. Nótese, non obstante, a falta de similitude entre estas dúas comparacións, xa que no caso galego non nos podemos referir á totalidade do seu comercio externo senón, exclusivamente, ás transaccións

efectuadas co estranxeiro non podendo, por falta de estatísticas actualizadas, coñecer a contía das transaccións de bens efectuadas entre Galicia e as restantes comunidades autónomas.

A clasificación do comercio externo galego por grupos do arancel, reflectida no cadro 9, amósanos un crecemento positivo na práctica totalidade dos grupos tanto en exportacións coma en importacións. En canto ás primeiras, Material de transporte volveu de novo a liderar, e a considerábel distancia doutros produtos, o comercio externo galego; así, en 2005, absorbeu o 44,3% do valor total exportado. Non obstante, a novidade, é o que ocorreu internamente neste grupo, xa que nel se inclúen os dous capítulos arancelarios máis importantes das nosas exportacións: Vehículos automóbiles e Navegación marítima. Pois ben, mentres a

Gráfico 1.
Evolución do comercio exterior galego. (En millóns de euros)



Cadro núm. 9

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios (99 capítulos). 2005

			Importacións		Exportacións		Taxa de cobertura %	Índice de vantaxe comparativa revelada
Capítulos	Grupos	Produtos	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	1.472,9	10,8	1.094,6	9,1	74,3	-14,7
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	232,1	1,7	52,8	0,4	22,7	-63,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	13,7	0,1	14,0	0,1	102,0	1,0
16/24	IV	Produtos de alimentación	285,7	2,1	407,4	3,4	142,6	17,6
25/27	V	Minerais e combustíbeis minerais	2.194,5	16,2	547,4	4,5	24,9	-60,1
28/38	VI	Produtos químicos	659,1	4,9	403,5	3,3	61,2	-24,1
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	262,0	1,9	139,2	1,2	53,1	-30,6
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	53,1	0,4	65,4	0,5	123,2	10,4
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	377,5	2,8	300,6	2,5	79,6	-11,3
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	114,1	0,8	231,1	1,9	202,5	33,9
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.399,4	10,3	1.624,0	13,5	116,1	7,4
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	33,5	0,2	143,4	1,2	428,5	62,2
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	91,5	0,7	346,6	2,9	378,8	58,2
71	XIV	Xoiaría	10,0	0,1	3,5	0,0	35,2	-48,0
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.159,6	8,5	481,6	4,0	41,5	-41,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	622,9	4,6	615,3	5,1	98,8	-0,6
86/89	XVII	Material de transporte	4.366,9	32,1	5.348,4	44,3	122,5	10,1
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e reloxaía	40,9	0,3	11,6	0,1	28,2	-56,0
93	XIX	Armas	19,6	0,1	1,0	0,0	4,9	-90,6
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	96,0	0,7	108,2	0,9	112,7	6,0
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,8	0,0	0,1	0,0	10,2	-81,5
98-99		Non clasificados	81,1	0,6	127,0	1,1	156,6	22,1
Total			13.586,8	100,0	12.066,7	100,0	88,8	-5,9

Datos provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas. Elaboración propia.

venda externa de automóbiles e os seus compoñentes caeu un 11,3%, as exportacións de barcos aumentaron nun 56,9%. Isto último é o principal factor explicativo do avance das exportacións galegas en 2005. Unha aproximación máis detallada a este permítenos observar que se trata de operacións puntuais de certa envergadura, polo que se pode prever que, ao non repetirse nos próximos exercicios, se producirá unha ralentización no crecemento das exportacións. O comercio concentrouse en sete países ou territorios: Alxeria, Bahamas, Canadá, Hong Kong, Illas Marshall, Noruega e Panamá. En canto aos vehículos automóbiles, a caída nas vendas non obedece tanto á perda de clientes,

froito da dura competencia existente nos mercados mundiais, coma á reestruturación da planta de Citroën en Vigo para a adaptación á fabricación de novos modelos.

Se ben o grupo Material de transporte case representa a metade do valor do exportado, outro grupo cada vez máis relevante é o de Materiais téxtiles e confección. En 2005 este último medrou en termos monetarios un 16% e representa o 13,5% do total exportado. Non hai dúbida de que a dinámica seguida polo grupo Inditex foi o principal determinante destes resultados positivos no comercio galego. O avance rexistrouse tanto na confección, exceptuando o punto, coma nas pezas de punto. O comercio neste

último tipo de ben está moi diversificado xa que os nosos clientes foron 77 países dos que hai que destacar Portugal, que case absorbeu a cuarta parte das vendas totais, e Francia cun 12,6%. As vendas de pezas de vestir que non son de punto constituíron o segmento máis importante deste grupo e como no caso anterior caracterizouse pola súa alta diversificación xa que os clientes son 81 países, de entre os que sobresaen Portugal (20,6%) e Francia (15,4%).

Igual ca en 2004, e a unha certa distancia dos dous grupos antes comentados, situáronse as exportacións do grupo I, Animais, peixes e moluscos, leite e ovos e, en concreto, o capítulo que recolle os peixes, crustáceos e moluscos. En 2005 este segmento permaneceu estancado.

Estes tres grupos explican as dúas terceiras partes do valor total exportado en Galicia, o que dá idea da elevada concen-


tración existente e que se reflectirá nun conxunto de indicadores que revisaremos máis adiante. Dos restantes grupos cómpre subliñar como positivo o avance observado en Caldeiras, maquinaria e material eléctrico cuxo crecemento en termos monetarios, o 64,1%, foi un dos máis elevados de 2005. Dentro deste, o capítulo máis importante foi o de Máquinas, aparatos e material eléctrico. Uns dos nosos principais clientes neste segmento foron China (21,1%) e Portugal (18,4%). Constátase a espectacular irrupción do sector galego no mercado chinés que, cun incremento no valor das exportacións do 4.363%, situou este país no primeiro lugar da clasificación, cando ata este ano as vendas a ese país foran moi escasas.

En canto ao valor das importacións, os mesmos catro grupos cuxo peso era superior ao 10% en 2004 tamén superaron esta porcentaxe en 2005. Neste ano a concentración foi lixeiramente superior, xa que case absorberon o 70% do total importado. Polo tanto, o describir estes catro grupos supón visualizar o conxunto do adquirido no exterior por Galicia en 2005.

Gráfico 2.

Evolución do saldo da balanza comercial galega

(En millóns de euros)



Cadro núm. 10

Estrutura do comercio exterior de Galicia por principais produtos obxecto de intercambio. 2005

			Importacións		Exportacións		Taxa de cobertura %
Capítulos	Grupos	Produtos	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
03	I	Peixes, moluscos e crustáceos	1.385,2	11,4	833,7	7,7	60,2
10	II	Cereais	124,7	1,0	3,5	0,0	2,8
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	13,7	0,1	14,0	0,1	102,2
16	IV	Preparacións de carne, peixe e moluscos	160,1	1,3	303,8	2,8	189,8
27	V	Combustíbeis minerais	1.993,4	16,5	477,5	4,4	24,0
30	VI	Produtos farmacéuticos	389,9	3,2	81,1	0,8	20,8
39	VII	Plástico e as súas manufacturas	221,1	1,8	125,9	1,2	56,9
42	VIII	Manufacturas do coiro	43,7	0,4	45,9	0,4	105,0
44	IX	Madeira e as súas manufacturas	372,1	3,1	298,5	2,8	80,2
47,48	X	Pastas papeleiras, papel	109,0	0,9	226,0	2,1	207,3
61,62	XI	Confección de xénero e de punto	1.076,7	8,9	1.454,7	13,5	135,1
64	XII	Calzado	24,4	0,2	134,9	1,2	552,9
68	XIII	Produtos da pedra	37,7	0,3	314,5	2,9	834,2
71	XIV	Xoiaría	10,0	0,1	3,5	0,0	35,0
72,73,76	XV	Fundición aceiro, aluminio e as súas manufacturas	1.056,4	8,7	425,7	3,9	40,3
84,85	XVI	Caldeiras e maquinaria	622,9	5,1	615,3	5,7	98,8
87,89	XVII	Material de transporte	4.337,3	35,8	5.345,5	49,5	123,2
90	XVIII	Instrumentos de precisión e óptica	37,8	0,3	8,2	0,1	21,7
93	XIX	Armas	19,6	0,2	1,0	0,0	5,1
94	XX	Mobiliario e iluminación	69,9	0,6	82,4	0,8	117,9
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,8	0,0	0,1	0,0	12,5
Total			12.106,4	100,0	10.795,7	100,0	89,2

Datos provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas. Elaboración propia.

Como ocorría coas exportacións, Material de Transporte é o grupo que claramente lidera a clasificación galega, e mesmo, aumentou o seu peso con respecto a 2004 grazas a un incremento do 52,9%. De feito se as importacións se clasificasen por capítulos do arancel, a adquisición de automóbiles e compoñentes situaríase en primeiro lugar e os barcos e artefactos flotantes en terceiro. Se ben, e ao contrario cás exportacións, as compras no sector da automoción se mantiveron estabilizadas, produciuse un crecemento espectacular no capítulo de Navegación Marítima debido a actos puntuais e similares aos das exportacións, que previsibelmente carecerán de continuidade nos próximos exercicios. Os países ou territorios de procedencia volven ser Alxeria, Bahamas, Canadá, Hong Kong, Illas Marshall, Noruega e Panamá, aos que agora se lle ten que engadir Bermudas e Liberia. Esta coincidencia estatística entre o importado e o ex-

Gráfico 3.

Evolución do índice de vantaxe comparativa revelada do comercio externo galego





Gráfico 4.

Evolución do índice de comercio intraindustrial exterior galego (Índice de Grubel e Lloyd)



portado tanto en países coma en cifras pon de manifesto a existencia dun certo tráfico de perfeccionamento neste sector que conduciu a dobres anotacións.

O segundo grupo de relevancia nas importacións galegas foi o de Minerais e combustíbeis minerais e, en concreto, estes últimos, que en valor medraron un 30,3% debido á escalada dos prezos dos combustíbeis, xa que en volume se produciu un descenso dun 5%. Trátase, xa que logo, dunha suba que incrementou o déficit comercial galego a pesar de adquirirse unha menor cantidade de produto.

Tras o sector pesqueiro, o comercio de produtos téxtiles experimentou un notábel auxe en 2005. O papel comercializador do sector da confección galego de novo se pon en evidencia cando se comparan as exportacións e importacións de produtos téxtiles. Importáronse bens por valor de 1.399,4 millóns de euros mentres que se exportaron por valor de 1.624 millóns de euros. O principal país importador no apartado de pezas de confección, exceptuadas as de punto, foi Marrocos (23,1% do valor total), seguido de China (20,6%), Turquía (17,3%) e Portugal (15,2%). Nótase como estes catro países absorben o 76,2% das importacións e tamén se pode salientar a sensíbel mingua de Portugal como subministrador do sector da confección galego. En 2000, este país absorbía o 35,4% das compras galegas e cinco anos despois esta porcentaxe caeu en algo máis de vinte puntos, o que revela a perda de competitividade do país veciño fronte a outras economías. Algo semellante ocorreu no segmento de xéneros de punto, no que, se ben Portugal mantivo o liderado entre os provedores, as importacións en 2005 xa supuxeron un 34,8% cando en 2000 representaban algo máis da metade (51,8%) do total importado. A continuación destacan China (13,1%) e Bangladesh (8,3%).

A descrición do comportamento dos principais grupos reflicte unhas peculiaridades no comercio externo galego que tamén se observan con nitidez nun conxunto de indi-


cadores dos que xa se presentaba o seu valor nos últimos *Informes*. O Índice de Vantaxe Comparativa Revelada² recolle a idea simple de que un país ten vantaxes nun produto sempre que as exportacións superen as importacións, de tal xeito que canto máis positivo sexa o valor deste índice maior será a vantaxe comparativa. O feito de que en 2005 as importacións aumentasen a unha taxa superior ás exportacións supuxo un empeoramento deste índice, que foi máis negativo ca en 2004. De feito, se se observa o gráfico 3 apréciase como acadou o valor máis baixo desde 1999. En canto aos grupos de comercio, de entre os catro máis significativos en Galicia, o valor do índice foi positivo en Material de transporte e en Têxtil e confección. Pola contra, o índice foi negativo no Comercio de produtos pesqueiros e, loxicamente, no grupo de Minerais e combustíbeis minerais.

O grao de comercio intraindustrial mídese co índice de Grubel e Lloyd³ o cal está definido entre os valores 0 (non existe comercio intraindustrial) e 1 (todo o comercio é intraindustrial). En 2005, e seguindo para a súa elaboración a clasificación por capítulos do arancel, obtívose un valor de 0,71, o que indica que fronte a todo o intercambio realizado no período, o 71% corresponde a comercio intraindustrial. Trátase da porcentaxe máis elevada dos últimos anos e 6,2 puntos máis ca en 2004. As transaccións no capítulo de Navegación marítima e fluvial incidiron neste aumento.

Finalmente e en canto ao conxunto de indicadores seleccionados cuantificouse, a partir da clasificación de capítulo do arancel, o índice de Hirschmann⁴ coa finalidade

Gráfico 5.

Evolución do índice de concentración do comercio exterior galego. (Índice de Hirschmann)



² O Índice de Vantaxe Comparativa Revelada defínese como a razón entre o saldo comercial e a suma de exportacións e importacións en cada sector ou capítulo analizado. A súa expresión é:

$$VCR = \frac{(X_i - M_i)}{(X_i + M_i)} \cdot 100$$

³ Este índice exprésase do seguinte xeito: $IGL = \frac{\sum(X_i + M_i) - \sum|X_i - M_i|}{\sum(X_i + M_i)} \cdot 100$

⁴ Para as exportacións defínese como: $IH = \sqrt{\sum \left(\frac{X_i}{\sum X_i} \right)^2} \cdot 100$ mentres que o índice para as importacións sería:

$$IH = \sqrt{\sum \left(\frac{M_i}{\sum M_i} \right)^2} \cdot 100$$

de medir o grao de concentración tanto das exportacións coma das importacións. En 2005 obsérvase nos dous casos, pero en especial nas exportacións, un menor grao de concentración. Isto débese á desaceleración no retroceso do principal capítulo exportador, Vehículos automóbiles e os seus compoñentes, o que permitiu unha maior diversificación entre os restantes segmentos do comercio máis significativos, aínda que o valor destes dous índices comparados co doutros territorios, pon de manifesto a elevada concentración sectorial do comercio externo galego.

Se no canto de aplicarlle os anteriores índices de concentración á clasificación sectorial se referisen á distribución territorial, os resultados tamén nos amosarían unha elevada concentración. Aínda así, e debido ao comportamento da construción naval, a tradicional dependencia existente cara aos quince países pertencentes á Unión Europea antes da última ampliación decaeu sensibelmente en 2005. As cifras son elocuentes, xa que de absorber o 78,1% do total importado en 2004 pasaron en 2005 ao 70,6%, mentres que as importacións, logo de acadar o 58,9% en 2004, se situaron no 51% en 2005.

Na evolución do comercio externo galego por grandes áreas de comercio que se recolle no cadro 11 temos que salientar dúas cuestións adicionais referidas a 2005. En primeiro lugar, observouse un incremento sensíbel no peso do comercio galego en relación co conxunto de España, o que revela un maior dinamismo tanto nas impor-

Cadro núm. 11

Evolución do comercio exterior en Galicia e España. Totais (en millóns de euros)

	Exportacións				Importacións			
	2002	2003	2004	2005	2002	2003	2004	2005
Galicia								
UE-15	7.774,4	7.829,3	8.198,0	8.519,4	5.559,7	6.022,5	6.478,5	6.932,6
PA-10			263,5	237,3			79,1	116,2
Resto do mundo	1.963,8	2.128,1	2.037,2	3.309,9	3.607,3	4.222,0	4.448,7	6.537,9
Total	9.738,1	9.957,4	10.498,7	12.066,7	9.167,0	10.244,6	11.006,4	13.586,8
España								
UE-15	93.950,8	98.119,5	102.973,8	104.187,5	112.427,1	118.503,6	129.767,5	135.521,0
PA-10			4.301,4	4.601,5			4.730,7	5.201,4
Resto do mundo	39.316,8	39.999,6	39.649,6	44.770,0	62.840,8	66.610,1	73.912,5	90.649,1
Total	133.267,7	138.119,0	146.924,7	153.559,0	175.267,9	185.113,7	208.410,7	231.371,6
% Galicia/España								
UE-15	8,3	8,0	8,0	8,2	4,9	5,1	5,0	5,1
PA-10			6,1	5,2			1,7	2,2
Resto do mundo	5,0	5,3	5,1	7,4	5,7	6,3	6,0	7,2
Total	7,3	7,2	7,1	7,9	5,2	5,5	5,3	5,9

PA-10: Países que ingresaron na UE en maio de 2004
 Datos de 2002 a 2004 definitivos e de 2005 provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas. Elaboración propia.

Cadro núm. 12

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia. Dez principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2004		2005		Taxa de variación (%)
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Importacións					
Francia e Mónaco	2.759	25,1	2.640	19,4	-4,3
Portugal	1.342	12,2	1.620	11,9	20,7
Italia	536	4,9	637	4,7	18,7
Alemaña	519	4,7	588	4,3	13,1
Reino Unido	505	4,6	585	4,3	15,9
Noruega	418	3,8	504	3,7	20,6
Alxeria	-	-	472	3,5	-
México	355	3,2	463	3,4	30,2
Bahamas	-	-	443	3,3	-
Libia	262	2,4	411	3,0	57,1
Estados Unidos	472	4,3	-	-	-
Suecia	275	2,5	-	-	-
Resto de países	3.563	32,4	5.225	38,5	46,6
Total	11.006	100,0	13.587	100,0	23,4
Exportacións					
Francia e Mónaco	3.501	33,3	3.943	32,7	12,6
Portugal	1.814	17,3	2.042	16,9	12,6
Italia	703	6,7	649	5,4	-7,6
Reino Unido	658	6,3	447	3,7	-32,0
Bahamas	-	-	390	3,2	-
Alemaña	419	4,0	375	3,1	-10,4
Países Baixos	328	3,1	366	3,0	11,6
Noruega	196	1,9	244	2,0	24,5
Estados Unidos	-	-	221	1,8	-
Alxeria	-	-	215	1,8	-
Bélxica	274	2,6	-	-	-
Turquía	194	1,8	-	-	-
Marrocos	182	1,7	-	-	-
Resto de países	2.229	21,2	3.173	26,3	42,3
Total	10.499	100,0	12.067	100,0	14,9

Datos de 2004 definitivos e de 2005 provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas. Elaboración propia.

tacións coma nas exportacións. O peso destas últimas, 7,9%, é superior ao de calquera outra variábel macroeconómica galega como, por exemplo, o PIB, que representaba o 5,1% ou o emprego, que no cuarto trimestre de 2005 era o 6% do total español. En segundo lugar, pódese afirmar que non acaban de consolidarse os mercados dos países da recente ampliación da Unión Europea como destino ou orixe no comercio externo galego. De feito, o valor das exportacións dirixidas cara a eses territorios foi inferior ao de 2004 representando o 2% do total exportado mentres que, se ben se incrementaron as importacións, estas non acadan o 1% do total.

O descenso do peso da Unión Europea no comercio galego non impediu que sigan sendo países deste territorio os que lideren o comercio. En canto ás importacións os seis primeiros países son da UE-15 e coinciden na súa orde cos resultados de 2004. En canto á súa evolución cómpre destacar a caída das vendas a Francia e, pola contra, o incremento do 20,7% do valor do importado con Portugal, país que se consolida como o segundo provedor galego. En canto aos mercados emerxentes, entran na clasificación dos dez primeiros países Alxeria e Bahamas mentres que saen Estados Unidos e Suecia. Os dous primeiros países colocáronse en sétimo e en noveno lugar debido ás transaccións do sector naval.

Polo lado das exportacións, entraron en 2005 na clasificación dos dez principais países ou territorios Bahamas, Alxeria e Estados Unidos. Os motivos da incorporación dos dous primeiros son os mesmos cós xa explicados nas importacións, ou sexa, a forte irrupción do sector naval, que provocou a saída desta clasificación de Bélxica, Turquía e Marrocos. En calquera caso, Francia e Portugal seguen sendo os nosos principais clientes ata o punto de que en 2005 adquiriron case a metade do total exportado. Curiosamente a taxa de crecemento dos dous países foi, en valor, idéntica, o 12,6%.

A distribución do comercio por provincias tamén experimentou un cambio relevante en 2005. Aumentou bastante o peso da provincia da Coruña á custa dun descenso na provincia de Pontevedra. De feito, se en 2004 Pontevedra absorbía máis do 50% das importacións e case dous terzos das exportacións totais, en 2005 a provincia da Coruña supera claramente a Pontevedra no valor do importado e recorta en vinte e cinco pun-

Cadro núm. 13

Distribución do comercio exterior por provincias. 2005

	Importacións		Exportacións	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
A Coruña	6.745,3	49,6	4.895,8	40,6
Lugo	440,4	3,2	357,8	3,0
Ourense	247,4	1,8	472,2	3,9
Pontevedra	6.153,7	45,3	6.340,9	52,5
Galicia	13.586,8	100,0	12.066,7	100,0

Datos provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas. Elaboración propia.

tos a distancia porcentual das exportacións. Os elevados incrementos no valor dos combustíbeis minerais e das pezas de confección e xéneros de punto, produtos nos que está máis especializada a provincia da Coruña, explicaron que nas estatísticas de comercio se incrementara o peso desta provincia, fronte a Pontevedra, na que a súa principal especialidade, a compra de vehículos automóbiles e dos seus compoñentes, se mantivo estabilizada en 2005. Ademais, as transaccións do sector naval tamén corresponderon na súa maior parte á provincia da Coruña. Ante o elevado comercio intraindustrial existente, son estes mesmos produtos os que explican o innovador feito de que as importacións na Coruña superasen por primeira vez nas últimas décadas as de Pontevedra. Por outro lado, o cadro 13 amósanos que a actividade industrial galega con capacidade de ter presenza nos mercados internacionais se concentra case exclusivamente na fachada atlántica, xa que dela proveñen o 95% das importacións e o 93,1% das exportacións. O peso de Lugo e Ourense no comercio galego foi moi baixo e, incluso, en 2005 a porcentaxe das importacións nas dúas provincias, o 5%, foi inferior á acadada en 2004.

Crónica sectorial

No ano 2006 cúmprense vinte anos da aparición da *Economía Galega. Informe Cero* que daba lugar a esta serie e os cinco primeiros lustros da integración da economía española na Unión Europea. Unha afortunada coincidencia que emparella dúas décadas de renovación do tecido industrial e de apertura á competencia internacional do sector manufactureiro galego coa crónica das súas vicisitudes e dos seus desafíos.

Unha negociación de adhesión extremadamente adversa no ámbito agrario e a infeliz ausencia dun empresariado capaz de adaptarse aos desafíos de dimensión e competencia coa potente industria láctea europea, sumados a unha administración pública desorientada ante a magnitude do reto condenaron o sector lácteo galego á perda da súa mellor oportunidade de construír un complexo lácteo de propiedade galega, capaz de conectar a produción agraria cos grandes mercados de consumo. Este fracaso é, probablemente, o froito máis amargo do noso proceso de integración económica en Europa. A globalización dos mercados e a competencia aberta fixeron desaparecer, é certo, empresas tan significativas coma Sidegasa e coma a propia Astano, mais, é difícil nestes casos achacarlles a responsabilidade principal aos ditados comunitarios. Europa no seu conxunto tivo que facer fronte a un doloroso proceso de reaxuste en siderurxia e construción naval das que Galicia foi e é unha vítima máis.

Os efectos positivos da adhesión son dificilmente conmensurábeis pero innegablemente favorábeis. A radical ampliación do mercado unificado polo euro, a súa estabilidade cambiante fronte a outras divisas (que permite amortecer os severos impactos das incesantes subas nos prezos dos carburantes, por exemplo), a disciplina sobre prezos e tipos de xuro, a eliminación das barreiras arancelarias –tan cómodas para empre-

sas e sectores ineficientes como letais para o progreso e a innovación sostida— son argumentos que convén non esquecer.

Desde un punto de vista industrial, ningún indicador mellor do patente progreso industrial experimentado por Galicia que o impresionante despegue da súa balanza comercial que acadaba en 2005 cifras próximas aos 12.000 millóns de euros, no fluxo de exportación e de 13.000 no de importación, para un PIB a prezos de mercado situado preto dos 48.000 millóns de euros. Europa intensificou extraordinariamente a apertura da economía galega á competencia internacional.

Moi significativo do elevado potencial modernizador do proceso de apertura sobre a estrutura industrial galega é a multiplicación de operación de Inversión Directa Exterior (IDE), incluído o procedente de empresas españolas foráneas sobre o tecido industrial galego, tanto en fluxos de entrada coma de saída. Os 22.000 traballadores do *cluster* do automóbil, Ceaga, (con apenas 9.000 na factoría viguesa de PSA Citroën), o feito de situar o 64% da súa facturación fóra de Galicia e a notábel capacidade innovadora deste *cluster* constitúe seguramente o exemplo máis significativo do potencial de internacionalización do tecido empresarial galego.

A entrada no mercado español do grupo do cemento portugués Cimpor no ano 1992, mediante a adquisición de Corporación del Noroeste, ou a do grupo Sonae que se fai con Tafisa ao longo dos anos noventa; a adquisición das factorías galegas da veterana Sociedad Española de Carburos Metálicos (actualmente Ferroatlántica) polo Grupo Villar Mir, no mesmo ano 1992, ou a compra da factoría forxadora ourensá Forgas, creada polos irmáns Barreiros (Baorsa) no ano 1966 e redominada agora como Galfor polo grupo vasco comprador, Cie Automotive, son exemplos paradigmáticos do imperativo proceso de internacionalización. A presenza da multinacional norteamericana Alcoa en Alúmina-Aluminio desde 1998 é outra operación de IDE, neste caso con dimensión e características moi especiais pero que contribúe tamén a situar a Galicia no mapa internacional.

Galicia perdía, certamente, a flamante aceiraría de Sidegasa no ano 1986 pero dez anos máis tarde, a ferrolá Megasa conseguía facerse con cadansúa factoría en Lisboa e en Porto, resultado do concurso de privatización da Siderurgia Nacional portuguesa, nun proceso que culminaba no ano 1999. Máis recentemente, no ano 2004, a Siderúrgica Añón de Laracha (2002) compráballe ao grupo Arcelor a factoría Acerie de L'Atlantique, situada en Francia (Bayonne).

Máis alá dos acordos comerciais e das operacións de extensión de redes de distribución ao estranxeiro, as operacións de internacionalización de procesos produtivos comezan a ser relativamente habituais en sectores galegos maduros como os da transformación da madeira ou a industria conserveira. No primeiro caso, a estratexia precursora de Finsa (Portugal, Irlanda) é seguida por grupos tan activos coma Industrias Losán (Romanía, Benelux) e, desde logo, pola industria conserveira que está acometendo importantes investimentos en Sudamérica, con Jealsa en Guatemala e Chile e o grupo Calvo no Salvador e no Brasil, como exemplos máis significativos.

A necesidade de competir en mercados abertos somete o sector industrial galego a agudos problemas de diversificación, redimensionamento, innovación tecnolóxica e

produtividade agudizados pola crecente competencia de países con custos laborais baixos. A esixencia de reorientar a industria galega cara a actividades industriais de maior contido tecnolóxico e de expansión nos mercados internacionais é un imperativo que a nosa industria comparte coa española. A industria española amosa actualmente como é sabido preocupantes signos de perda de competencia que se manifesta na progresiva deterioración da balanza comercial. En 2005 o seu déficit situábase na volta dos 78.000 millóns de euros, un 8,6% do PIB. As políticas de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) e os programas de internacionalización e innovación, tanto en procesos coma en produtos, son xa dimensións ineludíbeis de calquera política industrial con perspectiva de futuro. O desafío comporta a substitución da insistencia da política económica autonómica nas infraestruturas viarias, que presidiu a súa orientación ata o momento, por unha programación realista de actividades I+D+i, especialmente aquelas que se desenvolven no ámbito empresarial e dos seus *cluster*.

Nunha perspectiva industrial a conexión ferroviaria coa meseta non é probabelmente a restrición máis gravosa. A superación do déficit de solo industrial en Vigo e a conexión intermodal do seu porto, xunto coa promoción de infraestruturas e actividades nunha perspectiva eurorrexional é un imperativo que supera amplamente o mero interese local como tamén o é a plena operatividade do Porto Exterior de Ferrol e da rede gasista que terá nesta ría a súa cabeceira. Instalacións ambas de singular importancia para consolidar o eixe industrial Ferrol-As Pontes e asegurar unha autonomía enerxética axeitada ao cuadrante peninsular noroeste.

Nunha e noutra áreas portuarias estanse a producir significativos avances. Vigo empéñase nestes momentos na promoción dunha plataforma loxística, ou porto seco como tamén se denomina, situada a uns 40 km das instalacións portuarias coñecidas como PLISAN (Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves). O financiamento corre a cargo da Autoridade Portuaria (45%), do Consorcio da Zona Franca (45%) e da Xunta, a través de Xestur (10%). No mes de decembro de 2005 o presidente Pérez Touriño colocaba a primeira pedra dunha obra que prevé acondicionar 4,2 millóns de m² cun orzamento de 142,5 millóns de euros. A primeira fase destas obras rematará en 2008. Dúas son as cuestións en pugna na concepción desta importante infraestrutura industrial: o problema da súa conexión viaria e o da súa orientación estratéxica. A respecto da primeira só é seguro a dotación orzamentaria por parte da Xunta dun estudo de conexión da área loxística coa autoestrada A-52. En canto á orientación, a intención inicial de especializar a Plataforma en operacións loxísticas, capaces de potenciar a sólida posición de Vigo no tráfico de vehículos, contedores e pesca fresca ou conxelada así coma de captar fluxos de tráfico no porto de Leixoes (Porto) pode verse ameazada pola insistente demanda de solo industrial, que podería obstaculizar a pretendida e moi plausíbel orientación loxística.

O manifesto interese estratéxico dunha conexión ferroviaria entre Vigo e Porto á altura dos tempos que corren estase vendo relegada a causa das dificultades financeiras do Estado portugués, ante a súa prioridade de favorecer as conexións a velocidade alta entre Lisboa con Madrid e Porto. A dispoñibilidade amosada polo capital financeiro galego para cofinanciar o tramo Vigo-Porto podería ter grande importancia na

articulación euro-rexional galaico-portuguesa. A confirmación dun calendario de execución verosímil potenciaría ademais os ambiciosos plans de infraestruturas que teñen o seu centro en Vigo.

O porto ferrolán manexa perspectivas máis inmediatas. Reganosa espera recibir os primeiros metaneiros a finais do ano 2006 mentres que o Porto Exterior de Caneliñas proxecta a súa entrada en servizo para mediados de 2007. Os anos 2007 e 2008 van ser cruciais, como pode observarse, na potenciación das dúas grandes áreas portuarias galegas, a viguesa, de tráfico heteroxéneo baseado no automóbil, a pedra (granito e xisto) e a pesca e o ferrolán de clara vocación enerxética como base de aprovisionamento de carbón e gas para alimentar a rede gasística galega, tan decisiva para o arranque das centrais térmicas de ciclo combinado de Fenosa e Endesa.

O concello ferrolán en colaboración coa Xunta de Galicia, asumiu pola súa parte o compromiso de desenvolver un macroparque industrial semellante en extensión proxectada ao mencionado PLISAN que reservaría 2,5 millóns de m² a soares industriais. O polígono sitúase, neste caso, no pé do porto, na Chá de Brión. Tamén neste caso, o proxecto está condicionado pola escasa capacidade da estrada de conexión do porto de Caneliñas e pola ausencia de conexión ferroviaria. O reto inmediato co que se enfrenta o gran porto ferrolán de Caneliñas vai ser o da captación de fluxos de contedores en directa competencia con Lisboa e Bilbao. Sería máis que razoábel reflexionar sobre o establecemento dun esquema integral ambicioso e realista para o conxunto da rede portuaria galega no contexto da inminente reforma do Estatuto de autonomía actualmente en curso, orientada a potenciar unha xestión descentralizada e cooperativa sen descartar a colaboración do capital privado, na liña propugnada por Joaquim Coello Brufau, presidente do Port de Barcelona (*El País*, 4 de setembro de 2005).

Enerxía

A Oferta Pública de Adquisición de Accións (OPA) de Gas Natural sobre Endesa levou a todo tipo de reaccións na opinión pública española e á intervención das instancias administrativas española e comunitarias, despois de que esta fora desafiada por unha contra OPA máis vantaxosa lanzada polo grupo alemán E.ON. A batalla, decisiva na reconfiguración do mapa enerxético español e mesmo comunitario, está pendente nestes momentos dunha decisión definitiva.

A OPA de Gas Natural e de E.ON sobre Endesa está chamada a reformular en profundidade o mapa enerxético español. Isto é evidente no caso de que o liderado enerxético no mercado ibérico sexa ostentado finalmente por unha empresa alemá carente de ligazóns cos intereses tradicionais do sector enerxético e da banca. Éo tamén se o poder se despraza a unha sede catalá, perspectiva que desgusta notabelmente a un certo segmento sociopolítico da opinión pública española.

Á parte das consecuencias sobre os investimentos programados por Endesa en Galicia, moi especialmente a do compromiso de Endesa con Reganosa e coa rede gasística

alimentada desde Mugarodos –nunca foi ben vista como é sabido pola opante catalá, Gas Natural, en razón do seu liderado no mercado gasístico español– a absorción de Endesa comportará operacións de transmisión de activos, esixidas polas autoridades responsábeis da vixilancia da competencia no sector, que poderían provocar cambios na titularidade de certas instalacións de Endesa en Galicia, sen descartar mesmo que algunha delas poida acabar recaendo en Fenosa.

A operación sobre Endesa vai estimular ademais as operacións de reconfiguración no mapa enerxético ibérico. Os intereses enerxéticos portugueses (presente en España a través da ligazón EDP-HidroCantábrico-Naturcorp) e os do macrogrupo italiano Enel (Enel-Viesgo en España) distan de emitir a súa última palabra.

A OPA e contraOPA en curso que, na data de redactar este *Informe*, se encontran en suspenso por decisión do Tribunal Supremo, ofrece varios aspectos singulares como a sorprendente disparidade en magnitude económica entre opantes e opada, onde destaca o exíguo valor relativo de Gas Natural, mesmo en comparación con Endesa.

Os analistas destacan o feito de que a OPA de Gas Natural foi acelerada pola inminencia de cambios na regulación na sector anunciados polo Goberno e obxecto dun Libro Branco cuxas conclusións foron mal recibidas por algúns dos grandes grupos eléctricos.

A pugna xógase en gran medida na regulación da xeración eléctrica con base nos combustíbeis fósiles, carbón, fuel e gas, con clara vantaxe en favor desta última fonte e das centrais de ciclo combinado, segmento onde o tándem Gas Natural-Iberdrola goza de clara hexemonía e Fenosa mantén unha boa posición.

A situación no mercado por xunto de combustíbeis fósiles a comezos do ano 2006 era a que amosa o cadro 15.

Convén reparar na forte compoñente carbonífera de Endesa e de Fenosa (As Pontes, Meirama), circunstancia que explica as previsións de movemento de carbón no porto exterior ferrolán. O papel residual do fuel (Sabón) e a práctica equiparación en capacidade de xeración das centrais a carbón coas de ciclo combinado son tamén trazos significativos.

É útil deterse a analizar, así mesmo, o mapa europeo da grande empresa enerxética. A fusión E.ON-Endesa daría nacemento a un xigante enerxético europeo; o de Gas Natural-Endesa non acadaría nin de lonxe a dimensión de EDF nin a de Enel. Situaríase no segmento da alemá RWE e da franco-belga Suez-Electrabel.

A suspensión provisional do proceso de fusión tanto na súa versión española coma transeuropea dispénsanos de afondar nas eventuais consecuencias desta operación tanto en España coma en Galicia, sen dúbida importantes.

No escenario máis especificamente galego, a operación de venda ao grupo consorciador ACS da súa participación en Fenosa por parte do Banco Santander comoveu

Cadro núm. 14

Dimensión económica das sociedades implicadas na OPA sobre Endesa (en millóns de euros)

	Capitalización bolsista
E.ON	66.259
Endesa	29.168
Gas Natural	10.880

Fonte: *El País*, 22/02/2006.

Cadro núm. 15

Situación actual no mercado por xunto de combustíbeis fósiles

	Cotas de produción (en Twh)*				%
	Carbón	Fuel	Gas	Combustíbeis fósiles	
Endesa	27,3	0,2	5,8	33,3	27,9
Iberdrola	6,1	0,4	20,2	26,7	22,4
Fenosa	9,6	0,1	9,8	19,5	16,3
Hidrocarbónico	5,6		1,9	7,5	6,3
Viesgo	3,1	0,1		3,2	2,7
Elcogas		1,6		1,6	1,3
Gas Natural			11,0	11,0	9,2
Outros			16,6	16,6	13,9
Total	51,7	2,4	65,3	119,4	100,0

* 1 Twh= 1.012 watts/hora = 103 Gwh

Fonte: *El País*, 18/09/2005.

literalmente a eminentes protagonistas do mundo empresarial galego, incapaces en definitiva de reverter a operación. A Unión Fenosa é máis madrileña agora a medida en que o anterior accionista de referencia mantíña unha postura pública de desinterese polo negocio eléctrico mentres que o actual, Florentino Pérez, manifesta

a intención de xogar un papel activo na sociedade. Certos movementos concomitantes sobre a nova composición de Unión Fenosa, con orixe nas entidades financeiras galegas, engaden un clima de compás de espera ao futuro desta sociedade galaico-madrileña.

Acciones de Construcción y Servicios, ACS, pechaba a finais de setembro de 2005 o acordo para adquirir o 22,07% das accións da eléctrica controladas polo Santander. A operación pechábase cunha prima do 24,2% sobre a última cotización de Unión Fenosa, e derrota así a oferta conxunta presentada desde Galicia por Amancio Ortega, Jacinto Rey (Construcciones San José) e Caixanova que comportaba unha prima

menor. O importe da operación foi de 2.219 millóns de euros, cunha plusvalía de 1.160 millóns para o Banco Santander. A operación foi financiada polo propio Banco Santander.

ACS, co 22,07% do capital, convértese así no socio de referencia da Unión Fenosa seguido de lonxe por Caixa Galicia (10%), Caixanova (4%), Banco Pastor (3,7%) e Manuel Jove (3,5%), a compoñente accionarial galega que, en conxunto, se equipa-

Cadro núm. 16

Capitalización bolsista dos principais grupos enerxéticos europeos

	Millóns de euros
E.ON + Endesa	95.427
EDF	74.723
Enel	43.182
RWE	40.061
Gas Natural + Endesa	40.048
Suez-Electrabel	38.542
Iberdrola	24.269
Scottish & Southern	15.797

Fonte: *El País*, 22/02/2006.

ra en peso a ACS, circunstancia que alimenta a hipótese dunha opción alternativa de signo galego.


ACS, que non había moito mercara Dragados, primeiro grupo construtor español, fixo pública a súa vocación de permanencia na eléctrica e a índole estratéxica da operación así coma o seu talante cooperativo co resto do accionariado. Da posterior fixación de postura dos accionistas financeiros galegos parece deducirse o propósito das caixas de intentar incrementar a súa presenza na eléctrica na medida na que as circunstancias o permitan.

Dos movementos posteriores ao cambio accionarial en Fenosa é destacábel a aproximación de Caixa Galicia ao grupo petrolero e gasístico portugués Galp Energia, a través do coñecido empresario portugués Américo Amorim. O vehículo elixido para materializar esta plataforma de cooperación é a participación de Caixa Galicia cun 45% na sociedade instrumental Inversiones Ibéricas cuxo 55% pertence a Américo Amorim. Esta sociedade controla á súa vez o 55% de Amorim Energia (o 45% restante queda en poder da petroleira angolana Sonangol). Segundo *Expansión*, 21 de decembro de 2005, e a información máis recente dispoñíbel sobre a participación de Caixa Galicia en Unión Fenosa, o esquema accionarial de Galp tería a composición que se observa no gráfico 6.

En definitiva, Caixa Galicia sitúase nunha posición favorábel para servir de ponte a unha eventual operación de confluencia Fenosa-Galp, que Amorim non descarta e que podería contar coa cooperación ou coa oposición do grupo petrolero italiano ENI, participante simultáneo en Fenosa Gas e en Galp. O grupo italiano recoñece o seu interese na conformación dun gran grupo ibérico da enerxía que conte coa súa presenza. Caixa Galicia posuía como xa indicamos o 10% de Unión Fenosa ao mesmo tempo que ostentaba unha participación indirecta en Galp próxima ao 8%.

Gráfico 6.


Conexións accionariais de Caixa Galicia con Unión Fenosa e con Galp



Por outro lado, Caixa Galicia manifestou a súa disposición a incrementar o seu peso en Fenosa. A perspectiva dun incremento da participación indirecta da caixa en Galp tampouco é descartábel. A conivencia dos intereses portugueses verbo a Américo Amorim está fóra de toda dúbida; o 32,56% da participación de Amorim Energia en Galp proceden de EDP (14,26%) e do xestor público da rede de distribución eléctrica en Portugal, REN (18,3%) segundo vemos no cadro 17.

Cadro núm. 17

Cota de participación directa e indirecta de Caixa Galicia en Fenosa e Galp (en %)



Fonte: *Expansión*, 21/12/2005.

O interese de Galp Energia en Fenosa non é unha reacción circunstancial de última hora. *Cinco Días*, 21 de setembro de 2005, informaba de contactos entre o grupo portugués co Banco Santander, previos á venda do paquete accionario a ACS.

A inquietude que transmite o mapa eléctrico portugués é consecuencia do veto europeo á pretendida concentración da totalidade do negocio enerxético do país en EDP. A estratexia feita pública polo ministro de economía Manuel Pinho en resposta ao veto comunitario é a de obrigar a competir a EDP (electricidade) e a Galp (petróleo e gas) acelerando ademais a entrada en funcionamento do Mercado Ibérico de Electricidade, Mibel, un escenario que levanta inquietude en Portugal.

Tanto EDP coma Galp son plenamente conscientes da importancia do mercado español como área natural de crecemento. EDP tomaba o control da asturiana Hidrocarbónica a finais de 2001. A carreira de Galp en España estivo sementada de dificultades (perdas reiteradas en 1992, 1995, 1996, 1997, 2000 e 2001) e contratemplos (fracaso no ano 2004 na súa poxa pola rede de Shell en España, adquirido finalmente por un grupo canario). Finalmente, cunha situación financeiramente moito máis sólida (crecemento dos resultados, redución do endebedamento), Galp preparase para adquirir a rede española do ENI en España, Agip. A operación faría medrar a rede de gasoleiras de Galp en España desde as 230 actuais a máis de 500, cota que lle aseguraría o terceiro posto na clasificación da distribución e unha cota de mercado do 8%. *El País*, 19 de febreiro de 2006, de onde procede esta información, engade que Galp adquiriu tamén o 5% da distribuidora por xunto CLH e subliña o forte crecemento das súas vendas á frota mariñeira galega, que acadaba o 22% no ano 2004.

O interese da opción portuguesa para o conxunto da economía galega reside, non é ocioso repetilo, no papel de socio privilexiado na orientación estratéxica de reequilibrio económico espacial coa potenciación da centralidade atlántica e nas sinerxías derivadas da conexión dos nosos tecidos produtivos de Galicia e Portugal. Esta perspectiva vaíse abrindo paso por riba do descoñecemento, e mesmo dos preconceptos ordinarios vivos aínda a un e a outro lado da fronteira.

Actualmente, ACS consolida o seu control sobre a compañía eléctrica mediante unha OPA complementaria que pretende elevar a súa participación en Fenosa ata o 34,5%; mentres tanto, esta pode estar preparando algunha estratexia de consolidación no mapa eléctrico español, aproveitando os bos resultados do exercicio e os ingresos derivados do desinvestimento na compañía de telecomunicacións Auna.

O exercicio 2005 de Unión Fenosa pode ser cualificado de satisfactorio. Os ingresos da compañía acadaron os 6.075 millóns de euros, cun beneficio bruto de explotación (EBITDA)⁵ de 1.482 millóns. Con todo, o acontecemento que marcou realmente o seu exercicio foi a venda do 16% de Auna (mantén aínda un 2,5% de remanente) por un importe de 1.287 millóns, con importantes plusvalías. O desinvestimento de Auna permitiulle a Fenosa consolidar e sanear o seu balance mediante unha redución da súa débeda de 1.138 millóns e a dotación de trescentos millóns adicionais para aprovisionar activos depreciados. O nivel de endebedamento da compañía –que foi de sempre un dos seus puntos débiles– sitúase agora nos 6.228 millóns, cifra que lle permite pechar o exercicio 2005 cunha *ratio* débeda/ebitda de 4,21, en liña coas de Endesa (3,04) e Iberdrola (3,62); (*Cinco Días*, 1 de marzo de 2006; *Expansión*, 1 de marzo de 2006).

A prensa económica destacaba as operacións previstas pola sociedade aproveitando a mellora patrimonial experimentada en 2005. Dúas serían as operacións en estudo: o incremento na participación en Cepsa e a recuperación de posicións na súa filial de enerxías renovábeis. A respecto de Cepsa, o actual presidente da eléctrica, López Jiménez, manifestaba a súa intención de ampliar a participación actual de Fenosa (4,9%) mediante a adquisición dun paquete sen precisar procedente do 32% que o Santander mantén en Cepsa coa intención de poñelo á venda. A outra operación aféctalle a Fenosa Gas onde Fenosa pretende exercitar un compromiso de recompra sobre o 30% das accións actualmente en poder da italiana Enel. Esta última operación inscríbese no permanente interese de Fenosa polo mercado do gas: terminal gasística en Damietta (Exipto), planta regasificadora de Huelva, Reganosa, relacionado coa subministración ás centrais eléctricas de ciclo combinado. A estratexia ten tamén unha compoñente de pugna con Gas Natural pola subministración gasística como pon de relevo o esforzo de Fenosa por estender o seu mercado no sector do azulexo valenciano onde Fenosa conta xa co 8,5% do mercado, (*Expansión*, 18 de xaneiro de 2006). A recuperación do 30% das accións en Fenosa Gas en detrimento de Enel –a sociedade italiana desembolsara 168 millóns de euros polo 80% da empresa a mediados de 2003– equipará o peso de ambas as compañías na sociedade.

⁵ Ebitda: Earning Before Interest, Taxes, Depreciation and Amortization.

Resumimos o balance enerxético galego de 2004 no cadro español. O ano 2004, en contraste co 2003, volveu caracterizarse por unha baixa hidraulicidade que motivou a reactivación da demanda sobre as instalacións termoeléctricas ou, máis propiamente, sobre as de ciclo combinado a gas que case viron duplicada a súa contribución á oferta. En Galicia, onde carecemos aínda deste tipo de instalacións, o ano saldouse cunha caída na produción ordinaria e mesmo da do conxunto da produción interior (-2%) a pesar do franco progreso da contribución eólica.

A produción eléctrica galega situouse en definitiva no ano 2004 nos 27.425 Gwh que, unha vez deducidas as exportacións enerxéticas (8.458 Gwh), sitúa a demanda en 18.967 Gwh, un 6,5% superior á do ano anterior.

Creemos oportuno chamar a atención sobre dous trazos, habituais no comportamento do sistema enerxético galego. O primeiro é o elevado nivel do excedente cedido ao exterior: 30,8% en 2004. O segundo é o destino portugués dos intercambios co resto do

Cadro núm. 18

Balance de enerxía eléctrica o 31 de decembro de 2004

	Galicia			España			% Gwh Galicia/España
	Potencia en Mw	Produción en Gwh	% variación 2004/2003	Potencia en Mw	Produción en Gwh	% variación 2004/2003	
Hidráulica	2.681	5.310	-28,2	16.658	29.776	-23,4	17,8
Nuclear				7.876	63.606	2,8	
Carbón	2.031	15.463	9,3	12.075	80.097	5,7	19,3
Fuel/Gas	470	415	-32,0	10.158	17.912	1,2	2,3
Ciclo combinado				8.285	28.974	93,3	
Réxime ordinario	5.182	21.188	-4,3	55.052	220.365	5,4	9,6
Consumos xeración		868			9.550		
Consumos bombeo		148			4.605		
Produción (b. c.)		20.172	-4,4		206.210	5,4	
Hidráulica	369	695	-14,5	1.600	4.547		15,3
Eólica	2.064	4.195	18,0	8.507	15.916		26,4
Outras renovábeis	105	300	-7,1	791	3.466		8,7
Non-renovábeis	618	2.063	-5,8	6.476	22.130		9,3
Réxime especial	3.156	7.253	5,4	17.374	46.059	9,3	15,7
Total produción interior	8.338	27.425	-2,0	72.426	252.269		10,9
Intercambios entre comunidades autónomas		-1.926					
Intercambios internacionais		-6.532			-3.027		
Intercambios co exterior		-8.458	-17,0		-3.027		279,4
Demanda (b. c.) 2004	8.338	18.967	6,5	72.426	249.242	4,3	7,6
Excedente/Produción interior (en %)		-30,8			-1,2		

Mw: megawatts instalados.

GWh (b. c.): xigawatts xerados medidos en bornes da central.

Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2004*. Red Eléctrica Española. Elaboración propia.

mundo, un feito máis que confirma a forte ligazón económica con Portugal. A extraversión enerxética galega contrasta, mesmo en termos absolutos, co marcado signo autárquico do sistema eléctrico español.

En canto aos intercambios físicos con Portugal, abonda sinalar que os 6.532 Gwh exportados por Galicia ao resto do mundo se dirixen exclusivamente a Portugal mentres que as transaccións netas de España co noso veciño do sur poñen de manifesto que as exportacións eléctricas netas de España a Portugal ($8.531 - 2.112 = 6.419$ Gwh) ocultan, de feito, un saldo importador se excluimos os envíos galegos a través da liña Cartelle-Lindoso: $6.419 - 6.532 = -113$ Gwh.

Cadro núm. 19

Intercambios físicos de enerxía por interconexión no ano 2004 (en Gwh)

	Saídas	Entradas	Excedente cedido
Intercambios co resto de España			
Galicia	1.926	-	1.926
España	-	-	-
Intercambios co exterior			
Galicia	6.532	-	6.532
España	11.139	8.111	3.028
Excedente total cedido			
Galicia	8.458	-	8.458
España	11.139	8.111	3.028

Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2004*. Red Eléctrica Española. Elaboración propia.

Dúas son as fronteiras que concentran o crecemento da capacidade de produción do sistema eléctrico galego, en compensación da menor actividade futura das centrais térmicas de lignito pardo (As Pontes e Meirama) e de fuel (Sabón) derivados tanto do esgotamento dos depósitos carboníferos coma dos efectos do cadro regulador derivado do Compromiso de Kyoto. A alternativa actual reside na enerxía eólica e nas centrais de ciclo combinado. Dúas compoñentes ineludíbeis da oferta enerxética galega no inmediato futuro, marcado polo incremento da demanda e polo irreversible incremento dos prezos dos carburantes fósiles.

A enerxía eólica segue gañando posicións en Galicia. No ano 2004, de baixa hidraulicidade, a produción eólica (4.195 Gwh) aproximouse á hidráulica (5.310 Gwh en réxime común máis 695 en réxime especial). O exceso da hidráulica produciuse en 2005 de acordo co avance provisional do Instituto Galego da Enerxía, Inega, que adianta producións de 5.500 e 5.200 Gwh respectivamente para a compoñente eólica e hidráulica (*La Voz de Galicia*, 25 de xaneiro de 2006).

Un conxunto de problemas concomitantes complican, de todas formas, a situación hexemónica de Galicia na xeración eólica (26,4% da española en 2004). Destacamos os referentes á discusión sobre as novas autorizacións, que enfronta a Administración

central coa autonómica; a consideración por parte da Xunta de determinadas implantacións en uso en áreas naturais protexidas; as discrepancias entre os imperativos de preservación do medio contra a presión dos grupos promotores e os propietarios de montes tecnicamente aptos; sen esquecer o problema pendente da repotenciación e adaptación dos parques ás esixencias de estabilidade requiridas por Red Eléctrica Española (REE) ou os problemas ligados á autorización e á instalación efectiva de novas liñas de evacuación de enerxía.

A Administración española está empeñada no desenvolvemento de enerxías limpas, tanto por motivos de autonomía e seguridade de subministración coma polo impacto innovador inducido sobre as actividades industriais conexas.

Paga a pena chamar a atención sobre o esgotamento de recursos hídricos tanto en réxime común coma en minicentrales e a forte potencialidade da enerxía eólica para a cal se prevé un factor de multiplicación de case 2,5 en potencia e superior ao 2,9 en xeración ata o 2010. É este segmento, como tamén o da biomasa, de crecemento potencial aínda máis vigoroso, onde se concentran as vantaxes comparativas de Galicia.

A desavinza da Administración galega coa central a respecto da programación do desenvolvemento enerxético eólico céntrase na actualidade na pretensión desta de limitar a 3.800 Mw os 6.500 pretendidos pola Xunta. A Administración autonómica argumenta que xa se superaran en 2005 os 2.400 Mw instalados e que estes se elevarán a 4.100 en canto se poñan en servizo os actualmente autorizados e en construción (*La Voz de Galicia*, 22 de abril de 2006). O desacordo esténdese a outras comunidades autónomas alegando motivos semellantes.

No contexto empresarial do negocio eólico galego, paga a pena destacar algúns movementos. Seleccionamos como máis destacadas as seguintes operacións.

Energías de Portugal, EDP, compraba a finais de 2005 os activos da holandesa Nuon en España (Galicia, Aragón, Andalucía e Canarias). A operación pechábase en 474 millóns de euros máis 83 millóns da débeda en vigor (*El País*, 11 de decembro de 2005; o diario *Expansión*, 21 de xaneiro de 2006, elevaba o importe ata os 700 millóns). A oferta de EDP triunfaba sobre as de Acciona, Endesa, Iberdrola e Fenosa que tamén concorrián. Nuon España, que pretende reorientar a súa actividade cara a Europa central, operaba unha potencia de 221 Mw en España máis 1.186 en diversas fases de

Cadro núm. 20

Enerxías renovábeis: Potencia (Mw) e produción (Gwh/ano) previstas

		2004	2010
Hidráulica (> 10 Mw)	Mw	16.418	16.778
	Gwh/ano	29.590	31.494
Hidráulica (< 10 Mw)	Mw	1.750	2.199
	Gwh/ano	4.849	6.692
Eólica	Mw	8.156	20.155
	Gwh/ano	15.559	45.511
Biomasa	Mw	344	2.039
	Gwh/ano	2.214	14.015
Biogás	Mw	141	235
	Gwh/ano	825	1.417
Residuos sólidos urbanos	Mw	189	189
	Gwh/ano	1.233	1.233
Solar fotovoltaica	Mw	37	400
	Gwh/ano	55	609
Solar termoeléctrica	Mw	0	500
	Gwh/ano	0	1.288
Total	Mw	27.035	42.495
	Gwh/ano	54.315	102.259

Fonte: *El País*, 09/04/2006, a partir de datos do IDEA de setembro de 2005.

implantación. EDP, xunto coa súa participada Hidrocantábrico, contaba polo de agora cunha filial española, Neo, dedicada á explotación das novas enerxías. Coa adquisición da plataforma de Nuon o grupo portugués sitúase nun lugar destacado do segmento dos grandes operadores de novas enerxías en España.

Informacións de principios de 2006 apuntaban ao interese do grupo portugués por facerse tamén coa operadora Corporación Eólica, Cesa, –que ten a José Luís Arregui e os fondos de capital de risco Mercapital e Bridgepoint como socios de referencia– a pretensión, tan ambiciosa coma gravosa (*Expansión*, 21 de xaneiro de 2006, estimaba o seu importe en 2.000 millóns), e permitiríalle superar o peso de Acciona e Endesa no sector das renovábeis. En Galicia, Cesa participa, xunto co grupo xaponés Eurus, na promotora Eurovento, que é un dos operadores máis activos, cunha potencia instalada a finais de 2005 de 421 Mw.

A empresa de enxeñaría vasca Elecnor adquiriría a principios de 2006 os parques eólicos en España do grupo Mondragón Corporación Cooperativa (MCC). A potencia adquirida elévase a 111 Mw e o importe da operación a 150 millóns de euros. Elecnor suma a potencia das súas novas plataformas aos 260 Mw que mantiña en Enervento-Enerfin, sociedade participada ao 60% polo grupo empresarial vasco e por Caixanova e polo Banco Gallego no restante 40% (*Expansión*, 18 de febreiro de 2006, e *Informe 2004*).

Cadro núm. 21

A enerxía termoeléctrica en Galicia en 2004

	Potencia en Mw	Produción en GWh 2004	Produción en GWh 2003	% variación 2004/2003
Meirama	563	4.341	3.585	21,1
As Pontes	1.468	11.122	10.557	5,4
Sabón	470	415	610	-32,0
Galicia	2.501	15.878	14.752	7,6
España	34.656	176.635	157.149	12,4
% Galicia/España	7,2	9,0	9,4	

MW: Centrais termoeléctricas peninsulares, incluídas as de carácter nuclear.

GWh: Medida en bomes do alternador (b. a.)

Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2004*. Red Eléctrica Española. Elaboración propia.

No tocante á industria de muíños e compoñentes, a prensa económica destacaba o interese da enxeñaría alemá Enercom en instalarse en Galicia para fabricar muíños de gran dimensión, (torres de formigón de 120 metros, cunha potencia instalada de 6 Mw). O proxecto, en tramitación, comportaría seguramente problemas de localización e impacto ambiental, mesmo no caso de localización mariña sobre a que se está a especular.

As centrais térmicas galegas supoñían aínda o 75% da produción eléctrica en réxime ordinario en Galicia e o 58% da produción total. O seu peso decrece, en cal-

quera caso, no conxunto de España a consecuencia do crecemento da xeración en centrais de ciclo combinado.

Segundo as previsións de REE no seu Informe 2004, Galicia contará en forma inmediata con centrais desta tecnoloxía coa entrada en servizo de 800 Mw nas Pontes en 2006 e 387 Mw en Sabón proxectada en 2007. A prensa galega ofrecía datas máis axustadas para a entrada en servizo: planta desgasificadora de Reganosa, decembro de 2006; central de ciclo combinado de Endesa nas Pontes (800 Mw), 31 de maio de 2007; Fenosa en Sabón (400 Mw), 15 de agosto de 2006 (*La Voz de Galicia*, 18 de xullo de 2005). O primeiro elo desta cadea enerxética, Reganosa, segue o seu curso de instalación previsto despois de que o BBVA e a Caixa Galicia concedesen un préstamo conxunto por importe de 416 millóns de euros destinado a atender as necesidades de instalación e custos accesorios durante os próximos anos (*La Voz de Galicia*, 25 de outubro de 2005).

A polémica sobre a planta de Mugarbos –amortecidas as críticas que levantou a discutíbel localización elixida– céntrase agora nos efectos sobre o proxecto da desaparición de Endesa do seu accionariado (21%) como consecuencia das OPA en tramitación sobre a eléctrica. Outro aspecto debatido en Galicia é o da alegada saturación da demanda sobre a Planta de Mugarbos e a resistencia da Administración central a admitir unha ampliación da capacidade de regasificación no cadro do plano estratéxico da enerxía que ten como horizonte o 2012.

Finalmente, parece chegada a hora de discutir un cadro de compensacións para aquelas comunidades autónomas como Galicia, Asturias ou Extremadura con fortes excedentes enerxéticos que teñen que aturar as desvantaxes da polución gasosa, a ocupación de ríos e regatos (minicentrales) e a agresión paisaxística dos parques eólicos. A posibilidade de establecer un novo imposto autonómico que permita gravar as instalacións de xeración, actualmente en consideración, parece razoábel tanto económica coma socialmente. Os 8.400 Mw instalados en Galicia poden ser motivadamente esgrimidos como crédito fiscal en favor de Galicia. Esa parece ser a intención da Administración galega no debate actualmente aberto sobre a reforma estatutaria.

Rochas, cemento e vidro

Corporación del Noroeste, o *hólding* do cemento galego adquirido por Cimpor en 1992, continúa o seu proceso de consolidación con base en Galicia. A última adquisición foi a da sociedade Áridos del Cantábrico que explotaba unha canteira na provincia de Lugo e contaba cunha planta de fabricación de formigón con capacidade de 22.500 m³/ano. O importe da operación foi de 7,7 millóns de euros.

Informacións recentes cifraban a produción española de cemento en 2005 en 49,2 millóns de toneladas. A estrutura empresarial neste mercado sería a reflectida no cadro 22.

A entrada a finais de 2005 dun dos líderes do cemento europeos, o grupo irlandés CRH, en Uniland Cementera supón un paso máis no control do mercado interior español

por grandes grupos do cemento foráneos. A operación foi propiciada por un grupo accionario disidente coa maioría. A discrepancia dirímese actualmente ante os tribunais.

O sector do granito recuperaba o nivel das exportacións que viña declinando desde o 2001, ano en que acadara a cifra de 76.677 millóns de euros. As exportacións de 2005 acadaron finalmente os 78.014 millóns de euros: 58 mil millóns de granito elaborado e 20 mil sen elaborar. A tendencia ao incremento do peso relativo da pedra elaborada se mantén con firmeza nos últimos anos. Portugal continúa sendo o primeiro destino de granito elaborado galego, seguido polos Estados Unidos e por Francia (*Faro de Vigo*, 13 de marzo de 2006; *La Voz de Galicia*, 13 de marzo de 2006). Tamén se incrementa o volume de importacións de granito sen elaborar (450.000 toneladas en 2005), outro indicio da progresiva madureza do sector galego da pedra.

A Asociación Galega de Graniteiros (AGG) –que agrupa as empresas galegas do sector produtoras do 60% da produción física española (0,9 millóns de toneladas das 1,5 producidas en España)– aspira, con motivo fundado, a localizar no Porriño a sede da agrupación sectorial española actualmente situada en Madrid e sen actividade desde hai anos (*Expansión*, 27 de outubro de 2005).

A marcada concentración galega da industria do granito acredita a rede empresarial galega como cabeza do sector tanto en actividades produtivas coma na comercialización e no coñecemento dos mercados estranxeiros. Un informe do sector de mediados de 2005 (*El País*, 10 de xuño de 2005) estimaba en 800.000 toneladas anuais o nivel de extracción de granito en Galicia (60% do total español) que lles daría emprego a 2.800 traballadores en canteiras (58% do total) e a 2.000 máis en actividades de elaboración (42% do total). As exportacións galegas acadaban tamén, segundo a información mencionada, o 59% do total en España. En cifras correspondentes ao ano 2003, España, con 138 millóns de dólares, ocuparía o quinto lugar nunha clasificación mundial, encabezada por China (1.077), seguida de Italia (786), India (320) e Brasil (259).

Dúas noticias de alcance se producían no sector extractivo galego de rochas ornamentais nos últimos meses: a entrada de Caixa Galicia en Cupire Padesa e a constitución dun grupo integrado de granito e mármore galaico-levantino baixo a denominación de Grupo Levantina.

A comezos de maio de 2006 saltaba esta última noticia da formación dun grupo líder da pedra natural de construción –mármore e granito– por integración de 63

Cadro núm. 22

Estrutura empresarial do sector cementeiro español

Millóns de toneladas	
Grupos españois máis importantes: 31% mercado	
Grupo Portland	7,33
Tudela Veguin	3,21
Uniland Cementera	2,9
Cementos Molins	1,59
Cementos Lemona	0,7
Total	15,73
Grupos estranxeiros: 56% mercado	
Cemex	10,52
Holcim	5,46
Lafarge Asland	4,54
Cimpor, Corporación Noroeste	3,69
Financiera Minera	2,5
Total	26,71

Fonte: *El País*, 26/03/2006.

empresas do sector, con centro de gravidade dobre, en Novelda (Alacant) e no Porriño (Pontevedra), (*El País*, 7 de maio de 2006).

A operación, que dará lugar ao nacemento do grupo líder mundial do sector, valorado en 540 millóns de euros, foi deseñada polos fondos de investimento Impala, español, e Charterhouse, británico. A facturación do grupo en constitución durante o 2005 foi de 330 millóns de euros, cuns resultados de 70 millóns. O emprego sitúase en 2000 operarios en España e 300 máis no estranxeiro. A operación, como a denominación final indica, estivo liderada polo grupo levantino creado por Antonio Esteve coa fundación de Levantina de Mármoles en 1964. A iniciativa foi tomando corpo coa entrada de novos socios e coa posterior toma de posicións no Porriño: Modulgranito (1986) e Graninter (1989). Foi neste última operación onde se estableceu o vínculo co empresario galego representado nesta ocasión por Marcelino Martínez e José Luís de la Hoz, coa colaboración financeira de Sodiga.

É pertinente destacar que a orientación final do grupo que se acaba de constituír dista de estar definida. O Grupo Levantina ten o 70% do seu capital nas mans das dúas sociedades de capital de risco antes mencionadas que, fieis á vocación financeira que anima esta modalidade de investimento pretende facer rendíbel a operación en «catro ou seis anos» co fin de xerar un volume de plusvalías que lles aseguren un desinvestimento lucrativo ou a entrada en bolsa.

O Grupo Levantina, que factura o 55% das súas vendas en España, manifestou a intención de situar de inmediato o 70% da súa facturación no estranxeiro: China, Estados Unidos e Brasil, principalmente. O grupo competidor de referencia é agora o Grupo Consentino con sede en Almería e promotor do material *silestone* para mesados de cociña.

Converxencia empresarial para gañar dimensión e aproveitar as virtudes de sinerxía organizativa, cooperación do capital financeiro, orientación aos mercados exteriores. A operación ten o perfil inconfundíbel dos movementos de concentración que presiden a reorganización e o redimensionamento de sectores e actividades para enfrontarse ao mercado global.

Desde un punto de vista empresarial é significativa do grao de madurez acadado polo sector a entrada de Caixa Galicia no grupo louseiro de Sobradelo de Valdeorras, Cupire Padesa. A entrada instrumentouse mediante a adquisición do 20% do capital da compañía por un importe de 40 millóns de euros coincidente cunha operación de ampliación. O 80% restante do capital distribúese en partes iguais entre os tres grupos familiares fundadores da sociedade en 1963: familias de Ulpiano Rodríguez, Aureliano Fernández e herdeiros de Bautista López. A perspectiva de Caixa Galicia na operación é, segundo a entidade, participar no líder sectorial –con 120 millóns de euros de facturación anual– e contribuír á súa consolidación na perspectiva de acceso á cotización bolsista nun prazo de cinco anos (*La Voz de Galicia*, 12 de outubro de 2005 e 5 de febreiro de 2006; *Expansión*, 12 de outubro de 2005). Caixa Galicia resérvase a opción de acadar o 25% de participación. O reforzamento financeiro que comporta a operación permitirá acometer un plano estratéxico de expansión coa creación dun departamento de I+D+i, a diversificación do catálogo de produtos e a apertura de novas

delegacións no estranxeiro. En cifras corporativas, o obxectivo cífrase en cuadruplicar facturación e beneficios nun prazo de cinco anos.

No sector de materiais de construción outra empresa de dimensión similar a Cupire Padesa, que pechaba 2005 cunha cifra de facturación de 120 millóns de euros, é tamén noticia polo seu ritmo de crecemento e internacionalización. Trátase de Prefabricados Castelo, da familia Pérez Leirós. A finais de 2005 mercaba o 50% restante de Pregaia Brasil, a partir da adquisición previa da súa matriz portuguesa Pregaia, en Vilanova de Gaia. Esta empresa portuguesa é relativamente modesta (65 traballadores, 9 millóns de euros de facturación) pero afianza a presenza de Castelo en Portugal, onde xa posuía algunha instalación, ao mesmo tempo que lle deu acceso ao 100% da filial brasileira, de importancia estratéxica para a firma porriñesa. Prefabricados Castelo conta con varias plantas na península co obxecto de tratar de superar a desvantaxe da súa excentricidade con respecto aos mercados de consumo final. Os xestores do grupo manifestaron, en tal sentido, que a partir dun raio de 300 km o produto se encarece demasiado por efecto dos custos de transporte. Esta é a razón de espallaren os seus centros produtivos. Polo mesmo motivo manteñen plans de apertura de instalacións en Cataluña e Andalucía occidental que completaría a súa rede produtiva peninsular. Os plans estratéxicos da empresa oríentanse agora á plena internacionalización da compañía (Sudamérica, Asia e Mediterráneo oriental) co obxectivo posto en acadar unha cifra de facturación de 300 millóns de euros nos próximos cinco anos (*Expansión*, 24 de xaneiro de 2006). Esta sociedade familiar mantén, segundo a información, unha política prudente de reinvestimento de beneficios así coma unha ampla gama de produtos que se estenden á construción pública, industrial e doméstica.

Despois de considerar trazados alternativos parece que a liña Alta Velocidade Española (AVE) Santiago-Ourense lle afectará á mina de cuarzo industrial de Serrabal, pertencente ao grupo empresarial de Villar Mir. A urxencia de evitar atrasos nunhas obras que suscitan grande interese mediático e político puido, polo que parece, coas reservas suscitadas polo prezo reclamado pola empresa propietaria e coas consecuencias laborais e económicas que poidan derivarse do corte de subministración do seixo ás factorías de Ferroatlántica en Galicia, a sociedade herdeira da Sociedad Española de Carburos Metálicos resultante da adquisición desta por parte de Villar Mir no ano 1992.

Química

No sector de actividades químicas a actualidade industrial está protagonizada pola proliferación de proxectos de fabricación de biocarburantes: bioetanol e biodiésel. A razón estriba tanto na escalada de prezos dos crus petroleiros coma nas esixencias ambientais acrecentadas. O impulso definitivo para as numerosas iniciativas publicitadas en España teñen a súa orixe no plan governamental relativo a enerxías renovábeis (PER) de 2005, que fixa un horizonte temporal próximo, 2010, e un obxectivo cuantitativo inmediato: a produción de 2,2 millóns de toneladas equivalentes de petróleo desta procedencia a promover mediante a exención de fiscalización aos biocarburantes ata o

Cadro núm. 23

Capacidade actual e previsións de produción de biocarburantes (en toneladas equivalentes de petróleo)

	2004	Obxectivo para 2010	%
Andalucía	–	88.000	4,0
Aragón	–	88.000	4,0
Asturias	3.600	44.000	2,0
Baleares	–	44.000	2,0
Canarias	–	–	–
Cantabria	–	220.000	10,0
Castela e León	–	330.000	15,0
Castela - A Mancha	36.000	176.000	8,0
Cataluña	50.400	330.000	15,0
Estremadura	–	176.000	8,0
Galicia	64.500	220.000	10,0
Madrid	4.500	22.000	1,0
Murcia	51.200	220.000	10,0
Navarra	–	154.000	7,0
A Ríoxa	–	–	–
Valencia	–	–	–
País Vasco	18.000	88.000	4,0
Total	228.000	2.200.000	100,0

Fonte: *Expansión*, 23/02/2006.

ano 2010, en agudo contraste co forte gravame imposto aos combustíbeis fósiles.

Existen, como é sabido, dous tipos de biocarburantes, os derivados dos alcohois, coñecidos xenericamente como bioetanol, e os derivados de graxas vexetais, obtidas mediante procesamento de oleaxinosas e recuperación de aceites, coñecidos como biodiésel. O bioetanol mestúrase coas gasolinas, con forte redución das emisións de gases prexudiciais, e o biodiésel mestúrase cos gasóleos e ten vantaxes similares. Os problemas principais que afronta a nova industria residen na maior ou menor seguridade e custos de subministración de materias primas necesarias e na problemática tarefa de distribución e acondicionamento das estacións de servizo e dos motores e accesorios para adecualos á nova composición dos carburantes, especialmente no que respecta ao deseño dos filtros.

As previsións do PER conceden unha notábel cota na produción de biocarburantes a Galicia: 10%. Ver cadro 23.

O pleno desenvolvemento do PER 2010 comportaría un investimento estimado de 1.500 millóns de euros, cifra que permitiría rebaixar a factura petroleira en 790 millóns de euros (15,8 millóns de barrís de petróleo) e tamén as emisións de CO₂ (*Cinco Días*, 14 de marzo de 2006).

A produción galega actual débese á fábrica do grupo Abengoa en Teixeiro, Bioetanol Galicia (ano 2002, 109 millóns de euros de investimento, 168.000 m³/ano de capacidade).

Os plans empresariais inmediatos previstos en Galicia son os de Forestal del Atlántico (Tojeiro, Mugaros: 100.000 toneladas/ano), o de Repsol na refinaría petrolífera da Coruña (Repsol-Acciona: A Coruña, 200.000 toneladas/ano), o de Infinita Renovables (Isolux-Antonio Portela: no eixe Vigo-Ourense, 300.000 toneladas/ano), Entabán (grupo zaragozano: Porto Exterior de Ferrol, 100.000 toneladas/ano) e talvez outro máis aínda denominado Diesel Energy (Capital Energy-Sepi: localización que se precisará, 150.000 toneladas/ano).

O volume de investimento por instalación varía entre os 100 millóns de euros previstos por Infinita Renovables ata os 23 estimados por Entabán e mesmo o millón proxectado para a instalación de Tojeiro, por adaptación, talvez, das instalacións que puxera en marcha no ano 1992 co mesmo propósito e provisionalmente desactivadas por falta de perspectivas de rendibilidade naquela circunstancia (*La Voz de Ga-*

licia, 8 de abril de 2006). Existe unha certa indefinición relativa á opción tecnolóxica bioetanol/biodiésel que adoptarán os proxectos en preparación segundo a información dispoñíbel que manexamos aínda que parecen decantarse maiormente pola produción de aceites biodiésel, agás no caso de Entabán e talvez no da reactivación das instalacións de Tojeiro.

O proxecto máis ambicioso parece ser o protagonizado por Isolux (50%) e por un grupo investidor liderado por Antonio Portela (25%). O grupo promotor de Infinita Renovables ten, ademais, como interese engadido a disposición da capacidade tecnolóxica de Isolux e a súa importante implicación no tecido industrial galego xunto coa capacidade de iniciativa demostrada por Antonio Portela, ex director financeiro de Citroën e promotor, xunto co seu irmán Marcial, da empresa con éxito de servizos de comunicación Comunitel, finalmente vendida á sociedade sueca Tele 2. Isolux Corsán pola súa parte –resultado da fusión de Isolux e de Corsán Corviam– é unha importante empresa de enxeñaría e fabricación de equipo industrial español cunha facturación en 2005 na volta dos 1.500 millóns de euros e un cadro de 5.600 traballadores. O grupo está controlado polo empresario soriano Delso Heras e polo madrileño José Omis, xunto a unha serie de caixas de aforro. En Galicia, o grupo posúe factorías na Coruña (Isowat), en Vigo (Isolux Naval) e en Betanzos (Emesa), (*La Voz de Galicia*, 15 e 28 de marzo de 2006). O proxecto de Infinita prevé a instalación de tres factorías de biodiésel cunha capacidade conxunta de 900.000 toneladas/ano antes de 2008, coa intención de liderar o mercado español dos biodiésel (*Cinco Días*, 14 de marzo de 2006). Ten interese subliñar o propósito feito público polo grupo promotor de localizar dúas plantas na fachada atlántica e a terceira na mediterránea, unha perspectiva que podería derivar na instalación dunha segunda factoría en Galicia.

Outro proxecto de grande envergadura con localización en Galicia é o de Repsol-Acciona. Pretende instalar seis factorías en España, cinco delas ao pé das refinarías de petróleo de Repsol YPF (A Coruña, Bilbao, Tarragona, Cartagena, Puertollano) con capacidade de 200.000 toneladas/ano de carburante biodiésel e a outra de menor dimensión en León, con capacidade de 100.000 toneladas/ano. O investimento do proxecto acada, como no caso anterior os 300 millóns de euros. O grupo prevé así mesmo a importación do groso das sementes oleaxinosas que hai que procesar, a non ser a posta en cultivo de regadío de 200.000 ou 300.000 hectáreas en León que podería chegar a fornecer ata o 25% das necesidades de materia prima segundo as previsións, (*El País*, 17 de marzo de 2006).

A materia prima protagonista dos cultivos enerxéticos para a produción de biodiésel en España vai ser o xirasol, de grande importancia xa nas dúas mesetas, Aragón e Andalucía. Menor importancia van ter as plantacións de soia ou colza. Os cereais, a cana de azucre, a remolacha e outros cultivos destinados á obtención de bioetanol van ter tamén un papel destacado.

Galicia non renuncia a desenvolver zonas de cultivos enerxéticos. Concretamente, o Centro de Investigacións de Mabegondo traballa nestes momentos nas posibilidades da colza, da soia e mesmo do xirasol, segundo a Consellaría de Medio Rural (*La Voz de Galicia*, 14 de abril de 2006).

Outro grupo con ambiciosas perspectivas de crecemento no segmento do biodiésel é Cie Automotive, controlada polo grupo Inssec (Abel Matutes, Abelló). O grupo naceu da fusión das empresas vascas Egaña e GSB, propietaria esta última da factoría de forxa pesada Galfor (Forxas de Galicia en Ourense), nacida por iniciativa dos irmáns Barreiros. Cie Automotive é hoxe unha importante multinacional da industria auxiliar do automóbil con 8.000 traballadores e factorías en 31 países. O grupo adquiría a comezos de 2006 a maioría da sociedade Bionor, que conta cunha planta en Álava (España) e outra en Brescia (Italia), dedicada á reciclaxe de aceites de fritura con finalidade enerxética. Cie Automotive proxecta agora investir 100 millóns de euros na promoción de cinco novas plantas para a obtención de biocombustíbel, ningunha delas en Galicia (*El País*, 16 de abril de 2006).

O grupo Zeltia (Pharmamar, Neuropharma, Genómica, Zelnova, Xylazel), cun capital social de 10,57 millóns de euros fixaba a súa capitalización bolsista en abril de 2006, arredor dos 1.372,5 millóns, marcando unha discreta progresión desde finais de 2002. A cotización en 2005 moveuse entre 7,18 e 5,19 euros por acción a teor da flutuación das expectativas. A clave das flutuacións na cotización e na capacidade de refinanciamento da compañía reside na incerta evolución das expectativas abertas aos fármacos en proceso de ensaio e autorización, nomeadamente o Yondelis, ET-743. Os organismos internacionais de homologación son o norteamericano Food and Drugs Administration (FDA), e o europeo European Medicines Agency (EMA). Ambas as axencias rexeitaron no seu día a homologación deste fármaco oncolóxico ao consideraren non conclusivos os resultados.

O grupo pechaba o exercicio en 2005 cunhas perdas de 37,8 millóns de euros debido ao elevado volume de gastos en I+D (45,7 millóns de euros) e ao feito de que as novas Normas Internacionais de Información Financeira (NIIF) obrigan a computar como gasto e non como investimento estes desembolsos e tamén a que a compañía non rexistrou resultados extraordinarios no exercicio, como si acontecera en anos anteriores. Os ingresos recorrentes de Zeltia procederon das filiais químicas do grupo: Zelnova, ambientadores e insecticidas, e Xylazel, pinturas e vernices. A compañía química executou en 2005 unha ampliación de capital por importe de 65 millóns de euros subscrito por investidores especializados estadounidenses e europeos.

A presentación dunha nova instancia para a homologación do Yondelis ante a FDA e a EMA estaba prevista para 2005. Finalmente non se produciu a anunciada presentación, un contratempo máis encaixado sen excesiva alarma por un mercado que segue apostando á carta do éxito final.

Compartindo recinto con Zeltia no Porriño sitúase a primeira planta da empresa biotecnolóxica norteamericana Genentech no estranxeiro. A empresa acadou un éxito brillante en 2004 co lanzamento dun fármaco oncolóxico denominado Avastin no mercado norteamericano. En breve será comercializado por Roche en Suíza e Israel, despois de ter autorización. Genentech é unha empresa nova, creada en Norteamérica en 1976 e instalada no Porriño no ano 2000 despois de investir 60 millóns de euros nesta primeira aventura exterior. A empresa conta xa con 200 empregados no Porriño, máis do 85% dos mesmos titulados.

Segue amosando unha destacábel actividade o segmento de tratamento de residuos e reciclaxe. A Sociedad Gallega de Residuos Industriales, Sogarisa, asentada no municipio das Somozas acadaba unha facturación de 11,55 millóns de euros en 2005 (13,16 en 2004). Agora está a piques de proceder ao tratamento das 80.000 toneladas de residuos do *Prestige*, orzamentado en 22,47 millóns de euros. O proceso levará dous anos e requiriu investimentos suplementarios previos. Sogarisa proxecta acondicionar outro depósito de seguridade similar ao actualmente dispoñíbel (345.000 m²) e estuda, así mesmo, a instalación dunha liña para o tratamento de plásticos e envases metálicos.

Outra sociedade, que conta tamén con instalacións nas Somozas, é Toysal, grupo que xestiona o vertedoiro de Xiloga destinado a residuos industriais inertes. Toysal leva anos colaborando coa Universidade de Vigo en proxectos de tratamento e valorización de residuos procedentes da fabricación de cemento así coma dos procedentes das cubas electrolíticas de produción de aluminio.

Un proxecto innovador, que actualmente se atopa en fase de instalación no municipio de Meirama, é o promovido por iniciativa de Epifanio Campos. Trátase dunha planta para o tratamento de pneumáticos usados para a obtención de carburante con tecnoloxía innovadora. Unha interesante experiencia que conxuga dúas actividades industriais en pleno desenvolvemento como son a actividade da reciclaxe e a obtención de carburantes de orixe non petrolífera.

Metalurxia

O sector europeo do aceiro viuse abaneado pola OPA hostil do segundo fabricante mundial do aceiro –a sociedade indo-británica Mittal Steel– sobre o líder mundial, o grupo franco-hispano-luxemburgués Arcelor. Arcelor acadou un nivel de produción en 2004 de 46,9 millóns de toneladas de aceiro e Mittal 42,8 millóns. A oferta, lanzada a finais de xaneiro de 2006, ascende a 18.600 millóns de euros e foi mal recibida polos gobernos europeos afectados (Francia, Luxemburgo e España) e tamén polos sindicatos. Os novos países da Unión Europea, onde Mittal se estendeu aproveitando os procesos de reconversión apoian, en cambio, a operación. A oferta de adquisición considérase, ademais de economicamente pouco atractiva, discutíbel baixo un punto de vista tecnolóxico. O grupo fusionado, en todo caso, acadaría unha produción conxunta de 115 millóns de toneladas en cifras de 2005 e controlaría o 10% da oferta mundial de aceiro. A finais de abril de 2006 as autoridades comunitarias responsábeis da competencia non se manifestaron aínda respecto de operación Mittal-Arcelor.

O nacemento de Arcelor ten como proxenitores Aceralia (22,3%, España), Usinor (53,8%, Francia) e Arbed (23,9%, Luxemburgo), a principios do ano 2001, tal como se comentou oportunamente neste *Informe*. Conta actualmente con 94.000 traballadores, na súa maioría europeos, en Bélxica, Alemaña e Italia, á parte dos que operan nos tres países cofundadores. As instalacións de Arcelor en España localízanse en Asturias, no País Vasco, en Navarra, Zaragoza, Valencia e Madrid, totalizando 15.000 traballadores. Arcelor ten tamén forte presenza en Brasil e México aínda que a súa presenza se estende a sesenta países en total.

O líder europeo do aceiro non mantén actualmente instalacións en Galicia, despois da venda da coruñesa Emesa Trefilería (nacida en 1983 da excisión da matriz Emesa, promovida polo Banco Pastor en 1959) ao grupo portugués Socitrel (Sociedade Industrial de Trefilagem) de Porto. Nesta operación, e por un prezo conxunto de 5 millóns de euros, a sociedade portuguesa adquiriría tamén outra instalación de Arcelor situada no País Vasco.

Da mobilidade internacional do sector do aceiro temos unha proba recente no mercado español: a venda do grupo vasco de aceiros especiais, Sidenor, privatizado en 1995 en 13 millóns de euros, ao grupo brasileiro Gerdau, acompañado para esta operación polo Banco Santander. A operación pechouse en 443,8 millóns. Sidenor facturou 551 millóns en 2004 contra 7.500 millóns de Gerdau, sociedade que mantén un nivel de produción de 16,4 millóns de toneladas anuais. A intención do grupo brasileiro é aproximarse á industria europea de automoción (*El País*, 20 de novembro de 2005).

A un nivel máis modesto pero altamente significativo a respecto da crecente madurez da enxeñaría galega é o caso de Russula, unha enxeñaría con centro en Bergondo especializada no deseño de instalacións de equipo eléctrico e de control para instalacións siderúrxicas. Cun nivel de facturación de 10 millóns en 2004 que proxectaba cuadruplicar nos próximos cinco anos, Russula equipou instalacións siderúrxicas en Hong Kong e mantén actividades en diversos países europeos e americanos.

As fábricas galegas de aceiro de construción, Megasa e Añón, ocupan outro nicho de mercado máis afectado polos custos da chatarra e polo control da demanda na área de subministración máis próxima que dos grandes mercados globais orientados á industria automobilística, naval, ferroviaria e de grandes bens de equipo e obras públicas. Siderúrgica Añón conseguía autorización para instalar un parque eólico de 3 Mw de potencia que pretende reducir os seus custos enerxéticos mentres continúa negociando o tendido dunha liña a 220.000 volts para alimentar a súa factoría de Laracha. Añón proxectaba ampliar as súas instalacións para aproveitar a capacidade da planta localizada en Bayonne, Acerie de L'Atlantique, adquirida a Arcelor no primeiro trimestre de 2004 (100 millóns de euros, 800.000 toneladas/ano de capacidade).

No segmento da fabricación de grandes bens de equipo é destacábel o proceso de acondicionamento e axuste financeiro e laboral da nova razón social de Censa, Gándara-Censa (Inverishmex, 51%; CIP, 25%; Puentes y Calzadas, 17%) unha vez superada a etapa na que operou como sociedade anónima laboral, operación comentada no *Informe 2004*. A sociedade porriñesa proxectaba pechar 2006 cunha facturación superior aos 20 millóns de euros. Tamén estudou a súa reinstalación en terreos de doado acceso portuario co gallo de recortar os custos lóxicos, tan importantes nesta actividade (*Expansión*, 28 de febreiro de 2006).

Tres empresas participadas no seu momento por Sodiga merecen unha mención por distintos motivos. As dúas primeiras, localizadas en Vigo, por seren obxecto de cadansúa operación de MBO (*managing buy out*, adquisición da compañía polo equipo directivo): Cablerías Conductoras (fabricación de cabos eléctricos) e Dinak (chemineas metálicas); a terceira, Facet Ibérica, (filtros de aviación e instalacións de depuración), situada en Arteixo, pola súa traxectoria innovadora e expansión experimentada. As

viguesas Cablerías Conductoras e Koala Internacional (artigos de ferraxaría), que manteñen cadansúa planta de produción na China, tratan de recuperar a rendibilidade do negocio; Dinak, tamén viguesa, mantíña un nivel de facturación de 18,5 millóns en 2004 cun cadro laboral de 150 traballadores; o seu novo equipo trataba de acometer un plan de expansión con especial atención nos mercados exteriores onde coloca xa máis do 50% da súa produción. Finalmente, a norteamericana Facet Ibérica, establecida en Arteixo, cun volume estimado de facturación de 17 millóns, 20% nos mercados exteriores, situaba no mercado tres novas patentes de filtros de membrana, idóneos para o servizo a pequenas poboacións (*Expansión*, 15 de xullo de 2005, 7 de outubro de 2005, 15 de decembro de 2005). Especial mención merece tamén Tivo Metal, empresa de produción de obxectos de latón especializada en picaportes con factorías na China. Tivo Metal pechou o ano 2005 cunha facturación de 26 millóns de euros que esperaba ampliar a 35 millóns en 2006. A empresa proxectaba abrir este ano unha planta en Caldas para a transformación do latón e para o almacenamento de chatarra (*Expansión*, 7 de febreiro de 2006).

Construción naval

O sector da construción naval galego, Navantia-Ferrol e os estaleiros privados da ría de Vigo, atravesan unha boa conxuntura non exenta de tensións na industria auxiliar. Esta ven soportando condicións de prezo e prazos de cobro esixentes, reflectidas nas queixas formuladas pola Confederación de Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegal, Cefeor, e polas multitudinarias manifestacións de operarios do metal en defensa do seu Convenio sectorial que tiveron o seu centro en Vigo nos primeiros días do mes de maio de 2006.

Navantia, nacida a principios de marzo de 2005, cumpre o seu primeiro ano de operación en plena actividade e con boas perspectivas de carga de traballo. Todos os seus estaleiros (Ferrol e indirectamente Fene, Cartagena, Puerto Real, San Fernando e Cádiz) manteñen carteiras de pedidos que aseguran a actividade laboral do grupo público nos próximos anos.

As tensións na industria auxiliar teñen a súa orixe na irreversible tendencia dos estaleiros a convertérense en industrias de síntese con cadros de persoal reducidos e cun medio de empresas auxiliares sometidas a forte competencia. Un esquema practicado desde hai anos pola industria do automóbil aínda que non dispoñemos neste momento de datos referentes ao peso da industria auxiliar no sector naval vigués, si existen avaliacións referentes á ría de Ferrol. Un estudo elaborado por Navantia (*La Voz de Galicia*, 5 de novembro de 2005) prevía para finais de 2006 un emprego nas súas dúas instalacións ferrolás de 2.402 empregados (1.401 menos que a finais de 2005) con 1.855 empregados na industria auxiliar (371 máis có ano anterior). A información ofrecía a cifra de 30 empresas auxiliares ligadas a Navantia-Ferrol, 23 delas galegas.

Unha iniciativa de indubidábel interese e difícil realización era protagonizada pola industria auxiliar ferrolá: forxar unha alianza para a promoción dunha empresa de repa-

racións navais que aproveitase a experiencia común e a elevada densidade de tráfico fronte ás costas galegas. O proxecto contemplaba a construción dun dique flotante. A idea, que foi manexada no seu momento tamén como unha saída á falta de actividade da antiga Astano, é complexa e de momento non parece ter avanzado.

A finais de abril de 2006, o estaleiro ferrolán procedía á botadura da terceira fragata destinada á mariña norueguesa mentres lle poñía a quilla á cuarta fragata. Espérase completar a entrega da última unidade da serie das cinco que configuraban o macropedido do ano 2000 (1.322 millóns de euros) no ano 2009. Á parte das outras catro pendentes para a mariña norueguesa, as instalacións ferrolás prepáranse para a botadura doutra das fragatas tipo 104 destinadas á Mariña Española (o pedido total de fragatas para este destino era de catro por un importe de 1.400 millóns de euros) máis un *buque de proxección estratéxica* que será o de maior dimensión do que dispoña a Armada. A serie de buques de guerra en proceso de fabricación representa un magnífico escaparate internacional da tecnoloxía dispoñíbel en Ferrol que podería contribuír a atraer novos pedidos, algúns dos cales parecen estar en negociación nestes momentos.

O estaleiro ferrolán concentra a fabricación dos buques de maior porte e complexidade de Navantia o que se traduce nunha superior carga de traballo nas súas instalacións. Unha información recente cifraba en 23,8 millóns de horas a ocupación nas instalacións ferrolás de Navantia neste primeiro ano de funcionamento contra 11,2 nos estaleiros andaluces e 10,8 en Cartagena (*La Voz de Galicia*, 4 de marzo de 2006).

Tamén parece favorábel a situación do sector na ría viguesa. De acordo con fontes oficiais referentes a finais de 2005 a ría viguesa tería en carteira 62 dos 179 buques encargados á industria naval española de propiedade privada. A demanda concéntrase en buques de aceiro de gran dimensión e importante compoñente tecnolóxico, como ferris, quimiqueiros, portacontedores e buques de investigación oceanográfica. A reorientación da construción naval viguesa desde a súa tradicional especialización pesqueira ao complexo catálogo actual acredita unha notábel capacidade de anticipación e adaptación que é xusto recoñecer. A carteira viguesa asegurará a ocupación ata mediados de 2008 (*La Voz de Galicia*, 12 de febreiro de 2006).

O estaleiro líder en actividade, capacidade e tecnoloxía da ría é –sen dúbida– o veterano H.J. Barreras. Información recente (*La Voz de Galicia*, 1 de abril de 2006) recolle como probábel a construción de tres parellas de ferris, con prezo unitario na volta dos 60 millóns de euros, para os navieiros españois Balearia, Transmediterránea e Armas. A serie de seis ferris, con esloras de 140 a 160 metros, terían data de remate en 2009. A entrega efectuada dun ferri avanzado de 175 metros de eslora á Transmediterránea, que mereceu a atención europea, consagrou este estaleiro neste tipo de construcións. O presidente de Barreras facía público o seu interese na adquisición dun estaleiro localizado nos países bálticos possoviéticos co obxecto de aproveitar as vantaxes de custo e especialización co gallo de avanzar no esquema de construción modular descentralizada, característica da industria naval na fase actual.

Automoción, mecánica

Malia a perceptíbel debilitación da demanda do mercado español da automoción constatada no ano 2005 e do peche ou do traslado parcial da produción automobilística cara aos novos países do leste adherentes á Unión, a industria galega do automóbil resiste ben a conxuntura.

A produción do sector caía en España un 8,6% no ano 2005: 2.752.500 vehículos (2.098.168 turismos e 654.332 vehículos industriais) fronte aos 3.012.174 fabricados en 2004. Perdía así o sector a cota dos tres millóns de vehículos producidos que acadara no ano 2000 (agás o tímido retroceso de 2001) ao mesmo tempo que experimentaba o maior retroceso interanual desde a caída do 16% do ano 1993. A caída foi practicamente xeneralizada (cadro 24).

Cadro núm. 24

Producción de vehículos en España en 2005

	Número	%	% variación 2005/ 2004
Renault España	436.178	15,85	-16,81
Ford España	372.777	13,54	-16,99
General Motors España	459.939	16,71	-5,82
Peugeot Citroën España	539.815	19,61	-9,53
Grupo Volkswagen	596.508	21,67	-8,07
Daimler Chrysler	91.008	3,31	-2,14
Nissan Motor	193.815	7,04	33,86
Santana Motor	12.454	0,45	-33,03
Iveco España	50.006	1,82	4,94
Total	2.752.500	100,00	-8,60

Fonte: Elaboración propia a partir de *El País*, 27/01/2006.

As exportacións caeron nunha proporción aínda maior: 9,4%. As vendas no mercado interior, no entanto, acadaron unha nova marca en liña coa puxanza do consumo na demanda interior española.

A persistencia da crise no mercado europeo preocúpalles aos países produtores e ás grandes empresas do sector. Dezaioito organismos de trece rexións europeas entre as que se atopa Galicia (Consellaría de Innovación e Industria) constituíron unha rede paneuropea de análise da situación e perspectiva ao abeiro do programa comunitario Interreg III C, (*Expansión*, 27 de setembro de 2005).

As grandes marcas tratan de blindar as súas posicións mediante acordos de colaboración orientados a minimizar os custos de renovación de modelos e innovación. O grupo PSA, concretamente, mantén actualmente alianzas con Renault (fabricación de motores), BMW (desenvolvemento de motores de gasolina), Ford (desenvolvemento de motores diesel), Fiat (fabricación de furgonetas) e Toyota (fabricación de coches pequenos), (*Expansión*, 17 de xuño de 2005).

A automoción galega mantén neste contexto un pulso regular. A facturación do sector en 2005 estimábase en 7.100 millóns (contra os 7.500 de 2004) cun emprego de 23.300 operarios (8.500 en Citroën e 14.800 no *Cluster* de Empresas de Automoción de Galicia, Ceaga. As empresa asociadas no Ceaga facturaron por valor de 2.640 millóns de euros en 2005 (2.247 en 2004) (*Expansión*, 21 de marzo de 2006). Un comportamento que cómpre caracterizar de firme nas actuais circunstancias. O sector apostaba por un 2006 semellante en espera da renovación do catálogo de Citroën que prevé o lanzamento dun novo monovolume familiar baseado no c4 para substituír o Xsara Picasso que a factoría viguesa montou desde 1999.

O ano 2006 comeza con bos auspicios; Citroën culminaba o primeiro trimestre deste ano cun incremento de produción do 5% sobre o ano anterior, unha perspectiva que parece estenderse ao conxunto do sector en España. A fábrica viguesa do grupo PSA produciu 422.946 vehículos en 2005, cunha caída do 7,7%, algo inferior á rexistrada no cadro antes comentado, segundo as cifras ofrecidas por *La Voz de Galicia*, 27 de xaneiro de 2006.

Con certa aprehensión foi acollida en Vigo a noticia da clausura definitiva do centro de produción que o grupo PSA mantiña na Gran Bretaña, nas proximidades de Coventry. O peche da factoría británica, que contaba con 2.300 traballadores e montaba na actualidade o Peugeot 206, foi xustificada polo seu diferencial en custos operativos e loxísticos que a inhabilitaron para fabricar o novo modelo –o 207– finalmente asignado ás fábricas de Poissy (Francia) e Villaverde (España).

A industria auxiliar do automóbil que rodea a factoría de Citroën en Vigo continúa amosando un gran dinamismo como demostra o progreso exhibido nas cifras de emprego e facturación nun contexto tan incerto coma o actual. É certo que o medio industrial vigués non conta coa cabeceira de ningún dos grandes grupos españois nin ostenta, en consecuencia, importantes intereses empresariais na actividade (Grupo Antolín, Gestamp Automoción, Mondragón Automoción, Cie Automotive, Ficosa). A excepción é Dalphimetal, a sexta sociedade desta relación de líderes sectoriais, (*Expansión*, 20 de maio de 2005) que podemos considerar viguesa por localización e traxectoria a pesar da súa composición societaria.

A sólida localización de Dalphimetal na eurorrexión galaico-portuguesa, cualificada con ironía e sensibilidade histórica –calidades non moi frecuentes na cultura empresarial galega– de «condado de Pedro Madruga, a nosa zona natural de expansión» polo presidente de Dalphimetal, José Ramón Sanz Pinedo, concentra, efectivamente a actividade do grupo. Dalphimetal, con 21 centros produtivos en Europa, tres en Vigo e no Porriño, e un en Vila Nova da Cerveira, produce no medio vigués o 40% do seu *output* total e outro tanto en Vila Nova (*Faro de Vigo*, edición dixital, 8 de maio de 2006).

Dalphimetal é unha empresa singular dentro do *cluster* Ceaga. Cunha facturación de 371 millóns de euros, 2.000 empregados e unha posición de liderado na fabricación de volantes e airbags, a empresa, pertencente á familia Gras-Sanz (68,4%), e ás xaponesas Takata Petri (21,6%) e Nihon Plast (10%), notificaba un importante cambio na súa titularidade. O *hólding* norteamericano TRW Automotive (Michigan) facía

público un *investor briefing* (7 de setembro de 2005) onde informaba con amplitude dos termos da operación. O prezo de transacción comunicado pola adquirente do 68,4% do capital en poder da familia Gras-Sanz foi de 113 millóns de euros, cifra que permite avaliar o valor actual do grupo en 165 millóns, incluíndo a débeda viva da compañía que se eleva a 84 millóns. A operación foi xustificada polo grupo vendedor pola crecente complexidade técnica e comercial do negocio.

En circunstancias diferentes está Copo Ibérica, sociedade de capital galego do *cluster* Ceaga (30% da familia Yarza e participación indirecta de Caixanova a través de Ahorro Corporación) dedicada á fabricación de recheos de polímeros plásticos para asentos de automóbil e de alfomadas e colchóns para o mercado doméstico. O Grupo Copo, que rexistrou uns ingresos de 248 millóns en 2004 cun cadro de 1.963 empregados, acometía un plan de reestruturación co obxecto de recuperar a rendibilidade e axustar a súa rápida expansión dos últimos anos ás circunstancias do mercado. O grupo decidía pechar as súas plantas de Sevilla e Madrid e suspender investimentos previstos nos Estados Unidos, na China e Eslovaquia (*La Voz de Galicia*, 3 de maio de 2006). Con matriz en Mos e no Porriño, a súa rede de filiais descansa nun esquema de cooperación con outras sociedades do sector como a alemá Fehrer (Brasil, 2 plantas, Zaragoza, Barcelona), a francesa Thiery (Valencia, Portugal e Brasil) e Flex (Portugal e Cuba). O grupo Copo lidera o mercado español de recheos para asentos e alfombras de automoción cunha cota do 50%.

Outro grupo adscrito ao Ceaga, o francés Valeo, fabricante de compoñentes de cableado, con presenza en Ourense e no Porriño, procede na actualidade ao peche das súas factorías en España para trasladalas a países periféricos de custos laborais reducidos: Polonia, Marrocos e Tunisia. O movemento, iniciado en 2002, que se salda tamén co abandono das súas instalacións en Barcelona, comportou o cese da actividade que mantiña externalizada en centros penais galegos así coma o da súa factoría ourensá (2005). Nestes momentos dáse por feito (*La Voz de Galicia*, 26 de marzo de 2006) que o grupo abandonará tamén a planta que mantén no Porriño a finais de 2006 por alegada falta de traballo a partir do verán. A información dispoñíbel apunta á substitución na subministración a Citroën do grupo francés polo nipón Yazaki Corporation que prevé a súa entrada en actividade en Vigo no ano 2007. A plataforma da industria auxiliar viguesa do automóbil ten xa un inequívoco carácter multinacional con entradas e saídas coordinadas de maneira verosímil desde a alta dirección de PSA.

Outro grupo francés, Tréves (fundas de asentos e elementos de insonorización), operante en Galicia desde 1999 e con instalacións en Pontevedra, consolida a súa presenza galega. Cun investimento inicial de 7,2 millóns de euros e cunha facturación de 18 millóns en 2001, o grupo acadaba unha facturación de 35 millóns en 2004, cifra que prevía incrementar a 50 millóns no exercicio 2006 (*Expansión*, 14 de xuño de 2005). O grupo francés proxectaba a posta en marcha dunha ampliación da súa planta pontevedresa dedicándoa á almacenaxe e a actividades de reciclaxe. As perspectivas da firma inscríbense no lanzamento do novo modelo de Citroën que substituirá o Xsara Picasso, nunha nova comprobación da capacidade de arrastre das iniciativas da multinacional gala en renovación de modelos sobre o seu medio industrial inmediato.

A actualidade do *cluster* da automoción vén marcada polas novas factorías da xermana Benteler (fabricación de eixes, 300 empregados, 50 millóns de investimento), a xaponesa Denso (climatizadores, 300 empregos, 30 millóns) e o grupo líder español, Antolín (fabricación de asentos, 240 empregos, 20 millóns de investimento), todas elas en Vigo con posta en marcha prevista en 2006. Foi xa mencionado o Grupo Tréves, con instalacións así mesmo en Vigo e entrada en actividade en 2007.

Fóra de Vigo, como xa se informou en anteriores *Informes*, está prevista a apertura en Marín do Grupo Gonvarri (chapa, 75 operarios, 27 millóns de investimento); unha empresa participada por Gestamp ao 25%.

A provincia ourensá, especialmente castigada por deslocalizacións recentes (Labiñal, Valeo), asiste tamén a movementos de entrada. É o caso da suízo-catalá Rieter Saifa (paneis insonorizadores, 150 traballadores segundo algunhas informacións, investimento de 10 millóns) que previñera a súa instalación na Rúa ou, alternativamente, en Ourense, na planta abandonada por Valeo. A indefinición da empresa sobre a súa localización definitiva no noroeste peninsular (entre Valladolid e Vigo), as condicionantes impostas pola Administración galega sobre o procesado dos residuos que a factoría vai xerar na súa actividade produtiva e outras razóns atrasaron a decisión de implantación da empresa inicialmente prevista para o ano 2005. Informacións máis recentes sitúan definitivamente a planta na Rúa (Valdeorras) con posíbel data de entrada en funcionamento en 2007.

A que si comezou a operar no Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense) a comezos de abril de 2006 foi a británica Wagon Automotive (teitos acristalados, estores e parasoles). A empresa, cunha rede de 18 factorías en Europa, prevé operar a plena capacidade a mediados de 2007 e non descarta duplicar a súa dimensión en Galicia se a demanda o xustifica. O investimento en Ourense cífrase en 35 millóns, segundo algunhas fontes (*La Voz de Galicia*, 6 de abril de 2006) e en 6,6 segundo outras (*Expansión*, 19 de xaneiro de 2006). O novo modelo de Citroën é, de novo, o factor de localización que desencadeou a decisión.

Unha noticia que nos decepcionou facíase pública a comezos de 2006, referida ao concurso de demanda de subvencións para programas de investigación aplicada na industria. A decisión da Administración central decidía orientar cara a outros destinos as axudas públicas previstas no programa Cenit (Consortios Estratégicos Nacionales de Investigación Técnica) de estímulo a actividades de I+D+i dotado con 200 millóns de euros. O 70% das axudas contempladas asignouse a empresas localizadas en Cataluña, no País Vasco e en Madrid (entre elas Pharmamar), talvez en aplicación do principio de causación acumulativa coñecida nos textos de economía do desenvolvemento como principio de San Mateo: «a quen ten váiselle dar». O obxectivo do programa Sycada, redactado por PSA, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e 17 firmas de alta tecnoloxía agrupadas no Ceaga, xunto coa Universidade de Vigo e co Instituto de Investigación Aplicada do Automóbil de Cataluña, centrábase en desenvolver aplicacións na área crítica da electrónica do automóbil. A subvención solicitada, que ascendía a 43 millóns de euros, foi finalmente desestimado polo Ministerio de Industria en favor da solicitude da Seat para investigar sobre a fabricación de compo-

ñentes de aceiro que se alzaba cunha subvención de 30 millóns de euros (*La Voz de Galicia*, 7 de abril de 2006). A Administración galega, que establecera no seu programa de goberno a promoción das actividades de I+D+i, non andou remiso desta vez e anunciou por medio da Dirección Xeral de I+D que se propoñía impulsar o programa Sycada –en cuxa redacción interviñera directamente a través da súa participación no CTAG– se ben non detallou de momento a fórmula e o calendario de colaboración.

O CTAG continúa na súa liña de crecemento en facturación e persoal. A comezos de 2006 facíase pública a contratación de 28 enxeñeiros electrónicos procedentes na súa maioría do Centro de Investigación da Seat en Martorell. Este Instituto galego, dedicado especificamente a actividades I+D do sector do automóbil, era fundado en 2002. Contaba a principios de 2006 con 134 empregados cualificados e proxectaba aproximarse aos 200 a finais de ano, cunha facturación prevista de 7,5 millóns de euros. É o mellor expoñente do esforzo modernizador cooperativo desenvolvido en Galicia para impulsar prácticas innovadoras a partir dunha base industrial sólida e comprometida no futuro do sector.

Comentabamos no *Informe 2004* o fracaso da compostelá Urovesa no concurso para dotar de 750 vehículos todoterreo o exército español. O modelo VAM-TL da firma compostelá perdía finalmente ante o *Anibal* da firma *ijenense* Santana Motor nunha escolla onde se quixeron ver motivacións políticas ligadas á dependencia pública da firma andaluza. A compensación, esperada na firma compostelá, materializouse recentemente co pedido de 200 vehículos anuais do tipo VAM-TAC («vehículo de alta mobilidade táctica» de 1,5 toneladas de carga contra 1 tonelada do VAM-TL, obxecto do concurso anterior, perdido en 2004 fronte a Santana). Espérase que o concurso agora gañado acade o millar de unidades durante os próximos cinco anos, segundo as necesidades e os recursos dispoñíbeis do exército o aconselle. Urovesa acada os 25 millóns de facturación, ten 80 empregados directos e conta con departamento de enxeñaría propio. O recente pedido reforza o futuro inmediato da firma, que cifra o seu empeño agora en introducir o seu vehículo máis lixeiro en usos civís, (*La Voz de Galicia*, 8 de novembro de 2005; *Expansión*, 8 de novembro de 2005, *Cinco Días*, 20 de xullo de 2005).

A incipiente industria galega de compoñentes para a construción aeronáutica (Delta Vigo, fundada en 1947; Componentes Aeronáuticos, situada no Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense (PTG) e operativa desde finais de 2001 e Laddes Works, tamén no PTG de Ourense e con inicio de actividades en 1999) debátese na procura de pedidos coa atención posta na disputada participación de CASA na carteira de EADS (European Aeronautic Defence and Space) e nos planos de produción do Eurofighter en Albacete. A perda de oportunidades das factorías galegas en favor das localizadas noutras Comunidades está sometendo a proba a este segmento precursor merecente da maior atención (*La Voz de Galicia*, 28 de abril de 2006, 12 de novembro de 2005, *Expansión*, 1 de xullo de 2005). Neste contexto, Gamesa desprendíase da súa planta ourensá, Coasa, a prol dun grupo investidor encabezado pola Caja Castilla-La Mancha.

O grupo empresarial ourensán Pérez Rumbao, ligado á representación de vehículos de importación e á carrozaría, culminaba unha operación de expansión euro-rexional coa adquisición da carroceira portuguesa Camo, en Vila Nova de Gaia. O grupo,

que ten unha planta carroceira nas inmediacións do PTG ourensán, Unvi, amplía desta maneira a súa plataforma produtiva cunha nova factoría coa que viña mantendo relacións desde hai anos. O importe da operación estímase en 10 millóns de euros e contou coa cooperación financeira de Xesgalicia. A carrozaría ourensá suma agora un cadro de persoal de 300 empregados cun nivel de facturación de 25 millóns anuais (*La Voz de Galicia*, 3 de xaneiro de 2006), configurando desta maneira a outra opción galega á compostelá Castrosua.

Transformación da madeira

A substitución de Caixa Galicia como accionista de referencia de Ence por Juan Luís Arregui, fundador de Gamesa en 1976 (aeronáutica, enerxías renovábeis) e o maior accionista individual de Iberdrola (1,243%), é a noticia que preside a actualidade do sector. A operación iniciábase a mediados de setembro de 2005 coa adquisición do 6,8% do capital da compañía pasteira a Caixa Galicia en 40 millóns de euros. A entidade financeira reduciu a súa participación ao 10,04%.

Arregui encadea a continuación unha serie de operacións de compra que o sitúan a mediados de abril de 2006 no 12,52% do capital a través da sociedade instrumental Retos Operativos XXI, igualando así en participación á sociedade dos Albertos, Alcor Holding, despois de esta adquirir case simultaneamente o paquete accionarial (6,5%) do Banco Zaragozano (Barclays). A Caixa Galicia co 10,04%, Cajastur co 5,77% e Atalaya Inversores co 5,01% conforman o paquete accionarial das caixas e investidores asociados a elas; o resto (54,14%) sitúase na bolsa.

O cambio accionarial en Ence provocou a substitución de J. L. Méndez por Arregui na presidencia da sociedade aínda que Caixa Galicia, que conserva dous conselleiros na empresa e o seu posto na Comisión Executiva, manifestou o seu compromiso de permanencia na sociedade.

A reconfiguración accionarial da sociedade supón a fin definitiva da alianza de Caixa Galicia co Banco Zaragozano (en poder de Barclays actualmente) e Bankinter que conseguira a adxudicación de Ence na poxa pola súa privatización de mediados de 2001. As operacións que comentamos viñeron precedidas da retirada da portuguesa Portucel que decidía colocar en bolsa o 8% do capital que mantiña, a principios de 2005, unha vez frustrada a súa intención de tomar o control da sociedade co concurso de Sonae e do Banco Pastor.

A día de hoxe, Ence é un grupo poderoso cun valor en bolsa superior aos mil millóns de euros a finais do primeiro trimestre de 2006. A súa produción de pasta acada os 1,04 millóns de toneladas e os ingresos do grupo 679 millóns de euros (571 por vendas) cun ebitda de 155,5 millóns, en datos de 2005.

O proxecto máis ambicioso que desenvolve actualmente o grupo pasteiro localízase en Fray Bentos (Uruguay), á beira do río Uruguay, separada por apenas 6 km da localidade arxentina de Gualeguaychú. O proxecto data do ano 2001 no que Ence recibía autorización oficial para instalar un complexo papeleiro con capacidade de produción

de 500.000 toneladas/ano de pasta, unha instalación industrial que complementaba a propiedade de 70.000 hectáreas de bosque adquiridas pola sociedade na república uruguaia. Moi próxima á localización de Ence, a empresa papeleira finlandesa Botnia, instala outra planta pasteira con capacidade para un millón de toneladas. As protestas ecoloxistas e cidadáns –con eco tamén en Uruguay– derivaron nun enfrontamento entre os gobernos arxentino e uruguaio.

Desde Galicia merece especial atención a aspiración de Ence a facerse coa compañía Ciba (Figueira da Foz, Portugal, 300.000 toneladas/ano de pasta), pertencente ao grupo sueco-finlandés Stora-Enso. Tamén aspiran a este activo industrial as portuguesas Portucel e Altri, segundo a información actual.

Os retos inmediatos do novo equipo director de Ence residen, á parte de dar cabo do ambicioso proxecto americano orzamentado en 600 millóns de euros, con posta en marcha prevista para 2008, no desenvolvemento das posibilidades enerxéticas do grupo. Ence conta cun superávit de dereitos de emisión cifrada en 683.295 toneladas de CO₂, segundo informacións recentes (*Expansión*, 3 de maio de 2005), ao mesmo tempo que a súa implantación uruguaia lle asegurará créditos ambientais baixo a modalidade MDL (mecanismos de desenvolvemento limpo). En resumo, unha prometedora posición no mercado de dereitos de emisión, naturalmente sen descoidar a actividade de coxeración a partir de residuos forestais onde se inscribe o plan da firma de incrementar un 34% o seu nivel de autoxeración eléctrica (51 Mw máis: *Expansión*, 18 de outubro de 2005) na súa factoría de Huelva no horizonte de 2010.

O Grupo Losán (López Sánchez, Curtis), dedicado á fabricación de taboleiro recuberto de chapa e de papeis melaminizados persevera na súa estratexia baseada na ampliación da capacidade produtiva e loxística mediante a internacionalización da súa actividade. O grupo que ten a súa sede en Curtis, con dúas plantas de produción, posúe tres máis en territorio español: Soria, Cuenca e Ciudad Real. En Europa abriu factorías en Holanda (Emmmen) e dúas máis en Romanía (Bashov e Bucarest, esta última en 2005). Tamén está presente no mercado suramericano coa adquisición da maioría do capital de dúas pequenas firmas, unha en Brasil (Brasil Wolff) e outra en Chile (Chile Colcura), aproveitando as dificultades financeiras que atravesaban. A firma coruñesa conta ademais con almacéns de distribución en Valencia (Channel Venners), Porto e Milán. A meteórica expansión da firma nos últimos anos configura un grupo de presenza multinacional cun cadro de persoal que ascende xa a 1.300 empregados, cunha facturación agregada de 212 millóns de euros e cun beneficio consolidado de 4,7 millóns, en cifras de 2004 (*Expansión*, 10 de xuño de 2005, 20 de outubro de 2005).

Nun segmento semellante opera Faus Group (Gandía, Valencia, 1953), líder mundial de fabricación de solo laminado –un substituto do parqué– e de elementos de madeira para equipamento de edificios, como portas e molduras. O grupo, que ten carácter familiar, foi vendido polos seus propietarios e polo fondo de capital de risco 3i á Corporación Caixa Galicia, acompañada para a ocasión dun grupo de investidores galegos e do actual equipo xestor da compañía. A operación, que tiña lugar a finais do mes de abril de 2006, pechouse en 100 millóns achegados ao capital máis un préstamo de 95 millóns, financiado por Caixa Galicia. A operación parece importante se

atendemos á magnitude da empresa adquirida. A súa facturación acadou os 180 millóns de euros en 2005, con previsións de peche a 200 millóns en 2006, unha cota de exportación do 80% da súa produción dirixida a un total de 45 países, 1100 empregados, dúas plantas de produción nos Estados Unidos (Xeorxia) e China (Shanghai). A Corporación CXG, que se reserva o 45% do capital da empresa valenciana, inscribe a operación na súa vocación de presenza en sectores e actividades estratéxicas para a economía galega.

De dimensión moito menor pero tamén con marcada vocación internacional é o caso da empresa Martínez Otero da Estrada, fornecedora dos elementos decorativos de todas as tendas de Zara. A empresa, que opera actualmente baixo a firma Martínez Otero Gestión, foi fundada en 1941 por María Otero, e organizase en tres divisións: Contract, dedicada a subministracións a instalacións comerciais e hoteleiras; Martínez Otero Colección, dedicada á fabricación de mobiliario de gama alta (hoteis Hilton de Barcelona e Valencia, Meliá en Formigal, etc.) e Martínez Otero Estructuras ao servizo da industria do móbel. O nivel de facturación é aínda modesto (15 millóns de euros en 2004) pero non así a orientación e a estratexia de crecemento do negocio. O empresa estradense acaba de crear unha fundación para a promoción do deseño do móbel que facía entrega do seu primeiro Premio de Deseño Industrial no ano 2005 (*Expansión*, 12 de maio de 2005).

O sector galego da madeira dista de ver esgotada a súa capacidade de crecemento e diversificación. Con 6,5 millóns de metros cúbicos de produción anual de madeira –50% da produción española e proporcións semellantes en produción de toradas de madeira e madeira serrada– máis un 60% do taboleiro producido en España e un 20% de pasta de celulosa, o sector forestal está pendente dun plan actualizado, reclamado polas organizacións de propietarios e polos industriais implicados. Tanto o Cluster da Madeira coma o CIS Madeira teñen unha importante tarefa por desenvolver na que o *cluster* do automóbil pode servir de inspiración.

Confección

Inditex (Zara, Pull and Bear, Massimo Dutti, Bershka, Stradivarius, Oysho, Kiddi's Class, Zara Home) convertíase no primeiro grupo téxtil de Europa en volume de ingresos ao pechar o exercicio 2005 cunha facturación de 6.740,8 millóns de euros. O seu inmediato competidor a firma sueca H&M quedaba este ano en 6.562 millóns.

O ano 2005 pechábase co abandono do grupo por un artífice indiscutido do *miragre Zara* durante os seus 30 anos de colaboración con Amancio Ortega, José María Castellano, e a súa substitución por Pablo Isla. O grupo líder da confección abría neste ano 448 novas tendas, executaba un investimento de 812 millóns de euros e creaba 11.144 novos empregos (3.884 en España) que situaban o seu cadro de persoal nos 58.190 empregados. A marxe bruta sobre facturación situábase ao final de 2005 no 56,2%, o mellor desde que cotiza en bolsa, e o ebitda da compañía alcanzaba os 1.459,3 millóns, cun resultado neto de 803 millóns de euros.

O grupo Inditex acada un valor de 19,82 miles de millóns de euros segundo a cotización en Bolsa a 31,8 euros/acción co que remataba o ano 2005. Un abraiante percorrido de tres decenios desde o ano 1975 en que se abría a primeira tenda Zara en A Coruña e comezaba o proceso de expansión.

A outra firma galega da confección cotizada en bolsa, Adolfo Domínguez, continúa a súa marcha ascendente tanto en resultados coma en extensión de rede comercial. A compañía remataba en 2005 cunha cifra de facturación algo superior aos 152 millóns de euros e un beneficio de 20 millóns, cun crecemento notábel a respecto do ano anterior. O valor da compañía ascendía a final de 2005 a 274,4 millóns de euros (350,3 millóns xa a mediados de abril de 2006). A compañía pechaba o 2005 cunha rede de 332 tendas, 170 delas en réxime de franquía.

No 2005 merece ser destacada a absorción de Antonio Pernas por Caramelo. Ambas as firmas coruñesas concluíron o seu acordo de fusión sinalando a complementariedade de ambas: dimensión e capacidade de xestión por parte de Caramelo, imaxe de marca e deseño por parte de Pernas. Caramelo pechaba o ano 2004 cunha facturación de 82 millóns de euros, cun ebitda de 6,4 millóns e cunha extensa rede internacional de puntos de venda. Pernas conta con 21 tendas, dez delas propias e o resto en réxime de franquía. A operación supón unha valoración de Pernas en nove millóns, con cláusulas financeiras condicionadas a resultados futuros. A nova sociedade deseñou un plan de expansión trienal co obxectivo posto en acadar un nivel de facturación de 150 millóns (*Cinco Días*, 25 de maio de 2005; *Expansión*, 26 de maio de 2005).

Roberto Verino daba o seu salto internacional en 2005 coa apertura de dúas tendas en México DF mediante o acordo establecido cunha firma de grandes almacéns de Liverpool. O próximo obxectivo da empresa é a apertura de trece tendas en diversos países do Oriente Medio en execución dun programa que se desenvolverá a partir de 2006. Roberto Verino Difusión prevía pechar 2005 cun nivel de facturación de 35 millóns de euros (*Cinco Días*, 19 de setembro de 2005).

O sector galego da confección –o segundo éxito indiscutíbel da renovación do tecido industrial galego operado no último terzo do século pasado, xunto co sector da automoción– afronta unha conxuntura de redefinición, marcada polos esforzos de internacionalización e pola presión crecente da competencia chinesa, empeñada actualmente en innovar en deseño e distribución e imbatíbel en prezos. Deixando á parte o caso Zara, o resto do sector resiste a base da solidez das marcas propias e a boa imaxe do seu deseño; non obstante, o excesivo espallamento de firmas e estratexias de negocio. As perspectivas do sector non son excesivamente optimistas, en cambio, para as pequenas sociedades con casos como os da ferrolán Unicen que atravesaba unha complicada situación concursal a mediados de 2005. Con todo e iso, Texvigo, o proxecto da cidade téxtil viguesa mencionada en anteriores ocasións, parece estar a punto de entrada en actividade despois de superar atrasos sobre o proxecto orixinal. Texvigo, que agrupa a 46 empresarios do sector no parque tecnolóxico de Valadares, previra abrir finalmente o seu parque empresarial específico no primeiro semestre de 2006.

Alimentación

A alimentación é un sector industrial decisivo na estrutura económica de Galicia: 16,7% do emprego industrial con 26.441 afiliados á Seguridade Social. En 2005, 19,1% da facturación industrial con 4,4 miles de millóns de euros en cifras de 2004. Esta realidade pasa normalmente desapercibida debido á parsimonia informativa e á complexidade que caracterizan o sector. As grandes firmas deste como Pescanova e Coren non adoitan protagonizar a actualidade informativa mentres a complexidade dalgúns dos seus subsectores (lácteo, conserveiro, conxelador, bebida, alimentación animal...) contribúe a esvaeecer a dinámica sectorial. Con todo, o sector non deixa de proporcionar novas e iniciativas demostrativas da súa vitalidade. O elo ausente segue sendo o progreso dun segmento agroindustrial capaz de prolongar a oferta agrícola, especialmente no caso da industria láctea.

A industria conxeladora e conserveira

O ano 2005 pechaba cun valor de Pescanova en bolsa de 328,25 millóns de euros a un prezo de 25,25 euros/acción en franca progresión nos últimos cinco anos. Pescanova pechaba en 2005 cun resultado bruto de explotación de 59,44 millóns de euros

Cadro núm. 25

Evolución das maiores empresas do sector conxelador galego

(Empresas manufactureiras e/ou comercializadoras.

Datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
1.000	Grupo Pescanova	Vigo	3.696	170,03	932,59	3,3
135	Eduardo Vieira	Vigo	2.029	*3,24	126,03	0,0
101	Iberconsa ¹	Vigo	653	12,24	93,90	-5,2
97	Grupo Pescapuerta	Vigo	1.500	*15,12	90,00	-2,2
91	Marfrio	Vigo	22	*3,66	85,25	-3,4
80	Grupo Pereira	Vigo	600	*5,23	75,00	-2,8
78	Fandicosta ²	Moaña	224	*4,39	73,00	-1,0
77	Isidro de la Cal Fresco**	A Coruña	135	*1,47	71,50	-0,4
53	Congalsa	Ribeira	303	12,39	49,10	15,9
48	Frigoríficos Fandiño ²	Vigo	68	22,42	44,97	-5,0
44	Angel López Soto ¹	Ribeira	198	8,58	40,98	3,0
39	Galfrio	Marín	80	5,76	36,19	101,4
33	Facore	Vigo	3	*0,36	30,80	0,3

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

Pescanova: cifras consolidadas do Grupo.

* Só capital social.

** Mantén outras liñas de actividade.

¹: Fortes vinculacións accionariais.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

(39,90 en 2004) ao mesmo tempo que rozaba o fito simbólico de facturación dos mil millóns de euros. O primeiro trimestre de 2006 confirmaba e ampliaba esta visión confortante da empresa. O seu forte posicionamento viuse favorecido nestes momentos pola inquietude existente sobre a extensión da gripe aviaria amplificada polos movementos de anticipación dos xestores bolsistas.

O accionariado de Pescanova experimentaba un cambio significativo no seu perfil tradicional a finais de 2005 coa saída do grupo surafricano Imperial Cold Storage, ICS, que formaba parte do núcleo permanente da sociedade practicamente desde a súa fundación. O importante paquete accionarial de ICS, de arredor do 19%, provocou unha importante reconfiguración accionarial que sitúa o centro de gravidade arredor do seu presidente Manuel Fernández de Sousa Faro e aos accionistas galegos de referencia: Manuel Fernández, 24,9% (antes, 20,9%), Corporación Caixa Galicia, 16,9% (antes, 10%), Alfonso Paz Andrade, 5%; Caixanova, 5%: 51,4% en total. Outros accionistas importantes son o fondo de investimento Bestinver e EBN Banco, no cal participan varias caixas españolas, con porcentaxes respectivas de 5,3% e 5%.

Pescanova é unha firma de referencia mundial por magnitude da frota, volume de capturas, actividade de ultraconxelación, distribución e, máis recentemente, acuicultura. A actualidade informativa sectorial focalízase nestes momentos precisamente arredor do programa de desenvolvemento acuícola do grupo na costa galega.

Cadro núm. 26

Evolución das principais empresas do sector conserveiro galego

(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos* propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
1.000	Grupo Jealsa (Escrúis incorporado)	Boiro	1.500	17,67	309,00	2,7
996	Grupo Calvo	Carballo	3.000	24,87	307,90	19,5
485	Frinsa del Noroeste	Ribeira	309	5,67	150,00	18,8
286	Bernardo Alfageme	Vigo	200	0,59	88,50	9,8
233	Hijos de Carlos Albo	Vigo	374	1,80	72,00	3,1
133	Pita Hermanos	Vilagarcía	222	0,59	41,00	0,5
129	Facore**	Vigo	5	0,36	39,80	0,3
120	Conservas del Noroeste	Vilaboa	39	1,73	37,00	3,0
117	A. García López (Pescamar)	Poio	120	0,19	36,00	7,3
110	Thenaise Provote	Vigo	203	2,32	34,00	13,0
107	Conservas Friscos	A Pobra	350	0,75	33,00	-27,2

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

* Só capital social.

** Facore, Fabricantes Conserveiros Reunidos, dedícase ao fornecemento de materias primas aos seus socios.

Exclúese desta relación Garavilla (180 millóns de euros de facturación en 2004), que ten no Grove unha das súas dúas plantas en España.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

O protagonismo de Galicia na acuicultura española debido ata o momento ao mexillón confirmárase no segmento dos cultivos de piscifactoría (15% da produción española, 21,5% do valor) e de crustáceos, por máis que nesta actividade, en plena expansión, comunidades como Andalucía xogan un importante e crecente papel. A especial calidade das augas oceánicas galegas e a dotación dun feixe de empresas expansivas e innovadoras: Stolt, Isidro de la Cal, Pescanova/Insuñña, Insuamar, Piscícola del Morrazo, entre outras, son a mellor garantía do futuro desta actividade.

No ámbito dos investimentos internacionais de Pescanova, son dignos de mención a adquisición da sociedade namibia, Lalandii, aproveitando a conxuntura no caso de que esta se atope en proceso de liquidación (*Expansión*, 6 de outubro de 2005). A firma viguesa manifestou así mesmo a intención de instalarse en Pernambuco (Brasil) para producir 10.000 toneladas de *tilapia*, unha especie tropical en rápida expansión (*La Voz de Galicia*, 28 de marzo de 2006). A primeira operación consolida a tradicional presenza de Pescanova no país africano, coa segunda confírmase o decidido interese da multinacional viguesa no ramo da piscicultura.

O sector conserveiro é o paradigma de segmento actividade maduro que manifesta a súa vitalidade en movementos de simplificación do mapa empresarial orientados cara á procura dun esquema de oferta eficiente nun mercado estancado. Un sector, en todo caso, de esmagadora hexemonía galega mesmo no conxunto da Unión Europea. O desafío que actualmente afronta é o da defensa contra a crecente competencia da oferta asiática mediante estratexias de innovación en produto e deslocalización parcial de actividades, fundamentalmente cara a países suramericanos con demanda expansiva e salarios moderados. O fantasma das marcas brancas, os voluminosos requirimentos financeiros dos proxectos de innovación, a escaseza de recursos propios e de rendibilidade e a fragmentación familiar lastran o sector.

Segundo datos procedentes de Anfaco referidos ao 2005, (*La Voz de Galicia*, 12 de febreiro de 2006), Galicia contribuíría con 254.000 toneladas procesadas e cun volume de negocio de 1.000 millóns de euros ás cifras españolas (300.000 toneladas e 1.158 millóns). O liderado galego ten o seu núcleo produtivo, tanto en termos físicos coma pecuniarios, no procesado do bonito (153.000 toneladas e 353 millóns de euros), seguido do da sardiña e do mexillón.

Dúas operacións sectoriais significativas tiveron lugar nos últimos meses: a reconfiguración accionarial en Conservas Garavilla –empresa fundada en 1887– e a venda da veterana sociedade viguesa Bernardo Alfageme, fundada en 1873.

A principios de 2006 o BBV poñíalle fin á súa presenza na compañía dos Garavilla, que se remontaba ao ano 1973. A operación instrumentouse coa venda do 41% que mantiña en Conservas Garavilla (Conservas Isabel) á familia titular. A compañía, con sede en Bermeo (Bizkaia) ten dúas factorías en España (no Grove e en Mundaka) e outras dúas no exterior (Agadir, Marrocos e Manta, Ecuador). A súa facturación no ano 2005 ascendeu aos 165 millóns de euros cun emprego de 2.231 operarios, moi por debaixo das dúas empresas galegas que lideran o sector, Jealsa e Calvo. A operación, propiciada e financiada polo BBV, inscíbese na proclamada política deste banco de desinvestir no sector da alimentación.

A outra operación mencionada ten ámbito estritamente galego. Trátase da compra por parte de Inversiones Louredo (que acababa de adquirir o 100% de Conservas Peña, Vilaxoán, e tamén de Conservas Castiñeira, Ribeira) de Conservas Alfageme (Miau). Bernardo Alfageme viña perdendo peso nos últimos anos nun proceso involutivo que provocou o peche das súas plantas en Algeciras e Asturias e o inicio de trámites para a clausura da que mantén no Grove. Con todo, a empresa, acreedora dun ben gañado prestixio de marca mantén, á parte da factoría grovense, outras dúas máis, a fábrica matriz de Bouzas e outra situada en Ribadumia (Cambados). A facturación de Alfageme en 2005 situábase nos 85 millóns de euros.

Thenaise Provoté é a primeira empresa de tamaño mediano que dá o salto ao Atlántico, seguindo o exemplo dos líderes, Calvo (Venezuela, El Salvador, Brasil, á parte de Marrocos) e Jealsa (Chile, Guatemala, e tamén Marrocos). O lugar elixido foi Paita, no norte de Perú, e o investimento, acometido ao 50% cun grupo investidor local, ascendería a un millón de euros. A data de entrada prevista é o final de 2006 (*Expansión*, 15 de febreiro de 2006).

Industrias lácteas

O profundo malestar dos produtores lácteos púxose de manifesto na primavera de 2006. A situación parece merecente de atención pública dado o manifesto desequilibrio entre un mercado formado polas 14.000 explotacións oferentes illadas que se estima que existen actualmente en Galicia e a ducia escasa de demandantes organizados que fornecen as grandes cadeas de distribución. Marcas brancas, leite negro, importacións conxunturais (974.873 toneladas en 2004, contra 402.191 toneladas exportadas) forma o ruído de fondo deste conflito permanente.

Segundo datos da Federación Nacional de Industrias Lácteas (Fenil) (*Expansión*, 24 de xaneiro de 2006), os seus asociados, que agrupan o 95% da produción española de leite, facturaron en 2005 máis de 6.000 millóns de euros. O 78% deste importe, de acordo coa mesma fonte, concentrábase en 14 empresas entre as que se atopan a totalidade das rexistradas no cadro 27, agás Feiraco.

A situación do sector é paradoxal. O fondo de capital de risco (operadores financeiros especializados na compravenda de empresas con expectativa de plusvalía) Agrolimen, lanzaba a principios de 2006 unha oferta de compra sobre a Central Lechera Asturiana, líder do sector en España, por un importe de 300 millóns de euros. A prensa especializada explicaba o aparente desatino da atracción dun sector con marxes mínimas e perspectivas inestábeis para este segmento de operadores financeiros na procura de plusvalías rápidas (Itziar Elizalde, *Expansión*, 24 de xaneiro de 2006) no irrefreábel movemento cara á concentración que experimenta actualmente o sector. A liberalización do sector en 2015, aseguraba o director de Prolec (segunda organización patroal), «requirirá un proceso de concentración no que deberían participar os gandeiros». Unha amarga constatación para o sector galego que perdeu todas as oportunidades nun proceso de colapso inconcibíbel. A iniciativa de Agrolimen foi finalmente rexeitada pola empresa asturiana mais o proceso de concentración está en marcha

como confirman feitos como os da alianza lembrada a principios de 2006 entre as multinacionais operantes en España, Lactalis (antiga Besnier) e Nestlé.

Unha noticia satisfactoria que cómpre destacar é a da compra por parte de Jesús Lence (Leite Río, Lácteos Lence) da factoría de Leyma en Arteixo en 12,5 millóns de pesetas, efectuada a mediados do ano 2005. Un paso máis na consolidación do grupo que lidera nestes momentos a recuperación do protagonismo empresarial galego no sector lácteo. Nos primeiros meses de 2005, Leite Río abría a súa terceira planta envasadora no Polígono lucense do Ceao (segunda neste polígono da firma que ten en Lán cara a súa factoría matriz). O investimento executado ascendeu a 21 millóns (*Expansión*, 15 de abril de 2005).

Cadro núm. 27

Evolución das principais empresas do sector lácteo galego

(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
1.000	Grupo Leche Pascual España**	Outeiro de Rei	4.162	*12,73	850,00	3,7
783	Corp. Alim. Peñasanta - Capsa (Larsa)**	Vilagarcía, Outeiro de Rei	1.423	*92,32	665,46	1,1
585	Puleva Food - Ebro Puleva**	Nadela	1.304	*30,10	497,08	1,9
323	Leche Celta (Dean Foods-Suiza Foods)**	Pontedeume, Meira	298	57,90	274,19	11,4
271	Clesa (Lácteos del Atlántico)**	Caldas de Reis	1.379	*9,29	230,00	-2,6
168	Leite Río (Lácteos Lence)	Lugo, Lán cara	91	*28,00	142,50	17,7
109	Feiraco	Negreira	277	*9,59	93,00	-5,5

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

* Só capital social.

** Manteñen outras liñas de actividade.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

Feiraco prosegue mentres o seu plan de reestruturación coa axuda do Igape. A sociedade cooperativa nicrariense pechaba un acordo coa vasca Iparlat para a comercialización conxunta de parte da súa produción en réxime de marca branca, informaba así mesmo a prensa económica.

Industria cárnica, produción avícola e pensos

A carne de vacún galega con denominación de orixe, Ternera Gallega, superaba en 2005 o nivel de produción das 15.000 toneladas, cunha facturación de 71,1 millóns de euros, 7,8% máis có exercicio anterior. A cifra, resultado do esforzo de información

Cadro núm. 28

Evolución das principais empresas do sector cárnico galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
Avicultura						
1.000	Grupo Coren**	Ourense	3.500	120,30	837,82	9,50
101	Doux Ibérica, Grupo**, (Avícola Galicia)	Pontevedra	472	*3,00	85,00	-11,80
29	Cooperativa Conejos Gallegos (Cogal)	Rodeiro	80	*0,385	24,00	0,00
Elaborados Cárnicos						
169	Frigolouro/Grupo Coren	O Porriño	541	*9,14	141,20	10,20
39	Novafrigsa** /Grupo Coren	Lugo	96	*2,46	33,09	10,30
21	Matadero Frigorífico Montellos	Betanzos	82	*0,54	18,00	0,00
21	Albino Real e Hijos	O Barco	24	*0,06	17,99	12,70

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

* Só capital social.

** Manteñen outras liñas de actividade.

Coren e Doux: cifras consolidadas do Grupo.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

e establecemento dunha considerábel rede comercial en España (800 puntos de venda), beneficia os 6.571 gandeiros agrupados na Denominación (*Expansión*, 10 de febreiro de 2006). O bo comportamento dos prezos no exercicio contribuíron tamén á mellora experimentada. Unha interesante iniciativa de Ternera Gallega é o lanzamento da Cooperativa Galega de Carne Ecolóxica, Cogace, con marca propia e mellores na técnica de envasado.

Coren continúa ocupando a súa posición de referencia no sector da carne de ave e de fabricación de pensos. Frigolouro, a súa filial máis importante, desenvolve un proxecto de pratos preparados con investimento de 12 millóns de euros que prevía poñer en funcionamento a mediados de 2007. Novafrigsa, a filial luguesa do grupo dedicada ao procesado da carne de vacún e ao curado de xamóns, amosa tamén un comportamento satisfactorio a vulgar pola evolución da cifra de facturación.

A facturación de Coren en 2004 incorpora unha compoñente exportadora que ascendeu a 65 millóns de euros. Os mercados arxentino e británico experimentaron unha evolución moi satisfactoria no ano, segundo fontes da compañía, que apuntaban así mesmo a México e Chile como mercados prometedores.

Unha iniciativa destacábel é a da alianza acordada en réxime de *joint venture* ao 50% entre Coren e Conxelados Clavo, con factorías esta en Caldas e Tordesillas. A fórmula comercial pretende aproveitar as sinerxías dunha oferta conxunta de conxelados e precociñados de peixe e carne (*Expansión*, 18 de maio de 2005).

Cadro núm. 29

Evolución das principais empresas do sector de fabricación de pensos galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
Pensos e produción animal						
1.000	Grupo Coren**	Ourense	3.500	120,30	837,82	9,5
29	Coren Agroindustrial (Coop. Agropecuaria Lugo)	Outeiro de Rei	–	*5,44	24,00	0,0
266	Grupo Saprogal (Conagra)	A Coruña	540	*28,15	223,00	–
111	Coop. Feiraco**	Negreira	277	*9,59	93,00	-5,5
70	Nudesa	Lalín	70	*0,206	58,50	20,4
33	Coaga	A Pastoriza	40	*1,62	27,66	10,6
Materias primas e aditivos						
836	Molturación Refino (Moyresa)	O Burgo	300	*60,16	700,00	7,7

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

* Só capital social.

** Manteñen outras liñas de actividade.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

Bebidas e industria vinícola

A actualidade segue protagonizada polo éxito do albariño nos mercados internacionais. A fragmentación de adegas e a confusión de marcas e valoracións vai perfilando, con todo, o protagonismo das empresas Martin Códax, Terras Gauda e Condes de Albarei, sen chegar a ameazar a preeminencia sectorial da Cooperativa do Ribeiro e de Bodegas Arnoya.

A evolución das colleitas pon de manifesto o liderado dos viños Rías Baixas sobre os Ribeiros e o resto das denominacións.

A proliferación de adegas e o carácter familiar de denominacións como Ribeira Sacra son trazos que o mercado terminará por axustar.

No segmento das augas e das cervexas, a estrela –ben gañada– é a de Estrella de Galicia que cumpría cen anos de actividade en 2006, cunha posición sólida e independente no mercado español. No ano 2004 procesaba 841.896 hectolitros de cervexa, cifra que a sitúa no lugar quinto da clasificación española, liderado pola multinacional europea Heineken que factura case que dez veces máis. A asociación con Begaño en augas e viños constitúe unha estratexia plausíbel entre os dous líderes galegos do sector.

Entre as empresas que envasan auga destacamos o caso de Fontecelta, con sede en Redondela e planta de embotellado en Céltigos, Sarria. Nacida no ano 1971, cambiaba de propiedade en 1986 (Disgobe, Horacio Gómez) e actualmente lidera o segmento de embotelladoras galegas, despois de Aguas de Mondariz (Grupo Vichy Catalán).

Cadro núm. 30**Evolución das principais empresas do sector de bebidas galego**
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2004	Empresa	Localización	Emprego	Recursos propios	Facturación 2004	% variación 2004/2003
Aguas de mesa e refrescos						
1.000	Grupo Vichy Catalan (Aguas de Mondariz)	Mondariz	725	50,68	119,85	11,0
988	Begano (Coca Cola, Galicia)	A Coruña	322	*5,89	118,46	13,1
66	Fontecelta S.A.	Sarria	50	*2,28	7,90	29,5
57	Aguas de Cospeito**	Cospeito	20	*3,47	6,80	32,8
53	Aguas de Cabreiroá**	Verín	45	6,06	6,40	-29,9
Bebidas alcohólicas						
834	Hijos de Rivera (<i>Estrella de Galicia</i>)	A Coruña	298	65,51	100,01	14,1
129	Coop. Vitivinícola Ribeiro S.C.L.	Ribadavia	30	5,00	15,50	8,0
92	Bodegas Arnoya	Ourense	15	3,82	11,05	25,4
58	Bodegas Martín Codax	Cambados	18	*1,64	7,00	2,0
55	Bodegas Terras Gauda	O Rosal	27	*3,22	6,60	6,7
45	Adegas Condes de Albarei	Cambados	21	*0,34	5,41	23,1

Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.

* Só capital social.

** 50% Begano, 50% Hijos de Rivera.

Fonte: Alimarket. Informe anual 2005. Elaboración propia.

A sociedade acometía investimentos para duplicar a súa capacidade de embotellado por importe de 6 millóns de euros. O obxectivo era o de acadar unha produción de 110 millóns de litros e elevar a súa facturación aos 12 millóns en 2005 (*Expansión*, 21 de xullo de 2005).

Outras actividades

Fora da industria no ámbito do sector das telecomunicacións, as sociedades operadoras con sede en Galicia, «R», de capital galego e «Tele 2», de capital sueco proseguen na súa traxectoria de desenvolvemento acelerado.

A operadora de cabo R superaba en 2005 o seu índice de rendibilidade cun nivel empresarial brillante: ingresos de explotación, 133,5 millóns de euros, investimento

Cadro núm. 31**Evolución das colleitas de viño en Galicia por Denominación de Orixe**

	Millóns de litros		Adegas operativas	
	2004	2005	2004	2005
Rías Baixas	22,7	21,1	186	190
Ribeiro	18,5	18,5	101	108
Valdeorras	6,5	8,5	42	44
Ribeira Sacra	4,7	3,8	99	105
Monterrei	1,2	1,2	16	17
Total	53,6	53,1	444	464

Fonte: *Expansión*, 04/10/2005.

acumulado en Galicia, 429,8 millóns; clientes totais, 509.957 (21,7%, clientes empresariais). A operadora que serve xa ás sete cidades galegas e aos concellos máis importantes continúa estendendo a rede pola Comunidade galega. O obxectivo que se marca é o de acadar os 580.000 usuarios en 2006 cun orzamento de 63 millóns de investimento neste exercicio, (*Expansión*, 27 de xaneiro de 2006).

A Tele 2 anunciaba no primeiro trimestre de 2006 a súa intención de manter a súa sede social e o seu enderezo operativo en Vigo. A firma, nacida nesta cidade no ano 1998 da man dos irmáns Portela, foi absorbida por unha firma italiana no ano 2000, que procedeu a vendela ao ano seguinte á portuguesa ONI (controlada pola portuguesa EDP) para ser adquirida finalmente pola firma sueca, fundada dous anos antes (1996) e convertida en poucos anos nun líder da comunicación. O prezo de adquisición, que se elevou aos 257 millóns de euros, xustifícase pola forte capacidade de xeración de recursos, polo percorrido esperado na xeración de ingresos e pola estratexia de control de cotas de mercado significativas.

Outra iniciativa empresarial no campo da información e a comunicación era a de Denodo, empresa coruñesa de servizos informáticos empresariais participada por Rosp Corunna (Rosalía Mera). Esta empresa tecnolóxica coruñesa conseguía concertar un préstamo participativo (con remuneración e devolución ligadas a resultados e garantía no propio negocio) de 0,9 millóns de euros coa Empresa Nacional de Innovación, Enisa. Denodo comezaba a súa aventura internacional co establecemento dunha oficina en Palo Alto, nos Estados Unidos, en 2005.

No segmento propiamente manufactureiro da industria da comunicación –Televés, Intelsis, Arteixo Telecom– a principal noticia que se debe valorar é a da resolución da crise de Intelsis provocada pola quebra do seu socio de referencia (65% do seu capital), a sociedade italiana TLC Tecnosistemi. O adxudicatario definitivo do proceso de poxa da empresa compostelá fundada polo enxeñeiro Gerardo García Campos foi o grupo madrileño STC, Sistemas de Telecomunicación y Control. A transmisión da propiedade, pendente dalgúns trámites na primavera de 2006, terá un carácter inmediato. Non transcendeu o prezo e as condicións finais da transacción. Un grupo aspirante galego dirixido por executivos da firma compostelá e da extinta Comunitel fracasaron no seu intento de adquirir o paquete de Tecnosistemi.

O líder deste sector en España é a compostelá Televés, promovida pola familia Bescansa en 1957, cabeza hoxe dun grupo de doce empresas de subministración para a industria das comunicacións. A facturación de Televés no ano 2004 ascendeu a 74,4 millóns de euros, con 26,8 procedentes dos mercados de exportación (*Cinco Días*, 17 de agosto de 2005). A empresa, que conta con 300 empregados, mantén dúas factorías en Santiago e outra en Maia (Portugal) e centros loxísticos en diversos países do mundo.

Arteixo Telecom, a empresa nacida con axudas públicas a partir dos activos de Alcatel en Arteixo, vendía as súas instalacións nesta localidade co obxecto de mellorar a súa estrutura financeira e laboral e intentar superar a situación de perdas pola que vén atravesando nos últimos anos. Situada agora nas Pontes, nas antigas instalacións de Italtel (outra experiencia de sucesión empresarial de carácter forzado, promovida con

axudas públicas e inscrita no programa de revitalización das Pontes). A sociedade projecta pechar o ano 2005 con beneficios cunha facturación superior aos 17 millóns de euros (*Expansión*, 9 de novembro de 2005).

O investimento estranxeiro declarado no «Rexistro de Investimentos» en Galicia

Os resultados acadados nos últimos anos sobre o fluxo de investimentos estranxeiros directos dirixidos a España amósannos como pouco a pouco vai perdendo atractivo como lugar propicio para a entrada de capital foráneo á vez que se converteu en exportador neto de capitais, de tal xeito que son as empresas españolas as que cada vez están máis interesadas en realizar investimentos produtivos no exterior. Tense que lembrar, non obstante, que nos últimos anos, propiciado polas vantaxes fiscais que proporcionan, proliferou o investimento en Empresas Posuidoras de Valores Estranxeiros (ETVE), sociedades instrumentais establecidas neste país co obxectivo da posesión de accións de sociedades estranxeiras que, formalmente, ao tratarse de transferencias dentro dun mesmo grupo empresarial, supoñían unha dobre anotación como investimento estranxeiro en España e investimento español no estranxeiro. O peso destas sociedades nas estatísticas do comercio externo foi moi elevado ao principio da presente década pero nos últimos anos a súa importancia reduciuse e tamén con iso o volume total de investimento bruto directo. De feito, se con ETVE o investimento caeu en 2005 en España un 10,6%, excluídas estas sociedades instrumentais, o investimento estranxeiro directo en España aumentaría un 23,6%.

Neste contexto, a dinámica do investimento estranxeiro directo en Galicia seguiu as mesmas pautas ca nos exercicios precedentes. A diferenza doutras comunidades autónomas españolas, en Galicia non houbo investimentos de ETVE e os resultados totais sempre foron moi volátiles debido a que calquera actividade dunha certa dimensión acostuma a nesgar os resultados totais. O cadro 32 é ilustrativo. En 2003 non se rexistrou en Galicia ningún investimento cunha certa dimensión polo que os resultados finais, 34,43 millóns de euros (o 0,2% do total español), revelaron a case carencia de entrada de capital foráneo nese ano. En 2004, a contía do investimento incrementouse deica os 391,10 millóns de euros, o 2,1% do total español e cun crecemento do 1.036%, e iso debido á anotación en Galicia dos investimentos efectuados no sector cementeiro pola empresa portuguesa Cimpor a través da sociedade, con sede en Galicia e adquirida por Cimpor na década dos noventa, Corporación Noroeste. A contía deste investimento superou os 358 millóns de euros e destinouse ás fábricas de toda España, polo que, excluído este investimento, as cifras reais serían similares ás de 2003. Finalmente, en 2005, os datos provisionais contidos no *Rexistro de Investimentos Exteriores* recollen un investimento bruto directo de 190,02 millóns de euros, o que supón un descenso do 54,4% con respecto a 2004. De novo houbo un investimento

singular que non superou os 116 millóns de euros, aínda que non no sector industrial senón no bancario. Sen esta transacción, os resultados finais apenas superarían os 74 millóns de euros, cifra que volve reflectir a dificultade de que as estratexias de política industrial conducentes á atracción de capital foráneo cara á nosa Comunidade Autónoma sexan efectivas.

Previamente ao comentario máis pormenorizado sobre as características do fluxo de capital estranxeiro en Galicia en 2005, temos que sinalar que, por primeira vez, o *Rexistro de Inversións Exteriores* publicou información referida ao *stock* de capital estranxeiro existente en España. Os datos están algo atrasados xa que corresponden ao 31 de decembro de 2003 e refírense ao valor total acumulado, nese momento, polos investimentos directos exteriores vivos en España. A información, como adoita ser habitual, é ampla para o conxunto de España pero escasa para as comunidades autónomas. Só se publicou que as empresas estranxeiras en 2003 contaban en Galicia con 43.762 empregos, o que supón o 6,6% do emprego total galego, porcentaxe inferior á de Cataluña (17,1%), Andalucía (15,5%) ou Madrid (10,7%), pero superior á das restantes comunidades autónomas. O inmovilizado material destas empresas instaladas en Galicia ascendía a 1.862 millóns de euros, cifra que representa o 2,4% do total español.

Nos *Informes* precedentes describíanse as características técnicas do *Rexistro* e a información que contén. Para unha mellor comprensión deste apartado, lembremos que os datos que figuran nos cadros proceden dun rexistro vivo polo que están suxeitos a variacións permanentes que, en ocasións, poden ser moi importantes. Por outro lado, a información recolle a participación de capital estranxeiro en sociedades non cotizadas xunto con contribucións a sucursais, fundacións, etc. Ademais, inclúe a participación en sociedades cotizadas sempre e cando o investidor estranxeiro co seu investimento alcance ou supere o 10% do capital. Por outro lado, a actual regulación deste tipo de investimentos está practicamente liberalizada coa excepción de sectores especialmente sensíbeis. Todos os investimentos, así coma a súa liquidación, teñen que ser declarados no *Rexistro de Inversións Exteriores* cunha finalidade administrativa, estatística ou económica. Só aqueles que procedan de paraísos fiscais requirirán dunha verificación administrativa previa.

En canto aos criterios metodolóxicos, distínguese entre *investimento bruto* que abrangue todos os investimentos directos declarados, coa excepción das transmisións entre non-residentes e as reestruturacións dun grupo, e o *investimento neto* que sería o investimento bruto menos os desinvestimentos. De Galicia para 2005 só se dispón de información sobre o investimento bruto.

No cadro 32, tendo en conta os anteriores criterios, preséntase a distribución do investimento estranxeiro bruto rexistrado en España por comunidades autónomas no período 2003-2005. A provisionalidade dos datos amósase na evolución das cifras globais de investimento. A contía que figuraba no *Informe* 2004 era de 17.857,5 millóns de euros para ese mesmo ano. Tras a última actualización a cifra elevábase a 18.581,1. No caso galego, e ao contrario doutros exercicios, esta diferenza foi mínima xa que de 390,7 millóns de euros se pasou a 391,1. Da lectura do cadro 32 destaca que a distribu-

ción por comunidades autónomas en 2005 presentou unha estrutura distinta á dos períodos anteriores. Así, mentres que nos exercicios precedentes os investimentos sen unha asignación territorial específica e incluídos no apartado Non clasificábel tiñan un peso residual, en 2005 representaron o 37,2% do total, e o 42,9% se se exclúen as ETVE. Non deixa de ser sorprendente que, a diferenza dos anos anteriores, non se poida clasificar máis dun terzo do importe do investimento total. Esta peculiaridade repercutiu, loxicamente, nas taxas de variación interanual que se recollen no cadro 32, na súa maior parte negativas agás naqueles territorios nos que un investimento puntual adscrito a el xerese unha repunta ou, tamén, naqueloutros, como Castela e León, Estremadura ou A Rioxa, que ao careceren practicamente de investimentos rexistrados en 2004, calquera incremento, por pequeno que fose, disparou a súa taxa de variación interanual.

Se ben, a falta de adscripción dunha parte moi significativa do investimento desvirtúa a distribución territorial deste, temos que salientar que o peso de Madrid e Cataluña na contía do investimento asignado territorialmente foi tan determinante que converteu en residual os resultados correspondentes a outras comunidades autóno-

Cadro núm. 32

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2003		2004		2005		% variación 2005/2004
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	256,0	1,4	306,6	1,6	270,9	1,6	-11,6
Aragón	5.030,3	27,7	43,3	0,2	114,8	0,7	164,9
Asturias	49,6	0,3	701,0	3,8	8,3	0,0	-98,8
Baleares	333,7	1,8	113,9	0,6	186,1	1,1	63,3
Canarias	162,0	0,9	368,1	2,0	474,0	2,9	28,8
Cantabria	0,7	0,0	24,7	0,1	1,1	0,0	-95,6
Castela e León	10,1	0,1	3,0	0,0	32,5	0,2	973,1
Castela-A Mancha	382,2	2,1	28,4	0,2	13,2	0,1	-53,6
Cataluña	2.638,0	14,5	4.406,7	23,7	3.283,4	19,8	-25,5
C. Valenciana	262,5	1,4	2.284,0	12,3	181,6	1,1	-92,1
Estremadura	93,8	0,5	3,8	0,0	8,8	0,1	133,4
Galicia	34,4	0,2	391,1	2,1	190,0	1,1	-51,4
Madrid	7.674,0	42,2	6.847,1	36,8	5.400,5	32,5	-21,1
Murcia	875,7	4,8	323,5	1,7	41,5	0,2	-87,2
Navarra	12,4	0,1	17,3	0,1	11,0	0,1	-36,3
País Vasco	296,8	1,6	2.197,5	11,8	205,6	1,2	-90,6
A Rioxa	28,7	0,2	1,6	0,0	3,8	0,0	145,0
Ceuta e Melilla	6,1	0,0	16,7	0,1	5,4	0,0	-67,6
Non-clasificábel	31,3	0,2	502,9	2,7	6.185,2	37,2	1.129,8
Total	18.178,2	100,0	18.581,1	100,0	16.617,7	100,0	-10,6

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

mas. No cadro 32 observamos como esas dúas comunidades absorbían o 52,3% do investimento total e nada menos có 83,2% do distribuído. Notemos que, sobre o total, ningunha das comunidades restantes superaba o 3%. Entendemos que, se ben a potencialidade de atracción de Madrid e Cataluña é notabelmente superior á das quince restantes, ademais de Ceuta e Melilla, o feito de que a sede social de empresas con certa dimensión se localice nestes territorios introduce, por este motivo e como xa sinalamos nos *Informes* precedentes, un nesgo nos resultados.

No cadro 34 recóllese o destino por sectores do investimento estranxeiro en Galicia e en España en 2004 e 2005. A distribución sectorial galega en 2005 en pouco se parece á de 2004. Entón, o peso dos investimentos de Cimpor elevaba a porcentaxe da actividade Outras manufacturas ao 96,5%, convertendo en irrelevante o peso relativo dos restantes sectores. En 2005, os investimentos no sector bancario representaron o 64,4% do total, pero neste ano tamén foi significativa a entrada de capital en construción e, igual ca en 2004, en Outras manufacturas. Polo tanto, se a industria

Cadro núm. 33

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España en 2005 con e sen ETVE

	Con ETVE		Sen ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	270,9	1,6	268,9	1,9
Aragón	114,8	0,7	55,8	0,4
Asturias	8,3	0,0	8,3	0,1
Baleares	186,1	1,1	186,1	1,3
Canarias	474,0	2,9	27,3	0,2
Cantabria	1,1	0,0	1,1	0,0
Castela e León	32,5	0,2	32,5	0,2
Castela-A Mancha	13,2	0,1	13,2	0,1
Cataluña	3.283,4	19,8	2.567,3	17,8
C. Valenciana	181,6	1,1	181,5	1,3
Estremadura	8,8	0,1	8,8	0,1
Galicia	190,0	1,1	190,0	1,3
Madrid	5.400,5	32,5	4.458,3	30,9
Murcia	41,5	0,2	41,5	0,3
Navarra	11,0	0,1	11,0	0,1
País Vasco	205,6	1,2	186,8	1,3
A Ríoxa	3,8	0,0	3,8	0,0
Ceuta e Melilla	5,4	0,0	5,4	0,0
Non-clasificábel	172,6	1,0	172,6	1,2
Todo o territorio español	6.012,6	36,2	6.012,6	41,7
Total	16.617,7	100,0	14.432,7	100,0

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

fora a protagonista do investimento estranxeiro en 2004, en 2005 fórono a construción e as actividades terciarias.

O *Rexistro* non publica información singularizada de cada unha das operacións. Agora ben, os datos agregados do investimento estranxeiro no sector bancario en Galicia permítenos intuír que se trata dunha parte do conxunto de operacións que en 2005 efectuou o Deutsche Bank e as súas filiais con accións do Banco Pastor. Temos que subliñar que todas estas operacións de carácter financeiro están afastadas do que en pureza entendemos como un investimento directo. Así, o pasado febreiro a Corporación Caixa Galicia vendeulle a Deutsche Bank AG un total de 3.235.000 de accións do Banco Pastor, o que equivalía ao 4,94% do capital, por un importe de 84 millóns de euros, co que reducía a presenza de Caixa Galicia no Banco Pastor a pouco máis do 5%. Posteriormente, Deutsche Bank vendeulles estas accións a clientes institucionais.

Cadro núm. 34

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

Sectores	Ano 2004					Ano 2005				
	Galicia		España		% Galicia/ España	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%		Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería e pesca	643	0,2	52.514	0,3	1,2	603	0,3	27.346	0,2	0,2
Produtos enerxéticos	-	-	682.905	3,7	-	2.273	1,2	63.930	0,4	0,4
Industrias extractivas, refino de petróleo	-	-	73.634	0,4	-	-	-	77.134	0,5	-
Alimentación, bebidas e tabaco	4	0,0	369.753	2,0	0,0	4.780	2,5	274.413	1,7	1,7
Industria téxtil e da confección	779	0,2	213.114	1,1	0,4	6	0,0	25.374	0,2	0,0
Industria do papel, edición e artes gráficas	-	-	141.342	0,8	-	527	0,3	123.293	0,7	0,4
Industria química	2.888	0,7	733.311	3,9	0,4	9.275	4,9	1.208.888	7,3	0,8
Outras manufacturas	377.447	96,5	2.688.636	14,5	14,0	16.275	8,6	1.798.169	10,8	0,9
Construción	1.748	0,4	51.794	0,3	3,4	18.698	9,8	132.374	0,8	14,1
Comercio	614	0,2	2.565.545	13,8	0,0	1.090	0,6	800.194	4,8	0,1
Hostalaría	137	0,0	131.228	0,7	0,1	1.555	0,8	166.206	1,0	0,9
Transporte e comunicación	32	0,0	763.462	4,1	0,0	10.094	5,3	6.644.952	40,0	0,2
Intermediación financeira, banca e seguros	1.659	0,4	1.611.444	8,7	0,1	122.321	64,4	850.893	5,1	14,4
Actividades inmobiliarias e servizos	5.088	1,3	1.331.466	7,2	0,4	2.401	1,3	1.836.370	11,1	0,1
Xestión de sociedades e posesión de valores	60	0,0	6.902.530	37,1	0,0	-	-	2.185.240	13,2	-
Outros	3	0,0	268.457	1,4	0,0	121	0,1	402.900	2,4	0,0
Total	391.100	100,0	18.581.136	100,0	2,1	190.018	100,0	16.617.676	100,0	1,1

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

En xullo de 2005, este mesmo banco pactou unha opción de compra con Caja España sobre unha participación do 4,99% no Banco Pastor, que exercitou no mes de outubro. Como consecuencia diso, Caja España vendeulle a Deutsche Securities Sociedad de Valores, 3.271.000 accións. Máis tarde, Deutsche Bank AG London encargouse de vender a maior parte destas (2.945.000) a investidores institucionais por unha contía próxima aos 116 millóns de euros, cifra similar á que figura nas estatísticas do *Registro de Inversiones* correspondente ao sector bancario galego.

Como indicamos, estas operacións non supoñen un control sobre a empresa galega e, obviamente, non corresponden ao sector industrial. Tampouco son estritamente industriais as operacións máis importantes de entrada de capital estranxeiro en España en 2005. O sector das telecomunicacións acaparou case o 40% do investimento total.

Cadro núm. 35

Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2004					
UE-15	386.438	98,8	11.986.453	64,5	3,2
Novos países da Unión Europea	3	0,0	12.418	0,1	0,0
Outros países europeos	38	0,0	2.004.317	10,8	0,0
Países da OCDE non-europeos	359	0,1	3.285.431	17,7	0,0
Paraísos fiscais	661	0,2	194.379	1,0	0,3
Países africanos	112	0,0	8.686	0,0	1,3
Países latinoamericanos	3.478	0,9	1.024.386	5,5	0,3
Países asiáticos excepto Xapón	10	0,0	63.634	0,3	0,0
Resto dos países	–	–	1.432	0,0	–
Total	391.100	100,0	18.581.136	100,0	2,1
2005					
UE-15	164.713	86,7	11.916.143	71,7	1,4
Novos países da Unión Europea	–	–	4.844	0,0	–
Outros países europeos	783	0,4	576.412	3,5	0,1
Países da OCDE non-europeos	14.899	7,8	3.416.311	20,6	0,4
Paraísos fiscais	4.905	2,6	193.032	1,2	2,5
Países africanos	18	0,0	7.407	0,0	0,2
Países latinoamericanos	4.701	2,5	481.898	2,9	1,0
Países asiáticos excepto Xapón	–	–	20.194	0,1	–
Resto dos países	–	–	1.436	0,0	–
Total	190.018	100,0	16.617.676	100,0	1,1

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 36

Procedencia do investimento estranxeiro bruto

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2004					
UE-15	386.438,5	98,8	UE-15	11.986.453,1	64,5
México	1.533,0	0,4	Suíza	1.987.779,6	10,7
Venezuela	1.113,6	0,3	Estados Unidos	1.910.005,5	10,3
Panamá	659,3	0,2	Canadá	1.254.116,9	6,7
Brasil	612,8	0,2	Brasil	352.887,5	1,9
Canadá	213,5	0,1	Uruguai	346.978,0	1,9
Belice	200,0	0,1	Costa Rica	129.385,1	0,7
Estados Unidos	143,1	0,0	Xapón	96.684,8	0,5
Namibia	59,5	0,0	México	81.169,4	0,4
Mozambique	38,0	0,0	Xibraltar	49.219,5	0,3
Suíza	36,1	0,0	Arxentina	37.893,7	0,2
Arxentina	17,7	0,0	Andorra	29.809,1	0,2
Sudáfrica	15,0	0,0	Cuba	29.497,7	0,2
Irán	9,7	0,0	Illas Virxes Británicas	27.269,9	0,1
Novos países da Unión Europea	3,2	0,0	Panamá	26.307,6	0,1
Xapón	2,1	0,0	Australia	24.616,1	0,1
Ucráina	1,8	0,0	Israel	23.431,4	0,1
Singapore	1,7	0,0	Arabia Saudita	16.252,3	0,1
Colombia	1,2	0,0	Resto dos países	171.379,1	0,9
Total	391.099,7	100,0	Total	18.581.136,2	100,0
2005					
UE-15	164.712,8	86,7	UE-15	11.916.142,7	71,7
Estados Unidos	14.787,3	7,8	Estados Unidos	2.987.324,4	18,0
Panamá	4.905,1	2,6	Suíza	546.938,4	3,3
Arxentina	2.046,6	1,1	Xapón	313.206,8	1,9
México	1.853,5	1,0	México	172.025,0	1,0
Suíza	781,7	0,4	Brasil	151.339,0	0,9
Venezuela	332,1	0,2	Canadá	109.613,0	0,7
Belice	200,0	0,1	Belice	48.026,1	0,3
Costa Rica	145,0	0,1	Andorra	46.047,5	0,3
Canadá	105,0	0,1	Liechtenstein	41.285,8	0,2
Brasil	92,0	0,0	Venezuela	33.314,7	0,2
Uruguai	30,0	0,0	Illas Virxes Británicas	31.769,0	0,2
Namibia	12,0	0,0	Arxentina	28.312,9	0,2
Xapón	6,3	0,0	Panamá	25.958,8	0,2
Sudáfrica	6,0	0,0	Uruguai	23.257,1	0,1
Rusia	1,5	0,0	Rusia	14.690,0	0,1
Paraguai	1,5	0,0	Resto dos países	128.424,5	0,8
Total	190.018,3	100,0	Total	16.617.675,8	100,0

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

A distribución da entrada de capital estranxeiro por área de procedencia (cadro 35) volve poñer de manifesto que o atractivo investidor de España e Galicia case se circunscribe aos países que integraban a Unión Europea antes da última ampliación de maio de 2004. Unha novidade en canto á información proporcionada polo *Rexistro* é o feito de que en lugar de dar a coñecer os datos país a país da Unión Europea, como viña sendo habitual, en 2005 agrupáronse coma se a Unión Europea fose un único territorio no que só se distingue entre a Unión Europea-15 (UE-15) e os países da última ampliación. A información perde calidade informativa na medida na que o capital estranxeiro que se inviste en España e en Galicia provén moi maioritariamente da Unión Europea.

En efecto, en 2005 o 86,7% do capital foráneo que entrou en Galicia proveu da UE-15, porcentaxe que en España foi do 71,7%. No cadro 35 tamén cómpre destacar o notábel incremento de fondos procedente dos países da OCDE non europeos, en concreto dos Estados Unidos.

Finalmente, no cadro 36 concréntanse os países ou territorios de procedencia do investimento estranxeiro en 2004 e 2005. Con respecto a este último ano, e sobre Galicia, cómpre efectuar as seguintes consideracións. Non houbo ningún investimento procedente dos países da ampliación da Unión Europea, o que suxire que a maior integración económica deses territorios, anteriormente no período de preadhesión e, a partir de 2004, xa como membros da Unión Europea, non xerou estratexias de investimento produtivo significativas deses países cara a Galicia. Como comprobaremos no próximo epígrafe, a posición das empresas galegas non é similar, de modo que se observa un fluxo unidireccional de Galicia cara a algún deses territorios. En segundo lugar, nótese que ademais da UE-15 o capital estranxeiro só procedeu de 16 países ou territorios, a maioría americanos, de entre os que destaca Estados Unidos. En 2004, o investimento, de fóra da Unión Europea, proviña dun número similar de países, 17, e, aínda que tamén na súa maioría eran americanos, apreciábase unha maior diversificación por continentes.

No cadro 36 apréciase unha gran similitude entre España e Galicia no que se refire aos países de procedencia do investimento. Da clasificación dos 15 primeiros países ou territorios investidores en España que non son da Unión Europea, 12 tamén figuran na lista galega (non están na clasificación galega Andorra, Liechtenstein e Illas Virxes Británicas, que son substituídos por Costa Rica, Namibia e Sudáfrica, fiel reflexo da importancia dos intereses pesqueiros de nosa Comunidade Autónoma). Esta homoxeneidade suxire que se tomou a decisión de investir en Galicia nun contexto no que polo menos unha parte do sector empresarial dese mesmo país estima que España (sobre todo Madrid e Cataluña) é un lugar atractivo para o investimento estranxeiro.

O investimento galego no exterior declarado no «Rexistro de Investimentos»

Se a economía galega, ademais do capital autóctono e do procedente do resto de España, pode ver estimulado o seu crecemento coa presenza de capital estranxeiro, en sentido contrario, as empresas galegas realizan investimentos directos no exterior debido a factores moi variados que lle poderán afectar tanto positiva coma negativamente á dinámica destes establecementos en Galicia. Así, o que se expón neste epígrafe é o elemento central dun debate controvertido e relacionado cos fenómenos de deslocalización dos investimentos en España debido ao posíbel maior atractivo doutros lugares pertencentes a economías emerxentes. Os cambios observados nos movementos dos capitais internacionais e o cesamento de actividade de empresas insignias de determinados territorios obedecen a estas novas dinámicas. No caso galego, a principal preocupación nos últimos anos, máis que o posíbel peche de empresas para desprazar a súa instalación a outros lugares de maior atractivo, foi o feito de coñecer se o comportamento investidor das empresas con sede social en Galicia no exterior obedecía á necesidade de potenciar as empresas xa instaladas na nosa Comunidade Autónoma ou, simplemente, se se trataba de investimentos que se poderían efectuar en Galicia pero que proporcionaban maior rendibilidade noutros territorios. Neste sentido, a declaración sobre a finalidade do investimento no exterior ten unha grande importancia, pero, desafortunadamente, o *Rexistro de Investimentos* non facilita demasiada información sobre esta cuestión.

Os resultados do investimento directo no estranxeiro das empresas con sede social en Galicia reflicten en 2005, con respecto a 2004, un incremento do 44,4%, de tal xeito que esta Comunidade Autónoma se situou no cuarto lugar da clasificación de comunidades españolas con maior investimento externo. Tan só están por diante Madrid, Cataluña e o País Vasco. Ademais, a contía do investido polos empresarios galegos en 2005, 693,7 millóns de euros, é máis do triplo cá contía do capital recibido, o que tamén é tradicional nesta economía na que habitualmente o investimento no exterior adoita superar o investimento estranxeiro en Galicia.

Previamente á análise máis pormenorizada dos datos dispoñíbeis, cómpre lembrar que o réxime xurídico destes investimentos é practicamente idéntico ao comentado no epígrafe anterior. Obviamente, a actividade das ETVE desvirtúa a información do mesmo xeito que xa o facía na descrición do fluxo de investimentos directos a España. Por outro lado, a natureza viva do *Rexistro* implica que, como no epígrafe precedente, todos os datos que figuran nos cadros sexan provisionais e, xa que logo, suxeitos a profundas variacións. No noso caso, se no *Informe 2004* o valor dos investimentos externos galego e español era, respectivamente, de 457,9 e de 46.729,7 millóns de euros, a última cifra dispoñíbel situaba estes investimentos en 480,6 e 49.588,9 millóns de euros, respectivamente. Finalmente en canto a estes aspectos de ámbito xeral, a contía do *stock* de capital externo galego existente o 31 de decembro de 2003 era de 2.781 millóns de euros, o que representaba o 2,4% do *stock* total español.

Cadro núm. 37

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2003		2004		2005		% variación 2005/2004
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	73,5	0,2	33,9	0,1	208,8	0,8	516,0
Aragón	5.323,9	17,1	22,4	0,0	345,1	1,3	1.437,7
Asturias	61,3	0,2	1,5	0,0	5,3	0,0	255,6
Baleares	587,2	1,9	20,2	0,0	17,5	0,1	-13,7
Canarias	153,7	0,5	83,1	0,2	39,5	0,2	-52,4
Cantabria	561,5	1,8	13.053,1	26,3	118,9	0,5	-99,1
Castela e León	68,0	0,2	49,2	0,1	79,2	0,3	60,9
Castela-A Mancha	14,2	0,0	6,5	0,0	0,5	0,0	-91,9
Cataluña	5.644,7	18,1	7.698,9	15,5	2.291,7	8,7	-70,2
C. Valenciana	94,6	0,3	102,6	0,2	173,4	0,7	69,0
Extremadura	59,3	0,2	1,5	0,0	0,3	0,0	-83,4
Galicia	197,8	0,6	480,6	1,0	693,7	2,6	44,4
Madrid	16.740,5	53,6	21.152,1	42,7	21.015,5	79,8	-0,6
Murcia	595,0	1,9	19,5	0,0	47,2	0,2	142,4
Navarra	27,1	0,1	35,4	0,1	58,6	0,2	65,8
País Vasco	988,3	3,2	6.822,2	13,8	1.249,7	4,7	-81,7
A Ríoxa	15,2	0,0	6,2	0,0	0,5	0,0	-91,5
Ceuta e Melilla	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	
Total	31.205,9	100,0	49.588,9	100,0	26.345,4	100,0	-46,9

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Os resultados do conxunto de empresas españolas que invisten no estranxeiro (cadro 37) presentaron sensíbeis variacións en 2005 con respecto a 2004. Caeron considerablemente os investimentos de Cantabria (debido a que non houbo operacións de grande envergadura do BSCH), Cataluña e o País Vasco. Pola contra, mantivéronse os investimentos efectuados por empresas con sede social en Madrid nunha contía moi similar á de 2004, co cal o peso relativo desta Comunidade pasou do 42,7% ao 79,8%, porcentaxe moi elevada e que pon de relevo o lugar de orixe das operacións de maior envergadura realizadas en España este período. En sentido contrario, en múltiples comunidades autónomas as actuacións das súas empresas no estranxeiro como investidores directos pódense considerar inexistentes. Neste marco, xa indicamos que Galicia ocupaba a cuarta posición e aínda que o seu peso sexa de tan só o 2,6%, tivo un maior protagonismo ca outras autonomías cun maior dinamismo económico.

Se do investimento bruto se descuentan as operacións efectuadas polas ETVE (cadro 38), o peso relativo de Madrid aumenta ata o 81,1% mentres que o de Galicia, ao non existir ningunha operación de ETVE e, polo tanto, ao manter a contía do investimento en 693,7 millóns de euros, sobe ata o 3%.

Cadro núm. 38

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior en 2005 con e sen ETVE

	Con ETVE		Sen ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	208,8	0,8	208,8	0,9
Aragón	345,1	1,3	47,3	0,2
Asturias	5,3	0,0	5,3	0,0
Baleares	17,5	0,1	17,5	0,1
Canarias	39,5	0,2	0,5	0,0
Cantabria	118,9	0,5	118,9	0,5
Castela e León	79,2	0,3	79,2	0,3
Castela-A Mancha	0,5	0,0	0,5	0,0
Cataluña	2.291,7	8,7	1.799,3	7,8
C. Valenciana	173,4	0,7	173,4	0,8
Extremadura	0,3	0,0	0,3	0,0
Galicia	693,7	2,6	693,7	3,0
Madrid	21.015,5	79,8	18.624,9	81,1
Murcia	47,2	0,2	47,2	0,2
Navarra	58,6	0,2	58,6	0,3
País Vasco	1.249,7	4,7	1.098,9	4,8
A Rioxa	0,5	0,0	0,5	0,0
Ceuta e Melilla	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	26.345,4	100,0	22.974,8	100,0

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

A distribución por sector de destino deste investimento galego no exterior (cadro 39) presenta unha maior diversidade ca no caso do investimento estranxeiro en Galicia. Catro sectores acaparan este fluxo: Agricultura, gandería e pesca; Outras manufacturas; Comercio; e Actividades inmobiliarias e de servizos. O destino último na primeira das actividades é o sector pesqueiro e a súa importancia relativa é tal que os investimentos galegos representaron a metade dos realizados en toda España. Pola súa parte, Outras manufacturas foi o sector máis relevante en canto á contía do investido e nesta rama encóntranse sectores industriais básicos na economía galega. Os resultados de 2005 (o peso relativo en 2004 foi tan só do 0,8% e en 2005 pasou ao 38,8%) caracterizáronse pola súa elevada diversificación, xa que a industria da madeira, a metalurxia, a fabricación de maquinaria e, dentro da industria da automoción, o segmento de compoñentes foi o destino de investimentos externos dunha certa dimensión procedentes de Galicia. Estes datos corroboran a intencionalidade do investimento foráneo galego para potenciar actividades produtivas, similares ás que efectúan en Galicia, nun conxunto de países que se destacarán máis adiante.

En canto ao Comercio, os investimentos concéntranse no comercio polo miúdo e case representan un terzo do total, peso similar ao de 2004. Sen dúbida, o protagonismo nesta actividade volve corresponderlle ao grupo Inditex que en 2005 realizou 448 aperturas netas de novas tendas, a maior parte fóra de España. En 2005 abríronse as primeiras tendas en cinco novos mercados. Finalmente, destas catro actividades máis relevantes, as inmobiliarias e de servizos representaron o 16,2% do investimento total, as cales corresponden exclusivamente ao sector inmobiliario.

A diferenza do acontecido en Galicia, o investimento español no exterior dirixiuse máis cara ás actividades terciarias e, en especial, ao sector das telecomunicacións (6.126 millóns de euros), á banca (4.549 millóns) e, tamén, ao das actividades inmobiliarias (4.184 millóns).

Cadro núm. 39

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto no exterior

Sectores	Ano 2004					Ano 2005				
	Galicia		España		% Galicia/ España	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%		Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería e pesca	32.444	6,8	133.347	0,3	24,3	64.756	9,3	130.885	0,5	49,5
Produtos enerxéticos	–	–	1.356.383	2,7	0,0	13.500	1,9	637.442	2,4	2,1
Industrias extractivas, refino de petróleo	–	–	518.710	1,0	0,0	–	–	2.251	0,0	0,0
Alimentación, bebidas e tabaco	95.809	19,9	2.183.177	4,4	4,4	2.649	0,4	730.631	2,8	0,4
Industria téxtil e da confección	–	–	44.264	0,1	0,0	222	0,0	15.500	0,1	1,4
Industria do papel, edición e artes gráficas	190	0,0	111.143	0,2	0,2	–	–	272.813	1,0	0,0
Industria química	–	–	3.399.001	6,9	0,0	–	–	686.983	2,6	0,0
Outras manufacturas	3.816	0,8	6.929.003	14,0	0,1	268.891	38,8	1.534.350	5,8	17,5
Construción	7.270	1,5	388.374	0,8	1,9	–	–	195.310	0,7	0,0
Comercio	162.498	33,8	3.461.466	7,0	4,7	215.954	31,1	3.345.731	12,7	6,5
Hostalaría	115	0,0	106.805	0,2	0,1	1	0,0	83.559	0,3	0,0
Transporte e comunicación	45	0,0	5.259.422	10,6	0,0	874	0,1	8.072.884	30,6	0,0
Intermediación financeira, banca e seguros	16.091	3,3	21.070.685	42,5	0,1	9.820	1,4	5.304.697	20,1	0,2
Actividades inmobiliarias e servizos	162.309	33,8	3.451.199	7,0	4,7	112.191	16,2	4.514.436	17,1	2,5
Xestión de sociedades e posesión de valores	–	–	–	–	–	–	–	–	–	–
Outros	–	–	1.175.884	2,4	0,0	4.883	0,7	817.911	3,1	0,6
Total	480.586	100,0	49.588.863	100,0	1,0	693.742	100,0	26.345.381	100,0	2,6

Datos provisorios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Polo que respecta á distribución dos investimentos galegos no exterior por grandes áreas de destino, en 2005 apréciase unha maior diversificación ca en 2004. A UE-15 perdeu peso mentres que o ganaron a maioría das restantes áreas. Algo similar ocorre en España, en que presenciamos unha viraxe nos investimentos cara aos países da ampliación e, en especial, cara á República Checa (do lugar 37 en 2004 pasa a ocupar o segundo despois de Francia) e Hungría. O cambio no fluxo foi de tal calado que se en 2004 os investimentos cara a estes países representaban o 3,8% do total español, en 2005 acadaron o 22,7%. Neste contexto, non se pode suxerir que este cambio se producise tamén en Galicia e, malia que se ben é certo que o valor dos investimentos cara a eses países se triplicou con respecto a 2004, o peso relativo mantívose baixo, o 2,6% do total.

Afortunadamente, os datos publicados procedentes do *Rexistro de Inversións Exteriores* para este fluxo de investimento refírense, neste apartado, a todos os países

Cadro núm. 40

Destino do investimento directo bruto galego e español no exterior

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2004					
UE-15	330.801	68,8	33.748.206	68,1	1,0
Novos países da Unión Europea	4.287	0,9	1.881.881	3,8	0,2
Outros países europeos	10.926	2,3	2.349.863	4,7	0,5
Países da OCDE non-europeos	44.136	9,2	1.637.266	3,3	2,7
Paraísos fiscais	2.815	0,6	655.807	1,3	0,4
Países africanos	20.755	4,3	97.208	0,2	21,4
Países latinoamericanos	66.162	13,8	8.979.372	18,1	0,7
Países asiáticos excepto Xapón	89	0,0	238.644	0,5	0,0
Resto dos países	615	0,1	615	0,0	100,0
Total	480.586	100,0	49.588.863	100,0	1,0
2005					
UE-15	379.692	54,7	13.199.419	50,1	2,9
Novos países da Unión Europea	17.701	2,6	5.986.704	22,7	0,3
Outros países europeos	10.514	1,5	794.209	3,0	1,3
Países da OCDE non-europeos	70.486	10,2	1.629.655	6,2	4,3
Paraísos fiscais	5.038	0,7	61.340	0,2	8,2
Países africanos	61.887	8,9	201.367	0,8	30,7
Países latinoamericanos	146.730	21,2	4.274.935	16,2	3,4
Países asiáticos excepto Xapón	1.695	0,2	197.750	0,8	0,9
Resto dos países			2	0,0	
Total	693.742	100,0	26.345.381	100,0	2,6

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 41

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2004					
Portugal	209.183,6	43,5	Reino Unido	16.543.250,5	33,4
Brasil	37.695,5	7,8	México	5.483.725,1	11,1
Italia	30.740,5	6,4	Países Baixos	5.132.398,4	10,3
Xapón	30.156,8	6,3	Francia	3.822.307,9	7,7
Países Baixos	30.079,6	6,3	Portugal	2.308.978,0	4,7
Francia	24.950,0	5,2	Italia	2.198.668,3	4,4
Bélxica	22.000,0	4,6	Hungría	1.712.624,1	3,5
Namibia	20.428,5	4,3	Suíza	1.588.745,2	3,2
Estados Unidos	13.961,7	2,9	Arxentina	1.333.814,6	2,7
O Salvador	10.411,5	2,2	Alemaña	1.087.396,9	2,2
Arxentina	6.641,0	1,4	Estados Unidos	1.022.129,6	2,1
Chile	5.198,7	1,1	Chile	703.045,7	1,4
Dinamarca	5.042,6	1,0	Bélxica	686.882,9	1,4
Turquía	4.636,2	1,0	Brasil	591.007,8	1,2
México	3.928,3	0,8	Canadá	527.987,0	1,1
Suíza	3.594,6	0,7	Noruega	522.731,2	1,1
Reino Unido	2.862,2	0,6	Luxemburgo	514.387,6	1,0
Noruega	2.694,8	0,6	Suecia	506.263,9	1,0
República Checa	2.155,9	0,4	Dinamarca	385.929,1	0,8
Grecia	2.095,1	0,4	Irlanda	379.385,9	0,8
Hungría	2.012,4	0,4	Illas Caimán	331.096,6	0,7
Illas Malvinas	1.804,0	0,4	Colombia	273.027,1	0,6
Irlanda	1.500,0	0,3	Venezuela	247.798,6	0,5
Alemaña	1.337,5	0,3	Panamá	246.597,5	0,5
Uruguai	1.034,1	0,2	Rusia	205.515,1	0,4
Panamá	1.011,3	0,2	Rep. Dominicana	190.973,8	0,4
Suecia	1.010,0	0,2	Polonia	113.607,9	0,2
Colombia	983,4	0,2	Uruguai	88.460,4	0,2
Saint Pierre e Miquelon (Fr.)	615,5	0,1	Grecia	81.468,1	0,2
Ghana	249,8	0,1	Xapón	78.927,0	0,2
Guatemala	195,8	0,0	Filipinas	78.131,3	0,2
Polonia	114,0	0,0	Illas Virxes Británicas	64.411,9	0,1
India	88,7	0,0	China	63.940,4	0,1
Nicaragua	73,5	0,0	Finlandia	53.442,2	0,1
Marrocos	51,5	0,0	Israel	50.000,0	0,5
Cabo Verde	22,2	0,0	Austria	47.446,5	0,1
Australia	17,8	0,0	República Checa	38.921,9	0,1

[Continúa] ►

Cadro núm. 41 (continuación)

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
República Eslovaca	5,0	0,0	Sudáfrica	27.978,0	0,1
Senegal	3,0	0,0	Resto dos países	255.459,2	0,5
Total	480.586,4	100,0	Total	49.588.862,9	100,4
2005					
Italia	111.747,0	16,1	Francia	5.850.042,2	22,2
Francia	96.102,6	13,9	República Checa	3.670.883,5	13,9
México	82.128,6	11,8	Reino Unido	2.367.897,5	9,0
Portugal	72.582,6	10,5	Hungría	2.193.724,7	8,3
Reino Unido	67.769,2	9,8	Arxentina	2.183.940,3	8,3
Arxentina	54.921,3	7,9	Estados Unidos	1.485.370,5	5,6
Namibia	51.350,6	7,4	Portugal	1.190.209,7	4,5
Estados Unidos	45.193,2	6,5	Brasil	1.150.080,0	4,4
Xapón	22.921,6	3,3	Países Baixos	1.048.474,9	4,0
Polonia	15.608,7	2,2	Luxemburgo	1.030.582,7	3,9
Irlanda	9.402,6	1,4	Italia	526.119,5	2,0
Cabo Verde	8.465,8	1,2	Suíza	439.532,1	1,7
Grecia	6.979,0	1,0	Chile	421.020,7	1,6
Dinamarca	6.109,0	0,9	México	377.008,7	1,4
Turquía	5.743,8	0,8	Austria	332.367,6	1,3
Brasil	5.235,8	0,8	Alemaña	294.561,4	1,1
Países Baixos	5.000,0	0,7	Irlanda	218.034,0	0,8
Illas Caimán	4.738,9	0,7	Rusia	211.051,1	0,8
Romania	4.560,0	0,7	Dinamarca	139.092,0	0,5
Chile	3.649,5	0,5	Filipinas	129.401,1	0,5
Bélxica	3.000,0	0,4	Sudáfrica	118.758,0	0,5
Australia	2.371,2	0,3	Finlandia	104.000,0	0,4
República Checa	2.067,9	0,3	Canadá	81.484,9	0,3
China	1.694,9	0,2	Polonia	78.464,8	0,3
Sudáfrica	1.121,8	0,2	Grecia	63.682,0	0,2
Alemaña	1.000,0	0,1	Uruguai	58.818,3	0,2
Ghana	948,4	0,1	Turquía	56.549,9	0,2
Colombia	371,6	0,1	Noruega	53.906,6	0,2
Mónaco	299,0	0,0	Namibia	51.549,3	0,2
Guatemala	220,8	0,0	Xapón	47.808,5	0,2
Bulgaria	210,0	0,0	China	46.160,5	0,2
Rep. Dominicana	202,1	0,0	Venezuela	34.337,7	0,1
Hungría	24,6	0,0	Resto dos países	290.466,7	1,1
Total	693.741,9	100,0	Total	26.345.381,3	100,0

Datos provisionarios.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

e non se agrupa como un único territorio de recepción á UE-15 e aos novos países da Unión Europea, como vimos que ocorría coas estatísticas do investimento estranxeiro en España. Por países, caeu o investimento galego en Portugal ata o extremo de que o país veciño perdeu o liderado á custa de Italia e situouse no cuarto lugar. Nun contexto de investimento externo galego máis diversificado, cómpre destacar os avances de Francia, México, Reino Unido e Arxentina. En canto aos países da ampliación, o destino máis importante foi Polonia que acaprou o 2,2% do investimento total externo galego.

IV.2. A política industrial

A política rexional comunitaria en 2005

No inicio do actual período de programación 2000-2006, o Consello Europeo de Lisboa celebrado os días 23 e 24 de marzo de 2000 fixouse como obxectivo estratéxico para 2010 que a economía europea, fomentando o coñecemento, debería ser a máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de medrar de maneira sostíbel con máis e mellores empregos e con maior cohesión social. Para lograr tan ambicioso obxectivo precisábase deseñar un conxunto de actuacións que facilitarán o paso cara a unha economía baseada no coñecemento na que as políticas activas de emprego contribuísen ao cambio dun modelo social e no que se articularan as políticas macroeconómicas necesarias para conseguir un crecemento económico próximo ao 3% anual.

Co paso do tempo, e nos posteriores Consellos, fóronse incorporando novas consideracións e, tamén, fóronse redefinindo os obxectivos iniciais. Así, en Estocolmo (2001) engadiuse un compromiso co ambiente e en Barcelona (2002) volveuse incidir no modelo social europeo. Os primeiros problemas xurdiron na primeira cita de Bruxelas en 2003, xa que, ante a crise pola que estaban atravesando os principais países da Unión Europea, criticáronse as políticas macroeconómicas propostas e definíronse unhas prioridades a máis curto prazo. Posteriormente, e tamén en 2003, fixéronse as bases para facer máis dinámica a economía europea. En 2004 reiterouse a importancia do proceso e instouse aos Estados membros a que acelerasen as reformas para conseguir en 2010 os obxectivos propostos. En 2005, a Comisión expúxolle a súa posición ao Consello Europeo de primavera, xusto no ecuador do período. Entre outras cuestións manifestou as súas reservas ante o acadado, xa que os resultados obtidos en materia de emprego foron desiguais. Propuxo un novo proceso de coordinación máis simplificado, acompañado dunha concentración de esforzos co fin de imprimirlle un novo pulo á estratexia. Non fixo fincapé nos obxectivos cifrados e só mantivo que en 2010 se debería dedicar o 3% do Produto Interior Bruto (PIB) á investigación e ao desenvolvemento. Insistiu na necesidade dunha reacción urxente por parte dos Estados membros. Ante estas consideracións, o Consello Europeo acordou un novo esquema de goberno da Estratexia de Lisboa que pasaba pola adopción por parte do Consello dunhas Directrices integradas para o crecemento e o emprego (2005-2008), pola Comisión dun *Programa Comunitario Lisboa*, á vez que aos Estados membros se lles esixía a presentación dos seus respectivos programas de reforma. En definitiva, intentouse relanzar a Estratexia de Lisboa por medio dunha asociación para o crecemento e o emprego. Finalmente, no Consello de primavera celebrado en marzo de 2006, ademais

de felicitarase pola aprobación, en decembro, das perspectivas financeiras para o período 2007-2013 (o que axudará ao logro do cumprimento dos obxectivos dunha Estratexia de Lisboa renovada), conveuse, en coherencia coa estratexia de desenvolvemento sostíbel, en volver a centrar as prioridades no emprego e no crecemento, mobilizando en maior medida os recursos nacionais e comunitarios pertinentes. Determinouse como prioritario un maior investimento en coñecemento e innovación, intentar liberar o potencial empresarial europeo, en particular o da PEME, e incrementar as oportunidades de emprego para as categorías prioritarias.

Neste contexto xeral, que implica os 25 Estados da Unión Europea e que fixa uns obxectivos prioritarios de cara a 2010, Galicia necesitará dun apoio especial para acadar uns obxectivos económicos que a aproximen á media comunitaria. Pois, a pesar do forte apoio prestado desde a integración de España na entón Comunidade Europea pola política rexional, a nosa Comunidade aínda non foi quen de acadar o 75% do PIB per capita da Unión Europea e, polo tanto, de abandonar o grupo das rexións máis desfavorecidas no próximo período de programación. Iso, aínda que sen dúbida é unha mala noticia, permitiulle seguir sendo unha das rexións europeas na que se concentrará o esforzo presupostario durante o período 2007-2013, polo que se lle ofrece unha nova oportunidade para aproximarse á media europea e, aínda con atraso, contribuír a cumprir os obxectivos xerais que Europa se trazou na Estratexia de Lisboa.

Con esta perspectiva, a aplicación en 2005 da política rexional comunitaria e, por extensión, de boa parte da política económica rexional e industrial que incide en Galicia non é senón unha mera continuidade das actuacións que se seguiron nos últimos anos e que xa foron comentadas con detalle nos anteriores *Informes*. Esta política, que abrangue o período de planificación 2000-2006, foi deseñada a partir de 1999 e a súa programación rematou xa iniciado ese período de planificación. Se ben nestes anos efectuáronse reprogramacións e, tamén houbo cambios nas liñas de actuación que desenvolven as medidas dos programas comunitarios co fin de facelas máis eficaces, neste epígrafe só hai que salientar en que medida se cumpriu o programado para 2005.

Dun xeito complementario, e dado que 2005 é o penúltimo ano do actual ciclo de programación, cabería preguntarse que se avanzou na planificación do período 2007-2013. A resposta é que realmente pouco xa que, aínda que as institucións comunitarias, en especial a Comisión, se empregaron a fondo en canto a recomendacións e borradores dos Regulamentos para a nova fase, as perspectivas financeiras foron aínda aprobadas no Consello do pasado decembro de 2005, polo que os avances máis notábeis se producirán en 2006 e, igual ca en períodos anteriores, a programación máis concreta efectuarase xa coa nova fase comezada. No momento da redacción deste *Informe*, aínda se descoñece a contía real de fondos que poderá percibir Galicia neste novo período.

Antes de describir brevemente o grao de execución da política rexional comunitaria e o destino do gasto previsto na etapa final deste período de programación, efectuaremos unha breve síntese sobre como se articulou esta política en Galicia. No período 2000-2006, como nos anteriores, a nosa Comunidade integrouse no grupo das rexións denominadas do Obxectivo 1, debido a que o seu PIB por habitante era inferior ao 75%

da media comunitaria. Nestas rexións e co fin de corrixir os seus desequilibrios aplícanse os catro fondos estruturais.¹ Para a súa posta en práctica, atendendo aos Regulamentos aprobados no Cumio de Berlín en marzo de 1999, articulouse un proceso de programación relativamente similar ao do período 1994-1999: elaboración dun

Cadro núm. 42

Grao de execución do Feder no Marco de Apoio Comunitario (MAC) (2000-2006) o 31 de decembro de 2004 nas comunidades do obxectivo núm. 1

	% sobre total do MAC	% sobre o programado en 2000, 2001, 2002 e 2003
Andalucía	59,8	82,6
Asturias	74,5	101,2
Canarias	52,9	72,6
Cantabria	106,4	134,5
Castela e León	70,8	95,2
Castela - A Mancha	69,8	96,8
C. Valenciana	62,7	85,6
Estremadura	51,8	72,9
Galicia	63,1	85,6
Murcia	54,0	74,4
Ceuta	69,0	98,3
Melilla	57,8	80,0
Total programas rexionais	58,3	83,4
Total programas plurirrexionais	47,4	68,8
Total Feder	56,2	80,5
Total Fondos	53,2	76,1

Fonte: Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Ministerio de Economía e Facenda.

Plan de Desenvolvemento Rexional polos Estados membros, aprobación pola Comisión dun Marco de Apoio Comunitario (MAC) para cada unha das rexións do Obxectivo 1 e, finalmente, desenvolvemento dese MAC mediante Programas Operativos (PO) ou outras formas de intervención de menor importancia. Unha parte dos fondos estruturais, o 5,4%, reservounos a Comisión para financiar as denominadas Iniciativas Comunitarias (propostas que emanan da Comisión) que no período actual de programación se reduciron a catro²).

Unha novidade nesta programación foi que, co 4,2% dos créditos comprometidos, se constituíu unha Reserva de Eficacia coa que na metade do período se lles incrementarían a asignación presupostaria daqueles proxectos que, cumprindo unha serie limitada de indicadores de seguimento, fosen declarados eficaces. No caso galego todos os programas que desenvolven o MAC, salvo dous, foron así cualificados.

A Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda publicou o grao de execución do MAC españo

ñol para as rexións do Obxectivo 1 ata o 31 de decembro de 2004 polo que, como nos *Informes* precedentes, deterémonos nos resultados desde o ano 2000. O fondo que dun xeito máis directo incide na industria galega é o Fondo Europeo de Desenvolve-

¹ Os catro fondos vixentes no período 2000-2006 son: o Feder (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional); o FSE (Fondo Social Europeo), o FEOGA-Sección Orientación (Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola) e o IFOP (Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca).

² Son: *Interreg III*. Finánciase co Feder e execútase en tres capítulos: Capítulo A: Desenvolvemento integrado nas zonas transfronteirizas. Capítulo B: Cooperación transnacional. Capítulo C: Reforzar a cooperación interrexional mediante un amplo intercambio de información e a participación mutua de experiencia. *Urban II*. Finánciase co Feder e en Galicia beneficia a cidade de Ourense. *Equal*. Finánciase co FSE. Combate as desigualdades que impiden o acceso ao emprego. *Leader +*. Finánciase co FEOGA-Orientación e apoia as estratexias territoriais de desenvolvemento rural integradas e de carácter piloto en cooperación con outros territorios rurais.

mento Rexional (Feder). As súas porcentaxes de execución total sobre o programado reflíctense no cadro 42. Os resultados referidos ás actuacións específicas galegas reflicten un cumprimento do 85,6% do gasto público programado no período 2000-2004 e un 63,1% sobre a programación total. Isto debe cualificarse como moderadamente positivo. Peores son os resultados dos programas de corte horizontal, competencia da Administración central que inciden, ademais de Galicia, en todas as rexións españolas

Cadro núm. 43

Distribución de axudas cofinanciadas co Feder en Galicia no Marco de Apoio Comunitario. 2000-2006 (en euros)

Eixes de desenvolvemento	Programado 2000-2006 (1)	Programado 2000-2004 (2)	Executado 2000-2004 (3)	% Executado (3)/(1)	% Executado (3)/(2)
1. Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo	418.031.109	316.928.217	243.910.485	58,4	77,0
1.1 Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	311.330.972	252.412.480	188.957.812	60,7	74,9
1.3 Provisión e adecuación de espazos produtivos de servizos ás empresas	82.482.216	43.545.492	38.316.295	46,5	88,0
1.4 Apoio a empresas relacionadas coa economía social	1.058.215	1.058.215	1.058.215	100,0	100,0
1.5 Mellora das condicións de financiamento das empresas					
1.6 Apoio a internacionalización e promoción exterior	6.292.166	6.292.166	6.292.166	100,0	100,0
1.7 Promoción do capital organizativo das empresas	10.560.000	7.312.324	2.978.457	28,2	40,7
1.10 Desenvolvemento, promoción e servizos ás empresas turísticas	6.307.539	6.307.539	6.307.539	100,0	100,0
2. Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información) e telecomunicacións	306.163.135	257.769.643	259.326.522	84,7	100,6
2.2 Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico	104.690.263	87.523.408	86.282.696	82,4	98,6
2.3 Equipamento científico-tecnolóxico	44.848.993	43.825.865	45.664.404	101,8	104,2
2.4 Transferencia tecnolóxica	2.863.296	2.863.296	2.863.296	100,0	100,0
2.5 Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	30.186.452	27.251.538	29.940.336	99,2	109,9
2.6 Grandes instalacións	13.880.001	8.978.297	12.943.838	93,3	144,2
2.7 Sociedade da información	109.694.131	87.327.240	81.631.952	74,4	93,5
3. Ambiente, medio natural e recursos hídricos	544.847.047	388.697.374	299.295.602	54,9	77,0
3.1 Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas	71.831.140	49.712.020	36.062.454	50,2	72,5
3.2 Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga	10.218.769	10.218.769	1.280.383	12,5	12,5

[Continúa] ▶

Cadro núm. 43 (continuación)

Distribución de axudas cofinanciadas co Feder en Galicia no Marco de Apoio Comunitario.
2000-2006 (en euros)

Eixes de desenvolvemento	Programado 2000-2006 (1)	Programado 2000-2004 (2)	Executado 2000-2004 (3)	% Executado (3)/(1)	% Executado (3)/(2)
3.3 Saneamento e depuración de augas residuais	202.798.069	128.108.764	98.639.866	48,6	77,0
3.4 Xestión integral dos residuos urbanos e industriais	15.719.993	8.280.913	4.339.679	27,6	52,4
3.5 Actuacións na costa	61.624.245	93.768.042	109	152,2	
3.6 Protección e rexeneración do medio natural	145.820.604	121.721.915	57.223.678	39,2	47,0
3.7 Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental	7.490.644	5.515.695	5.286.245	70,6	95,8
3.8 Rexeneración de solos e espazos	3.515.053	2.695.257	55	0,0	0,0
4. Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades	83.236.522	65.215.732	67.786.432	81,4	103,9
5. Desenvolvemento local e urbano	373.553.375	347.467.094	310.938.411	83,2	89,5
5.1 Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	8.382.980	8.382.980	8.355.196	99,7	99,7
5.2 Mellora dos sistemas de transporte urbano	10.549.084	10.549.084	7.212.655	68,4	68,4
5.3 Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes	166.458.690	166.458.690	145.368.051	87,3	87,3
5.4 Infraestruturas e equipamentos de apoio á integración social	2.951.928	2.951.928	2.951.928	100,0	100,0
5.5 Fomento e apoio das iniciativas de desenvolvemento local	77.826	77.826	77.826	100,0	100,0
5.7 Infraestruturas turísticas e culturais	33.367.687	27.405.349	28.290.940	84,8	103,2
5.8 Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	77.025.816	56.901.873	44.687.970	58,0	78,5
5.9 Infraestruturas, equipamentos sociais e sanitarios	74.564.951	74.564.951	73.819.432	99,0	99,0
5.10 Instalacións deportivas e de ocio	174.413	174.413	174.413	100,0	100,0
6. Redes de transporte e enerxía	2.419.106.867	1.679.720.726	1.435.922.497	59,4	85,5
6.1 Estradas e autovías	996.392.787	663.466.204	526.633.187	52,9	79,4
6.2 Autoestradas	93.992.120	91.583.762	93.992.119	100,0	102,6
6.3 Ferrocarrís	742.667.076	521.964.052	513.666.167	69,2	98,4
6.4 Portos	305.979.600	210.344.945	178.950.409	58,5	85,1
6.5 Aeroportos	26.770.000	22.770.000	22.924.527	85,6	100,7
6.6 Sistemas de transporte multimodais e centros de transporte	13.078.581	13.078.581	4.148.661	31,7	31,7
6.7 Accións de seguridade e mantemento da calidade das infraestruturas de transporte					
6.8 Redes de distribución de enerxía	210.676.831	129.492.308	71.072.468	33,7	54,9
6.9 Enerxías renovábeis, eficacia e aforro enerxético excepto actuacións contempladas na medida 6.10	29.549.872	27.020.874	24.534.959	83,0	90,8
6.10 Axudas á eficacia e ao aforro enerxético das empresas					
7. Agricultura e desenvolvemento rural	0	0	0	0,0	0,0
9. Asistencia técnica, seguimento e información	5.343.612	3.986.227	1.730.794	32,4	43,4
Total	4.150.281.667	3.059.785.013	2.618.910.743	63,1	85,6

do Obxectivo 1.³ Deseñáronse para este período un total de 11 programas operativos destas características,⁴ dos cales dous non foron declarados eficaces. Destes 11 programas só se executou o 68,8% do previsto para o período 2000-2004, polo que da parte do MAC do período 2000-2006 correspondente a estas intervencións só se levou a cabo o 47,4%. Se se pretende acadar os obxectivos trazados, conviría dar un forte pulo a estas actuacións nos dous anos que quedan do período. No cadro 42 tamén se observa que o grao de cumprimento do programado co Feder é superior ao dos outros fondos.

No cadro 43 preséntase a parte dos fondos Feder programados no MAC e que inciden exclusivamente en Galicia. Este cadro tamén contén o grao de execución, para o período 2000-2004, desá parte do MAC desagregado por eixes e medidas. O eixe no que se concentran as liñas de actuación da Administración autonómica en canto ao apoio directo da actividade industrial é o que se denomina: Mellora da Competitividade e Desenvolvemento do Tecido Produtivo. O seu grao de execución é sensiblemente inferior á media do MAC rexional. Esta menor execución débese ao atraso en dúas medidas: en Apoio ás empresas industriais, comerciais e de servizos e, sobre todo, na Promoción do capital organizativo das empresas. Seguramente a desviación entre o programado e o executado se explique, en parte, polo feito de que os investimentos precisan dun tempo para a súa realización e, como advirte o ministerio, só se considera rematada unha obra cando se lle paga ao axente executor e sempre que se xustifique a súa terminación.

Por outra banda, o eixe que desenvolve o que se entende por sociedade do coñecemento, piar da Estratexia de Lisboa, tivo nestes primeiros cinco anos un grao de execución do 100,6% e, sobre o total programado, tan só resta cumprir un 15,3%. Este eixe terá un sensíbel pulo no período 2007-2013 e xa, a partir de 2006, se converterá nun dos piares básicos da política de incentivos da Xunta de Galicia.

Máis da metade dos fondos Feder rexionalizados diríxense en Galicia cara ás redes de transporte e enerxía. O grao de execución deste eixe en 2000-2004 foi o 85,5% e do programado en 2000-2006 executouse o 59,4% (52,9% en estradas e autovías), polo que se precisa un grande esforzo nos dous últimos anos do actual período para cumprir coas expectativas previstas.

³ Andalucía, Asturias, Canarias, Castela e León, Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Estremadura e Murcia.

⁴ Son: Programa Operativo de Mellora da Competitividade e Desenvolvemento do Tecido Produtivo (2000-2006); Programa Operativo Local (2000-2006); Programa Operativo Feder-FSE de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (2000-2006); Programa Operativo da Sociedade da Información (2000-2006); Programa Operativo Fomento do Emprego (2000-2006); Programa Operativo Sistema de Formación Profesional (2000-2006); Programa Operativo Iniciativa Empresarial e Formación Continua (2000-2006); Programa Operativo Loita contra a Discriminación (2000-2006); Programa Operativo Plurirrexional do IFOP (2000-2006); Programa Operativo de Mellora de Estruturas e dos Sistemas de Producción Agrarios nas Rexións Españolas do Obxectivo 1 (2000-2006); Programa Plurifondo Feder-FSE-FEOGA (O)- IFOP de Asistencia Técnica (2000-2006).

Cadro núm. 44

Fondos do POI Galicia 2000-06. Anualidades 2005 e 2006.
Incluída a asignación da Reserva de Eficacia (en euros)

Eixes	2005		2006	
	Custo total	Axuda	Custo total	Axuda
1. Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo	82.062.967	58.534.921	83.218.806	59.310.659
2. Sociedade do coñecemento e telecomunicacións	30.252.240	22.689.179	26.989.996	20.942.497
3. Ambiente, medio natural e recursos hídricos	123.264.142	89.437.875	125.344.125	90.772.929
4. Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades	77.579.866	54.767.315	78.900.435	55.686.066
5. Desenvolvemento local e urbano	15.529.506	10.614.058	14.984.960	10.259.397
6. Redes de transporte e enerxía	367.539.797	226.784.694	371.846.344	229.648.821
7. Agricultura e desenvolvemento rural	76.453.233	56.280.821	78.491.244	57.713.568
8. Asistencia técnica	1.682.356	1.312.885	1.694.355	1.321.750
Total	774.364.107	520.421.748	781.470.265	525.655.687

Fonte: POI de Galicia 2000-2006. Ministerio de Economía e Facenda.

Dos Programas Operativos que desenvolven o MAC, o máis importante entre os que lle afectan a Galicia é o denominado Programa Operativo Integrado (POI) de Galicia, 2000-2006. Os restantes son os PO plurirrexionais. No POI de Galicia recóllese a programación de tres fondos estruturais (o IFOP execútase a través dun programa plurirrexional) de actuacións dirixidas a Galicia tanto competencia da Administración xeral do Estado coma da Administración autonómica. No cadro 44 reflíctense as previsións de gasto deste POI nas anualidades 2005 e 2006, incluída a asignación de Reserva de Eficacia aprobada en abril de 2004. A axuda prevista, de executarse o planificado, elevaríase en 2005 a 520,42 millóns de euros, o que supoñería un gasto público de 774,36 millóns de euros.

En canto ao gasto comunitario non reflectido no MAC, en especial as Iniciativas Comunitarias, tense que indicar que nestes últimos exercicios se está executando o xa programado ao inicio do período. Nos anteriores *Informes* referíámonos ás súas características e á contía dos fondos presupostados. Da Iniciativa Interreg III, no capítulo A, no que se inclúe a cooperación transfronteiriza entre Galicia e a rexión Norte de Portugal, cómpre destacar que en maio de 2005 se procedeu á terceira convocatoria de proxectos, que se podían presentar entre o 1 e o 15 de xullo dese mesmo ano, para o cal se dispoñía dunha axuda Feder de 152,4 millóns de euros. Pola súa parte, a Iniciativa Leader + é xestionada en Galicia pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellaría do Medio Rural, e as súas actuacións canalízanse a través dos 16 grupos de Acción Local constituídos para este efecto, que se completan con tres grupos interautonómicos. En canto á Iniciativa Equal, aprobáronse en

España para ser executados no período 2004-2007 un total de 228 proxectos, sendo a contribución do Fondo Social Europeo (FSE) de 258,57 euros. En Galicia aprobáronse un total de 16 proxectos. Finalmente, a Iniciativa Urban II en Galicia só actúa en Ourense. No ámbito desta Iniciativa, a Comisión aprobou un programa de intercambio entre cidades denominado Urbanact co obxectivo de recoñecer as innovacións, as boas prácticas e a capitalización do coñecemento adquirido.

Cadro núm. 45

Proxectos aprobados en Galicia para o seu financiamento polo Fondo de Cohesión en 2005 (en euros)

Nome do proxecto	Custo elixíbel	Axuda
Extracción do fuel do <i>Prestige</i> por medio de Lanzadeiras	66.828.000	56.803.800
Automatización das instalacións de saneamento de Vigo	1.257.093	1.005.674
Ampliación do saneamento da parroquia de Zamanes. Vigo	1.257.624	1.006.099
Novas instalacións portuarias en punta Lagosteira	362.732.000	257.539.720
Total	432.074.717	316.355.293

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda.

Finalmente, Galicia tamén recibe a contribución do Fondo de Cohesión, que se dirixe cara aos Estados da Unión Europea cuxo PIB per capita non supera o 90% da media comunitaria. Deica o 1 de xaneiro de 2004 os países beneficiarios foron España, Irlanda, Portugal e Grecia. Desde esa data, Irlanda saíu do fondo e detraéronse os 164 millóns de euros que lle corresponderían deica 2006. Coa ampliación, a partir do 1 de maio de 2004 xa se están beneficiando do Fondo todos os novos Estados membros. A dotación total do Fondo para España, a prezos de 2004, foi de 12.357 millóns de euros para o período 2000-2006, cantidade que se ten que destinar á execución de proxectos ambientais ou de infraestruturas de transporte da rede transeuropea ou, en todo caso, facilitar o acceso a ela. A incidencia do Fondo de Cohesión en Galicia en 2005 recóllese no cadro 45. Apoiáronse catro proxectos: os custos de extracción do fuel do *Prestige*, dúas intervencións de saneamento en Vigo e, o máis importante, a construción en Punta Lagosteira do porto exterior da Coruña, no que, sobre un custo total de 432 millóns de euros, o Fondo achegará 316,36 millóns.

A política rexional comunitaria a partir de 2007 e a súa incidencia en Galicia

A falta de algo máis de ano e medio para que se inicie o novo período de programación, a información dispoñíbel é moi limitada e non estamos en condicións de determinar os fondos que realmente percibirá Galicia no período de planificación 2007-2013.

Iso significa, como aconteceu no período anterior, que nos primeiros anos desta nova etapa se estarán deseñando uns programas que xa deberían estar en marcha.

Nos últimos días de 2005 a noticia era que Galicia, cun nivel do 73,4% da media do PIB per capita comunitario no período 2000-2002, quedaba incluída no Obxectivo de Converxencia, que é o que vai substituír o actual Obxectivo 1. Se temos en conta as perspectivas financeiras aprobadas, a nosa seguirá sendo unha Comunidade na que se aplicarán a totalidade dos fondos estruturais que, no novo período, serán os tradicionais Feder, FSE e, ademais, un novo fondo que recolle elementos da actual Iniciativa Comunitaria Interreg, denominado Agrupación europea de cooperación territorial. Desaparecen as Iniciativas Comunitarias e, tamén se elimina o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) creándose no seu lugar o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Finalmente, o Instrumento Financeiro de Orientación para a Pesca (IFOP) é substituído polo Fondo Europeo de Pesca (FEP).

O 5 de maio de 2006 a Comisión lanzou unha proposta sobre os regulamentos dos fondos estruturais (entre os que inclúe o do Fondo de Cohesión). Estes regulamentos serán presentados no Parlamento Europeo no mes de xullo e, se fosen aprobados, publicaranse no Diario Oficial do 20 de xullo.

Ademais de Galicia, quedaron encadradas no Obxectivo de Converxencia tres comunidades autónomas españolas: Andalucía, Estremadura e Castela-A Mancha. Unha primeira estimación cifraba as axudas rexionais para estas catro comunidades preto dos 17.300 millóns de euros para todo o período, pero esta cantidade é simplemente indicativa. Tras coñecerse o desenlace do Consello Europeo do mes de decembro, abriuse en España un debate sobre se as comunidades máis desfavorecidas deberían recibir outro tipo de fondos máis alá dos estruturais ou, pola contra, os outros fondos se terían que dirixir cara a aquelas rexións españolas que polo efecto estatístico deixarían o Obxectivo de Converxencia e pasaban a unha situación de transitoriedade tal e como ocorrera con Cantabria no período 2000-2006.

No Consello Europeo de decembro tamén se aprobara un fondo tecnolóxico para España cunha contía de 2.000 millóns de euros, que incidiría, sobre todo, nas rexións menos desenvolvidas. Este é o único fondo do que xa coñecemos a súa repartición territorial e a Galicia corresponderanlle 360 millóns de euros sobre un total de 1.400 millóns destinados ás comunidades do Obxectivo de Converxencia. Ademais, non se debe descartar o feito de que Galicia tamén reciba fondos doutros programas transfronteirizos (para España 480 millóns de euros) e do Fondo de Cohesión (3.250 millóns de euros). O financiamento galego, en calquera caso, complétase con outros programas especiais e os de axuda ao desenvolvemento rural, á pesca e ás estruturas agrarias. Con relación á Pesca, o novo FEP estará dotado previsiblemente con 3.800 millóns de euros, aproximadamente 100 millóns de euros máis cós que tiña o actual IFOP. Mentres que no período 2000-2006, tras unha cifra inicial próxima aos 1.500 millóns de euros, España recibiu finalmente uns 1.700 millóns, a proposta actual é que lle correspondían arredor de 1.013 millóns do FEP, debido ao forte peso de Polonia. Non obstante, as cifras definitivas seguramente non se coñecerán deica o próximo mes de setembro.

A política da Administración central aplicada en Galicia

A política da Administración central aplicada en Galicia incide en múltiples aspectos. O describir dun xeito exhaustivo todas as liñas de actuación sería excesivamente prolífico polo que, tal como fixemos nos anteriores *Informes*, referirémonos brevemente á política tecnolóxica competencia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio directamente ou a través do CDTI. Posteriormente comentaremos as accións dirixidas cara a un territorio concreto de Galicia e, finalizaremos, coa incidencia das actuacións do Ministerio de Economía e Facenda en Galicia a través da política de concesión de fondos para financiar o investimento produtivo das empresas, o que se coñece como os incentivos rexionais.

Cadro núm. 46

Incidencia do Programa de Fomento da Investigación Técnica (Profit) en Galicia. Convocatoria 2005
(en miles de euros)

Descrición	Proxectos presentados		Proxectos aprobados		Subvención aprobada	
	Núm.	Presuposto total	Núm.	Presuposto total	En 2005	Anteriormente
Programa Nacional de Biotecnoloxía	3	1.308,3	0	0,0	0,0	0,0
Programa Nacional de Deseño e Producción Industrial: prioridades temáticas multidisciplinares	6	3.257,0	4	1.394,4	166,8	0,0
Subprograma Nacional de Bens de Equipo	2	4.941,8	1	768,6	0,0	108,2
Subprograma Nacional de modernización dos Sectores Tradicionais	5	3.024,4	1	680,1	50,0	0,0
Programa Nacional de Recursos e Tecnoloxías agroalimentarias	4	1.759,3	2	1.364,2	21,0	660,8
Programa Nacional de Enerxía	3	723,9	2	497,0	46,7	0,0
Subprograma Nacional de Ciencias e Tecnoloxías Mariñas	1	268,9	0	0,0	0,0	0,0
Subprograma Nacional de Tecnoloxías para a Xestión Sostíbel Ambiental	2	790,9	1	498,6	31,0	109,3
Programa Nacional de Ciencias e Tecnoloxías químicas: Subprograma de Investigación Química Orientada	1	249,1	0	0,0	0,0	0,0
Subprograma Nacional de Automoción	1	962,5	1	962,5	102,6	0,0
Subprograma Nacional Marítimo	5	8.736,6	3	3.903,0	164,8	980,1
Subprograma Nacional Transmodal	1	307,9	0	0,0	0,0	0,0
Programa Nacional de Construción	4	766,0	1	202,9	13,0	0,0
Programa Nacional de Seguridade	1	1.802,5	0	0,0	0,0	0,0
Programa Nacional de Ciencias sociais, Económicas e Xurídicas	1	240,5	0	0,0	0,0	0,0
Total	40	29.139,6	16	10.271,3	595,9	1.858,5

O Programa de Fomento da Investigación Técnica (Profit) é «un instrumento mediante o cal o Goberno articula un conxunto de convocatorias de axudas públicas, destinadas a estimular as empresas e a outras entidades a levar a cabo actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico; segundo os obxectivos establecidos no Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (I+D+i) 2004-2007, na parte dedicada ao Fomento da Investigación Técnica». Este instrumento na convocatoria de 2005 apoiou en Galicia un total de 16 proxectos de 40 presentados en cada un dos programas e subprogramas nos que se descompón o Profit (cadro 46). Os resultados reflicten a pouca incidencia que esta actuación do Estado tivo en Galicia xa que o presuposto aprobado, arredor de 10 millóns de euros, é superado, como comprobaremos nas páxinas seguintes, por outro tipo de intervencións de características similares.

Un organismo importante no contexto da política económica do Ministerio de Industria, é o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) que lles concede ás empresas axudas financeiras propias e facilita o acceso a outros organismos para a realización de proxectos de investigación e desenvolvemento tanto nacionais coma internacionais. Os proxectos que se lle presentan seguen a tipoloxía que

Cadro núm. 47

Distribución dos proxectos aprobados polo CDTI en 2005

Descrición	Proxectos		Contribución CDTI		Presuposto total	
	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Andalucía	39	4,9	18.914	4,1	35.041	3,9
Aragón	36	4,5	23.041	5,0	43.188	4,9
Asturias	18	2,2	12.135	2,6	23.288	2,6
Baleares	2	0,2	2.250	0,5	4.981	0,6
Canarias	4	0,5	2.841	0,6	4.735	0,5
Cantabria	14	1,7	8.108	1,8	15.114	1,7
Castela e León	42	5,2	33.255	7,2	71.773	8,1
Castela-A Mancha	9	1,1	6.569	1,4	13.324	1,5
Cataluña	243	30,3	118.333	25,7	224.256	25,3
C. Valenciana	69	8,6	40.802	8,8	78.935	8,9
Estremadura	6	0,7	1.518	0,3	2.637	0,3
Galicia	15	1,9	9.570	2,1	17.049	1,9
Madrid	77	9,6	39.169	8,5	73.224	8,3
Murcia	18	2,2	10.847	2,4	19.349	2,2
Navarra	82	10,2	49.322	10,7	101.903	11,5
País Vasco	112	14,0	76.896	16,7	144.242	16,3
A Rioxá	15	1,9	7.632	1,7	14.515	1,6
Total	801	100,0	461.202	100,0	887.555	100,0

Fonte: CDTI.

figura no cadro 48, que xa foi descrita con certo detalle nos *Informes* anteriores. Lembremos que os proxectos de desenvolvemento tecnolóxico teñen un carácter aplicado e son desenvolvidos por empresas ou en cooperación cun centro tecnolóxico; os de innovación, son iniciativas de investigación precompetitiva e as empresas realízanos en cooperación cun centro de investigación; os de innovación tecnolóxica son similares aos de desenvolvemento tecnolóxico coa diferenza que incorporan á empresa tecnoloxías emerxentes; e, por último, coa Iniciativa Neotec preténdese a creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica en España. Os apoios que se ofrecen consisten na concesión de créditos a tipo de xuro cero e a longo prazo. Nas comunidades do Obxectivo 1 como Galicia parte do financiamento pode provir do Feder a través dun PO plurirrexional. Ademais do financiamento directo as empresas poden recorrer ás liñas de financiamento que o CDTI desenvolveu co Instituto de Crédito Oficial (ICO).

Os resultados da incidencia da política tecnolóxica do CDTI na industria española recóllense no cadro 47. O baixo peso relativo de Galicia é un fiel reflexo da súa posición neste ámbito e, á súa vez, xustifica os esforzos que se realizan desde a Administración autonómica para intentar conseguir mellores logros mediante outros instrumentos. En 2005, dos 801 proxectos aprobados polo CDTI só 15 corresponden a empresas con sede social en Galicia e dado que unha empresa pode presentar varios proxectos, en realidade son 12 empresas apoiadas. Cataluña lidera o apoio do CDTI en España seguida do País Vasco e Navarra mentres que Madrid ocupa o cuarto lugar. As diferenzas son tan amplas que o presuposto total galego aprobado só equivale ao 7,6% do catalán. Parece evidente que neses territorios é onde se localizan os centros de investigación dos principais grupos empresariais españois e a súa actividade xera un efecto polarizador difícil de superar, no sentido de que empresas doutros territorios prefiren desprazar este tipo de actividades a eses lugares.

Se nos centramos nas características dos proxectos aprobados en 2005 correspondentes a Galicia (cadro 48) observamos, fronte ás outras modalidades, o predominio dos de desenvolvemento tecnolóxico. É un reflexo da dificultade de implicar as empresas galegas na realización de investigación precompetitiva. Non obstante, temos que ponderar estes resultados co feito de que desde a Administración autonómica se executa

Cadro núm. 48

Distribución por tipoloxía dos proxectos aprobados polo CDTI en 2005

Tipoloxía	Número de proxectos	Contribución CDTI (en miles de euros)	Presuposto total (en miles de euros)
Desenvolvemento tecnolóxico	9	5.741,3	9.749,2
Investigación industrial concertada	3	2.551,5	4.252,5
Innovación tecnolóxica	2	977,4	2.443,4
Neotec	1	300,0	603,7
Promoción tecnolóxica	0	0,0	0,0
Total	15	9.570,1	17.048,8

unha política tecnolóxica potente á que se se acolle un maior número de empresas que, polo que se ve, non intentan nin conseguen fondos nas convocatorias do Estado.

Do conxunto de proxectos aprobados (cadro 49), seis están relacionados directa ou indirectamente co sector alimentario e unha boa parte deles proceden de empresas como Coren, Ence, Insuiña (Grupo Pescanova) ou Televés tradicionais no sector industrial galego e aos que o CDTI prestou apoio nos últimos anos. Se se agrupan os proxectos aprobados por áreas tecnolóxicas, 10 correspóndenlle á de tecnoloxías agroalimentarias e ambientais, mentres que 4 son de tecnoloxías da información e o proxecto restante corresponde á tecnoloxía de produción. Por outro lado, a práctica totalidade dos proxectos aprobados son das provincias de Pontevedra (8) e da Coruña (5). Ás empresas de Ourense e Lugo tan só se lles aprobou un proxecto.

Cadro núm. 49

Relación de empresas con proxectos aprobados polo CDTI en Galicia en 2005

Empresa	Actividade	Concello	Proxecto
Cenbimo, S.L.	Fabricación de sondas de DNA monocaternario para diagnóstico <i>in vitro</i>	Lugo	Desenvolvemento de sondas de DNA para a detección <i>in situ</i> de expresión xénica
Comunitel Global, S.A.	Ofrecerlles servizos de telecomunicacións a empresas pertencentes ao Grupo Tele2	Vigo	Migración do sistema de facturación (billing)
Comunitel Global, S.A.	Ofrecerlles servizos de telecomunicacións a empresas pertencentes ao Grupo Tele2	Vigo	Desenvolvemento de novos servizos ip
Control y Renovación Electromecánica, S.A.	Acuicultura. Equipos para as granxas mariñas.	A Coruña	Batea circular para o cultivo de bivalvos no Mediterráneo
Cooperativas Orensanas, S. Coop. Ltda.	Alimentación	Ourense	Selección xenética acelerada baseada en técnicas de ADN
Gonvarri Galicia, S.A.	Transformadora e distribuidora de produtos siderúrxicos	Marín	Robotización do proceso de montaxe de árbores de cizalla e flexado automático de bobinas
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Produción de celulosa de eucalipto TCF	Pontevedra	Mellora xenética e silvícola do xénero <i>eucalyptus</i>
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Produción de celulosa de eucalipto TCF	Pontevedra	Métodos de estimación dos valores de mellora de <i>eucalyptus globulus</i>
Hypor España G. P., S.A.	Desenvolvemento de técnicas e ferramentas de selección de porcino	A Coruña	Mellora xenética molecular de caracteres de calidade de canal e carne
Insuiña, S.L.	Engorde de peixes planos	O Grove	Mellora xenética de dourada e rodaballo
Internacional de Comercio y Servicios, S.L.	Comercio por xunto de artigos do sector primario	Marín	Aproveitamento de soros lácteos para alimentación animal
Leche Celta, S.L.	Industria láctea	Pontedeume	Novos produtos lácteos saudábeis
Televés, S.A.	Investigación, deseño, fabricación e comercialización de equipos para a recepción e distribución do sinal de televisión.	Santiago de Compostela	Plataforma de comunicación de datos.
Televés, S.A.	Investigación, deseño, fabricación e comercialización de equipos para a recepción e distribución do sinal de televisión.	Santiago de Compostela	Deseño e desenvolvemento dun novo receptor de televisión dixital terrestre
Xiloga S.L.	Tratamento de residuos industriais	As Somozas	Utilización de residuos da industria do aluminio para a fabricación de cemento

En canto ás políticas dirixidas dun xeito específico a un territorio de Galicia atopámonos con varios casos entre os que destaca o de Ferrol e a súa comarca, espazo ao que dun xeito permanente se lle intentaron aplicar plans específicos desde o inicio da crise do naval a comezos dos oitenta e cuxos resultados nunca foron os desexados a teor da reiteración dos plans deseñados para este fin. En maio de 2005 a Administración central anunciou para 2006 un plan de carácter integral para a diversificación industrial da comarca, denominado Plan Ferrol, para o que se constituíu un Grupo Impulsor. O Ministerio de Industria ía ser, en principio, o principal protagonista neste Plan. Máis tarde sumouse a Administración autonómica. O Plan articulouse en catro eixes: pulo das infraestruturas; diversificación da economía; consolidación da construción naval; e, implicación da poboación. En canto ás accións de apoio aos sectores económicos acordouse un labor coordinado entre o Ministerio de Industria e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que nos primeiros meses de 2006 se concretou nunha dotación de fondos adicionais do ministerio ao Igape, o que xunto cos fondos propios deste Instituto (unha liña de crédito a fondo perdido por valor de 9 millóns de euros) se dispuxo dunha partida de 46,5 millóns de euros (3,5 millóns para subvencións a fondo perdido e 43 millóns de euros en préstamos a tipo de xuro cero e reembolsábeis en quince anos) nunha convocatoria aberta, para as empresas de Ferrolterra, deica o 30 de abril de 2006. Os resultados desta actuación concretáronse nun apoio a 52 empresas cun investimento de 76 millóns de euros.

O outro punto de atención especial nos últimos anos, próximo a Ferrol, é o das Pontes e os seus municipios limítrofes. Nos *Informes* anteriores comentabamos a aplicación do Plan da Mina de Minaría do Ministerio de Industria para o período 1998-2005 (do que tamén se podía beneficiar o municipio de Cerceda), así coma os resultados dos plans de diversificación industrial das Pontes ante o esgotamento dos depósitos de lignito co peche das minas previsto para decembro de 2007. No Plan da Minaría que rematou en 2005 Galicia recibiu un total de 64 millóns de euros sobre 204 previstos e, malia cando aínda non hai cifras definitivas para o novo período 2006-2012, en cada un dos dous primeiros anos recibíranse 14,1 millóns de euros dirixidos a proxectos de investimento empresarial xustificadas pola perda esperada de 200 empregos, cifra que suscitou controversia entre as organizacións sindicais. A estas axudas habería que engadir uns fondos para formación.

Por outro lado, desde hai case 20 anos estase aplicando en Galicia unha política competencia da Administración central cuxo organismo responsábel en 2005 foi a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda. Esta actuación en Galicia é xestionada polo Igape, de cuxa actividade en 2005 daremos referencia no próximo epígrafe. Conxuntamente, o Igape e a Administración central, coordínanse, contrólanse e realizan o seguimento do programa, que manterá a súa vixencia deica finais de 2006, momento no que previsibelmente proseguirá pero adaptando a súa normativa á vixente no período 2007-2013 na Unión Europea. En España o programa de incentivos económicos rexionais aplícase actualmente en 11 comunidades autónomas, ademais de Ceuta e Melilla. Nas rexións do Obxectivo 1, as actuacións

están cofinanciadas polo Feder e están contempladas no PO Mellora da Competitividade e do Desenvolvemento do Tecido Produtivo de corte plurirrexional.

As características básicas desta intervención viñéronse explicando con reiteración nos sucesivos *Informes*. A intervención ten a súa base normativa na Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos territoriais. Agora ben, só dous anos despois publicouse o Regulamento (Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro) que a desenvolveu e, máis tarde, promulgouse o Real decreto no que se declarou a Galicia como Zona de Promoción Económica (ZPE) coa excepción de 10 municipios da área de Ferrolterra que foron denominados Zona Industrializada en Declive (ZID). Posteriormente, en 1995, toda a Comunidade Autónoma pasou a ser ZPE, circunstancia que perdura ata a actualidade. En todo este longo período fóronse producindo cambios normativos que, conforme xurdiron, se foron explicando nos *Informes* correspondentes.

Por outro lado, temos que lembrar para unha mellor comprensión dos resultados de 2005 que os incentivos económicos rexionais son un sistema de apoio moi tradicional á actividade económica consistente na subvención a fondo perdido ao investimento produtivo efectuado polas empresas solicitantes e que abrangue non só a totalidade do sector industrial senón ás actuacións en acuicultura, os servizos avanzados de apoio á industria e aos establecementos hoteleiros, cámpings, aloxamentos

Cadro núm. 50

Relación de proxectos aprobados das ZPE por grupo de traballo ou consello reitor en 2004

	Núm. de proxectos		Investimento subvencionado				Subvención		Emprego que se vai crear		Subvención / investimento (%)	Subvención / emprego (miles de euros)
	Núm.	%	Millóns euros	%	Millóns euros	%	Núm.	%				
Andalucía	62	22,7	403	25,2	60	30,0	1.651	34,1	14,8	36,1		
Aragón	11	4,0	23	1,4	2	0,8	82	1,7	6,8	19,0		
Asturias	20	7,3	68	4,3	9	4,6	266	5,5	13,3	34,2		
Canarias	6	2,2	30	1,9	4	1,9	109	2,3	12,5	34,8		
Cantabria	7	2,6	41	2,6	6	2,9	170	3,5	13,9	33,8		
Castela e León	31	11,4	171	10,7	16	7,8	777	16,1	9,1	20,0		
Castela-A Mancha	12	4,4	95	5,9	10	5,0	251	5,2	10,4	39,3		
C. Valenciana	52	19,0	440	27,4	44	22,1	331	6,8	10,0	133,0		
Estremadura	13	4,8	76	4,8	12	5,9	216	4,5	15,4	54,6		
Galicia	47	17,2	233	14,5	35	17,8	875	18,1	15,2	40,3		
Murcia	11	4,0	21	1,3	2	1,1	84	1,7	10,9	27,2		
Ceuta	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0				
Melilla	1	0,4	1	0,1	0	0,1	26	0,5	12,0	6,4		
Total	273	100,0	1.603	100,0	199	100,0	4.838	100,0	12,4	41,1		

de turismo rural e instalacións complementarias de ocio. Os investimentos en activos fixos materiais poderanse subvencionar ata un 40%, pero a contía exacta determinárase segundo as características do proxecto (postos de traballo creados, utilización dos factores produtivos da zona, xeración de Valor Engadido Bruto, produtividade, tipo de tecnoloxía incorporada e, tamén, pondérase se o proxecto provocará efectos multiplicadores, no sentido de se servirá como elemento dinamizador da zona). Estas axudas diríxense cara a novas instalacións, traslados ou ampliación das xa existentes e, neses casos, esixírase un investimento mínimo de 90.152 euros. Tamén se subvencionan as modernizacións, pero o investimento mínimo ascendería entón a 270.455 euros.

Mentres nos cadros 51 e 52 presentamos os resultados obtidos por este instrumento de apoio en Galicia en 2005, no cadro 50 recóllense os últimos datos, referidos a 2004, publicados pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios correspondentes aos proxectos aprobados por comunidades autónomas, xa sexa por un grupo de traballo (proxectos de pequena dimensión) ou polo Consello Reitor. Lembremos que se os proxectos superan os 6.010.121 euros terán que ser aprobados pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

O número de proxectos que se aprobaron en España en 2004 descendeu sensiblemente con respecto a 2003 xa que de 718 pasouse a 273. Esta caída afectoulle á práctica totalidade de comunidades autónomas e reflectiuse dun xeito similar no conxunto de variábeis observadas: investimento, subvención e emprego. Galicia non foi unha excepción de tal modo que de 100 proxectos pasou a 47 e o investimento reduciuse practicamente á metade. A teor destes resultados e a diferenza do que ocorría outros anos, non parece que se financiasen investimentos de envergadura tal que o peso dunha comunidade autónoma se elevase considerabelmente con respecto á súa porcentaxe habitual. Deste xeito, e como en 2003, Galicia mantívose no terceiro lugar en todas as variábeis analizadas por detrás de Andalucía e da Comunidade Valenciana. A única excepción é a variábel emprego creado no que antes de Galicia se sitúan Andalucía e Castela e León. Nesta clasificación cómpre subliñar que os proxectos de maior envergadura se localizaron na Comunidade Valenciana, que ocupa o primeiro lugar, pola contía do investimento subvencionado, pero trátase de proxectos que, comparados cos doutras comunidades, non foron creadores de emprego. Así mentres o investimento en Andalucía foi inferior ao da Comunidade Valenciana, o número de empregos creados é cinco veces superior.

O esforzo de apoio da administración pública mídese pola porcentaxe subvencionada do investimento produtivo en cada comunidade autónoma. Neste período a maior porcentaxe correspondeulle a Estremadura (15,4%) e a Galicia (15,2%) sendo a media española o 12,4%. Estas cifras están lóxicamente condicionadas pola calidade dos proxectos presentados, pero aínda así, os resultados denotan un maior apoio cara ás comunidades que contan cun menor PIB por habitante. Lembremos que esta axuda pode ser complementada por outras sempre e cando non se supere o límite da subvención neta equivalente. Por outro lado, o custo que lle supuxo á Administración a creación dun posto de traballo oscilou moito entre as dúas situacións extremas: 19.000 euros en Aragón e 133.000 na Comunidade Valenciana. A posición galega aproxímase ao valor

medio (41.100 euros), pois a creación dun posto de traballo supuxo, na nosa Comunidade Autónoma, un gasto público de 40.300 euros.

Os proxectos de investimento aprobados en Galicia e publicados no BOE en 2005 ascenderon a 67, 12 máis cós aprobados en 2004. Iso non presupón que estes 67 proxectos se vaian executar xa que é moi probábel que algún se retire e, aínda que se realicen, pode que se modifiquen as súas características iniciais. No cadro 51 preséntase a distribución provincial deses proxectos nos que se observa unha clara primacía de Pontevedra, circunstancia que se repetirá máis adiante cando se analice outro tipo de programas. Non obstante, a diferenza de quince puntos coa provincia da Coruña desce a 5,4 se nos fixamos no investimento e tan só a 3,2 se observamos a contía da subvención. Por outra parte esa distancia amplíase a prol de Pontevedra se se considera o número de postos de traballo creados. En suma, os proxectos da provincia da Coruña, en función das súas peculiaridades, mereceron un maior apoio da Administración cós da provincia de Pontevedra aínda cando non xerasen tantos postos de traballo. Ademais disto no cadro 51 constátase o peso da provincia de Lugo en investimento e subvención froito dun proxecto singular, o que se contrapón coas baixas cifras da provincia de Ourense.

Cadro núm. 51

Proxectos aprobados e publicados no BOE en 2005 acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia. Distribución territorial

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Proxectos					
Número	21	8	7	31	67
%	31,3	11,9	10,4	46,3	100,0
Investimento subvencionábel					
Miles de euros	132.542	89.261	20.243	153.848	395.894
%	33,5	22,5	5,1	38,9	100,0
Subvención					
Miles de euros	20.752	20.235	3.098	22.926	67.010
%	31,0	30,2	4,6	34,2	100,0
Postos de traballo					
Número	335	72	76	541	1.024
%	32,7	7,0	7,4	52,8	100,0

Fonte: Igape. Elaboración propia.

Os resultados dos incentivos económicos rexionais xunto cos do programa de investimentos do Igape aproxímanos ás expectativas investidoras de certa envergadura na industria galega en 2005. Dicimos industria galega xa que a ela pertence o 94,8% dos investimentos subvencionados e, por outro lado, supoñemos que se trata dunha gran parte do investimento planeado en Galicia xa que estimamos que sería irracional que

existindo a posibilidade de que a Administración financie a fondo perdido unha parte do investimento produtivo dunha sociedade, esta non solicita o seu apoio.

Na provincia da Coruña aprobáronse 21 proxectos dos que 5 superaban os cinco millóns de euros de investimento. Un deles correspóndelle ao hotel de cinco estrelas pertencente ao grupo NH recentemente inaugurado en Santiago de Compostela. Os dous máis importantes e cuxo investimento supera os 30 millóns de euros son, en primeiro lugar, o destinado a Fiberblade Norte, S.A., empresa localizada nas Somozas e dedicada á fabricación de pas para aeroxeradores. Esta instalación confirma a especialización do municipio neste tipo de actividades xunto coa reciclaxe de residuos industriais. Tamén revela o efecto dinamizador na industria galega que supuxo o auxe da enerxía eólica. En segundo lugar, está o investimento de Air Liquide Ibérica de Gases en Arteixo, planta dedicada á produción de hidróxeno, vapor e anhídrido carbónico. Dos dous proxectos restantes, un corresponde a unha ampliación de Ferroatlántica, empresa emblemática da Costa da Morte e o outro a Cementos Gallegos, S.A., localizado en Narón nas proximidades do Parque Empresarial do Río do Pozo. Con isto amplíase a oferta galega de cemento, que ata hai pouco só estaba representada por Cementos Cosmos, adquirida hai uns anos polo entón grupo público portugués Cimpor.

En canto á provincia de Lugo, o seu elevado volume de investimento débese, en primeiro lugar, ao proxecto da empresa, propiedade nun 51% da compostelá Finsa, Fibras del Noroeste localizada en Rábade. Tamén superou os cinco millóns de euros o proxecto Asma-Yect, empresa dedicada á fundición de aluminio no concello de Chantada, sociedade na que participa o fondo de capital risco Emprede de XesGalicia e o de Aguas de Cospeito, sociedade do grupo Cabreiroá e a que xa se fai referencia na crónica sectorial deste mesmo capítulo. Estes tres proxectos, espallados pola provincia, explican o elevado peso (22,5% en investimento e o 30,2% da subvención) que ese ano se rexistrou en Lugo con respecto ao total galego.

En Ourense, dos 7 proxectos aprobados só un supera os cinco millóns de euros. Trátase do investimento efectuado por CSB Galfor, S.A. no polígono de San Cibrao das Viñas en Ourense, sociedade á que xa fixemos referencia no epígrafe anterior e que forma parte do complexo galego da automoción. Esta empresa dedicada á fabricación de pezas forxadas por estampado reflicte a diversificación da industria dos compoñentes de automoción máis alá do sur da provincia de Pontevedra. Sodiga ampliou a súa participación no capital desta sociedade en 324.547,20 euros, actuación á que nos referiremos no próximo epígrafe.

Finalmente, a provincia de Pontevedra absorbeu case a metade dos proxectos aprobados en 2005 pero salvo os casos que comentaremos a continuación, son de pequeno tamaño. A principal operación, en canto ao volume de investimento, correspondeulle a Tisú de Lourizán, S.L. consistente na construción dunha papeleira nas proximidades do actual localización de Ence en Pontevedra da que o socio maioritario é Georgia Pacific Corporation. Como é sabido, xa que o tema acaparou un gran protagonismo na prensa nos últimos anos, desbotouse esta situación polo que aos resultados da provincia de Pontevedra habería que subtraerlle os que corresponden a este proxecto. Ademais de Tisú de Lourizán, S.L., outros catro investimentos superaron os cinco millóns de

euros. Por incentivos rexionais aprobouse a subvención a un investimento da madeireira Tafisa por algo máis de 12 millóns de euros para a fábrica que mantén en Ponte Caldelas, tras o peche da histórica factoría situada na beira do Lérez. Tamén se aprobou un investimento similar para a empresa localizada no Porriño, de capital estadounidense, Genentech España S.L., que actualmente traballa na procura de produtos contra o cancro. Os outros dous investimentos superiores aos cinco millóns de euros corresponden a Extrugasa, S.A., empresa do grupo Quintá dedicada á fabricación e ao acabado da perfilaría de aluminio e instalada no municipio de Valga e a Gestamp Cataforesis Vigo, S.L, sociedade de compoñentes de automoción que ampliou a súa oferta ao pintado de pezas de automoción por cataforese.

Cadro núm. 52

Proxectos aprobados e publicados no BOE en 2005 acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia

Distribución sectorial

Actividades	Proxectos		Investimento subvenc.		Subvención		Postos de traballo	
	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Nº	%
Produtos non-metálicos	9	13,4	35.484	9,0	5.000	7,5	94	9,2
Produtos químicos	3	4,5	51.362	13,0	10.694	16,0	70	6,8
Produtos metálicos e maquinaria	14	20,9	60.078	15,2	7.518	11,2	210	20,5
Material de transporte	4	6,0	16.284	4,1	2.380	3,6	52	5,1
Alimentación, bebidas e tabaco	7	10,4	18.957	4,8	3.012	4,5	50	4,9
Téxtil, coiro e calzado	8	11,9	79.851	20,2	18.424	27,5	119	11,6
Papel e artes gráficas	7	10,4	79.121	20,0	12.004	17,9	128	12,5
Madeira e cortiza	5	7,5	25.079	6,3	3.287	4,9	177	17,3
Caucho, plásticos e outras manufacturas	3	4,5	5.614	1,4	984	1,5	20	2,0
Reciclaaxe	2	3,0	3.635	0,9	450	0,7	22	2,1
Outras	5	7,5	20.427	5,2	3.258	4,9	82	8,0
Total	67	100,0	395.894	100,0	67.010	100,0	1.024	100,0

Fonte: Igape. Elaboración propia.

Na distribución sectorial dos proxectos aprobados, que figura no cadro 11, tiveron un peso determinante os xa citados anteriormente. Esta clasificación reflicte que non houbo unha actividade na que se concentre o investimento, o que amosa a diversidade industrial que existe na economía galega. Da observación do cadro 52 sobresa o feito de que oito dos proxectos aprobados correspondan ao sector téxtil (absorberon o 27,5% do investimento) o que non deixa de ser interesante nun momento crítico da industria ante a irrupción de economías emerxentes especializadas nesta actividade. Tamén é significativo que 7 proxectos correspondan a Alimentación, un sector tradicionalmente xa moi apoiado por programas específicos. Finalmente, observamos que en canto a número de proxectos e como adoita ser habitual, a actividade de produtos metálicos e maquinaria é onde se aprobou o maior número de expedientes, a maioría de pequena dimensión.

A política industrial da Administración autonómica

A incidencia de XesGalicia na economía galega en 2005

Dentro do marco das actuacións de promoción económica na comunidade autónoma galega, a sociedade xestora de entidades de capital risco XesGalicia mediante os tres fondos de que dispón actualmente máis os activos de Sodiga, incide nun apoio ás empresas consistente na participación temporal e minoritaria no capital social destas e na concesión de préstamos ás sociedades participadas. Esta sociedade débese unir ao conxunto de actuacións que desenvolve o Igape, propietario do 70% de XesGalicia (o 30% restante pertence a Ahorro Corporación).

En canto aos tres fondos dispoñíbeis, lembremos que a finais de 2004 se constituíu o denominado Fondo Aquagal cun capital inicial de algo máis de dous millóns de euros que previsibelmente se ampliará a tres millóns en 2006. Este fondo participado unicamente polo Igape dedícase exclusivamente ao apoio da acuicultura.

Os dous fondos restantes ademais de Sodiga inciden directamente no sector industrial galego. A continuación describimos o seu impacto en 2005.

Cadro núm. 53

Fondos Emprende e Adiante. Actuacións no ano 2005 (en euros)

	Participación no capital social	Préstamo	Total
Fondo Emprende			
Empresas xa participadas con anterioridade			
Movelis Software, S.L.		150.000	150.000
Asma-Yect, S.L.	406.413		406.413
Empresas nas que comezou a participación en 2004			
Calizas Marinas, S.A.	740.000		740.000
Monte Kalamúa, S.A.		600.000	600.000
Total	1.146.413	750.000	1.896.413
Fondo Adiante			
Empresas xa participadas con anterioridade			
Autocares Antonio Vázquez	610.526	2.100.000	2.710.526
Empresas nas que comezou a participación en 2004			
Hidrofersa, Fábrica de Chavín, S.A.	299.998	300.000	599.998
Total	910.524	2.400.000	3.310.524

Fonte: XesGalicia SGEER, S.A.

Fondo Adiante

Como xa comentamos nos *Informes* precedentes, este fondo, constituído en maio de 1999, está orientado cara a empresas que necesitan salvar unha situación temporal difícil ou cara a aquelas que poden chegar a tela. A porcentaxe máxima de participación no capital social é do 45% e o fondo ten que diversificar o seu risco de tal xeito

que ningún investimento superará o 15% dos seus activos totais. En 2004 ampliouse o obxecto social deste fondo co fin de poder integrar o Fondo Galicia-Norte de Portugal proveniente do período de planificación 1994-1999 e que, logo de deterse a súa actividade, será cofinanciado coa Iniciativa Comunitaria Interreg III.

Como no ano precedente, a carteira do Fondo Adiante mantívose en 2005 con 14 sociedades e o gasto total foi moi similar ao de 2004 (aumentou a participación no capital social pero caeu a contía dos préstamos). Fronte a unha previsión inicial de 6 novos proxectos dos que dous se financiarían co Fondo Galicia-Norte de Portugal, en realidade interveu en dous proxectos dos cales un lle correspondía a unha sociedade xa participada con anterioridade. Esta empresa, dedicada ao transporte de viaxeiros por estrada, tivo un apoio de 2,7 millóns de euros. A nova sociedade participada en 2005, Hidrofersa, Fábrica de Chavín, S.A., é unha empresa de orixe familiar fundada en 1954, localizada en Viveiro e que se dedica á construción de equipos para a industria naval.

A expectativa para 2006 é a dun incremento substantivo na súa actividade cunha previsión de 7 proxectos o que supoñería un investimento de 6,2 millóns de euros, aproximadamente o dobre ca en 2005.

Fondo Emprende

Este fondo participado polas dúas caixas de aforro galegas ten como obxectivo apoiar a sociedades que aposten pola innovación e que resulten de interese para a economía de Galicia. O fondo contaba a finais de 2004 con 19,07 millóns de euros e está previsto que os partícipes efectúen un desembolso de 2 millóns máis en 2006.

A carteira a finais de 2005 do Fondo Emprende estaba composta por 31 sociedades, unha máis, en termos netos, que en 2004. A expectativa a comezos de 2005 era a de participar en 6 novos proxectos cun investimento de 5,6 millóns de euros. Os resultados acadados foron sensibelmente inferiores aos previstos e moi similares aos de 2004, xa que se investiron 1,9 millóns de euros en catro proxectos dous dos cales (Movelis Software, S.L. e Asma-Yect, S.L.) xa recibiran fondos en 2004 e iniciouse a participación en dúas novas sociedades. Trátase, en primeiro lugar, de Calizas Marinas, S.A., empresa que ademais de estar participada por XesGalicia tamén o está pola maior parte do sector mexilloeiro e cuxo obxecto social é a compra, manipulación, transformación e venda de toda clase de produtos obtidos da acuicultura. A segunda das novas sociedades, Monte Kalamúa, S.A., con sede central en Galdakano, inaugurou en 2005 as súas novas instalacións no parque empresarial de Ribadavia que se acaba de crear. A actividade desta empresa, na que tamén participou a Administración central a través da Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), é o reprocesado e distribución de peixe conxelado, produto que, desde a capital do Ribeiro, se distribuirá a un amplo mercado. Trátase dun proxecto que lles dá emprego a 55 traballadores e supón unha diversificación para a economía da zona, obviamente, vinculada á viticultura. Este investimento é o inicio da difusión dunha actividade empresarial típica de Vigo e á súa área de influencia e agora situada na Galicia interior a 75 km do porto de Vigo, pero con boas comunicacións por estrada.

Ademais da ampliación de capital, a perspectiva para 2006 é que o Fondo Empre- de participe en 6 proxectos para o que se estima un desembolso idéntico ao que se prevía en 2005, 5,6 millóns de euros.

Sodiga Galicia, scr

As actuacións de Sodiga en 2005 mantiveron a liña do exercicio precedente. En 2004 comezara a participación en dúas empresas e ampliara a súa contribución ao capital social de Einsa Print Internacional, S.A. Con estes resultados entendíase que Sodiga estaba atravesando un ano de transición e que o máis importante fora o saneamento da carteira ante o feito evidente de que unha parte das empresas participa- das carecía de actividade. Lembremos que dun total de 57 empresas en 2003 a carteira, a finais de 2004, quedara reducida a 45 sociedades, tras os correspondentes desinves- timentos. Os resultados de 2005 foron relativamente similares aos de 2004 en canto ao número de actuacións, pero non así na contía do investido que foi sensibelmente inferior. O proceso de saneamento da carteira non proseguiu ao mesmo ritmo ca en 2004 xa que se produciran tres desinwestimentos en empresas con actividade (Dinak, S.A., Econoler, S.A. e Nak Electronics, S.A.), polo que temos que supoñer que Sodiga cum- priu nelas os seus obxectivos. Os resultados de 2005 máis cá unha escasa demanda dos servizos que proporciona Sodiga seguramente se debesen á fin do ciclo político que posibelmente provoque novas formulacións na actividade dunha Sociedade con máis de trinta anos de historia. Así, os novos responsábeis teñen ante eles o reto de lograr un maior impacto de Sodiga na economía e na industria galega. Para 2006 agár- dase financiar 6 proxectos cun importe global, entre capital e préstamos, de 11,6 millóns de euros cifra que de lograrse case multiplicaría por sete o gasto de 2005.

Lembremos que os activos de Sodiga corresponden a Sociedades cun risco baixo e normalmente pertencen a proxectos de sectores empresariais consolidados ou a empre- sarios de recoñecida solvencia na súa actividade. Por outro lado, a lexislación actual permite apoiar sociedades de empresarios galegos fóra de Galicia e de feito actual- mente conta con participacións en empresas instaladas en Portugal, Romanía, Holanda e Barcelona.

En 2005 Sodiga comezou a súa participación (cadro 54) en dúas empresas do grupo empresarial Macogasaddy, que ten a súa sede no porto da Coruña e se dedica á con- signación de buques, almacenamento frigorífico, transporte, etc. Trátase, por un lado,

Cadro núm. 54

Empresas en que Sodiga Galicia, SCR comezou a participar en 2005 (en euros)

Empresa (provincia)	Participación no capital social	Préstamo
Marítima y Comercial Gallega, S.A. (A Coruña)	4.432	
Naviera de Galicia, S.A. (A Coruña)	276.744	
Total	281.176	0

Cadro núm. 55**Investimentos realizados por Sodiga nas empresas participadas con anterioridade ao ano 2005 (en euros)**

Empresa (provincia)	Participación	Préstamo
Russula, S.A. (A Coruña)	449.998,75	600.000
Parque Eólico de Malpica, S.A. (A Coruña)		99.960
GSB Galfor, S.A. (Ourense)	324.547,20	
Total	774.545,95	699.960

Fonte: XesGalicia SGECR, S.A.

Cadro núm. 56**Distribución das empresas con participación de Sodiga o 31 de decembro de 2005**

	Empresas	%
Distribución sectorial		
Sector primario	1	2,3
Sector industrial	34	77,3
<i>Enerxía e auga</i>	2	4,5
<i>Minerais e prod. non-metálicos</i>	7	15,9
<i>Produtos químicos</i>	3	6,8
<i>Produtos metálicos e maquinaria</i>	6	13,6
<i>Material de transporte</i>	3	6,8
<i>Alimentación, bebidas e tabaco</i>	4	9,1
<i>Téxtil, coiro e calzado</i>	2	4,5
<i>Madeira e cortiza</i>	5	11,4
<i>Caucho, plásticos e outras manufacturas</i>	2	4,5
Sector servizos	9	20,5
Total	44	100,0
Distribución territorial		
A Coruña	22	50,0
Lugo	1	2,3
Ourense	6	13,6
Pontevedra	11	25,0
Portugal	1	2,3
Romanía	1	2,3
Holanda	1	2,3
Barcelona	1	2,3
Total	44	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada por XesGalicia SGECR, S.A.

de Marítima Comercial Gallega, S.A. (Maco-gasa), cabeceira do grupo na que a participación de Sodiga de 4.400 euros é testemuñal, e, por outro, con maior nivel de participación, Naviera de Galicia, S.A. (Navigasa) compañía que dispón dunha frota de dous buques dedicados ao transporte de contedores, graneis e carga en xeral. Así, a actividade de Sodiga en 2005 en novas participacións reduciuse á entrada no capital social de dúas empresas dun grupo empresarial relacionado co sector do transporte pero non coa actividade industrial.

As actuacións cuantitativamente máis importantes de Sodiga (1,47 millóns de euros) en 2005 centráronse en empresas xa participadas en anos anteriores (cadro 55). Os fondos investidos distribuíronse case a partes iguais entre o capital social e os préstamos ás empresas. A actuación de maior contía, que supuxo o 59,8% do investimento efectuado por Sodiga en Galicia, dirixiuse á empresa coruñesa Russula dedicada á fabricación de equipos eléctricos.

O relativamente escaso movemento experimentado en 2005 motiva que a distribución sectorial das empresas participadas sexa moi similar a 2004. Desinvestiuse en dúas empresas do sector industrial e nunha de servizos mentres que se incorporaron dúas sociedades que se encadran no sector terciario. Iso supuxo (cadro 56) unha caída no peso relativo da industria que aínda así supón o 77,3% das sociedades. En canto ao territorio, segue sendo abafador o predominio da Coruña e Pontevedra sobre Lugo e Ourense. Na Coruña encóntranse a metade das empresas participadas e en Pontevedra a cuarta parte. Igual que en 2004, a carteira de Sodiga tan só conta cunha empresa participada na provincia de Lugo, a de transporte Monbús, que foi incorporando ao seu grupo a outras empresas de transporte de viaxeiros por estrada e hoxe ten intereses en toda Galicia. Cómpre dicir, polo tanto, que a presenza de Sodiga nesa pro-

presa participada na provincia de Lugo, a de transporte Monbús, que foi incorporando ao seu grupo a outras empresas de transporte de viaxeiros por estrada e hoxe ten intereses en toda Galicia. Cómpre dicir, polo tanto, que a presenza de Sodiga nesa pro-

vincia é practicamente inexistente mentres que o seu peso en Ourense é maior xa que conta con 6 sociedades participadas. Temos que lembrar que catro das sociedades con participación de Sodiga teñen o seu domicilio fóra da nosa Comunidade Autónoma.

Finalmente como xa vén sendo tradicional nestes *Informes*, no cadro 57 compárase a distribución sectorial da carteira industrial que tiña Sodiga en 1987 coa de 2005. Obsérvase unha maior diversificación da actividade en 2005 pero nun contexto no que predominan os mesmos sectores ca en 1987, os cales, antes e agora, son sectores básicos na industria galega: Minerais e produtos non-metálicos; Produtos metálicos e maquinaria; e, Alimentación, bebidas e tabaco. A principal diferenza apreciada foi o incremento na participación de Madeira e cortiza mentres que se reduciu, con respecto a 1987, a presenza en Material de Transporte, o sector máis importante na industria de Galicia na actualidade e no que Sodiga só participaba en 2005 en tres empresas, seguramente debido a que as sociedades deste sector non precisen recorrer a esta fórmula de apoio público para efectuar con éxito a súa actividade empresarial.

Cadro núm. 57

Distribución sectorial dos establecementos industriais con participación de Sodiga en 1987 e 2005 (en %)

	1987	2005
Energía e auga	3,1	5,9
Minerais e produtos non-metálicos	15,4	20,6
Produtos químicos	3,1	8,8
Produtos metálicos e maquinaria	23,1	17,6
Material de transporte	12,3	8,8
Alimentación, bebidas e tabaco	21,5	11,8
Téxtil, coiro e calzado	3,1	5,9
Madeira e cortiza	9,2	14,7
Caucho, plásticos e outras manufacturas	9,2	5,9
Total	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia.

A actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en 2005

O Igape é o principal organismo de que dispón a Administración autonómica para incentivar a actividade e con iso contribuír ao desenvolvemento económico de Galicia. Desde este Instituto, dependente da Consellaría de Economía e Facenda, fóronse articulando un conxunto de accións de corte horizontal (aquelas que en maior ou menor medida lles afectan a todos os sectores económicos) cuxos resultados fundamentais en 2005 serán comentados neste epígrafe. Previamente, temos que lembrar que as actuacións de XesGalicia que aquí se tratan de forma autónoma tamén forman parte das intervencións, neste caso de apoio ao capital risco, que se levan a cabo desde este Instituto.

A intervención do Igape no deseño da tipoloxía dos programas vixentes en 2005 ten que enmarcarse no contexto de dúas circunstancias determinantes. En primeiro lugar, tense que considerar que 2005 foi o penúltimo ano do período de planificación presupostaria (2000-2006) da Unión Europea e unha boa parte das actuacións do Igape son susceptibles de cofinanciamento polo Feder. Os seus programas, ao desenvolveren unha parte das medidas contidas no Programa Operativo Integrado de Gali-

cia 2000-2006, en especial, no eixe Mellora da Competitividade e Desenvolvemento do Tecido Produtivo, implicaron que 2005 fose un exercicio no que se mantiveron implantados os programas que desenvolven as liñas básicas de actuación. Estas estaban contidas no Decreto 172/2001, do 12 de xullo sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade en Galicia, que foi a normativa básica en canto á política que neste período levou a cabo a Administración autonómica. Iso non impediu que se introducisen modificacións en certas liñas de actuación co fin de corri-xir os defectos detectados e así intentar lograr do mellor xeito os obxectivos trazados.

Unha segunda circunstancia de interese foi o cambio político na Administración autonómica que, loxicamente, tamén lles afectou aos xestores do Igape. Obsérvase un novo xeito de entender a acción do Igape que por agora se plasma no feito de poñer énfase nuns aspectos máis ca noutros. No *Informe 2004* indicabamos que o Igape fixera un Plan de Actividades para o período 2005-2006 e que as modificacións efectuadas neste período obedecían aos eixes que deberían seguir as bases reguladoras. Aínda que parece evidente que a nova forma de intervención que formule a actual dirección ten que reflectirse na obrigada planificación que se require para o período 2007-2013, no bienio 2005-2006 e respectando, loxicamente, o marco normativo existente, anunciouse que se incidirá en dous conxuntos de actuacións. O primeiro atende ao fomento da cultura emprendedora e no mesmo inclúese o aproveitamento ao máximo dos instrumentos dispoñíbeis para que se desenvolvan novas iniciativas empresariais endóxeas, se amplíen e modernicen as xa existentes e, tamén, que Galicia consiga ser un foco de atracción de capital foráneo, cuestión que, como comentamos nun epígrafe anterior deste *Informe*, aínda está pendente. O segundo grupo de actuacións tense que centrar no fomento da innovación, piar, por outro lado, das propostas que se presentarán para o período 2007-2013. A cultura da innovación como aposta de crecemento e competitividade da empresa galega contará así co apoio do Igape desde múltiples ángulos: nos incentivos aos proxectos empresariais que incorporen un alto contido de innovación tecnolóxica; nos procesos e nas ferramentas da xestión empresarial; ou, tamén en sensibilizar as empresas para que adopten unha auténtica cultura de innovación. En calquera caso, e para conseguir estes logros, estimamos que xa a partir de 2007 se poderán dispoñer de ferramentas máis axeitadas.

Sobre as liñas que o Igape mantiña abertas en 2005 cómpre indicar que, polos motivos xa sinalados, non existían grandes diferenzas con respecto ás vixentes en 2004 as cales xa foron comentadas no correspondente *Informe*. Unha característica das actuacións do Igape é a multiplicidade de programas que seguindo as bases reguladoras de axudas se foron xerando desde 2001. En maio de 2006 na súa páxina *web* anunciábase 47 liñas de axuda, aínda que ben é certo que algunha delas correspondía a 2005 e sen vixencia en 2006, mentres que outras, como as que xorden das bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do capital humano nas empresas galegas, comezaran nese ano.

Ante a necesidade de simplificación evitaremos as características pormenorizadas de cada unha das axudas polo que elaboraremos, en primeiro lugar, unha visión xeral para logo detérmonos no conxunto de axudas cuantitativamente máis importante.

Así, os gastos por programas do Igape previstos nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia preséntanse no cadro 58. O 72% dos fondos dedícanse a dous tipos de actuacións denominadas de investimento e financeiras. Como nos anos precedentes, ese gasto eclipsa a outros que, sen dúbida, teñen unha importancia cualitativa evidente pero non necesitan tanto esforzo financeiro por parte da Administración autonómica. De entre estes últimos programas cómpre destacar o de continuidade e mellora competitiva da PEME galega⁵ cuxa normativa se modificou en 2005 tras a experiencia acadada nas anteriores bases. Suprímese algún obstáculo que dificultaba a concesión destas axudas e ademais incorpóranse novas accións que poñen unha énfase especial «nos apoios ligados á introdución de novas técnicas e de novos equipamentos». Estas bases foron derogadas parcialmente na Resolución do 30 de novembro de 2005 e do 4 de abril de 2006. Para este programa a práctica totalidade dos fondos dispoñíbeis en 2005 tivo como finalidade os investimentos empresariais en proxectos de mellora competitiva e a axuda consistiu na subvención a fondo perdido ao investimento en activos materiais e inmateriais, ademais doutros gastos. En 2005 apoiáronse 444 proxectos cun investimento subvencionábel de 44,4 millóns de euros e cunha subvención de 10,6 millóns. Por outro lado e dentro desta mesma base de axudas, deu apoio a 24 empresas para a difusión de técnicas de mellora competitiva de maneira que a subvención acadou os 213.198,57 euros.

O programa de emprendedores⁶ tivo un peso cuantitativo no presuposto do Igape similar ao da mellora competitiva ás PEMES, aínda que os resultados finais en 2005 foron sensibelmente inferiores. O seu obxectivo prioritario é estimular a aparición de emprendedores e a presentación de iniciativas que polas características innovadoras do proxecto ou por outros aspectos presenten riscos de implantación superiores aos habituais e que teñan un interese estratéxico polo impacto desta actividade. Trátase,

⁵ Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e á mellora competitiva da PEME galega.

⁶ Resolución do 13 de xullo de 2001 pola que se fai público o contido das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o programa Emprendedores. En 2005, publicouse a Resolución do 11 de maio de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o programa Emprendedores.

Cadro núm. 58

Resumo dos presupostos iniciais do Igape dedicados á execución dos seus programas en 2005

	Miles de euros
Programa financeiro	30,2
Programa de investimento	42,4
Programa de mellora competitiva das pemes	11,0
Programa de promoción da actividade económica	6,5
Programa de emprendedores	9,6
Programa de apoio á empresa en crise	0,4
Programa de especialización laboral	0,2
Programa de formación de titulados	0,4
Total	100,7

Fonte: Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2005.

desde o noso punto de vista, dun programa máis suxectivo có ano anterior. As bases de axudas para os emprendedores foron modificadas en 2006. De entre as diferentes modalidades, o maior gasto dirixiuse cara á implantación de proxectos emprendedores. En 2005 aprobáronse 23 proxectos que xeraban un investimento de 8,2 millóns de euros, o cal se subvencionou con 3 millóns. Moito máis modesto foi o gasto do Igape en difusión da cultura emprendedora, 32.817 euros.

Cadro núm. 59

Resumo dos resultados acadados en 2005 polos programas do Igape de apoio ás pemes. Resultados xerais

	Préstamos concedidos		Importe total do investimento subvencionado		Importe total do préstamo		Subsidiación ponderada	Subvención prevista	
	Núm.	%	Miles euros	%	Miles euros	%	%	Miles euros	%
Programas									
Convenio Pemes	377	43,6	162.486	74,2	103.311	67,0	2,0	8.509	74,2
Convenio Leasing	355	41,0	42.615	19,5	39.184	25,4	2,3	2.144	18,7
Convenio Transporte	60	6,9	8.777	4,0	8.244	5,3	2,6	589	5,1
Convenio Comercio	73	8,4	5.218	2,4	3.389	2,2	2,5	229	2,0
Total	865	100,0	219.096	100,0	154.128	100,0	2,1	11.470	100,0
Distribución provincial									
A Coruña	280	32,4	60.276	27,5	42.096	27,3	2,1	2.955	25,8
Lugo	233	26,9	73.004	33,3	51.820	33,6	2,3	4.236	36,9
Ourense	85	9,8	14.800	6,8	11.020	7,2	2,0	782	6,8
Pontevedra	267	30,9	71.016	32,4	49.193	31,9	2,1	3.497	30,5
Total	865	100,0	219.096	100,0	154.128	100,0	2,1	11.470	100,0
Distribución sectorial									
Produtos alimenticios agás conservas de peixe, bebidas e serrado da madeira	12	1,4	2.972	1,4	2.049	1,3	1,9	141	1,2
Pesca e acuicultura, conservas de peixe e comercio por xunto de peixe	81	9,4	63.927	29,2	41.791	27,1	2,1	3.539	30,9
Resto de industria, produción e distribución cinematográfica, telecomunicacións e servizos de apoio industrial	130	15,0	46.419	21,2	31.571	20,5	2,0	2.391	20,8
Comercio	221	25,5	38.535	17,6	24.531	15,9	2,0	1.817	15,8
Transporte	342	39,5	46.535	21,2	39.866	25,9	2,5	2.587	22,6
Turismo	36	4,2	14.676	6,7	8.891	5,8	2,0	733	6,4
Medio	2	0,2	296	0,1	253	0,2	2,4	16	0,1
Servizos	1	0,1	41	0,0	28	0,0	1,4	1	0,0
Construción	40	4,6	5.696	2,6	5.148	3,3	2,0	246	2,1
Total	865	100,0	219.096	100,0	154.128	100,0	2,1	11.470	100,0

Dos dous programas que absorben a maior parte do presuposto do Igape, o denominado apoio financeiro ás PEMES está implantado en Galicia, con modificacións desde a década dos oitenta. É unha actuación tradicional e estimamos polos resultados acadados, que eficaz, aínda cando esta eficacia se puxo en dúbida no período no que os tipos de xuro caeron drasticamente. A medida conta coa colaboración dun conxunto de entidades financeiras coas que se subscribiron varios convenios. Os vixentes actualmente asináronse ao inicio de 2004 e perduran ata 2006, aínda que no tempo transcorrido ata agora, estes convenios tiveron algunha modificación.

En esencia o convenio, que absorbe a maior parte dos fondos, consiste en que o Igape subsidie o tipo de xuro dos préstamos destinados polas PEMES ao investimento produtivo. Os resultados en 2005 deste convenio, no que o sector pesqueiro ten un protagonismo especial, recóllense xunto cos outros no cadro 59. Ademais deste convenio dirixido ao investimento das PEMES asináronse outros máis. É tradicional o apoio ás operacións de arrendamento financeiro das empresas (*leasing*), a axuda singularizada ao comercio por xunto galego, convenio no que tamén participan as Cámaras de Comercio e Sociedades de Garantía Recíproca e o apoio ao sector do transporte.

Os resultados acadados en 2005 reflicten, con respecto ao ano anterior, un descenso no número de préstamos concedidos pero, pola contra, un incremento nos importes dos préstamos e do investimento subvencionado. Se temos en conta que a media do que se subsidiou foi de 2,1 puntos, similar á de 2004, tamén se produciu un incremento na subvención prevista. No cadro 59 obsérvase que o convenio dirixido ao investimento produtivo das PEMES é o programa máis importante. O seu peso en todas as variábeis é notábel. O máis sorprendente, na distribución provincial, é o peso de Lugo tanto no investimento, coma nos préstamos solicitados e na subvención, variábeis que superan as acadadas polas empresas da Coruña e de Pontevedra. É un resultado especial e distinto ao de calquera dos outros programas que se aplican na economía galega, seguramente motivado, polo apoio ao sector pesqueiro que, como se observa no citado cadro, absorbe case que un terzo do total das axudas previstas. Ao contrario de Lugo, o peso de Ourense é o máis baixo pero similar aos resultados obtidos noutras actuacións.

No apartado do cadro 59 denominado «distribución por sectores» cómpre salientar que non se refire estritamente a sectores económicos, senón á distribución competencial existente nas consellarías da Administración autonómica, polo que a actividade industrial aparece reflectida en varios deses apartados. Os resultados amosan unha distribución relativamente equilibrada, sobre todo, no importe do investimento subvencionado en pesca, no resto de industria, no comercio e no transporte.

Xunto co programa financeiro xa comentado non debemos esquecer que en marzo de 2002 o Igape implantou unha liña de microcréditos en colaboración coa Compañía Española de Reafianzamiento (Cersa), sociedades de garantía recíprocas e institucións financeiras. Tratábase de facilitar a execución de investimentos a microempresas, o importe dos préstamos non pode superar os 25.000 euros e debe ser destinado á adquisición de inmovilizado material, agás a compra de terreos e edificacións, ou a unha parte do inmovilizado inmaterial. En 2005 aprobáronse 1.753 solicitudes elevándose a contía dos créditos a 32,8 millóns de euros.

Cadro núm. 60

Axudas do Igape ao investimento empresarial e a proxectos ambientais.
Resultados xerais e distribución provincial. 2005

	Proxectos		Investimento subvencionábel		Subvención		Emprego que se vai crear	
	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Núm.	%
Grandes sectores								
Industria	65	78,3	529.259	93,6	60.860	93,0	1.027	82,1
Medio	7	8,4	13.487	2,4	2.684	4,1	33	2,6
Servizos	3	3,6	7.165	1,3	637	1,0	106	8,5
Transporte	2	2,4	2.768	0,5	415	0,6	16	1,3
Turismo	6	7,2	13.004	2,3	825	1,3	69	5,5
Total	83	100,0	565.684	100,0	65.421	100,0	1.251	100,0
Distribución provincial								
A Coruña	24	28,9	87.255	15,4	10.895	16,7	235	18,8
Lugo	11	13,3	90.699	16,0	6.920	10,6	110	8,8
Ourense	17	20,5	60.746	10,7	5.368	8,2	440	35,2
Pontevedra	31	37,3	326.984	57,8	42.238	64,6	466	37,3
Total	83	100,0	565.684	100,0	65.421	100,0	1.251	100,0
Tipo de proxectos								
Investimento	73	88,0	534.767	94,5	58.391	89,3	1.177	94,1
Ambientais	10	12,0	30.917	5,5	7.031	10,7	74	5,9
Total	83	100,0	565.684	100,0	65.421	100,0	1.251	100,0

Fonte: Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

O programa de investimento é o que absorbe a parte máis importante do presuposto do Igape. Os resultados deste, que figuran no cadro 60, recollen non só as axudas aos investimentos⁷ en 2005 senón tamén o apoio aos proxectos ambientais. O programa de investimentos empresariais non só lle afecta ao sector industrial senón a unha boa parte do de servizos e esixe, ademais doutros requisitos, que o investimento ascenda como mínimo aos 600.000 euros e que se autofinancie polo menos nun 30% do seu importe, que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha. Unha preocupación do programa, que se fará máis patente en 2006, é a obrigatoriedade da creación de emprego estábel, de tal xeito que se esixe o compromiso de manter o emprego existente e o de crear polo menos 5 postos de traballo de carácter indefinido. Notemos que, salvo nestas últimas cuestións, este instrumento é relativamente similar ao programa de incentivos rexionais comentado anteriormente no sentido de que incide

⁷ Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas para proxectos empresariais de investimento.

no mesmo tipo de axudas para proxectos de certa envergadura. Por outro lado, os proxectos ambientais, froito da cooperación do Igape coa Consellaría do Medio Ambiente diríxense a empresas que realicen investimentos que igualmente superen os 600.000 euros e destinados a tratamento de residuos, a eliminación da contaminación ou á fabricación de produtos terminados considerados de interese ecolóxico. Os resultados deste programa inclúense nos de investimentos xa que no fondo nos estamos referindo a algo similar aínda que, neste caso, cunha finalidade máis concreta.

Do cadro 60 cómpren salientar varias cuestións. En primeiro lugar, como era de esperar, a maior parte da subvención dirixiuse cara aos programas de investimento xerais, con resultados, en canto a volume da subvención, practicamente idénticos aos de 2004 pero non así en canto ao número de proxectos que de 113 descendeu a 73. Por outro lado, obsérvase como o sector industrial acaprou a maior parte do investimento. Finalmente, na distribución sectorial destaca a polarización dos investimentos na provincia de Pontevedra, o que suxire a especialización industrial deste territorio no conxunto da economía galega.

Tras este repaso polas actuacións máis relevantes, lembremos que o Igape realiza outras funcións e conta con outras liñas de axudas. Entre as súas múltiples actuacións tamén apoia as empresas en crise, subvenciona actividades de promoción económica, apoia a especialización laboral e, finalmente, préstalles unha multiplicidade de servizos ás empresas galegas.

A actuación das consellarías sectoriais

Ademais das actuacións do Igape, na distribución de competencias entre os diferentes organismos da Administración autonómica, as consellarías sectoriais tamén desempeñan un papel básico na articulación e na posta en práctica da política de incentivación da actividade económica no ámbito das súas competencias. Xenericamente xa indicáramos que, mentres as actuacións de corte horizontal as executaba o Igape, coa colaboración dos distintos organismos da Administración autonómica, as actuacións de corte vertical, ou sexa aquelas específicas para un sector ou para un conxunto de sectores, efectúanas as diferentes consellarías sectoriais. Non obstante, non sempre esta distinción é evidente xa que existen programas regulados polas consellarías que poderían perfectamente encadrarse nas políticas de apoio horizontal. Por outra parte, como acontecía coa política do Igape unha boa parte destas axudas reciben o cofinanciamento da Unión Europea ao desenvolveren as medidas contempladas no POI de Galicia (2000-2006) e mesmo algunhas actuacións son competencia da Administración central aínda que sexan xestionadas pola autonómica e están encadradas nos programas plurirrexionais.

En canto ao sector industrial, a consellaría con maiores competencias é a actualmente denominada de Innovación e Industria, aínda que tamén a Consellaría do Medio Rural incidiu, con máis fondos, na industria agroalimentaria e a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos fai o propio no importante complexo mar-industria.

Cadro núm. 61

Execución dos plans galegos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 1999-2005 por beneficiarios (en convocatorias públicas)

	Organismos públicos de investigación	Empresas	Centros tecnolóxicos	Total
1999				
Núm. de proxectos	329	88	0	417
Contía en euros	13.833.114	5.966.060	0	19.799.174
2000				
Núm. de proxectos	377	152	0	529
Contía en euros	12.494.752	6.533.447	0	19.028.199
2001				
Núm. de proxectos	337	178	0	515
Contía en euros	14.902.919	9.590.882	0	24.493.801
2002				
Núm. de proxectos	345	299	26	670
Contía en euros	14.412.189	23.618.163	1.596.694	39.627.046
2003				
Núm. de proxectos	358	364	20	742
Contía en euros	13.072.600	30.396.849	1.400.525	44.869.974
2004				
Núm. de proxectos	306	324	11	641
Contía en euros	13.475.002	27.690.202	1.149.707	42.314.911
2005*				
Núm. de proxectos	351	274	37	662
Contía en euros	12.074.523	21.076.659	5.006.933	38.158.115
Total				
Núm. de proxectos	2.403	1.679	94	4.176
Contía en euros	68.715.574	76.105.401	2.997.219	147.818.194

* Datos provisionais.

Fonte: Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. Consellaría de Innovación e Industria. Xunta de Galicia.

No ámbito de competencias da Consellaría de Innovación e Industria os novos responsábeis da Administración autonómica puxeron a énfase na innovación, sobre todo na potenciación do sistema galego de ciencia e tecnoloxía. Esta aposta polo I+D+i supuxo que no presuposto de 2006 se aprobase un crecemento do gasto do 16,2% para desenvolver esta actividade. Este novo período coincide co remate do último Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005). Recentemente presentouse o borrador do novo Plan para o período 2006-2010. Este tipo de políticas que presupón, no ámbito da empresa industrial, a aposta pola diferenciación do produto, pola calidade, polo incremento do valor engadido e pola obtención de vantaxes competitivas na especialización de produtos que non sexan simples

e, xa que logo, facilmente repetíbeis por calquera economía. A experiencia neste tipo de actuacións de apoio ás actividades de I+D+i das empresas privadas galegas e o fomento á cooperación cos organismos públicos e centros tecnolóxicos nos que a investigación básica se pode compaxinar coa investigación aplicada tivo resultados positivos en canto á implicación de empresas co plan galego. No cadro 61 reflíctense os resultados da execución dos plans galegos de I+D+i desde 1999 a 2005 en canto ao número de proxectos presentados polos axentes receptores das axudas. Nótase o salto cuantitativo do segmento de empresas entre 1999 e 2003 período no que de 88 proxectos se pasou a 364 e, a partir de aí houbo un descenso talvez motivado polo efecto desbordamento que supuxo o forte crecemento dos anos anteriores.

O apoio á I+D+i non excluíu en 2005 a actuación tradicional da consellaría de apoio ao investimento produtivo que na década dos noventa se pasou a denominar, dun xeito eufemístico, de apoio á innovación empresarial. Esta liña clásica de actuación, cuxos resultados se estiveron publicando nos *Informes* precedentes, modificouse en 2005⁸ e non tivo continuidade en 2006. A partir deste ano a política de innovación xa non vai empregar como elemento central a subvención a fondo perdido para o investimento empresarial e, cos novos instrumentos, preténdese lograr obxectivos moito máis ambiciosos. No momento de redactar este *Informe* aínda está en fase de borrador a nova normativa, pero podemos anticipar a súa aposta pola creación e pola potenciación das plataformas tecnolóxicas,⁹ idea innovadora en Galicia pero que xa conta con experiencias noutros territorios. A súa implantación implicará un compromiso da industria (na que os actuais *clusters* terán un peso determinante), das autoridades públicas, das universidades e dos centros tecnolóxicos, do sistema financeiro, dos axentes sociais e, en xeral, da sociedade civil. Conxuntamente con iso, no ámbito das novas tecnoloxías prestaráselles un especial apoio ás de síntese de corte transversal, en que están implicados sectores punteiros e que teñen que desenvolver potencialidades latentes en Galicia. Nos próximos *Informes* teremos a oportunidade de recoller o seguimento deste tipo de actuacións.

Centrándonos en 2005, a dotación presupostaria máis importante (15,7 millóns de euros) correspondeulle ao apoio á innovación das tecnoloxías de procesos malia que tamén se atendeu a innovación de sistemas, as técnicas de xestión, a cooperación

⁸ Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da innovación empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2005.

⁹ As Plataformas Tecnolóxicas son unha agrupación de entidades interesadas nun sector concreto, lideradas pola industria, co obxectivo de definir unha Axenda Estratégica de Investigación (siglas en inglés: SRA) sobre temas estratéxicamente importantes e cunha gran relevancia social, nos cales lograr os obxectivos europeos de crecemento, competitividade e sostemento depende dos avances tecnolóxicos e de investigación a medio e longo prazo. Baséanse na definición dunha Axenda Estratégica de Investigación e na mobilización da masa crítica de investigación e de esforzo innovador necesarios. (Extraído de «Las Plataformas Tecnológicas. Dossier Informativo». Fundación para el Conocimiento. Madrid. Mimeo).

Cadro núm. 62

Distribución por programas das axudas concedidas pola Consellaría de Innovación e Industria en 2005 (en miles de euros)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sector artesanal (Orde do 22 de febreiro de 2005)					
Investimento total	809,0	353,9	258,3	614,6	2.035,8
%	39,7	17,4	12,7	30,2	100,0
Investimento subvencionábel	619,2	300,2	234,5	570,0	1.723,9
%	35,9	17,4	13,6	33,1	100,0
Subvención concedida	308,9	123,2	94,3	253,5	779,9
%	39,6	15,8	12,1	32,5	100,0
Fomento da innovación empresarial (Orde do 25 de febreiro de 2005)					
Investimento total	32.420,3	7.924,8	21.508,1	105.711,6	167.564,8
%	19,3	4,7	12,8	63,1	100,0
Investimento subvencionábel	28.390,9	7.407,4	18.193,1	89.189,0	143.180,4
%	19,8	5,2	12,7	62,3	100,0
Subvención concedida	4.790,2	877,8	2.723,4	10.978,3	19.369,6
%	24,7	4,5	14,1	56,7	100,0
Axudas no ámbito de tecnoloxías da información e das comunicacións (Orde do 23 de febreiro de 2005)					
Investimento total	4.649,3	344,3	967,6	4.148,5	10.109,7
%	46,0	3,4	9,6	41,0	100,0
Investimento subvencionábel	3.727,1	316,6	862,7	3.629,9	8.536,2
%	43,7	3,7	10,1	42,5	100,0
Subvención concedida	1.591,3	138,0	387,9	1.575,8	3.693,0
%	43,1	3,7	10,5	42,7	100,0
Total					
Investimento total	37.878,6	8.623,0	22.734,1	110.474,7	179.710,4
%	21,1	4,8	12,7	61,5	100,0
Investimento subvencionábel	32.737,2	8.024,2	19.290,3	93.388,8	153.440,5
%	21,3	5,2	12,6	60,9	100,0
Subvención concedida	6.690,4	1.139,0	3.205,5	12.807,6	23.842,5
%	28,1	4,8	13,4	53,7	100,0

Fonte: Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información. Consellaría de Innovación e Industria. Xunta de Galicia.

empresarial, ademais da innovación en tecnoloxías de produtos e de mercados. En canto aos proxectos de innovación empresarial estableceuse un investimento mínimo de 150.000 euros. Os resultados que figuran no cadro 62 amosan exclusivamente a subvención concedida para o ano 2005, pero nese mesmo exercicio xa se comprometeu un gasto de 99 millóns de euros en 2006 e de 5,8 en 2007. Igual ca no programa similar de que dispón o Igape para proxectos de maior envergadura, o principal destino das axudas foi a provincia de Pontevedra e, en particular, o sector da automoción. Nesta provincia probabelmente se executarán case dous terzos do investimento programado mentres que o peso da provincia da Coruña non acadou o 20%.

Ademais desta actuación, a Consellaría de Innovación e Industria dispuxo dun conxunto adicional de programas que se ben non requiriron tantos fondos si incidiron favorablemente, polo menos en teoría, no desenvolvemento de actividades de interese para a economía galega. Referímonos á artesanía,¹⁰ cuxos resultados distribuídos por provincias figuran igualmente no cadro 62, no que se observa unha distribución máis homoxénea que a acadada no fomento á innovación empresarial e, tamén, como en exercicios anteriores mantivéronse as axudas cara a unha actividade na que a consellaría apostará con máis énfase nos próximos anos: as tecnoloxías da información e da

Cadro núm. 63

Distribución sectorial das axudas concedidas pola Consellaría de Innovación e Industria en 2005

	Investimento total		Investimento subvencionábel		Subvención	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Aeronáutico	1.489	0,8	1.160	0,8	348	1,5
Alimentación	10.170	5,7	8.557	5,6	1.588	6,7
Artes gráficas	3.816	2,1	3.698	2,4	760	3,2
Artesanía	2.059	1,1	1.748	1,1	789	3,3
Audiovisual	3.917	2,2	3.127	2,0	807	3,4
Automoción	78.646	43,8	64.874	42,3	6.980	29,3
Construción	1.519	0,8	1.511	1,0	327	1,4
Edición	3.867	2,2	3.570	2,3	384	1,6
Madeira	14.767	8,2	12.668	8,3	1.910	8,0
Maquinaria	1.255	0,7	1.121	0,7	219	0,9
Metal	21.417	11,9	19.296	12,6	2.939	12,3
Minaría/cerámica	8.656	4,8	8.010	5,2	1.111	4,7
Naval	326	0,2	271	0,2	62	0,3
Químico	6.234	3,5	6.011	3,9	916	3,8
Servizos	1.723	1,0	1.462	1,0	548	2,3
Telecomunicacións/telemática	4.449	2,5	4.057	2,6	1.031	4,3
Téxtil/confección	8.973	5,0	6.853	4,5	1.747	7,3
Transportes	478	0,3	471	0,3	102	0,4
Varios	5.949	3,3	4.976	3,2	1.273	5,3
Total	179.710	100,0	153.441	100,0	23.842	100,0

Fonte: Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información. Consellaría de Innovación e Industria. Xunta de Galicia.

¹⁰ Orde do 22 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2005.

comunicación¹¹ (TIC). En 2005 as actuacións estruturáronse en dúas liñas, unha dedicada ás empresas en xeral na que se fomenta a incorporación destas tecnoloxías e unha segunda específica para o sector das TIC. Os resultados destes apoios (cadro 62) poñen énfase na fenda entre a Galicia atlántica e a oriental. Case o 90% do investimento correspondeulle ás provincias da Coruña e de Pontevedra, o que presaxia un incremento na polarización da actividade dado que só estas dúas provincias se están aproveitando das axudas tendentes á incorporación ao mundo da empresa de tecnoloxías imprescindíbeis no século XXI.

Da distribución sectorial das axudas concedidas pola Consellaría de Innovación e Industria (cadro 63) extráese a conclusión de que en 2005 se centrou no sector da automoción, o que explica como xa se indicou, a concentración dos apoios na provincia de Pontevedra. Este agrupamento na concesión de axudas neste sector seguramente se deba a factores de demanda máis ca de oferta, xa que as novas instalacións no segmento dos compoñentes motivaron estes resultados. A industria da madeira e do metal son as outras dúas actividades nas que o peso do investimento subvencionado superou o 8% da total.

Dentro das competencias desta consellaría non debemos esquecer o papel que desempeñan os dous Centros de Innovación e Servizos (CIS do Deseño e da Tecnoloxía de Galicia en Ferrol e ou CIS Tecnolóxico da Madeira en San Cibrao das Viñas) ambos integrados na Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. En canto ao primeiro e dada a súa localización, ademais das actividades tradicionais que realiza procura unha maior especialización nas tecnoloxías relacionadas coa industria naval, mentres que o segundo é o motor do Cluster da Madeira. Sobre a política de *clusters* cómpre destacar o papel do Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) que conta xa con 65 asociados e é un dos dinamizadores do sector da automoción galego. Precisamente foi a empresa tractora deste *cluster*, Citroën, a que a finais de 2005 lanzou a idea da creación en Galicia dun *metacluster* (ou tamén *metadistrito*) no que se integren os principais *clusters* galegos, iniciativa que conta co apoio da Administración autonómica. Para iso precísase construír unha estrutura organizativa a partir da cal se deseñen as liñas de actuación. Agárdase implicar tamén as empresas da Rexión Norte de Portugal e así daráselle máis sentido á idea de eurrrexión. Con todo iso preténdese «incrementar a capacidade competitiva do tecido empresarial galego, crear novos e mellores empregos e atraer investimentos». Nestes últimos anos coa creación dos diferentes *clusters* puxéronse as bases para dar este salto que xulgamos do máximo interese para lograr un maior dinamismo na economía galega. Os actuais *clusters* da automoción, naval, pedra natural e pesca poden ser a base dunha plataforma a través da

¹¹ Orde do 23 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en materia das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e procédese á súa convocatoria.

cal se consiga xerar as alianzas estratéxicas necesarias para conseguir os obxectivos deste novo proxecto. No próximo *Informe* teremos oportunidade de comentar a evolución desta incipiente iniciativa.

Cadro núm. 64

Apoio á industria agroalimentaria. 2005. (Orde do 04.06.2001) (en miles de euros)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Cárnicas					
Núm. de empresas	14	15	12	11	52
%	26,9	28,8	23,1	21,2	100,0
Investimento subvencionábel	3.569,7	15.205,6	13.645,6	9.248,0	41.668,9
%	8,6	36,5	32,7	22,2	100,0
Subvención	1.134,7	5.031,3	4.681,3	3.031,7	13.879,1
%	8,2	36,3	33,7	21,8	100,0
Lácteas					
Núm. de empresas	7	18	2	5	32
%	21,9	56,3	6,3	15,6	100,0
Investimento subvencionábel	7.638,2	11.050,3	95,0	710,3	19.493,8
%	39,2	56,7	0,5	3,6	100,0
Subvención	2.328,8	3.322,5	33,3	212,4	5.896,9
%	39,5	56,3	0,6	3,6	100,0
Vitivícolas					
Núm. de empresas	1	25	39	53	118
%	0,8	21,2	33,1	44,9	100,0
Investimento subvencionábel	324,8	2.588,7	4.299,1	25.987,1	33.199,7
%	1,0	7,8	12,9	78,3	100,0
Subvención	81,2	722,8	1.318,1	7.714,2	9.836,3
%	0,8	7,3	13,4	78,4	100,0
Alimentación animal					
Núm. de empresas	7	3	0	2	12
%	58,3	25,0	0,0	16,7	100,0
Investimento subvencionábel	2.198,3	10.477,2	0,0	198,7	12.874,2
%	17,1	81,4	0,0	1,5	100,0
Subvención	726,4	3.513,0	0,0	60,5	4.299,9
%	16,9	81,7	0,0	1,4	100,0
Hortofrutícolas					
Núm. de empresas	12	4	7	12	35
%	34,3	11,4	20,0	34,3	100,0
Investimento subvencionábel	1.829,6	256,1	1.451,8	4.197,4	7.734,9
%	23,7	3,3	18,8	54,3	100,0
Subvención	611,9	76,8	446,8	1.260,5	2.396,1
%	25,5	3,2	18,6	52,6	100,0

[Continúa] ►

Cadro núm. 64 (continuación)

Apoio á industria agroalimentaria. 2005. (Orde do 04.06.2001) (en miles de euros)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Outras					
Núm. de empresas	5	11	5	6	27
%	18,5	40,7	18,5	22,2	100,0
Investimento subvencionábel	3.686,5	6.477,6	2.851,1	2.123,8	15.139,0
%	24,4	42,8	18,8	14,0	100,0
Subvención	1.067,1	1.688,8	878,8	536,2	4.170,9
%	25,6	40,5	21,1	12,9	100,0
Total					
Núm. de empresas	46	76	65	89	276
%	16,7	27,5	23,6	32,2	100,0
Investimento subvencionábel	19.247,0	46.055,6	22.342,7	42.465,2	130.110,5
%	14,8	35,4	17,2	32,6	100,0
Subvención	5.950,1	14.355,2	7.358,3	12.815,5	40.479,1
%	14,7	35,5	18,2	31,7	100,0

Fonte: Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Consellaría do Medio Rural.

Ademais da Consellaría de Innovación e Industria, as restantes consellarías sectoriais tamén inciden coas súas políticas na industria galega. A Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos xestiona unha parte dos fondos IFOP aos que xa nos referimos nun anterior epígrafe. Entre as súas liñas de axuda cómpre destacar o apoio que lle presta á creación, á modernización e á innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura;¹² a subvención pode acadar ata o 50% do investimento subvencionábel. Pola súa parte, e como nos exercicios anteriores a Consellaría do Medio Rural xestiona mediante a Orde do 4 de xullo de 2001 as actuacións nas que a normativa básica se establece no Real decreto 117/2001 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. As axudas son cofinanciadas polo FEOGA-Orientación e pola Administración, e enmárcanse no POI de Galicia. Etas axudas, importantes para a industria agroalimentaria galega, subvencionan ata un máximo do 50% o investimento produtivo e determinados gastos de comercialización. A Orde 2001 foi modificada en 2006. Os resultados de 2005 que figuran no cadro 64 reflicten o apoio desta liña de axudas aos diferentes sectores da industria agroalimentaria desta liña de axudas. Notemos que as subvencións totais se elevaron a 40,5 millóns de euros e o investimento total foi de 130,1 millóns. O apoio a este sector é comparativamente máis elevado có que se lles presta a outros xa que as subvencións totais da Consellaría de Innovación e Industria

¹² Orde do 7 de decembro de 2004 (DOG do 29/12/2004) e Orde do 6 de xullo de 2005 (DOG do 08/07/2005-Ampliación).

por actuacións similares acadaron os 23,8 millóns de euros ou o programa de investimentos do Igape destinado a toda a industria acadou os 60,1 millóns de euros. Con respecto a 2004, no programa de incentivos ao sector agroalimentario en 2005 cómpre destacar, nun contexto dun incremento xeral tanto dos investimentos coma das subvencións, o maior apoio ás industrias cárnicas localizadas nas provincias de Lugo e Ourense e, tamén, o espectacular incremento nas axudas ás bodegas pontevedresas. En canto á distribución das axudas por provincias, como nos exercicios anteriores, os apoios dirixíronse, sobre todo, a Lugo e Pontevedra. Lugo ocupou o primeiro lugar en 2005 grazas aos investimentos nas industrias cárnicas, lácteas e de pensos.



V. Construcción

Introdución

No ano 2005 o sector construtor continuou desempeñando o papel de gran locomotora da economía ao subministrar case que a terceira parte do crecemento español neste ano. A vivenda foi de novo a grande impulsora do sector e acadáronse cifras máximas de produción residencial; ademais a demanda de obras públicas experimentou tamén unha importante expansión. Estes dous compoñentes levaron o crecemento da construción ata o 5,5% en 2005. En Galicia a construción medrou a unha taxa do 4,1% en 2005. Aínda que esta variación supera en oito décimas a do Produto Interior Bruto (PIB) galego, representa un retroceso de medio punto respecto a 2004 e sitúase claramente por debaixo da española. A causa da menor expansión galega parece radicar en que a demanda de obras públicas non seguiu a tendencia estatal e produciuse un significativo descenso respecto do ano 2004 no importe das obras licitadas polas administracións públicas.

Cadro núm. 1

Indicadores do sector da construción. España (taxas de variación interanual, en %)

	2005						
	2003	2004	2005	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
VEB construción	5,0	5,1	5,5	5,4	5,4	5,8	5,4
% da construción na FBCF	57,1	58,2	58,3	57,6	58,6	58,2	58,8
Ocupados (en miles)	2.101,7	2.253,2	2.357,2	2.270,5	2.339,3	2.396,3	2.422,8
Paro estimado (en miles)	210,7	209,3	151,9	169,3	147,0	139,4	152,0
Afiliados á Seguridade Social	4,6	5,6	8,6	5,6	7,9	10,0	10,9
Paro rexistrado	6,4	2,2	-2,2	2,3	-4,0	-4,1	-3,1
Consumo de cemento	4,3	4,3	7,4	1,3	13,7	7,6	6,2
Traballos das empresas	3,6	2,0	1,9	0,2	2,5	3,6	3,0
Nova contratación	10,3	8,0	10,3	0,1	23,1	13,0	6,6
Índice de custos do sector	2,2	5,0	5,0	6,4	4,6	4,5	4,5

O conxunto de indicadores de construción para España sinala unha positiva evolución de case que todos eles en 2005 ao mellorar os excelentes valores de 2004 (véxase cadro 1). Ao forte crecemento medio da produción cómpre engadir o aumento do emprego, o descenso do número de parados e o incremento das afiliacións á Seguridade Social. A progresión do consumo de cemento e do valor dos traballos contratados polas empresas completa este favorable panorama. O aumento do 5% no índice medio de custos da construción é o único índice de comportamento no positivo nas variábeis amosadas no cadro 1. O crecemento de custos centrouse na enxeñaría civil e a súa explicación é a forte inflación causada polos produtos e polos materiais derivados do petróleo. A favorable conxuntura do sector vese reflectida no indicador de clima da construción representado no gráfico 3, no

Gráfico 1.

VEB pb da construción e PIB pm (euros constantes)
Taxas de variación interanuais (en %)




Gráfico 2.

Participación da construción no PIB (prezos correntes) e no emprego (en %)





Gráfico 3.
Indicador do clima de construción en España



que se observa un saldo positivo de opinións empresariais que acada o seu máximo nivel no mes de novembro de 2005.

Os indicadores globais do sector en Galicia resultan positivos no seu conxunto, se ben nun ton inferior ao estatal. As estimacións de produción amosadas no cadro 2 e os gráficos 1 e 2 corresponden á nova metodoloxía adoptada polo Instituto Gallego de Estatística (IGE), adaptada á do Instituto Nacional de Estatística (INE). O crecemento da produción de construción, o maior número de afiliacións á Seguridade Social e o descenso do paro rexistrado amosan o lado favorábel do balance de 2005. Nos nove primeiros meses dese ano o consumo de cemento proseguíu un continuo

Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción. Galicia (taxas de variación interanual, en %)

				2005			
	2003	2004	2005	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
VEB construción	3,6	4,6	4,1	3,2	4,4	4,6	4,1
Ocupados (en miles)	125,5	130,9	125,1	115,8	121,1	132,9	130,5
Paro estimado (en miles)	13,9	13,6	6,6	8,8	7,5	3,9	6,0
Afiliados á Seguridade Social	3,8	3,4	4,1	2,9	4,3	4,4	5,2
Paro rexistrado	6,7	4,0	-3,0	2,5	-2,6	-5,9	-6,5
Consumo de cemento	5,7	-4,3	-1,1	-9,4	-1,6	-1,8	10,5

Fontes: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. INEM. EPA. INE. OFICEMEN. IGE.

Cadro núm. 3

Principais indicadores no ano 2005 (taxas de variación respecto a 2004)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ocupados (en miles)	53,5	14,6	14,2	42,8
Paro estimado (en miles)	2,2	0,4	0,9	3,0
Afiliados á Seguridade Social	4,7	2,6	2,2	4,8
Paro rexistrado	-3,8	-8,6	-2,7	0,3
Consumo de cemento*	-6,8	-7,6	3,8	-2,4

* Tres primeiros trimestres.

Fontes: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. INEM. EPA. INE. OFICEMEN. IGE.

descenso iniciado no terceiro trimestre de 2004. Esta prolongada caída rematou no último trimestre, cun aumento do 10,5% en taxa interanual. Porén, esta recuperación non impediu que o balance global de 2005 fose negativo neste apartado. Dado que

Cadro núm. 4

O mercado de traballo na construción. 2005 (medias anuais)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupados						
Miles	53,5	14,6	14,2	42,8	125,1	2.357,2
Paro estimado						
Miles	2,2	0,4	0,9	3,0	6,5	151,9
Paro rexistrado						
Miles	8,1	2,1	2,7	5,9	18,9	231,4
Taxa de variación 2004/2005 (%)	-3,8	-8,6	-2,7	0,3	-3,0	-2,2
Afiliados á Seguridade Social						
Miles	54,9	13,8	14,3	44,1	127,2	2.187,0
Taxa de variación 2004/2005 (%)	4,7	2,6	2,2	4,8	4,1	8,6

Fontes: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. INEM. EPA. INE.

Gráfico 4.

Mercado de traballo na construción en Galicia (Taxas de variación interanual en %)




Gráfico 5.

Consumo de cemento (TVI en %) en Galicia e proporción Galicia/España





Gráfico 6.

Número de viviendas iniciadas e rematadas en Galicia



este material é de uso intensivo nas obras civís, a dilatada baixada no seu consumo parece apuntar a unha ralentización do ritmo de execución das grandes obras infraestruturais en Galicia; o que, por outra parte, tamén se evidencia no importante descenso da licitación pública de obras en 2005.

Vivenda

O mercado da vivenda en 2005 volveu presentar cifras nunca antes acadadas polo sector inmobiliario. Polo lado da oferta, tanto o número de vivendas iniciadas, coma o de rematadas e as visadas polos colexios de arquitectos significaron novos máximos históricos en España e en Galicia. A presión da oferta e a deterioración da accesibilidade á vivenda frearon lixeiramente a elevación de prezos no conxunto de España. Non obstante, o prezo da vivenda en Galicia medrou a un ritmo superior ao de 2004 e amosou tendencias máis inflacionistas cás estatais. Polo lado da demanda, malia a escalada de prezos, a demanda de vivenda continuou medrando a un ritmo moi elevado. A Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) estima para España un aumento do investimento residencial do 6,2% en 2005, moi superior ao 1,2% ao que aumentou a demanda de vivenda na eurozona. Outros indicadores de demanda en 2005, como o número de hipotecas ou as transaccións recollidas polos notarios, amosan unha evolución positiva para o conxunto de España. Durante o pasado

Cadro núm. 5

A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

				Taxa de variación interanual		
	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Visados de dirección de obra. Obra nova	636.332	687.051	729.652	21,4	8,0	6,2
Superficie media en vivendas en bloque (m ²)	101,2	102,5	99,6	-2,1	1,3	-2,8
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)*	469.327	540.368	437.030	15,1	15,1	15,1
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	458.683	496.785	524.479	7,5	8,3	5,6
Vivendas libres visadas polos colexios de arquitectos	620.677	704.150	742.764	9,7	13,4	5,5
VPO visadas polos colexios de arquitectos	60.501	57.640	69.530	18,0	-4,7	20,6
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	71.720	69.769	79.191	62,9	-2,7	13,5
VPO obra nova. Vivendas rematadas	45.243	55.640	62.204	16,1	23,0	11,8

* Para o ano 2005, tres primeiros trimestres.

Fuentes: Ministerio de Vivenda. *Colegio de Arquitectos de España*.

ano continuou aumentando o endebedamento dos españois. O crédito hipotecario supón o 40% do crédito total concedido polo sistema bancario, e o saldo da débeda representa o 51,5% do PIB a finais de 2005. En Galicia a evolución das hipotecas constituídas en 2005 parece apuntar un relativo menor dinamismo do crédito, se ben outros indicadores sinalan un crecemento firme da demanda. A finais do ano 2005, as condicións de financiamento endurecéronse, nun medio de expectativas crecentes sobre os tipos hipotecarios; isto, unido ao aumento de prezos e á conseguinte deterioración da accesibilidade á vivenda, formula algunhas interrogantes sobre o ritmo de absorción do elevado volume de vivendas ofertadas, así coma de que a expansión inmobiliaria poida manter o seu ritmo nos anos vindeiros.

Polo lado da oferta, 2005 volveu establecer novas fronteiras na produción residencial. O número de vivendas iniciadas en España ascendeu a case que 730.000, o que significou un crecemento do 6,2%. En Galicia o comezo de novas vivendas experimentou un aumento aínda máis forte e aproximáronse a 40.000 os visados de inicio de obra, que supoñen un aumento do 14% respecto a 2004. Por outra banda, o incremento das vivendas rematadas e das licenzas municipais de obra tanto en España coma en Galicia vén confirmar o empuxe da oferta. Se traducimos estas cifras a termos *per capita*, en Galicia iniciáronse 14,2 vivendas por cada 1.000 habitantes, o que supón 2 vivendas máis ca en 2004. O elevado deste cociente e a súa persistencia no tempo ofrece un agudo contraste cos indicadores de vivenda relativos á poboación da Europa Comunitaria. Nos países do noso medio iníciase anualmente unha media aproximada de 5 vivendas por cada 1.000 habitantes, a terceira parte ca en Galicia ou España.

Cadro núm. 6

A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

				Taxa de variación interanual		
	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Visados de dirección de obra. Obra nova	33.698	34.521	39.366	23,7	2,4	14,0
Superficie media en vivendas en bloque (m ²)	99,3	99,7	101,1	-2,3	0,3	1,4
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)*	25.586	32.520	25.551	3,4	27,1	7,2
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	22.174	23.921	27.870	7,0	7,9	16,5
Vivendas libres visadas polos colexios de arquitectos	36.974	35.106	42.979	13,4	-5,1	22,4
VPO visadas polos colexios de arquitectos	5.082	4.700	3.914	432,1	-7,5	-16,7
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	4.833	3.900	2.666	76,5	-19,3	-31,6
VPO obra nova. Vivendas rematadas	1.772	3.276	3.050	-30,3	84,9	-6,9

* Para o ano 2005, tres primeiros trimestres.

Fontes: Ministerio de Vivenda. Colexio de Arquitectos de Galicia.

En 2005 entrou en vigor un novo Plan de Vivenda 2005-2008 con obxectivos máis ambiciosos có anterior e dotado de maiores recursos orzamentarios. O apartado de iniciación de vivendas de protección, con case 80.000 vivendas de protección oficial (VPO) comezadas no conxunto de España, cumpriu os obxectivos establecidos no Plan para 2005. Ao aumento do 13,5% nas iniciacións hai que sumarlle o forte crecemento do 20,6% nas VPO visadas polos colexios de arquitectos españois. Porén, a reactivación do sector protexido derivada do Plan de Vivenda non acadou a Galicia. A VPO galega amosou unha tendencia contraria á estatal e producíronse significativos retrocesos nas VPO iniciadas, rematadas e visadas. Resulta especialmente significativo o acentuado descenso do 31% nas VPO iniciadas, que pasan de 3.900 en 2004 a 2.666 en 2005. Na distribución provincial das actuacións protexidas (véxase cadro 7) destaca a práctica ausencia destas en Ourense, e a moi escasa participación no total galego da provincia de Pontevedra, con só 515 vivendas de protección iniciadas no ano 2005.

Cadro núm. 7

VPO iniciadas e rematadas, detalle por provincias

	2001	2002	2003	2004	2005
Iniciadas					
A Coruña	1.695	998	2.699	1.788	967
Lugo	612	747	1.054	888	1.000
Ourense	145	245	381	252	184
Pontevedra	1.225	749	699	972	515
Galicia	3.677	2.739	4.833	3.900	2.666
España	48.688	44.014	71.720	69.769	79.191
Rematadas					
A Coruña	1.320	823	294	1.498	1.239
Lugo	485	572	875	741	761
Ourense	119	210	193	243	150
Pontevedra	954	936	410	794	900
Galicia	2.878	2.541	1.772	3.276	3.050
España	52.922	38.957	45.243	55.640	62.204

Fonte: Ministerio de Vivenda.

As vivendas visadas polos colexios de arquitectos resultan un indicador fiel de tendencia da oferta; son vivendas que nun prazo de entre 18 e 36 meses estarán listas para serlles entregadas aos seus futuros mercadores. O número de vivendas libres visadas en España en 2005 ascendeu a case 743.000. Aínda que a súa taxa de crecemento -5,5%- é inferior á do ano anterior, amosa unha clara tendencia expansiva da oferta inmobiliaria en futuros exercicios. Para ponderar axeitadamente o nivel de oferta que reflecten as cifras anteriores, cómpre ter en conta a elevada intensidade de edificación da que xa parte o mercado inmobiliario español despois dun lustro de prolongada

expansión. En España constrúese un número de vivendas semellante ao de Francia, Alemaña e o Reino Unido conxuntamente, países cuxa poboación multiplica por 4,5 a española. Así, no futuro inmediato o mercado residencial presenta un cadro no que, partindo dunha situación de saturación do mercado, se prevé a continuidade na expansión polo lado da oferta; mentres que o encarecemento do crédito e as alzas de prezos xeran tendencias de moderación polo lado da demanda. O longo período que caracteriza a promoción residencial fai que habitualmente a oferta sexa lenta na súa reacción fronte aos cambios da demanda. Seguramente ao longo de 2006 irase producindo unha redución paulatina na incorporación de novos proxectos que responde á previsíbel contención da demanda no mercado.

En Galicia as expectativas de evolución da oferta de vivenda están determinadas polas case 47.000 vivendas visadas polos colexios de arquitectos no ano 2005. Esta cifra supuxo un máximo histórico, cun forte crecemento do 18% respecto do ano anterior. A

Cadro núm. 8

Vivendas visadas polos arquitectos, detalle por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
2004	17.611	4.869	3.206	14.120	39.806
2005	20.206	7.751	3.984	14.952	46.893
Taxa de variación interanual (%)	14,7	59,2	24,3	5,9	17,8

Fonte: Colegio de Arquitectos de España.

vivenda libre amosa o maior dinamismo con 43.000 vivendas e cun crecemento do 22%. Pola contra, confirmando a tendencia anteriormente mencionada, o número de VPO visadas reduciuse. O crecemento futuro da oferta no mercado libre galego parece, pois, garante cando menos para 2006 e 2007. Se observamos a distribución provincial dos proxectos visados, o mercado da provincia de Lugo ofrece as expectativas máis expansivas, cun crecemento de case o 60% nas visas dos arquitectos. Ourense e A Coruña, con aumentos do 24% e do 15%, amosan tamén unha forte tendencia crecente. Por último, a oferta na provincia de Pontevedra, é expansiva pero amosa maior moderación (6%).

Cadro núm. 9

Vivendas visadas polos colexios de arquitectos. 2005

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Vivenda libre	18.331	6.692	3.797	14.159	42.979
VPO	1.875	1.059	187	793	3.914
Rehabilitación	1.164	230	296	713	2.403
Total	20.206	7.751	3.984	14.952	46.893

Fonte: Colegio de Arquitectos de España.

Gráfico 7.

Vivendas visadas polos colexios de arquitectos





Gráfico 8.

Vivendas visadas polos colexios de arquitectos no ano 2005 nas catro provincias



Cadro núm. 10

Hipotecas de viviendas urbanas. Viviendas construídas

	Núm. de hipotecas		Taxa de variación interanual (%)
	2004	2005	
A Coruña	18.345	18.728	2,1
Lugo	4.525	4.632	2,4
Ourense	3.562	3.620	1,6
Pontevedra	17.845	17.176	-3,7
Galicia	44.277	44.156	-0,3
España	1.108.235	1.232.973	11,3

Fonte: INE.

Cadro núm. 11

Importe medio das hipotecas

	Miles de euros		Taxa de variación interanual (%)
	2004	2005	
A Coruña	90,7	100,1	10,4
Lugo	71,7	78,4	9,4
Ourense	82,2	93,4	13,6
Pontevedra	93,5	105,9	13,3
Galicia	89,2	99,5	11,6
España	110,2	124,5	13,0

Fonte: INE.

Aínda que en 2005 a demanda de vivenda parece amosarse firme, cómpre considerar, tamén para o mercado galego, se o crecemento futuro da demanda será dabondo para absorber o ritmo axeitado a forte expansión da oferta que predín as cifras anteriormente comentadas.

Para valorar a evolución e a tendencia da demanda de vivenda dispoñemos de varios estimadores procedentes de distintas fontes que non sempre resultan congruentes entre si. Por unha parte, segundo a estatística hipotecaria que publica o INE, o número de hipotecas constituídas en España aumentou un 11,3%, mentres que en Galicia descendía lixeiramente (0,3%) respecto do ano anterior. Segundo esta fonte, a demanda de vivenda en Galicia amosárase estancada. Porén, outros indicadores revelan unha presión da demanda relativamente forte no mercado inmobiliario galego. O número de transaccións realizadas nas notarías, na serie ofrecida polo Ministerio de Vivenda, amosa un crecemento do 16% en Galicia e do 6,2% en España. Por outra banda, o número de taxacións estimado por ATASA (Asociación Profesional de Sociedades de Valoración), empresa que elabora as series de prezos recollidas polo Ministerio de Vivenda, amosa un crecemento do 10% en Galicia e

un descenso do 0,8% en España. As fontes dispoñíbeis ofrecen, pois, valoracións discordantes sobre a evolución da demanda tanto en España coma en Galicia no último ano. Pensamos que os datos de taxacións de ATASA e os recollidos pola estatística notarial ofrecen unha menor confianza, xa que, ademais de seren relativamente recentes, non parecen reflectir a totalidade das transaccións de vivenda levadas a cabo, polo menos no ámbito galego. A este respecto, a *Estatística Registral Inmobiliaria*, elaborada polo Colexio de Registradores de España ofrece unhas cifras que parecen máis fiábeis –véxase cadro 12–, concordando en maior medida coas series de hipotecas; desgraciadamente, o recente desta estatística impide a comparación do número de transaccións en 2005 con anos anteriores.

Segundo a estatística hipotecaria, a demanda de vivenda amosou un firme crecemento do 11,3% en España, con máis de 1,2 millóns de novas hipotecas constituídas. O valor da hipoteca media española é de 124.000 euros, que representa un aumento

Cadro núm. 12

Outros indicadores de demanda de vivenda

	2004	2005	Taxa de variación interanual (%)
GALICIA			
Número de transaccións. Rexistradores	–	43.647	–
Número de transaccións. Notarios	31.211	36.139	15,8
■ A Coruña	13.753	15.790	14,8
■ Lugo	4.334	4.998	15,3
■ Ourense	2.447	3.396	38,8
■ Pontevedra	10.677	11.955	12,0
Número de taxacións ATASA	30.683	33.868	10,4
■ A Coruña	11.408	12.958	13,6
■ Lugo	2.516	3.341	32,8
■ Ourense	2.793	2.383	-14,7
■ Pontevedra	13.966	15.186	8,7
ESPAÑA			
Número de transaccións. Rexistradores	–	989.341	–
Número de transaccións. Notarios	848.390	901.574	6,3
Número de taxacións ATASA	853.459	846.610	-0,8

Fonte: *Estadística Registral Inmobiliaria*.

do 13% respecto dos 110.000 euros de 2004. Segundo esta fonte, en Galicia constituíronse 44.156 hipotecas, cifra case idéntica á do ano anterior. A hipoteca media galega en 2005 ascende a case 100.000 euros, 10.000 euros máis có ano anterior. Segundo a *Estadística Registral Inmobiliaria*, a duración media da hipoteca galega aumentou ata 26 anos a finais de 2005. O crédito solicitado por metro cadrado supón 1.045 euros, mentres que na media estatal esta cifra é de case 1.600 euros/m². Esta fonte sostén que en Galicia se produciron 43.647 transaccións de vivenda en 2005, cifra que concorda coa ofrecida por estatística hipotecaria. O 47% das operacións de compravenda rexistradas en Galicia corresponden a vivenda nova –un total de 20.400 en 2005– e o 53% –23.247– a vivenda usada; dáse, xa que logo, un lixeiro predominio da vivenda nova respecto da media estatal.

A forte expansión do mercado inmobiliario nos últimos anos aumentou de xeito exponencial o endebedamento dos españois. Entre 1999 e 2005, en só seis anos, o saldo da débeda hipotecaria das familias pasou do 26% ao 51,5% do PIB. Este saldo debedor aínda resulta homologábel ao dalgúns países do medio europeo; non obstante, o seu ritmo de crecemento non parece sostíbel a medio prazo. Na actualidade o nivel total de endebedamento dos fogares españois supón o 110% da súa renda dispoñíbel e converteunos en demandantes netos de financiamento. Ante o xiro na política monetaria do Banco Central Europeo (BCE), en setembro de 2005 os tipos de xuro hipotecarios cambiaron a súa tendencia decrecente anterior. O tipo medio hipotecario

pasou do 3,19% en setembro ao 3,4% en decembro e ao 3,7% en febreiro de 2006. Segundo a *Estadística Registral Inmobiliaria* máis do 98,2% das hipotecas en España –e Galicia– están contratadas a tipos variábeis, delas o 82% –92% en Galicia– están referenciadas ao Euribor. Este índice comezou a reaccionar con rapidez fronte ás alzas de tipos levadas a cabo polo BCE e ás expectativas de novos axustes no prezo do diñeiro. O Euribor pasou do 2,22% ao 2,91% entre setembro de 2005 e febreiro de 2006. Este rápido axuste á alza nos tipos suscita importantes cuestións relativas á súa repercusión tanto sobre as familias fortemente endebedadas pola compra da súa vivenda, coma sobre as decisións dos potenciais futuros compradores. Se tomamos como referencia a hipoteca media española de 124.000 euros a un prazo de 309 meses, o aumento do tipo hipotecario entre setembro de 2005 e febreiro de 2006 supón un aumento de 32 euros na cota hipotecaria mensual. Se o tipo de xuro hipotecario acadase o nivel do 4,5%, valor que se estima probábel para mediados de 2007, a cota mensual subiría en 86 euros (un aumento do 15%). Se realizamos o mesmo exercicio para a hipoteca media galega, obtemos unhas variacións lixeiramente inferiores debido ao menor importe medio e ao superior período de vencemento. Unha familia galega, cunha hipoteca de 99.500 euros cunha duración de 316 meses, en febreiro de 2006 debía pagar 27 euros máis ao mes ca en setembro de 2005. Se o tipo de xuro aumentase deica o 4,5%, supoñería unha suba do 15,4% nas cotas e aumentaría en 72 euros a factura mensual. Aínda que os ascensos nas cotas parecen de momento asumíbeis

Gráfico 9.

Prezo medio da vivenda en comunidades de máis de 2 millóns de habitantes en 2005





Gráfico 10.


Prezo medio da vivenda libre en 2005 nas catro provincias



para as familias actualmente hipotecadas, hai que preguntarse sobre o efecto que o encarecemento do crédito terá sobre futuros compradores. Neste caso, os potenciais clientes atópanse non só con que as cotas do crédito son superiores, senón que deben solicitar un crédito por un importe maior debido ao sobreprezo da vivenda. Para intentar paliar o encarecemento das cotas mensuais, o período de duración das hipotecas estase alongando progresivamente. Co mesmo fin, algunhas entidades financeiras están recorrendo a «solucións hipotecarias creativas» que permiten diferir o pago do principal da débeda para acceder a unhas vivendas cada vez máis caras. Porén, con tipos de xuro en aumento, o alongamento dos prazos e a «creatividade» financeira non poden evitar ilimitadamente os efectos negativos sobre a demanda causados pola deterioración da accesibilidade.¹

¹ O alongamento dos prazos non pode frear indefinidamente o crecemento das cotas, xa que se o tipo de xuro aumenta en progresión aritmética, o prazo de vencemento debería facelo en progresión xeométrica para manter as cotas mensuais. Así, por exemplo, unha familia española cunha hipoteca media de 124.000 euros a 26 anos, cunha cota de 590 euros mensuais a un tipo do 3,2%, tería que aumentar o prazo de vencemento ata 35 anos para manter a cota se o tipo sobe ao 4,5%. O prazo debería situarse en 60 anos se o tipo de xuro aumentase só un punto máis, ata o 5,5%. E a partir deste valor a ampliación do prazo xa non é capaz de soste a cota mensual: se o tipo de xuro aumentase só dúas décimas, acadando o nivel do 5,7%, o mantemento do pago en 590 euros esixiría que a hipoteca se prolongase ata os 112 anos.

Gráfico 11.

Prezo da vivenda nova nas capitais de provincia (€/m²)

En 2005 o prezo da vivenda española, cambiando a tendencia de exercicios anteriores, moderou lixeiramente o seu crecemento. Se ben o aumento do 13,9% debe ser considerado aínda como moi elevado, supuxo o primeiro signo de contención das fortes tendencias inflacionistas que dominaron o mercado inmobiliario español nos últimos anos. Pola contra, a vivenda galega, cuxo prezo veu aumentando a taxas máis contidas, sempre por debaixo das estatais, seguiu a tendencia inversa en 2005 e amosou un aumento medio do 14,2%. Esta taxa supón unha aceleración de dous puntos respecto a 2004 e unha suba por enriba da estatal. O rebrote inflacionista da vivenda galega encádrase dentro do que parece una tendencia xeral no mercado inmobiliario español, segundo a cal as comunidades con vivendas máis baratas amosan un maior encarecemento destas. Así, mediante as diferentes taxas de inflación estaríanse minorando os grandes diferenciais existentes nos prezos. Corroborando o anterior, as sete comunidades de maiores subas de prezos en 2005, coa excepción de Andalucía, encóntanse entre as 10 autonomías con vivendas máis baratas. Parece que en certas comunidades os prezos xa están moi próximos a un certo límite de accesibilidade que dificultaría o seu crecemento ao ritmo de anos anteriores. Noutras zonas, nas que a vivenda é máis accesíbel, existe aínda certa marxe para que esta prosiga encarecéndose a taxas moi elevadas.

A pesar da aceleración de prezos, en 2005 a vivenda galega continúa contándose entre as máis accesíbeis de España. Cun prezo medio de 1.210 euros/m² é a terceira

máis barata despois da estremeña e da de Melilla. A escala provincial, Pontevedra lidera o crecemento de prezos en Galicia, cunha taxa próxima ao 18%, mentres que a vivenda ourensá foi a máis moderada en 2005, cun aumento do 8,7%. O Ministerio de Vivenda subministra información específica de prezos nas capitais de provincia, que aparece recollida no gráfico 11; segundo estes datos, A Coruña presenta a vivenda nova máis cara con 1.926 euros/m² e Lugo, con 1.059 euros/m², a máis barata, mentres que en Pontevedra e Ourense o prezo por metro cadrado anda polos 1.440 euros/m². As series do Ministerio exclúen a cidades galegas importantes; a información proporcionada pola Sociedad de Tasación permite cubrir esta lagoa e coñecer os prezos da vivenda nova e as súas variacións para as sete grandes urbes galegas, aínda que as súas estimacións para as capitais de

Cadro núm. 13

Valor medio das transmisións inmobiliarias de vivenda libre (euros)

	2004	2005	Taxa de variación interanual (%)
A Coruña	99.408,0	112.227,5	12,9
Lugo	67.541,6	89.340,3	32,3
Ourense	68.195,1	93.910,7	37,7
Pontevedra	115.310,3	128.400,7	11,4
Galicia	98.533,5	112.744,6	14,4
España	133.321,4	154.389,4	15,8

Fonte: Ministerio de Vivenda.

Cadro núm. 14

Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m ²		Taxa de variación interanual (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2004	1.060,1	1.546,0	12,3	17,3
2005	1.210,2	1.761,0	14,2	13,9
1º trimestre	1.143,9	1.685,4	13,6	15,7
2º trimestre	1.175,9	1.752,8	14,3	13,9
3º trimestre	1.238,8	1.781,5	13,5	13,4
4º trimestre	1.282,2	1.824,3	15,1	12,8

Fonte: Ministerio de Vivenda.

provincia difiren sensibelmente das do Ministerio. Segundo esta fonte, poderíanse distinguir dous grupos de cidades respecto do encarecemento da vivenda: as inflacionistas, que superaron os dous díxitos no aumento de prezos; e as moderadas, aquelas cuxa vivenda nova se encareceu por debaixo do 10%. Entre as primeiras cóntanse A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, con aumentos que van do 16% da Coruña ao 13% de Ourense e Pontevedra, pasando polo 15% de Lugo. As vivendas de Ferrol, Santiago e Vigo, pola contra, amósanse moito máis contidas no crecemento dos seus prezos, que oscilou para as tres cidades entre o 6% e o 7%. Cómpre destacar o arrefriamento de prezos na vivenda viguesa, que en anos anteriores se contaba entre as máis inflacionistas das sete urbes galegas.

As estimacións de accesibilidade á vivenda, que aparecen reflectidas no cadro 16,² amosan unha aceleración na deterioración desta en 2005, tanto en España coma en Galicia. En 2005 unha familia media necesitou traballar case un ano máis ca en 2004 para a compra dunha vivenda media de 100 m². No caso galego o custo desta vivenda equivale a 7,6 anos de traballo, mentres que en España supón case que dous anos máis (9,4). A evolución das proporcións prezo/salario amosadas no citado cadro indica claramente o encarecemento real da vivenda nos últimos cinco anos. Non obstante, os efectos do aumento do custo real sobre a accesibilidade neste período foran parcialmente absorbidos polos continuos descensos dos tipos hipotecarios. Pero en 2005 a caída dos tipos de xuro tocou fondo; de maneira que o tipo hipotecario de 2005 (3,28%) é apenas menor có do 2004 (3,36%). A causa disto, as elevacións de prezos traducíronse case que na súa integridade en aumentos nas cotas hipotecarias. Sen o colchón da baixada de tipos, obsérvase que a accesibilidade á vivenda media en España empeorou en 4 puntos respecto do ano anterior. Unha familia española cun só salario debe destinar o 44,6% dos seus ingresos a pagar as cotas para a compra dun piso de 100 m², mentres que en Galicia a vivenda se amosa máis accesíbel grazas ao seu menor prezo. Unha familia galega debería destinar o 36% dos seus ingresos durante 25 anos para a compra da mesma vivenda. A pesar de que o nivel de accesibilidade galego

aínda é moi favorábel en relación coa media española, pódese apreciar unha forte deterioración deste no último ano. Entre 2001 e 2004 a accesibilidade en Galicia apenas empeorara; e chega mesmo a mellorar en 2003, ano no que os relativamente moderados aumentos de prezos compénsanse cos menores custos financeiros. En 2005 o cadro cambiou e a vivenda galega volveuse máis inflacionista mentres que os tipos de xuro deixaron de caer. Se os prezos continúan a súa actual traxectoria, cuns tipos en aumento, a vivenda volverase cada vez menos accesíbel para as familias, o cal

sen dúbida pode frear o crecemento do mercado pola dificultade da demanda para responder aos pagos. No *Informe 2004* advertíase que as familias españolas xa se atopaban próximas ao límite da súa capacidade adquisitiva e que «debería producirse unha redución substancial nas altas taxas actuais de crecemento de prezos para manter a demanda». No ano 2005 os prezos no mercado inmobiliario español comezaron

Cadro núm. 15

Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/ m ²		Taxa de variación interanual (%)
	2004	2005	
A Coruña	1.100,4	1.217,0	10,6
Lugo	743,0	832,7	12,1
Ourense	870,0	945,4	8,7
Pontevedra	1.144,1	1.347,5	17,8

Fonte: Ministerio de Vivenda.

² No cadro 16 calcúlase a proporción de renda que unha familia que perciba un só salario lle debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Estímase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80% do importe da vivenda ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Vivenda e os ingresos familiares obtivéronse da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE.

a moderarse. A vivenda galega aínda amosa uns niveis de accesibilidade moi superiores aos españois; pero, nun contexto no que os custos de financiamento se irán encarecendo progresivamente, os prezos deberían tender a moderar o seu crecemento en futuros exercicios. Isto será necesario para que o mercado inmobiliario se desenvolva con fluidez e lle dea saída ao forte aumento da oferta que se producirá nos anos vindeiros.

Cadro núm. 16

Accesibilidade á vivenda

(referida á compra dunha vivenda de 100 m²)

Ano	Anos de salario		% Renda familiar crédito a 25 anos	
	Galicia	España	Galicia	España
2001	5,20	6,20	31,63	37,69
2002	5,58	6,96	31,04	38,71
2003	6,05	7,88	30,04	39,14
2004	6,85	8,47	32,72	40,47
2005	7,65	9,41	36,27	44,59

Fontes: Ministerio de Vivenda, *Índice de Costes Laborales* (INE). Elaboración propia.

Demanda pública de obras

Segundo datos de SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras de Ámbito Nacional) a licitación oficial de obras realizada polas distintas administracións en España, experimentou un aumento real do 14% no ano 2005. Pola contra, o importe das obras

Cadro núm. 17

Licitación oficial. Galicia

	Miles de euros			Taxa de variación* interanual Galicia (%)		Taxa de variación* interanual España (%)	
	2003	2004	2005	2003/2004	2004/2005	2003/2004	2004/2005
Edificación	416.620	348.035	532.878	-20,20	46,77	-1,18	31,39
Obra civil	1.239.197	2.228.962	1.717.144	69,14	-28,34	17,64	10,57
Administración central	842.087	1.575.314	907.956	78,13	-45,10	-11,04	5,95
Administración autonómica	477.903	681.721	870.460	35,83	21,63	12,94	9,50
Administración local	335.828	319.962	471.606	-9,28	40,41	52,24	39,82
Total	1.655.817	2.576.998	2.250.022	31,93	-22,23	10,30	14,24
Galicia / España (%)	6,18	8,15	5,73				

* Calculadas cos datos expresados en euros constantes.

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 18**Licitación en 2005. Detalle por provincias (en millóns de euros)**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	270,13	51,05	41,49	167,49
Obra civil	692,58	341,04	148,99	392,54
Administración central	378,92	233,75	10,81	268,87
Administración autonómica	413,14	107,65	126,40	96,52
Administración local	170,65	50,70	53,27	194,64
Total	962,71	392,09	190,47	560,03
% sobre o total de Galicia	42,8	17,4	8,5	24,9
Taxa de variación 2003/2004 (euros correntes) (%)	-20,8	41,9	-26,0	11,2

Nota: O valor licitado en Galicia asignado a varias provincias ascende a 144,7 millóns de euros.

Fonte: SEOPAN.

licitadas en Galicia sufriu un importante descenso do 22% causado polo baixón do gasto da Administración do Estado. En 2005 a licitación por cada galego situouse 100 euros por debaixo da media española, despois de que en 2004 Galicia superase a

Cadro núm. 19**Licitación por habitante e km² en 2005**

	Euros/habitante	Euros/km ²
Andalucía	679,1	59.191,5
Aragón	1.237,4	31.930,4
Asturias	709,3	72.202,1
Baleares	632,7	119.549,9
Canarias	630,0	164.135,8
Cantabria	631,9	65.671,2
Castela e León	1.337,3	35.334,3
Castela-A Mancha	880,8	20.186,2
Cataluña	923,0	193.791,7
C. Valenciana	876,9	168.235,0
Estremadura	458,1	11.824,8
Galicia	817,9	76.443,0
Madrid	1.330,5	951.746,3
Murcia	748,9	83.989,8
Navarra	878,8	48.761,0
País Vasco	862,2	250.806,6
A Rioxá	1.126,9	64.333,1
Ceuta e Melilla	1.399,8	6.272.750,0
España	919,0	77.768,0

Fonte: SEOPAN. INE.

media estatal por vez primeira en moito tempo. A obra civil perdeu peso fronte á edificación, que acadou o 24% da licitación en Galicia. O acusado descenso na licitación da Administración central fixo que pase a ocupar o segundo lugar no volume de gasto, desprazada pola Administración autonómica, mentres que a Administración local galega aumentou fortemente a súa contratación en 2005.

No ano 2004 contabilizouse un elevado volume de licitación. Este importante nivel de gasto debería aumentar fortemente a actividade de obra civil tanto en 2004 coma en 2005. Porén, a negativa evolución do consumo de cemento nos nove primeiros meses amosou que os proxectos de modernización infraestrutural e de transporte implicados no seu día no Plan Galicia non se están executando ao ritmo esperado. Advertiamos no *Informe 2004* de que, para remediar o histórico déficit infraestrutural galego, resultaba imprescindible que o Estado levase a cabo unha «discriminación po-

sitiva» favorable a Galicia no seu esforzo investidor. No tocante aos grandes proxectos de comunicación por ferrocarril; para que a dotación ferroviaria galega en España acadase un peso relativo semellante ao da súa poboación, necesitaríase que nos próximos dez anos a intensidade do investimento estatal supere polo menos en 2-3 puntos a proporción de poboación, polo que, durante ese período, o gasto *per capita* en Galicia debería situarse claramente por enriba da media española. Porén, despois de superar esta media en 2004, en 2005 o índice de licitación por habitante en Galicia colocouse claramente por debaixo da media española, como se pode apreciar nos gráficos 12 e 13, así coma no cadro 19.

Os Presupostos Xerais do Estado para 2006 corrixen, polo menos parcialmente, a caída no investimento que se observa en 2005. O presuposto de 2006 do Ministerio de Fomento asignalle a Galicia 487 millóns de euros. Esta cantidade representa un significativo aumento do 18% respecto a 2005 e constitúe o 9,8% do presuposto total do Ministerio para 2006. A Dirección Xeral de Estradas e a Dirección Xeral de Ferrocarrís absorben o 99% do investimento de Fomento en Galicia. A primeira gastará nas estradas galegas 269 millóns de euros, o que representa un aumento do 1,1% respecto de 2005, mentres que a Dirección Xeral de Ferrocarrís destinará 214 millóns de euros a infraestruturas ferroviarias. Aínda que isto supón un aumento de case o 50% respecto do ano anterior, resulta aínda unha dotación claramente insuficiente para que as obras ferroviarias comprometidas en Galicia adquiriesen o ritmo de execución neces-

Gráfico 12.

Licitación nas comunidades autónomas en 2004 (euros por habitante)





Gráfico 13.**Evolución da licitación (euros correntes por habitante)**

rio para a súa finalización nos prazos inicialmente previstos. Así, aínda que os presupostos autonómicos prevén un crecemento próximo ao 10% do gasto público, en 2006 probabelmente a demanda pública de obras continuará desempeñando un papel secundario fronte á vivenda na demanda de construción en Galicia.



VI. Servicios

Os servizos en Galicia en 2005

Indicabamos no *Informe 2004* que as cifras dos indicadores do sector servizos nese ano en Galicia estaban condicionadas pola celebración do Xacobeo. Unha vez transcorrido este evento excepcional cabería agardar que, por este motivo, en 2005 se acadasen peores resultados. Afortunadamente non foi así xa que os indicadores dispoñíbeis mantiveron unhas taxas de crecemento relativamente elevadas e similares ás do exercicio anterior, polo que, segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE),¹ a taxa de variación do Valor Engadido Bruto (VEB) apenas si diminuíu e andou polo 4%.

Cadro núm. 1

Valor Engadido Bruto do sector servizos. Galicia

(prezos correntes en miles de euros)

Sectores	2002	2003	2004	2005
Comercio e reparación	3.408.828	3.528.134		
Hostalaría	1.963.062	2.084.440		
Transporte e comunicacións	2.002.023	2.117.233		
Intermediación financeira	1.416.863	1.441.439		
Inmobiliarias e servizos empresariais	4.518.292	4.907.174		
Administración pública	1.978.686	2.221.200		
Educación	2.008.329	2.093.444		
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	1.909.308	2.063.045		
Outros servizos e actividades sociais; servizos persoais	1.175.286	1.279.734		
Fogares que empregan persoal doméstico	371.638	384.277		
Total sector servizos	20.752.315	22.120.120	23.870.761	25.629.451
VEB servizos non destinados ao mercado	5.364.575	5.782.272	6.120.422	6.542.677
VEB servizos destinados ao mercado	15.387.740	16.337.848	17.750.339	19.086.774
VEB Galicia	33.673.365	35.652.866	38.126.625	41.014.425

2002 a 2004 datos provisionais. 2005, primeira estimación.

Fonte: INE, *Contabilidad Regional de España*.


¹ Neste apartado empregamos as estimacións anuais do INE debido a que as diferenzas co IGE en canto ás taxas de variación anual neste sector son mínimas e a tendencia que seguiron os diferentes compoñentes dos servizos é moi similar. Isto permítenos dispoñer de información sobre as taxas de variación anual dos índices de volume por subsectores (cadro 2) que o IGE aínda non publicou. Pola contra, a información trimestral que figura nos gráficos procede da Contabilidade Trimestral do IGE.

Este comportamento debeuse á conxunción de varios elementos. En primeiro lugar, observamos que as cifras referidas á actividade turística non caeron tan bruscamente como tras os Xacobeos precedentes, aínda cando non existen dúbidas sobre o éxito acadado por tal evento. O certo é que a irrupción das liñas áreas de baixo custo, que provocou un aumento do 13,4% no número de turistas non residentes en España en 2005, permitiu contrarrestar parte do descenso experimentado no número de viaxeiros procedentes do resto de España. Este segmento é o máis importante da actividade turística galega e mantivo unha dinámica relativamente favorable se temos en conta as circunstancias de 2004. En segundo lugar no cadro 1, segundo as estimacións do INE, compróbase que o VEB do sector de servizos xa representaba en 2005 o 62,5% ou sexa, case que dous terzos do VEB total galego. Evidentemente, referímonos a un conxunto de actividades moi diversas no que ademais de sectores relacionados directa e indirectamente co turismo inclúe outros cun peso moi alto na economía galega. Notemos que os servizos efectuados en Galicia non dirixidos cara ao mercado representan o 16% do VEB total, porcentaxe, por exemplo, algo superior á acadada pola industria galega excluídos os sectores extractivos e enerxéticos.

En suma, o VEB dos servizos medrou en 2005 por enriba do VEB total galego e, despois da construción, é o macrosector que amosou o maior dinamismo neste período. Ademais, e recollendo as estimacións trimestrais do Instituto Galego de Estatística (IGE), as taxas de crecemento, tanto para os servizos destinados ao mercado coma para os restantes, mantivéronse relativamente estabilizadas nos catro trimestres do ano e en todo momento medraron por enriba do 3,5%.

Os últimos datos dispoñíbeis sobre a xeración do VEB nas diferentes ramas do terciario que publicou o INE (na Contabilidade Rexional de España) son provisionais e refí-

Gráfico 1.
Evolución do VEB do sector terciario
Taxa de variación interanual en %



Cadro núm. 2**Taxa de variación interanual do índice de volume do VEB nas compoñentes do sector de servizos (en %)**

Sectores	2002	2003	2004	2005
Comercio e reparación	-1,1	-1,0		
Hostalaría	0,3	2,2		
Transporte e comunicacións	1,0	3,5		
Intermediación financeira	-0,9	3,2		
Inmobiliarias e servizos empresariais	5,5	3,7		
Outras actividades dos servizos	1,8	4,0		
Total sector servizos	1,7	2,9	4,2	3,9
PIB a prezos de mercado Galicia	2,1	2,5	3,1	3,3

2002 a 2004 datos provisionais, 2005, primeira estimación.

Fonte: INE, *Contabilidad Regional de España*.


rense a 2003. No cadro 2 apréciase o peso relativo de cada rama e, polo tanto, a configuración do sector terciario en Galicia. Case a cuarta parte do VEB xerouno o sector denominado Inmobiliarias e servizos empresariais. Isto supón, ademais de xustificar dun xeito indirecto polo lado dos servizos o dinamismo na construción, un signo da modernización das estruturas económicas galegas nas que os servizos ás empresas desempeñan, cada vez máis, un papel destacado. No cadro 2 obsérvase como en 2002, nun contexto de menor crecemento, esta actividade incrementábase un 5,5%, mentres que en 2003, período de recuperación da actividade no sector terciario, esta rama acadaba un dos crecementos sectoriais máis elevados (3,7%). O segundo lugar, en canto ao maior peso relativo na xeración de VEB terciario, ocúpao o sector do Comercio e reparación. Esta actividade, que case absorbe o 16% do VEB galego, está en rápida efervescencia. Cambios nos hábitos de compra, continua evolución nos formatos comerciais, elevada mortalidade dos establecementos, concentración da precariedade laboral, etc., son trazos que xustifican un tratamento máis pormenorizado que se abordará na parte final deste capítulo. No cadro 2 obsérvase que tanto en 2002 coma 2003 os resultados non foron favorábeis xa que a taxa de variación foi, nos dous períodos, negativa. Tras o comercio, e entre os servizos destinados ao mercado, aos Transportes e ás comunicacións e á Hostalaría case acadan o 10% do VEB total. En canto á Hostalaría, ademais do uso habitual polos residentes en Galicia da restauración, unha parte relevante dese VEB provén do turismo, actividade na que tamén incide o comercio e transporte e á que lle prestaremos unha atención máis pormenorizada. Pola súa parte, a rama de transporte é un sector que medrou sensibelmente nos últimos anos e cuxo tratamento é complexo ante a diversidade existente tanto na modalidade coma na tipoloxía do transportado.

Mercado de traballo no sector servizos

A evolución do mercado de traballo en 2005 no ámbito dos servizos estivo en consonancia coa evolución do VEB. A ocupación mantivo un vteiro de crecemento ao longo do ano, máis acusado nos meses do verán. A EPA contabilizou unha ocupación de case 666.700 persoas que, en termos absolutos representaban 45.200 ocupados máis ca en 2004, aínda que as cifras dos dous anos non sexan homoxéneas ante o cambio metodolóxico experimentado pola EPA en 2005. Estas cifras están en liña coas afiliacións á Seguridade Social que se presentan no cadro 3. A media anual no número de afiliados foi de case 612.000 o que supón un incremento do 4,5% con respecto a 2004, aumento superior ao total das afiliacións galegas (2,8%). As diferenzas a prol da EPA parecen razoábeis xa que ademais dos afiliados á Seguridade Social, a EPA debe considerar o colectivo de funcionarios (a práctica totalidade no sector de servizos) que cotizan as mutualidades e tamén a aqueles traballadores que se atopan na economía oculta.²

Gráfico 2.

Poboación ocupada nos servizos. Miles de persoas



² En relación con este tema, pode verse a colaboración de Luis Toharia, «A situación do mercado de traballo en Galicia», no número correspondente ao primeiro trimestre de 2006 do *Informe de conjuntura da economía galega*, editado polo CIEF da Fundación Caixa Galicia.

O persistente proceso de terciarización da economía de Galicia que se vén rexistrando nas últimas décadas concretábase en 2005 en que os servizos, ademais de xerar o 62,5% do VEB total, absorbían, no último trimestre de 2005, o 60,3% do emprego total galego. Sobre este último, que supón un incremento de 3 puntos porcentuais máis respecto a 2004, ten que subliñarse que é o único sector da economía no que a ocupación feminina (53,6%) superou a masculina (46,4%).

Cadro núm. 3

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social nas diferentes ramas de servizos
(medias anuais)

Ramas	2004	2005	% 2005	Taxa de variación 2005/2004
Mantemento e reparación de vehículos e venda polo miúdo de combustíbeis	25.852	26.303	4,3	1,7
Comercio por xunto agás vehículos de motor	52.489	54.399	8,9	3,6
Comercio polo miúdo agás vehículos de motor	103.986	107.368	17,5	3,3
Hostalaría	59.273	61.488	10,0	3,7
Transporte terrestre	32.626	33.265	5,4	2,0
Transporte marítimo	783	853	0,1	8,9
Transporte aéreo	400	437	0,1	9,3
Actividades de axencias de viaxes	9.151	9.638	1,6	5,3
Correos e telecomunicacións	5.513	5.766	0,9	4,6
Intermediación financeira agás seguros e plans de pensións	13.350	13.404	2,2	0,4
Seguros e plans de pensións	3.312	3.386	0,6	2,2
Actividades auxiliares de intermediación financeira	4.110	4.411	0,7	7,3
Actividades inmobiliarias	6.890	7.525	1,2	9,2
Alugamento de maquinaria e equipo	2.443	2.659	0,4	8,8
Actividades informáticas	3.913	4.380	0,7	11,9
Investigación e desenvolvemento	1.122	1.334	0,2	18,9
Outras actividades empresariais	66.857	72.113	11,8	7,9
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	64.370	65.720	10,7	2,1
Educación	25.570	26.559	4,3	3,9
Actividades sanitarias e veterinarias	48.148	51.216	8,4	6,4
Actividades de saneamento público	3.021	3.162	0,5	4,7
Actividades asociativas	8.602	8.959	1,5	4,2
Actividades recreativas, culturais e deportivas	11.893	12.593	2,1	5,9
Actividades diversas de servizos persoais	16.228	16.887	2,8	4,1
Fogares que empregan persoal doméstico	15.943	18.123	3,0	13,7
Organismos extraterritoriais	13	14	0,0	7,7
Total servizos	585.858	611.962	100,0	4,5
Total afiliados Galicia	970.308	997.744	61,3	2,8

Fonte: IGE. Elaboración propia.

No cadro 3 obsérvase a elevada concentración existente no número de afiliacións. Todas as modalidades do comercio (por xunto, polo miúdo, vehículos e combustíbeis) absorbían en 2005 algo máis do 30% das afiliacións, cunha cifra en termos absolutos, próxima ás 200.000 persoas, que se contextualiza, supera sobradamente a de sectores tradicionais da economía de Galicia como o primario e é similar á do sector industrial. Por outro lado, é aquí no terciario onde se concentra o emprego feminino. Ademais, no cadro 3 tamén se observa que, se ben non existiu ningunha rama de servizos na que as ocupacións descendan con respecto a 2004, o incremento do 3,1% das afiliacións no comercio por xunto suxire que xa se superou a crise que se reflectía no cadro 2 no que a taxa de variación do VEB en 2002 e 2003 era negativa. En canto ás restantes ramas de servizos, apréciase un incremento do 3,6% na hostalaría, sector que acapara o 10% do emprego total. É, polo tanto, outro resultado que pon de manifesto o dinamismo do turismo, máis alá de eventos conxunturais. Dos servizos máis especializados sobresaí o incremento do 15,9% en Investigación e Desenvolvemento, do 10,7% en actividades informáticas e a estabilización no número de empregados de intermediación financeira, cuxas afiliacións son as que experimentaron o menor crecemento, 0,4%, de maneira que practicamente permaneceron estabilizadas con respecto a 2004.

En canto á distribución do número de ocupados galegos por provincias obsérvase, a diferenza doutros sectores, un maior protagonismo da Coruña (43,6%) sobre Pontevedra (33,3%). Lugo é a terceira provincia en canto a número de ocupados pero representa tan só o 11,8%, porcentaxe similar á de Ourense, 11,4%.

A maior xeración de VEB e de emprego veu acompañada por una moderación nos custos laborais. Seguindo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* e en media trimestral de 2005, o custo laboral nos servizos aumentou en 1,96%, porcentaxe claramente inferior ás da construción (6,09%) e a industria (4,49%). A moderación foi aínda superior nos custos salariais, os cales se incrementaron un 1,68%. Estas porcentaxes tamén son significativamente menores ás rexistradas no conxunto do Estado. Ademais, en termos salariais, o custo por mes dun traballador dos servizos en Galicia foi en 2005 de 1.276 euros fronte a 1.517 euros en España. Estes custos salariais máis baixos, que tamén se producen na industria e na construción, permiten xustificar desde o ángulo da demanda o menor gasto por habitante recollido na *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares*. A concentración dos asalariados que nos amosaban as afiliacións á Seguridade Social en comercio e hostalaría e a escasa cualificación que ás veces se require nestas actividades, explican, en parte, que os custos salariais, en media, sexan máis baixos ca noutros sectores. Estes custos mantivéronse relativamente estábeis en 2005.

O turismo

O ano 2005 foi un bo ano para o turismo. Segundo datos da Organización Mundial de Turismo (OMT), o número de chegadas de turistas internacionais medrou un 5,5% en todo o mundo (4,3% en Europa).

Tamén foi un bo ano para o turismo español. Incrementouse tanto o número de turistas non-residentes (6%) coma o gasto realizado por eles (4,3%) en comparación co ano 2004, o que lle permitiu a España seguir mantendo o segundo posto a nivel mundial, tanto en canto á chegada de turistas estranxeiros coma en ingresos por turismo.

Galicia tamén experimentou un forte incremento no número de turistas estranxeiros, apoiado sobre todo no auxe das compañías aéreas de baixo custo (CBC) (Ryanair trouxo 49.000 pasaxeiros ao aeroporto de Santiago de Compostela durante o ano 2005).

Cómpre sinalar que os pasaxeiros que chegan a España empregando as CBC están incrementando o seu peso relativo dentro do total das chegadas. En marzo de 2006 as chegadas de pasaxeiros que empregaron estas compañías aéreas xa representaron un 31,2% do total de chegadas e incrementáronse un 6% con respecto a

marzo de 2005. Pola contra, a variación inter-anual dos que chegaron empregando compañías tradicionais foi de -2,6%. Débese sinalar ademais que comunidades autónomas como Asturias, Aragón e Galicia, que en termos absolutos aínda representan cantidades bastante inferiores ás doutras comunidades como Cataluña, Andalucía ou Baleares, teñen unha presenza crecente no panorama aéreo internacional das CBC.

En 2005 rexistráronse en Galicia 848.628 turistas non-residentes (Instituto de Estudios Turísticos (IET), *Movimentos turísticos en Fronteiras*, Frontur) o que supuxo un incremento do 13,4% con respecto ao ano 2004.

Este importante crecemento anual na chegada de turistas estranxeiros non se viu correspondido na demanda turística total en Galicia, que experimentou un lixeiro retroceso. Isto era de esperar se temos en conta que 2004 foi Ano Xacobeo e nel un conxunto de indicadores experimentaran un crecemento importante; ademais cómpre considerar que os viaxeiros residentes en España representan a maior parte da demanda turística galega.

Tanto os viaxeiros aloxados en hotéis coma o número de noites en estadia reducíronse nun 3,9% en 2005 en comparación co ano precedente. No entanto, se a comparación se fai con 2003 e se eliminamos, daquela, o efecto Xacobeo, compróbase que o número de viaxeiros e, sobre todo, o número de noites en estadia, se viron incrementadas con respecto ao devandito ano.

Cadro núm. 4

Turistas non-residentes segundo comunidade autónoma de destino principal. 2005

	Turistas	% variación 2004/2005
Cataluña	14.036.259	12,3
Baleares	9.641.381	1,0
Canarias	9.455.656	-1,4
Andalucía	8.026.242	1,0
C. Valenciana	5.125.802	8,7
Madrid	3.545.843	9,3
Castela e León	1.363.447	12,1
País Vasco	970.859	5,6
Galicia	848.628	13,4
Murcia	822.233	24,0
Aragón	405.898	49,1
Cantabria	393.305	34,2
Castela - A Mancha	234.369	32,1
Asturias	232.732	38,6
Estremadura	226.272	3,8
Navarra	178.750	15,0
A Ríoxa	68.847	11,3
Total	55.576.513	6,0

Fonte: IET, *Movimentos turísticos en Fronteiras* (Frontur).

No ano 2005 aloxáronse nos establecementos hoteleiros galegos 3.230.980 viaxeiros que xeraron un total de 7.565.500 noites en estadia o que dá como resultado unha estancia media de 2,1 días e unha porcentaxe de ocupación media anual do 35,8%. O grao de ocupación varía, porén, sensibelmente ao longo do ano, pasando do 20,3% no mes de xaneiro ata acadar o seu valor máximo no mes de agosto cun 65,2%.

Do total de noites en estadia efectuadas no ano 2005, o 52,5% concentráronse nos meses comprendidos entre xuño e setembro, o cal reflicte unha concentración temporal da demanda turística superior á existente no conxunto de España onde neses mesmos catro meses se concentran o 49% das noites en estadia.


De todos os xeitos, as marxes do sector reducíronse en relación co ano 2004, dado que se ben a estancia media non variou, o grao de ocupación media anual caeu dous puntos porcentuais. Isto reflicte unha evolución diferente á rexistrada no conxunto de España, onde a estancia media se mantivo tamén practicamente inalterada pero o grao de ocupación media anual se incrementou en case un punto porcentual con respecto ao ano anterior, 54,3% no ano 2005 fronte ao 53,4% no ano 2004.

Ourense é a única provincia galega na que o número de viaxeiros e noites en estadia experimentaron un crecemento positivo en 2005 en comparación co ano precedente. Na provincia de Lugo incrementáronse as noites en estadia, aínda que se reduciu o número de viaxeiros, como consecuencia do incremento da estancia media, mentres que nas provincias da Coruña e de Pontevedra se reduciron tanto os viaxeiros coma as noites en estadia. Esta última provincia mesmo experimentou unha redución da estancia media dos viaxeiros aloxados nos hoteis. O grao de ocupación das prazas tamén se reduciu en todas as provincias, agás en Ourense.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, en 2005 os viaxeiros residentes en España, que supuxeron un 82,1% do total, descendieron un 6,2% con respecto ao ano 2004, mentres que os viaxeiros residentes no resto do mundo medraron un 7,8% segundo datos do IGE (*Enquisa continua de ocupación hoteleira*) (un 13,4% segundo datos do IET como

Gráfico 3.

Distribución dos viaxeiros aloxados nos hoteis galegos. 2005



Cadro núm. 5

Viaxeiros e noites que pasaron en hoteis. Galicia

	2004	2005
Viaxeiros aloxados	3.675.988	3.530.980
Noites en estadia	7.873.948	7.565.500
Grao de ocupación (%)	37,8	35,8
Estancia media (días)	2,1	2,1

Fonte: IGE, *Enquisa continua de ocupación hoteleira*.

Cadro núm. 6**Viaxeiros e noites que pasaron en hoteis.** Porcentaxes de variación 2005/2004

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Viaxeiros aloxados	-4,5	-1,6	6,8	-6,5	-3,9
Noites en estadia	-3,4	1,1	7,9	-7,5	-3,9
Grao de ocupación	-4,9	-0,6	5,5	-8,5	-5,3
Estancia media	1,0	2,4	1,1	-1,2	0,0

Fonte: IGE, *Enquisa continua de ocupación hoteleira*.

se sinalou máis arriba). A demanda turística interna segue a ter un peso preponderante no total da demanda turística galega, aínda que no ano 2005 se incrementou a porcentaxe que os turistas estranxeiros representan dentro do total en comparación con 2004, 17,1% fronte ao 16%.

Cadro núm. 7**Dimensión media do sector hoteleiro en Galicia.** Marzo de 2006

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Prazas ofertadas por establecemento	38,4	30,0	34,3	47,8	38,7
Empregados por establecemento	4,4	3,8	4,1	6,6	4,8

Fonte: IGE, *Enquisa continua de ocupación hoteleira*.

A dimensión media do establecemento hoteleiro galego é de 38,7 prazas. Tamaño que é superado amplamente na provincia de Pontevedra, cunha media de 47,8 prazas ofertadas, mentres que os da provincia de Lugo, cunha media de 30 prazas, son os de menor tamaño medio de Galicia. A apertura no ano 2005 de novos hoteis cunha maior capacidade estrutural, sobre todo na provincia da Coruña, fixo que a dimensión media dos establecementos se incrementara con respecto ao ano 2004.

O número medio de empregados por establecemento hoteleiro situouse en 2005 en 4,8. Os establecementos da provincia de Pontevedra son tamén, en relación co seu maior tamaño, os que ocupan de media un maior número de empregados (6,6). No lado oposto, e pola mesma razón, atópanse os establecementos hoteleiros da provincia de Lugo, que con 3,8 empregados por establecemento son os que teñen un menor número de traballadores.

A pesar da apertura de novos establecementos hoteleiros en Galicia ao longo do ano 2005, o saldo neto amosa unha redución da oferta hoteleira galega, sobre todo en canto ao número de establecementos abertos e á capacidade ofertada. En canto á capacidade estrutural mantense constante. O número de establecementos que estaban abertos neste ano era de 1.346, que supoñían preto de 70.000 prazas de capacidade

estrutural e máis de 52.000 de capacidade ofertada, é dicir, de prazas que se estima están realmente á disposición dos viaxeiros.

As provincias da Coruña e Pontevedra supoñen preto do 70% da oferta hoteleira galega en canto a establecementos abertos e superan amplamente esta porcentaxe se analizamos o volume de prazas e de persoal empregado.

Un 81% do persoal dos establecementos hoteleiros galegos é remunerado. Na provincia de Pontevedra esta porcentaxe supera o 92%, mentres que na provincia da Coruña é onde o persoal non-remunerado ten un maior peso dentro dos grupos, pois representa o 15,5% do total do persoal empregado.

Cadro núm. 8

Establecementos hoteleiros e capacidade de aloxamento ofertada. Marzo de 2006

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Establecementos abertos	579	252	167	348	1.346
Capacidade estrutural	25.712	8.982	6.009	28.465	69.168
Capacidade ofertada	22.226	7.564	5.736	16.627	52.153
Persoal empregado	2.539	960	685	2.280	6.464
Persoal remunerado	2.147	838	588	2.110	5.682
Persoal non-remunerado	393	122	98	170	782

Fonte: IGE, *Enquisa continua de ocupación hoteleira*.

Un dato interesante na evolución do sector hoteleiro galego, en canto que reflicte a súa crecente modernización, é a incorporación das novas tecnoloxías da información (TIC). Neste sentido, o número de establecementos con páxina *web* incrementouse en máis de 6 puntos porcentuais en marzo do 2006, e en comparación co mesmo mes do ano 2005, o que significa que se está preto de acadar que a metade dos establecementos hoteleiros galegos teñan páxina *web* propia e, ao mesmo tempo, permite reducir distancias coa media neste apartado. Algo similar sucedeu no mesmo período de tempo co número de establecementos que empregan Internet para a contratación ou para a publicidade. No primeiro caso, o 20,16% dos establecementos recorren a esta vía para a contratación, 5 puntos porcentuais máis que hai un ano. No segundo, preto do 40% dos hoteis empregan Internet para a publicidade, é dicir, un 7% máis ca en marzo de 2005.

Se se comparan os datos por provincias, no último ano produciuse un cambio e a provincia da Coruña releva a de Pontevedra e sitúase na vangarda en canto á utilización das TIC dentro da hostalaría galega.

Paralelamente á redución da cota de mercado internacional, experimentada polas zonas máis indiferenciadas do produto de sol e praia nos últimos 5 anos, os destinos urbanos e de interior de España, amosaron en 2005 unha gran capacidade competitiva e, o que é máis positivo aínda, evidencian unha gran potencialidade de crecemento de cara ao futuro. As comunidades da España verde e as grandes cidades situáronse

Cadro núm. 9

Utilización das novas tecnoloxías nos establecementos hoteleiros galegos.

Marzo de 2006 (en %)


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Establecementos con páxina web	48,78	33,74	32,33	45,1	42,97
Establecementos con Internet para contratación	24,98	13,1	10,14	22,05	20,16
Establecementos con Internet para publicidade	45,82	27,71	30,43	41,82	39,48

Fonte: IGE, *Enquisa continua de ocupación hoteleira*.

Gráfico 4.

España fronte aos destinos europeos

(% de crecemento 2005/2004)



no ano 2005 á cabeza de Europa en canto ás taxas de crecemento respecto ao ano 2004.

Neste contexto favorábel para os espazos do interior e para os produtos turísticos relacionados con el, o turismo rural galego non puido, porén, superar no ano 2005 as cotas acadadas no ano 2004. O número de viaxeiros e noites en estada rexistradas con motivo do Xacobeo puxeran o listón moi alto. En 2005 aloxáronse nos establecementos de turismo rural galegos un total de 149.084 viaxeiros, o que indica unha redución do 9% con respecto ao ano anterior. As estancias sumaron un total de 337.887, un 1,7% menos ca en 2004, o cal indica, e isto é positivo, un incremento da estancia media dos viaxeiros nos establecementos de turismo rural.

As prazas ofertadas neste tipo de establecementos continuaron, porén, medrando no ano 2005 e chegaron a superar as 5.600, é dicir, un 7,8% máis ca en 2004; isto incidiu no desequilibrio persistente entre a oferta e a demanda de turismo rural en Galicia. Isto tradúcese en menores porcentaxes de ocupación dos establecementos e nunha redución da rendibilidade destes.

Dada a importancia deste segmento turístico para a diversificación da oferta, a creación de postos de traballo femininos ou a recuperación do patrimonio, a busca de solucións para o incremento da estancia media dos viaxeiros e das porcentaxes de ocupación debería ser unha prioridade nos próximos anos. Neste sentido, o incremento da oferta de actividades complementarias debería ser unha guía para acadar estes obxectivos.

Por provincias destacan A Coruña e Lugo en canto ao número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural. A maioría destes viaxeiros son españois (91,5%) e concretamente galegos, de onde proceden máis do 32% do total. Do resto de comunidades autónomas españolas destacan Madrid e Cataluña, con porcentaxes respectivas do 22,1 e do 10,2%.

Un trazo característico do turismo español no ano 2005, que reflicten os datos oficiais (IET, Egatur) é o maior crecemento relativo dos segmentos de mercado estranxeiros que teñen un menor gasto medio por viaxe e día. Esta tendencia parece reflectir

Cadro núm. 10

Viaxeiros e prazas en establecementos de turismo rural en Galicia

	Viaxeiros aloxados	Prazas demandadas		Prazas ofertadas	
		Estancias	% variación	Número	% variación
2000	91.709	193.214	4,6	2.758	17,2
2001	104.962	223.541	15,7	3.375	22,4
2002	129.804	270.741	21,1	4.074	20,7
2003	133.292	263.253	-2,8	4.631	13,7
2004	163.790	343.688	30,6	5.200	12,3
2005	149.084	337.887	-1,7	5.607	7,8

Fonte: IGE, *Estadística de ocupación no turismo rural*.

Gráfico 5.

Viaxeiros aloxados en turismo rural por provincias. 2005





Gráfico 6.**Orixe dos viaxeiros aloxados en turismo rural. 2005**

un cambio no perfil dos turistas que visitan España. Esta mutación, máis presente nas zonas de litoral, pode estar, ao mesmo tempo, relacionada coa extensión das compañías aéreas de baixo custo, co aumento da oferta residencial ou coa autoorganización da viaxe, que favorecen as viaxes curtas a España e reducen o gasto medio destas (Exceltur, 2006).

Aínda que non directamente relacionado con este fenómeno, dado que a maior parte da demanda turística galega procede do interior de España, o certo é que en 2005 o gasto diario medio do turista que se aloxa nos establecementos hoteleiros galegos de 3 e máis estrelas reduciuse un 12,1% con respecto a 2004 e estimase en 125,58 euros. A esta redución contribuíu

Cadro núm. 11**Modalidade de uso da vivenda en establecementos de turismo rural.**

Marzo de 2006 (en %)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Vivenda única	88,6	94,3	95,4	94,1	92,9
Dividida en unidades de aloxamento	11,4	5,7	4,6	5,9	7,1
Modalidade de uso: compartida	60,5	72,7	65,1	65,1	66,0
Modalidade de uso: completa	16,3	8,9	9,1	7,9	10,5
Modalidade de uso: ambas	23,2	18,4	25,8	27,1	23,5

Fonte: IGE, *Estadística de ocupación no turismo rural*.

sobre todo a evolución no gasto en aloxamento e en compras non-alimentarias que son as dúas partidas que experimentaron unha evolución menos positiva, como pode verse no gráfico 7, das de máis importancia relativa dentro do gasto turístico total.

Pontevedra é a provincia cun maior gasto medio por turista e día (133,4 euros) e tamén onde a redución foi menor con respecto ao ano 2004 (-8,6%). Pola contra, Lugo e Ourense son as provincias onde este gasto foi menor, 108,8 euros e 109,2 euros, respectivamente; ademais esta última provincia foi a que rexistrou unha maior redución do gasto diario medio en comparación co ano precedente (-22,3%).


En canto ás tendencias para 2006, a evolución do ciclo económico europeo e español permite anticipar un ano turístico similar ou un pouco mellor ca 2005. Non obstante, a evolución dos prezos do petróleo e a dos tipos de xuro poderían reducir o

consumo privado e afectarlle negativamente ao sector.

De feito, no caso de Galicia xa podemos adiantar algúns resultados que apuntan nesa dirección. Para os establecementos hoteleiros, no primeiro trimestre de 2006 os viaxeiros entrados amosan un crecemento do 3,4% e as noites en estadia do 1,8%. Datos que corrixidos do efecto calendario indican un crecemento dos viaxeiros de 9,9% e das noites en estadia nun 10,1%. No caso dos establecementos de turismo rural, corrixidos tamén os datos do efecto calendario, rexístrase un crecemento, do 11,3% para os viaxeiros e do 12,7% para as noites en estadia.

Gráfico 7.

Composición do gasto turístico en Galicia. 2005



Cadro núm. 12

Gasto diario medio do viaxeiro que fai noite en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas. Ano 2005 (en euros)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Aloxamento	48,7	41,8	50,0	48,1	48,0
Restaurantes e cafeterías	41,0	36,4	34,9	41,8	40,6
Compra de alimentos en comercios	1,0	0,3	0,1	0,7	0,8
Compras non-alimentarias	13,7	9,1	5,8	16,7	14,1
Desprazamentos	6,5	9,4	7,0	8,2	7,4
Ocio	10,8	10,5	6,1	12,2	11,1
Outros	1,8	1,3	5,3	5,7	3,6
Gasto total	123,5	108,8	109,2	133,4	125,6
% variación 2005/2004	-14,5	-9,8	-22,3	-8,6	-12,1

Fonte: IGE, *Estadística do gasto do turismo que pernacta en establecementos hoteleiros*.


Os transportes

O Goberno autonómico intentou durante 2005 que a Administración central esclaresese e, de ser o caso, desbloquease a execución do decisivo corredor de conexión ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e a meseta, onde destacaba o importante tramo Ourense-Lubián, no que os traballos comezarán en 2008. Este desbloqueio logrouse a principios de 2006 momento no que se anunciou a supresión das peaxes de

Gráfico 8.

IPC carburantes e combustíbeis

Taxa de variación interanual en %



para España. Os prezos en Galicia foron máis elevados ca no conxunto do Estado como podemos ver no gráfico 8 onde a traxectoria de Galicia sempre se mantivo por enriba da de España.

Tránsito portuario

No *Informe 2004* deixabamos a análise portuaria da Comunidade á espera de saber se a Unión Europea financiaría a obra do porto exterior da Coruña con fondos de cohesión ou con fondos estruturais. Nun capítulo anterior xa informamos sobre a aprobación en 2005 do cofinanciamento con fondos de cohesión. As obras en Punta Lagosteira comezaron en marzo de 2005 e está previsto que duren 78 meses coa súa finalización no ano 2011. A Unión Europea subministrará 257,5 millóns de euros dos fondos de cohesión, o 92% da cantidade solicitada polo Goberno central ao executivo europeo. O proxecto integral do porto custará 630 millóns de euros, 429 destinados á construción da nova dársena e 201 para acondicionamento de accesos, traslado de empresas, desmontaxe da terminal petroleira e outras necesidades. Prevese que a construción do novo porto cree 15.000 postos de traballo e que duplique o tráfico portuario no horizonte temporal do ano 2020.

Esta obra de infraestrutura básica únese á que se realiza en Ferrol. A primeira fase do porto exterior desta cidade está xa rematada, pero ata 2008 non estará operativa

Rande e da Barcala da autoestrada AP-9. Estas dúas noticias, ademais dos inicios das obras en tramos da Transcantábrica, foron as notas máis significativas en canto ás grandes infraestruturas viarias se refire.

Por outra parte, o executivo galego a través da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes anunciou a posta en marcha do Plan de Infraestruturas do Transporte no que se analizará en profundidade a situación da rede viaria galega. Esa planificación incluírá unha revisión dos diferentes tramos de autoestradas e dos seus itinerarios alternativos libres de peaxe.

Un elemento importante no comportamento do sector de transporte é a evolución dos prezos dos carburantes e combustíbeis. O índice de prezos destes bens non deixou de incrementarse desde mediados de 2004; deste xeito, acada o seu máximo en setembro de 2005 no que a taxa de variación interanual foi do 21,1% para Galicia e 19,8%

debido a que a estrada de acceso aínda se está construíndo de xeito que queda pendente o acceso por ferrocarril e faltan aínda por dotar as infraestruturas básicas de servizos como auga, rede eléctrica e telecomunicacións. Ademais, o Ministerio de Fomento descartou licitar proximamente a segunda fase ao entender que non existe demanda de tráfico suficiente, polo que cree que sería un dispendio dos recursos públicos acometer estas novas obras de ampliación (659 metros de liña de atracadoiro e 35 hectáreas de explanada). Non obstante, animaron a iniciativa privada para que financie a súa realización.

No transporte marítimo cómpre subliñar a actividade desenvolvida no porto de Vigo que, grazas a un tráfico de mercancías crecente, converteu a Pontevedra na cuarta provincia máis exportadora de España. O movemento de pesca fresca e conxelada e o elevado número de matriculacións de frota de altura, xunto coa exportación de granito e de vehículos automóbiles, facilitou o desenvolvemento do tecido industrial máis importante de Galicia e a isto tamén axudou o feito de dispoñer dunha rede viaria que conecta o suroeste de Galicia coa fachada atlántica e coa meseta. Un recente estudo encargado pola Unión Europea recomenda establecer unha autoestrada do mar entre os portos de Amberes e Vigo dúas veces por semana, «Short Sea Shipping», liña de ámbito curto marítimo que permita reducir entre un 30% ou un 40% o tráfico terrestre excesivamente saturado entre estes dous importantes portos do Arco Atlántico.

No porto de Vigo tamén se poñerá en marcha no ano 2006 un transbordador que transportará viaxeiros e mercancías entre a cidade olívica e Bristol. Este servizo será semanal e durará 22 horas.


Xunto cos de Vigo, tamén rexistraron unha elevada actividade os peiraos ferroláns. Tendo en conta que as Autoridades Portuarias teñen competencias en Ferrol e San Cibrao, os tráxicos medraron nos dous portos, pero a taxa de Ferrol foi espectacular, 73,1%, debido, ademais dos desembarcos habituais de combustíbel mineral, ao tráfico de produtos relacionados coa enerxía eólica, xa que desde os peiraos ferroláns se transportan os aeroxeradores que fabrica Gamesa nas súas plantas das Somozas. A taxa de variación de San Cibrao, 15,43%, aínda que elevada, foi sensibelmente inferior.

A Autoridade Portuaria de Marín informou que 2005 foi un bo ano tanto para o porto coma para as empresas que conforman a comunidade portuaria. O tráfico de mercancías case acadou os dous millóns de toneladas o que supuxo o seu segundo máximo histórico e un incremento do 13,3% con respecto a 2004. Pola súa parte, a Autoridade Portuaria de Vilagarcía indicou un incremento do 5,4% en 2005 no tráfico xeral de mercancías do seu porto grazas ao bo comportamento dos graneis líquidos que contrarrestou o descenso experimentado polos sólidos.

Finalmente, temos que salientar que a ministra de Fomento presentou na Coruña o Plan Nacional de Salvamento dotado con 1.022 millóns de euros. A Galicia correspóndelle o 20% do total do Plan que dotará a Comunidade con medios marítimos (sete embarcacións «Salvamar», dúas embarcacións rápidas polivalentes, dúas remolcadoras en dedicación exclusiva e un buque polivalente para recollida de materiais contaminantes), medios aéreos (un avión de á fixa, oito helicópteros) e unha unidade subacuática con cinco mergulladores especializados.

Gráfico 9.

Tránsito aéreo de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia



Tránsito aéreo

O transporte de viaxeiros nos tres aeroportos galegos seguiu medrando en 2005 dun xeito apreciable, o 23,7% (cadro 13). Desde 2002, no que a taxa de variación foi negativa (-6,3%), nos anos sucesivos produciuse unha sensíbel aceleración (2003, 8,3%; 2004, 11,2%) ata acadar ese máximo no ano que nos ocupa. En valores absolutos, os pasaxeiros que durante o período de referencia empregaron os aeroportos galegos foron 3.774.237, aproximadamente 720.000 máis ca no ano anterior. Por aeroportos o de maior crecemento foi Alvedro (46%), seguido de Peinador (22%) e, finalmente, Lavacolla acadou a nada desdeñábel cifra do 17%.

Estes incrementos débense á irrupción das compañías de baixo custo que incrementaron subitamente a demanda de turistas estranxeiros e fomentaron o traslado de residentes en Galicia a varias capitais europeas. Os resultados positivos que comentamos na análise sobre o sector turístico no segmento de visitantes estranxeiros están relacionados con este evento. A irrupción inicial destas liñas, que fixo modificar a conservadora estratexia de Iberia, foi o primeiro paso dun proceso que proseguirá nos próximos anos. Así, a compañía irlandesa Ryanair acaba de anunciar que a partir de outubro de 2006 voará desde Lavacolla a Liverpool. Ademais comunicou que duplicará a oferta actual dos voos que ten con Londres, Roma e Frankfurt ata acadar as 180 saídas ao mes. Esta compañía de baixo custo transportou case 150.000 pasaxeiros ao aeroporto santiagués, pero a previsión é

que acadará os 240.000 pasaxeiros cos cinco destinos dispoñíbeis no ano 2006. Neste mesmo ano, Vueling une Santiago con Barcelona. Igualmente, anunciouse que no outono de 2006 unha liña aérea de baixo custo, en cuxo accionariado participa Iberia, conectará o aeroporto de Alvedro con París e Frankfurt.

Iberia, ademais de trasladar o seu voo a Londres de Lavacolla a Alvedro, anunciou a final de 2005 a súa decisión de suprimir varias liñas do aeroporto de Peinador, o que deixa este aeroporto nunha posición difícil respecto aos outros dous aeroportos galegos e, sobre todo, co aeroporto Sá Carneiro de Porto. A terminal de Vigo é un dos 25 aeroportos españois nos que non opera ningunha compañía de baixo custo, pero aínda así move o 30% do tránsito total de viaxeiros de Galicia (cadro 14) e é o único que experimentou un aumento no volume de mercancías transportadas, case 1.400.000 toneladas, o que supuxo un incremento do 32,4% con respecto ao ano anterior. O aeroporto de Vigo inaugurou no ano 2006 unha liña de transporte diario de mercancías con Zaragoza, e ofreceulle a posibilidade á factoría viguesa de Citroën de cubrir con voos chárter o transporte de pezas coas súas plantas de Francia.

Nos outros dous aeroportos galegos descendieron o volume de mercancía exportada (Alvedro, -22% e Lavacolla, -23%). No conxunto do Estado a cifra tamén foi negativa (-3,1%). Isto seguramente se deba ao incremento nos prezos dos combustíbeis que encarece este servizo, o que suscita a procura de alternativas noutros métodos de transporte.

Finalmente, e en canto ao transporte, a cifra de matriculación de turismos no ano 2005 freou o seu crecemento e estabilizouse con respecto a 2004 xa que a taxa de variación foi do 0,7%. Esta porcentaxe contrasta cos incrementos do 8% e 9% dos

Cadro núm. 13

Tránsito aéreo de viaxeiros

Taxas de variación anuais en %

	2003	2004	2005
Alvedro (A Coruña)	2,6	7,0	46,4
Lavacolla (Santiago de Compostela)	11,4	14,4	16,5
Peinador (Vigo)	7,4	8,7	21,7
Galicia	8,3	11,2	23,7

Fonte: AENA.

Cadro núm. 14

Tránsito aéreo de mercadorías

Taxas de variación anuais en %

	2003	2004	2005
Alvedro (A Coruña)	12,9	-0,5	-21,9
Lavacolla (Santiago de Compostela)	-6,8	-6,5	-23,0
Peinador (Vigo)	-1,6	-9,2	32,4
Galicia	-4,7	-6,5	-14,1

Fonte: AENA.

Cadro núm. 15

Matriculación de vehículos en Galicia


	Turismos	Vehículos de carga
2000	79.188	13.090
2001	79.142	12.304
2002	67.429	11.799
2003	72.941	12.154
2004	79.509	12.958
2005	80.031	13.898

Fonte: INE.

Gráfico 10.

Matriculación de turismos e vehículos de carga

Taxa de variación interanual en %



anos anteriores. En valores absolutos matriculáronse en Galicia en 2005, 80.031 unidades, só 522 máis có ano anterior. No resto do Estado o comportamento no número de matriculacións foi moi similar ao galego, aínda que o crecemento foi algo superior (1,4%). Unha posíbel causa desta ralentización no crecemento puido ser o elevado incremento do prezo dos carburantes.

En canto á matriculación de vehículos de carga as cifras son máis positivas. En Galicia matriculáronse 13.898 unidades, cun incremento do 7,3% e en España vendéronse 420.000 unidades, 50.000 máis ca en 2004 polo que a taxa interanual, o 14,2%, case duplicou a galega.

O comercio

En consonancia cos datos favorábeis de emprego que xa comentamos, os relativos á evolución do gasto por habitante en Galicia confírmannos que 2005 foi un bo ano para o comercio galego. Medido en termos correntes e en media trimestral (cadro 16) este gasto acelerouse en 2005 en Galicia ata acadar un 7,8% (fronte ao 8,3% de España), taxa que case duplica a da inflación. En 2004 o gasto por habitante medrou un 3,2%. En suma, ao longo de 2005 un residente en Galicia tivo un gasto de 7.523 euros mentres que no conxunto do Estado se elevaba a 8.422 euros. Este menor gasto explícase, entre outros factores, porque os custos salariais son máis baixos ca no conxunto de España.

En canto á análise trimestral obsérvase que a partir de finais de 2003, logo de recortarse o gasto por habitante entre Galicia e o resto de España, a diferenza a prol de España foi, polo xeral, medrando deica acadar un máximo no último trimestre de 2005. Como datos destacados sinalaremos que no segundo e no terceiro trimestre de 2005 o crecemento interanual na nosa Comunidade foi do 11%. No gráfico 11

Cadro núm. 16

Evolución do gasto por habitante

	Galicia		España		Diferenza Galicia/ España (%)
	Euros	Taxa de variación interanual (%)	Euros	Taxa de variación interanual (%)	
2002					
1º trimestre	1.545	1,2	1.754	4,7	-11,9
2º trimestre	1.567	5,3	1.717	4,5	-8,7
3º trimestre	1.610	7,7	1.746	4,8	-7,8
4º trimestre	1.697	5,5	1.807	1,9	-6,0
2003					
1º trimestre	1.667	7,9	1.796	2,4	-7,2
2º trimestre	1.631	4,1	1.794	4,5	-9,0
3º trimestre	1.681	4,4	1.855	6,2	-9,3
4º trimestre	1.783	5,0	1.851	2,5	-3,7
2004					
1º trimestre	1.780	6,8	1.909	6,3	-6,8
2º trimestre	1.673	2,6	1.904	6,2	-12,1
3º trimestre	1.716	2,0	1.968	6,1	-12,8
4º trimestre	1.809	1,5	1.997	7,9	-9,4
2005					
1º trimestre	1.887	6,0	2.070	8,4	-8,8
2º trimestre	1.855	10,9	2.072	8,8	-10,5
3º trimestre	1.902	10,9	2.115	7,5	-10,1
4º trimestre	1.878	3,8	2.165	8,4	-13,2

Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos Familiares.

pódese comprobar como Galicia acada o seu máximo neses dous períodos, descende no cuarto trimestre do ano e colócase por debaixo do conxunto do Estado.

Pola súa parte, o índice de vendas do comercio por xunto medrou un 3,5% en 2005, taxa superior á acadada no ano anterior (2,4%); foi o comercio especializado (5,1%) noutros bens de consumo o que presentou unha maior taxa de variación (13,6%). O resto dos grupos tiveron un comportamento negativo: alimentación (-4,7%), equipamento da persoa (-2,1%) e equipamento do fogar (-0,9%). As grandes superficies diminuíron a súa actividade (3,6%) explicábel polo elevado incremento do ano precedente, o 7%, pero aínda así o

Cadro núm. 17

Índice de vendas do comercio polo miúdo

Ano 2005. (1998 = 100) (datos provisionais desde outubro de 2005)


	Índice	% variación sobre o ano anterior
Comercio non-especializado	139,7	-0,6
Grandes superficies	163,8	3,6
Resto non-especializado	122,0	-2,7
Comercio especializado	124,3	5,1
Alimentación	114,4	-4,7
Equipamento persoal	97,1	-2,1
Equipamento do fogar	119,8	-0,9
Outros bens de consumo	157,2	13,6
Índice xeral	130,5	3,5

Fonte: IGE.

Gráfico 11.

Evolución do gasto en consumo por habitante

Taxa de variación interanual en %



seu comportamento no período analizado foi positivo.

Entre 1999 e 2004 o comercio por xunto medrou e a súa estrutura experimentou transformacións. No cadro 18 apréciase un incremento notábel tanto no número de establecementos que realiza actividades comerciais por xunto coma polo miúdo. En 2004 e con respecto a 1999 Galicia conta cun 10,7% máis de establecementos por xunto e un 12% máis de polo miúdo. Neste incremento, superior ao de España, destaca Pontevedra e en menor medida A Coruña. Lugo e Ourense presentan un evidente estancamento.

O formato da distribución comercial polo miúdo está en continua transformación. No cadro 19 preséntase o número de establecementos segundo o tipo de formato existente en Galicia en 2004, último ano con información dispoñíbel. Evidente-

Cadro núm. 18

O sector comercial en Galicia en 2004

	Actividades comerciais por xunto		Actividades comerciais polo miúdo	
	Núm. de establecementos	% variación 1999-2004	Núm. de establecementos	% variación 1999-2004
A Coruña	4.842	8,0	25.546	12,4
Lugo	1.687	7,0	8.397	8,9
Ourense	1.344	8,0	7.308	5,1
Pontevedra	4.622	16,0	19.878	15,7
Galicia	12.495	10,7	61.129	12,0
España	182.171	10,1	908.414	8,4

Fonte: La Caixa, *Anuario Económico de España*, 2005.

mente o microcomercio e, dentro del, o comercio tradicional, ten un peso moi elevado nesta estrutura. É este un sector especialmente sensíbel ás transformacións polo que durante os últimos anos se foron multiplicando os plans deseñados pola administración pública para conseguir a adaptación ás novas esixencias na distribución e mesmo os propios comerciantes se mobilizaron para intentar permanecer no mercado e, daquela, obter da súa actividade unha rendibilidade axeitada. Un claro

Cadro núm. 19**O comercio polo miúdo en Galicia en 2004**
(número de establecementos)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Comercio tradicional de alimentación	7.686	2.209	2.245	5.750	17.890	294.691
Supermercados	810	288	201	700	1.999	26.008
Vestido e calzado	3.925	1.281	1.121	2.929	9.256	127.302
Fogar	3.502	1.256	931	2.733	8.422	127.800
Resto non-alimentación	7.625	2.637	2.067	5.763	18.092	256.685
Grandes almacéns	1	0	0	1	2	125
Hipermercados	13	3	3	11	30	484
Almacéns populares	38	12	27	39	116	2.573
Mercados de postos ambulantes	1.072	241	323	1.203	2.839	26.793
Outro comercio mixto	874	470	390	749	2.483	45.953

Fonte: La Caixa, *Anuario Económico de España*, 2005.

exemplo destes movementos é a proliferación dos centros comerciais abertos, as centrais de compras, un maior asociacionismo, etc. Aínda así a mortalidade do pequeno comercio segue sendo moi elevada. Aínda que a información do cadro 19 non nos permite internarnos nas características dos novos formatos comerciais (superficies de venda especializada, grandes superficies, centros comerciais, comercio electrónico, etc.) si destacaremos neste cadro dúas cuestións. Por un lado, os hipermercados volven recobrar un especial dinamismo. La Caixa contabiliza a existencia de 30 en Galicia sobre un total de 484 en España. En segundo lugar, en Galicia rexístranse 2.839 establecementos de venda ambulante, o que suxire o vigor dun formato tradicional de comercialización, os mercados de postos ambulantes, actividade na que, segundo as últimas enquisas, sobre os hábitos de compra dos fogares galegos segue sen-

Cadro núm. 20**Centros comerciais**

	Número 2004	Superficie en m ²		Taxa de variación (en %) 2004/1999
		2004	1999	
A Coruña	10	167.913	122.105	37,5
Lugo	3	15.172	15.025	1,0
Ourense	2	31.539	12.094	160,8
Pontevedra	13	148.716	73.441	102,5
Galicia	28	363.340	222.665	63,2
España	487	9.459.674	5.476.100	72,7

Fonte: La Caixa, *Anuario Económico de España*, 2005.

do relevante para a adquisición de determinados artigos como, por exemplo, o téxtil-confección.

A continuación efectuaremos unha breve recensión dos acontecementos máis relevantes ocorridos en 2005 e, en menor medida en anos anteriores, nos formatos comerciais máis innovadores ou naquelas actividades máis dinámicas. Deterémonos, en primeiro lugar, nos centros comerciais. É unha modalidade que tivo unha notábel expansión en Galicia nas últimas décadas. Enténdese por centro comercial un conxunto de establecementos comerciais independentes, planificados e desenvolvidos por unha ou varias entidades, con criterio de unidade; cuxo tamaño, mestura comercial, servizos comúns e actividades complementarias están relacionadas co seu medio, e que dispón permanentemente dunha imaxe e xestión unitaria. Evidentemente en Galicia atopámonos con moitos exemplos rotulados como centro comercial pero que non cumpren cos requisitos establecidos na anterior definición. No *Anuario Económico de España de La Caixa* contabilizábanse en 2004, 28 centros comerciais (cadro 20) e, na súa gran maioría, a locomotora era un hipermercado ou un supermercado de máis de 1.000 metros de superficie. As novas aperturas rexistradas entre 2000 e 2004 concréntanse en tres novos centros na provincia da Coruña: Bergantiños (2002) en Carballo, Odeón (2002) en Narón e Finis Terrae (2004) en Cee. A finais de 2005 o empresario portugués Américo Amorim (Amorim Inmobiliaria) adquiriu o centro de Narón, Odeón, compra que se une a La Gran Manzana de Alcobendas en Madrid. Trátase dunha expansión deste grupo en España que –como xa sinalamos na crónica sectorial do sector industrial– ten intereses moi variados, xa comentados alí os que lle afectaban ao sector enerxético galego.

Entre 1999 e 2004, a superficie ocupada por centros comerciais medrou un 63,2%. Os maiores incrementos producíronse en Ourense debido á apertura do Centro Ponte Vella de 21.000 metros cadrados de superficie e 83 tendas (a locomotora é un Haley) e Pontevedra con novos centros en Lalín, Nigrán, Pontevedra e Vigo (Plaza Elíptica,

Cadro núm. 21

Grupos/empresas do sector de distribución con base alimentaria en España con facturación superior a 1.000 millóns de euros en 2004

Grupo/empresa	Vendas netas (millóns de euros)	Emprego	Tendas propias
1 Grupo Carrefour	12.122	64.942	2.152
2 Mercadona, S.A.	8.144	49.600	862
3 Grupo Eroski	5.097	30.101	718
4 El Corte Inglés (Alimentación)	4.630	–	261
5 Grupo Auchan	4.015	21.465	166
6 Grupo Capabro	2.574	19.100	576
7 Grupo Dinosol Supermercados, S.L.	1.996	14.079	548
8 Lidl Supermercados, S.A.	1.550	5.075	371
9 Makro Autoservicio Mayorista, S.A.	1.243	3.400	–

Fonte: Alimarket, 2005. *Informe Anual de Distribución*.

Travesía e Ciudad Universitaria). En Lugo non houbo novas aperturas, mentres que o crecemento na provincia da Coruña foi máis moderado.

Pola súa parte, o sector da distribución alimentaria polo miúdo en Galicia tamén está en permanente ebulición. Ademais do grupo de empresas de capital galego que procuran situarse neste segmento tan complicado, un bo número de sociedades de capital foráneo, con diferentes formatos, están instaladas en Galicia e manteñen posicións estratéxicas nesta Comunidade. O primeiro grupo en facturación en España (cadro 21) é Carrefour (12.122 millóns de euros en 2004) e os seus puntos de venda son os centros comerciais Carrefour, Champion, Dia e Puntocash. En novembro de 2005 abriaron un novo hipermercado en Coristanco tras un investimento de 16,5 millóns de euros cunha sala de vendas de 6.500 metros cadrados. É así o oitavo hipermercado do grupo implantado en Galicia ao que, a mediados de 2006, se engadirá un noveno grazas a un segundo centro aberto a finais de maio en Vigo e un décimo comezará a construírse a finais de ano no futuro Centro Comercial As Cancelas de Santiago de Compostela, para o que xa dispón de autorización da administración autonómica para edificar unha superficie de 7.500 metros cadrados, algo menos dos 8.900 metros que se pedían. Este novo hipermercado sería o motor dun centro comercial que se engadiría aos xa existentes de Área Central e, ao practicamente equivalente, Centro Comercial Compostela do Grupo El Corte Inglés.

O segundo grupo de distribución alimentaria en España é Mercadona. De capital valenciano, está xa presente en 46 provincias de 15 comunidades autónomas e, desde 2002, tras o seu primeiro establecemento en Galicia en Lugo, mantivo unha política expansiva de implantación nesta Comunidade, polo que actualmente conta con 6 establecementos na provincia da Coruña e Lugo, 5 en Pontevedra e 4 en Ourense.

Nos outros grupos de capital foráneo que figuran no cadro 21 rexistrouse un menor movemento, en Galicia, en canto a aperturas. Destaquemos, non obstante, que o oitavo grupo desa clasificación, a sociedade de capital alemán Lidl (segunda distribuidora de alimentación nese país), ademais dunha nova apertura en Lalín, conseguiu

Cadro núm. 22

Principais grupos/empresas do sector de distribución con base alimentaria con sede en Galicia en 2004

Grupo/empresa	Vendas netas (millóns de euros)	Emprego	Tendas propias
1 Grupo Gadisa	816	5.300	197
2 Vegalsa	494	3.306	158
3 Grupo Froiz	360	2.700	155
4 Grupo Supermercados Moldes	65	360	25
5 Comercial Martínez Sánchez, S.A.	60	75	-
6 Central de Compras Ekoama, S.A.	40	225	12
7 Ignacio de las Cuevas, S.A.	30	155	8
8 Cemar Alimentación, S.L.	25	230	39

en febreiro de 2005 unha parcela no Parque Empresarial Río do Pozo de Narón de 64.000 metros cadrados para construír unha plataforma que lles dará cobertura aos seus establecementos en Galicia, Asturias e Castela e León. É unha boa noticia para a comarca ferrolá, xa que con isto se crean 160 empregos directos e pode servir de acicate para outras actuacións similares. A adxudicación da parcela tivo que vencer a dificultade da súa anterior concesión á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao como un centro de almacenamento. Pola súa parte, a cadea Auchan (Alcampo) está presente desde 1981 en Galicia e actualmente conta con cinco hipermercados en Vigo (2), A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, e presta ademais unha oferta complementaria como axencias de viaxes e seguros, gasolineras, etc. A finais de 2004 manifestaba a súa intención de intentar abrir un terceiro hipermercado en Vigo, agora máis difícil tras a nova implantación de Carrefour, e tamén apostaba polo norte de Galicia. Por outro lado, ten chan reservado en Ourense, cidade na que xa anteriormente tiveron problemas para poder abrir un hipermercado por adiantarse Carrefour nun municipio limítrofe.

O grupo líder da distribución comercial alimentaria con sede en Galicia (cadro 22), Gadisa (unha das sociedades máis emblemáticas do Grupo Tojeiro do que xa demos referencias na crónica sectorial do sector industrial), cun volume de vendas netas en 2004 de 816 millóns de euros na totalidade da súa cadea comercial, segundo Alimarket, baseou o seu esforzo expansivo en 2004 nas superficies medianas (denominadas Haley). Deste xeito, inaugurou dous novos establecementos no Burgo (A Coruña) e en Lalín (Pontevedra) ambos locomotoras de dous centros comerciais. A estratexia en 2005 consistiu na transformación de puntos de venda «Claudio» na súa insignia «Gadis».

O segundo grupo en facturación Vegalsa, está actualmente participado ao 50% polo grupo vasco Eroski (terceiro grupo en distribución alimentaria en España, tras Carrefour e Mercadona). En 2005 dispoñían en Galicia de 179 tendas propias, 24 con franquías, cun total de 124.039 metros cadrados. A compañía medrou sensibelmente nos últimos anos. A mediados de 2005 presentou un Plan Estratéxico (con Eroski) para o período 2005-2008 no que prevén investir 300 millóns de euros coa apertura de 116 novos centros (Eroski Center, Eroski City; Familia, Aliprox e Cash Récord) e dous hipermercados. A idea que xira arredor deste plan é a de incidir nun modelo de supermercado de nova xeración especializado en produtos frescos.

O terceiro grupo empresarial de capital galego en distribución alimentaria é Froiz. Desde que comezou a súa actividade en 1968, cun pequeno supermercado na cidade de Pontevedra, non cesou de medrar ata consolidarse no mercado. A finais de 2004 contaba con 155 establecementos ademais de 60 con franquía, o que supoñía unha superficie total que superaba os 100.000 metros cadrados. A estratexia en 2005 consistiu en abrir un hipermercado en Castela-A Mancha. En Galicia inaugurou un novo centro no municipio de Brión nas proximidades de Santiago de Compostela. Este sumouse aos catro puntos de venda inaugurados en 2004, dos que cómpre destacar o centro de Ourense. Entre os seus proxectos máis inminentes está que se abran tres novos centros no Barco de Valdeorras, Ferrol e Lugo e na reforma en seis establecementos xa abertos.

Os outros centros de distribución xa teñen unha dimensión moi inferior. Segundo Alimarket, a facturación en 2004 do cuarto grupo é o 17% da do terceiro (Froiz). En canto ás noticias xeradas en 2005 por este segmento da distribución alimentaria polo miúdo en 2005, destacamos que o Grupo Moldes (21 establecementos propios e 41 con franquía) se fixo cos dereitos de desenvolvemento da marca Spar na provincia de Pontevedra e prevía abrir cinco novos centros. O grupo lucense Cemar inaugurou dous novos centros en Antas de Ulla e Pobra de San Xiao, mentres que o grupo ourensán Diéguez Rivas abriu dous novos locais no Barco e en Vilardevós.


Unha novidade importante nestes últimos anos, e en especial en 2005, no ámbito da distribución comercial galega é a implantación das grandes superficies de vendas especializadas (GSE), centros nos que se concentra unha variedade moi extensa de produtos pero dunha soa especialidade. Tras unha vaga inicial de novos establecementos destas características, atopámonos actualmente ante unha segunda vaga de maior impacto cá primeira. Así, o ano comezou coa inauguración da segunda tenda de Decathlon en Galicia (a primeira abrírase en Ferrol en 2002) no Polígono Costa Vella de Santiago de Compostela, no que é posíbel atopar nun mesmo lugar artigos para máis de 60 deportes. Tamén en Santiago, abriu en 2004 o seu primeiro centro comercial en Galicia Leroy Merlin, neste caso especializada en artigos de bricolaxe, construción, decoración e xardinaría. Pola súa parte, a empresa sueca Ikea, especializada en móbéis e complementos de decoración, anunciou a inauguración na Coruña da súa primeira tenda en Galicia no primeiro semestre de 2008 nos terreos da subestación de Unión Fenosa na Grela. As obras iniciaranse a mediados de 2006 e urbanizaranse 11.000 metros cadrados. Calcúlase que dará emprego directo, nun primeiro momento, a máis de 100 traballadores aínda que existe a expectativa de que se poidan acadar os 400 empregos en pouco tempo. Ikea anunciou a súa intención de, no futuro, abrir un segundo centro en Galicia que se localizaría en Vigo. A esta instalación de Ikea unirase a construción dun Hipercor e ambas serán as locomotoras dun centro comercial cunha superficie de máis de 200.000 m². Neste espazo está previsto que se instalen outras superficies de vendas especializadas, algunha sen presenza en Galicia na actualidade. A outra GSE emblemática Toys'R'Us, empresa americana líder mundial en xoguetes, conta en Galicia con cadanseu centro na Coruña e en Vigo, e a súa instalación, na década dos noventa, corresponde ao que lle denominariamos primeira vaga neste tipo de aperturas.

Ademais destas empresas de capital externo, en Galicia tamén temos exemplos de formatos de GSE con capital galego. Citaremos dous moi significativos: Bricoking, empresa coruñesa dedicada integramente á bricolaxe e que se veu expandindo desde 1994. Actualmente dispón de 15 establecementos en España (8 en Galicia) que ocupan arredor dos 45.000 metros cadrados. En 2005 abriron 5 tendas, unha en Ribadeo e as catro restantes fóra de Galicia. Un segundo exemplo é o de Pórtico, empresa viguesa refundada en 1992, hoxe con tendas na península Ibérica e en Latinoamérica e que dispón de varios formatos de distribución dos que neste apartado destacamos a Nave de Pórtico concepción «dun espazo comercial diferente que puidese manter un alto nivel de exposición das nosas coleccións de móbéis, pero cuns niveis de eficiencia

e custos realmente únicos» dedicados a móbeis e artigos do fogar. A finais de 2004 contaban con catro centros en Galicia (Vigo, Ourense, Ferrol e Santiago [en Ames]) e dous en Portugal.

Por último, un formato de comercio emerxente pero que non acaba de despegar é o comercio electrónico. Un *hándicap* inicial para o comercio dirixido ao consumo das familias é a aínda escasa conexión a Internet dos fogares galegos, o que imposibilita este tipo de actividade. Segundo o INE, a finais de 2005 menos da metade dos fogares galegos (46,2%) contan con algún tipo de ordenador e só unha cuarta parte (25,4%) teñen conexión a Internet. Isto sitúa a Galicia no posto 14 de entre as 17 comunidades autónomas españolas. A conexión a Internet por banda ancha xa predomina sobre a telefonía convencional. Unha enquisa efectuada en Galicia en 2003 polo e-barómetro indicaba que só o 10% dos internautas galegos mercaron algunha vez na rede e, polo xeral, estas compras concretáronse en produtos de prezo non moi elevado. Obsérvase un predominio nas compras de entradas para espectáculos e en turismo. Este último é o sector no que máis se consolidou este formato de vendas. Por outra parte, a inseguridade no pago é o principal obstáculo para este tipo de comercio.

En canto ao comercio electrónico entre empresas, o INE só publica información para o conxunto de España, de tal xeito que o único que podemos afirmar é que en 2005 o 9,9% das empresas españolas realizaron compras por ese sistema. Esta porcentaxe aumenta co tamaño da empresa. O 19,2% das que superan os 249 traballadores realizan compras por Internet.




VII. Sector financeiro

O contexto exterior do sector bancario galego en 2005

Para o sector bancario dos países da Unión Económica e Monetaria (UEM), o ano 2005 estivo caracterizado de novo por unha grande estabilidade. Tan só a incerteza con respecto á evolución do mercado do petróleo introduciu matices nunha situación dominada polo crecemento sostido da actividade económica e un ritmo moderado de incremento dos prezos. Este panorama permitiulle ao Banco Central Europeo (BCE) manter inalterados os seus tipos de xuro oficiais, en niveis historicamente mínimos, durante case todo o ano. Porén, nos últimos meses de 2005 a aceleración do crecemento da actividade económica no conxunto da UEM e a anticipación de novas subidas nos prezos do petróleo levaron o BCE a preocuparse polo risco de incremento da inflación. Como medida de prevención, o día 1 de decembro o Banco Central decidiu elevar o tipo de xuro das súas operacións principais de financiamento ao 2,25%, tras case dous anos e medio de permanencia no 2%. Todo apunta a que este movemento foi o comezo dun cambio de tendencia nos mercados financeiros da UEM, impresión reforzada pola nova suba do tipo de xuro das operacións principais de financiamento do BCE —ata o 2,5%— acordada o día 2 de marzo.

Gráfico 1.

Activos totais das entidades de depósito en España en relación co PIB (en %)



En condicións de elevada estabilidade, o sector bancario permite habitualmente que o volume de crédito se determine a partir das condicións da súa demanda. A evolución desta nos países da UEM mantivo por terceiro ano consecutivo unha traectoria expansiva. Esta expansión tivo lugar en España a un ritmo moi intenso, como consecuencia do crecemento que, en taxas claramente por enriba dos valores medios da UEM, presentaron tanto a actividade económica coma os prezos.

En consecuencia, o medio económico foi, un ano máis, favorable para a continuada expansión das actividades das entidades de depósito (bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito) españolas. O gráfico 1 ilustra este proceso de expansión e toma como indicador deste o cociente entre

o volume total de activos das entidades de depósito e o Produto Interior Bruto (PIB). O numerador deste cociente é un indicador do tamaño do sector, mentres que o denominador é un indicador do nivel de actividade económica.

A tendencia aceleradamente expansiva que amosa o gráfico 1 reflicte, xa que logo, como o crecemento das entidades de depósito foi superior ao do conxunto da economía española. Este dato resulta aínda máis rechamante cando se ten en conta o forte ritmo de crecemento que experimentou o PIB durante o período que se amosa no gráfico.

O crédito constitúe o compoñente fundamental da actividade das entidades de depósito. No caso das entidades españolas representaba en decembro de 2005 o 60,1% do conxunto dos seus activos totais. Por iso, un xeito de determinar o papel que estas entidades xogan dentro do sistema finan-

ceiro español consiste en observar a distribución do volume de crédito que conceden pola finalidade a que se destina. O gráfico 2 amosa a súa evolución recente.

O elemento máis rechamante deste gráfico é a evolución do crédito destinado á adquisición e á rehabilitación de vivendas. O crecemento deste tipo de crédito durante o período 2000-2005 produciuse de forma exponencial. Nestes últimos cinco anos o seu volume case se triplicou, a taxas de variación anual que foron aumentando aceleradamente ata superar no ano 2005 o 30%. Como amosa o gráfico, en decembro de 2005 a súa porcentaxe sobre o total de créditos acadou case o 40%. Esta evolución resulta preocupante para as autoridades monetarias, debido ao seu paralelismo co comportamento dos prezos da vivenda en España. A pesar da dificultade para identificar axeitadamente os determinantes do comportamento destes prezos, os bancos centrais nacionais dalgúns países membros da UEM, entre eles o Banco de España, fixeron público en repetidas ocasións o seu temor de atoparse ante un fenómeno de «burbulla especulativa» no mercado inmobiliario. A experiencia xaponesa durante a última década e media, resultado do colapso dunha destas «burbullas» en 1990, converteuse nun tema recorrente nos discursos e nas publicacións oficiais do BCE. Ao longo do ano 2005, e seguindo a tónica dos anos anteriores, o regulador bancario advertiu verbo dos riscos para o conxunto do sistema derivados dunha excesiva concentración do crédito vinculado ás operacións que se realizan no mercado inmobiliario.

As advertencias do Banco de España intensificáronse nos últimos meses de 2005 e nos primeiros do ano 2006 debido á aparición de dous novos factores potencial-

Gráfico 2.

Distribución do crédito en España por finalidades
(Datos a 31 de decembro) (millardos de euros)





Gráfico 3.

Evolución da morosidade das entidades de depósito en España

Taxa de variación interanual (en %)



mente agravantes do risco. En primeiro lugar, como pode observarse no gráfico 3, os niveis totais de morosidade do crédito, que se mantiveran cunha tendencia lixeiramente descendente durante os anos 2003 e 2004, comezaron a medrar de novo. Na segunda metade do ano 2005 este crecemento presentou as taxas máis elevadas da última década.

En segundo lugar, os tipos de xuro nos mercados financeiros españois, en valores mínimos históricos durante os últimos dous anos, iniciaron no último trimestre de 2005 unha tendencia á alza sostida. Este incremento dos tipos de xuro responde ás expectativas anticipadas de elevacións dos tipos de referencia do BCE, expectativas que se viron confirmadas e reforzadas, tanto polos sucesivos incrementos dun cuarto de punto instrumentados en decembro de 2005 e

marzo do 2006, coma polas advertencias emitidas polas autoridades monetarias verbo do crecente risco de inflación na UEM.

O nivel total de morosidade garda habitualmente unha relación inversa coa calidade do crédito concedido polas entidades bancarias. O seu incremento, xa que logo, é un sinal de que esta calidade se deteriorou. Porén, neste caso é o aumento dos tipos de xuro o factor máis preocupante de cara á evolución futura, ao afectarlle directamente á rendibilidade das operacións que se realizan no mercado inmobiliario. A probabilidade dunha caída brusca nos prezos da vivenda é maior nun contexto de tipos de xuro crecentes que nun de tipos de xuro reducidos e estábeis.

Os instrumentos de crédito que empregan maioritariamente as entidades bancarias amosan unha elevada flexibilidade ante as variacións dos tipos de xuro. Pola contra, os depósitos bancarios de baixa remuneración, que constitúen a súa principal fonte de financiamento, resultan moito máis estábeis. Como consecuencia, nas fases de contracción do crédito, as entidades bancarias atópanse na necesidade de procurar investimentos rendíbeis alternativos para a súa liquidez excedente, mentres que nas fases de expansión o problema consiste en atopar fontes alternativas de financiamento para poder satisfacer a demanda de crédito. O carácter extraordinario da actual fase de expansión crediticia do sistema bancario español manifestouse nunha drástica redución do cociente entre o volume total de depósitos e o volume total de créditos co que operan as entidades de depósito españolas, que ano tras ano foi marcando mínimos históricos, ata acadar o 81,5% en decembro de 2005.

O recurso ao mercado interbancario e á emisión de débeda como alternativas de financiamento a baixo custo non foron suficientes para soste a actividade crediticia,

o que obrigou as entidades de depósito españolas a elevar a intensidade da súa competencia nos mercados de instrumentos de pasivo de alta remuneración, coa conseguinte presión sobre os niveis dos seus custos financeiros. En novembro de 2005, unha sentenza do Tribunal Supremo anulou varios puntos do regulamento que rexe a emisión de cotas participativas por parte das caixas de aforros. Pecháronse así (polo menos temporalmente) as posibilidades de abrir unha nova vía para a captación de recursos propios na que varias entidades manifestaran o seu interese.

A evolución do sector bancario galego en 2005


O contexto de estabilidade financeira externa que rodeou o sector bancario galego nos últimos anos contribuíu a que mantivese tamén unha destacábel estabilidade interna. Este factor, xunto á distancia xeográfica con respecto aos grandes centros financeiros (nacionais e da UEM) e á consecuente especialización rexional do sector no segmento de banca comercial, aparecen como os principais determinantes da supervivencia de barreiras á entrada efectivas no mercado bancario galego. Así, seis anos despois da posta en marcha da UEM e, polo tanto, da última fase na creación dun mercado bancario integrado no ámbito xeográfico da Unión, o grao de penetración dos grupos bancarios estranxeiros en Galicia apenas se modificou.

O gráfico 4 ilustra a situación ao amosar as porcentaxes de oficinas abertas na Comunidade Autónoma galega por grupos bancarios de acordo coa súa orixe xeográfica. Estas porcentaxes apenas variaron desde 1999. Os datos indican un mercado onde a presenza de entidades de orixe estranxeira é meramente testemuñal, coa salvidade das entidades que proveñen do veciño Portugal, e onde as entidades con sede na propia comunidade son aínda predominantes.

A alteración máis importante que experimentou o sector bancario galego nos últimos anos foi o continuado proceso de expansión das caixas de aforro, que se desenvolveu de forma similar en todo o territorio nacional. Impulsado inicialmente, a principios da década de 1990, pola homoxeneización regulatoria que liberou estas entidades da maior parte dos atrancos legais para a súa expansión, o proceso alimentouse nos últimos anos das peculiaridades da expansión crediticia en España. O cré-

Gráfico 4.

Cotas do mercado galego de oficinas bancarias por orixe xeográfica das entidades



dito destinado á adquisición e á rehabilitación de vivenda —cuxo crecemento recente foi exponencial— instrumentase a través de produtos hipotecarios que constitúen unha das liñas de especialización tradicionais das caixas de aforros. Isto permitiulles ás caixas aproveitar as súas vantaxes comparativas para medrar e subtraerlles cota de mercado aos bancos. No cadro 1 amósase a información básica verbo do sector bancario en Galicia e en España, de modo que poida establecerse facilmente unha comparación entre ambos. Como pode observarse, no sistema bancario galego reproducíase de forma bastante fiel as características principais do sector no conxunto do Estado.

Cadro núm. 1

Datos básicos sobre o tamaño do sector bancario e a súa distribución por tipos de entidades (datos a 31 de decembro de cada ano)

	Núm. de entidades			Núm. de oficinas			Cota de mercado (% depósitos)		
	1999	2002	2005	1999	2002	2005	1999	2002	2005
Galicia									
Bancos	39	35	30	1.443	1.251	1.216	47,5	43,5	42,4
Caixas de aforro	9	10	12	1.038	1.044	1.146	51,9	55,8	56,8
Cooperativas de crédito	2	2	2	34	42	45	0,6	0,7	0,8
Total	50	47	44	2.515	2.337	2.407	100,0	100,0	100,0
España									
Bancos	146	143	139	16.905	14.072	14.533	43,1	42,3	40,7
Caixas de aforro	50	47	47	18.337	20.326	22.410	50,8	51,3	52,6
Cooperativas de crédito	94	85	83	3.744	4.275	4.656	6,2	6,4	6,7
Total	290	275	269	38.986	38.673	41.599	100,0	100,0	100,0

Fonte: Banco de España, *Boletín Estadístico* e elaboración propia.

Os elementos diferenciais máis significativos atópanse na composición da canle de distribución máis importante para o segmento de banca comercial, que é a rede de oficinas. En Galicia esta rede segue a presentar unha presenza maioritaria dos bancos, malia o importante proceso de reorganización que as fusións e as adquisicións entre eles provocou nos últimos anos. Nin sequera a forte expansión da rede das caixas de aforros, derivada en boa medida da implantación de caixas non galegas no territorio da Comunidade Autónoma, conseguiu erosionar por completo a vantaxe que tradicionalmente mantiveron os bancos neste terreo.

Como pode observarse no gráfico 5, o mercado galego atópase dominado por un reducido número de grupos bancarios. O conxunto dos dez máis importantes dá conta do 94% das oficinas bancarias abertas en Galicia. Entre eles inclúense os catro grupos bancarios cuxo capital se atopa maioritariamente en mans galegas, os cinco grupos bancarios españois de maior tamaño e un grupo de titularidade portuguesa.

Os grupos que dominan o mercado bancario galego poden clasificarse en varios chanzos, de acordo co tamaño da súa rede de oficinas. No chanzo máis elevado ató-

panse as dúas caixas de aforro galegas, Caixa Galicia e Caixanova. Cada unha delas opera a través de dúas marcas: a principal e un banco de ámbito rexional (o Banco Etcheverría e o Banco Gallego, respectivamente) ao que, tras adquirilo, transformaron en segunda marca. Entre ambos os grupos abranguen case o 43% do total da rede galega de oficinas.

No segundo chanzo atópanse o grupo Santander Central Hispano (SCH) e o Banco Pastor, abrangendo entre ambos o 23% do total da rede, se ben neste caso a partir de estratexias diferentes. O Banco Pastor é o único banco galego que non foi absorbido por grupos procedentes de fóra da Comunidade Autónoma e opera con marca única. En cambio, o proceso de creación e crecemento do grupo SCH, o maior grupo bancario de España, realizado a partir da fusión e/ou adquisición de diferentes entidades, deu como resultado que este grupo dispoña de oficinas en Galicia a través de tres marcas diferentes (Santander Central Hispano, Banesto e Banif), todas elas de ámbito nacional (se ben Banif, especializada en banca de investimento, apenas ten abertas dúas oficinas na Comunidade).

O terceiro chanzo ocúpalo tres grandes grupos de ámbito nacional: Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA), Banco Popular Español e La Caixa. Entre eles dispoñen de algo máis do 22% do total de oficinas. Os dous primeiros son o segundo e o terceiro grupo bancario español por tamaño e cada un deles opera en Galicia a través de tres marcas diferentes. No caso do BBVA as súas operacións realízanse case que totalmente a través da súa marca principal xa que a presenza das outras dúas (Banco de Crédito Local de España e Finanzia) é practicamente testemuñal. O Banco Popular, en cambio, opera principalmente a través dun banco rexional, o Banco de Galicia, ademais da súa marca principal e un banco de investimento especializado (Popular Banca Privada, con dúas oficinas abertas na Comunidade). Pola súa parte, La Caixa é a caixa de aforros de maior tamaño de España e realiza as súas operacións en Galicia exclusivamente a través da marca principal, cuxa expansión na Comunidade Autónoma tivo lugar principalmente nos últimos cinco anos.

No cuarto e último chanzo atópanse os tres restantes grupos: Caixa Geral de Depósitos (CGD), Caixa Rural Galega e Cajamadrid. Entre eles abranguen un pouco menos do 6% da rede total de oficinas (o case 6% restante repártese entre os outros 21 grupos presentes no mercado galego). Os tres operan en Galicia cunha única marca. O grupo CGD, de titularidade portuguesa, é, con diferenza, o grupo bancario estranxeiro con maior implantación en Galicia. Opera a través da súa filial Banco Simeón, creada a partir

Gráfico 5.

Distribución da rede de oficinas de Galicia entre grupos bancarios (a 31 de decembro de 2004)





Gráfico 6.

Créditos e depósitos das entidades de depósito en Galicia en relación co PIB (en %)



da fusión de varios bancos rexionais e que adoptou o nome dun deles cuxa sede social se atopaba tradicionalmente en Vigo. Pola súa parte, Caixa Rural Galega, que opera baixo esta mesma marca, é a única cooperativa de crédito galega. Este tipo de entidades apenas teñen presenza en Galicia, xa que, ademais da mencionada, tan só a Caja Rural de Zamora dispón de dúas oficinas na provincia de Ourense. Finalmente, Cajamadrid, a segunda caixa de aforros española por tamaño, opera tamén unicamente a través da súa marca principal.

Ao longo de 2005, o proceso de reestruturación do sistema bancario español volveu frearse de novo, despois de dous anos de actividade relativamente elevada. Non se produciu durante o ano ningunha operación de importancia e, en particular, ningunha das que se produciron lles afectou ás entidades que operan en Galicia. No

que se refire ás estratexias de expansión no estranxeiro por parte dos grandes grupos bancarios españois, o ano estivo marcado por dúas grandes operacións con resultados moi diferentes. O grupo SCH ampliou o seu raio de acción aos Estados Unidos de Norteamérica a través da compra do banco norteamericano Sovereign. Pola súa parte, o grupo BBVA intentou ampliar a súa dimensión europea realizando unha oferta pública de adquisición de accións (OPA) para tomar o control da entidade italiana Banca Nazionale del Lavoro, da que xa posuía un 18% do capital. Esta operación fracasou ao ser superada a oferta do BBVA por outra da entidade aseguradora italiana Unipol. O papel das autoridades reguladoras italianas nesta operación levantou importantes dúbidas verbo da súa legalidade e desencadeou unha auténtica crise institucional, resolta en última instancia coa dimisión do gobernador da Banca d'Italia, Antonio Fazio.

No ámbito galego tampouco se produciron operacións de especial relevancia durante o ano 2005. Os cambios de maior importancia tiveron lugar no accionariado do Banco Pastor. Tanto Caixa Galicia como Caja España desfíxéronse ao longo do ano das súas participacións no banco coruñés (do 9,85% e do 5%, respectivamente). Estas vendas víronse impulsadas parcialmente pola entrada en vigor das novas normas internacionais de contabilidade, que non lles permiten ás entidades bancarias consolidar nos seus resultados as participacións inferiores ao 20%. Entre os adquirentes destas participacións destaca o fundador e presidente de Inditex, Amancio Ortega, quen adquiriu un 4,95% do capital do Banco Pastor no mes de decembro.

Desde unha perspectiva xeral, a evolución do mercado bancario galego no ano 2005 foi paralela á experimentada no conxunto do Estado. Como amosa o gráfico 6, tamén

en Galicia a tónica xeral foi de expansión crediticia a un ritmo superior ao de expansión dos depósitos.

Se se comparan, porén, os principais indicadores de actividade bancaria (número de oficinas, volume de créditos e volume de depósitos) galegos cos totais para España, resulta evidente que as entidades bancarias operantes en Galicia non puideron aproveitar a conxuntura de expansión na mesma medida có conxunto do sistema bancario español. A perda de importancia relativa do sector bancario galego no conxunto nacional ilústrase no gráfico 7.

Tal e como amosaba o cadro 1, os bancos continúan mantendo unha estreita vantaxe sobre as caixas de aforro en canto ao tamaño total da súa rede de oficinas. Porén, se temos en conta o número de entidades de cada tipo, pode observarse que o tamaño medio da rede de oficinas de cada banco que opera en Galicia é substancialmente menor có tamaño medio da correspondente a cada caixa de aforros. Posto que no negocio de banca comercial a escala é un dos determinantes fundamentais da eficiencia, non resulta estraño que, tal e como amosa o gráfico 8, a cota de mercado das caixas no que respecta aos depósitos sexa netamente superior á dos bancos. Deste gráfico pode desprenderse tamén que as caixas de aforro operantes en Galicia comparten coas súas homónimas españolas un nivel de actividade crediticia substancialmente inferior ao dos bancos.

O cadro 2 resume boa parte da información anterior ao amosar a evolución recente dos indicadores de produtividade aparente da rede de oficinas das entidades de depósito, tanto en Galicia coma en España, para os mercados de créditos e depósitos. Deste xeito, é posíbel apreciar con maior precisión cal foi desempeñado polos bancos e polas caixas de aforros operantes en Galicia, no medio expansivo dos anos recentes. Os datos de créditos e depósitos por

Gráfico 7.

Créditos, depósitos e oficinas en Galicia das entidades de depósito en relación co total español (en %)





Gráfico 8.

Distribución das cotas de mercado de créditos e depósitos en Galicia a 31 de decembro de 2005



Cadro núm. 2

Evolución dos créditos e depósitos por oficina bancaria

(datos en miles de euros a 31 de decembro de cada ano)


	Créditos por oficina			Depósitos por oficina		
	2003	2004	2005	2003	2004	2005
Galicia						
Bancos	13.522,8	15.301,6	19.288,4	10.665,5	11.367,2	12.427,2
Caixas de aforro	13.648,6	15.646,7	18.948,4	17.342,0	18.453,2	17.666,5
Cooperativas de crédito	3.746,4	4.547,6	5.255,1	5.451,2	5.773,6	6.272,8
España						
Bancos	27.257,6	31.045,4	37.981,8	19.213,8	21.187,2	27.018,8
Caixas de aforro	17.654,0	20.670,5	25.344,0	17.226,4	19.243,7	22.677,2
Cooperativas de crédito	9.488,6	10.947,8	13.953,8	9.967,0	11.258,8	13.862,3

Fonte: Banco de España, *Boletín Estadístico* e elaboración propia.

oficina amosan como no sistema bancario español no seu conxunto as oficinas dos bancos son en media máis produtivas cás das caixas de aforros, tanto na captación de depósitos coma na concesión de créditos. En Galicia, porén, a reducida escala media dos bancos tradúcese nunha menor produtividade con respecto das caixas.

Gráfico 9.

Distribución dos depósitos bancarios a 31 de decembro de 2005 por tipos



Os datos correspondentes ao ano 2005 amosan dúas importantes alteracións con respecto a esta pauta xeral. En primeiro lugar, o crédito por oficina dos bancos en Galicia superou o das caixas de aforro, o que acontece apenas por terceira vez nos últimos vinte anos. Os bancos acadaron este resultado grazas á profunda e á continuada reestruturación que levaron a cabo na súa rede desde 1999, na que reduciron nun 15% o tamaño desta en tan só seis anos.

En segundo lugar, o volume de depósitos por oficina das caixas de aforro en Galicia reduciuse con respecto do ano anterior e rompeu unha tendencia ascendente que se mantivera desde 1989 de forma ininterrompida. Este dato pode xustificarse a partir do crecemento continuado das caixas de

aforros e da dificultade de manter un alto ritmo de captación de depósitos nun contexto de baixos tipos de xuro. De todos os xeitos, resulta rechamante que, sendo estes factores explicativos comúns a todo o sistema bancario español, os depósitos por ofi-

cina das caixas de aforros no conxunto de España experimentasen un importante incremento en 2005.

A explicación atópase na natureza da expansión recente na rede de oficinas das caixas de aforro en Galicia. Esta produciuse como consecuencia da entrada no mercado galego de caixas procedentes doutras comunidades autónomas e dos seus conseguintes plans de expansión. As dificultades para captar depósitos en volumes similares aos das entidades que operan tradicionalmente na nosa Comunidade constitúen unha evidencia máis da persistencia de obstáculos á entrada no mercado bancario galego. Esta cuestión xa foi comentada máis polo miúdo no *Informe 2003*.

Para rematar con esta descrición do sector bancario galego en 2005, o gráfico 9 amosa como a estabilidade dos tipos de xuro permitiu manter inalterada a tradicional preferencia dos clientes bancarios galegos polos depósitos de aforro sobre os depósitos á vista como instrumentos de pago.

O comportamento dos grupos bancarios galegos no ano 2005

Os grupos bancarios con capital maioritariamente galego son entidades de tamaño medio dentro do conxunto nacional. Aínda que Caixa Rural Galega é unha entidade moito máis pequena cás outras tres, o seu tamaño tamén se atopa preto da media das cooperativas de crédito españolas entre as que se encadra. De acordo co tamaño dos seus activos no balance consolidado, o grupo de Caixa Galicia ocupou en 2005 o posto número 11 da clasificación nacional (o número 6 no de caixas de aforros), o grupo do Banco Pastor o posto número 15 (o número 7 no de bancos), e o de Caixanova o posto número 18 (o número 11 no de caixas de aforros). O gráfico 10 amosa o tamaño relativo do activo total dos tres grupos principais.

Durante o ano 2005, as entidades bancarias galegas continuaron sufrindo a deterioración progresiva das súas marxes de xuros. O gráfico 11 amosa a evolución da participación dos ingresos por xuros e os correspondentes ao cobro de comisións no total dos ingresos que perciben os tres grandes grupos bancarios galegos.

En xeral, a elasticidade da demanda con respecto ás comisións cobradas polas entidades bancarias é relativamente elevada, o que establece límites para a posibilidade

Gráfico 10.

Tamaño dos grupos bancarios galegos a 31 de decembro de 2005 (valor do activo total en millóns de euros)




Gráfico 11.

Participación dos ingresos por xuros e comisións no total de ingresos.

Taxas de variación (en %) entre 2004 e 2005 (Datos a 31 de decembro de cada ano)





Gráfico 12.

Evolución da rendibilidade sobre activos totais (en %)



de crecemento dos ingresos a través desta vía. Despois de varios anos de fortes incrementos, estes límites parecen ser acadados. Nesta situación, resulta problemático manter os elevados niveis de rendibilidade dos que gozaron os grupos bancarios galegos ao longo da última década. Como amosa o gráfico 12, a evolución recente do cociente entre o resultado antes de impostos e o volume total de activos para os tres grandes grupos galegos amosa unha lixeira tendencia descendente, coa excepción do grupo do Banco Pastor, que contrarrestou esta tendencia a través dunha estratexia de forte expansión a curto prazo apoiada na importante ampliación de capital levada a cabo durante os anos 2003 e 2004.

A pesar de que as entidades con capital maioritariamente galego manteñen a súa predominancia no segmento da banca co-

mercial en Galicia, non son inmunes aos incrementos na presión competitiva que experimenta o conxunto do sector en toda a UEM. Esta presión obriga a prestarlle unha atención prioritaria ao incremento continuado da eficiencia. O cadro 3 amosa a evolución recente de diversos indicadores aproximados de eficiencia para os tres grandes grupos bancarios galegos.

Cadro núm. 3

Indicadores de eficiencia para os grupos bancarios galegos (en %)
(datos a 31 de decembro de cada ano)

	2002	2003	2004	2005
Gastos de explotación/ activos totais				
Caixa Galicia	1,21	1,18	1,23	1,14
Caixanova	2,04	2,00	1,86	1,99
Banco Pastor	2,69	2,34	1,89	1,79
Gastos de persoal/ depósitos de aforro				
Caixa Galicia	1,82	1,73	1,68	1,50
Caixanova	2,06	1,94	1,71	1,54
Banco Pastor	2,60	2,41	2,20	2,03
Gastos de explotación/ ingresos totais				
Caixa Galicia	29,72	31,16	34,68	31,84
Caixanova	39,06	39,75	39,49	45,22
Banco Pastor	42,02	43,27	38,68	39,20

Fonte:

- AEB, *Estados consolidados de la banca en España*.
- CECA, *Balances y cuentas de resultados consolidados de las cajas de ahorros*.
- Elaboración propia.

O cociente entre os gastos de persoal e o volume dos depósitos de aforro (inclúe tamén os depósitos á vista) é un indicador aproximado da produtividade aparente do traballo. Amosa que canto maior é este cociente os recursos destinados pola entidade bancaria ao seu cadro de persoal se utilizan en captar un volume de depósitos de aforro que é menor en media. Xa que a captación deste tipo de depósitos é unha das actividades bancarias que requiren en maior medida a participación activa dos traballadores, a redución desta *ratio* interprétase como o reflexo dunha menor produtividade por parte destes traballadores. A tendencia deste indicador nos tres grandes grupos bancarios galegos é descendente. Posto que o ritmo de crecemento dos depósitos foi moi reducido en anos recentes, isto quere dicir que o crecemento dos gastos de persoal foi bastante contido.

Os outros dous indicadores reflectidos no cadro 3 amosan como non só os custos derivados do persoal amosaron un crecemento moderado. Comparando os gastos de explotación, ben cos ingresos totais ou co activo total, obsérvase como a forte expan-

sión dos anos recentes permitiu o aproveitamento de economías de escala. Cómpre destacar neste sentido que os valores do cociente entre gastos de explotación e activos totais das caixas de aforros galegas son os máis reducidos do conxunto das caixas de aforros españolas.

O ano 2005 foi parco en operacións relacionadas coas participacións empresariais en compañías non-financeiras por parte das caixas de aforros galegas. Destacan neste sentido a adquisición por parte de Caixa Galicia do 20% do grupo louseiro Cupire Padesa, con sede na localidade ourensá de Sobradelo de Valdeorras e o reforzo da participación de Caixanova na construtora Sacyr Vallehermoso, ata acadar o 3,55% do seu capital.

Os intermediarios financeiros non-bancarios

Os investidores institucionais

Durante o ano 2005 os investidores volveron atopar un medio macroeconómico similar a 2004, xa que as bolsas seguiron subindo de forma importante, o euro mantivo a súa cotización, e os tipos de xuro permaneceron en niveis moi baixos, se ben anticipando a suba que se produciu en 2006. Ademais a economía mundial medrou a taxas superiores ás rexistradas por Europa, o que animou os investidores españois a tomar posicións en carteiras máis internacionalizadas e con máis renda variábel. Tamén se produciron novidades normativas nas sociedades de investimento, xa que tanto os fondos de investimento coma a actividade de capital risco estrearon regulamento e lei respectivamente. Foi precisamente esta última actividade a que conseguiu captar a atención dos investidores internacionais xa que duplicaron o volume de investimento ao pechárense operacións de gran volume. Por outra banda, os fondos de pensións temeron pola eliminación dos privilexios fiscais na nova Lei sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas, se ben ao final puideron conservar en gran medida o tratamento da actual lexislación.

En canto á actividade crediticia, 2005 tamén foi un bo ano para os intermediarios financeiros especializados, que conseguiron repetir e nalgún caso mellorar as cifras de 2004, xa de por si boas. Deste xeito, tanto a actividade de garantía recíproca, coma o *leasing*, *renting* e *factoring* lograron cifras de crecemento de dous díxitos que esperan repetir en 2006, dadas as previsións de crecemento (o FMI estimou un crecemento do 3,3% do PIB para España) e o potencial de mercado de todas estas actividades.

O sector asegurador e os plans e fondos de pensións

O sector asegurador

O negocio asegurador continuou medrando en 2005 impulsado por unha economía en fase de expansión que facilitou a contratación de novas pólizas en todos os

ramos da actividade; deste xeito, superouse o volume acadado en 2002, ano excepcional que coincidiu co fin do proceso de exteriorización de compromisos de pensións.

A carteira das compañías en 2005 aumentou grazas a unha evolución similar nos ramos de vida (8,2%) e non-vida (7,3%). Respecto ao ramo de vida destacan particularmente os plans de previsión asegurados (PPA), seguros que teñen un tratamento fiscal idéntico ao dos plans de pensións. Historicamente, desde o sector asegurador reivindicouse unha fiscalización equivalente á dos fondos de pensións, algo que se conseguiu para estes produtos. O gran diferencial de crecemento rexistrado nos PPA fronte a outras modalidades de aforro pon de manifesto a influencia que ten sobre a contratación do produto o tratamento fiscal. O resto dos seguros de aforro tales como as rendas (3,9%), seguros de capital diferido (-2,4%) ou os vinculados a activos (-5,3%), víronse prexudicados polo medio de baixos tipos de xuro que impide deseñar produtos atractivos. Fronte a esta situación, os seguros de vida risco seguiron aproveitando o tirón do sector hipotecario e conseguiron captar un 8,5% máis de negocio.

Cadro núm. 4

Evolución do sector asegurador español

	2001	2002	2003	2004	2005
Total primas (en millóns de euros)	41.900	48.500	41.752	45.217	48.687
% variación	2,7	15,8	-13,9	8,3	7,7

* Datos estimados

Fonte: ICEA (2005).

Dentro do sector de non-vida, a guerra de prezos na que están inmersos os seguros de autos, unida á madurez do ramo, explican que sexa a modalidade que menos medrase de todas. Non obstante, o resto dos ramos atopáronse con mercados con maior potencial de crecemento, como son as actividades empresariais, a sanidade privada e a responsabilidade civil, que conseguiron medrar a taxas próximas ao 10%.

A distribución do negocio por canles amosa a forza coa que bancos e caixas apostaron polo sector asegurador para tratar de medrar en actividades non puramente bancarias. En 2005, o volume de negocio intermediado pola canle tradicional de seguros foi do 47,9%, fronte ao 33,4% de bancos e caixas ou o 18,8% que se vende sen mediadores. Esta estrutura pode experimentar cambios importantes en anos próximos xa que, se se analiza como se distribuíu exclusivamente a nova produción, o sector bancario practicamente conseguiu captar o 50%

Cadro núm. 5

O seguro de non-vida en España (datos en millóns de euros)

	2004	2005*	% variación
Automóviles	11.237	11.688	4,0
Multiriscos	4.161	4.600	10,6
Saúde	4.097	4.484	9,4
Resto non-vida	6.750	7.393	9,5
Total ramos non-vida	26.245	28.165	7,3

* Datos estimados.

Fonte: ICEA (2005).

Cadro núm. 6

Volume de negocio por comunidades autónomas en 2005

	Volume primas (millóns de euros)	% cota de mercado
Madrid	8.190	24,09
Cataluña	7.162	21,06
Andalucía	4.136	12,17
C. Valenciana	3.362	9,89
Galicia	1.753	5,16
País Vasco	1.618	4,76
Castela e León	1.575	4,63
Castela-A Mancha	1.227	3,61
Canarias	895	2,63
Aragón	753	2,22
Baleares	705	2,07
Murcia	657	1,93
Asturias	620	1,82
Estremadura	454	1,34
Navarra	423	1,25
Cantabria	258	0,76
A Rioxa	170	0,50
Ceuta e Melilla	35	0,11
España	34.000	100,00

Fonte: ICEA (2005).

do negocio asegurador, fronte ao 41% dos mediadores ou o 12% sen mediadores. E é que, sobre todo os produtos de aforro se distribúen fundamentalmente polo sector bancario (71,9%), mentres que os mediadores son os elixidos polos tomadores á hora de contratar produtos nos que se require un coñecemento máis especializado (72,9%). Ademais, malia que os bancos trataron de aumentar a venda de seguros de vida atoparon certas dificultades relativas á escasa cualificación do seu persoal nestas materias e nos conflitos que se poden producir entre o negocio bancario e o asegurador cando se produce un sinistro.

En canto á distribución territorial do gasto, Galicia ocupou o quinto lugar en 2005, cun 5,2% da cota de mercado. Os mercados máis importantes continúan sendo, Madrid, Cataluña, Valencia e Andalucía, que concentran practicamente un 70% da cifra de negocio.

Os fondos de pensións

O volume de activos dos fondos de pensións seguiu medrando de forma importante en 2005 ata acadar os 72.629 millóns de euros, cifra que supera nun 15,6% a do exercicio anterior. Esta evolución é o resultado do bo momento que viven as bolsas, que deu como resultado que o valor do patrimonio acumulado se incremente, así coma das novas contribucións procedentes tanto do aforro individual coma dos compromisos de exteriorización. En 2005, a maior parte das contribucións (80%) procederon do sistema individual e, ata o momento, o patrimonio dos fondos segue aumentando debido a que como aínda a maior parte dos partícipes non chegaron á idade de xubilación, o fluxo neto resultante da diferenza entre achegas e prestacións aínda é moi positivo.


Un dos principais factores que contribuíron ao impulso dos fondos de pensións foi tradicionalmente o tratamento fiscal respecto doutros produtos de aforro, xa que permite realizar importantes deducións sobre as contribucións realizadas polos partícipes. Esta situación experimentou unha mellora adicional en 2002 ao aumentaren os límites das contribucións aos plans e tras a inclusión dunha dedución por contribucións do 10% no imposto de sociedades. Ao longo de 2005 desde Inverco indicouse que no novo Anteproxecto de Lei do IRPF se incluían elementos que lle poderían afectar ao futuro desenvolvemento destes produtos, tales como os límites das contribucións ou a

eliminación da prestación en forma de capital. No documento definitivo aprobado polo goberno en abril de 2006 optouse por manter a redución anual de 8.000 euros, cifra que se incrementa ata 10.000 para os maiores de 50 anos. Non obstante, é no momento do cobro da prestación onde se pretendía eliminar a alternativa de percepción en forma de pago único, que na actualidade goza dunha redución do 40%. Ao final mantívose esta posibilidade pero eliminouse a redución do 40%.

A estrutura da carteira de investimento experimentou cambios relevantes nos últimos dez anos. Así, en 2005 os activos internacionais xa representaban o 31% do patrimonio. Tamén se incrementaron o peso da renda variábel, impulsada polo bo clima

Gráfico 13.

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións en España
Datos a 31 de decembro de cada ano, en millóns de euros



Cadro núm. 7

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións por tipo de plan. España
(en millóns de euros a 31 de decembro de cada ano)

	Individual	Emprego	Asociado
2000	21.494,2	15.553,3	812,3
2001	24.214,3	18.837,4	777,4
2002	26.284,1	21.278,3	760,0
2003	31.555,4	23.515,1	841,6
2004	36.623,0	25.563,0	957,0
2005	43.502,0	28.149,0	978,0
% variación 2004 - 2005	18,8	10,1	2,2


Fonte: Inverco (2005).

imperante nos mercados financeiros, ata o 24% dos activos investidos. Estes excelentes resultados da renda variábel provocaron o aumento da rendibilidade media dos plans deica situala no 7,2%, se ben cómpre sinalar que existen diferenzas moi notábeis segundo a categoría de fondo e o prazo durante o cal se analiza a rendibilidade. Se consideramos o rendemento do último ano atopámonos con diferenzas tan notábeis como do 1% para os fondos que invisten en renda fixa a curto e o 18,7% para os de renda variábel. Non obstante, a rendibilidade destes produtos debe analizarse nun contexto de longo prazo, e é aí onde nos atopamos cunha rendibilidade arredor do 6% para a maior parte dos fondos. Curiosamente, e en contra do que se sostén nos mer-

Cadro núm. 8**Clasificación española dos plans de pensións, a 31 de decembro de 2005**

	Nome	Cota de mercado (en %)
1	BBVA	19,59
2	La Caixa	13,81
3	Santander Central Hispano	11,47
4	Fonditel	7,07
5	Grupo Caser	5,06
6	Banco Popular	4,77
7	Caja Madrid	4,23
8	Banco de Sabadell	3,53
9	Mapfre	2,74
10	Bancaja	2,27
16	Caixa Galicia	1,06
19	Banco Pastor	0,55

Fonte: Inverco (2005).

Gráfico 14.**Evolución do patrimonio dos fondos de investimento en España**
Datos a 31 de decembro de cada ano, en millóns de euros

cados, os de renda variábel son os que ofrecen un rendemento máis baixo (4,6%) a longo prazo (15 anos).

En canto á posición que ocupan as entidades financeiras galegas, Caixa Galicia é a primeira entidade galega e ocupa o posto décimo sexto cun 1,1% do patrimonio e un total de 19 plans comercializados o día 31 de decembro de 2005. Pola súa parte, o Banco Pastor mantén un número idéntico de plans cun 0,6% da cota de mercado. Pola súa parte Caser, que xestiona os produtos de caixas de aforros, é o sexto grupo máis importante e ten unha cota do 4,8%.

Os fondos de investimento e as sociedades de capital risco

Os fondos de investimento

O patrimonio das Institucións de Inversión Colectiva (IIC) volveu rexistrar unha marca en 2005 e superou os 245.000 millóns de euros, un 12% máis ca en 2004. Á expansión deste produto na última década contribuíron as melloras fiscais, que permiten traspasar diñeiro entre fondos sen necesidade de tributar, así coma o contexto de baixos tipos de xuro que animou os aforradores a dirixir os seus recursos a produtos cunha gran variedade de perfís de risco.

No período 2004-2005 pódese percibir o cambio nas preferencias dos investidores, que pasaron de posicións conservadoras a outras cun maior nivel de risco. O bo momento que viven os mercados financeiros animou a compra de produtos que apostan pola bolsa, e os aforradores parece que esqueceron os malos momentos vividos tras a burbulla tecnolóxica e a crise desatada

tras os atentados de principios do milenio. Ademais, as expectativas alcistas de tipos de xuro influíron na decisión de investimento en renda fixa, cun claro pulo dos investimentos a curto prazo, que tratan de buscar a cobertura do maior risco de mercado da renda fixa a longo prazo. Neste sentido, os investidores españois apostaron forte polas

Cadro núm. 9

Evolución do patrimonio dos FIM e FIAMM en España

(datos a 31 de decembro de cada ano)

	FIM		FIAMM		Total	
	Miles de millóns de euros	% variación	Miles de millóns de euros	% variación	Miles de millóns de euros	% variación
2004	163,03		56,70		219,73	
2005	191,44	17,4	54,45	-4,0	245,89	11,9

Fonte: Inverso (2005).


categorías de fondos que invisten fóra das nosas fronteiras, que se incrementaron en máis dun 33%; destacan particularmente os fondos de renda variábel en Xapón (171%), os emerxentes (136,8%) e os destinados a renda variábel europea (60,5%). Tamén, se sentiron atraídos pola renda variábel nacional (26,8%), mentres que a renda fixa a longo prazo e os Fondos de Investimento de Activos do Mercado Monetario (FIAMM) foron os únicos que experimentaron taxas negativas de crecemento (-2,6%), ao preferiren situarse a curto prazo ou ao apostaren por fórmulas mixtas (31,5%).

A estrutura da carteira de investimento, igual que ocorreu nos fondos de pensións, experimentou ao longo dos últimos 10 anos un cambio significativo que fundamentalmente se caracteriza por un perfil máis internacional, que aumentou desde o 2% ata o 41%, e polo aumento do peso da renda variábel, desde o 2% ata o 13,6%. Non

Gráfico 15.

Evolución dos fondos de investimento en España por modalidades en 2005

Taxa de variación anual en %



obstante, o crecemento en renda variábel non foi continuo. Ata 2000 aumentou de forma moi importante e acadou o 18,6%, pero o mal comportamento do mercado ao inicio do milenio deu lugar a unha diminución do peso da renda variábel, situación da que se comezou a recuperar en 2004 e que se seguiu consolidando en 2005.

A novidade principal que lle afectou ao sector en 2005 foi a aprobación do novo regulamento, onde aparecen os xa coñecidos fondos de investimento libre (*hedge funds*), dirixidos a investidores de patrimonio elevado, posto que o mínimo ascende a 50.000 euros, malia que os pequenos aforradores poderán acceder a través da modalidade do fondo de fondos. Estes novos produtos darán lugar a novas estratexias investidoras pero con niveis de risco controlado, que son os que máis atraen o investidor español. Tamén se puxo en marcha o *libro verde* que pretende modificar algúns aspectos da Directiva

85/611/CEE sobre organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM). Neste estudo propóñense unha serie de medidas encamiñadas a reducir os custos de investimento e facer máis competitivo o sector. Entre elas destacan: as fusiones transfronteirizas de fondos, a posta en común dos activos de varios fondos (*pooling*) xestionados e administrados colectivamente, a racionalización dos servizos de custodia e de depósito de fondos, separando a sociedade de xestión e o depositario e a mellora da organización da administración do pasivo dos fondos.

En canto á análise da rendibilidade, igual ca en exercicios anteriores, o distinto comportamento na renda fixa e a variábel deu lugar a que durante 2005 houbera grandes diferenzas entre as diferentes familias de fondos. A rendibilidade media subiu desde o 3,2% de 2004 ata o 4,8%, pero o impacto da crise vivida a partir do ano 2000 aínda deixa o seu rastro na rendibilidade histórica dos últimos cinco anos que se sitúa no 1%. En canto á rendibilidade por tipo de fondo destaca particularmente a daqueles fondos investidos en

países emerxentes (54%) e a renda variábel de Xapón (39,8%) que, como vimos anteriormente, captaron un volume moi importante de fondos. Tampouco pode considerarse un mal ano para outras fórmulas de investimento que apostaron pola renda variábel nacional (20,1%) ou por renda variábel combinada con renda fixa (11,4%). Fronte a esta situación, os baixos tipos de xuro deron lugar a rendibilidades moi bai-

Cadro núm. 10

Rendibilidade dos fondos de investimento, a 31 de decembro de 2005 (en %)

Tipo de fondo	1 ano
FIAMM	1,17
FIM renda fixa curto prazo	1,53
FIM renda fixa longo prazo	1,90
FIM renda fixa mixta	4,63
FIM renda variábel mixta	11,36
FIM renda variábel nacional	20,08
FIM renda fixa internacional	3,25
FIM renda fixa mixta internacional	5,30
FIM renda variábel mixta internacional	12,57
FIM renda variábel euro	21,25
FIM renda variábel internacional Europa	23,25
FIM renda variábel internacional Estados Unidos	11,08
FIM renda variábel internacional Xapón	39,84
FIM renda variábel internacional emerxentes	54,00
FIM renda variábel internacional resto	19,01
FIM globais	6,06
Garantidos renda fixa	1,87
Garantidos renda variábel	3,90
Total fondos	4,75

Fonte: Inverso (2005).

xas en todos os produtos relacionados con renda fixa, que non superaron o 1,9%.

Respecto ás xestoras de fondos de investimento, debemos destacar que as entidades galegas están representadas por Ahorro Corporación, que xestiona os fondos das caixas, e que en 2005 subiu un posto na clasificación para situarse en cuarta posición, mentres que o Banco Pastor con 23 fondos, ocupa o posto número 23 na clasificación e xestiona un total de 1.918 millóns de euros.

As sociedades de capital risco

Ao longo de 2005 a actividade de capital risco experimentou un crecemento sen precedentes ao duplicar o volume de fondos investidos, que ascendeu a 4.000 millóns de euros, dos cales 3.500 corresponderon a investimento novo. Non obstante, unha parte moi importante do cómputo total tivo por obxecto a compra de grandes empresas, tales como Cortefiel, Auna, Panrico ou Amadeus por fondos de capital risco. Respecto aos desinvestimentos, foi un ano especialmente activo, acadando un volume de 1.445 millóns de euros. O mecanismo de desinvestimento máis empregado foi a venda a terceiros (43,2%), seguido da venda a outra entidade de capital risco (28%), opción que é cada vez máis frecuente en España e que se denomina *secondary buy-out*. En 2005 realizáronse 20 operacións deste tipo, mentres que en 2004 soamente se realizaran 3. Non obstante, a noticia máis soada foi o desinvestimento, a través da saída a bolsa de, Corporación Dermoestética. Se ben no plano teórico parece unha opción lóxica, é a primeira vez que ocorre en España.

As previsións para 2006 de Ascri (Asociación Española de Capital Risco) apuntan a un bo comportamento do sector xa que algunhas operacións anunciadas en 2005 se pecharán neste novo exercicio. Non obstante, desde a asociación indican que será difícil acadar o nivel conseguido en 2005, e no que actuou como factor determinante o número de grandes operacións. Por este motivo consideran como un dato axeitado unha previsión de 3.000 millóns de euros de investimento.

Dentro da actividade de capital risco é especialmente relevante aquela destinada ao financiamento de proxectos incipientes nas fases de semente e arranque, que habitualmente se denomina *venture capital*. O estudo realizado por Ascri e *webcapitalriesgo.com* durante 2005 permitiu coñecer que o investimento neste tipo de proxectos experimentou un importante incremento (64,2%), o cal beneficiou un total de 218 proxectos, repartidos ao 50% aproximadamente, entre o sector tecnolóxico e tradicio-

Cadro núm. 11

Clasificación de entidades xestoras de fondos de investimento, a 31 de decembro de 2005

Núm.	Entidade xestora	Núm. fondos	Patrimonio (en millóns de euros)
1	Santander Central Hispano	297	60.406
2	BBVA	167	44.507
3	La Caixa	88	14.368
4	Ahorro Corporación	95	11.703
5	Caja Madrid	171	11.257
6	Banco Popular	88	10.172
7	Bankinter	81	8.692
8	Banco de Sabadell	93	8.114
9	Barclays	67	6.932
10	Ibercaja	49	5.333
23	Banco Pastor	23	1.918

Fonte: Inverco (2005).

Cadro núm. 12

As cifras de capital risco en España

	2003	2004	2005
Investimento (en millóns de euros)	1.337	1.967	4.000
Núm. de operacións	488	474	482
Contía media (en millóns de euros)*	3,26	4,70	8,30

* Un investimento pode realizarse a través dunha ou máis operacións, xa que a operación é o número de intervencións que un xestor fai nunha empresa. De aí que a contía media dos investimentos difira da resultante da división dos datos do cadro.

Fonte: Ascii (2005).

nal. Se ben é un dato esperanzador, o volume de investimento continúa sendo escaso, xa que representa o 4,5% do investimento total de capital risco en 2005 en España (4.117,7 millóns de euros) fronte ao 6,4% da Unión Europea. Ademais, só un 5% dos investimentos de *venture capital* foi para a proxectos en fases de semente, o cal limita o apoio do capital risco á actividade dos emprendedores. Nalgúns países, esa porcentaxe acada niveis tan elevados coma os de Grecia (58,6%), Irlanda (45%) ou Dinamarca (42%).

Dentro de España, Madrid, Cataluña, Navarra e País Vasco lograron a maioría do volume de investimento, mentres que por operacións, a clasificación líderana Madrid, País Vasco, Andalucía e Galicia. O pulo a este tipo de operacións aínda segue procedendo maioritariamente do ámbito público, que en 2005 incorporou unha nova iniciativa denominada Neotec Capital Risco. O proxecto conta cun presuposto inicial de 176 millóns de euros (con posibilidade de ampliárense ata 600 millóns) para promover investimentos en empresas tecnolóxicas ata 2010 ou 2012. O CDTI (Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial), dependente do Ministerio de Industria, achegou 60 millóns de euros e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI) outros 50 millóns. O resto repártese entre entidades privadas como Telefónica, Iberdrola, Repsol YPF, Caja Madrid e outras.

En 2005 tamén foi noticia a entrada en vigor da Lei 25/2005, do 24 de novembro, que foi moi ben recibida polo sector. Entre as melloras que achega respecto á súa predecesora destacáronse a simplificación do réxime administrativo ao que estaban sometidas as sociedades de capital risco, que supoñía un importante consumo de recursos. Ademais, aumentou a flexibilidade á hora de investir e a porcentaxe que os fondos de pensións e de investimento poden destinar a capital risco desde o 10% ata o 30%, o cal pode axudar a captar un maior volume de recursos. Con esta nova lei preténdese que as entidades de capital risco españolas se convertan en vehículos axeitados para os fondos estranxeiros que queiran realizar investimentos en España. A xuízo da EVCA (European Venture Capital Association), o novo réxime xurídico fixo de España un lugar moito máis atractivo para que os investidores capten capital, invistan e desinvistan, tanto nos mercados oficiais coma nos secundarios.

En 2005 a empresa Mobius deu a coñecer o esforzo investidor das comunidades autónomas medido como porcentaxe do investimento con respecto ao PIB. Deste estudo despréndese que a maioría das comunidades do norte de España encabezan a listaxe de investimentos públicos en novas empresas, cunha media de 100 millóns de euros cada unha, froito da colaboración entre a xestión dos fondos de capital risco e o diñeiro achegado polas administracións. Dentro do grupo das que máis invisten atopábase Galicia, por detrás de Navarra, Asturias, Aragón e País Vasco. Navarra era a comunidade que máis diñeiro dedicara a este tipo de iniciativas vinculadas ao capital risco,

medido en relación coa súa participación dentro do PIB nacional (135 millóns), a segunda autonomía que máis fondos lles dedicara á creación e ao desenvolvemento de novas empresas era Asturias, con 82 millóns previstos e Galicia situábase en quinta posición (99,3 millóns, un 18,7%). Deste xeito, segundo este estudo, Galicia pechará 2005 quintuplicando o volume de fondos en só tres anos. O éxito do sector na nosa comunidade responde segundo Martí Pellón á configuración dunha estrutura pública, que se complementa con operadores privados e que apoian as empresas en todas as fases e que tamén se implican con proxectos de nova tecnoloxía, aspecto no que se diferencian do resto de España.

En canto á actividade de capital risco na nosa Comunidade, o feito máis relevante foi a constitución en novembro de 2005 en Santiago de Compostela da sociedade de capital risco Uninvest, proxecto que engloba un total de dezaseis universidades, a Unirisco Galicia e a Empresa Nacional de Innovación. Esta entidade xestionará o Fondo Nacional de Capital Risco I+D Unifondo para financiar as empresas de base tecnolóxica. A contía destinada a investimentos ascende a un total de 13 millóns de euros e terá como obxectivo potenciar empresas de base científica e tecnolóxica de nova creación ou desenvolvemento incipiente, xurdidas no medio da universidade e doutros centros de investigación e innovación. En canto á política de investimentos, realizaranse entre 6 e 8 investimentos anuais en sectores estratéxicos como son as ciencias da vida, o medio, os novos materiais, as TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) e a biotecnoloxía.

Tamén foi noticia a toma de participación na empresa Laddes Work polas entidades Banesto e SEPI Desenvolvemento. Esta empresa, situada en Ourense, dedícase ao mecanizado, conformado e tratamento de partes de aluminio e materiais compostos para os sectores aeronáutico e industrial. A compañía opera en distintos programas de produción de aeronaves para fabricantes como Airbus, Embraer ou Bombardier. A toma de participación ascendeu ao 20% do capital, o que supuxo unha entrada de fondos de 550.000 euros destinados a aumentar a capacidade produtiva.

Tamén en 2005 se levou a cabo a primeira operación de compra por parte dos seus directivos (MBO) realizada coa empresa Dinak, dedicada á fabricación de chemineas metálicas para a construción e a industria e que ten unha facturación duns 18,5 millóns de euros e un cadro de persoal de 150 empregados. Na operación interviñeron as sociedades de capital risco galegas Gescaixa e Vigo Activo. Dinak está solidamente implantada no mercado español, onde ten numerosas referencias en obras de hospitais e complexos, entre os que se atopan algúns ministerios, o Banco de España, a Biblioteca Nacional e o Palacio da Moncloa.

Á actividade de capital risco tamén se sumaron en 2004 e 2005 novas redes de investidores privados que no argot financeiro se denominan *business angels*. Trátase de investidores privados que participan a nivel financeiro e que achegan a súa experiencia e rede de contactos para axudar a saír adiante a novos proxectos. Galicia conta desde datas recentes con tres redes: Uniban promovida pola Universidade de Santiago, Bang impulsada desde a Confederación de Empresarios de Ourense e Alamut de carácter privado. A través da rede da confederación de empresarios financiáronse cinco pro-

xectos, mentres que Uniban está axudando a perfilar ideas de negocio e a elaborar plans de empresa. O feito de que sexan redes de nova constitución dá lugar a que aínda non sexan moitos os proxectos participados pero contribúen a configurar unha estrutura de apoio financeiro sen precedentes en Galicia. En total as tres redes suman un total de 70 investidores potenciais cunha certa capacidade financeira.

As sociedades de garantía recíproca e os establecementos financeiros de crédito

As sociedades de garantía recíproca

O sector de garantías recíprocas está moi condicionado pola marcha da actividade crediticia, que en 2005 seguiu batendo marcas. Segundo os datos subministrados polo Banco de España, os créditos totais dos fogares e das empresas aumentaron en

Cadro núm. 13


As sociedades de garantía recíproca en España (datos en millóns de euros)

Avais	2001	2002	2003	2004	2005*
Formalizados	949	1.021	1.255	1.494	1.808
Formalizados acumulado	6.860	7.734	8.994	10.488	12.297
Risco vivo	2.210	2.468	2.829	3.307	3.945
% variación	11,10	11,67	14,63	16,90	19,29

Fonte: Cesgar (2005).

Gráfico 16.

Destino dos investimentos avalados polas sociedades de garantía recíproca. Ano 2005



250.000 millóns de euros con respecto a 2004, e a débeda media dos cidadáns situouse en 26.021 euros. Por outra parte, o mercado de crédito repátese practicamente ao 50% entre caixas e bancos. Un número importante das operacións de crédito formalizadas con pequenas e medianas empresas (PEME) foron avaladas por sociedades de garantía recíproca, que en total sumaron 46.427 operacións e 1.808 millóns de euros. A maior parte destas operacións realizáronse a longo prazo, de aí que a participación das sociedades de garantía recíproca non só lle afecte ao custo das operacións, senón que permite así mesmo conseguir fondos a longo prazo e contribúe a reducir o racionamento crediticio que padecen as PEME.

En canto á distribución sectorial, en 2005 novamente o sector industrial e o sector servizos concentraron boa parte da actividade, en concreto un 68% do risco vivo, mentres que o sector de construción acapara un 28,5% das operacións e un total do 16% do volume de negocio.

En canto aos intermediarios que participaron nas operacións subministrando financiamento, nun 34,7% do volume prestado participaron caixas de aforros, fronte ao 20,5% no que interviñeron bancos.

A actividade das SGR galegas perdeu cota de mercado en 2005, deica situarse no 7,2% do total español, froito da caída no volume de avais formalizados pola entidade financeira Sogarpo. Pola súa parte, Afigal realizou un maior volume de operacións e consolidou deste xeito o liderado no sector galego.

As entidades de leasing, renting e factoring

As entidades de leasing

A boa saúde da economía española en 2005 trasladouse ao sector de *leasing* xa que garda unha estreita relación co ritmo de actividade empresarial. O mercado español consolidouse como o quinto máis importante do medio europeo, por detrás de Alemaña, Reino Unido, Italia e Francia. En 2005, un número importante de empresas elixiron este instrumento para financiar os seus investimentos, que en total acadaron os 17.400 millóns de euros, o que supón un incremento do 23% respecto do ano anterior. Esta contía representou o 7,3% da formación bruta de capital e o 33% do investimento total nacional en bens de equipo, de aí que o investimento en *leasing* sexa un indicador do dinamismo investidor empresarial. Isto é aínda máis relevante se temos en conta que é a vía principal utilizada polas PEME para financiar os seus investimentos en equipamento.

En canto ao número total de novos contratos, en 2005 formalizáronse un total de 276.000 e o importe medio situouse por enriba dos 63.000 euros. En 2006 a AEL (Asociación Española de Leasing) considera que o sector seguirá a mesma tónica, cun incremento importante no investimento en bens de equipo.

Cadro núm. 14

Distribución do risco vivo por destino do aval en España. 2005

Destino do aval	Millóns de euros
Investimento	2.350
Outros avais financeiros	466
Avais técnicos	894
Outros	234
Total	3.944

Fonte: Cesgar (2005)

Cadro núm. 15

A actividade das sociedades de garantía recíproca galegas (datos en euros)

	Avais formalizados	Risco vivo
2004		
Afigal	65.964.000	149.013.837
Sogarpo	41.514.000	97.739.959
Total Galicia	107.478.000	246.753.796
% variación	26,09	21,05
2005		
Afigal	70.964.000	173.317.000
Sogarpo	40.432.000	109.342.000
Total Galicia	111.396.000	282.659.000
% variación	3,65	14,55


Fonte: Afigal e Sogarpo.

Cadro núm. 16**As cifras do «leasing» en España**

(datos a 31 de decembro de cada ano)

	2003	2004	2005
Investimento novo (en millóns de euros)	11.715	14.000	17.400
% variación	–	19,51	23,06
Novos contratos	226.793	240.000	276.000
% sobre o PIB	1,58	1,83	2,10

Fonte: Asociación Española de Leasing (2005).

Gráfico 17.**Destino das operacións de «leasing» en setembro de 2005**

A distribución sectorial do investimento desagregouse do seguinte xeito. Un total de 5.812,8 millóns de euros corresponderon a material de transporte e vehículos industriais, que representan un 33% do total do sector, cun incremento do 46,9% respecto a 2004. O segundo sector por volume de investimento foi o de maquinaria e bens de equipo, que representou o 27% do investimento total, con 4.708 millóns de euros (un aumento do 12,9%); seguido de inmóbeis, que acaparou o 21%, con 3.604,9 millóns de euros (un 22% máis); vehículos de turismo, co 13% do conxunto do investimento, con 2.258,6 millóns (subida do 10,4%); outros bens de investimento produtivo, que representou o 4%, cun investimento de 650,5 millóns (crecemento do 3,6%); e ofimática e telemática, que acaparou o 2% do investimento novo en *leasing* acadado en 2005, con 404,6 millóns de euros (12,6%).

A distribución territorial do investimento en *leasing* permítenos ver que as áreas máis activas son Madrid (28,5%) e Cataluña (20%), seguidas de Andalucía (11,5%) e Valencia (8%), mentres que Galicia representa o 4% do total español.

Como principais problemas destacados pola Asociación Española de Leasing, sinaláronse, por unha banda, as dificultades para recuperar o IVE cando se producen non pagos, xa que as entidades teñen que seguir aboándollo a Facenda e tardan anos en recobralo, e, por outra banda, a discriminación deste instrumento nalgunhas autonomías. Respecto a este segundo aspecto, nalgunhas comunidades autónomas exclúese como fórmula financeira suxeita a incentivos e subvencións. Esta situación non é extensíbel á Comunidade galega, xa que en 2005 as empresas puideron acollerse a diversos convenios que fomentan o uso deste instrumento financeiro. Destaca o tradicional convenio de apoio financeiro 2004-2006 aos investimentos das pequenas e medianas empresas financiado mediante contratos de arrendamento financeiro, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades de crédito. Este convenio ten como obxectivo o financiamento de proxectos de novos investimentos que consistan na instalación, ampliación ou renovación de activos adquiridos a terceiros que lle afecten á capacidade produtiva da empresa. A contía máxima subvencionábel non poderá superar o 95% e os prazos aos que se realizan as operacións serán de entre 2 e

5 anos; en canto aos topes de financiamento terán unha contía mínima de 60.000 euros e máxima de 3 millóns de euros.

As empresas do transporte tamén se puideron acoller a un plan especial para facilitar a modernización e a mellora ambiental das frotas de empresas de transporte público por estrada mediante contratos de arrendamento financeiro (*leasing*). Os investimentos poderán financiarse por un montante global de cinco millóns de euros e o xuro mínimo efectivo que aboarán os beneficiarios será do 1%.

Por último, cómpre destacar que en 2006 o Igape aprobou axudas financeiras a PEME a través da bonificación dos tipos de xuro por un total de 100 millóns de euros, que serán concedidos polas institucións financeiras colaboradoras. Este acordo de colaboración esténdese a operacións de préstamo ou de arrendamento financeiro e é o resultado da colaboración entre Igape e Instituto de Crédito Oficial (ICO), e ten como destinatarias as PEME e microempresas que impulsen proxectos de investimento en activos produtivos novos na área comercial e industrial. A contía que hai que financiar poderá cubrir ata o 70% en PEME e o 80% en microempresas, mentres que o máximo que se vai financiar elévase ata 1,5 millóns de euros.

As entidades de *renting*

O sector de *renting* de automóviles (alugamento a longo prazo) continuou en España co ritmo expansivo dos últimos 5 anos e seguiu rexistrando taxas de crecemento de dous díxitos. A facturación do sector elevouse a 3.294,17 millóns de euros en 2005, o que supón un aumento do 15,3% fronte ao ano anterior. Este instrumento estase convertendo nun elemento clave do sector automobilístico xa que, segundo a AER (Asociación Española de *Renting*), en 2005 as entidades de *renting* investiron un total de 2.657,35 millóns de euros na compra de 165.574 vehículos novos, cun incremento do 18,4% con respecto ao investimento feito o ano precedente. Deste xeito, estas compañías adquiriron o 8,7% dos automóviles novos vendidos en España durante 2005 e o parque xestionado acadou as 445.686 unidades. Para 2006 espérase un crecemento similar do sector e estímase que o investimento nas compras

Cadro núm. 17

Evolución do sector de «renting» en España

Ano	2001	2002	2003	2004	2005
Frota	265.444	310.020	353.493	398.064	445.686
% variación	22,6	16,8	14,0	12,6	12,0
Facturación (en millóns de euros)	1.796	2.105	2.439	2.856	3.294
% variación	-	17,2	15,8	17,1	15,3
Compras de vehículos	104.074	111.046	125.693	144.777	165.574
% variación	22,7	6,7	13,2	15,2	14,4

de automóbiles se eleve un 13%, ata 3.000 millóns de euros, con 180.000 unidades adquiridas, un 9% máis có ano pasado.

As pequenas e medianas empresas viron as vantaxes de empregar o *renting* como instrumento para financiar as súas frota de vehículos e a contratación progresiva de *renting* por estas empresas impulsou o crecemento do sector por enriba das expectativas. Ao importante incentivo fiscal, que permite imputar como gasto a totalidade da cota pagada en concepto de alugamento, únese a posibilidade de renovar periodicamente a frota, que no noso país se fai, en media, aos 42 meses. Ademais, libera recursos xa que a xestión da frota de vehículos é levada integramente pola empresa de *renting*. Por outra parte, ao tratarse dun pago de alugamento, reduce a *ratio* de endebedamento, fronte a outras alternativas de financiamento que se computan no balance. Con respecto ao mercado potencial que supoñen as PEME cómpre sinalar que a taxa de penetración en autónomos e particulares é aínda moi baixa (2% da frota de *renting*), polo que se están convertendo no obxectivo comercial das entidades.

En canto ao tipo de vehículo, os diésel acaparan o 87,4% da frota de *renting*, fronte ao 12,6% correspondente a automóbiles de gasolina, de aí a preocupación no sector pola proposta do goberno de aplicar-lles unha taxa ambiental aos vehículos diésel e todoterreo. Un ano máis, os sectores nos que o *renting* presta maior servizo, son, por esa orde, industria química, comercio por xunto, industria de alimentos e bebidas, correos e telecomunicacións, actividades informáticas e administracións públicas.

A distribución xeográfica da frota de *renting* en todas as comunidades autónomas pode verse no cadro 16. Madrid e Cataluña, cunha porcentaxe do 37,5% e do 28,3% respectivamente sobre o total, seguen sendo as comunidades autónomas nas que o *renting* ten unha maior penetración. A unha distancia importante séguenas, por esa orde, Andalucía, Valencia e País Vasco, áreas nas que a actividade de *renting* supera o 6% sobre o total, mentres que Galicia é a sexta comunidade que contrata máis *renting* e incrementou a súa cota de mercado ata o 2,4%.

Cadro núm. 18

Distribución xeográfica da frota de «renting» en España en 2005

	%
Madrid	37,55
Cataluña	28,35
Andalucía	8,93
Comunidade Valenciana	7,63
País Vasco	6,02
Galicia	2,45
Aragón	1,55
Castela e León	1,35
Castela-A Mancha	1,25
Murcia	1,18
Baleares	0,76
Asturias	0,75
Navarra	0,71
Canarias	0,51
Cantabria	0,45
Estremadura	0,36
A Ríoxa	0,18
Ceuta	0,01
Melilla	0,01

Fonte: Asociación Española de *Renting*. 2005

As entidades de factoring

Durante 2005 as empresas recorreron con intensidade á utilización de *factoring* para financiar a súa actividade, o cal se traduciu nun crecemento do sector por enriba das expectativas. Neste sentido, as empresas cederon dereitos de cobro por un total de 55.514 millóns de euros, un 22% máis que en 2004, situación que se espera manter en 2006. Destaca particularmente o pulo que está tendo no sector de PEME, xa que igual que ocorre co *renting*, onde a xestión da frota se externaliza, no caso do *factoring* cédense dereitos de cobro e recíbense a cambio unha serie de servizos financeiros como son a xestión do risco de crédito e do cobro a clientes, así coma a contabilización destas operacións. Por este motivo, é un produto que se adapta moi ben a pequenas empresas, xa que permite que se centren na súa actividade principal. Non obstante, algunhas empresas, con ánimo de abaratar custos, optan por contratar o seguro de crédito sobre as vendas e seguen xestionando os cobros.

Cadro núm. 19

Evolución do volume de negocio de «factoring» en España (en millóns de euros)

	2001	2002	2003	2004	2005
Internacional	691,5	706,5	1.042,0	1.542,0	2.161,0
Nacional	24.773,1	30.860,2	36.444,0	43.834,0	53.353,0
Volume de cesións	25.464,6	31.566,7	37.486,0	45.376,0	55.514,0
% variación	33,0	24,0	18,8	21,0	22,3

Fonte: Asociación Española de Factoring.

Durante 2005 as operacións nacionais representaron uns ingresos de 53.353 millóns de euros, un 21,8% máis, se ben cómpre destacar a evolución do *factoring* de exportación, que elevou a súa cifra de negocio a 1.360 millóns de euros, e medrou un 61,8% máis. As maiores dificultades de xestión de cobro nas operacións internacionais e o risco de non-pago inherente a estas espertaron o interese das empresas españolas por contratar este produto.

En canto aos sectores de actividade, as industrias manufactureiras (23,2%), o comercio (17,3%) e a construción (13,6%) concentran a maior parte do negocio. Non obstante, o sector está medrando noutros sectores; destaca particularmente o de hostalaría, que cuadruplicou o volume de cesións e o médico hospitalario, que o duplicou.

Por comunidades autónomas, Madrid, con 24.701 millóns de euros e Cataluña con 12.585, realizaron a maior contribución económica, aglutinando un 44,5% e un 22,7% do volume de cesións, respectivamente. Fronte a esta situación, a comunidade galega representou un 2% do total de cesións realizadas en 2005, cifra inferior á que lle corresponde polo seu peso económico.

Pola súa parte, o *confirming*, ou pago a provedores onde a entidade de crédito ofrece o cobro ao contado por anticipado das facturas con custos financeiros, experimentou en 2005 un notábel crecemento xa que facturou 21.021,4 millóns de euros, un 20,2% máis ca en 2004.



VIII. Sector público

Introdución

A análise do sector público galego realizarémola de forma diferenciada para cada un dos subsectores que o configuran: o sector público autonómico, o sector público local e as principais actuacións do sector público estatal en Galicia. Para cada un deles, así coma para os axentes nos que se subdividen, recolleremos unha visión global da súa actividade centrándonos de forma especial naqueles aspectos ou acontecementos que, pola súa importancia ou novidade, requiren dunha maior concreción para unha mellor descrición e para un mellor coñecemento do sector público galego.

Neste sentido, parécenos oportuno analizar neste *Informe* o resultado efectivo do Sistema de Financiamento autonómico introducido no ano 2002, unha vez liquidados tres exercicios presupostarios, coa vista posta nas propostas que para a súa reforma están nestes momentos no debate político e técnico.

O sector público autonómico galego

A Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia diferencia dentro do sector público galego o subsector das *Administracións públicas* e o subsector das *Empresas públicas*. No cadro 1 recóllense os axentes que configuran estes subsectores, segundo o establecido nos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2006, e que representan os suxeitos do conxunto da actividade estatutaria, administrativa e empresarial levada a cabo polo sector público autonómico galego.

No ámbito das *Administracións públicas* intégranse, baixo o epígrafe de Administración xeral, os presupostos das diferentes consellarías —12 tras o cambio de goberno de xullo do ano 2005—, ás que deben engadirse a Presidencia e a Vicepresidencia da Xunta, os órganos institucionais —Parlamento, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo—, e determinadas seccións singularizadas como as «Transferencias a corporacións locais» e a «Débeda pública». Intégranse tamén dentro do subsector de *Administracións públicas* oito organismos autónomos de carácter administrativo, cun carácter instrumental, entre os que destaca pola importancia das actividades desenvolvidas e pola contía dos recursos que administra o Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Cadro núm. 1

Sector público autonómico de Galicia. 2006

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	EMPRESAS PÚBLICAS
<p>Administración xeral</p> <p><i>Órganos institucionais</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega Consello Consultivo <p><i>Seccións orgánicas</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Presidencia da Xunta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Cons. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Cons. de Economía e Facenda Cons. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes Cons. de Educación e Ordenación Universitaria Cons. de Innovación e Industria Cons. do Medio Rural Cons. de Cultura e Deporte Cons. de Sanidade Cons. de Pesca e Asuntos Marítimos Cons. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Cons. de Traballo Cons. de Vivenda e Solo Transferencias a corporacións locais Débeda pública Gastos de diversas consellarías 	<p>Organismos autónomos comerciais/industriais</p> <ul style="list-style-type: none"> Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) <p>Sociedades públicas</p> <p><i>Entes públicos</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Consello Económico e Social (CES-Galicia) Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) Centro Informático Xestión Tribut., Econ. Finan. Contable (CIXTEC) Portos de Galicia Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos Instituto Enerxético de Galicia (Inega) Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño (creado en 2004) <p><i>Fundacións públicas</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia Fundación Hospital de Verín Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía Fundación Hospital Comarcal V. Xunqueira Fundación Hospital Comarcal do Barbanza Fundación Escola Galega de Admón. Sanitaria (FEGAS) Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia, 061 Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés Fundación Centro de Transfusión de Galicia Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica <p><i>Sociedades mercantís</i></p> <ul style="list-style-type: none"> S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. Sodiga, S.C.R. Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI) Xes-Galicia, S.A. Xestur - A Coruña Xestur - Lugo Xestur - Ourense Xestur - Pontevedra Galicia Calidade, S.A. Xenética Fontao, S.A. S.A. Xestión do Plan Xacobeo S. de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) Redes de Telecomunicacións Galegas, S.A. (Retegal) Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama) Autoestrada Alto San Domingos-Ourense S.A.
<p>Organismos autónomos administrativos</p> <ul style="list-style-type: none"> Servizo Galego de Saúde (Sergas) Escola Galega de Administración Pública (EGAP) Instituto Galego de Estatística (IGE) Instituto Galego de Consumo (IGC) Augas de Galicia (Augas) Servizo Galego de Igualdade (SGI) Academia Galega de Seguridade (AGS) Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia Tribunal Galego de Defensa da Competencia 	

Polo que respecta ao subsector das *empresas públicas*, nel intégranse os organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro e análogo, conxuntamente coas sociedades públicas. A súa vez, dentro destas últimas os presupostos diferencian entre os entes públicos, as fundacións públicas e as sociedades de carácter mercantil.

A análise do sector público galego realizarémola en correspondencia coa clasificación anterior, polo que inicialmente centrámonos no ámbito das *Administracións públicas*, no que, por homoxeneidade da información dispoñíbel, integramos tamén a actividade dos organismos autónomos comerciais e analizamos posteriormente o sector público empresarial. A información utilizada para esta análise procede das liquidacións presupostarias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, correspondentes ao exercicio 2004 e anteriores, así coma dos presupostos dos anos 2005 e 2006 aprobados polo Parlamento de Galicia. Para a información de ámbito estatal recolleemos os datos subministrados pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Administracións Públicas (MAP).

Administracións públicas

Nos cadros 2 e 3 recóllese, de forma diferenciada para os distintos capítulos da clasificación económica, a liquidación do presuposto de ingresos e gastos da Administración autonómica galega e dos organismos autónomos dependentes dela, correspon-

Cadro núm. 2

Ingresos: dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega. 2004 (en miles de euros)

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Resto org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Impostos directos	1.013.095		0	0	1.013.095		1.013.095	11,7
Impostos indirectos	2.053.091		0	0	2.053.091		2.053.091	23,8
Taxas e outros ingresos	155.382	37.877	19.731	1.262	214.252		214.252	2,5
Transferencias correntes	3.966.780	2.521.418	24.721	15.937	6.528.855	2.449.020	4.079.836	47,2
Ingresos patrimoniais	8.126	19	120	1.465	9.730		9.730	0,1
Total ingresos correntes	7.196.474	2.559.315	44.571	18.664	9.819.024		7.370.004	85,3
Alleamento investimentos reais	924		0	61.504	62.427		62.427	0,7
Transferencias de capital	873.894	13.125	84.713	206.662	1.178.393	285.174	893.219	10,3
Total ingresos de capital	874.817	13.125	84.713	268.166	1.240.820		955.646	11,1
Total ingresos non-financeiros	8.071.291	2.572.440	129.284	286.829	11.059.844		8.325.650	96,3
Variación de activos financeiros	24.885	1.862	4	21	26.772		26.772	0,3
Variación de pasivos financeiros	292.118		0	0	292.118		292.118	3,4
Total ingresos financeiros	317.003	1.862	4	21	318.890		318.890	3,7
TOTAL INGRESOS	8.388.294	2.574.302	129.288	286.851	11.378.734	2.734.194	8.644.540	100,0

Cadro núm. 3

Gastos: obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega. 2004 (en miles de euros)

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Resto org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Gastos de persoal	1.516.469	1.064.515	11.439	11.992	2.604.415		2.604.415	30,7
Compras de bens e servizos	353.212	608.817	6.562	3.743	972.334		972.334	11,5
Xuros	124.747	348	2	959	126.055		126.055	1,5
Transferencias correntes	3.992.046	773.719	10.194	39.629	4.815.587	2.449.020	2.366.567	27,9
Total gastos correntes	5.986.474	2.447.398	28.197	56.322	8.518.391		6.069.371	71,5
Investimentos reais	772.597	122.106	22.283	81.484	998.470		998.470	11,8
Transferencias de capital	1.111.162	614	79.041	167.136	1.357.953	285.174	1.072.778	12,6
Total gastos de capital	1.883.760	122.719	101.324	248.620	2.356.423		2.071.248	24,4
Total gastos non-financeiros	7.870.233	2.570.117	129.521	304.942	10.874.813		8.140.619	95,9
Variación de activos financeiros	120.412	2.034	0	2.069	124.515		124.515	1,5
Variación de pasivos financeiros	222.985		0	0	222.985		222.985	2,6
Total gastos financeiros	343.397	2.034	0	2.069	347.500		347.500	4,1
TOTAL GASTOS	8.213.630	2.572.151	129.521	307.011	11.222.313	2.734.194	8.488.119	100,0

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.


dentes ao exercicio 2004. O groso da actividade do sector público autonómico galego canalízase a través da Administración xeral que xestiona a maior parte dos recursos autonómicos ao mesmo tempo que é o financiador principal dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

A Administración autonómica liquidou o seu presuposto do ano 2004 cun volume de obrigas recoñecidas de 8.488 millóns de euros, o que representa un incremento do 6% respecto ao exercicio anterior, fronte a uns dereitos recoñecidos de 8.644 millóns de euros. Con iso xerouse un superávit presupostario de 156 millóns de euros. Do conxunto desta actividade presupostaria a Administración xeral xestionou directamente un 64,5%, o Sergas un 30% e o resto de organismos autónomos un 5,5% aproximadamente.

Se transformamos as anteriores magnitudes en euros por habitante resulta que a Administración galega gastou 3.353 euros

Gráfico 1.

Gasto autonómico en España (en % do PIB)



Cadro núm. 4

Evolución do gasto autonómico (en euros por habitante)

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Andalucía	1.915	2.060	2.148	2.260	2.334	2.565	2.760	2.919	3.184
Aragón	1.131	1.199	1.602	1.762	1.887	2.080	3.026	3.169	3.391
Asturias	872	930	933	1.157	1.674	1.879	2.861	2.978	3.201
Baleares	581	920	997	1.061	1.103	1.203	1.969	1.976	2.735
Canarias	1.901	1.976	2.117	2.222	2.303	2.353	2.436	2.634	2.823
Cantabria	875	911	1.107	1.645	1.773	1.897	2.991	3.214	3.387
Castela e León	1.039	1.097	1.202	1.809	1.975	2.080	3.003	3.220	3.463
Castela-A Mancha	1.348	1.414	1.480	1.511	2.074	2.228	3.207	3.409	3.629
Cataluña	1.767	1.847	1.972	2.078	2.166	2.351	2.496	2.446	3.213
Estremadura	1.233	1.439	1.555	1.641	2.120	2.350	3.376	3.561	3.858
Galicia	1.938	2.058	2.191	2.323	2.507	2.668	2.866	3.014	3.353
Madrid	698	763	860	1.239	1.312	1.400	2.220	2.403	2.570
Murcia	703	768	805	1.352	1.383	1.406	2.188	2.322	2.515
A Ríoja	795	909	1.468	1.563	1.681	1.917	2.925	3.120	3.316
C. Valenciana	1.524	1.590	1.691	1.812	1.893	2.022	2.099	2.204	2.366
CC. AA. réxime común	1.433	1.530	1.644	1.845	1.981	2.133	2.588	2.709	3.035
C. F. Navarra	3.028	3.537	3.750	3.915	4.282	4.232	4.169	4.836	5.401
C. A. País Vasco	2.072	2.139	2.140	2.502	2.495	2.870	2.960	2.952	3.393
CC. AA. réxime foral	2.269	2.428	2.475	2.798	2.871	3.159	3.218	3.358	3.830
Ceuta	1.077	1.089	1.328	1.672	1.963	2.393	2.643	2.770	2.850
Melilla	1.283	1.668	1.836	1.874	1.978	2.333	2.344	2.679	2.643
Cidades con Estatuto de autonomía	1.175	1.364	1.570	1.769	1.970	2.364	2.499	2.726	2.749
TOTAL	1.487	1.588	1.698	1.906	2.039	2.199	2.628	2.750	3.084

Orzamentos da Administración xeral das comunidades autónomas consolidados con outras administracións.

Fonte: MAP, Dirección Xeral de Política Autonómica.

por cada galego. No cadro 4 recóllese a evolución desde o ano 1997 do gasto autonómico para as diferentes comunidades e cidades autónomas do Estado Español. Galicia presenta unhas magnitudes de gasto autonómico por habitante que están por riba da media, se ben pasou de ser a que maiores magnitudes en gasto por habitante presentaba no ano 2002 a ser superada no exercicio 2005 por cinco comunidades autónomas. Deste xeito, corríxíronse en gran medida as diferenzas positivas que se presentaban a prol da nosa Comunidade Autónoma. A culminación dos procesos de traspaso de competencias ao resto de comunidades autónomas —en especial en materia de sanidade, xunto co resultado do modelo de financiamento introducido no ano 2002 están detrás das causas explicativas desta evolución.

Se relacionamos os recursos administrados polo sector público autonómico galego co Produto Interior Bruto (PIB) podemos valorar máis axeitadamente o seu peso relativo dentro da economía galega. No gráfico 1 recóllese a evolución en porcentaxe do

PIB dos presupostos das comunidades autónomas en España. A gasto autonómico galego representa o 19,2% do PIB, porcentaxe significativamente superior á media do conxunto do Estado español.

Estrutura e dinámica dos ingresos

Os ingresos consolidados da Administración galega —excluídas as empresas públicas—, ascenderon no exercicio 2004 (cadro 5) a un total de 6.644 millóns de euros, dos que un 57,5% se acadaron mediante transferencias, tanto correntes coma de capital, procedentes principalmente da Administración central, un 37,9% por tributos propios ou cedidos e o resto por ingresos patrimoniais e o recurso ao endebedamento.

Cadro núm. 5

Evolución dos ingresos autonómicos (en miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación		% variación 2004-2003
			Absoluta	Repartición (%)	
Tributos cedidos e propios	2.879.713	3.280.438	400.725	59,5	13,9
Transferencias	4.567.804	4.973.054	405.250	60,1	8,9
Endebedamento	438.966	292.118	-146.848	-21,8	-33,5
Outros ingresos	84.012	98.929	14.917	2,2	17,8
Total	7.970.496	8.644.540	674.044	100,0	8,5

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

A desagregación desta composición dos ingresos debe realizarse tendo en conta que a Comunidade Autónoma galega pertence ás comunidades de réxime común e, xa que logo, o seu financiamento provén de dous grandes bloques:

- Financiamento incondicionado, constituído polas transferencias da Administración xeral do Estado e por todos aqueles recursos non vinculados directamente a unha finalidade determinada. O financiamento incondicionado debe garantirilles ás comunidades de réxime común os recursos necesarios para a prestación dos servizos asumidos e debe cubrir axeitadamente o custo destes. As comunidades autónomas dispoñen deles con total autonomía.
- Financiamento condicionado, composto polas achegas que proveñen principalmente da Administración central, da Administración europea, da Seguridade Social e doutras administracións ou do sector privado da economía para finalidades específicas e predeterminadas.

Esta análise diferenciada dos ingresos autonómicos debe realizarse tendo en conta que no exercicio 2004 se pecha definitivamente o primeiro ano de aplicación do novo Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas, introducido en 2002, coa

liquidación dos recursos achegados ás comunidades autónomas respecto do dito exercicio. Este feito, xunto coa disposición de tres exercicios presupostarios para valorar a súa evolución, permiten acadar conclusións fundadas sobre o seu resultado.

O modelo de financiamento de 2002

Mediante a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas, e a modificación da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA), tamén do 27 de decembro, introdúcese un novo modelo de financiamento que se vai aplicar a partir do exercicio 2002. Este sistema ten como característica principal o seu carácter integrador, ao incorporar tanto o financiamento

Cadro núm. 6

Recursos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades autónomas. Datos ano base 1999 vixentes para o ano 2004 (en millóns de euros)

Comunidades autónomas	Necesidades de financiamento	FINANCIAMENTO DO SISTEMA							
		Tributos cedidos recadación normativa	Taxas afectas recadación normativa	IRPF	IVE	Impostos especiais	Imposto especial sobre hidrocarburos	Fondo de programa aforro en incapacidade temporal	Fondo de suficiencia
Réxime común									
Andalucía	10.612,8	828,3	128,9	1.205,8	1.873,4	1.205,6	102,5	43,2	5.225,1
Aragón	1.923,7	232,0	18,8	363,6	367,4	262,7	25,2	7,1	646,9
Asturias	1.650,9	157,2	22,6	289,4	339,8	185,8	15,2	6,6	634,2
Baleares	1.124,3	142,7	11,3	262,4	599,4	226,6	16,2	4,9	-139,7
Canarias	2.604,6	266,6	22,2	1.386,4	0,0	40,4	0,0	10,0	1.879,0
Cantabria	910,1	75,3	8,0	143,6	154,4	110,5	9,6	3,2	405,6
Castela e León	4.002,6	325,2	51,8	569,8	653,0	533,0	57,9	14,6	1.797,3
Castela - A Mancha	2.684,3	165,0	27,3	270,9	388,4	391,6	42,8	10,3	1.387,9
Cataluña	9.236,6	1.414,3	76,1	2.495,7	2.097,3	1.407,2	118,6	38,0	1.589,5
Estremadura	1.797,5	82,7	16,6	138,4	237,3	171,1	15,8	6,3	1.129,4
Galicia	4.298,9	315,8	41,8	556,2	717,0	474,5	44,2	16,3	2.133,1
Madrid	7.038,1	1.439,7	96,6	2.698,5	1.743,2	1.061,5	74,2	30,2	-105,9
Murcia	1.549,7	119,8	10,1	203,1	296,9	239,9	22,5	6,7	650,9
A Rioxa	493,1	45,1	2,9	82,6	77,2	56,8	5,4	1,6	221,6
C. Valenciana	5.549,1	799,6	39,8	1.008,1	1.212,4	855,0	70,9	24,5	1.538,9
Total	55.476,3	6.409,2	574,8	11.674,5	10.757,1	7.222,1	620,9	223,5	18.993,7
Cidades con Estatuto de autonomía									
Ceuta	8,7								8,7
Melilla	6,9								6,9
Total	15,6	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	15,6
TOTAL	55.491,9	6.409,2	574,8	11.674,5	10.757,1	7.222,1	620,9	223,5	19.009,3

dos servizos comúns coma o financiamento da xestión dos servizos da sanidade e os servizos sociais da Seguridade Social. Ademais, pretende un avance substancial na descentralización de recursos co obxectivo de incrementar a corresponsabilidade fiscal. Para iso cédense novos tributos e atribúense competencias normativas sobre os tributos xa cedidos.

A cesión de novos tributos concrétese no 35% do imposto sobre o valor engadido (IVE), o 40% dos impostos especiais de fabricación —cervexa, viño e bebidas fermentadas, produtos intermedios e bebidas derivadas, hidrocarburos e labores de tabacos—, o 100% do imposto sobre a electricidade o 100% do imposto sobre determinados medios de transporte e o 100% do imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos. Polo que respecta ao incremento das competencias normativas en materia tributaria, ademais de poder exercer nos tres últimos impostos antes citados como de nova cesión determinada capacidade normativa, amplíase a autonomía ao respecto dos impostos xa cedidos no momento da implantación do novo sistema —patrimonio, sucesións e doazóns, transmisións patrimoniais, actos xurídicos documentados, taxas sobre o xogo e o imposto sobre a renda das persoas físicas para o que se incrementa a súa participación ata o 33%.

O sistema complétase establecendo o chamado Fondo de Suficiencia, como mecanismo de peche do sistema de financiamento, que ten como finalidade cubrir a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e os recursos tributarios no ano base do sistema que é 1999. No cadro 6 recóllense os datos de cálculo do Fondo de Suficiencia no ano base. Destacan os Fondos de Suficiencia negativos que presentan as Illas Baleares e Madrid, que son a consecuencia de que as súas necesidades de gasto son inferiores aos recursos tributarios que lles proporciona o novo sistema de financiamento.

Para cada exercicio o Estado realiza entregas a conta que calcula incrementando o Fondo de Suficiencia das Comunidades autónomas que o teñen positivo polo índice de evolución que experimentan os ingresos tributarios do Estado (ITEn), definido como a recadación estatal, excluída a susceptible de cesión, por IRPF, IVE e os impostos especiais de fabricación sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre labores de tabaco. Para as que teñen o Fondo de Suficiencia negativo no exercicio 1999 o índice de evolución é o menor dos ITEn e do ITE rexional (ITEr), que vén dado pola recadación no territorio da comunidade autónoma, sen o exercicio das competencias normativas, dos impostos enumerados anteriormente cedidos ou susceptibles de cesión.

A liquidación definitiva do Fondo de Suficiencia realízase unha vez dispoñíbeis as cifras definitivas dos termos necesarios para o seu cálculo. Se da liquidación se deriva un saldo debedor para algunha comunidade autónoma, este seralle compensado na primeira entrega a conta que se efectúe en relación co seu Fondo de Suficiencia no exercicio seguinte.

No cadro 7 recóllese o cálculo do Fondo de Suficiencia correspondente ao exercicio 2004 —do que se realiza unha entrega a conta do 98%, incluída nos Presupostos Xerais do Estado—, e o resultado da liquidación definitiva do exercicio 2002.

Cadro núm. 7

Entregas a conta polo fondo de suficiencia no ano 2004 (en millóns de euros)
Liquidación do exercicio 2002

Comunidades autónomas	Fondo de suficiencia 1999	Índice de evolución*	Fondo de suficiencia 2004	PXE		Fondo de suficiencia Liquidación 2002
				Gastos	Ingresos	
Réxime común						
Andalucía	5.225,12	1,3358	6.979,72	6.840,13	-	66,95
Aragón	646,85	1,3358	864,07	846,79	-	8,05
Asturias	634,22	1,3358	847,18	830,24	-	8,19
Baleares	-139,67	1,3358	-186,58	-	182,85	-6,47
Canarias	1.878,96	1,3358	2.509,91	2.459,71	-	24,26
Cantabria	405,59	1,3358	541,80	530,96	-	5,21
Castela e León	1.797,26	1,3358	2.400,79	2.352,77	-	22,91
Castela - A Mancha	1.387,91	1,3358	1.853,98	1.816,90	-	17,71
Cataluña	1.589,47	1,3358	2.123,20	2.080,74	-	20,38
Extremadura	1.129,35	1,3358	1.508,59	1.478,42	-	14,58
Galicia	2.133,14	1,3358	2.849,45	2.792,46	-	27,44
Madrid	-105,89	1,3199	-139,77	-	136,97	-12,33
Murcia	650,87	1,3358	869,43	852,04	-	8,24
A Rioxa	221,57	1,3358	295,97	290,05	-	2,46
Valencia	1.538,92	1,3358	2.055,68	2.014,57	-	19,67
Total	18.993,67		25.373,43	25.185,78	319,82	227,25
Cidades con Estatuto de autonomía						
Ceuta	8,70	1,3358	11,62	11,39	-	0,09
Melilla	6,92	1,3358	9,24	9,06	-	0,11
Total	15,62		20,87	20,45	0,00	0,20
TOTAL	19.009,29		25.394,30	25.206,23	319,82	227,45

* ITeN 1999-2004 = 1,3358

* ITeMadrid 1999-2004 = 1,3199

Fonte: Dirección Xeral de Financiamento Territorial. Elaboración propia.

Para a valoración do resultado do sistema de financiamento introducido no exercicio 2002 desde a perspectiva de Galicia, resulta necesario analizar o peso relativo dos ingresos por tributos propios ou cedidos e dos ingresos polo Fondo de Suficiencia dentro do total dos ingresos subministrados polo sistema, así coma a evolución dos dous termos. No cadro 8 recóllense de forma desagregada os diferentes conceptos de ingresos da Comunidade Autónoma galega para os tres primeiros anos de aplicación do novo modelo así coma a súa comparativa coa situación anterior. Polo que respecta ao avance na descentralización dos recursos, se ben para Galicia o novo modelo supuxo un salto cualitativo respecto da situación anterior, os recursos propios, xerados principalmente polos tributos propios ou cedidos, tan só representan o 40% do total de

Cadro núm. 8

Novo sistema de financiamento e capacidade de autofinanciamento (en miles de euros)

	1999	%	2003	%	2004	%	% variación 2004/2003
Tributos propios	19.863	0,4	20.230	0,3	21.846	0,3	8,0
Tributos cedidos	640.493	11,3	2.732.467	37,6	3.114.865	38,6	14,0
<i>Patrimonio</i>							
<i>Sucesións</i>							
<i>Doazóns</i>	379.789	6,2	567.175	7,8	636.829	7,9	12,3
<i>Transmisións patrimoniais</i>							
<i>Actos xurídicos</i>							
<i>Taxa sobre o xogo</i>							
<i>IRPF (33%)</i>			675.606	9,3	863.255	10,7	27,8
<i>IRPF (15%)</i>	290.704	5,1					
<i>IVE (35%)</i>			895.700	12,3	973.564	12,1	8,7
<i>II.EE. (40%)</i>			417.636	5,7	424.377	5,3	1,6
<i>Electricidade (100%)</i>			60.454	0,8	67.405	0,8	11,5
<i>Medios de transporte (100%)</i>			64.284	0,9	71.154	0,9	10,7
<i>Especial sobre hidrocarburos</i>			51.612	0,7	78.281	1,0	51,7
Resto das taxas	88.974	1,6	76.477	1,1	84.857	1,1	11,0
Ingresos patrimoniais	10.157	0,2	10.049	0,1	8.126	0,1	-19,1
Alleamento de investimentos reais	46.566	0,8	115	0,0	924	0,0	706,0
TOTAL RECURSOS PROPIOS	806.053	14,3	2.839.338	39,0	3.230.618	40,0	13,8
Participación nos ingresos do Estado	1.787.925	31,7					
Fondo de suficiencia			2.650.103	36,4	2.792.465	34,6	5,4
Liquidación. Exercicios anteriores			55.440	0,8	27.438	0,3	-50,5
Insalud	1.724.822	30,6					
Transferencias correntes finalistas	628.282	11,1	837.400	11,5	936.055	11,6	11,8
Transferencias de capital finalistas	40.914	0,7	93.885	1,3	118.904	1,5	26,6
FCI	145.944	2,6	142.159	2,0	159.950	2,0	12,5
Fondos europeos	367.466	6,5	630.723	8,7	751.365	9,3	19,1
Outras transferencias	141.129	2,5	25.611	0,4	54.497	0,7	112,8
TOTAL TRANSFERENCIAS	4.836.482	85,7	4.435.321	61,0	4.840.674	60,0	9,1
TOTAL INGRESOS NON-FINANCIEROS	5.642.535	100,0	7.274.659	100,0	8.071.291	100,0	11,0

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

ingresos non-financeiros. Á súa vez, o Fondo de Suficiencia medrou un 10,5% no 2004 respecto de 2002, fronte ao 24,5% de incremento dos ingresos por tributos cedidos durante o mesmo período. Esta realidade lévanos á conclusión de que o novo sistema supón para Galicia unha menor dispoñibilidade de recursos respecto das comunidades autónomas onde os ingresos tributarios teñen un maior peso relativo, dado o mellor comportamento que, con carácter xeral, presenta no conxunto do Estado a recadación por tributos cedidos respecto da evolución do Fondo de Suficiencia.

Ingresos incondicionados

Os ingresos incondicionados cos que contan as comunidades autónomas concréntanse en tres grandes bloques: os de orixe tributaria –tanto tributos propios coma cedidos–, a participación nos ingresos do Estado –Fondo de Suficiencia principalmente– e os ingresos patrimoniais ou os obtidos mediante prezos públicos. Aínda que tamén teñen carácter de ingresos incondicionados os de carácter financeiro, analizarémolos de forma separada pola súa importancia e polas súas implicacións.

Recollemos no cadro 9, diferenciando por conceptos, a contía e evolución dos ingresos incondicionados correspondentes á Administración xeral da Comunidade Autónoma galega para o período 1999-2005. O incremento destes ingresos debe poñerse en relación co carácter integrador do novo sistema de financiamento introducido en 2002, que acabamos de analizar, no que os recursos para financiar a sanidade deixan de ter carácter de condicionado –a Administración central transferíallos directamente ao Sergas–, e pasan a integrarse con carácter de incondicionado nos ingresos da Admi-

Cadro núm. 9

Ingresos autonómicos incondicionados. Administración xeral (en miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002	2003	2004	% variación 2004/2003	2005*
IRPF (tarifa autonómica)	297.214	286.673	631.591	675.606	863.255	27,8	815.760
Imposto sobre o patrimonio	39.925	41.078	46.923	49.347	44.797	-9,2	50.559
Imposto sobre sucesións e doazóns	82.385	94.331	90.073	96.173	105.043	9,2	111.119
Impostos directos	419.524	422.082	768.587	821.126	1.013.095	23,4	977.438
Imposto sobre transmisións patrimoniais	143.971	171.004	164.606	181.989	219.942	20,9	221.972
Imposto sobre actos xurídicos documentados	80.692	78.623	115.794	168.051	196.522	16,9	205.251
Imposto autonómico sobre o xogo	13.661	13.095	4.751	4.786	4.620	-3,5	5.143
Imposto sobre a contaminación atmosférica	4.724	4.579	15.583	15.443	17.226	11,5	20.174
Imposto sobre o valor engadido	–	–	846.231	895.700	973.564	8,7	1.072.660
Impostos especiais	–	–	501.262	542.374	562.936	3,8	573.890
Imposto especial sobre hidrocarburos	–	–	37.099	51.612	78.281	51,7	90.558
Impostos indirectos	243.049	267.300	1.685.326	1.859.956	2.053.091	10,4	2.189.649
Taxas sobre o xogo	56.696	66.854	68.457	71.614	70.525	-1,5	80.044
Resto das taxas	54.767	67.510	119.746	76.447	84.857	11,0	86.723
Total dos tributos propios e cedidos	774.036	823.746	2.642.116	2.829.143	3.221.568	13,9	3.333.853
Participación nos ingresos xerais do Estado (PIE). Fondo de suficiencia	1.827.106	1.997.192	2.549.898	2.650.103	2.792.465	5,4	3.289.244
PIE. Fondo de suficiencia. Liquidación dos exercicios anteriores	142.902	97.361	85.735	55.440	27.429	-50,5	0
Ingresos patrimoniais	9.369	13.339	9.696	10.049	8.126	-19,1	9.900
Outros ingresos incondicionados	1.569	1.435	930	115	924	703,1	400
TOTAL	2.754.980	2.933.074	5.288.376	5.544.850	6.050.511	9,1	6.633.397

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

nistración xeral da Comunidade Autónoma; en canto ao xeito de obtelos lévese a cabo mediante tributos ou mediante a participación no Fondo de Suficiencia.

O total de ingresos incondicionados recoñecidos no exercicio 2004 acadou a cifra de 6.050 millóns de euros, o que representa o 72,1% do total de ingresos da Administración xeral e un incremento do 9,1% respecto do ano anterior. Destaca dentro dos ingresos incondicionados a evolución da recadación polo IRPF —un 27,8% máis ca no ano 2003—, e polo imposto Retailista sobre hidrocarburos —un 51,7% máis—, resultado neste caso da introdución no exercicio 2004 dun tramo autonómico coa finalidade de dedicalo á mellora do nivel de prestacións sanitarias e á mellora ambiental, en especial no referente ao saneamento e ao abastecemento de augas.

As achegas en concepto de Fondo de Suficiencia, que xunto coas liquidacións de exercicios anteriores por este concepto representan o 46,6% do total de ingresos incondicionados, perden peso relativo pola mellor evolución dos ingresos por tributos propios e cedidos. De novo destes datos derivanse conclusións sobre o resultado do actual modelo de financiamento para Galicia. Os ingresos por tributos propios e cedidos medraron no ano 2004 un 13,9% fronte ao incremento do 5,4% do Fondo de Suficiencia, tendencia esta xeneralizada no conxunto das comunidades autónomas, o que beneficia aquelas comunidades nas que os ingresos tributarios teñen un maior peso relativo fronte ao Fondo de Suficiencia.

O resto de ingresos incondicionados de carácter non-financeiro veñen dados polos ingresos patrimoniais e polo alleamento de investimentos reais que acadan a cifra residual de 9 millóns de euros.

Ingresos condicionados

O total de ingresos condicionados liquidados pola Administración xeral no ano 2004 foi de 2.337 millóns de euros, o que representa o 29% do total de ingresos non-financeiros cun incremento do 6,8% respecto do exercicio anterior.

Dentro dos ingresos condicionados sobresaen aqueles que lles proporciona o Estado ás comunidades autónomas para seren aplicados a unha finalidade concreta. Cómpre

Cadro núm. 10

Ingresos autonómicos condicionados. Administración xeral (en miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002	2003	2004	% variación 2004/2003	2005*
Ingresos de solidariedade	505.864	441.287	685.256	772.882	911.315	17,9	735.499
■ Fondos da Unión Europea	346.752	324.282	536.747	630.723	751.365	19,1	562.518
■ Fondo de Compensación Interterritorial	159.112	117.005	148.509	142.159	159.950	12,5	172.981
Corporacións locais	556.791	591.483	617.859	651.669	718.030	10,2	690.140
Outros ingresos condicionados	414.693	444.698	630.773	765.084	708.437	-7,4	765.286
Total ingresos	1.477.347	1.477.469	1.933.888	2.189.635	2.337.782	6,8	2.190.925

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

diferenciar dous tipos: os recursos mediante os que se pretende facer efectivo o principio de solidariedade e a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais –Fondo de Compensación Interterritorial (FCI)–, e aqueles outros a través dos cales se realizan determinados obxectivos de política económica e social do Estado, mediante unha xestión e execución que é levada a cabo polas comunidades autónomas para o que reciben fondos a través de convenios e contratos-programa –subvencións correntes e de capital.

O Fondo de Compensación Interterritorial constitúe o principal instrumento de política rexional articulado desde a Administración central. Tras a reforma realizada en paralelo co sistema de financiamento introducido en 2002, son as súas beneficiarias as comunidades autónomas consideradas Rexións Obxectivo 1 pola Unión Europea –aquelas que teñen un PIB por habitante inferior ao 75% da media comunitaria– así coma as cidades autónomas. Os criterios de repartición do FCI teñen en conta 5 variábeis coas seguintes ponderacións: poboación relativa (87,5%); superficie (3%); paro (1%); saldo migratorio (1,6%); e dispersión da poboación (6,9%). O resultado de aplicar estas ponderacións corríxese en función da inversa da renda por habitante de cada territorio, de forma que as comunidades cuxa renda por habitante sexa superior á media do grupo perden recursos a prol daquelas de renda por habitante inferior. No cadro 11 recóllense as previsións presupostarias por este concepto para os anos 2004 e 2005, se ben na liquidación do exercicio 2004 o realmente liquidado foron 159,9 millóns de euros. Galicia segue a manterse como a segunda Comunidade Autónoma que máis recursos recibe tanto en termos de porcentaxe sobre o total (16%) coma en termos de

Cadro núm. 11

Evolución do Fondo de Compensación Interterritorial. Presupostos iniciais

	2004			2005			% variación 2004-2005
	Miles de euros	%	Euros/habitante	Miles de euros	%	Euros/habitante	
Andalucía	398.819	39,4	55,1	419.799	39,5	58,0	5,3
Asturias	44.672	4,4	42,4	48.580	4,6	46,1	8,7
Canarias	45.239	4,5	26,7	44.963	4,2	26,5	-0,6
Cantabria	8.910	0,9	16,9	9.754	0,9	18,5	9,5
Castela-A Mancha	78.919	7,8	46,1	82.754	7,8	48,3	4,9
Castela e León	70.059	6,9	28,4	73.053	6,9	29,6	4,3
Estremadura	81.269	8,0	75,6	83.549	7,9	77,7	2,8
Galicia	163.942	16,2	60,3	170.181	16,0	62,6	3,8
Murcia	41.755	4,1	37,1	42.611	4,0	37,9	2,1
C. Valenciana	61.995	6,1	15,3	70.460	6,6	17,4	13,7
Ceuta	7.815	0,8	–	8.206	0,8	–	5,0
Melilla	7.815	0,8	–	8.206	0,8	–	5,0
Total nacional	1.011.209	100,0	42,7	1.061.815	100,0	44,8	5,0

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas.

euros por habitante (62,6 euros), se ben experimenta unha lixeira diminución na porcentaxe total polo efecto da baixada na poboación e, en menor medida, pola corrección por renda.

Dentro dos ingresos condicionados procedentes do Estado, Galicia, igual ca Andalucía, Cataluña e Castela-A Mancha, integra nos seus presupostos, por mandato do seu Estatuto de autonomía, os ingresos das entidades locais, consistentes na participación nos ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, que logo lles transfiren a estas segundo os criterios establecidos ao respecto. Na liquidación do exercicio 2004 os dereitos recoñecidos por este concepto ascenderon a 718 millóns de euros, un 10,2% máis ca no exercicio anterior, que teñen correspondencia coas obrigas recoñecidas por este concepto en relación cos concellos e coas deputacións galegas.

Rematamos a análise dos ingresos condicionados recollendo de forma desagregada nos cadros 12 e 13 a contía e a evolución dos ingresos procedentes da Unión Europea, que ascenderon no ano 2004 a 547,2 millóns de euros, un 13% menos ca no exercicio anterior, debido principalmente á diminución das achegas no marco do IFOP —rematadas as axudas asociadas ao *Prestige*—, e do Feoga. Entre os diferentes Fondos Comunitarios teñen especial relevancia os chamados recursos estruturais: Fondos Estruturais Europeos (Feder, FSE, Feoga e IFOP) e o Fondo de Cohesión. Tanto os Fondos Estruturais coma o Fondo de Cohesión atenden á finalidade de favorecer un maior grao de cohesión económica e social no espazo comunitario. No caso dos Fondos Estruturais esta finalidade perséguese a través de políticas encamiñadas a conseguir un maior equilibrio entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións e dos distintos territorios que constitúen a Unión Europea, polo que a súa aplicación se inscribe no ámbito da política rexional. Pola súa banda, o Fondo de Cohesión atende a finalidade de favorecer o crecemento económico e a converxencia real dos Estados da Unión cun menor nivel de desenvolvemento, intentando garantir que o crecemento sexa compatíbel co mantemento dos seus equilibrios macroeconómicos e presupostarios.

Cadro núm. 12

Ingresos de solidariedade. Fondos europeos. Presupostos iniciais (en miles de euros)

Tipo de fondo	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005*
FSE	52.214,7	37.984,0	66.195,5	65.276,0	–	63.233,0	55.410,3
Feder	81.518,7	134.927,2	165.927,4	169.429,0	181.329,6	167.909,0	170.983,5
IFOP	61.569,4	64.284,3	77.109,9	77.061,0	149.800,5	89.162,0	106.570,3
Fondo de Cohesión	11.024,6	12.002,2	22.303,6	30.815,0	22.701,2	13.504,0	5.984,0
Feoga	136.155,7	131.255,0	167.568,2	168.585,0	276.186,0	198.102,0	215.028,8
Interreg	12.450,4	4.940,3	–	–	1.411,2	15.241,0	8.435,6
Outros	–	–	–	–	0,4	90,0	105,7
Total	354.933,5	385.393,0	499.104,5	511.166,0	631.428,9	547.241,0	562.518,2

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 13

Ingresos liquidados de solidariedade. Fondos europeos (en miles de euros)

Tipo de fondo	2002	2003	2004	2005*
FSE	59.659,6	–	164.200,2	55.410,3
Feder	180.445,0	181.329,6	162.179,1	170.983,5
IFOP	57.549,0	149.800,5	85.006,5	106.570,3
Fondo de Cohesión	35.902,5	22.701,2	26.060,5	5.984,0
Feoga	200.710,5	276.186,0	304.094,5	215.028,8
Interreg	–	1.411,2	9.824,5	8.435,6
Iniciativa Pesca	868,2	412,2	–	–
Outros	1.611,8	-1.117,2	847,1	105,7
Total	536.746,6	630.723,5	752.212,4	562.518,2

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Polo que respecta aos ingresos asociados a convenios, subvencións e contratos programa, Galicia recoñeceu dereitos no exercicio 2004 por importe de 708 millóns de euros. Destacan os destinados a actuacións no ámbito da familia, pesca e política agroalimentaria. A importancia da contía destes recursos xunto co feito de tratárense de políticas deseñadas principalmente pola Administración central e executadas polas autonomías, limitan a autonomía financeira e política das comunidades autónomas.

Ingresos financeiros

Os ingresos financeiros do presuposto consolidado ascenderon no exercicio 2004 á cantidade de 318 millóns de euros, o que representa o 3,4% do total de ingresos, e correspóndense na súa maior parte co recurso tradicional á débeda que realiza a Administración xeral. En relación coa débeda viva acumulada, no ano 2004 amortizáronse 222,9 millóns de débeda fronte aos 292,1 millóns de nova débeda subscrita, o que supón un incremento por importe de 69,1 millóns de euros. Tanto é así que o endebedamento acumulado acada o día 31 de decembro de 2004 a contía de 2.861,4 millóns de euros. A esta cantidade debería engadirse a débeda correspondente ás Sociedades Públicas que configuran o sector público autonómico, o que supoñería, segundo estimacións do Banco de España, un endebedamento total acumulado de 3.283 millóns de euros. Nos cadros 14 e 15 recóllese a evolución do endebedamento autonómico, tanto en termos absolutos coma en porcentaxe do PIB. Deste xeito, destaca neste último indicador a diminución en Galicia do peso relativo da débeda en relación co PIB, motivada pola evolución da economía e contención no recurso ao endebedamento derivado do escenario de estabilidade presupostaria.

Cadro núm. 14

Endebemento, amortizacións e débeda (en miles de euros)

Ano de orixe da débeda	Endebemento vixente o 1/1/2004	Endebemento 2004	Total	Amortizacións 2004	Débeda vixente o 31/12/2004
1990	75.874		75.874	34.772	41.101
1991	43.986		43.986	17.750	26.235
1992	174.263		174.263	6.003	168.261
1993	76.401		76.401	15.280	61.121
1994	117.004		117.004	31.521	85.483
1995	148.443		148.443	54.159	94.284
1996	178.065		178.065	8.347	169.718
1997	356.295		356.295	41.979	314.316
1998	236.495		236.495	4.426	232.069
1999	220.557		220.557	0	220.557
2000	250.000		250.000	0	250.000
2001	200.000		200.000	0	200.000
2002	275.948		275.948	5.948	270.000
2003	438.966		438.966	2.800	436.166
2004		292.118	292.118		292.118
Total	2.792.297	292.118	3.084.415	222.985	2.861.430

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 15

Débeda acumulada das comunidades autónomas do artigo 151 (en % do PIB)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Andalucía	7,5	8,5	9,1	8,8	8,2	8,3	8,0	7,4	7,0	6,5	5,9
Canarias	4,3	5,6	4,5	4,4	3,5	3,6	3,6	3,2	3,5	3,5	4,0
Cataluña	7,8	8,4	9,1	8,9	8,4	8,5	8,4	7,9	7,4	7,8	7,8
C. Valenciana	6,3	7,0	7,5	7,9	8,8	9,8	10,0	10,0	10,5	11,5	11,5
Galicia	8,3	8,8	9,0	9,0	9,3	9,4	9,0	8,5	8,1	7,7	7,4

Débeda computada segundo a metodoloxía do déficit excesivo.

Inclúe a débeda da Administración xeral da Comunidade Autónoma, das universidades, das empresas e dos organismos cualificados como Comunidade Autónoma para os efectos do cómputo dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Fonte: Banco de España.

Estrutura e dinámica dos gastos

Os gastos consolidados da Administración autonómica galega xunto cos dos organismos autónomos dela dependentes acadaron a cifra de 8.488 millóns de euros no ano 2004, deles un 71,5% teñen carácter de gasto corrente, un 24,4% son gastos de capital e o 4,1% restante son gastos financeiros. Estas obrigas recoñecidas e liquidadas no exercicio 2004 supoñen un incremento no gasto do 6,1% respecto do ano anterior.

Recollemos no cadro 16 a distribución do gasto da Administración xeral segundo a súa clasificación orgánica. Destacan de forma significativa as Consellarías de Sanidade e a de Educación e Ordenación Universitaria, que xestionan o 29,8% e o 21,1% respectivamente do total de gasto, seguidas en importancia, aínda que con moito menor volume de gasto, polas transferencias ás Corporación Locais: 9,7%, a Asuntos Sociais: 5,5%, a Política Agroalimentaria: 5,5,% e a Política Territorial: 5,35%.

Cadro núm. 16

Estrutura do gasto. Distribución orgánica. Administración xeral (en miles de euros)

	2003	2004		2005*
Seccións ¹	Total	Total	%	Total
01 Parlamento	13.949	15.874	0,2	18.138
02 Consello de Contas	4.110	4.498	0,1	7.109
03 Consello da Cultura Galega	2.330	2.090	0,0	2.435
04 Consellaría da Presidencia, RR. II. e Administración Pública	82.572	81.344	1,0	87.264
05 Consellaría de Economía e Facenda	115.648	194.081	2,4	150.158
06 Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	336.844	435.742	5,3	483.105
07 Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria	1.657.815	1.731.531	21,1	1.838.489
08 Consellaría de Innovación, Industria e Comercio	159.486	178.072	2,2	213.637
09 Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural	416.962	452.710	5,5	394.776
10 Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo	248.428	285.413	3,5	304.703
11 Consellaría de Sanidade	2.260.730	2.445.756	29,8	2.682.450
12 Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos	268.438	191.100	2,3	215.141
13 Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	101.848	108.198	1,3	113.111
14 Consellaría de Familia e Prom. Emprego, Muller e Xuventude	134.505	160.317	2,0	298.290
15 Consellaría de Medio Ambiente	246.345	269.579	3,3	318.004
16 Consellaría de Asuntos Sociais	426.616	448.851	5,5	323.036
17 Consellaría de Emigración e Cooperación Exterior	12.338	12.714	0,2	17.241
20 Consello Consultivo de Galicia	1.548	1.602	0,0	1.508
21 Transferencias a CC. LL.	711.233	795.441	9,7	754.042
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	554.986	346.960	4,2	523.655
23 Gastos de diversas consellarías	42.009	51.757	0,6	78.030
Total	7.798.742	8.213.630	100,0	8.824.322

* Presupostos iniciais.

¹ Denominación Presupostos 2005

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

No cadro 17 agregamos por grandes conceptos o gasto autonómico para os exercicios 2003 e 2004. O consumo público representa o 42,1% do total do gasto consolidado, as transferencias correntes o 27,8% e os gastos de capital o 24,4%. Polo que respecta á súa evolución destaca o incremento dos gastos de capital no ano 2004 que representaron un 19,1% máis ca no exercicio 2003.

Cadro núm. 17

Estrutura e crecemento do gasto (en miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 2004/2003		
			Absoluta	%	Repartición (%)
Consumo público	3.331.824	3.576.748	244.924	7,4	50,5
Transferencias correntes	2.263.032	2.366.567	103.535	4,6	21,3
Gastos de capital	1.738.434	2.071.248	332.815	19,1	68,6
Carga financeira	558.411	349.040	-209.370	-37,5	-43,2
Variación de activos financeiros	111.283	124.515	13.231	11,9	2,7
Total	8.002.984	8.488.119	485.135	6,1	100,0

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Consumo público

O agregado de consumo público identificámolo coa suma dos gastos de persoal e coa compra de bens e servizos, capítulos de gastos facilmente cuantificábeis, o que supón deixar sen imputarlle a este o consumo de capital fixo ou os posibles ingresos asociados á adquisición de bens e servizos correntes, de máis difícil identificación. No cadro 18 recóllese a liquidación destes capítulos no exercicio 2004 desagregando, pola súa contía, os relacionados coas funcións de sanidade e educación. O consumo público representou o 42,1% do total do gasto consolidado e experimentou un incremento do 7,3% respecto do ano anterior, porcentaxe superior ao incremento do gasto total. Nas funcións de sanidade e educación concéntrase a maior parte dos gastos en consumo público, ao representar o 81,5% do total do gasto de persoal e o 78,5% dos gastos en compra de bens e servizos do presuposto consolidado da Comunidade Autónoma, o que supón o 35,4% do gasto non-financeiro desta.

Cadro núm. 18

Consumo público autonómico. 2004 (en miles de euros)

	Educación	Sanidade	Outros	Total
Gastos de persoal	1.029.383	1.094.599	480.433	2.604.415
Compra de bens e servizos	154.110	609.986	208.238	972.334
Total	1.183.493	1.704.584	688.671	3.576.748
Porcentaxe sobre o total do gasto autonómico				42,14

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Transferencias correntes e de capital

Os gastos por transferencias da Comunidade Autónoma representan aqueles recursos que non son directamente administrados por ela; estes son achegados a outras administracións ou ao sector privado da economía. Unha vez consolidados os importes transferidos entre a Administración xeral e os organismos autónomos dependentes dela, as transferencias correntes e de capital ascenderon no ano 2004 a 3.439 millóns de euros, o que representa o 42,2% do gasto non-financeiro.

No cadro 19 recóllense as transferencias recoñecidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, que representan o 62% do total do seu gasto, segundo as entidades receptoras. Deixando fóra as transferencias destinadas aos organismos autónomos dependentes —a maior parte correspóndese cos recursos que a Administración xeral lle transferiu ao Sergas—, e as correspondentes ás corporacións locais —que teñen a súa orixe na participación destas entidades nos ingresos do Estado—, os maiores beneficiarios das transferencias da Administración xeral son as empresas e os entes públicos dependentes da Comunidade Autónoma, que recibiron 556 millóns de euros, cun incremento do 16% respecto do ano anterior, seguido das transferencias ás familias e ás institucións non-lucrativas, con 444 millóns de euros e as empresas privadas con 435 millóns de euros.

Cadro núm. 19**Gastos en transferencias correntes e de capital. Administración xeral**
(en miles de euros)

Entidades receptoras	2003			2004		
	Correntes	De capital	Total	Correntes	De capital	Total
Administración do Estado	253	912	1.165	439	384	823
Organismos autónomos administrativos	2.192.034	84.180	2.276.214	2.392.278	93.572	2.485.850
Organismos autónomos comerciais/industriais	13.984	161.113	175.097	15.937	190.880	206.817
Empresas e entes públicos	268.775	210.024	478.799	300.484	256.504	556.988
Corporacións locais	730.645	115.007	845.652	827.665	138.800	966.466
Empresas privadas*	114.089	328.696	442.785	85.335	350.413	435.748
Familias e institucións non-lucrativas	420.601	43.915	464.516	366.599	78.225	444.824
Exterior	3.844	2.356	6.200	3.309	2.384	5.693
Total	3.744.225	946.204	4.690.429	3.992.046	1.111.162	5.103.208
Porcentaxe sobre o total do gasto Administración xeral			60,1			62,1

* Inclúe os centros educativos concertados.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Investimentos

As obrigas recoñecidas no capítulo VI do presuposto de gasto consolidado representan o esforzo investidor directo realizado polo sector público autonómico. No exercicio 2004 ascendeu a 998 millóns de euros o que supón un 12,2% do total de gastos non-financeiros, de maneira que experimenta un incremento do 18,8% respecto do exercicio anterior, porcentaxe moi superior á do incremento do total do gasto consolidado. Esta cifra de investimentos representa o 2,3% do PIB galego, porcentaxe que se incrementa ao 4,8% se se engaden as transferencias de capital e ao 5,9% se consideramos tamén os gastos de capital das sociedades públicas.

Carga financeira

O gasto por xuros e amortizacións derivados do endebedamento dunha Administración constitúe a súa carga financeira, se ben para a súa axeitada valoración debe terse en conta que parte da amortización da débeda se debe aos procesos de refinanciamento, para o que temos que poñela en relación cos ingresos recoñecidos por endebedamento durante o exercicio. No cadro 20 recóllese a evolución da carga financeira da Administración autonómica galega para o período 1995-2005, as variacións entre exercicios teñen a súa causa nos procesos de refinanciamento da débeda; así, incrementábase a débeda viva a finais do exercicio 2004 nun total de 69,1 millóns de euros. Destaca o incremento das previsións de gastos por xuros para o exercicio 2005 derivadas da suba de tipos nos mercados financeiros.

Cadro núm. 20

Carga financeira da Administración autonómica (en miles de euros)

	Xuros	Amortizacións	Carga financeira
1995	203.202	119.073	322.275
1996	229.956	117.708	347.664
1997	197.731	122.637	320.368
1998	185.987	130.708	316.696
1999	178.230	137.433	315.662
2000	175.227	199.446	374.673
2001	177.506	215.524	393.029
2002	155.407	210.948	366.355
2003	144.762	413.648	558.410
2004	124.747	222.985	347.732
2005*	138.241	386.531	524.771

* Presupostos iniciais

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Clasificación funcional

Para rematarmos coa análise da estrutura e coa evolución do gasto público autonómico galego, recollemos no cadro 21, para os exercicios 2000-2004, a súa clasificación funcional por grandes grupos de funcións para a Administración xeral. Destaca o peso dos gastos en produción de bens públicos de carácter social, no que se integran as funcións de educación e sanidade, que representan o 57,7% do total do gasto. Polo que respecta ás variacións durante o período analizado —se descontamos a reclasificación funcional realizada no ano 2004—, tan só paga a pena destacar o lixeiro incremento da función de produción de bens públicos de carácter económico, en correspondencia co forte incremento que no dito exercicio experimentaron os investimentos dentro do total do gasto.

Cadro núm. 21

Gasto público autonómico. Administración xeral. Grupos de funcións

Descrición	2000		2002		2004	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
1. Servizos de carácter xeral	138.991	3,1	168.600	2,4	184.463	2,2
■ Alta dirección da Comunidade Autónoma	25.492	0,6	29.358	0,4	30.513	0,4
■ Administración xeral	113.499	2,6	136.866	1,9	153.950	1,9
■ Administración electoral e partidos			2.377	0,0	0	0,0
2. Seguridade, protección e promoción social	428.571	9,7	504.942	7,1	596.878	7,3
■ Seguridade Social e protección social	210.603	4,7	261.663	3,7	334.385	4,1
■ Protección civil e seguridade	10.147	0,2	11.343	0,2	13.236	0,2
■ Protección do emprego	207.821	4,7	231.936	3,2	249.256	3,0
3. Produción de bens públicos de carácter social	1.968.911	44,4	4.191.951	58,6	4.736.828	57,7
■ Sanidade	87.063	2,0	2.149.652	30,1	2.445.580	29,8
■ Educación	1.445.374	32,6	1.608.574	22,5	1.735.153	21,1
■ Vivenda e urbanismo	82.644	1,9	74.882	1,0	94.887	1,2
■ Benestar comunitario	111.045	2,5	99.246	1,4	138.629	1,7
■ Cultura	150.521	3,4	158.138	2,2	213.729	2,6
■ Outros servizos comunitarios e sociais	92.265	2,1	101.459	1,4	108.850	1,3
4. Produción de bens públicos de carácter económico	340.306	7,7	434.705	6,1	616.817	7,5
■ Infraestrutura básica e do transporte	190.985	4,3	248.836	3,5	366.419	4,5
■ Outras infraestruturas	102.673	2,3	122.306	1,7	171.202	2,1
■ Investigación científica, técnica e aplicada	40.780	0,9	58.635	0,8	73.493	0,9
■ Información estatística básica	5.868	0,1	4.927	0,1	5.702	0,1
5. Regulación económica de carácter xeral	96.163	2,2	100.057	1,4	134.286	1,6
■ Actuacións económicas xerais	24.336	0,5	24.084	0,3	25.058	0,3
■ Comercio	14.259	0,3	9.592	0,1	30.346	0,4
■ Actividades financeiras	57.568	1,3	66.381	0,9	78.882	1,0
6. Regulación económica de sectores produtivos	338.040	7,6	515.090	7,2	503.546	6,1
■ Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	236.299	5,3	370.678	5,2	434.011	5,3
■ Industria	8.293	0,2	12.179	0,2	13.454	0,2
■ Enerxía	10.656	0,2	15.893	0,2	18.397	0,2
■ Minaría	1.334	0,0	1.339	0,0	3.302	0,0
■ Turismo	3.499	0,1	3.045	0,0	34.382	0,4
■ Industrialización e reordenación industrial	77.394	1,7	59.843	0,8		0,0
■ Desenvolvemento empresarial	565	0,0	52.113	0,7		0,0

[Continúa] ►

Cadro núm. 21 (continuación)

Gasto público autonómico. Administración xeral. Grupos de funcións

Descrición	2000		2002		2004	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
7. Apoio sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	171.893	3,9	193.466	2,7	296.592	3,6
■ Complexo agro-gandeiro	36.009	0,8	41.003	0,6		
■ Complexo mar-industria	73.882	1,7	81.551	1,1		
■ Complexo silvicultura-madeira	14.198	0,3	12.757	0,2		
■ Complexos prioritarios do sector industrial	15.646	0,4	11.205	0,2		
■ Complexo turismo, loxística e servizos	32.158	0,7	46.950	0,7		
■ Apoio á creación e á ampliación empresas					202.696	2,5
■ Desenvolvemento empresarial					93.896	1,1
8. Transferencias a entidades locais	579.716	13,1	680.205	9,5	797.261	9,7
■ Transferencias a entidades locais	579.716	13,1	680.205	9,5	797.261	9,7
9. Débeda pública	372.392	8,4	361.362	5,1	346.960	4,2
■ Débeda pública	372.392	8,4	361.362	5,1	346.960	4,2
TOTAIS	4.434.983	100,0	7.150.378	100,0	8.213.630	100,0

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Conta financeira

Para afondar na análise da operativa económico-financieira do sector público autonómico galego resulta de interese poñer en relación as principais magnitudes de ingresos e gastos para o que se cuantifican os diferentes conceptos que integran a conta financeira e o cálculo dos saldos presupostarios. Nos cadros 22 a 25 recolleemos as cifras relativas á conta financeira dos exercicios 2003 e 2004, a evolución do aforro e déficit presupostario para o período 1999-2004 e os estados de liquidación do presuposto da Administración xeral e do presuposto consolidado do exercicio 2004.

Polo que respecta á conta financeira derivada do presuposto consolidado –cadro 22–, destaca a evolución do aforro bruto, ou aforro por operacións correntes –diferenza positiva entre os ingresos e os gastos correntes–, que se incrementou un 62% no ano 2004 respecto do exercicio anterior e que acadou a cifra de 1.300 millóns de euros. Este maior aforro bruto permitiu, cuns ingresos de capital similares aos do exercicio 2003, dispoñer de maiores recursos non-financieros e, con iso, poder incrementar os gastos de capital nun 19%, ata os 2.071 millóns de euros, e aínda xerar unha capacidade de financiamento –diferenza positiva entre ingresos non-financieros e gastos non-financieros– de 185 millóns de euros.

Con esta capacidade financeira cubriuse o saldo negativo da variación de activos financeiros, por importe de 97,7 millóns de euros, e isto deu lugar a un resultado presupostario do exercicio de 87,3 millóns de euros, que xunto co endebedamento neto de 69,1 millóns de euros dá lugar a un saldo presupostario do exercicio 2004 de 156,4

Cadro núm. 22

Conta financeira. Presuposto consolidado (en millóns de euros)

	2003	2004	Variación 2004/2003	
			Absoluta	%
Aforro bruto¹	802.177	1.300.633	498.456	62,14
Recursos dispoñíbeis non-financeiros ²	1.769.158	2.256.279	487.121	27,53
Gastos de capital ³	1.738.434	2.071.248	332.814	19,14
Capacidade (-) / Necesidade (+) de financiamento⁴	-30.724	-185.031	-154.307	502,23
Variación de activos financeiros ⁵	88.529	97.743	9.214	10,41
Amortizacións ⁶	413.648	222.985	-190.663	-46,09
Endebemento bruto ⁷	438.966	292.118	-146.848	-33,45
Endebemento neto⁸	25.318	69.133	43.815	173,06

Obtención da capacidade (-) / necesidade (+) de financiamento:

¹ Ingresos correntes menos gastos correntes. Capítulos 1 a 5 do presuposto de ingresos e gastos.

² Ingresos de capital máis aforro bruto. Capítulos 6 e 7 de ingresos máis (1).

³ Comprende os capítulos 6 e 7 do presuposto de gastos, é dicir, investimentos reais e transferencias de capital.

⁴ Gastos de capital menos recursos dispoñíbeis. Capítulos 6 e 7 de gastos menos (2). É o déficit non-financeiro.

⁵ Diferenza neta entre os gastos e ingresos de activos financeiros. Capítulo 8 de gastos e ingresos.

⁶ Comprende o capítulo 9 de gastos. Pago anual de anualidades por capital debido.

⁷ Ingresos obtidos por endebedamento.

⁸ Correspóndese co endebedamento bruto menos as amortizacións.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 23

Aforro e «déficit» presupostario. Presuposto consolidado (en miles de euros)

Conceptos	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Aforro bruto	610.722	658.326	801.059	784.374	802.177	1.300.633
Aforro neto	473.289	458.880	585.535	573.426	388.529	1.077.648
Necesidade de financiamento	5.155	2.427	57.417	-87.797	-30.724	-185.031
Déficit primario	-173.074	-172.799	-120.089	-243.204	-175.486	-311.086
Necesidade de endebedamento	37.551	19.439	155.550	47.097	57.805	-87.288
Débeda neta	108.152	60.101	0	65.000	25.318	69.133

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

millóns de euros. Ao restar do saldo presupostario as desviacións de financiamento positivas nos gastos con financiamento afectado e se sumamos as desviacións de financiamento negativas nos gastos con financiamento afectado obtemos un *superávit* de financiamento para o exercicio 2004 de 70,2 millóns de euros para o conxunto do presuposto consolidado.

Cadro núm. 24

Estado de liquidación do presuposto. Presuposto consolidado (en miles de euros)

CONCEPTO	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	7.370.004	6.069.371	1.300.633
(+) Operacións de capital	955.646	2.071.248	-1.115.602
1. (+) Operacións non-financeiras	8.325.650	8.140.619	185.031
2. (+) Operacións con activos financeiros	26.772	124.515	-97.743
I. Resultado presupostario do exercicio (1+2)	8.352.422	8.265.134	87.288
II. Variación neta de pasivos financeiros	292.118	222.985	69.133
III. Saldo presupostario do exercicio (I+II)			156.421
3. (-) Desviacións de financiamento positivas por recursos do exercicio en gastos con financiamento afectado			100.576
4. (+) Desviacións de financiamento negativas en gastos con financiamento afectado			14.360
IV. Superávit de financiamento do exercicio (III-3+4)			70.205

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 25

Estado de liquidación do presuposto. Administración xeral (en miles de euros)

CONCEPTO	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	7.196.474	5.986.474	1.210.000
(+) Operacións de capital	874.817	1.883.760	-1.008.943
1. (+) Operacións non-financeiras	8.071.291	7.870.233	201.057
2. (+) Operacións con activos financeiros	24.885	120.412	-95.527
I. Resultado presupostario do exercicio (1+2)	8.096.176	7.990.645	105.530
II. Variación neta de pasivos financeiros	292.118	222.985	69.133
III. Saldo presupostario do exercicio (I+II)			174.663
3. (-) Desviacións de financiamento positivas por recursos do exercicio en gastos con financiamento afectado			100.576
4. (+) Desviacións de financiamento negativas en gastos con financiamento afectado			14.360
IV. Superávit de financiamento do exercicio (III-3+4)			88.447

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Os organismos autónomos

Aínda que as cifras agregadas dos presupostos liquidados dos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica as analizamos parcialmente nos apartados anteriores, ao incluílas dentro do presuposto consolidado daquela, recolleemos nos cadros 26 a 28 os seus presupostos liquidados de ingresos e gastos diferenciando segundo o seu carácter administrativo ou comercial.

Dentro dos organismos autónomos administrativos destaca pola contía dos recursos administrados o Servizo Galego de Saúde, que é o instrumento do que a Comunidade Autónoma exerce a función sanitaria. O total de obrigas liquidadas polo Sergas no ano 2004 ascendeu a 2.574 millóns de euros, un 9,9% máis ca no exercicio 2003, que se financian na súa maior parte polas transferencias correntes da Administración xeral da Comunidade Autónoma. En relación co resto de organismos autónomos administrativos cómpre salientar unicamente a Augas de Galicia, que xestionou un total de 103 millóns de euros, dos que 98 se corresponden con gastos de capital, se ben hai

Cadro núm. 26

Ingresos/gastos dos organismos autónomos administrativos. 2004 (en miles de euros)

	Sergas	EGAP	IGE	Augas	AGS	SIGI	IGC	Total
Ingresos								
Impostos directos								
Impostos indirectos								
Taxas e outros ingresos	37.877	17	2	19.288	0	10	413	57.608
Transferencias correntes	2.521.418	3.357	2.786	3.013	1.928	9.550	4.087	2.546.139
Ingresos patrimoniais	19	12	5	77	12	6	7	139
Total ingresos correntes	2.559.315	3.386	2.793	22.378	1.940	9.567	4.507	2.603.886
Alleamento investimentos reais								
Transferencias de capital	13.125	61	1.947	81.140	0	47	1.517	97.838
Total ingresos de capital	13.125	61	1.947	81.140	0	47	1.517	97.838
Total ingresos non-financeiros	2.572.440	3.447	4.740	103.518	1.940	9.614	6.024	2.701.724
Variación de activos financeiros	1.862						4	1.866
Variación de pasivos financeiros								
Total ingresos financeiros	1.862	0	0	0	0	4	0	1.866
TOTAL INGRESOS	2.574.302	3.447	4.740	103.518	1.940	9.618	6.024	2.703.589
Gastos								
Gastos de persoal	1.064.515	844	2.135	3.992	601	929	2.938	1.075.954
Compras de bens e servizos	608.817	2.302	376	1.065	1.236	1.115	468	615.379
Xuros	348	0		1				349
Transferencias correntes	773.719	244	699	0	60	7.879	1.312	783.912
Total gastos correntes	2.447.398	3.390	3.210	5.059	1.896	9.923	4.718	2.475.595
Investimentos reais	122.106	79	1.594	19.397	59	47	1.107	144.389
Transferencias de capital	614		0	78.768			273	79.654
Total gastos de capital	122.719	79	1.594	98.164	59	47	1.380	224.043
Total gastos non-financeiros	2.570.117	3.469	4.804	103.224	1.955	9.970	6.099	2.699.638
Variación de activos financeiros	2.034							2.034
Variación de pasivos financeiros								
Total gastos financeiros	2.034	0	0	0	0	0	0	2.034
TOTAL GASTOS	2.572.151	3.469	4.804	103.224	1.955	9.970	6.099	2.701.672

Cadro núm. 27

Ingresos/gastos dos organismos autónomos comerciais. 2004 (en miles de euros)

	IGVS	FGGA	IGAEM	Total
Ingresos				
Impostos directos				
Impostos indirectos				
Taxas e outros ingresos	1.179	84		1.262
Transferencias correntes	8.551	4.527	2.859	15.937
Ingresos patrimoniais	1.011	92	361	1.465
Total ingresos correntes	10.741	4.703	3.220	18.664
Alleamento investimentos reais	61.504			61.504
Transferencias de capital	74.116	126.872	5.673	206.662
Total ingresos de capital	135.620	126.872	5.673	268.166
Total ingresos non-financeiros	146.361	131.575	8.893	286.829
Variación de activos financeiros	21			21
Variación de pasivos financeiros				
Total ingresos financeiros	21	0	0	21
TOTAL INGRESOS	146.383	131.575	8.893	286.851
Gastos				
Gastos de persoal	6.520	3.786	1.686	11.992
Compras de bens e servizos	2.231	822	690	3.743
Xuros	959	0	0	959
Transferencias correntes	38.921	525	183	39.629
Total gastos correntes	48.631	5.133	2.558	56.322
Investimentos reais	73.398	1.888	6.198	81.484
Transferencias de capital	42.384	124.752		167.136
Total gastos de capital	115.782	126.640	6.198	248.620
Total gastos non-financeiros	164.413	131.773	8.756	304.942
Variación de activos financeiros	2.069			2.069
Variación de pasivos financeiros				
Total gastos financeiros	2.069	0	0	2.069
TOTAL GASTOS	166.482	131.773	8.756	307.011

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

que ter en conta que a maior parte destes son transferencias de capital que executa finalmente a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). Por último, e igual que vén ocorrendo en exercicios anteriores, destaca o feito de que, agás o Sergas e Augas de Galicia, os cinco organismos autónomos administrativos restantes liquidaron os seus presupostos do exercicio cunha situación de desequilibrio.

Polo que respecta aos organismos autónomos de carácter comercial, destaca o importante incremento no gasto do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que é o órgano a través do cal a Comunidade Autónoma galega exerce a súa política de vivenda, que liquidou gasto por importe de 166,4 millóns de euros, o que supón un

incremento do 51%, e un desequilibrio presupostario de 20 millóns de euros. Este desequilibrio presupostario financiouse co superávit do exercicio anterior. Tamén é significativo o volume de recursos xestionados polo Fondo Galego de Garantía Agraria (FGGA), que recoñeceu obrigas por importe de 131,7 millóns de euros, dos que 126 foron transferidos ao sector agroalimentario como gastos de capital.

Cadro núm. 28

Ingresos do Sergas. Dereitos recoñecidos (en miles de euros)

Conceptos	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005*
Taxas e outros ingresos	31.938	29.621	35.065	37.377	37.604	37.877	38.354
Transferencias correntes	1.812.659	1.937.877	2.058.589	2.222.853	2.257.832	2.521.418	2.712.597
■ <i>Insalud/Instituto Social da Mariña</i>	1.740.314	1.849.882	1.982.459	94.053	33.278	57.191	50.470
■ <i>Comunidade Autónoma</i>	29.508	33.866	32.241	2.078.418	2.169.793	2.368.370	2.607.001
■ <i>Liquidación garantía sanitaria</i>	-	-	-	-	-	36.796	-
■ <i>Outras</i>	42.837	54.129	43.889	50.382	54.761	59.061	55.12-6
Transferencias de capital	1.737	4.915	15.601	13.855	49.420	13.125	144
■ <i>Insalud/Instituto Social da Mariña</i>	474	356	-	535	-	-	-
■ <i>Comunidade Autónoma</i>	1.143	4.308	15.168	13.310	29.937	12.852	144
■ <i>Outras</i>	120	251	433	10	19.483	273	-
Activos financeiros	2.200	2.229	1.999	1.899	1.873	1.881	625
Total ingresos	1.848.533	1.974.641	2.111.255	2.275.984	2.346.729	2.574.302	2.751.721

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

As empresas públicas

Nos últimos anos está adquirindo cada vez máis importancia dentro do sector público autonómico o subsector das empresas públicas dependente del. Este estaba constituído no ano 2004 por 8 entes públicos, 11 fundacións e 18 sociedades mercantís.

Recollemos no cadro 29 a evolución dos presupostos iniciais destas entidades para o período 1995-2005. Destaca o feito de que a súa actividade, medida en termos de recursos administrados, incrementouse nun 286% durante ese período, representando neste momento case o triplo do conxunto dos organismos autónomos tanto administrativos coma comerciais, excluído o Sergas.

Nos cadros 30 e 31 recolleemos os presupostos de cada un dos entes, das fundacións e das sociedades mercantís para o período 1998-2005. Para este último ano diferenciamos entre o presuposto de explotación e o de capital. Destacan dentro dos entes públicos a Compañía da Radio e Televisión de Galicia, cun presuposto de 129 millóns de euros, o Igape, con 110 millóns de euros, a EPOSH, con 84 millóns e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia con 58 millóns de euros. Á súa vez, polo que respecta ás sociedades públicas sobresaen os recursos administrados pola Sociedade Pública de Investimentos (SPI), con 97 millóns de euros, Sogama (Sociedade Galega de

Medio Ambiente), con 90 millóns de euros, Xestur Lugo, con 76 millóns de euros e a Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, con 64 millóns de euros.

O financiamento destas entidades públicas provén principalmente da Administración xeral da Comunidade Autónoma que lles transferiu durante o exercicio 2004, en concepto de transferencias correntes e de capital, un total de 556,9 millóns de euros, o que supón o 58% do seu presuposto de gastos. O recurso ao endebedamento presupostado para o ano 2005 ascende a 165 millóns de euros, o que representa o 14,5% do gasto previsto para este exercicio, e concéntrase principalmente na SPI, nas Xestures e na Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense. Da análise individualizada das actividades realizadas por cada unha destas entidades, xunto coas conclusións globais sobre o seu financiamento, ponse de mani-

Cadro núm. 29

Presupostos iniciais de entes, fundacións e sociedades mercantís (en miles de euros)

	Entes e fundacións públicas	Sociedades mercantís	Total
1995	142.632	151.377	294.009
1996	170.110	135.450	305.561
1997	182.894	128.989	311.883
1998	225.993	364.370	590.362
1999	248.717	505.902	754.619
2000	267.691	429.261	696.952
2001	312.220	380.549	692.769
2002	436.833	381.809	818.642
2003	463.902	419.863	883.765
2004	533.970	419.874	953.844
2005	581.102	554.371	1.135.473
% variación 1995-2005	307,4	266,2	286,2

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 30

Entes e fundacións públicas. Presupostos iniciais (en miles de euros)

									2005		
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	Explotación	Capital	Total	
CRTVG	89.851	108.921	105.303	102.659	113.014	116.355	126.515	114.346	15.118	129.464	
Igape	66.538	72.686	72.079	79.706	87.427	90.769	97.419	101.123	8.973	110.096	
Fundación Hospital de Verín	8.552	8.655	9.111	9.298	9.174	9.226	9.513	9.871	162	10.033	
Portos de Galicia	27.130	28.031	28.728	30.153	35.974	36.657	42.932	18.937	29.950	48.887	
Obras e servizos hidráulicos	1.623	1.923	1.244	715	63.974	61.462	71.370	3.475	80.605	84.080	
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.875	1.953	2.849	2.596	2.357	2.034	2.775	2.038	225	2.263	
Consello Económico e Social	793	823	896	986	994	1.003	1.025	1.033	42	1.075	
Fundación Hospital do Barbanza	7.981	8.865	11.023	11.906	12.463	12.644	13.524	14.163	143	14.306	
Fundación Hospital Virxe da Xunqueira	5.403	9.298	9.839	11.059	10.404	10.739	11.649	11.733	175	11.908	
CIXTEC	5.409	5.349	10.025	9.857	15.061	15.066	16.504	12.014	5.333	17.347	
Fundación Escola Galega de Admón. Sanitaria	5.415	1.448	1.803	2.440	2.590	2.673	3.782	3.505	450	3.955	
Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia 061	-	-	14.172	16.402	21.706	24.155	27.212	29.147	288	29.435	

[Continúa] ►

Cadro núm. 30 (continuación)

Entes e fundacións públicas. Presupostos iniciais (en miles de euros)

	2005							2005		
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	Explotación	Capital	Total
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	-	-	-	28.362	18.877	25.154	55.917	1.114	57.800	58.914
Instituto Enerxético de Galicia	-	-	-	2.374	2.687	3.617	3.762	2.440	1.560	4.000
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	-	-	-	-	15.067	18.478	14.104	14.842	37	14.879
Fundación Hospital Comarcal do Salnés	-	-	-	5.073	24.407	12.677	13.744	14.485	133	14.618
Fundación Foro Galego e Iberoamericano de Saúde	5.421	763	619	1.010	657	898	702	2.063	29	2.092
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	-	-	-	-	-	20.295	21.521	22.327	890	23.217
Fundación Pública de Medicina Xenómica	-	-	-	-	-	-	-	512	21	533
Total	225.993	248.717	267.691	314.594	436.833	463.902	533.970	379.168	201.934	581.102

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 31

Sociedades mercantís. Presupostos iniciais (en miles de euros)

	2005							2005		
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	Explotación	Capital	Total
Sogama	96.907	187.894	199.512	177.635	187.106	173.590	85.853	75.801	15.175	90.976
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística	8.715	9.917	10.518	11.011	12.700	13.326	15.603	6.858	15.591	22.449
Xestur A Coruña	27.310	13.793	10.331	9.334	14.478	30.880	29.075	26.090	3.238	29.328
Xestur Lugo	2.693	1.767	3.684	5.884	6.568	9.703	35.214	41.687	34.427	76.114
Xestur Ourense	5.740	5.103	25.453	14.737	25.370	36.389	43.782	32.992	16.474	49.466
Xestur Pontevedra	3.300	1.382	10.602	22.400	22.788	15.942	36.158	22.554	4.909	27.463
Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo	25.579	39.138	24.966	24.864	24.697	24.751	34.290	27.622	7.688	35.310
Sociedade de Xestión Centro Supercomputación	2.687	2.933	2.314	2.554	6.130	6.563	4.100	2.117	237	2.354
Sociedade de Desenvolvemento Comarcal	3.913	4.490	4.363	5.199	6.447	6.627	8.057	5.984	2.280	8.264
Instituto Galego de Medicina Técnica	19.004	31.589	17.171	21.763	21.634	24.381	28.586	24.668	9.295	33.963
Galicia Calidade	962	1.022	1.190	1.569	1.606	1.646	1.660	758	834	1.592
Sodiga	5.674	17.063	3.125	12.681	9.378	7.889	3.110	2.104	1.095	3.199
Galiol	523	12	-	-	-	-	-	-	-	-

[Continúa] ▶

Cadro núm. 31 (continuación)**Sociedades mercantís. Presupostos iniciais (en miles de euros)**

								2005		
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	Explotación	Capital	Total
Xestión Enerxética de Galicia	1.767	1.581	1.527	–	–	–	–	–	–	–
Centro Europeo de Empresas e Innovación	667	679	1.298	1.569	2.048	2.164	2.318	2.185	36	2.221
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	158.932	187.540	106.908	62.175	33.402	58.360	66.633	3.683	93.511	97.194
Xenética Fontao, S.A.	–	589	721	751	1.099	1.358	1.639	2.260	390	2.650
Redes de Telecomunicación Galegas S.A.	–	871	4.255	4.387	4.532	4.652	5.122	4.982	582	5.564
XesGalicia S.A.	–	–	1.322	2.037	1.826	1.642	1.604	1.574	203	1.777
Autoestrada Alto de San Domingos - Ourense	–	–	–	–	–	–	17.070	2.451	62.036	64.487
Total	364.370	507.362	429.261	380.549	381.809	419.863	419.874	286.370	268.001	554.371

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

festos o seu carácter simplemente instrumental para a prestación de servizos públicos competencia da Administración autonómica ou para o financiamento de investimentos mediante o recurso ao endebedamento.

O sector público local galego

O sector público local galego está constituído polo conxunto dos 315 concellos no que se subdivide o territorio de Galicia, catro deputacións en correspondencia coa división provincial, 43 mancomunidades resultado da asociación de municipios –13 na Coruña, 4 en Lugo, 14 en Ourense, e 12 en Pontevedra–, 21 consorcios de ámbito local, e 9 entidades menores –1 en Ourense e 8 en Pontevedra. A estes axentes deben engadírase as empresas públicas e organismos autónomos dependentes deles que, segundo o último inventario do Ministerio de Economía e Facenda, ascenden a 36 entes, se ben esta cifra debe ser valorada con precaución ao non contemplar aquelas entidades cunha participación minoritaria dos axentes locais.

Na medida en que as características máis salientábeis do sector público local galego se veñen mantendo de forma inalterada nos últimos anos, parécenos máis oportuno

Cadro núm. 32**Endebedamento das sociedades mercantís (en miles de euros)**
Variación de pasivos. Presupostos iniciais

Sociedades mercantís	
1997	35.183
1998	196.038
1999	256.272
2000	244.125
2001	178.362
2002	167.015
2003	162.864
2004	95.953
2005	165.940

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

afondar nesta edición na problemática global do conxunto dos municipios españois, en especial no referido á situación económica e aos problemas de xestión, como marco no que os concellos galegos presentan determinados trazos específicos.

O panorama municipal no conxunto do Estado español

Se contextualizamos os municipios españois no ámbito europeo atopámonos con que, a pesar de que a converxencia en termos de PIB per capita supera o 80% da UE-15, a capacidade de gasto das corporacións locais españolas non chega ao 40%: 1.045 euros por habitante fronte a unha media ponderada de máis de 2.500 euros. O resultado é o mesmo se analizamos o peso relativo dentro do gasto público, que se sitúa arredor do 13%, na parte máis baixa dos países da UE-15, segundo o recollido no cadro 33 para o exercicio 2002. Aínda que as competencias non son as mesmas, estas diferenzas reflicten a distancia no recoñecemento da función local e os recursos para levala a cabo.

Ao achegármonos á realidade dos problemas dos concellos na busca dun marco común de solucións, atopámonos con diferentes tipoloxías que condicionan fortemente

Cadro núm. 33

Participación comparada do gasto local no gasto público na UE-15

Gastos de 2002 (en millóns de euros)

	% participación	(A) Gasto AA. LL.	(B) Millóns de habitantes	(A/B) Gasto/ habitante	Gastos local/ UE-15 (%)
Alemaña	14,44	154.920	82,44	1.879,18	72,4
Francia	18,24	154.700	59,34	2.607,01	100,4
Reino Unido	26,60	163.465	59,10	2.765,91	106,5
Italia	29,62	185.370	57,80	3.207,09	123,5
España	13,10	42.969	41,09	1.045,73	40,3
Total 5 grandes países	20,53	701.424	299,77	2.339,87	90,2
Países Baixos	34,82	72.463	16,10	4.500,81	173,3
Suecia	45,58	66.010	8,90	7.416,85	285,6
Dinamarca	56,50	60.047	5,38	11.161,15	429,7
Finlandia	38,90	26.759	5,20	5.145,96	198,1
Total países nórdicos	42,84	225.279	35,58	6.331,62	243,8
Bélxica	13,30	17.187	10,30	1.668,64	64,2
Austria	13,40	17.900	8,04	2.226,37	85,7
Grecia	5,52	3.641	10,90	334,04	12,9
Portugal	10,40	6.214	10,30	603,30	23,2
Irlanda	26,00	11.210	3,90	2.874,36	110,7
Luxemburgo	14,50	1.331	0,44	3.025,00	116,5
Total resto países	13,17	57.483	43,88	1.310,00	50,4
Total UE-15	22,57	984.186	379,23	2.595,22	100,0

a organización e o desenvolvemento dos servizos e as actividades, a súa xestión e o financiamento.

Por unha banda, a maior parte da poboación española reside no medio urbano das grandes cidades e en espazos próximos que constitúen verdadeiras áreas metropolitanas, estean ou non configuradas como tales. Estes municipios posúen estruturas técnico-administrativas que permiten desenvolver unha xestión autónoma e racional dos ingresos e dos gastos, o que dá lugar a unha rede de actividades e servizos máis axeitada e eficiente e, polo tanto, están en condicións para que determinados servizos sexan obxecto dun enfoque de planificación, xestión e financiamento desde unha perspectiva plurimunicipal.

Xunto ao anterior, coexisten un importante número de municipios moi pequenos en termos de poboación —o 60% dos municipios españois, case 5.000, teñen menos de 1.000 habitantes—, con tendencia ao envellecemento e ao despoboamento, e con difíciles perspectivas de desenvolvemento. A maior parte deles configúranse como pequenos núcleos de poboación ou hábitats espallados que condicionan a organización e o financiamento de equipamentos e servizos.

Nesta realidade dual, os municipios españois materializan un crecente desaxuste entre as competencias delimitadas legalmente como propias e as funcións reais que asumen, todo iso nun marco de financiamento insuficiente que se ve agravado por este feito.

Segundo o marco legal vixente, todos os municipios teñen a obriga de prestar os seguintes servizos: iluminación, cemiterios, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación, pavimentación de vías públicas e control de alimentos. Os municipios de máis de 5.000 habitantes, ademais dos anteriores, deben prestar os servizos relacionados con parques públicos, bibliotecas públicas, mercados e tratamento de residuos. Os de máis de 20.000 teñen competencias tamén en protección civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, instalacións deportivas de uso público e matadoiro. Finalmente, os de máis de 50.000 habitantes, xunto ás anteriores, deben prestar servizos de transporte urbano de viaxeiros e protección do medio.

Este marco legal está hoxe moi superado, debido en gran medida ao proceso de rápida modernización da nosa sociedade nun contexto de descentralización asociado ao Estado das Autonomías. Esta descentralización realizouse sen unha axeitada planificación na concertación dos recursos entre os tres niveis da administración, ao cinxirse exclusivamente ao nivel autonómico sen un segundo proceso de descentralización cara aos municipios. Pese a iso, os concellos, en paralelo ao desenvolvemento competencial autonómico, comezaron a asumir actividades e servizos por riba das súas competencias sen unha correspondencia no incremento do seu financiamento. En determinados servizos empuxados polas propias comunidades autónomas que iniciaban actividades próximas aos cidadáns que logo deixaban de financiar ao vérense obrigados os concellos a asumilas. Noutros, reciben a presión das demandas dos cidadáns por mor da súa percepción de que os ditos servizos son obriga da administración máis próxima a eles.

Esta realidade está agora contrastada nos estudos que a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) realizou sobre o volume de recursos destinados polos concellos aos chamados gastos impropios. O resultado das estimacións realizadas permite concluír que aproximadamente un 26,7% do gasto total liquidado polos concellos no ano 2003 se corresponde con gasto non obrigatorio, do cal, tan só o 30% está financiado mediante transferencias ou cobros aos usuarios.

Respecto á natureza económica deste gasto, o 77,8% destínase a gasto corrente, en gran medida a gastos de persoal, e o 21,3% restante a gastos de capital en investimentos aos que non están obrigados legalmente. Por sectores céntrase nos servizos persoais e de calidade de vida; a seguridade e protección civil é a que máis porcentaxe absorbe —un 27%—, seguida da cultura —un 25%— da educación —un 9,8%—, e da sanidade —un 4,2%. Finalmente, se analizamos estes gastos de acordo co número de habitantes dos municipios, destaca que son os municipios máis pequenos os que soporan un maior peso do gasto non obrigatorio, que supera nos de menos de 5.000 habitantes o 31% do total do seu presuposto.

Os municipios en España contribuíron con grande esforzo ao proceso de modernización dos servizos públicos máis aló das súas competencias e obrigas propias. Resulta necesario reformular o papel xogado polos gobernos locais dentro do sector público español e abrir unha negociación tendente a establecer as bases para un desenvolvemento ordenado das súas funcións e dos seus recursos. Os ingresos e os gastos das diferentes administracións deben relacionarse co custo das actividades e dos servizos que deban desempeñar en cada caso. É dicir, cómpre buscar sempre o principio de subsidiariedade. O debate sobre esta necesidade leva moito tempo aberto desde diferentes enfoques —pacto local, novo modelo de financiamento local—, sen que ata agora se afrontase o problema de forma decidida e global, en parte polo protagonismo do debate autonómico. A necesidade de que os concellos se sitúen á altura do que debe ser a función local nun Estado moderno do benestar, xunto cos novos retos e coas novas demandas aos que se enfrenta a sociedade actualmente, fan necesaria xa unha actuación definitiva ao respecto.

Características dos municipios galegos

Os concellos galegos non son alleos aos problemas descritos en relación ao conxunto dos municipios do Estado español, ao contrario, as súas características diferenciais respecto daqueles fan que esta problemática sexa aínda máis acusada e que se limiten fortemente as súas posibilidades de darlles resposta ás demandas da sociedade.

Se afondamos na realidade da facenda municipal en Galicia, o total de gasto presupostado polos concellos galegos para o ano 2004 ascendeu a 1.647 millóns de euros, o que equivale ao 3,8% do PIB, e representa un incremento do 6,8% respecto do exercicio anterior. No conxunto do Estado español o gasto municipal ascendeu a un total de 40.234 millóns de euros, un 12,1% máis ca no exercicio precedente, o que se traduce nunha porcentaxe en termos do PIB do 5%, significativamente superior á do ámbito galego —cadro 34.

Cadro núm. 34

Presupostos de gasto das corporacións locais en 2004 (en miles de euros)

	Concellos			Corporacións provinciais	Transferenc. internas	Total CC. LL.	Concellos (€/hab.)	CC. LL. (€/hab.)
	> 20.000 hab.	< 20.000 hab.	Total					
Andalucía	4.351.422	2.673.372	7.024.794	1.882.202	298.625	8.608.371	920	1.127
Aragón	653.636	724.027	1.377.664	222.374	46.079	1.553.959	1.103	37
Asturias	537.697	333.877	871.574	0	0	871.574	812	812
Baleares	555.151	361.068	916.219	319.137	31.942	1.203.415	959	1.260
Canarias	1.201.992	507.694	1.709.686	1.430.106	336.007	2.803.786	931	1.526
Cantabria	260.630	263.046	523.676	0	0	523.676	944	944
Castela e León	1.166.186	1.029.474	2.195.660	720.793	92.249	2.824.205	880	1.132
Castela-A Mancha	591.231	1.126.924	1.718.155	417.649	72.592	2.063.211	929	1.116
Cataluña	4.468.432	2.197.987	6.666.420	778.288	105.674	7.339.034	978	1.077
C. Valenciana	2.401.090	1.632.892	4.033.982	954.618	79.551	4.909.049	897	1.092
Extremadura	283.884	568.756	852.640	242.278	12.416	1.082.503	793	1.007
Galicia	843.864	803.595	1.647.459	442.055	72.674	2.016.840	611	748
Madrid	5.507.586	526.746	6.034.332	0	0	6.034.332	1.045	1.045
Murcia	643.591	262.202	905.793	0	0	905.793	700	700
Navarra	260.794	348.236	609.031	0	0	609.031	1.042	1.042
País Vasco	1.472.335	1.018.867	2.491.202	10.214.392	583.610	12.121.983	1.207	5.872
A Rioxa	145.685	134.445	280.129	0	0	280.129	954	954
Ceuta	196.465	-	196.465	0	0	196.465	2.632	2.632
Melilla	179.537	-	179.537	0	0	179.537	2.640	2.640
Total	25.721.209	14.513.209	40.234.417	17.623.893	1.731.418	56.126.892	938	1.309


Fonte: Dirección Xeral para a Administración Local (MAP). Elaboración propia.

Estas magnitudes, xunto cos datos recollidos no cadro 35, así coma a súa translación ao gráfico 2 para unha mellor valoración, son indicativos da principal característica diferencial dos municipios galegos en relación cos seus homólogos do resto do Estado español: un menor volume de recursos administrados, que se traduce na expresión asociada ao municipalismo en Galicia de raquitismo presupostario. Este menor volume de gasto en termos comparativos é aínda mais acusado canto menor é o tamaño dos municipios. Así, para os de menos de 50.000 habitantes o nivel de prestacións municipais, valorado en magnitudes de euros por habitante, tan só acada o 60% da media nacional. Estas diferenzas mantéñense no tempo e obsérvase unicamente un incremento nas magnitudes per capita nos municipios de menos de 5.000 habitantes, debido fundamentalmente á diminución da súa poboación.

Estas diferenzas en termos de gasto por habitante deben poñerse en relación coa realidade xeográfica, social e económica da maioría dos concellos galegos; isto implica un maior custo da prestación dos servizos municipais polo que as distancias en termos reais aínda son maiores.

Gráfico 2.

Gasto dos concellos por tramos de poboación en 2004
(en euros por habitante)



Cadro núm. 35

Ingresos/gastos dos concellos por tramos de poboación (en euros por habitante)

	1990		1994		1998		2002		2004	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Ingresos										
Menos de 5.000 hab.	112,42	301,96	240,90	470,84	342,73	647,21	458,15	998,15	631,85	1.024,47
5.001-20.000 hab.	170,18	343,84	295,50	464,47	364,45	611,41	489,11	845,00	570,03	987,25
20.001-50.000 hab.	184,41	359,43	314,92	487,08	370,60	615,80	504,63	866,03	597,10	897,64
50.001-100.000 hab.	288,37	364,46	442,61	476,27	526,82	624,98	576,01	883,26	775,56	974,91
100.001-500.000 hab.	259,67	334,46	392,40	455,00	470,63	599,85	621,99	759,03	605,59	827,78
Total	194,61	351,08	328,07	478,66	406,14	632,93	527,08	857,03	618,81	943,82
Gastos										
Menos de 5.000 hab.	112,41	301,26	240,86	469,44	342,46	645,47	456,97	995,03	614,43	1.018,46
5.001-20.000 hab.	170,06	343,01	294,85	460,85	363,55	607,33	483,44	840,87	567,69	978,52
20.001-50.000 hab.	184,41	369,72	314,92	482,80	370,60	611,00	504,63	860,08	592,94	893,06
50.001-100.000 hab.	288,37	364,29	442,61	474,62	526,82	610,59	576,01	881,05	759,90	963,08
100.001-500.000 hab.	259,67	333,88	392,40	451,15	470,63	595,02	621,99	750,41	600,91	823,36
Total	194,56	351,91	327,81	475,72	405,77	628,26	524,86	852,65	611,33	938,20

As causas desta diferenza entre os concellos galegos e os do resto do Estado céntranse principalmente nun factor esóxeno, o efecto negativo que ten nos municipios galegos o sistema de participación nos ingresos do Estado, e outro endóxico, o escaso exercicio da capacidade tributaria por parte dos concellos galegos.

Polo que respecta aos ingresos dos municipios galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema actualmente vixente —modificado a partir do ano 2004 e analizado en *Informes* anteriores—, seguen a primarse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, o cal resulta prexudicial para os concellos galegos que ingresan menos ca no conxunto do Estado. Isto explica en parte as diferenzas anteriores.

Non obstante, a razón principal da menor capacidade de gasto dos municipios galegos radica no escaso exercicio da súa capacidade tributaria. Se analizamos os ingresos por tributos propios dos municipios galegos atopámonos, en termos de recadación en euros por habitante, que presentan magnitudes significativamente inferiores ás dos seus homólogos do conxunto do Estado. Como se recolle no cadro 36, os concellos galegos tan só recadan por tributos propios o 70% da media nacional, se ben esta diferenza se deriva principalmente do comportamento dos municipios de menos de 50.000 habitantes, que tan só ingresan por estes conceptos entre o 45% e o 56% da media nacional, fronte ao comportamento das sete grandes cidades de Galicia con ingresos por tributos similares aos municipios do seu mesmo tamaño no ámbito estatal.

Este menor ingreso por tributos propios dos municipios máis pequenos en Galicia non se xustifica polas diferenzas de capacidade económica dos seus residentes, pola actividade económica desenvolvida no seu territorio ou polos propios servizos municipais prestados. Aínda que nestes factores poida radicar unha parte das diferenzas existentes, ao analizarmos os cálculos do cadro 36, atopámonos con que o esforzo fiscal

Cadro núm. 36
Esfuerzo fiscal Galicia/España

	2000	2001	2002	2003	2004
Galicia					
Tributos propios (en euros por habitante)	222,3	239,6	255,2	278,2	305,0
RFBD/habitante (en euros)	10.504,1	10.956,3	11.350,0	11.947,5	12.656,6
Esfuerzo fiscal	2,12	2,19	2,25	2,33	2,41
España					
Tributos propios (en euros por habitante)	350,6	369,8	397,5	404,8	435,0
RFBD/habitante (en euros)	12.002,8	12.343,0	12.790,3	13.292,3	13.910,7
Esfuerzo fiscal	2,92	3,00	3,11	3,05	3,13
Esfuerzo fiscal Galicia/esfuerzo fiscal España	0,72	0,73	0,72	0,76	0,77

Habitantes: poboación residente o 1 de xullo
RFBD: renda familiar bruta dispoñíbel.

Fonte:

- Dirección Xeral para a Administración Local (MAP). Elaboración propia.
- Fundación Cajas de Ahorros Confederadas para la Investigación Económica e Social.

per capita dos cidadáns galegos, no que se refire á súa contribución aos ingresos por tributos municipais, tan só é do 76% da media nacional. Aínda que durante o período analizado se constata unha tendencia á corrección das diferenzas detectadas, parece evidente que en Galicia se produce o que podemos denominar como *inhibición fiscal* respecto do exercicio da autonomía e capacidade que a normativa vixente lles outorga aos concellos en materia tributaria. No cadro 37 recóllense os tipos impositivos, coeficientes de incremento, e demais variábeis establecidas polos concellos en relación cos

Cadro núm. 37

Nivel de imposición local Galicia/España. 2004

Impostos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Imposto sobre bens inmóbeis						
Rústico (%)	0,54	0,45	0,69	0,34	0,48	0,66
Urbano (%)	0,49	0,54	0,49	0,55	0,52	0,66
Imposto sobre actividades económicas						
Índice de situación - Máximo	1,66	1,18	1,29	1,65	1,55	2,06
Índice de situación - Mínimo	1,06	0,93	1,01	1,23	1,10	1,18
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica						
Turismos (coeficiente de incremento)	1,30	1,19	1,16	1,45	1,32	1,55
Autobuses (coeficiente de incremento)	1,30	1,18	1,16	1,26	1,25	1,52
Camións (coeficiente de incremento)	1,30	1,18	1,16	1,26	1,25	1,52
Tractores (coeficiente de incremento)	1,30	1,18	1,15	1,22	1,24	1,51
Remolques e semirremolques (coeficiente de incremento)	1,30	1,18	1,15	1,27	1,25	1,52
Outros vehículos (coeficiente de incremento)	1,30	1,22	1,16	1,46	1,33	1,58
Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana						
Concellos que o estableceron	38	5	10	35	88	2.980
Porcentaxe anual (1-5 anos)	2,87	2,55	2,67	2,92	2,85	3,17
Porcentaxe anual (ata 10 anos)	2,60	2,51	2,44	2,69	2,62	2,94
Porcentaxe anual (ata 15 anos)	2,40	2,50	2,22	2,53	2,45	2,77
Porcentaxe anual (ata 20 anos)	2,34	2,52	2,22	2,49	2,40	2,69
Tipo impositivo en % (1-5 anos)	21,01	25,41	24,41	24,06	22,85	26,60
Tipo impositivo en % (ata 10 anos)	20,87	25,45	24,41	24,01	22,78	26,40
Tipo impositivo en % (ata 15 anos)	20,75	25,48	24,41	23,92	22,69	26,28
Tipo impositivo en % (ata 20 anos)	20,64	25,52	24,41	23,86	22,62	26,19
Concellos con redución	4	1	5	0	10	465
% Redución	49,07	60,00	45,69	0,00	47,81	43,85
Imposto sobre construcións, instalacións e obras						
Total concellos	94	67	92	62	315	7.586
Concellos nos que se establece	91	61	82	61	295	6.265
Tipo impositivo (%)	2,92	2,33	2,17	2,88	2,74	3,28

Cadro núm. 38

Presupostos de ingresos dos concellos. 2004 (en % sobre o total de ingresos)

Conceptos de ingresos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Impostos directos	26,77	24,99	25,48	29,26	27,16	25,54
Imposto sobre bens inmóbeis	15,31	14,27	15,75	14,95	15,11	14,69
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	5,56	5,41	5,51	6,12	5,71	4,51
Imposto sobre actividades económicas	3,34	3,92	2,34	5,17	3,88	2,78
Outros	2,56	1,39	1,88	3,01	2,47	3,56
Impostos indirectos	6,04	5,92	3,90	5,20	5,51	5,32
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	5,13	5,28	3,01	4,08	4,57	4,52
Outros	0,91	0,64	0,89	1,11	0,94	0,79
Taxas e outros ingresos	16,28	16,67	14,83	18,32	16,81	16,93
Taxas	8,98	11,87	10,33	11,40	10,29	8,38
Prezos públicos e outros	7,30	4,80	4,50	6,93	6,52	8,55
Transferencias correntes	30,41	32,51	35,60	28,51	30,70	26,11
Do Estado	21,82	21,89	23,38	22,14	22,11	17,93
Da Comunidade Autónoma	6,57	10,22	11,40	5,85	7,40	4,39
De deputacións, consellos ou cabildos	1,40	0,05	0,22	0,24	0,71	3,24
De empresas privadas	0,32	0,18	0,30	0,11	0,23	0,18
Resto de transferencias	0,30	0,17	0,31	0,17	0,25	0,39
Ingresos patrimoniais	1,62	0,77	0,92	1,48	1,38	2,53
TOTAL INGRESOS CORRENTES	81,13	80,85	80,73	82,77	81,56	76,43
Alleamento de investimentos reais	3,37	0,99	1,11	2,08	2,38	6,60
Transferencias de capital	9,34	12,07	13,96	10,14	10,50	8,42
Do Estado	0,26	2,60	1,03	1,02	0,91	0,93
Da Comunidade Autónoma	3,08	7,64	5,47	3,99	4,26	4,13
De deputacións, consellos ou cabildos	3,76	1,27	3,15	3,25	3,19	1,63
De empresas privadas	0,58	0,12	0,46	0,29	0,41	0,57
Resto de transferencias	1,66	0,44	3,84	1,59	1,73	1,15
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	12,72	13,05	15,07	12,22	12,88	15,02
TOTAL INGRESOS NON-FINANZEIROS	93,84	93,91	95,80	94,98	94,44	91,45
Activos financeiros	0,10	2,77	0,33	0,27	0,54	0,24
Pasivos financeiros	6,06	3,32	3,87	4,75	5,03	8,32
TOTAL INGRESOS FINANZEIROS	6,16	6,09	4,20	5,02	5,56	8,55
TOTAL INGRESOS	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: Datos presupostarios de entes territoriais. Dirección Xeral de Financiamento Territorial. Ministerio de Economía e Facenda.

seus tributos. Corrobórase así o comportamento diferencial dos concellos galegos, que establecen estas magnitudes moi por debaixo da media nacional.

Á marxe de que estas diferenzas en termos cuantitativos dos ingresos recoñecidos se trasladan á súa capacidade de gasto, os municipios galegos presentan un comportamento do gasto similar ao do resto de municipios do Estado español, agás no maior peso dos gastos de funcionamento dos municipios de menor tamaño –ver cadros 38 e 39.

Cadro núm. 39

Presuposto de gastos dos concellos. 2004 (en % sobre o total de gastos)

Conceptos de gastos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Gastos de persoal	30,88	32,10	33,73	30,51	31,26	29,96
Gastos en bens correntes e servizos	32,72	31,09	30,15	33,77	32,53	27,97
Xuros	1,57	1,28	1,64	2,22	1,75	2,01
Transferencias correntes	5,26	3,60	6,65	4,63	5,00	6,63
A empresas do municipio	0,14	0,00	0,05	0,01	0,07	1,56
A mancomunidades	0,23	0,04	2,58	0,50	0,57	0,74
A consorcios	0,82	0,01	0,02	0,00	0,35	0,51
A empresas privadas	0,51	0,69	0,68	1,10	0,74	0,32
A familias e institucións sen fins de lucro	3,36	2,59	2,99	2,84	3,05	2,76
Resto de transferencias	0,20	0,27	0,34	0,18	0,22	0,74
TOTAL GASTOS CORRENTES	70,42	68,07	72,18	71,13	70,54	66,56
Investimentos reais	23,68	23,80	23,25	20,51	22,64	26,27
Transferencias de capital	1,34	1,40	1,43	1,45	1,40	2,19
A empresas do municipio	0,00	0,05	0,00	0,00	0,01	0,49
A comunidade autónoma	0,18	0,08	0,09	0,09	0,13	0,46
A deputacións, consellos ou cabildos	0,16	0,28	0,31	0,11	0,17	0,16
A mancomunidades	0,02	0,02	0,06	0,22	0,09	0,05
A entidades metropolitanas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,06
A consorcios	0,37	0,00	0,05	0,01	0,17	0,13
A empresas privadas	0,02	0,46	0,13	0,07	0,11	0,16
A familias e institucións sen fins de lucro	0,54	0,48	0,75	0,20	0,45	0,35
Resto de transferencias	0,05	0,04	0,05	0,75	0,27	0,33
TOTAL GASTOS DE CAPITAL	25,02	25,20	24,68	21,96	24,04	28,46
TOTAL GASTOS NON-FINANCIEROS	95,45	93,27	96,86	93,10	94,57	95,02
Activos financeiros	0,10	2,69	0,21	0,27	0,52	0,44
Pasivos financeiros	4,45	4,03	2,93	6,64	4,91	4,55
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	4,55	6,73	3,14	6,90	5,43	4,98
TOTAL GASTOS	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: Datos presupostarios de entes territoriais. Dirección Xeral de Financiamento Territorial. Ministerio de Economía e Facenda.

O pacto local en Galicia

A principios do ano 2006, e despois dun longo proceso que comezou en 1998, a Xunta de Galicia e os concellos galegos, representados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), asinaron o acordo polo que queda establecido o Pacto Local que se aplicará dentro da Comunidade Autónoma.

Este acordo regula dúas liñas principais: o financiamento e o recoñecemento de competencias aos concellos. En materia financeira, e sen renunciar a un Pacto de Estado en materia de financiamento municipal, o acordo contempla a regulación do Fondo

Galego de Cooperación Local para o período 2006-2009, en función do cal se establece unha contía complementaria de 6 millóns de euros para cada un dos anos deste cuatrienio, que pasa a formar parte da base do fondo ao seguinte ano da súa dotación para os efectos de determinar a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma galega.

A porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación dos capítulos I, II e III do presuposto de ingresos da Administración xeral estableceuse no presuposto da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2006 no 2,2544898%. Desta porcentaxe, un 1,8945459% correspóndelle ao fondo principal que será obxecto de distribución entre todos os municipios de Galicia, e o 0,3599439% restante a un fondo adicional que se distribuirá entre os concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes. Estas porcentaxes, xunto coa dotación complementaria, acadan a cifra de 85,15 millóns de euros, aos que se deben engadir no ano 2006 outros 5 millóns de euros da liquidación de exercicios anteriores.

O Pacto Local prevé tamén estudar a creación dun Fondo Galego de Compensación Interterritorial, destinado a paliar os desequilibrios en infraestruturas físicas, económicas e sociais dos concellos máis desfavorecidos, así coma procurar unha solución de futuro para os grupos municipais de intervención rápida (Grumir).

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá os custos de mantemento dos centros de saúde, dos centros de ensino primario e dos Xulgados de Paz e, deste xeito, compensará os concellos cando se aproben normas que poidan supoñer unha minoración nos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos.

En canto ás cuestións competenciais, o acordo establece o inicio das negociacións para que se lles recoñeza ás entidades locais as competencias que, na práctica veñen exercendo, e daquelas outras que se poderían acordar, así coma o financiamento necesario para o seu desempeño con garantías. Este proceso acometerase atendendo aos principios de subsidiariedade, equilibrio territorial e non-incremento do gasto público no seu conxunto como consecuencia do traspaso de competencias.

Finalmente, o acordo contempla a creación inmediata do Consorcio Galego de Servizos de Benestar –coa Vicepresidencia de Igualdade da Xunta– co obxecto de coexistir os centros da rede primaria cando o soliciten os concellos, así coma a representación da Fegamp en determinados organismos do Goberno Autonómico, en concreto na Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), en Augas de Galicia e na futura Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Aínda que este acordo sobre o Pacto Local non é a panacea que lles poñerá fin aos problemas do municipalismo en Galicia, si supón un paso moi importante de cara a situar a función local no lugar que lle corresponde nunha sociedade moderna, cunha correspondencia axeitada dos recursos financeiros dispoñíbeis. Non obstante, a súa concreción definitiva e materialización práctica vai requirir de grandes esforzos, principalmente por parte da Xunta de Galicia que evite que, ao final, quede nunha mera declaración de principios.

As deputacións provinciais galegas

Para rematar coa análise do sector público local en Galicia recolleemos nos cadros 40 e 41 os presupostos das deputacións provinciais galegas para os exercicios 2004 e 2005. As modificacións na estrutura dos recursos cos que contan estas entidades locais, introducida pola Lei 51/2001, do 27 de decembro, de reforma das facendas locais, supoñen o feito máis destacábel ao implicar no exercicio 2005 un cambio na partici-

Cadro núm. 40

Ingresos e gastos das deputacións provinciais. Presupostos iniciais
(en miles de euros)

Capítulos	2004		2005		% variación
	Importe	%	Importe	%	2005-2004
Ingresos					
Impostos directos	13.894	2,98	27.829	5,64	100,30
Impostos indirectos			24.118	4,89	
Taxas e outros ingresos	18.348	3,94	18.793	3,81	2,42
Transferencias correntes	334.317	71,81	328.936	66,66	-1,61
Ingresos patrimoniais	8.956	1,92	7.626	1,55	-14,85
Total ingresos correntes	375.515	80,65	407.302	82,54	8,46
Alleamento investimentos reais	1.442	0,31	783	0,16	-45,72
Transferencias de capital	50.166	10,78	56.525	11,46	12,68
Total ingresos de capital	51.608	11,09	57.307	11,61	11,04
Total ingresos non-financeiros	427.123	91,74	464.610	94,16	8,78
Variación de activos financeiros	2.396	0,51	2.452	0,50	2,31
Variación de pasivos financeiros	36.058	7,75	26.375	5,35	-26,85
Total ingresos financeiros	38.455	8,26	28.827	5,84	-25,04
TOTAL INGRESOS	465.578	100,00	493.436	100,00	5,98
Gastos					
Gastos de persoal	104.033	22,35	112.590	22,82	8,23
Compras de bens e servizos	99.865	21,45	85.910	17,41	-13,97
Xuros	6.861	1,47	7.378	1,50	7,54
Transferencias correntes	49.392	10,61	58.894	11,94	19,24
Total gastos correntes	260.150	55,88	264.772	53,66	1,78
Investimentos reais	118.781	25,51	138.547	28,08	16,64
Transferencias de capital	66.197	14,22	69.574	14,10	5,10
Total gastos de capital	184.978	39,73	208.121	42,18	12,51
Total gastos non-financeiros	445.128	95,61	472.893	95,84	6,24
Variación de activos financeiros	5.522	1,19	5.714	1,16	3,48
Variación de pasivos financeiros	14.908	3,20	14.829	3,01	-0,53
Total gastos financeiros	20.430	4,39	20.543	4,16	0,55
TOTAL GASTOS	465.558	100,00	493.436	100,00	5,99

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cadro núm. 41

Ingresos e gastos das deputacións provinciais. Presupostos iniciais. 2005 (en miles de euros)

Capítulos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos					
Impostos directos	13.188	4.556	900	9.185	27.829
Impostos indirectos	11.293	3.516		9.309	24.118
Taxas e outros ingresos	5.646	6.791	1.031	5.325	18.793
Transferencias correntes	105.226	58.170	70.310	95.230	328.936
Ingresos patrimoniais	4.080	1.283	371	1.893	7.626
Total ingresos correntes	139.434	74.315	72.612	120.941	407.302
Alleamento investimentos reais	689	91	2	1	783
Transferencias de capital	12.269	12.162	12.869	19.224	56.525
Total ingresos de capital	12.958	12.253	12.871	19.225	57.307
Total ingresos non-financeiros	152.391	86.569	85.483	140.166	464.610
Variación de activos financeiros	550	373	150	1.379	2.452
Variación de pasivos financeiros	8.000	18.375	0	0	26.375
Total ingresos financeiros	8.550	18.748	150	1.379	28.827
TOTAL INGRESOS	160.941	105.316	85.633	141.545	493.436
Gastos					
Gastos de persoal	30.869	26.375	22.090	33.256	112.590
Compras de bens e servizos	30.669	15.603	20.886	18.752	85.910
Xuros	2.477	1.580	1.816	1.505	7.378
Transferencias correntes	21.622	4.654	17.352	15.266	58.894
Total gastos correntes	85.638	48.212	62.144	68.778	264.772
Investimentos reais	33.163	50.516	16.118	38.749	138.547
Transferencias de capital	30.261	2.785	4.557	31.971	69.574
Total gastos de capital	63.425	53.301	20.675	70.720	208.121
Total gastos non-financeiros	149.063	101.513	82.820	139.498	472.893
Variación de activos financeiros	2.844	373	468	2.029	5.714
Variación de pasivos financeiros	9.035	3.431	2.346	18	14.829
Total gastos financeiros	11.879	3.803	2.814	2.047	20.543
TOTAL GASTOS	160.941	105.316	85.633	141.545	493.436

Fonte: Xunta de Galicia. Elaboración propia.

pación nos tributos do Estado, que pasa a estar baseada na cesión de parte da recadación líquida do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre o valor engadido imputábel a cada provincia e de determinados impostos especiais. Estes cambios implican que se inclúa o capítulo II de ingresos, *impuestos indirectos*, como unha novidade respecto de exercicios anteriores, agás no caso da Deputación de Ourense, que aínda non adaptara para o dito exercicio o seu presuposto á nova estrutura.

Aínda que a característica mais salientábel é a do seu importante potencial investidor, xa sexa de forma directa ou a través de transferencias de capital, destacan as importantes diferenzas na estrutura do gasto entre os distintos organismos provinciais.

Esta realidade é un elemento máis dos que avalan a necesidade de afrontar de forma decidida, e coa intención de chegar a conclusións definitivas ao respecto, a configuración do papel que desempeñarán estas entidades dentro do sector público galego. Pode que a reforma do Estatuto de Galicia que se vai levar a cabo sexa unha boa escusa ao respecto. Sería unha mágoa estragar esta oportunidade.

O sector público estatal en Galicia

En relación coas actuacións do sector público estatal en Galicia, recolleemos neste *Informe* unicamente os datos relativos aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria en Galicia e ás previsións de investimento do Estado por comunidades autónomas para o período 2004-2008, como elementos máis significativos ao respecto.

Cadro núm. 42

Distribución dos ingresos tributarios líquidos por comunidades autónomas (en miles de euros)

	2003	2004	% variación 2004-2003	% sobre o total de 2004
Andalucía	9.074.372	10.086.896	11,16	7,27
Aragón	2.774.540	2.907.697	4,80	2,10
Asturias	1.871.695	1.958.235	4,62	1,41
Baleares	1.937.577	2.083.064	7,51	1,50
Canarias	1.708.431	1.699.013	-0,55	1,22
Cantabria	1.729.069	1.755.446	1,53	1,27
Castela e León	3.367.963	3.379.599	0,35	2,44
Castela-A Mancha	2.065.849	2.288.518	10,78	1,65
Cataluña	26.872.741	29.346.337	9,20	21,15
C. Valenciana	9.741.971	10.921.154	12,10	7,87
Extremadura	744.737	815.365	9,48	0,59
Galicia	4.433.057	4.571.203	3,12	3,29
A Coruña	2.403.569	2.527.366	5,15	1,82
Lugo	275.142	318.879	15,90	0,23
Ourense	254.010	297.143	16,98	0,21
Pontevedra	1.500.336	1.427.815	-4,83	1,03
Madrid	57.371.395	61.596.429	7,36	44,39
Murcia	1.578.327	1.891.447	19,84	1,36
Navarra	39.571	145.058	266,58	0,10
País Vasco	2.060.700	2.578.383	25,12	1,86
A Rioxa	590.723	642.946	8,84	0,46
Total Estado*	128.053.931	138.755.724	8,36	100,00

O total do Estado inclúe tamén a Ceuta e Melilla.

Fonte: AEAT, *Informe Anual de Recaudación Tributaria 2004*.

No que atinxe aos ingresos líquidos da Administración Tributaria en Galicia —recollidos no cadro 42 para os exercicios 2003 e 2004—, estes tan só representan o 3,29% do total de ingresos recadados no conxunto do Estado e destaca o seu crecemento inferior ao da media nacional. Paradoxalmente son as provincias de Lugo e Ourense as que presentan os maiores incrementos nos ingresos recadados, moi por riba da media do conxunto do Estado.

Finalmente, no cadro 43 inclúense as previsións de investimento do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2004 ao 2008, segundo as previsións recollidas no Presuposto Xeral do Estado para o exercicio 2005. O investimento do Estado en Galicia supón o 6,9% do total do investimento no conxunto do territorio nacional, porcentaxe que se mantén durante o período analizado, agás para o ano 2008 no que as previsións o sitúan no 7,5% do total do investimento do Estado.

Cadro núm. 43

Investimentos do Estado nas comunidades autónomas (en millóns de euros)

	2004	2005	2006	2007	2008
Andalucía	1.210	1.127	1.265	1.193	1.652
Aragón	575	487	523	584	528
Asturias	392	333	374	288	181
Baleares	117	76	98	121	102
Canarias	206	141	173	129	65
Cantabria	154	283	324	185	144
Castela e León	671	615	734	754	759
Castela - A Mancha	410	389	428	542	484
Cataluña	317	284	501	654	708
Extremadura	264	395	377	392	292
Galicia	690	774	878	943	1.065
Porcentaxe / total	6,8	6,9	6,9	6,9	7,5
Madrid	895	1.055	1.158	1.139	1.035
Murcia	235	207	219	281	292
A Rioxa	89	73	66	73	84
C. Valenciana	473	389	341	410	361
CC. AA. de réxime común	6.698	6.630	7.460	7.690	7.751
Navarra	18	15	27	31	27
País Vasco	84	55	80	84	35
CC. AA. de réxime foral	102	70	107	114	62
Ceuta	25	20	15	18	20
Melilla	28	21	17	16	17
Cidades con estatuto de autonomía	53	41	32	34	37
Total rexionalizábel	6.853	6.741	7.599	7.838	7.849
Non-rexionalizábel	2.702	3.837	4.048	4.527	4.976
Exterior	567	660	1.022	1.208	1.329
TOTAL	10.122	11.238	12.669	13.573	14.155

The image is an aerial photograph of a highway interchange, viewed from a high angle. The roads are light-colored and intersect at various angles. A semi-transparent blue grid is overlaid on the entire image, creating a technical or architectural feel. The grid lines are thin and spaced evenly. The text 'IX. Infraestructuras' is centered in the lower half of the image, in a white, bold, sans-serif font.

IX. Infraestructuras

Introdución

Once anos despois de que o *Informe 1993-94* recollera a análise das infraestruturas en Galicia, o presente *Informe* volve facerse eco destas dunha forma sectorial. Os investimentos públicos en infraestruturas naquel momento, aparecían relacionados fundamentalmente coas estradas, onde a Administración central superaba sobradamente a Administración autonómica, debido ao programa das dúas autovías á meseta, cuxa licitación comezaba no ano 1993. A diferenza fundamental coa situación actual, débese ao pulo que se lles está dando aos investimentos no ferrocarril, co comezo dos traballos das primeiras liñas de alta velocidade, a partir de 2002, coincidindo precisamente co final das autovías á meseta.

O Plan que entón dirixía os investimentos públicos en infraestruturas era o PDI (Plan Director de Infraestruturas 1993-2007), elaborado polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente (MOPTMA), no que ás infraestruturas de transporte se unían as hidráulicas e ambientais, de acordo coas competencias que neses momentos tiña este ministerio. A aprobación en 1996 de dous novos ministerios co cambio de goberno, trouxo consigo a desagregación do ministerio anterior no Ministerio de Medio Ambiente, con competencias nas augas, costas, conservación da natureza e calidade e avaliación ambiental, e no Ministerio de Fomento (que recuperaba así o nome que tiña en 1931), con competencias centradas nas infraestruturas de transportes. A partir de entón, desde a Administración central, o carácter director que tiña o PDI de todas as infraestruturas, cun primeiro capítulo relacionado co modelo territorial do que se intentaban colgar as decisións respecto ás infraestruturas, traducirase nunha planificación distinta por parte do Ministerio de Fomento, que non presentará ata finais de século o Plan de Infraestruturas 2000-2007. Igual ocorrerá co Ministerio de Medio Ambiente, que aprobará en xullo de 2001 o Plan Hidrolóxico Nacional, orientado a regular e planificar os recursos hidráulicos, mentres que os investimentos no litoral ou a xestión dos espazos naturais e a avaliación ambiental, terán continuidade coa práctica anterior, despois da aprobación das lexislacións sectoriais da segunda metade dos anos 80.

O cambio de goberno que se produciu en 2004, deu lugar ao Avance do Plan Estratégico de Infraestruturas e Transportes (PEIT) presentado polo Ministerio de Fomento a finais dese ano, e aprobado a mediados do ano seguinte (PEIT 2005-2020), e á derrogación do Plan Hidrolóxico Nacional, con cambios importantes tanto con respecto á consideración das infraestruturas de transportes, coma das infraestruturas hidráulicas. Os novos modelos de financiamento das infraestruturas, a consideración da intermo-

dalidade e a crecente importancia dos temas ambientais son cuestións que van influír nas infraestruturas de transporte. Aspectos como a procura de novas fórmulas financeiras e de xestión das infraestruturas hidráulicas, a nova cultura respecto da auga impulsada pola Directiva Marco da Auga, a aposta por novas técnicas de redución da demanda, de aforro, reciclaxe e desalgamento, van estar detrás dos cambios de consideración con respecto aos ecosistemas fluviais e ás infraestruturas hidráulicas.

No caso de Galicia, as dúas autovías desde a meseta, e as melloras dos accesos ás cidades, concentraron os investimentos da Administración central en estradas deica finais do século anterior, onde os primeiros proxectos da autovía do Cantábrico en Galicia (na etapa entón de estudo informativo), e os primeiros proxectos de novas autovías ou autoestradas para pechar a malla interna entre cidades, ían orientados a comunicar todas as cidades de Galicia por autovía ou autoestrada. Haberá que agardar ao ano 2001, para que un Convenio entre o Ministerio de Fomento, Renfe e a Xunta de Galicia, inicie as transformacións do ferrocarril. A iso sumaranse os investimentos da Comunidade Autónoma, fundamentalmente en estradas, co Plan de Estradas de 1991, ao que se refería tamén o *Informe 1993-94*, que iniciaba a construción das primeiras vías de alta capacidade (vías rápidas, corredores e autoestradas) nun proceso que saltará de escala coas novas autovías resultantes do desdoblamento das vías rápidas, ou coas novas autoestradas impulsadas pola Xunta de Galicia. Desde o punto de vista do ferrocarril, o chamado Plan Galicia, do ano 2003, desbloqueou a transformación do tramo Lubián-Ourense, fundamental para o acceso a Galicia por ese medio de transporte (con dobre vía adaptada á alta velocidade). Así respondíase a unha reclamación da sociedade galega de reducir de catro horas a tres o tempo previsto de chegada do ferrocarril de Alta Velocidade a Galicia. Este plan ou programa de obras, recollía tamén a construción dun ferrocarril de alta velocidade seguindo o litoral cantábrico desde Ferrol, como transformación do actual de vía estreita.

O PEIT 2005-2020 recolleu estas actuacións, respecto á rede de ferrocarril e ás novas autovías de Galicia. Presentouse un debate social sobre o cumprimento dos prazos e dos investimentos para facer realidade os investimentos previstos nun horizonte que non nos leve ao ano 2020, e que non se contradiga cos investimentos doutras comunidades autónomas en materia de infraestrutura de transportes.

Cumpriría dicir, como logo trataremos de amosar coa análise de cada infraestrutura, que estamos, malia os atrasos das obras, nun escenario moi distinto en Galicia daquel no que nos moviamos a comezos dos anos 90, onde aínda existían carencias moi importantes de dotación de infraestruturas de transportes, tanto nas conexións co exterior, coma na rede interior. Respecto ás infraestruturas de comunicación, hidráulicas, enerxéticas e ambientais, producíronse tamén cambios importantes con respecto á situación de comezos dos anos 90, aínda que con carencias aínda importantes en relación coas infraestruturas hidráulicas e ambientais.

Para enmarcar mellor a análise de cada unha das infraestruturas, primeiro presentaremos os cambios que se produciron tanto económicos, coma funcionais, territoriais e sociais nos escenarios de planificación das infraestruturas, con especial referencia aos económicos e a Galicia, obxecto deste *Informe*.

Os novos escenarios económicos da planificación das infraestruturas

Os investimentos en infraestruturas (estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, infraestruturas hidráulicas, ambientais) representan aproximadamente un 55-60% do investimento público e nelas interveñen tanto a Administración central (a través fundamentalmente, na actualidade, dos ministerios de Fomento e Medio Ambiente, e das Empresas Públicas), as comunidades autónomas e as Administracións locais (deputacións e concellos). A participación das distintas administracións no investimento en infraestruturas, foi cambiando nas dúas últimas décadas. A Administración central, descendeu desde porcentaxes superiores ao 50%, a comezos dos 90, a pouco máis do 35% a finais do século anterior, mentres que os Entes Territoriais (comunidades autónomas e Corporacións locais), foron medrando, e situáronse preto do 45%. A redución da porcentaxe da Administración central explícase polo aumento dos investimentos en infraestruturas dos Entes Públicos Empresariais (GIF, hoxe ADIF, Renfe, AENA, Puertos del Estado...) e das Sociedades Mercantís Estatais.

A porcentaxe dos investimentos públicos en infraestruturas con relación ao PIB, foi cambiando tamén. Así descendeu desde niveis superiores ao 3% a comezos dos 90, ata cotas arredor do 2,2% a finais da década, e incrementouse ao 2,4 ou ao 2,7% nos plans de infraestruturas posteriores. En calquera caso, os 18,2 billóns de pesetas que recollía o PDI 1993-2007 (con 13,2 billóns financiados a partir de fontes presupostarias, e o resto extrapresupostarias), convertéronse en 19 billóns de pesetas no Plan de Infraestruturas 2000-2007 (polo tanto nun período menor da metade do precedente), dos que 10 billóns se destinaban a infraestruturas de transporte, e nos 248.892 millóns de euros (equivalentes a 41,4 billóns de pesetas) do actual PEIT 2005-2020, reducido ás infraestruturas e aos servizos de transporte, pero para un período que dobra o anterior.

Os razoamentos que seguen sustentando esta forte aposta polos investimentos en infraestruturas, son os mesmos que recollía o PDI, onde as infraestruturas aparecen como un instrumento fundamental da política territorial e económica do Estado, polo impacto sobre a actividade económica e o emprego (co sector da construción e da obra civil, como principal elemento de arrastre da economía), e pola consideración das infraestruturas como unha condición necesaria para o desenvolvemento económico e para a competitividade do territorio, ao servirille de soporte á actividade económica e social, malia que precisan o acompañamento doutras políticas de índole económica, social e territorial para que ese crecemento sexa real. A existencia de alternativas ao crecemento, apoiadas noutro tipo de investimentos, como a aposta polo desenvolvemento da investigación, polo desenvolvemento tecnolóxico e pola innovación (I+D+i), fixo que desde distintos sectores, mesmo desde a propia Unión Europea, derivado da experiencia doutros países, se lles recomende a aquelas rexións que seguen estando dentro do Obxectivo 1, que aposten por outro tipo de políticas que complementen as de infraestruturas.

O proceso de integración monetaria, asumido polo Pacto de Estabilidade e Crecemento, e o Programa de Estabilidade 2000-2004, limitou a capacidade de endebedamento e impulsou novas fórmulas de financiamento que se viñan debatendo desde comezos dos 90, como reflectía o propio PDI, que non repercutisen no gasto público, á parte de poder ter garantías de financiamento no longo prazo co que se elaboran os plans.

O financiamento extrapresupostario era considerado, por outra parte, como a única vía capaz de xerar recursos presupostarios para financiar a rede ferroviaria de alta velocidade ou para financiar en parte as infraestruturas viarias interurbanas e urbanas. Ademais, o PDI, facíase eco das novas perspectivas de financiamento a longo prazo que permitían o Fondo de Cohesión, en apoio das Redes Transeuropeas de Transporte, introducidas polo Tratado da Unión Europea ou de Maastricht en 1992, para a consolidación do mercado interior, e a cohesión económica e social. Neste Fondo, á parte da Administración central, participan tamén as Administracións autonómicas e as Administracións locais, canalizándose para os municipios menores polas deputacións provinciais a través dos Programas de Cooperación Local.

Polo tanto, ás contribucións, do Estado para o financiamento de infraestruturas, por vía presupostaria, fóronse unindo desde a segunda metade dos 80, os fondos europeos (fondos Feder, fundamentalmente) e a partir do período 1994-1999, o Fondo de Cohesión, representando os primeiros aproximadamente un 80% dos investimentos financiados con fondos europeos. No período 2000-2006, estes fondos ascendían a 62.070 millóns de euros, de tal maneira que as previsións do Plan de Infraestruturas 2000-2007, eran que dos 19,5 billóns de pesetas que totalizaban as actuacións en infraestruturas, 6 billóns fosen financiados con fondos europeos, 10 billóns con recursos presupostarios propios e das empresas públicas, e o resto (3,5 billóns) que os achegase a iniciativa privada investindo nos sectores de autoestradas, aeroportos, telecomunicacións, enerxía e medio.

A contribución presupostaria da administración pode facerse por *vía directa*, a partir do pago directo de certificacións de obra, ou por *vía diferida*, onde nos últimos anos se introduciron distintas fórmulas de financiamento, como o aboamento total do custo ao rematar a obra, o que implica limitacións para non hipotecar exercicios futuros; mediante pagos de anualidades constantes en función da prestación dun servizo; ou mediante as chamadas peaxes na sombra, relacionadas coas infraestruturas viarias, e postas en práctica nalgúns comunidades a partir da segunda metade dos 90, como en Galicia (utilizado recentemente coa transformación das vías rápidas en autovías), onde a administración lle paga un canon ou unha peaxe á concesionaria encargada da construción e da explotación da estrada, en función do tráfico que circule por ela de acordo cunhas condicións que se establecen no concurso previo.

Fronte ás anteriores fórmulas, que son en realidade vías de financiamento presupostarias, a partir dos anos 90 cun pulo crecente apoiado nas sucesivas modificacións da Lei de contratos das administracións públicas (1995, 1999, 2003), fóronse a fórmulas de financiamento mixtas e, mesmo máis recentemente, a fórmulas de financiamento totalmente extrapresupostarias, apoiándose exclusivamente na iniciativa

privada. Os Entes Públicos Empresariais, como o GIF (Gestor de Infraestructuras Ferroviarias), creado pola Lei de acompañamento dos presupostos de 1997 (que comezou ese ano a súa actividade, encargándose das novas liñas de alta velocidade); e as Sociedades Estatais para a promoción de obras hidráulicas, constituídas como sociedades anónimas a partir do capital do Estado, foron os dous instrumentos financeiros e de xestión impulsados pola administración para a construción e xestión das infraestruturas. O GIF, transformado hoxe en Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), a partir da entrada en vigor da Lei do sector ferroviario do 1 de xaneiro de 2005, fará posíbel a separación entre as funcións de construción e xestión das infraestruturas ferroviarias (das que se encargará o ADIF), dos propios servizos ferroviarios, onde Renfe, como un operador máis investirá no futuro só en material móbil e nas instalacións ferroviarias. Daquela, os investimentos en infraestruturas quedan para o Ministerio de Fomento e para o ADIF, que hoxe teñen encomendadas as liñas de alta velocidade de Barcelona, Valencia, Murcia, Andalucía, das que se exclúen as do Noroeste, a excepción das liñas ata Valladolid e Medina del Campo, co túnel de Guadarrama como paso intermedio.

Como Entes Públicos Empresariais pódense considerar tamén o Ente Público Puerros del Estado que a partir da Lei de presupostos de 1998, coordina os investimentos das Autoridades Portuarias, co obxecto de ser autosuficientes, e AENA (Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea), que tamén mantén o obxectivo de autofinanciamento, malia o déficit que xerou a construción do novo aeroporto de Barajas. Como sociedades públicas que non consomen recursos presupostarios, unha vez liberado o aval do Estado para a financiamento no mercado interior e exterior, podemos considerar as concesionarias das Autoestradas dos anos 60 e 70, integradas no Grupo ENA, como a Autoestrada do Atlántico, que supuxeron fortes investimentos do Estado ata moi recentemente, despois da súa privatización no ano 2004.

As autoestradas de peaxe, como fórmula de financiamento privada, viñéronse apoiando na Lei 8/1972 de construción, comercialización, conservación e explotación das autoestradas en réxime de concesión. A garantía respecto do tipo de cambio que lles permitiu ás empresas concesionarias endebedarse en moeda estranxeira, con menores tipos de xuro, ao asumir o Estado os riscos de depreciación da moeda nacional, foi suprimida coas concesións de autoestradas de peaxe de finais dos 90. A Lei de acompañamento dos presupostos de 1997 ampliou o límite máximo da concesión, de cincuenta a setenta e cinco anos, e incluíu a explotación das áreas de servizo.

O PEIT 2005-2020, apoia de forma clara as fórmulas de financiamento público-privadas de infraestruturas, para facerlle fronte á situación presupostaria e á necesidade crecente de novas infraestruturas, ao considerar axeitado o marco xurídico da Lei 13/2003 do 23 de maio, que regula o contrato de concesión das obras públicas, desde unha perspectiva máis ampla que inclúa non só as infraestruturas en xeral (viarias, ferroviarias, portos e aeroportos), peaxes directas, peaxes na sombra, peaxes brandas, explotación das zonas comerciais, como actividades complementarias ás obras públicas, que requiren a potenciación de fórmulas de concertación público privada, como se ve no cadro 1.

Cadro núm. 1**Fontes de financiamento dos investimentos do PEIT**

Tipo de investimento	Fonte de financiamento (%)		% sobre o total
	Presupostado	Extrapresupostado	
Estradas	75,0	25,0	26,8
Ferrocarrís	81,4	18,6	48,0
Aeroportos	2,2	97,8	6,5
Portos	9,7	90,3	9,7
Outras actuacións	27,7	72,3	9,0
Total	59,5	40,5	100,0

Fonte: Ministerio de Fomento, *Plan Estratégico de Infraestructuras y Transportes 2005-2020*.

Na desagregación que recolle o PEIT das fontes de financiamento, vese o cambio de escenario que se produciu nas obras de infraestruturas de transporte impulsadas pola Administración central, onde fronte ao PDI de 1993, que só incluía investimentos extrapresupostarios importantes asociados aos portos e aos aeroportos, e algunhas infraestruturas ambientais concertadas coas comunidades autónomas, o PEIT considera que só un 60%, aproximadamente, vai ser financiado por vía presupostaria, mentres que o resto pasa polas concesións en estradas, e polo autofinanciamento en parte dos investimentos en ferrocarril, a través do ADIF, o autofinanciamento dos portos e dos aeroportos, e a participación do sector privado mediante fórmulas de asociación público-privadas arredor do 20%. O outro elemento que cómpre destacar son os investimentos previstos no ferrocarril (aos que logo nos referiremos en relación cos novos escenarios para o transporte) que superan xa os investimentos previstos para as estradas. No PDI, que constitúe a referencia do *Informe 1993-94* sobre as infraestruturas, os investimentos entón en infraestruturas ferroviarias, apenas superaban o 10% dos investimentos en estradas en 1993, malia que nas previsións do PDI, esta cifra se incrementase a máis do 60%.

As novas esixencias funcionais, territoriais e sociais

O PEIT 2005-2020 comeza cun diagnóstico do sistema de transporte e formula a necesidade dun cambio de rumbo. Desde finais dos 80, España ocupa o primeiro posto en porcentaxe do PIB dedicado ao investimento en infraestruturas de transporte, onde se chegou a valores do 1,7 ao 1,8% de PIB, que duplican a media europea. Nestes momentos é o país de maior dotación de autoestradas e autovías en relación co número de habitantes, só superado por Luxemburgo. Como *déficits* do transporte actual o PEIT destaca o carácter radial da rede de autovías, as notábeis diferenzas de niveis de dotación da rede ferroviaria entre liñas, en termos de calidade e seguridade (onde Galicia

se sitúa nun extremo), a necesidade de adaptar as instalacións e os servizos portuarios ás circunstancias cambiantes da demanda, a necesidade de darlle unha resposta nas áreas urbanas e metropolitanas ao incremento da mobilidade das persoas e das mercancías, e a necesidade de facerlle fronte á maior competitividade do sector do transporte e aos problemas de seguridade. Todo iso unido á Política Comunitaria de Transportes que apoia o reequilibrio entre os modos de transporte, o desenvolvemento de alternativas ao transporte en vehículo privado e ao transporte de mercancías por estrada, xunto coa imputación correcta dos custos de transporte, dentro da estratexia de mobilidade sostíbel emprendida pola Unión Europea.

No PEIT atopámonos con que o sistema de transporte se concibe como unha rede de redes, tanto do lado das infraestruturas coma dos servizos que soportan. Considera necesaria unha visión unitaria das infraestruturas e dos servizos —a través da intermodalidade, que debería ser desenvolvida polos distintos niveis da administración— e dos Entes que proxectan, constrúen ou xestionan as infraestruturas de transporte. O escenario ambiental (restritivo respecto a novas infraestruturas), aparece como contrapunto da planificación ao escenario tendencial, que daría continuidade e culminaría a tendencia pública de investimento en infraestruturas nos últimos anos.

En realidade, a aposta pola intermodalidade estivo presente nos plans anteriores. Deste xeito, o PDI 1993-2007 recollía xa obxectivos intermodais para o conxunto do sistema e plans intermodais de transporte para as grandes cidades, con estratexias de concertación cos concellos e coas comunidades autónomas para resolver os problemas de mobilidade nas áreas metropolitanas e rexións urbanas. No PEIT, estas actuacións inténtanse coordinar a través dos Plans de Mobilidade Sostíbel, coa promoción incluso de medios de transporte non motorizados.

Desde o punto de vista tamén funcional, aínda que tanto os plans estatais coma os autonómicos de infraestruturas de transporte, fan referencia aos gastos de conservación, por exemplo da rede viaria tradicional, a aposta de novas Vías de Alta Capacidade ou de Altas Prestacións que modifiquen a accesibilidade das estradas tradicionais (tipo REDIA), ou a aposta polas liñas de Alta Velocidade estendidas a todas as cidades, forman parte dos plans de infraestruturas de transporte a partir do novo século, desde o Plan de infraestruturas 2000-2007 da administración anterior, ao actual PEIT 2005-2020. A iso unírase a demanda de portos exteriores, ou novas superficie de recheo, que como en Galicia, aumenten a competitividade dos portos, asociada tamén a operacións de integración urbana ou urbanística do porto tradicional na cidade.

Desde o punto de vista territorial, a importancia que teñen as infraestruturas de transporte para o bo funcionamento do sistema territorial e das actividades económicas que se asentan nel, fixo que de forma crecente se formule a modificación das infraestruturas de transporte existentes, como parte dunha estratexia global de ordenación do territorio. A consideración da mellora da accesibilidade como un instrumento de vertebración do territorio, e a asociación da accesibilidade á mellora da competitividade entre territorios e á integración de rexións periféricas nos principais eixes de desenvolvemento económico, está detrás da Política Común de Transporte, e do desenvolvemento das Redes Transeuropeas de Transporte a escala continental, apoiadas en

análise (como os que facía o propio PDI 1993-2007) dos indicadores de accesibilidades rexionais en relación cos eixes mediterráneo e atlántico.

Fronte á política anterior de eixes, tratando de potenciar as áreas metropolitanas e principais corredores de urbanización con infraestruturas especializadas, segundo o modelo que seguía o PDI 1993-2007, a Estratexia Territorial Europea (ETE) de 1999, aposta polo desenvolvemento dun sistema urbano policéntrico máis equilibrado, onde se lles dea unha grande importancia ás redes de transportes, onde as cidades medias e pequenas, como núcleos dunha rede que organiza o territorio europeo, adquiren o seu protagonismo, fronte á política territorial anterior apoiada nas áreas metropolitanas e nos grandes eixes.

Desde o punto de vista das infraestruturas hidráulicas, os aspectos ambientais pasaron a primeiro termo. O rexeitamento do Anteproxecto do Plan Hidrolóxico Nacional (PHN) que recollía o PDI 1993-2007, con novos encoros e transvasamentos, concretouse máis tarde co cambio de administración, na aprobación en xullo de 2001 do Plan Hidrolóxico Nacional, co transvasamento polémico desde o Ebro a Cataluña e ás cuncas do Xúquer, do Segura e do Sur, que será derogado a partir de 2004 pola nova administración, que se recoñecerá nunha nova política de auga apoiada no aforro, na reciclaxe, na conservación dos ecosistemas fluviais, no desalgamento como alternativa ao transvasamento, dentro dunha nova cultura da auga que terá como obxectivo o cumprimento da Directiva Marco da Auga.

Dentro dos cambios na política de infraestruturas, tanto de transportes coma hidráulicas, estiveron os movementos sociais, que nos anos 70 e 80 se inscribiron en movementos máis amplos de oposición ás autoestradas e a novos encoros, e que a partir dos anos 90 se apoiarán nos medios de comunicación, como instrumento principal utilizado polos distintos grupos para impoñer os seus puntos de vista. Hoxe é claramente aceptado polos distintos axentes sociais e partidos políticos, que a prensa ten unha grande influencia sobre as decisións da administración.

A necesidade de que os tempos de planificación, proxecto e construción das infraestruturas de transporte respondan a decisións axeitadas de viabilidade económica e funcional, nas que se teñan ademais en conta as consecuencias territoriais, ambientais e sociais, está detrás dos prazos de estudos e calidade dos proxectos que necesitan as infraestruturas. Indubidabelmente, as decisións sobre os investimentos en infraestruturas (por detraer recursos doutros investimentos públicos), non poden ser alleas ao debate político, sempre que os curtos prazos e as limitacións económicas non se convertan en elementos que desvaloricen a calidade das obras construídas.

Os investimentos en infraestruturas de transporte en Galicia

A Galicia, cunha poboación que equivale ao 6,6% da española e cunha superficie de 5,8%, corresponderíanlle aparentemente investimentos proporcionais á súa poboación. Porén, a súa posición periférica, o feito de atoparse dentro das rexións Obxectivo

1, xunto con outros factores que poderían considerarse compensadores respecto da esixencia de infraestruturas de transporte, como o seu sistema policéntrico de cidades e vilas (á parte da dispersión de asentamentos no rural), ou a súa complexa orografía, fixeron que nos últimos anos o nivel de investimentos en infraestruturas fose superior.

Así, o PDI 1993-2007, recollía investimentos en Galicia en transporte interurbano equivalente ao 8,2% dos investimentos totais, fronte á media do investimento na década anterior, arredor do 6%. Os investimentos do Estado en Galicia nos anos 90, coa construción das autovías da meseta, e a terminación dos tramos de autoestradas, superou en realidade o 8,5%. A nova situación que, porén, se formulou a finais do século anterior, fixo reducir os investimentos en infraestruturas de transporte por parte do Ministerio de Fomento, dentro do Plan de Infraestruturas 2000-2007, ao 6,73%.

Este nivel de investimentos mantívose, ata que o afundimento do *Prestige*, a finais de 2002, desencadeou un movemento social que foi compensado polas infraestruturas incluídas no Plan Galicia, onde a Administración central asumía o compromiso de investir 10.874 millóns de euros, entre o ano 2003 e 2010, e a Xunta de Galicia o investimento de 1.034 millóns de euros en igual período.

Independentemente dos prazos recollidos para as obras incluídas no Plan, é evidente que serviu de revulsivo para os investimentos do Estado e da Comunidade Autónoma en Galicia, respondendo a unha reivindicación política e social. Os investimentos públicos do Estado en Galicia pasaron de ser inferiores a 500 millóns de euros no ano 2000, a dobrar esa cifra en 2004, e triplicarse nas previsións de investimento en 2006 (1.457 millóns de euros), dos que aproximadamente 1.100 millóns de euros corresponden a infraestruturas. No ano 2005, os investimentos en infraestruturas de transporte, por parte do Ministerio de Fomento, achegábanse aos 850 millóns de euros. O seguimento, porén, sobre o cumprimento dos prazos das obras previstas no Plan Galicia durante os anos 2004 e 2005, a través da prensa, e con distintas opinións por parte dos partidos políticos respecto das obras licitadas en cada momento, estivo continuamente presente, sobre todo ata mediados de 2005 no que tiveron lugar as eleccións autonómicas. As diferenzas, por outra parte, entre obra licitada e investimento real, tiveron o seu apoxeo a comezos de 2004, cando en xaneiro se licitou o proxecto e construción da liña ferroviaria de Ourense a Santiago por 742 millóns de euros (paralizado despois co cambio de Goberno), e en febreiro licitáronse 504 millóns para o porto exterior da Coruña, paralizados tamén despois por falta de garantías para o seu financiamento.

Os debates, xa que logo, sobre os investimentos en infraestruturas de transporte formaron parte do debate político, onde o cabalo de batalla foron os investimentos reclamados para o remate do ferrocarril de alta velocidade, tanto o que segue o litoral Atlántico entre Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, como o que remata en Santiago, co tramo máis conflictivo entre Lubián (entrada a Galicia) e Ourense, cun custo soamente neste tramo previsto de 1.700 millóns de euros, equivalente ao custo do AVE do Eixe Atlántico e o de Santiago a Ourense. Se a iso engadimos o resto das liñas previstas en Galicia, recollidas no PEIT 2005-2006, non é estraño que a reclamación do novo

Cadro núm. 2**Licitación pública en Galicia (en millóns de euros)**

	2003	2004	2005
Obra civil	1.239,3	1.897,5	1.717,1
Edificación	416,6	348,0	532,9
Ministerios de Fomento e Medio Ambiente	780,5	1.550,5	844,3
Representación da Administración central	61,5	24,8	63,7
Comunidade Autónoma	477,9	681,7	870,5
Administración local	335,8	320,0	471,6
Total Galicia	1.655,8	2.577,0	2.250,0
% variación sobre o ano anterior	25,7	55,6	-12,7
Total España	26.807,4	31.620,0	39.255,9
% Galicia/España	6,2	8,1	5,7

Fonte: Seopan.

Cadro núm. 3**Licitación de obra civil en Galicia segundo o tipo de obra (en millóns de euros)**

	2003	2004	2005
Transportes	823,29	1.897,46	1.166,48
Urbanizacións	178,59	178,78	215,71
Obras hidráulicas e medio natural	237,32	152,72	334,95
Total obra civil	1.239,20	2.228,96	1.717,14

Fonte: Seopan.

gobierno galego se achegue ao 8% do investimento previsto no PEIT, moi por enriba do peso demográfico e territorial da Comunidade Autónoma. Nos cadros 2, 3, 4 e 5 recóllense os datos máis relevantes.

A diferenza que pode existir entre a obra licitada e a investida, a consecuencia dos prazos das obras, ou a circunstancias excepcionais como se pon de manifesto no ano 2004, poden verse por comparación cos investimentos do Grupo de Fomento.

Durante 2004, dos 354,15 millóns de euros do Ministerio de Fomento, 180,29 millóns de euros destináronse ao ferrocarril e 170,39 á estradas. Aos investimentos da D. X. de Ferrocarrís, do Ministerio de Fomento, uníronse os investimentos ferroviarios en Galicia de Renfe, FEVE e o ADIF, deica completar 239,54 millóns de euros.

Cadro núm. 4**Obra licitada en 2005 segundo o tipo de infraestrutura de transporte**

	Millóns de euros
Estradas	685,61
Ferrocarril	426,40
Portos	54,48
Total	1.166,49

Fonte: Seopan.

Cadro núm. 5**Investimento real en infraestruturas de transportes en Galicia en 2004 do grupo Fomento**

	Millóns de euros
Ministerio de Fomento	354,2
Portos do Estado	109,3
Renfe	52,9
Feve	2,2
AENA	9,7
Sasemar	7,4
ADIF	4,2
Correos e Telégrafos	10,8
Total	550,6

Fonte: Ministerio de Fomento, *Anuario Estadístico 2004 e 2006*.

No caso das obras hidráulicas e ambientais, a participación da Xunta de Galicia respecto da obra licitada é moi importante, de tal maneira que dos 334,95 millóns de euros licitados, a Xunta de Galicia licitou 228,62 millóns de euros.

Estradas

O custo das dúas autovías de acceso a Galicia desde a meseta, ata A Coruña (Autovía do Noroeste) e Vigo (Autovía Rías Baixas), comezadas en 1993, despois do Convenio asinado en 1990 entre o MOPTMA e a Xunta de Galicia, e rematadas en 2002, supuxo un investimento de 325 mil millóns

de pesetas para a construción de 403 km de autovía. Na década dos 90, por parte da Administración central, realizáronse tamén investimentos nos accesos ás cidades de Galicia, como foron no caso da Coruña, os enlaces Este e Oeste da ponte Pasaxe, e o terceiro carril e a ampliación da avenida da Pasaxe, nos que se investiron respectivamente entre 1.500 e 2.700 millóns de pesetas. En Santiago de Compostela as roldas, a ampliación da N-525, e o acceso ao aeroporto, supuxeron investimentos superiores aos 8.000 millóns de pesetas, dos que o acceso ao aeroporto superou os 5.000. En Ferrol o acceso á cidade pola Autoestrada do Atlántico, trinta anos despois da súa concesión en 1972, libre de peaxe (despois de que a concesionaria AUDASA completase o tramo da autoestrada ata Fene inaugurada en 2003) supuxo un investimento de 21.000 millóns de pesetas, que se uniron aos 2.300 millóns do acceso norte a Ferrol, completado a mediados dos 90. En Vigo, o novo acceso ao porto desde a Zona Franca, cun investimento próximo aos 4.000 millóns de pesetas, e o segundo cinto cun investimento duns 10.500 millóns de pesetas, completado en 2005, foron os principais investimentos, mentres que no resto das cidades de Galicia, Ourense e Pontevedra, os investimentos previstos a nivel de proxecto, conexión da N-541, N-550, AP-9 en Pontevedra, cun investimento próximo aos 3.000 millóns de pesetas (segundo cifras de 2001) e a variante norte de Ourense, cun investimento de 6.250 millóns de pesetas, quedaron para a segunda metade da década de 2000, igual que, por exemplo, a terceira rolda da Coruña, ou o novo acceso ao porto de Vilagarcía.

Desde a Administración autonómica —e concentrándonos tamén soamente nas vías especializadas, a través das cales se está transformando a rede anterior de estradas con trazados decimonónicos (aínda que algunhas ampliadas e melloradas nos anos 70 e 80)— o Plan de Estradas de 1991 (en substitución do anterior de 1984), recollía investimentos en vías de alta capacidade (vías rápidas, corredores e autoestradas) por valor de 44.000 millóns de pesetas, equivalentes ao 18% das investimentos previstos para o resto da rede (aproximadamente uns 240.000 millóns).

Nel incluíanse vías con categoría de *Vías Rápidas* (de dous carrís con cruzamentos a distinto nivel), como a vía do Barbanza (Padrón, Ribeira), a vía do Salnés (Corredor AP-9, Sanxenxo-O Grove-e ramal a Cambados), a vía do Morrazo (conexión AP-9 en Rande-Cangas), as dúas primeiras rematadas a finais dos anos 90, e a última rematada a mediados de 2005.

Con categoría de *Corredor* (coa explanada para catro carrís dos que só se pavimentaban dous), previstas polo tanto para un desdoblamento futuro, recollíase o corredor Monforte-Lalín e o corredor Ferrol-Igrexafeita (do eixe Ferrol, As Pontes, Vilalba), só parcialmente construídos.

E con categoría de *Autoestrada*, a Autoestrada AP-55 A Coruña-Carballo, construída en dous tramos desde comezos dos anos 90 e a Autoestrada AP-57 do Val Miñor, como conexión da AP-9 coa AP-52 de Rebullón a Baiona, rematada a principios dos anos 90.

Ata o ano 2000, a Comunidade Autónoma investiu 200.000 millóns de pesetas en estradas, cun grao de cumprimento nas vías de alta capacidade (de case o 90%) e na rede primaria básica (de case o 80%). Este grao é moito menor na rede complementaria e secundaria.

O novo escenario da planificación de estradas que se debuxaba a comezos do ano 2000, incluía as estradas con características de autovías ou autoestradas previstas pola Administración central dentro do Plan de Infraestruturas 2000-2007, como a autovía do Cantábrico (34.000 millóns de pesetas), nesos momentos en estudo informativo redactado, as autovías Santiago-Lugo (50.000 millóns de pesetas) e Lugo-Ourense (45.000 millóns de pesetas), a autovía Verín-fronteira portuguesa (55.000 millóns de pesetas), e a autoestrada de Santiago-Alto de San Domingos (55.000 millóns de pesetas), esta última con concesión autorizada en 1999, cun prazo de 75 anos, dentro das novas condicións de concesión das autoestradas. A elas engadíranse as novas vías de alta capacidade recollidas no Avance do Plan de Estradas de Galicia 2001-2010, que aínda que non chegou a aprobarse, reservaba 14.000 millóns para o desdoblamento das vías rápidas de Barbanza e do Salnés, 12.000 millóns para o corredor do Morrazo, tamén do corredor Lalín-Monforte (3.000 millóns), e mesmo novas vías rápidas ou de alta capacidade que completaban a rede de estradas especializadas da Comunidade, como se ve no cadro 6.

Ademais reservábanse outros 108.000 millóns de pesetas para as melloras na rede primaria básica, complementaria e secundaria.

Como se ve no cadro 7, o Plan Galicia en 2003 recollía as anteriores actuacións do Ministerio de Fomento, propoñía acurtar os prazos e incluía outras dúas.

Cadro núm. 6

Programa de vías de alta capacidade

	Millóns de pesetas
Vía de alta capacidade Ferrol-San Cibrao	13.000
Vía rápida Ares-Mugardos	2.300
Autovía Ferrol-Vilalba	22.400
Vía rápida de conexión de Sada	1.100
Vía de alta capacidade Santiago-Noia	16.000
Vía rápida Cambados-Vilagarcía	3.400
Vía rápida Sarria-Nadela (A-6)	9.000

Fonte: Xunta de Galicia, Avance do Plan de Estradas de Galicia. 2001-2010.

Cadro núm. 7

Actuacións do Ministerio de Fomento no marco do Plan Galicia

	Lonxitude (en km)	Investimento (en millóns de euros)
Anteriores actuacións do Ministerio de Fomento		
Autovía do Cantábrico	85,4	589,0
Autovía Lugo-Ourense	100,0	270,5
Autovía Lugo-Santiago	89,0	332,1
Autovía Aeroporto de Santiago	1,3	2,4
Autovía porto da Coruña	2,3	24,0
Novas actuacións		
Autovía Pontevedra-Autovía Rías Baixas	50,0	480,0
Autovía Chantada-Monforte	31,0	196,0

Fonte: Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Plan Galicia.

Desde o punto de vista da Administración autonómica, ás autovías ou vías rápidas anteriores, engadíranse as autovías Carballo-Baio, AP-52 Celanova-fronteira portuguesa, xunto con actuacións adicionais (Santiago-Brión, Santiago-Pontevedra, Alto de San Domingos-Ourense), e transformacións das estradas da rede primaria básica, e en especial as que melloraban a accesibilidade aos municipios da Costa da Morte, cuns investimentos totais de 527 millóns de euros.

O Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT 2005-2020) asumiu desde o Ministerio de Fomento a construción das novas autovías previstas polo Plan, incluíndoas na categoría de Vías de Altas Prestacións, ás que engadía a Autovía entre Ponferrada e Ourense, a partir da transformación do Acceso Central a Galicia construído a comezos dos anos 80. As obras da autovía do Cantábrico iniciáronse no ano 2005. Está previsto que a finais de 2006 estean licitados todos os tramos, cunha previsión final do custo de 686,9 millóns de euros, licitados en parte mediante o método alemán para facerlles fronte ás dificultades financeiras; as obras pagaránse unha vez rematadas. Da autovía Lugo-Santiago (A-54), aprobouse en 2005 o Estudo Informativo, cunha previsión de custo de 337,2 millóns de euros. Do resto dos tramos das autovías está previsto que os estudos informativos destas se aproben durante 2006.

No caso das autovías impulsadas pola Xunta de Galicia, a mediados de 2005, pouco antes das eleccións autonómicas, adxudicáronse as autovías do Salnés e Santiago-Brión, a primeira resultado do desdoblamento da vía rápida construída na década anterior. Sacouse tamén a concurso o *desdoblamento* da vía rápida do Barbanza (a estrada con maior número de accidentes de Galicia nos dez anos desde a súa execución), cuxa adxudicación —cun presuposto de 100,9 millóns de euros— se atrasará ata comezos de 2006. Trátase dun intento, por parte da nova administración, de mellorar a calidade dos proxectos, a construción e a explotación da nova autovía, fronte aos menores custos cos que se construíran as vías rápidas nos anos 90. O sistema de adxudicación realizouse en

todos os casos mediante a chamada *peaxe na sombra*, onde a administración lle paga á concesionaria unha cantidade anual en función do canon de demanda (número de vehículos que utiliza a vía) ata un máximo que se fixa nas bases do concurso.

O sistema de financiamento foi tamén o elemento que atrasou a adxudicación do segundo tramo da Autoestrada AP-53, entre o Alto de San Domingos e Ourense, despois de que o primeiro tramo se lle adxudicase a unha nova concesionaria denominada Autopista Central Gallega do grupo ENA, na que están presentes as caixas de aforro galegas, coa contribución do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia de 60 millóns de euros respectivamente, dos preto de 310 millóns de euros que custou o primeiro tramo. No segundo tramo, entre San Domingos e Ourense, cun custo de 194,8 millóns de euros, o Ministerio de Fomento xa non quixo participar. Para a súa finalización o goberno galego constituíu en abril de 2003 unha sociedade pública, ACEOUSA, participada con capital da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), dependente da Consellaría de Economía, para a que solicitou un crédito do Banco Europeo de Investimentos (BEI) para financiar o 50% da Autoestrada. Outro 20% subministróuno a propia Comunidade Autónoma, e o resto as Caixas de Aforro.

O chamado modelo galego de financiamento das infraestruturas, no que a administración pública achega unha cantidade que faga viábel a súa construción e lle permita obter á Concesionaria unha rendibilidade derivada da súa explotación, foi o propugnado pola administración autonómica para a construción de distintos tramos de autoestradas, como o segundo tramo da Autoestrada A Coruña-Carballo (a partir de Laracha), onde a administración achega o 85% do investimento, e a concesionaria Audasa o 15% restante, ou a Autoestrada Vigo-Baiona (ou Autoestrada do Val Miñor) onde lle achega o 50% da concesión realizada a AUDASA, integrada no grupo ENA.

Unha actuación significativa, rematada a finais de 2005 por parte do Ministerio de Fomento, foi o segundo cinto de Vigo, entre Balaídos e Bouzas, para enlazar o primeiro cinto coa Autoestrada do Val Miñor e coa AP-9. O viario duns 9,5 km, atravesaba unha área periurbana, o que supuxo un investimento do Ministerio de Fomento de 122 millóns de euros.

Desde comezos de 2004, con precedentes anteriores, viviuse o debate sobre a liberalización das peaxes da AP-9 (Autoestrada do Atlántico) entre a ponte de Rande e Vigo, e na entrada da Coruña desde A Barcala, que foron precedidos pola redución da peaxe para os residentes das áreas urbanas próximas, buscando alternativas incluso na construción dunha nova ponte de Rande. A comezos de 2005, coa proximidade das eleccións autonómicas, as alternativas viarias no caso de Vigo, a construción dunha nova autovía entre Pontevedra e Vigo, e as propostas de liberalización da peaxe en Rande e na Barcala, formaron parte dos debates políticos, que a comezos do 2006 se concretaron no anuncio da supresión das peaxes e da construción da autovía.

En calquera caso, os problemas de mobilidade nas áreas metropolitanas (A Coruña e Vigo, fundamentalmente, aínda que tamén no caso de Santiago de Compostela se presenten problemas), pasaron a primeiro termo e afectáronlles desde finais dos anos 80 aos municipios limítrofes ás cidades. Procuráronse respostas desde plans sectoriais viarios, como os aprobados en 2005 para A Coruña, Santiago e Ferrol, ou como o que

se quere redactar para Vigo. O concurso que se formulou para o Plan Sectorial de Vigo, a diferenza dos anteriores, intenta enfrontarse previamente cos problemas de mobilidade desde unha formulación integral do transporte privado e público. Esta é a vía defendida polos chamados Plans de Mobilidade Sostíbel, recollidos no PEIT 2005-2020, onde as decisións sobre os investimentos en novas infraestruturas viarias, ou na transformación dos medios e infraestruturas de transporte público (incluso de ferrocarril, ao que nos referiremos despois) deberán vir derivadas dos estudos de transporte previos e da coordinación coa formulación urbanística e territorial.

Os problemas de seguridade viaria, pasaron tamén a primeiro termo nos debates que se produciron recentemente sobre a transformación das estradas en Galicia, nun debate amplo que non só lles pode afectar ás características das infraestruturas viarias e á xestión do tráfico, senón que ten connotacións claras nas formas de construción dos bordos das estradas que, en Galicia, teñen a súa singularidade pola forma dos asentamentos e pola atracción que teñen as estradas para a densificación das áreas urbanas que medraron arredor destas, ou para a extensión suburbana apoiada no soporte das propias vías existentes, coa incapacidade de crear novas estruturas urbanas máis alá das urbanizacións dispersas.

Ferrocarrís

As obras do ferrocarril en Galicia executáronse nas últimas décadas do século XIX co sacrificio do aspecto regular da planta ao bo emprego do capital, e coa conseguente economía na execución das obras. Aos tramos das liñas construídas no XIX, á liña de Palencia á Coruña, á liña de Ourense a Vigo e á súa continuidade deica Monforte, e ás liñas que unían Vigo con Pontevedra e Santiago, uniránselle a principios do século XX, a derivación da liña de Palencia desde Betanzos a Ferrol, e nos anos 40 e 50, a liña directa a Galicia entre Zamora, Ourense e Santiago, incluída no Plan Preferente de Ferrocarrís de urxente construción de 1926, pero que terá que agardar máis de 30 anos para a súa conclusión. Igual ocorrerá coa liña coa Coruña e Santiago, rematada en 1943, despois das disputas do XIX entre Santiago e A Coruña polo mellor trazado posíbel. Complétase así a rede de ferrocarrís de Galicia, de cuxa explotación se encargará a partir de 1941 a empresa estatal Renfe. Nos anos 60 rematarase tamén a liña de FEVE (de vía estreita) que desde Ferrol seguirá o litoral Cantábrico. O feito de que en Galicia se encontren o 40% das curvas con raio menor ou igual a 300 m da rede de Renfe, que limitou historicamente a velocidade, con numerosos tramos nos que non se poden superar os 75 ou 80 km/h, unido ás insuficiencias de electrificación e sinalización, amosan o estado no que se atopaba a rede a finais dos 90, cando a preocupación polo ferrocarril (unha vez que se vía o final da terminación de autovías á meseta), comezou a calar na sociedade galega.

Nas dúas décadas anteriores poden considerarse como intentos de mellorar a rede a escala estatal o Plan de Transporte Ferroviario (PTF), aprobado en 1987, co obxecto de modernizar a rede, introducir tramos con vías dobres e variantes a 200 km/h (neses

momentos con ancho Renfe), aínda que as liñas que se estendían ao Noroeste só recollían o desdoblamento das liñas León-Monforte, e a mellora do trazado, co obxectivo de acadar unha velocidade de 160 km/h.

O AVE de Madrid-Sevilla, rematado en 1992, con ancho internacional, despois do debate que se produciu en 1988 sobre o cambio de vía, trastornou as formulacións do PTF, e impulsou as novas liñas de alta velocidade, con ancho internacional, recollidas no PDI 1993-2007. Os accesos ao Noroeste aparecían con ancho Renfe, a partir da actuación estrutural da variante de Guadarrama ata Valladolid, cunha liña radial a 200-220 km/h. A liña León-Monforte mantíñase con velocidade alta a 160 km/h. A continuación desta liña a Galicia realizábase a través das chamadas actuacións complementarias (renovación de vía, rectificación de curvas, instalacións CTC, electrificación, pequenas variantes locais...), coas que se consideraba debía mellorar a velocidade. Curiosamente o PDI fora redactado xa coa consolidación dos Esquemas Directores das Redes Transeuropeas de Transporte e coa modificación do Esquema da Rede de Alta Velocidade de 1990, que se realizara no cumio de Essen; alí figuraba a conexión en alta velocidade entre Vigo, Porto e Lisboa, seguindo o Eixe Atlántico.

O ano 1994 foi tamén o do novo Estatuto de Renfe, que recollía a directriz comunitaria 440/91, na que se establecía a segregación da infraestrutura, cuxa titularidade seguía sendo pública, da xestión do servizo de transporte, co fin de facilitar a participación doutros operadores, proceso que aínda non se establecera. No caso de Galicia o Contrato Programa de Rexionais, establecía unha redución drástica dos servizos (limitándose a un ou dous servizos diarios nas liñas da Coruña-Ferrol, Monforte-A Coruña, Monforte-Betanzos, Ourense-Lubián) e en compensación comprometéase a dotar de novos medios a Galicia para realizar os percorridos rexionais no corredor Vigo-A Coruña. En Galicia o tráfico de viaxeiros por ferrocarril é fundamentalmente rexional (un 83% das viaxes transportadas). O corredor entre A Coruña e Vigo, con 2,3 millóns de viaxeiros, é o que soporta a maior parte das viaxes rexionais (aproximadamente un 2,8 millóns de viaxeiros). O transporte de proximidades é mínimo, e son moi poucos os usuarios das rexións urbanas como A Coruña-Ferrol, ou Pontevedra-Vigo, que utilizan o ferrocarril para os seus desprazamentos diarios. Os novos TRD (Tren Rexional Diario), que comezaron a implantarse na liña A Coruña-Vigo, a finais de 1998, intentan potenciar este percorrido.

O Convenio que en agosto de 1998, se asinou entre o Ministerio de Fomento e Renfe, incluía á parte da compra de novas unidades TRD, 30.000 millóns de pesetas para a mellora da rede, das que máis da metade se destinaban ao Eixe Atlántico, sen posibilidade, polo tanto, de realizar modificacións respecto ao trazado actual, para aumentar a velocidade. Un novo Convenio asinado en novembro de 2000, aumentou esta cantidade a 160.000 millóns (co Estado subministrando 130 e coa Comunidade Autónoma 30). Os investimentos destináronse non só á mellora da rede interior (entre A Coruña e Vigo) —cuxa actuación pasou a denominarse de alta velocidade ferroviaria— senón tamén á rede de alta velocidade, na que se incluíu o tramo Santiago-Ourense a 300 km/h. Desta maneira, segundo o Convenio, recollido no Programa ou Plan de Infraestruturas Ferroviarias 2000-2007 do Ministerio de Fomento, a conexión

entre as cidades do Eixe Atlántico (A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, non se incluía Ferrol) realizaríase con vías electrificadas e alta velocidade (220 km/h), apoiándose en parte no acondicionamento das vías existentes. A súa conexión co exterior realizaríase entre Zamora e Lubián a 350 km/h, e entre Lubián e Ourense, a 120 km/h. Desta maneira, dicíase no Plan, todas as cidades de Galicia quedarían a menos de 4 horas de Madrid.

O debate que se viviu despois sobre o tempo de viaxe con Madrid, nun intento por parte da sociedade galega de reduci-lo a 3 horas, chocou cos investimentos previstos para o tramo Lubián-Ourense de 79.143 millóns de pesetas, da orde da cuarta parte do presuposto necesario para transformar este tramo nunha liña de alta velocidade.

No resto da rede, o Convenio asinado a finais de 2000 prevía a contribución que habería de subministrar cada administración e Renfe en cada anualidade, en millóns de pesetas, segundo se reflicte no cadro 8.

Cadro núm. 8

Convenio entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para a mellora da rede ferroviaria de Galicia (en millóns de pesetas)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Total
Ministerio de Fomento	2.261	14.230	15.565	16.050	16.030	12.895	11.500	9.935	98.466
Renfe	2.613	3.908	5.259	7.247	5.110	3.250	2.570	1.627	31.534
Xunta de Galicia	3.093	4.848	4.179	2.060	1.700	4.000	5.620	4.500	30.000
Total	7.967	22.986	25.003	25.357	22.840	20.145	19.640	16.062	160.000

Fonte: Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia, *Infraestructuras de Galicia para el siglo XXI (Viaría Galicia 2001-2010)*.

O Convenio foi mesmo posto de exemplo polo propio Ministerio de Fomento, como a colaboración que se necesitaba por parte das comunidades autónomas para estender a Alta Velocidade a todas as cidades.

Non foi, xa que logo, ata finais do ano 2000, cando houbo unha aposta clara polo ferrocarril, aínda que co condicionante do tramo Lubián-Ourense, tramo que desatascou o Plan Galicia a nivel de reclamación política, a partir de comezos de 2003 (aínda que sen un proxecto e un financiamento que o apoiase) recollendo así mesmo a prolongación da alta velocidade desde Ponferrada a Monforte, o tramo Lugo-A Coruña, e o ferrocarril do Cantábrico desde Ferrol a Asturias. Son as novas liñas de ferrocarril, xunto coas autovías, as que permitiron reivindicar un discurso de «Galicia cidade única» con todas as cidades de Galicia unidas por autovías e por autoestradas, ou por ferrocarrís de alta velocidade, e uns tempos de viaxe entre elas próximos aos percorridos entre o centro e a periferia das cidades actuais.

Os presupostos e prazos que o Plan Galicia recollía para as distintas liñas de Alta Velocidade aparecen recollidos no cadro 9.

En total equivalía a un investimento superior aos 8.000 millóns de euros, aos que se engadían máis de 500 millóns de euros para a mellora da rede convencional, ata

Cadro núm. 9

Presupostos e prazos recollidos polo Plan Galicia para as distintas liñas de alta velocidade

	Lonxitude (en km)	Investimento (en millóns de euros)	Prazo de finalización
Eixo atlántico (A Coruña-Vigo)	211,8	1.702,7	2007
Ourense-Santiago	82,0	1.001,8	2008
Ourense-Lugo	103,3	364,3	2009
Lubián-Ourense	103,9	1.608,0	2009
A Coruña-Ferrol	68,0	S.D.	
Vigo-Ourense	130,0	817,7	2009
Ourense-Lugo	103,0	364,3	2009
Ferrol-Bilbao (tramo galego)	123,0	1.476,0	2012-2014
Lugo-A Coruña	92,0	780,0	2012-2014

S.D.: Sen definir.

Fonte: Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Plan Galicia.

completar 8.575 millóns de euros do total dos 10.863 previstos de investimento no Plan Galicia.

Todas as liñas programadas foron incluídas despois no PEIT 2005-2020, malia que sen prazos e presupostos. O debate dos prazos asociados aos investimentos, formou parte desde entón da controversia política. A finais de 2005, soamente se investira a metade aproximadamente do presuposto requirido para a liña A Coruña-Vigo (cuxo prazo de finalización se atrasará ao 2009), sen ningún investimento no resto das liñas. A pesar diso, a administración mantén a data da finalización do AVE á meseta a finais de 2010. As cifras anuais de investimento requiridas, situaríanse preto dos 1.100 millóns de euros, soamente para o ferrocarril, nas próximas anualidades. Este é, aproximadamente, o presuposto previsto para o investimento en infraestruturas no ano 2006, do que case a metade se destina ao ferrocarril.

A licitación dos novos tramos da liña Santiago-Ourense a finais de 2005, despois da paralización da licitación inicial dos proxectos e da obras, unida ás dificultades dalgunos tramos desta liña, por causa das expropiacións, e ao custo do tramo Lubián-Ourense, fai que a data de terminación do ferrocarril á meseta poida atrasarse ao 2012 ou 2014. No resto das liñas, incluída a da Coruña-Ferrol, o atraso pode ser aínda maior. Igual ocorre co ferrocarril entre Vigo e Porto, cuxo presuposto estimado é duns 1.230 millóns de euros, e que o goberno portugués renunciou recentemente á súa construción, para concentrar os investimentos nos tramos Lisboa-Porto e Lisboa-Madrid. O ferrocarril, porén entre Vigo e Porto, que xa se incluía a comezos dos 90 nos Esquemas de Redes Transeuropeas, considérase fundamental para potenciar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O ferrocarril entre A Coruña e Vigo, cando se remate en 2009 ou 2010, situará as cidades da Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, en tempos de viaxe entre si duns 20-

25 minutos, propios dun ferrocarril rexional, con frecuencias de servizos de aproximadamente unha hora. Nos dous extremos sitúanse, porén, dúas rexións urbanas A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo, que requiren frecuencias de viaxes próximas á media hora, para que poida competir co transporte por estrada. As frecuencias, unidas aos tempos de viaxe, á calidade e á puntualidade do servizo, son os factores que noutras áreas metropolitanas ou rexións urbanas de igual dimensión, fan que o ferrocarril sexa unha alternativa a outros medios de transporte. A alternativa ao ferrocarril tradicional nestas áreas metropolitanas poderán ser tamén metros lixeiros ou tranvías que aproveiten as vías existentes do ferrocarril tradicional. Esta opción tamén se está estudando en Galicia.

Quedaría finalmente, polas súas repercusións económicas e funcionais, definir o papel do ferrocarril en Galicia en relación co transporte de mercancías, reducido nestes momentos a servizos puntuais relacionados co transporte de madeira, cereais ou carbón, e que foron reducindo o número de servizos e a carga ata as 750.000 toneladas, fronte aos máis de 40 millóns que moven por exemplo os portos en Galicia. A dobre vía coa que se está construíndo nestes momentos o ferrocarril entre A Coruña e Vigo, coa súa futura prolongación a Ferrol, permitiría establecer un tráfico de mercancías entre os principais portos e as áreas industriais de Galicia. A utilización de travesas polivalentes neste tramo, permitirá transformar, no caso no que se considere necesario, as vías actuais de ancho Renfe, polas que poden circular os trens de mercancías, por vías de ancho internacional. O tramo Santiago-Ourense-Lubián-Zamora terá ancho internacional, e de acordo co PEIT, construírse exclusivamente para o transporte de viaxeiros. O debate respecto da posibilidade de que este tramo fose tamén con tráfico mixto (viaxeiros e mercancías, como o do Eixe Atlántico) suscitouse, pero na súa contra argumentouse o aumento dos tempos de viaxe, e o maior custo da construción e mantemento das vías, á parte do atraso que introduciría esta modificación pola transformación dos proxectos redactados. A favor desta opción estaría o aumento da capacidade de distribución dos portos galegos ao interior da península, no caso no que existisen operadores interesados na redución dos tempos de viaxe respecto do ferrocarril tradicional. Ao actuar nestes tempos de viaxe tamén outros factores (como o de que as mercancías pasen arredor do 50% do tempo de viaxe paradas, ou a falta de garantía que ofrece o único operador actual respecto dos tempos de entrega), fixo dubidar da necesidade de reformular esta opción, reafirmando a opción actual do ferrocarril desde Santiago a Madrid, exclusivo para pasaxeiros. Noutras liñas, como por exemplo as do País Vasco, Asturias, Cantabria, Murcia ou Lisboa, o PEIT defende a opción do tráfico mixto, incluída a que segue todo o litoral mediterráneo conectando os portos e as cidades.

Portos

Os cambios introducidos no transporte marítimo a partir da segunda metade do século XX, trouxeron canda si a práctica desaparición do transporte de pasaxeiros, agás por motivos turísticos, a especialización dos buques e dos portos para o transporte de mercancías, e os cambios na xestión dos portos, especialmente a partir da Lei 27/1992

de Puertos del Estado e Marina Mercante (cos portos convertidos en Entidades Públicas, dependentes no caso dos de interese xeral do Ente Público Puertos del Estado). A iso uniuse a competencia entre estes para atraer o tráfico internacional, especialmente o de contedores. Neste escenario, a situación actual dos portos de interese xeral en Galicia, a pesar da súa localización privilexiada, dista moito de ser a axeitada. A área de influencia dos portos de interese xeral en Galicia, é fundamentalmente rexional, ligada ás industrias próximas (refinaría, centrais térmicas, etc.), debido ao débil tecido industrial e ás limitacións do transporte terrestre cara ao interior da península. No caso dos portos autonómicos, a dependencia da pesca e hoxe tamén das actividades deportivas, dótaos dun carácter local, pero cunha incidencia social e territorial importante na poboación dos lugares nos que se localizan.

Desde o punto de vista funcional, o tráfico dos portos de interese xeral en Galicia, sitúase hoxe arredor dos 30 millóns de toneladas, co porto da Coruña, arredor dos 12,6 millóns, concentrados nos crus para a refinaría (7,5 millóns), sen tráfico apenas de mercancías xeral. O de Ferrol-San Cibrao (arredor dos 9,8 millóns, concentrados nos graneis sólidos (7,1 millóns de carbón, chatarra, aluminio). O de Vigo (arredor dos 4,70 millóns), con preto de 3 millóns de mercadería xeral (automóviles e contedores). Os portos de Marín-Pontevedra (1,7 millóns de toneladas) e Vilagarcía (1,13 millóns de toneladas) (con tráfico de graneis sólidos e mercancías reducidas), poden considerarse de carácter local.

A ausencia de tráfico de contedores nos portos galegos (agás Vigo), as carencias de accesos axeitados por estrada e, sobre todo por ferrocarril, a dificultade para medrar polos usos urbanísticos e litorais da súa localización, a posición periférica respecto aos centros de mercancías e produción da península ou internacionais, as carencias de operadores e liñas regulares nos portos malia a súa situación xeográfica, os problemas ambientais como consecuencia das mercancías movidas nos portos, a falta de respostas axeitadas ás relacións porto-cidade, a competencia entre estes e para determinadas mercancías, a falta de criterios de rendibilidade na asignación de recursos públicos e na xestión, son, para o profesor Juan Román Acinas, os principais males que lles afectan aos portos en Galicia.

As respostas que se veñen dando nos últimos anos a esta situación, poderíamos centralas na construción de portos exteriores (no caso da Coruña e Ferrol), grandes superficies de recheo (no caso de Vigo e Vilagarcía), ou transformacións dos usos dos portos, no caso dos portos autonómicos cara a actividades deportivas ou de mellora dos espazos de contacto coas vilas, debido a que a perda da actividade destes portos, se está traducindo en perdas de poboación.

Desde a administración autonómica, en 1994 creouse o Ente Público Portos de Galicia para administrar o sistema de portos non clasificados de interese xeral. A partir de mediados dos anos 80, o Plan de Portos Autonómicos de 1986, orientouse cara á mellora na seguridade da frota pesqueira, prolongando e construíndo diques de abrigo en Burela, Malpica, Cariño, A Guarda. A partir dos anos 90, as actuacións concentráronse nos portos deportivos (Sada, Portosín, Sanxenxo, Pedras Negras, Ribeira) e a construción de lonxas e edificios para os traballos de pesca, xunto con novas obras

de dragado e abrigo, formando parte do Plan de Portos 1990-2000, cun investimento de arredor de 35.000 millóns de pesetas (dos que o 50% se correspondían coas obras de recheo e abrigo), e só unha parte menor (o 5%) se dedicaba ás instalacións náuticas-deportivas. A partir do ano 2000, estas actuacións reorientáronse cara ás actividades náuticas-deportivas (coa pretensión de chegar ás 10.000 prazas de atraque, fronte ás aproximadamente 6.500 actuais) e tamén ás obras de acondicionamento dos medios urbanos, cuns investimentos previstos para o período 2001-2010 de 37.000 millóns de pesetas.

Nos portos de interese xeral, a evolución dos tráfico que se produciu nos cinco últimos anos e que se sinala no cadro 10, amosa un crecemento do tráfico en todos eles, onde os portos galegos pasaron de mover uns 21,4 millóns de toneladas en 1993, equivalentes ao 8,75% do tráfico de mercancías en España, a mover 30,77 millóns de toneladas no ano 2004, equivalente ao 7,5% do total. Delas, os graneis líquidos, 7,33 millóns de toneladas dos 8,53 millóns de toneladas de toda Galicia, aparecen concentrados na Coruña. Os grandes sólidos basicamente en Ferrol-San Cibrao (8,61 millóns de toneladas) e na Coruña (4,43 millóns de toneladas), dos 15,141 millóns de toneladas de toda Galicia. Os contedores reducidos practicamente a Vigo (1,97 millóns de toneladas), e a pesca, de menor importancia respecto do volume de mercancías, pero de grande importancia social cualitativa, concentrada en Vigo (85,7 miles de toneladas) e na Coruña (25,4 miles de toneladas).

Cadro núm. 10

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral do Estado en Galicia (en millóns de toneladas)

	A Coruña	Ferrol San Cibrao	Vigo	Marín Pontevedra	Vilagarcía	Total
2000	12,61	8,50	3,88	1,68	1,00	27,67
2001	11,78	8,73	4,11	1,91	1,02	27,55
2002	13,01	9,25	4,23	2,01	1,16	29,65
2003	12,66	9,07	4,49	1,77	1,17	29,14
2004	13,30	9,90	4,73	1,71	1,13	30,77

Nota: En España móvense hoxe uns 400 millóns de toneladas.

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Fomento, *Anuario estadístico 2004*.

As previsións de crecementos dos tráfico dos portos de interese xeral de Galicia, que publicou o Ministerio de Fomento a finais de 2005, coa consideración polo tanto da construción dos portos exteriores da Coruña e Ferrol, amosan as mesmas tendencias de crecemento do tráfico de mercancías para a participación dos portos da Comunidade Autónoma, perdendo peso mesmo respecto dos portos da península.

Onde está previsto que se produza o aumento máis significativo é en Ferrol, asociado ao aumento das importacións de carbón para a central das Pontes, que superará mesmo o porto da Coruña, como principal porto de mercancías de Galicia.

Cadro núm. 11

Crecedemento futuro do tráfico nos portos de interese xeral do Estado en Galicia
(en millóns de toneladas)

	2007	2010	2020
A Coruña	15,64	15,77	19,18
Ferrol-San Cibrao	14,13	16,44	20,85
Vigo	4,17	5,86	8,42
Marín-Pontevedra	2,89	3,21	4,13
Vilagarcía	1,62	1,77	2,31

Fonte: Ministerio de Fomento.

Ata o comezo da construción dos portos exteriores de Ferrol e da Coruña, en 2002 e en 2005 respectivamente, os investimentos en infraestruturas nos portos de Galicia de interese xeral concentráronse nos últimos anos na ampliación dos peirao existentes, e en novas lonxas (A Coruña e Vigo), como se ve no cadro 12. A partir do ano 2002, coa 1ª fase do porto exterior de Ferrol (hoxe a falta dos accesos e de completar a 2ª fase); co comezo da construción do porto exterior da Coruña, adxudicado a mediados do ano 2005; coa ampliación prevista para o porto de Bouzas, e coa construción dunha plataforma loxística en Salvaterra (con 4.300.000 m²), os investimentos nos portos galegos subiron de escala e intentan competir con outros investimentos nos portos da fachada Atlántica e Cantábrica.

Quedarían, xa que logo, como investimentos próximos a 2ª fase de Ampliación do Porto de Ferrol (33 millóns de euros), xunto cos novos accesos a este por estrada e ferrocarril, a nova terminal de Bouzas (100 millóns de euros), xunto coa plataforma loxística de Salvaterra (180 millóns de euros) e o porto exterior da Coruña (504 millóns de euros), xunto cos accesos por estrada e ferrocarril. Trátase de obras que concentraron recentemente o debate sobre o futuro dos portos de interese xeral en Galicia.

Cadro núm. 12

Principais investimentos realizados nos portos de interese xeral en Galicia entre 1995 e 2005 (en millóns de pesetas)

	Orzamento
A Coruña	
Ampliación do peirao do Centenario	2.092
Nova dársena de Oza	2.396
Nova lonxa de Linares Rivas	2.500
Ferrol-San Cibrao	
Prolongación do peirao Fernández Ladreda	638
Peche norte do peirao Fernández Ladreda	874
Ampliación do porto exterior de Ferrol (1ª fase)	21.481
Vigo	
Ampliación do peirao do Berbés	875
2ª fase do peirao de Guixar	1.548
Nova lonxa	2.312
Vilagarcía	
Ampliación do peirao do Centenario	1.400
Peirao de Comboa	404
Marín	
1ª fase do peirao zona de Placeres	1.364

Fonte: Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia, *Infraestructuras de Galicia para el siglo XXI (Viaría Galicia 2001-2010)*.

A obra portuaria indubidabelmente máis emblemática, unha vez concluída a 1ª fase do porto de Ferrol, cun investimento próximo aos 100 millóns de euros, vai ser o Porto Exterior de Punta Lagosteira, cuxas obras se contrataron a mediados de 2005, cun presuposto de licitación de 504 millóns de euros, pero que incluíndo os accesos e traballos complementarios, está previsto que se incrementen ata os 630 millóns de euros. Deles 257,5 millóns de euros serán financiados pola Unión Europea, con cargo ao Fondo de Cohesión. Está previsto que aproximadamente 150 millóns de euros se financien coa recualificación urbana dos peiraos cedidos (incluído o porto petroleiro, e o de San Diego) como consecuencia do traslado de parte das instalacións ao porto exterior. O resto será financiado pola Autoridade Portuaria da Coruña e polo Ministerio de Fomento. Aos distintos estudos que se realizaron para amosar a viabilidade técnica do porto, foi necesario, polo tanto, subministrarlles os correspondentes á viabilidade económica e quizais tamén funcional, pola dependencia que seguirá tendo do tráfico de crus de Repsol. Por outra parte, a transformación urbanística da fronte da cidade resultante do traslado das instalacións, e a mellora das condicións ambientais do porto como consecuencia do traslado das cargas máis contaminantes (hoxe apoiadas no peirao do Centenario), está tamén detrás da xustificación da nova construción do porto exterior.

Desde o punto de vista funcional, o PEIT 2005-2020 aposta claramente pola intermodalidade portuaria mediante o desenvolvemento de zonas loxísticas naqueles portos con potencialidade para ser nodos de intercambio do tráfico (hub) nacional/internacional, onde os accesos terrestres aos portos son un elemento de grande importancia na cadea intermodal de transporte. Os portos de Galicia teñen a limitación de atoparse, incluso coas previsións futuras de crecemento dos tráxicos, dentro da zona media dos portos españois e, daquela, cun papel limitado como nodos do sistema de transporte de mercancías, ao que se unen os condicionantes das comunicacións co interior da península, sobre todo no que lle afecta ao ferrocarril.

As recomendacións, por exemplo, da Estratexia Territorial Europea de 1999, para coordinar as áreas de influencia (hinterland) dos portos e integralos nas Redes Trans-europeas de Transporte, detraendo incluso tráfico do transporte por estrada, chocan en Galicia coa dispersión das instalacións portuarias, dentro de áreas próximas (das que o mellor exemplo é a construción de dous portos exteriores na Coruña e Ferrol), e a dificultade para establecer ofertas complementarias que pasen pola unidade de xestión de autoridades portuarias próximas. Por outra parte, a dependencia dos portos de Galicia de interese xeral, de industrias situadas nas súas áreas próximas, fai máis difícil apostar por estender a área de influencia cara ao interior da península, asociada a tráxicos como o de contedores, ausente na maior parte dos portos galegos. Esta falta de coordinación, preséntase mesmo na competencia dos portos autonómicos cos de interese xeral por determinados tráxicos de mercancías e por actividades deportivas, aínda que desde a administración autonómica se achegaron propostas para corrixir esta situación, pensando en Galicia como un sistema portuario único.

Aeroportos

En España pasouse dos 50 millóns de pasaxeiros a finais dos anos 70, a máis de 160 millóns na actualidade. Daquela, o crecemento do tráfico aéreo foi progresivo, sendo Madrid, con preto de 39 millóns de pasaxeiros, Barcelona con cerca de 25 millóns, e Palma de Mallorca con 21 millóns, os principais aeroportos nodais (hub) desde o punto de vista do tráfico internacional. Nun segundo nivel aparecen aeroportos como Málaga (12 millóns de pasaxeiros), Alacant (9 millóns), Eivissa (4,5 millóns), Valencia (3,2 millóns), Girona (3 millóns) e Bilbao (3,5 millóns), mentres que o principal aeroporto de Galicia, Santiago de Compostela (1,8 millóns), se sitúan nun terceiro nivel. Non obstante, se lle sumamos ao tráfico deste aeroporto, o tráfico dos aeroportos de Vigo (1,1 millóns) e da Coruña (0,85 millóns), teriamos en Galicia un tráfico de pasaxeiros equivalente ao doutras comunidades autónomas do segundo nivel.

As transformacións dos medios e das infraestruturas de transporte terrestre (estradas, ferrocarrís), están facendo que a área de influencia dos aeroportos se estenda hoxe a distancias próximas aos 200 km, polo que, aínda que os aeroportos máis próximos medran en voos de pasaxeiros de curta distancia, nos voos de longa distancia a frecuencia e a concentración de voos internacionais e nacionais nos principais aeroportos, fan que os rexionais, a pesar da aposta política das Entidades Locais, perdan peso de forma crecente en favor daqueles que ofrecen voos de longa distancia. Esta competencia prodúcese a escala rexional coas decisións dos propios operadores que concentran os voos no aeroporto principal (como ocorre en Galicia con Santiago de Compostela); a escala nacional, onde o aeroporto de Barajas en Madrid, absorbe unha área ampla (sen apenas aeroportos) que inclúe as dúas Castelas; ou a escala internacional, onde os aeroportos portugueses, como no caso de Porto ou Lisboa, compiten cos aeroportos españois. Parece ademais, que canto máis grandes son os aeroportos, máis posibilidades teñen de seguir medrando. Crecemento que aparece potenciado polas melloras nos sistemas de control, aterraxe e engalaxe.

Por outra parte, a nivel internacional as alianzas entre aeroportos buscan a complementariedade e operar en rede, con estratexias para reducir custos. Estas estratexias e alianzas son tamén as que teñen as compañías para evitar competencias entre elas, malia que a recente introdución de liñas de baixo custo, está modificando as tarifas dos voos. Ademais os aeroportos principais non son só infraestruturas de transporte, senón centros de negocios, con empresas directamente vinculadas ao transporte aéreo e outras que se localizan na proximidade do aeroporto polas vantaxes dunhas conexións favorábeis (hoteles, oficinas, zonas comerciais, espazos de lecer,...). Os plans directores de ampliación dos aeroportos reservan espazos crecentes para actividades relacionadas co papel do aeroporto como plataforma de transporte. A construción dos accesos terrestres, autovías e ferrocarrís de alta velocidade, ou liñas de metro para o transporte urbano, parece fundamental para o crecemento do tráfico nos aeroportos. Non obstante, esta non é a situación e as previsións dos aeroportos en Galicia.

O esforzo realizado nos anos 80 de substituír o anterior concepto de aeroporto cidade, polo de aeroporto rexión, recollido por exemplo no Libro Branco do Transporte

de 1980, e que determinou entón que en Galicia se concentrasen a maior parte dos voos en Santiago, por ser o aeroporto de Lavacolla o que reunía maiores condicións de seguridade e posibilidades de ampliación, viuse rebaixado na década seguinte polo crecemento dos voos nacionais nos aeroportos de Peinador (Vigo) e Alvedro (A Coruña), fundamentalmente a Madrid.

É precisamente, a partir de comezos dos anos 90, cando se realizan os maiores investimentos nos aeroportos galegos, coincidentes coa creación de AENA (Aeropertos Españoles y Navegación Aérea) en xuño de 1990. No período entre 1993-2000, no aeroporto de Alvedro na Coruña, investíronse máis de 3.000 millóns de pesetas, destinadas á construción dun novo edificio terminal (rematado en 1994), á urbanización e á ampliación do estacionamento, á dotación e mellora da torre de control e á adecuación, balizamento da pista e do campo de voo. No aeroporto de Lavacolla en Santiago, o investimento superou os 4.100 millóns de pesetas, ampliando a terminal (obra acabada en 1993), a mellora da urbanización e os accesos ao edificio, recreceron as pistas, e a finais dos anos 90, renovouse o ILS, categoría I. No aeroporto de Peinador en Vigo, investíronse tamén neste período, máis de 3.300 millóns de pesetas, cun novo edificio terminal, rematado en 1996, e ampliouse a plataforma de estacionamento dos avións. Tamén se dotou o aeroporto recentemente do sistema de antinéboa ILS II/III.

O crecemento do tráfico de pasaxeiros que se produciu na última década, especialmente nos aeroportos de Vigo e da Coruña, fixo que os tres aeroportos dispoñan hoxe de Plans Directores para a ampliación das terminais, segundo se ve no cadro 13.

Cadro núm. 13

Evolución do tráfico de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia

	1997	1998	1999	2002	2005
Lavacolla	884.837	1.381.782	1.399.267	1.381.826	1.843.211
Peinador	367.825	441.219	620.517	840.007	1.108.718
Alvedro	253.476	367.586	492.642	549.897	852.325

Fonte: Ministerio de Fomento, *Anuario Estadístico*.

No aeroporto de Lavacolla está previsto investir 130 millóns de euros, no período 2006-2010, coa construción dunha nova terminal de pasaxeiros, dun novo estacionamento, e co aumento da lonxitude de pista, co obxectivo de recibir 3,4 millóns de pasaxeiros. No aeroporto de Peinador, despois de implantarse no ano 2005 o sistema de aterraxe antinéboa preténdese ampliar a terminal de pasaxeiros, e ampliar o ancho e a lonxitude da pista de aterraxe a 2.850 m. No aeroporto de Alvedro, o obxectivo máis inmediato céntrase en dotar a súa cara norte do sistema de aterraxe ILS II/III, e ao ser a súa pista de aterraxe a segunda máis curta de España, tómase como obxectivo ampliar a súa lonxitude dos 1.940 m actuais, aos 2.440 m. Esta ampliación, que choca co uso residencial e urbano dos terreos do medio, dentro do municipio de Culleredo (na Área Metropolitana da Coruña), preséntase como un obxectivo complexo, do que

Cadro núm. 14

Características dimensionais actuais dos aeroportos de Galicia

	Lavacolla	Peinador	Alvedro
Distancia á cidade (en km)	10	8	8
Altitude media (en metros)	360	260	90
Superficie (en hectáreas)	301	89	90
Lonxitude da pista (en metros)	3.200	2.400	1.940

Fonte: AENA

depende a aposta futura polo aeroporto de Alvedro. A esta dificultade de ampliación únense os desaxitados accesos actuais, baseados en estradas tradicionais, fronte aos mellores accesos de Santiago e Vigo.

Malia isto, a potencialidade dos aeroportos de Galicia está na súa situación en relación co eixe máis urbanizado de Galicia, no que se inclúen dúas áreas metropolitanas ou rexións urbanas A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra, que concentran poboacións próximas aos 550.000-600.000 habitantes e que aproveitan os aeroportos máis próximos de Alvedro e Peinador, respectivamente, para os seus voos nacionais, dos que aproximadamente o 70% son viaxes de negocios, fundamentalmente a Madrid. Esta situación cambia no caso do aeroporto de Santiago de Compostela, onde as viaxes de negocios non chegan ao 50% e as de ocio son superiores ao 30%. Este aeroporto abrangue a maior parte de Galicia para os voos internacionais (onde compite na área de Vigo con Porto), pero soamente unha parte desta (a área urbana de Santiago, próxima aos 150.000 habitantes, xunto con parte da Galicia interior e litoral) para os voos nacionais, que comparte tamén cos aeroportos de Vigo e da Coruña. Polos datos do tráfico que antes expoñiamos, Lavacolla absorbe arredor do 50% dos pasaxeiros actuais, e os aeroportos de Peinador e Alvedro o outro 50%.

No caso do tráfico de mercancías, a reducida capacidade de carga dos aeroportos e as servidumes dos transportes terrestres, xunto coas esixencias de tempo morto de embarque e desembarque, e cos altos prezos do transporte aéreo, fan que só sexan competitivos en produtos urxentes como os téxtiles, os perecedoiros, ou pezas industriais e produtos rematados.

As estatísticas do Ministerio de Fomento de 2004, respecto ao tráfico de mercancías, amosan que no caso dos aeroportos galegos ten un papel residual (fronte a Madrid, Barcelona, Vitoria), de tal forma que no aeroporto de Santiago, apenas se acadan as 5.000 toneladas, no de Vigo as 1.100 toneladas, (fronte ás máis de 600.000 toneladas que se moven a nivel español). No caso de Galicia trátase fundamentalmente de produtos téxtiles e da industria electrónica e automobilística.

Nun escenario futuro do ferrocarril de Alta Velocidade conectado con Madrid, como nodo distribuidor para os voos internacionais, ou simplemente para as viaxes de negocios que, como dicíamos anteriormente, absorbe o 70% dos voos dos aeroportos de Vigo e da Coruña, é indubidábel que o tráfico nestes aeroportos, e no de Lavacolla vai descender. As experiencias das liñas do AVE construídas en España (Madrid-Sevilla,

onde o tráfico aéreo descendeu o 70%), fan pensar nun escenario no que a especialización e a complementariedade entre os tres aeroportos vai ser necesaria, pensados non ao servizo de cada cidade, senón dunha área urbanizada ou rexión urbana máis ampla, que debe incluír tamén na oferta o norte de Portugal.

O propio PEIT 2005-2020, aposta por estratexias destinadas a optimizar a capacidade dos aeroportos, considerando que o futuro Plan Sectorial do Transporte Aéreo, marcará as directrices para a revisión e actualización dos Plans Directores, para garantir a adecuación das infraestruturas aeroportuarias ás demandas previstas no horizonte de 2020.

Os investimentos en infraestruturas hidráulicas e ambientais en Galicia

A reforma da Lei de Augas de 1985 (Lei 46/1999 de modificación da Lei 29/1985) define no seu artigo 114 o termo obra hidráulica como «a construción ou instalación cuxa finalidade principal sexa a produción, conducción, conservación, regulación, uso ou aproveitamento das augas integrantes do dominio público hidráulico, así coma o saneamento e a depuración, e as que teñan por obxecto a actuación sobre canles e a protección fronte ás avenidas». O título VIII desta reforma de lei, referíase ás «obras hidráulicas de interese xeral», equiparando o réxime xurídico das obras consideradas de interese xeral co resto das obras públicas.¹

As obras hidráulicas de interese xeral considéranse competencia do Estado, e están sometidas de acordo coa Lei de augas de 1985, á planificación hidrolóxica da Admi-

¹ O *Libro Blanco del Agua* (Ministerio de Medio Ambiente, 1998) clasificaba as obras ou infraestruturas hidráulicas en:

- Encoros e obras de derivación. As primeiras orientadas ao encoro das augas, e as segundas a conseguir unha lixeira elevación para facilitar a súa derivación a outros leitos.
- As obras de captación hidrolóxica, apoiadas en pozos e captacións para o aproveitamento das augas subterráneas.
- As obras de conducción, con canalizacións, canles, acuedutos, das que se serviron o abastecemento ás poboacións e a rega.
- As instalacións de tratamento de auga potábel, orientadas ao abastecemento de auga, e de tratamento das augas residuais, orientadas á depuración.
- As instalacións de reutilización das augas residuais, para a súa utilización posterior, e as instalacións de desalgamento de augas de mar.
- Os aproveitamentos hidroeléctricos, apoiados en grandes encoros de auga, e que nas últimas décadas se apoiaron tamén en pequenos encoros.
- As canalizacións e a defensa das marxes, para dotar os ríos de maior capacidade de transporte, por aumento da sección.

nistración central, que implica a elaboración dos Plans Hidrolóxicos de Cunca, e o posterior Plan Hidrolóxico Nacional, de tal maneira que toda actuación sobre o dominio público hidráulico deberá someterse á planificación hidrolóxica. A necesidade da planificación apóiase na racionalización da xestión dun recurso escaso. A competencia para elaborar Plans Hidrolóxicos de Cunca é do Estado cando lles afecta a cuncas intercomunidades e das comunidades autónomas cando lles afecta a cuncas interiores á Comunidade. A unidade de xestión, segundo a que se consideran públicas tanto as augas superficiais, coma as subterráneas, foi introducida pola Lei de augas de 1985 e rompe coa tradición da lexislación anterior.

O territorio actual da Comunidade Autónoma de Galicia aparece incluído en tres cuncas hidrográficas:

- *A cunca Norte I*, dos ríos do Norte intercomunidades, que verten en Galicia (o Sil e o Miño fundamentalmente), que xunto coa do Norte II, dos ríos que verten en Asturias e Cantabria, a Norte III dos ríos que verten no País Vasco, son xestionadas pola Confederación Hidrográfica del Norte, dependente do Ministerio de Medio Ambiente.
- *A cunca de Galicia-Costa*, que inclúe as cuncas dos ríos que non superan o territorio da Comunidade. A xestión desta cunca foi transferida ao organismo Augas de Galicia mediante o RD 1870/1985 e 2792/1986, nos que se traspasaban as funcións e os servizos do Estado ás comunidades en materia de abastecemento de auga, saneamento, canalizacións e defensa de marxes de ríos.
- *A cunca do Duero*, que lle afecta á parte sueste de Galicia, fundamentalmente debido ao río Támega, afluente do Duero.

En calquera caso, como logo veremos nos investimentos das obras de interese xeral, a administración hidráulica é unha administración concorrente entre a administración central e a autonómica, onde as comunidades autónomas, con competencias en augas, medio ambiente e ordenación do territorio, interveñen tamén nas obras de interese xeral. A lexislación comunitaria en materia de augas e o feito de compartir cuncas de ríos con Portugal, introduce ademais como aspecto de grande importancia o contexto internacional.

As sucesivas transformacións da Lei de Augas de 1985, foron incorporando a partir de finais dos noventa as formulacións da Directiva Marco. A modificación da Lei de augas do ano 99 (Lei 46/1999) foi refundida no texto definitivo do RD 1/2001 do 20 de xullo, e novamente na versión do ano de 2004, que xa incorpora preceptos da Directiva Marco, coa obriga de redactar novos Plans Hidrolóxicos de Cunca.

O Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa foi aprobado polo RD 103/2003 do 24 de xaneiro, de acordo coa Lei de augas de 1985, pero non aparecían xa algúns datos sobre a situación das augas en Galicia. No ámbito do Plan, establececiase un uso consuntivo de 899 hm³ no que o regadío era o uso principal e tiña unha demanda anual de 549 hm³ para unha superficie de regadío de 64.856 Ha. Desta auga, practicamente a metade destinábase a prados, mentres que un 39% se destinaba a cultivos forraxeiros e cereais, e tan só o 8% aos demais cultivos.

Ao uso urbano de abastecemento de auga á poboación correspóndelle unha demanda de 227 hm³/ano. En último lugar sitúase a demanda de usos industriais, cun valor de 123 hm³/ano, dos que 45,7 hm³/ano lles corresponden aos consumos de refrixeración das centrais térmicas de Meirama e das Pontes. Os datos, en calquera caso, nos que se apoiaba o Plan Hidrolóxico para coñecer a situación do abastecemento e do saneamento de auga nas poboacións de Galicia, eran da segunda metade dos anos 80, polo que de forma tan tardía como o ano 2001, se aprobou o Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015, e ata o ano 2003, Augas de Galicia, non contratou a asistencia técnica para a elaboración do Plan de Abastecemento de Galicia.

A situación que expoñía o Plan de Saneamento de Galicia era que aproximadamente o 80% da poboación estaría afectada por este Plan. Como criterios recollidos para solucionar o saneamento e darlles prioridade aos investimentos sinalizábanse a obriga de sistemas de saneamento unitarios nas poboacións superiores aos 1.000 h. Igualmente estabelecíanse distintos sistemas de depuración en función do tamaño da poboación e do medio acuático receptor.

As previsións que facía o Plan de Saneamento 2000-2005 dos investimentos necesarios desagregábanse en tres partes:

- **Fondos que proveñen dos Presupostos Xerais do Estado.** Achegados polo Ministerio de Medio Ambiente que financia o 85% das obras declaradas de interese xeral, salvo o saneamento da cunca do Louro. Nela incluíanse como actuacións de interese xeral o saneamento do Río Louro (cun investimento do 100%), a mellora do saneamento de Lugo, a mellora do saneamento de Ourense, a mellora da depuración e vertido da Coruña, e a depuración do vertido de Ferrol, todas elas cunha contribución do 85%. O total dos investimentos necesarios cifrábanse en 31.000 millóns de pesetas.

- **Fondos da Administración local (deputacións e concellos).** O plan consideraba que estes organismos debían subministrar os investimentos en núcleos illados (estimados en 32.000 millóns de pesetas), e que ademais deberían achegar o 25% das actuacións das aglomeracións urbanas non consideradas de interese xeral, en concepto de mellora ou ampliación de redes (50.000 millóns de pesetas).

- **Fondos de Augas de Galicia.** O seu investimento cifrábase en 138.000 millóns de pesetas. Nesta cantidade englobábase o 15% das obras declaradas de interese xeral, e o 75% das actuacións de aglomeración urbana.

Os investimentos totais previstos polas tres administracións eran de 250.000 millóns de pesetas.

As previsións do Plan de Saneamento foron incorporadas ao documento inicial do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, que a Consellaría de Obras Públicas, Política Territorial e Vivenda viña ideando desde o ano 1997 e que chegou a un documento final a mediados de 2000. Nel incluíanse actuacións orientadas ao abastecemento e ao saneamento das poboacións (obxectivo principal do Plan), a preservar os desbordamentos e as inundacións, á mellora das marxes e recuperación de medios degradados, xunto co deslinde hidráulico, coa ordenación hidráulica e coa mellora dos regadíos.

O documento redactouse coa intención de incorporar parte destas actuacións ao Plan Hidrolóxico Nacional.

As actuacións máis relevantes desde o punto de vista do saneamento e da depuración de augas residuais son as que aparecen no cadro 15.

Así mesmo o plan, incluía o saneamento e a depuración da maior parte das vilas e das cidades de Galicia, cunha data de remate que estaba arredor de 2005-2006, aínda que o Plan Hidrolóxico tiña como data 2017. Como obras máis emblemáticas para resolver os problemas das inundacións acometeuse, na segunda metade dos 90 o desvío do Sar en Padrón, e o encoro de Caldas de Reis, para diminuír as inundacións periódicas do río Umia nesta vila, e destinada tamén ao aproveitamento hidroeléctrico.

A situación actual do saneamento das cidades e das vilas de Galicia foi reflectida periodicamente pola prensa, con actuacións como as das ría do Burgo, na área metropolitana da Coruña, que se foron atrasando no tempo; na ría de Vigo, que a pesar dos colectores e da nova depuradora no río Lagares, rematada en 1997, se amosou clara-

Cadro núm. 15

Actuacións máis relevantes de saneamento e depuración de augas residuais

	Investimento (en millóns de pesetas)
Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Pontevedra	1.200
Saneamento integral da ría de Vigo, onde se facía referencia aos colectores e a EDAR do río Lagares (a piques de rematarse)	18.000
Saneamento da cidade de Lugo	2.700
Estación depuradora de augas residuais de Ferrol	12.000
Plan de depuración da ría da Coruña, do Burgo e das zonas limítrofes	13.000

Fonte: Consellaría de Obras Públicas, Política Territorial e Vivenda, *Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015*.

Cadro núm. 16

Obras de saneamento cofinanciadas pola Confederación Hidrográfica del Norte e por Augas de Galicia

	Investimento (en euros)	% investimento Augas de Galicia	Data de inicio
Estación depuradora da Coruña	78.013.468	15	17/09/2003
Emisario terrestre ata o cabo Prioriño	55.804.440	15	17/09/2003
Estación depuradora de Ferrol en cabo Prioriño	33.911.751	15	19/09/2005
Saneamento e EDAR de Lugo	39.050.192	15	20/09/2005
Colectores xerais do río Miño en Lugo	339.120.066	15	16/11/2004
Saneamento de Lugo	19.773.570	15	10/06/2001
Terminación saneamento do río Louro	18.114.505	15	09/07/2001
Saneamento de Ourense	17.315.159	15	09/07/2001

Fonte: Augas de Galicia.

mente insuficiente. Igual ocorreu coa depuradora de Silvouta en Santiago de Compostela. O número de vilas do litoral que nestes momentos non teñen depuradora é insuficiente e, ofrece unha situación preocupante que incumpre coa propia directiva Europea 91/271/UB. Esta obriga aos núcleos maiores de 2.000 habitantes a dispoñer de depuradoras a partir de xaneiro de 2006, despois de que a propia normativa obrigara xa desde 2001 os maiores de 15.000.

Os convenios actuais entre a Confederación Hidrográfica del Norte e Augas de Galicia, asinados a partir de 2001, reflicten a participación das administracións autonómicas e estatais, e o estado de investimentos en Obras de Saneamento.

Á parte de colaborar no financiamento das obras declaradas de interese xeral, Augas de Galicia realiza investimentos en obras de abastecemento e saneamento dos municipios, ben directamente, ou por convenio cos concellos e coas deputacións, en relación co abastecemento de auga ás poboacións.

Os presupostos investidos nesta liña no período 2000-2006 recóllense no cadro 17.

Cadro núm. 17

Investimentos de Augas de Galicia en obras de abastecemento e saneamento dos municipios de Galicia. 2000-2006 (en millóns de euros)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Saneamento	65,22	45,57	6,71	17,78	38,14	46,38
Abastecemento	27,64	26,52	3,05	3,05	1,67	5,28
Transferencias á Confederación Hidrográfica del Norte	0,60	2,60	43,97	53,15	13,94	14,23
Transferencias a concellos e deputacións	1,20	0,60	25,07	20,83	1,84	5,01

Fonte: Augas de Galicia.

Neste cadro vese a variación dos investimentos realizados anualmente en abastecemento e saneamento de auga, asociados fundamentalmente ás transferencias á Confederación Hidrográfica del Norte (CHN) para obras de saneamento de interese xeral e as transferencias aos concellos e ás deputacións, asociadas a obras de abastecemento. Cómpre sumarlles as partidas anteriores dos gastos de carácter inmaterial, que nos dous últimos anos se situaron preto dos 7 millóns de euros. A previsión da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia é que se van investir da orde de 100 millóns de euros para 23 depuradoras nas vilas do litoral, con presupostos que superan en case todos os casos os 2 millóns de euros e que o fan amplamente nalgúns casos como en Aguiño-Ribeira (11 millóns), Mugaros-Ares (16,4 millóns) ou Tui (23 millóns).

Respecto a estas, á parte das citadas, dentro das previsións das Confederación Hidrográfica del Norte e Augas de Galicia, está a nova depuradora de Vigo, que a falta aínda dunha localización axeitada, se presuposta nuns 100 millóns de euros.

No cadro 18 vense os escasos presupostos investidos en obras hidráulicas, fronte a outras rexións como Andalucía, pola necesidade de obras de regulación e rega. Porén, esta proporción aumenta en obras de abastecemento e saneamento por enriba dos

Cadro núm. 18**Investimentos en medio natural da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e da Confederación Hidrográfica del Norte en Galicia (en millóns de euros)**

	2002	2003	2004
Obras hidráulicas			
Galicia	33.514	77.305	62.487
España	923.644	1.334.929	1.226.599
% Galicia/España	3,6	5,79	5,09
Recursos hidráulicos			
Galicia	4.351	21.148	19.464
España	646.141	1.015.132	920.041
% Galicia/España	6,73	2,08	2,11
Infraestruturas urbanas, saneamento e calidade do auga			
Galicia	29.163	56.157	43.023
España	277.503	319.797	306.558
% Galicia/España	10,51	17,56	11,77

Fonte: Ministerio de Fomento, *Anuario Estadístico 2004*.

valores que lle corresponderían pola súa superficie e poboación e fai fronte á regularidade dos asentamentos urbanos.

No cadro 19 vense investimentos da Comunidade Autónoma de Galicia, fundamentalmente en obras de abastecemento e saneamento, superiores á proporción da súa poboación.

Cadro núm. 19**Investimentos en infraestruturas e obras hidráulicas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia (en millóns de euros)**

	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Galicia	78.300	84.574	78.859	64.053	62.919	83.918
Total de comunidades autónomas	730.242	759.986	743.148	872.390	1.030.292	1.105.452

Fonte: Ministerio de Fomento, *Anuario Estadístico 2004*.

As infraestruturas ambientais inclúen as infraestruturas hidráulicas orientadas ao saneamento e á depuración das augas residuais, conxuntamente co tratamento de residuos sólidos e lixos. Porén, en Galicia –cunha superficie litoral entre a ría do Eo e a desembocadura do Miño de 1.195 km que a fai a maior de todas as comunidades autónomas– as intervencións na costa, en parte de urbanización, e en parte de rexeneración ambiental teñen un especial significado, como para considerala aquí como o outro gran capítulo das infraestruturas ambientais.

Se non se teñen en conta os labores realizados para a limpeza e a restauración do litoral a partir da catástrofe do *Prestige* en novembro de 2002, os presupostos investidos pola Dirección Xeral de Costas, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, nas distintas provincias de Galicia, foron segundo datos da Demarcación de Costas da Provincia da Coruña, os que se recollen no cadro 20.

Cadro núm. 20

Investimentos en Galicia da Dirección Xeral de Costas (en miles de euros)

	2001	2002	2003	2004	2005
Segundo datos da Demarcación de Costas da Provincia da Coruña					
A Coruña	9.280	10.999	10.934	15.008	17.941
Lugo	5.572	6.004	9.086	3.458	5.545
Pontevedra	1.197	3.826	4.256	3.229	1.963
Segundo o Ministerio de Medio Ambiente					
A Coruña			87.974	28.508	
Lugo			9.087	3.459	
Pontevedra			4.256	3.230	

Fonte: Ministerio de Fomento, Demarcación de Costas da Provincia da Coruña, *Anuario Estadístico 2004*.

Vemos que coinciden no caso das provincias de Lugo e Pontevedra. A diferenza prodúcese na Coruña, pola importancia que tiveron nesta provincia os investimentos realizados para a limpeza do fuel do *Prestige* a partir do ano 2003. Durante este ano acometeuse a fase I de limpeza xeral do litoral, mediante a recollida de fuel con procedementos manuais. Foi a fase que mobilizou a voluntarios de toda España e xerou unha reacción social como consecuencia das dimensións da catástrofe ecolóxica. Na fase II, que se iniciou tamén nese ano, acometeuse a limpeza especializada de praias, rochas e zonas sensíbeis, incluída a retirada de nivel do fuel enterrado e a limpeza con auga a presión dos tramos rochosos, prolongados ao longo de 2004. Foi neste ano cando se iniciou a rehabilitación e recuperación ambiental do litoral: o Ministerio de Medio Ambiente formou así un Comisionado para as actuacións derivadas do *Prestige*. Dentro destas actuacións, en Galicia, durante o período 2003-2005, investíronse aproximadamente 150 millóns de euros nos labores de limpeza e restauración, dos que aproximadamente a metade deste presuposto, se investiu durante 2003.



**Últimos títulos
publicados**

Últimos títulos publicados

Colección Monografías

GARCÍA ARIAS, Ana Isabel: *Análise da cadea da madeira en Galicia a través das Táboas Input-Output* (Serie Documentos de Economía, 22), 2004.

CARAMÉS VIÉITEZ, Luis: *Solidaridad interterritorial en España: una aproximación a la balanza fiscal de Galicia* (Serie Documentos de Economía, 23), 2004.

DE LA FUENTE, Ángel: *Capital humano, crecimiento y empleo en las regiones españolas* (Serie Documentos de Economía, 24), 2005.

MAIXÉ, Joan Carles (dir.): *El ahorro de los gallegos. Orígenes e historia de Caixa Galicia (1876-2002)*, 2004.

LABARTA, Uxío (dir.): *Bateiros, mar, mejillón. Una perspectiva bioeconómica* (Serie Estudios Sectoriales), 2004.

JIMENO, Juan Francisco (dir.): *La reforma de las pensiones. El papel de los mercados financieros*, 2005.

GARCÍA GONZÁLEZ-LLANOS, Aureliano: *La náutica de recreo. Un sector emergente de la nueva economía gallega*, 2005.

PRADA BLANCO, Albino (dir.): *Beneficios y costes sociales en la conservación de la Red Natura 2000*, 2005.

MAS IVARS, Matilde (dir.): *Gasto de las familias en las comunidades autónomas españolas. Pautas de consumo, desigualdad y convergencia*, 2006.

Colección Publicacións Periódicas

OBSERVATORIO Inmobiliario. Número 5, 2006.

INFORME de Conxuntura da Economía Galega, Primeiro trimestre, 2006 (Serie Conxuntura Económica).

A ECONOMÍA GALEGA. Informe 2005 (Serie Informes Anuais), 2006.

